

# Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)

---

Director do Proxecto

Modesto Hermida

Edición, introducción e notas

Rafael Adán Rodríguez

Eulalia Agrelo Costas

M<sup>a</sup> Teresa Araújo García

Alexandra Cabaleiro Carro

Xabier Campos Villar

Isabel Mociño González

M<sup>a</sup> Teresa Monteagudo Cabaleiro

Mario Romero Triñanes

M<sup>a</sup> Isabel Soto López

**Edita**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA  
A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria**

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

**Director Xeral de Política Lingüística**

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

**Responsables da edición**

Rafael Adán Rodríguez  
Eulalia Agrelo Costas  
M<sup>a</sup> Teresa Araújo García  
Alexandra Cabaleiro Carro  
Xabier Campos Villar  
Isabel Mociño González  
M<sup>a</sup> Teresa Monteagudo Cabaleiro  
Mario Romero Triñanes  
M<sup>a</sup> Isabel Soto López

**Coordinador**

Modesto Hermida

**Coordinador Científico**

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Literatura**

ANXO TARRÍO VARELA

**Realización**

*Grafínova, s.a.*

ISBN: 84-453-3736-X

Dep. Legal: C. 2.747/2003

# Presentación



Ó abeiro do proxecto de *Narrativa Recuperada* que se desenvolve no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e a xeito de colofón do traballo xa realizado nunha representativa serie de títulos, presentamos agora, neste groso volume recopilatorio –*Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*– as narracións curtas dunha longa nómina de autores que só ocasionalmente ofreceron algunhas mostras no eido do relato breve. Trátase de textos espallados por páxinas de revistas e xornais e hoxe de difícil acceso, reunidos agora por vez primeira.

Considerouse, por parte dos responsables do proxecto, que para a edición deste conxunto de autores –edición para a que aínda era preciso un certo esforzo investigador– viña moi ben a configuración dun equipo suficiente que fose capaz, no menor tempo posible, de levar a bo porto este traballo. De tal maneira, ese equipo, coordinado polo profesor Modesto Hermida, constituíuse con todos os estudiosos que, no seu día, foran responsables da edición dalgún dos títulos xa publicados.

O froito deste esforzo é o libro que tes nas mans, lector; un compendio de pezas narrativas breves, de desigual calidade pero de coñecemento imprescindible para os interesados no tema, así como a información sobre ese ben poboado núcleo de autores, na súa maioría pouco coñecidos, de todo descoñecidos nalgún caso, dos que se dá noticia máis ou menos cumprida segundo resultaron os esforzos da investigación. Daqueles escasos personaxes que alcanzaron notoriedade por motivos alleos á súa creatividade como narradores, tan só se facilita unha síntese biobibliográfica.

En todo caso, é unha satisfacción para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegar, outra volta, esta nova publicación, chea de minuciosa información, que lle pon vizoso ramallete á primeira xeira do proxecto *Narrativa Recuperada*.

*Celso Currás Fernández*  
*Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria*



Introducción necesaria





O volume que tes nas mans, lector, *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, concibímoloo como un traballo de equipo, concepción tan xustificable pola amplitude do mesmo coma polo desexo de lle pór cabo a unha fase do proxecto **Narrativa recuperada** coa participación de todos aqueles estudiosos que xa nos teñen achegado, para o mesmo proxecto, a edición doutros autores da mesma época, pero de maior alento narrativo ca os escolmados para esta colectánea. Esta modalidade un tanto coral na responsabilidade da edición que presentamos, suma dificultades á dificultade de unificar criterios para a presentación de tan diversos personaxes, dos que temos tan diverso nivel de coñecemento, nun mesmo volume. De tal maneira, as diverxencias que se poidan observar, obxectivamente obrigadas ou determinadas pola particular personalidade intelectual de cada un dos participantes neste traballo, de seguro que han semellar excesivas e pouco xustificables. Esa presunta incoherencia, que en parte poderá ser achacable á carencia de habilidades, fundamentalmente ás carencias de coordinación, temos que a explicar dende a xa mencionada diversidade circunstancial dos autores incluídos e dende a plural responsabilidade da edición.

Acóllense neste volume toda unha serie de textos narrativos breves, asinados por escritores galegos, xeralmente bilingües, poetas na maioría dos casos, algún deles novelista de certa sona e recoñecido mérito, que teñen en común o seren todos eles, como autores de relato breve, creadores de moi limitada proxección, narradores, á fin, ocasionais. Entre todos, á marxe dos que son coñecidos e recoñecidos como poetas, como xornalistas ou como ensaístas, en galego ou en castelán, contamos con outras tipoloxías extremas e dispares ás que cómpre procurar adecuado acomodo neste compendio: por un lado, posibles autores descoñecidos ou pseudónimos non identificados, así como iniciais para as que non atopamos correspondencia onomástica, case sempre con escasísima obra narrativa pero, en máis dun caso, obra de valores literarios relativos moi superiores á media da súa época; por outro lado, aqueles narradores de amplo alento, máis ou menos coñecidos, con obra novelística editada e a disposición dos actuais lectores que, sen embargo, como autores de relatos non teñen sido nin moi prolíficos nin moi orixinais, velaí os casos de Marcial Valladares Núñez, autor da ben coñecida e estudiada *Maxina*, e Luís Otero Pimentel, autor da case descoñecida *Campaña da Caprecórneca*, con moderna edición da nosa responsabilidade, novela que, supoño que por mor deses díaños que andan nas imprentas, saíu, outra volta, co mesmo erro no título ca co que tiña sido divulgada, *A campaña da Caprecórneca*.

Consideramos que a máis oportuna e práctica organización dos autores que presentamos neste volume, a falta de significativa ponderabilidade cualitativa ou cuantitativa, é a organización alfabética, pero, debido á existencia das diversas tipoloxías (personaxes máis ou menos coñecidos uns, totalmente descoñecidos outros, pseudónimos e iniciais sen identificar) semellounos adecuado estruturar o volume, por simplificar variantes, en dous desiguais capítulos, correspondendo cada un deles a cadanseu dos grandes bloques tipolóxicos ben diferenciados: narradores identificados e narradores totalmente descoñecidos. Desta maneira, no capítulo de personaxes coñecidos ou, cando menos, identificados, a orde alfabética establécese dende o primeiro apelido, namentres que para tódalas sinaturas sen identificar (iniciais e posibles autores descoñecidos ou pseudónimos) esa orde establécese dende a primeira palabra ou dende a primeira inicial que forme parte desas sinaturas.

Debido, sen embargo, ó diverso nivel de coñecemento que de cada un dos autores teñamos e debido, tamén, á maior ou menor divulgación que dos mesmos exista, administramos as consideracións biobibliográficas dos autores coñecidos con diversa amplitude e con matizada intensidade, como diferenciamos, tamén, a estrutura do estudio que se lles dedica en cada caso, segundo corresponda a autores do primeiro ou do segundo capítulo: para cada unha das sinaturas que nos resultan de todo descoñecidas, elaborouse un texto unitario, con consideracións máis ou menos fundamentadas dende as sospeitas que poidamos ter sobre a súa identidade, con noticia doutros textos dos que sexan autores, malia que non fosen recollidos neste volume por non seren textos narrativos en galego, e, en todo caso, denantes de nos pronunciarmos con consideracións acerca dos textos narrativos que reproducimos, deuse conta da esterilidade das pescudas realizadas acerca destes protagonistas. Para cada autor identificado, máis ou menos coñecido, máis ou menos divulgado en dicionarios e manuais especializados, dedicamos un texto con dobre apartado (“Datos biobibliográficos” e “Comentario dos textos narrativos en galego”) pero con diversa consideración, no apartado biobibliográfico, segundo sexa o nivel de divulgación do personaxe, xa que corresponderá unha moi breve síntese biobibliográfica no caso de personaxes ben coñecidos, suficientemente divulgados, e toda a información da que dispoñemos, por insignificante e pouco pertinente que semelle, ante personaxes pouco coñecidos ou escasamente divulgados. Cando procede, información da que ás veces tan só queda constancia en nota a pé de páxina, fanse as correccións de erros que se foron transmitindo de estudioso en estudioso, de manual en manual, sen que ata o momento se teña realizado a oportuna revisión.

Dende o que se leva dito, ben se pode intuír a carencia de uniformidade nas páxinas deste compendio, unha eiva que vén imposta, máis ca por nada, pola moi diversa circunstancia de cada un dos autores presentados. Con todo, no que nos foi posible, sempre pretendemos evitar, con este simple esquema organizativo que levamos explicado, que agromase a anarquía, para non dificultar a captación da información achegada nin a simple lectura ós estudiosos ou ós comúns interesados. Sempre, en todo caso, coa diversidade, que non é froito do abandono, procuramos a utilidade e maila eficacia.

### **Criterios de edición\***

O criterio básico de edición destes textos narrativos decimonónicos, espallados en revistas e xornais da galegitude, é o rigoroso respecto polos orixinais. De tal maneira, non se farán correccións léxicas nin morfolóxicas nin sintácticas, malia poderéense observar erros filolóxicos ou modismos alleos á linguaxe que temos fixada como estándar na actualidade. A única actuación que nos permitimos nos textos é a unificación de solucións para idéntica fenomenoloxía, en cada autor, no caso de que este teña utilizado dispares recursos ou desemeillantes esquemas para igual casuística, e a actualización gráfica e acentual, para lle facilitar ó interesado unha máis doada lectura. Desta maneira de (non) actuar sobre os textos despréndese que o lector poderá observar castelanismos, dialectalismos, diferencialismos improcedentes, vulgarismos e outros sinais propios da linguaxe galega escrita naquel último tercio do século XIX. Os diferentes matices lingüísticos, malia que mínimos, que se poderán observar entre uns e outros textos narrativos, de seguro que se deberán, tanto ou máis ca ós autores dos mesmos, ós responsables dos medios nos que foron publicados.

### **Cabo**

Concluimos esta breve introducción coa vontade de que quede constancia do moito traballo e entusiasmo que puxo cada un dos membros do equipo responsable da edición desta *summa* de textos marxinais, non imprescindibles pero necesarios para mellor entender a última metade do século XIX, ese tempo no que Galicia botou a andar de novo para ir facendo o camiño que temos, para que, no camiño que temos, fagamos o soar propio da convivencia e da pervivencia. O meu agradecemento a esta mocidade, filólogas e filólogos cos que tan a gusto teño exercido o meu labor de orientación e coordinación; deles son os méritos que poidan atoparse neste volume, miñas as posibles deficiencias.

*Modesto Hermida*

\* No momento de pechar esta edición (finais de 2003) aínda non estaban ratificadas as novas normas da lingua galega aprobadas en xullo de 2003 pola RAG.



## AUTORES COÑECIDOS



## Xulio Alonso Sánchez

### Datos biobibliográficos

Segundo consta na partida de nacemento, en depósito no Arquivo Histórico de Santiago de Compostela, Julio Antonio Alonso Sánchez naceu o 27 de maio de 1859 na cidade de Lugo e foi bautizado ó día seguinte na parroquia de Santiago desta cidade polo presbítero D. Ramón Goyanes. Era fillo lexítimo de José María Alonso, negociante, e de María Sánchez. Os seus avós paternos eran Bernardo Alonso e Josefa Álvarez, e os maternos Juan Sánchez e Josefa Cobas, todos eles de Lugo. Realizou os seus estudos en Lugo, onde superou todas as materias necesarias para acadar o grao de Bacharel, someténdose ós exercicios oportunos os días 27 e 28 de setembro de 1878. Realizou o seu ingreso na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1879, onde se matriculou na Facultade de Dereito cando contaba vinte anos de idade. Rematada a carreira, ingresou no corpo de notarios e foi destinado a Cangas do Morrazo, dende onde colabora esporadicamente na prensa ata a súa morte en xaneiro de 1916, ano no que se recolle na prensa a súa doazón á Deputación Provincial de Lugo de dous violíns de extraordinario valor.

Interesado polas cuestións agrarias, colaborou nos xornais lucenses *A Monteira* e *O Labrego* con artigos dedicados a este tema. No primeiro dos xornais tamén atopamos da súa autoría unha semblanza do músico Xan Diz que abre o número corenta da publicación<sup>1</sup> co título de “Un fillo ilustre de Lugo”. En 1908 participou na enquisa realizada polo *Faro de Vigo* sobre a redención dos foros, e en marzo de 1914 circulou pola prensa radical-lerrouxista a súa *Memoria sobre foros y subforos y medios de proceder equitativamente a su desaparición*, que apareceu en *La Libertad*, de Pontevedra, e *El Radical*, de Madrid.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Como narrador en galego, é autor de dous relatos costumistas publicados en *A Monteira* baixo os títulos de “O chufón”<sup>2</sup> (1889) e “Unha voda”<sup>3</sup> (1890), o primeiro asinado coas iniciais J. A. e o segundo como X. Alonso. Nos dous casos trátase o asunto do casamento, primeiro describindo unha escena de petición de man, onde o intermediario entre as partes é o xastre, mentres que no segundo se describe o banquete e ritos que acompañan a celebración da voda. Pódese dicir que hai certa continuidade entre eles, malia que non todos

---

<sup>1</sup> 5 de xullo de 1890.

<sup>2</sup> Nº 9, 30 de novembro de 1889, pp. 68-69.

<sup>3</sup> Nº 14, 4 de xaneiro de 1890, pp. 106-108.

os nomes coinciden, e que a través deles se reflicten os costumes ó uso do momento en canto ó trato de casamento e a posterior celebración do banquete. Dáse en ambos o emprego de nomes moi correntes, a indeterminación locativa, o emprego de abondosos diálogos cargados de retranca, do mesmo xeito que os dous contos destacan pola riqueza lingüística, que demostra a habelencia do autor para reflectir a lingua falada.



### “O Chufón”<sup>4</sup>

Ó redor da lareira, na cucuña da casa máis chea do logar de Outeiro, xunta estaba a familia. O patrón sentado no escano cos pés fóra e por riba das zocas, quentábase, ó mesmo tempo que, cun forquito bandexaba os toxos, que dempois metía pra debaixo do caldeiro; a muller, sentada no chan, partía os cachelos pró caldo, ia herdeira, filla úneca daquel xuntoiro e xoia daquela casa, fiaba na roca os cerros, prá tea do ano.

No momento que empeza esta hestórea, mentras o pai queixábase do tempo, da disgracia dos que largaban aló pra outras bandas, das xudiadas do Sacretario ioutras cousas, á filla, que non estaba lonxe dil, afrixiana outros recordos: o seu peito latexaba, deixando saír folguexadas, e de cando en veces, suceudeulle non atopalo fío e caírlle o fuso da mau.

A mai da rapaza, muller por certo moi bulideira, que acarón mesmo dela estaba, decatouse pronto do que á súa filla lle pasaba; mais non podía facerse sabedora, nin se porcataba do porqué daqués sospiros. Entre cachelo e cachelo, botáballe unha ollada dicindo pra si ¿que deño terá esta pícara?

Os deños ou deño amostrouse logo: Petaron á portada da casa ia criada que estaba acomodando a facenda preguntou ¿quen vai aí?, a cuia pregunta, unha voz como se fora da vila, respondeu: “Eu, que son Pepe da Eirexa”.

—Meu amo, dixo a rapaza, ¿eu abro?

O patrón, que non tiña medo a ladrós nin a meigas, díxolle: —“abre, que parezme o mesmo”.

Entrou, en efeto, Pepe da Eirexa, que era xa *rapaz* corenteno, celibato, que andaba polas casas botando remontas ós calzós, e que tiña sona de ser a millor tixeira pra dengues e mantelas.

—Ou tío Farruco, entrou dicindo Pepe, tráigolle unha friaxe que me tolle; xea tanto, que pouco me lle faltou pra esbarar na corredeira da agra do Palomar.

—E logo ¿que tras?, dixo o tío Farruco.

—Tráigolle casquemente nada...; pro vamos quentándonos.

Marica, que este era o nome da herdeira, non lle sacaba ollo.

O xastre sentouse na capoeira, que por tras do caldeiro estaba, picou un cigarro, poñendo mentras o debullaba entre as maus, o papel no labeo, namentras que o patrón botaba un angazo de toxos no lume.

Pois, tío Farruco, dixo Pepe, chisgándolle de ollo a Marica, tráigolle... que quero ver ós homes de ben ias nenas garridas e boas mozas que polo camiño e nesta casa sealcontran, pois fai xa moito tempo que non tiven xeito

---

<sup>4</sup> Con este mesmo título publicouse en 1915 unha comedia realista de Xesús Rodríguez López. A raíz desta publicación xurdiu unha forte polémica entre o autor e Xosé María López Castiñeira, a quen se lle atribúe un ensaio dramático (do que non hai noticia documental), que serviu de base á comedia de Rodríguez López.

de velas tan de cerca. Andiven estes días na casa do Sr. Abade, na do Crego de Vilar, na de Pepe de Rivas e mais na do herdeiro do Castiñeiro, ó que lle fixen unha capa, boa por certo, boteille unhos cuchilos nun calzón iamañeille un termo de pardomonte. É bo rapaz afellas, millorando o presente: libre de vicios, non se lle ve en fiandós nin ruadas e parez un vello.

Como cuio que lle dixo o pai o outro día: “Antón, ti tes xa vintetrés anos, nosoutros podemos finar calquer día, nesta casa non se dá abondo ó traballo, a ti pra crego non te estudeamos, así é que debes ir pensando en te acomodar”.

O rapaz, ¡mal pocado!, que non fai máis que o que queren os vellos, púxoselle acesa a cara e botou pra fóra o probe, avergonzado do que ouvía.

Soilos quedamos estonces o vello e máis eu, e dempois doutras cousas, díxome el: —¡Ai Pepe, ti que andas por aí e sabes ben o que se pasa, ¿que che parez do meu neno? ¿Non che parez que era pra el unha rapaza boa e do seu igual Marica da *Casa grande*? Vamos a un dicirmos... a miña non é das máis probes do lugar: teño bes pra vinte fanegas de cada mau, cobro o dreito dominio de vinte pesos e cinco réas no lugar da Pallarega, da ribeira veñen vinteseite canados de viño, nas manxadoiras comen hoxe dous bois de xugo, catro vacas e mais na cadra pequena teño tres xatas, que pra feira do dazaioito han deixar catro onzas. Nesta casa cómese o pan todo o ano, gráceas a Dios, e polo tanto, Marica da *Casa grande* parezme do igual do noso. A rapaza tamén é axeitada, e pra correr con esta trafega do traballo, parezme que sirve.

Ó escoitar estas razóns, eu díxenlle: Tío Xacinto, a min non lle me está dado dicilo, porque como con todos ia min gústame falar ben da xente que me dá pan; pro si quixera andar cun candil buscando achego pró fillo, millor, tamén llo digo, que non había dealcontralo. Ela élle filla de bos pais e ten cara de boa; non se lle dá por homes e seu pai non lle ha quedar atrás cando de casala traten.

O patrón, a quen todo isto iba dirixido, ouvía sen dar fala, mentras que, cunha estela estaba abagando nos nabos, que coa fervedura botábanse fóra do caldeiro. Ó acabar o xastre o seu conto, mirou pra el e díxolle: home o herdeiro do Castiñeiro, ten boa nota io outro día xa me falaron dil, (a rapaza, que tiña o fuso na mau sin darlle voltas, quizais pra non perder palabra, deixouno caer); mais nesto, dixo o Tío Xacinto, eu consulto coa miña parenta —¿E ti que dices, muller?

—Eu, contestou a muller, digo que a rapaza non ten présa, e como está ben na súa casa, o que se case con ela ten que vir pra aquí.

A esto, Pepe da Eirexa, metendo a pouta, non puido menos de dicir: Señora Antona, naide dice que a súa filla non esteña ben iantes todos reconocen que é unha das boas rapazas que por aquí sealcontran; pro, como dixo o outro, ¿que vai ser de toda esta vida? ¿A quen lle van queda-los bes? Traballar pra outros élle de tolos, tía Antona, e ninguén pode saber se vostedes cerrarán o ollo calquer día ientón queda a nena sen agarimo. Xa largue prá casa do Castiñeiro, xa veña o do Castiñeiro pra aquí, á nena ben lle vai; non leva cormaos nin cousas que lle volvan o xuicio, leva ben de comer ios do Castiñeiro,

que certamente han ser gustosos en que veña casa-lo seu fillo aquí, faranlle calquer cousa abofé, pra que a nena se poña ben, e polo lado desta parecezme que non ha quedar.

—¿E ti que dis, Marica?, díxolle o pai estonces.

A rapaza recordouse naquel instante que estaba fiando, e dándolle voltas ó fuso e recollendo o fío, non se estreveu a dicir, nin *si* nin *non*. Solamente baixou a vista como dicindo: “non me parece mal”.

O pai comprendeu todo e dirixíndose ó xastre díxolle: boeno, a patroa está diante ien cousas que hoxe ou mañá non teñen volta, eu non me misturo. Quero que sexan ó xeito de todos, polo consiguiente, que se fagan ben, do gusto e daquela conformidá...

Non deixou acabar a tía Antona, que adiantándose ó patrón,añadiu: eu xa vexo que Marica non lle pon mala cara ó casoiro ieu non me hei de casar, que se así fora sería outra cousa. Que queres que che diga, Farruco, o rapaz gústame, non parez ser de mala pía; pro a nena non pode saír da casa, que des-tonces eu xa vos vexo todos en direutura ó que buscades. Vamos a ver ¿e que lle poden dar os do Castiñeiro ó rapaz?

—Daranlle, polo de agora, dixo Pepe, vinte mil reás, asegurados nos seus bes, e non ben se finen un dos vellos, xa se sabe que pra el ha se-lo que quede.

—Parezme ben, dixo a Tía Antona, ieu xa dixen que o casoiro ó gusto de todos. Eu, pola miña parte non lle poño reparos á voda; pro antes xa nos veremos co do Castiñeiro, falaremos e pasaranse os papés que fagan falla prá seguridá de todos.

O patrón, que coa cabeza baixa atizaba o lume, encarouse co xastre dicíndolle: ben, hoxe non perdíche-lo tempo; pro ti xa traguías algo argallado.

—Pódemo crer que non, Tío Xacinto. Soilo falara unha palabriña con Marica antonte pola tarde, cando pasou por diante da casa de Rivas, ¿non foi así rapaza?

Marica, vendo que xa todos eran conformes co que ela desexaba, dixo, non sin que a sangue lle viñese á cara: *si* mi padre, alí Pepe faloume algo, pro así eu medre como non lle din palabra de nada. Non lle dixen máis que alá vostedes, que o que fagan está ben feito.

—  
Ó mes ou mes e médeo deste socedido, celebrouse o casamento, non sin que antes o tío Xacinto dese unha voltíña polos bes do Castiñeiro ia Tía Antona fose a ve-la vida da casa do rapaz io meigo do xastre, que polo regular nas aldeas non teñen préceo pra casamenteiros, cobrou en pano, lenzo ia correspondente enchedela, o emporte da súa esculca.

Lugo novembre de 1889

## Unha voda

Xa san da irexa. Diante vén a noiva coa madriña, dempois o noivo co padriño ia traseira váreos mozos e mozas, amigos iamigas das famíleas, por certo algúis deles marmulando da cara que puxo Marica, que este é o nome da moza casadeira, cando lle tocou da-lo *si*, namentras que outros miden cos ollos o ancho do terceopelo da mantilla larga que ela leva, ou arroparan nos pindientes io sapillo que loce nas orelas e na gorxa.

No adro asperan ó cortexo moita xente. Us por cursidá ioutros levados ¡quen sabe! por outros sentementos, e non faltan rapaces debecidos, que se chusgan de ollo, nin tampouco que se entreteña en botarlle o conto ó que levan os mozos. Rapaces e rapazas danse cita prá ruada da noite.

Moita trafega hai na casa de Manoel de Xancião, pai de Marica e donde vai se-la boda. Cadra no Carnaval ialí non falta nada. Matouse unha xata, que estaba encortellada dende fai tres meses, dous carneiros, do fumeiro baixouse un pau de longaniza ihai tamén unha froumada de miúdos de cocho, como lacón, dente e barbada, non faltando o arroz con leite.

Tódolos *pistos* están en cazolas e nun pote ó redor dun gran lume feito na lareira, e no que arde médea carretada de garrochas. ¡Que boureo! Astra os homes se meten a cucíñar. Algún hai que xa ten os dedos untados de pemento, ioutros quantan a badila pra dourar logo con ela os pratos de arroz, que están postos en gorde enriba dunha gran artesa. As mulleres, que non lles gustan estas maricadas, están que rabeán.

A eso das doce sobe ó piso a Tía Xacinta ou Xinta, que por calquera dos dous nomes responde, saca dun almáreo un gran mantel ientre ela ia madriña, xuntan dúas mesas e cóbrenas logo con el, baleirando en riba unha cesta chea de pantrigos e colocando os xarros de viño, que polo barrigudos ben pode aventurarse leva cada un deles médeo canado.

Van chegando os convidados, parentes dunha ioutra parte, montados en égoas das que hai polo menos vinte na cadra xa. As mulleres van dreitas á enciña, ios homes danlle á tarabela (léase língoa) na aira. Quen lle bota ditos churrusqueiros ós noivos, quen fala do ano e da cosecha e todos pensan máis ou menos saca-la barriga de mal ano, quantándose os cangos.

Xa está a mesa posta ia madriña vaixa e vai polos corros chamando á xente pra xantar, e xa arriba, séntanse polo gorde siguiente: o Crego ia madriña, de cabeceira, sigue a noiva, dempois os máis achegados ios parentes da famílea. Esto á dreita, á esquerda do Crego ponse o padriño, o noivo, un tío deste, úneco parente que ten, o patrón da casa ios máis achegados. Xa están, pois, todos acomodados e comenza a comida polo caldo de cimos, que abofellas ten unha tona de catro dedos, seguindo logo as tarteiras de carne, que asomellan serras polo grande, moitas e cheas que veñen. Alí hai pra tódolos gustos: o bon dente, que parez sandía polo rubio, a cachola, etc. Un brinca que un lacón, que nun dicir ¡Xesús! déixao posto en anacos; outros pasan as cacholas prós maores, non se esganen cun óso os rapaces ió parti-la longaniza, salta o moao... que dá grórea. Máis alá outro hai que folguexa ó devidir médea perna

de xato, e todos, o que máis o que menos porpáranse pra dar que facer ós dentes. Por suposto, o pirmeiro prato ia millor tallada son pró Sr. Abade, que por certo non se fai de rogar.

Os homes tiran unhas fumadas entre prato e prato, trafégase o viño que dá xenio e xa a xente vai quencendo iempeza a haber foliada. Us tíranse rafas de pan, outros, ledos como tolos, non lles colle o pan no corpo nin acougan sin facerlles picardías ás rapazas ió final quéimase unha gran fonte de augardente con viño, repartíndose entre todos.

Empezan a saí-los contos, algús non de moi boa lei, bríndase polo padriño e Xosé de Outeiro aperta ó Sr. Abade pra que fale. Este, que está colorado e riseiro, dícelle: non faltará a miña palabra, que ha de ser do agrado de todos, como é o casamento que estamos celebrando; pro antes divirtídevos rapaces, e sobre todo, que salla o padriño á currada, onde deben esta-los da rúa, pois eu sinto aturular. Ó que o aludido responde: boeno, veña logo un xarro e vasos ialumádeme.

Sai o tal á portada, onde está a mocedá da parroquia, envoltos en xergas ou mantas e beilando ó son da zanfona que toca unha cega a quen cos ferriños acompaña unha rapaza. O padriño envorca o xarro nos vasos, métese no corro do baile ofrecendo viño, que nun istante se espabila, mando logo por outro xarro, indo ós rincullos, onde non todos queren beber e ser vistos, iastra apagan o candil tapándose moi ben.

Feito este deber do padriño, que de non cumprilo sería un porco, a cega pergúntalle si lle dá licéncia pra subir. Non se fai espera-lo premiso, subindo aquela ó cuarto onde rebrinca a xente aínda na mesa.

–Boas noites teña a xente desta casa, di a rapaza da cega.

–Boas noites, di tamén a cega, de a todos e que Dios entre aquí pra ben da famílea.

Séntase logo nun taburete e ponse a tempr-la zanfona, mentras a rapaza, que é unha laberca, bótalle unha ollada a canto hai drento da habitacéon, porparándose pra leva-lo compás coa pandeira e falar ó ouvido da cega.

Os convidados, que xa tiñan o viño nonfaiado, pónense a berrar, dicindo: “vaia veña unha cantiga pronto”, ia cega empeza cun cantar médeo gallego e médeo castillano:

“Vivan el novio y la novia,  
El cura que los casó,  
Los padriños, la madriña,  
Los convidados y yo”.

Ben, ben, dicen a unha; outra, outra.

A da pandeira vólvenlle a falar á cega ó ouvido.

– Aí vai, di a da zanfona:

“Vivan el novio y la novia,  
Dios los degue prosperar,  
Que al cabo de algunos meses  
Tengan ya que bautizar”.

Así me gusta, din os máis feros, desas, desas, que tamén lle gustan ó padriño.

A cega que sigue toca que te toca, di estonces: – Agora vai co el:

“Estou mirando ó padriño  
Que está xunto da ventana,  
Ten o bolsillo ben quente  
E boas vacas na cabana”.

Todos rin a quen máis ó ve-lo inxéneo da cega, pro detéñense ó ouvir que vai encomenzar outra:

“A madriña, que está enfrente  
Mira pra el que dá grórea,  
Queira Dios que hoxe nun ano  
Lle cantemos na súa voda”.

Volgen todos a festexa-la saída da cega, quen molla a palabra co viño que lle ofrece o padriño, dempois do que sigue botando copras a todos, sin faltar a iama da casa, a quen lle adica a seguinte:

“A Tía Xacinta está leda,  
Ia cousa non é pra menos,  
Que acomodou a súa filla  
Na casa donde hai torreznos”.

Vai a cega xa moi esganada de tanto cantar e ben lle vén que nun entermédeo a leven pra cucuña, onde cura a laceira que a afrixe.

Entramentres, as rapazas convidadas van sacando os regalos e poñendo á noiva os panos un enriba doutro. Destonces o padriño, que é rum-boso, ó ver a súa afillada tan engalanada, tirando un peso nunha roda sobre a mesa, di: “aí vai pra alfilleres”. Outros dan o que poden.

Sendo xa de noite, dispóñense a leva-la noiva á casa nova, ou sexa, a do seu home montan nas bestas, e na que trougo o noivo, que é a máis arre-grada, ponse a noiva io padriño. A madriña vaia noutra co noivo iasí nas demais de dous en dous formando unha récoa, que aluman os mozos con facheiros feitos de palla.

Chegan logo á casa, ondealcontran a cea porparada, que non desme-rece do que foi a comida, e dempois de cear e colgarlle a madriña a rosca pola cabeza ó Abade e de repartir a cada convidado o seu pano de roscas, facendo outro tanto o padriño cos cigarros, vanse dispidindo e botando cada un o seu riquilóreo de bendicións, que así eu medre, que si todas lles can, han ter boas medas vella, e...

O que queira saber máis, que vaia á escola.

## Justo Eliseo Areal Barros

### Datos biobibliográficos

Justo Eliseo Areal Barros naceu na antiga provincia galega de Tui o 14 de xuño de 1862. Exerceu a profesión de militar e dedicou parte do seu tempo á escrita. Así, foi poeta eventual en lingua galega, tendo chegado ás nosas mans o lamento en ton elexíaco “Na morte de Alberte García Ferreiro”, que escribiu en Vigo no ano 1902 e que foi recolleito por Uxío Carré Aldao<sup>5</sup> na antoloxía que incluíu na súa *Literatura Gallega*. Asemade, editou o volume *Poesías inéditas del P. Feijóo* (1901), que presenta traballos en castelán e, presumiblemente, en galego do frade bieito.

Por outra parte, colaborou en diversos periódicos da época, como o testemuñan os artigos “Por Galicia”<sup>6</sup>, “Galicia despierta”<sup>7</sup>, “La Autonomía, es la salvación de las naciones”<sup>8</sup> e “¿Nació Colón en Pontevedra?”<sup>9</sup>, que saíron á luz na cabeceira *Follas Novas*, da Habana. Tamén publicou en *La Integridad* unha serie de estudos xenealóxicos, que de igual modo, acolleron outras publicacións periódicas co pseudónimo de “Prisco” e que, posteriormente, se reproduciron en *Casas solariegas de Galicia. Apuntes genealógicos* (1889). O seu gusto por temas de carácter histórico tamén o levaron a elaborar o estudio *Fragments de historia de Galicia* (1900), que conta cun prólogo de Galo Salinas e que recolle textos xa publicados no citado xornal de *La Integridad* co título de *Efemérides*.

Con motivo da súa morte en Vigo o 8 de xullo de 1902, compuxéronse na súa honra varios poemas e textos en prosa, tanto en galego coma en castelán, que se publicaron en Bos Aires baixo o título de *Corona fúnebre a la memoria de D. Justo E. Areal* (1903).

### Comentario dos textos narrativos en galego

O contributo de Areal Barros á prosa en galego do tempo do Rexurdimento materializouse nos relatos “O dito d’un parvo” e “Derrepica”, que rexistramos nas páxinas de *El Eco de Galicia*, da Habana e Bos Aires, respectivamente. O primeiro destes relatos, “O dito d’un parvo”<sup>10</sup> (1898), aparece

---

<sup>5</sup> Barcelona: Maucci, 1911.

<sup>6</sup> N° 176, 14 outubro 1900, p. 1.

<sup>7</sup> N° 127, 5 novembro 1899, p. 1.

<sup>8</sup> N° 131, 3 decembro 1899, p. 1.

<sup>9</sup> N° 160, 24 xuño 1900, p. 1.

<sup>10</sup> N° 832, 4 xuño.

firmado co seu nome galeguizado, Xusto E. Areal, e está dedicado a un dos personaxes máis destacados do movemento Rexionalista, co que o autor tudense mantíña unha certa amizade: “Ó poeta cruñés, meu distinto amigo Manuel LUGRÍS Freire”. O relato está estruturado en dous breves capítulos e o seu contido está exposto pola voz dun narrador omnisciente en terceira persoa, que coa finalidade de acadar un maior distanciamento co narrado e imprimirlle unha maior verosimilitude, lle cede a voz ó autor implícito, instancia que detectamos en marcas do tipo “á casa do home do noso conto”. A historia narrada é a dun home alcumado Boca-Seca que, despois de malgastar toda a súa fortuna en suculentos manxares, remata os días da súa vida dun modo miserento. Trátase, pois, dun relato de carácter moralizante, no que a crítica ó vicio da gula e do derroche se fai nun ton burlesco, por medio do parvo da aldea que, a pesar da súa aparente pouca lucidez, se aproveita do galopín de Boca-Seca nos tempos da abundancia e cando xa está na pobreza lle pronuncia a seguinte sentencia, coa que conclúe o relato: “*Se comeras como comes, non comías como comes...*”. En canto ás coordenadas espacio-temporais, dicir que o relato presenta unha ambientación rural nas proximidades das terras do río Miño e unha orde temporal lineal na exposición dos feitos narrados, producíndose un salto de varios anos no comezo do segundo capituliño para acelerar o ritmo narrativo. Tamén é de destacar a súa recorrencia a trazos de tipo popular, como se reflicte na descrición dos manxares gorentados por Boca-Seca e dos tipos populares protagonistas, así como na presenza de dúas estrofas que canta o parvo da historia.

O segundo dos relatos, “Derrepica”<sup>11</sup> (1900), foi tamén reproducido o 28 de xuño do citado ano en *El Regional*, de Lugo. Este texto asinouo o autor en Vigo como Justo E. Areal e dedicoullo ós seus paisanos fillos de Tui que residían en Bos Aires coa pretensión, como se poder ler na nota autorial a pé de páxina, de que non se esquezan de Pedro o Campaneiro. Este é o personaxe central deste pequeno texto que se sitúa nunha cidade veciña á torre de Lapela no día 2 de xaneiro de 1864 e que, de novo, está relatado pola voz dun narrador omnisciente en terceira persoa que, malia lle conceder a voz en ocasións ó personaxe principal, esmiúza o contido seguindo a estrutura xa clásica de presentación, nó e desenlace. É de subliñar tamén o ton xocoso e burlón, xa que o deputado elixido para representante daquel distrito nas Cortes, xunto coa súa comitiva de acompañamento, é confundido coa recua de burros de Marcos o Maragatos.

---

<sup>11</sup> N° 310, 30 maio, p. 5.



## O dito dun parvo

---

[Ao poeta cruñés, meu distinto amigo  
Manuel Lugrís Freire]

### I

Nunha aldea preto do río Miño, había un home tan larchán que non pensaba máis que en comer a rego cheo.

Era o larpeiro máis grande daqueles lugares.

Non había cousa na praza dos veciños pobos que se lle antoxase, que non deixase de mercar.

No tempo das lampreas, xa se sabía, a primeira que aparecía no mercado do peixe, custase o que custase, era para el lamber.

O primeiriño salmón que os barqueiros de Monçón atrapaban iba a paral á casa do home do noso conto.

As empanadas de pitos e de bos lombos que millor se adobaban e que máis veces entraban no formo da Tinglada, eran do galdrapas de Boca-Seca (que así lle chamaban por alcume).

De viños non se fale, porque coma os que el bebía ningún os tiña millores na súa bodega.

Nas dulcerías non se facían roscas gramadas, boleardos e tartas de almibre máis cobizosas que as que el encargaba para comer, e para convidar a un parvo que había na aldea, que inda que era tolo, tiña máis tino de garda-los cartos que xuntaba pidichando, que aquel en non malgastalos en comer a corpo de rei sin se lembrar que aquela vida non podía chega-la netos.

O parvo iba tódolos días de Dios á casa de Boca-Seca. Atracábase coas sobras de tan boas lambiscadas, e salía pola porta para fóra brincando coa perna izquerda e engruñado a direita, cantando entre dentes con aire bulrón:

Este mundo é un fandango  
e que non o baila peca;  
¡Dios queira que non se acaben  
os cartos de Boca-Seca!

### II

Os días pasaron, e os meses e os anos, deica que os cartos de Boca-Seca *fluxiron*, e o probe do home marchouse da aldea avergoñado de non tere que comer dempois de se-la persoa que millo-lo había pasado por espacio dunha ducia de anos.

Andivo o bo do galdrapas pidindo aquí e acolá, astra que aborrecido da súa vida, sin cartos e empeñado asta os ollos, sentou praza de *guardiña*...

Por mal dos seus pecados, tocoulle ir de punto para unha aldea preto da del, e alí estaba de pousada nunha casa onde por todo xantar lle daban unha taza de papas e un anaco de pan de millo máis duro que os meus pecados.

Unha mañán de inverno estaba o pobre de Boca-Seca sentado ao sol na pedra da portada pousada comendo as papas, cando sintiu unha voz del coñocida, que dicía:

Este mundo é un fandango  
e quen non o baila peca;  
¡Sabe Dios o que será  
do larpeiro Boca-Seca!

Inda non había espirado na boca do parvo –que este era o que cantaba– a derradeira palabra, cando dobrando a esquina da casa mirou a Boca-Seca sentado na porta coa taza de papas na man.

Parouse asustado; mirou fixo para el; abriu os ollos da cuarta; deu dous pulos e púxose á beira súa; estirou mui a modiño a perna dereita; e ao mesmo tempo que iba engruñando o lombo e calcando contra do peito os puños, achegaba a cara á do pobre Boca-Seca que o miraba axustado, e díxolle baixiño revirando os ollos e ollando para ao seu rente como si quixera que ningún o escoitase... *Se comeras como comes, non comías como comes...* E botou a fuxir cal alma que leva o díaño.

Vigo, mes de San José, ano 98.

## ¡Derrepica!

---

Aos meus peisanos fillos de Tui,  
residentes en Bos Aires (1)<sup>12</sup>

Nunha cibdá veciña á torre de Lapela esperaban o día dous de xaneiro do ano sesenta e catro, ao deputado elixido pra representare aquel distrito nas Cortes que convocara a nova reina doña Sabela de Borbón.

Tan grande acontecemento facía que aquel día fose un dos de máis festa que na poboación houbera.

Tódalas casas amostraban colgadas, xa de bandeiras nacionás, xa de colchas de zarazas vermellas que os ricos ios probes puñan nas ventás.

Todo era legría e regodeo.

Soilo se esperaba con ánsea o istante de ver entrare ao pai daquel distrito eleitoral na compañía da lucida comisión do Concello e doutras corporacións que o foran a esperare médea légoa do pobo.

O campaneiro daquela cibdá tiña orde de toca-las campás da igrexa maor cando ollase que o deputado entraba na xurisdición do primeiro arrabal dos estramuros da vila.

Aquel probe funcionario *cabildesco* fervía no desexo de cumprir ben o seu debere, e pra que así fose, mandou uns rapaces a un sitio preto do arrabal pra que, en canto acexasen o acompañamento inda que fose ben lonxe, botasen un foguete de tres estralos pra que el o soupera i encomenzase a repica-las campás.

Este coitadiño campaneiro estaba na torre coa vista cravada no sitio desde onde lle habían face-lo sinal co foguete, cando sintiu estourar un que non era certamente o da sinal; mais pra maor engano do probe campaneiro ollou ao mesmo tempo aparecer alá lonxe na revolta da carreteira, muita xente dacadalo, que se non distinguía ben, polo polvo que as caballerías levantaban.

O home cheio de antusiasmo, coidando de se-lo deputado, comenzou a berrar:

—Ei ti, Tecelán, tócame a campán das doce.

—Ti, Pabura, repica as dos anxeliños; e ti Navizas, toca a do reló e ten cuidadiño do que che diga dende o adro, que eu vou aixiña avisar a Rufino pra que traia as bombas de palenque ias bote dende eiquí.

\*  
\* \*

Inda non pasaran dez minutos desque empezara o repinique xeneral e que beixara a busca-los foguetes o campaneiro, cando este apareceu desvaído

---

<sup>12</sup> Nota do autor: “Non vos adico este conto porque sexa unha xoia literaria, nin preto dela, senón pra que non vos esquezades de *Pedro o Campaneiro*”.

cal a cera, correndo como se fose un lóstrego, dereito á Catredal, tropezando coa xente, e sudando un mar de auga.

Chegou ao adro; iestirando os brazos prá torre ierguéndose nas puntas dos pés, berrou reloucando coa corraxa:

–¡Navizas, Pabura, Tecelán; ¡*derrepica!* quen non é o deputado. ¡É unha recua de burros que trai Marcos o maragato...!

## José Barral Campos

### Datos biobibliográficos

Aínda que descoñecidos a data e o lugar de nacemento o *Diccionario* de Couceiro Freijomil data a súa morte o día 3 de maio do ano 1904. Sábese que exerceu como xornalista na redacción de *Faro de Vigo*, á vez que foi correspondente de *El Imparcial*, de Madrid. Firmou en Tui, como X. Barral, dous relatos para a revista *A Tía Catuxa*: “O amigo de San Pedro”<sup>13</sup> e “Sabe máis o portugués”<sup>14</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Ámbolos contos teñen unha mesma liña argumental que se artella coa aparición de San Pedro como salvador e conselleiro dos protagonistas ante a chegada da morte, pero a presenza do divino contrasta cos elementos escatolóxicos que xorden en ambas narracións e lle dan o ton humorístico, seguindo a tradición da literatura popular sobre o divino e o humano, a alma e o corpo. Se no primeiro o clímax humorístico acontece cando o protagonista mete a man no penico, o chiste, no segundo, resulta do peculiar castigo que San Pedro lle impón ó personaxe portugués, que debe lamber a bosta da que está untado o seu amigo galego. Este último conto recolle o tópico do portugués fachendoso en contraste coa humildade do galego, que resulta vencedor.

No primeiro, o elemento fantástico aparece a través do motivo do soño e no segundo os recursos da fantasía, tales como a presenza de San Pedro, a viaxe que ambos realizan subidos nunha nube..., insírense como elementos cotiáns no contorno dos personaxes. Cabe salientar que neste último relato a historia remata cun final sentencioso de pretensións didácticas.

---

<sup>13</sup>A *Tía Catuxa*. *Somanario gallego de intereses e literatura rexionales*, nº 15, 1 de febreiro de 1891.

<sup>14</sup> *Ibidem*, nº 18, 22 de febreiro de 1891.

## O amigo de S. Pedro

Pois, señor, vou contar unha hestoria que cicais vos parea mentira, pro abofellas vos digo que foi tan certo como que todos temos que morrer.

Era unha noite de inverno, e Romualdo chegaba cansado de velar, con ganas de estarricarse.

(Romualdo era xastre)

Dimpois de comer dúas cuncas de caldo, deitou-se na cama, sacou da faltrica do chaleque dous cigarros e unha navalla e liando un pito, púxose a fumar polas ventas das narices, o mesmo có tren.

Ó pouco tempo durmía Romualdo coma un bendito e, como tiña metido na testa que el era moi amigo de S. Pedro, soñou que fora faguerlle unha visita ó Santo, seu amigo.

Por demais está dicir que Romualdo foi recibido na portería do ceo, porque xa sabedes que S. Pedro ten o cargo de porteiro nese pazo que vemos por riba das nosas cabezas.

Dende que falaron de moitas cousas que non vén ó caso dicir eiquí, porque nada nos intresa, tivo o noso Romualdo a acurréncia de perguntarlle ó Santo:

—Ti que andas por estas alturas e sabes tódalas *altas* e *baixas* que hai no mundo, ¿non poderás dicirme cándome tocará morrer a min?

—Mira, díxolle Pedro ¿non ves aquelas luces que rebulen aló moi lexos? Pois cada unha representa, nin máis nin menos, que a vida dun home; e a túa, alí a tes, e sinaloulle unha luz cuase apagada.

O probe Romualdo xemía e choraba, porque moi poucos días lle quedaban de existencia. Mais tivo unha inspiración: ¿Con que se alimentan esas luces?

—Con aceite — dixo Pedro.

—¿E non se podería roubar un pouquiño de aceite de eiquí e de alí pra botar na miña luz?

—Imposible.

—¿Por que?

—Porque non.

Romualdo volveu a sentir o peito como opirmido.

Nesto chamaron a S. Pedro, porque coa conversación do seu amigo, deixou entrar no ceo a certo empeñista que fora moi usureiro toda a súa vida, e era perciso botalo fóra.

Aporveitando a auséncia do Santo, Romualdo botou a man e viu que podía coller as luces con algún traballo.

—Vou vivir máis anos que Matusalén— dicía.

E sin andar con escrúpolos de monxa, escomenzou a roubar aceite nas demais luces pra botar na súa.

Cando estaba moi enfaenado na tan agradabre ocupación de rouba-lo aceite, sintiu unha man que o despertaba, dicíndolle:

—¿Ti que fas?

Aquela man era da súa muller, porque Romualdo estaba casado.

—¿Ti que fas, home?

—¡Eu!...

—Si. Ti, que hai máis dun cuarto de hora que andas coa man nise...  
muebre.

—¡Ah! —dixo Romualdo limpando a man na roupa da cama.

O amigo de San Pedro, querendo botar aceite das outras luces na linterna del, non deixaba de meter a man en certo muebre que cuase sempre se acha debaixo da cama.

Tui, xaneiro 29 de 1891.

### Sabe máis o portugués

Portugués había ser o que amocaba sempre a Perucho.

Perucho era un verdadeiro coitado gallego a moita honra; era natural de Randufe, partido de Tui, e fixérase amigo de certo portugués a quen non podía nunca atraparlle unhos cartos que lle debía dun *cochiño* que lle vendera.

Como teñen de costume os portugueses, non faguía máis que contarlle valentías e fazañas feitas por el, ou ben, feitas por algún *portuguesiño*.

Pro, anque Perucho era un coitado, non comulgaba con moas de muíño, e deprende co seu amigo a ser farulleiro e a contar cada unha que ardía o eixo.

—Unha vez, dicía o portugués, un soilo *homen* de Portugal *fezo recuar* a escuadra dos ingleses, só con lle poñer *cara fera* ós mariñeiros.

—Pois outra vez, dixo Perucho, quixeron os portugueses entrar armados en Galicia, e eles con carabinas, e nós con fouces, non quedou portugués vivo.

Desque xa non tiñan que falar, nin que contar cada un da súa terra, quedaron desafiados pra cando morresen a ver quén dos dous era millor recibido no ceo, apostando das dúas partes: o gallego, que sería el, e o portugués que non, que sería el, porque tiña *muinta* amizade con San Pedro.

—Pois eu, dicía Perucho, son tocaio del e malo será que me non deixe meter, anque sexa por un furado; e dempois de estar drento, xa veremos quén é millor agasallado.

Así pasaron algús anos; e sempre que se alcontraban os dous amigos, sacaban un conto a cal máis alusivo pra os peisanos do contráreo, renovando sempre aquela aposta de quén sería millor agasallado polos anxes do ceo.

Chegou, por fin, un día en que Dios quixo que lle disen contas os que foran tan amigos na terra e dempois de deixar todo ben arranxadiño, emprenderon xuntos o viaxe do ceo, onde verían o resultado da súa aposta, que anque non dixen astra o de agora en qué consistía, pasesme que xa é tempo vos diga que consistía nada máis que en pagar o que perdesse unha cea daquelas de *órdago*, pra tódolos amigos que houbese no ceo.

Anda que te anda cada un dacabalo dunha nube, chegaron á porta do ceo; e dimpois de que o portugués axexou pola fechadura da porta, decidiuse a chamar cos cotenos dos dedos.

—¿Quen vai? Dixo San Pedro dende a cama.

—Só eu, *Joao de Oliveira*, teu amigo, dicía o portugués.



Pro o Santo, que inda estaba no pormeiro sono, dixo:

—Ven mañá polo día, que estas non son horas de abri-la porta a ningún.

O portugués inda estivo un pouco porfiando pra ver si o Santo lle abría o portalón do ceo; mais vendo que nada conseguía, arreou a súa *besta atmosférica* y *arre arre* volveron pra a terra astra o día seguinte.

Perucho non deu fala en todo o camiño, pro o demo do portugués veu falando sempre, contando contos de gallegos que foran máis ou menos amocados por algún *portuguesiño*.

Chegou o día, e reuníronse gallego e portugués pra ir ó ceo que non era cousa de andar por acá perdendo o tempo.

Cando chegaron, xa Pedro se achaba varrendo a portería.

—Ola Pedro, eu *só* aquíl *Joao*, teu devoto, que xa onte *estive* eiquí.

—Eu son Percucho da Costa.

—¿Que se vos ofrecía?

—Pois viñamos, dixo *Joao*, a ver si nos metes en calisquer curruncho.

—Non podedes entrar asina, dixo San Pedro, porque non se pode traer ningún vestido da terra.

—E loigo ¿temos que vir en coiro?

—Non vos digo en coiro, pro tendes que vir un untado de mel, e outro untado de bosta.

—Eu de mel, dixo *Joao*, moi listo.

—Eu de bosta, dixo Perucho, beixando os ollos.

—Andando xa, reprecou *Joao*.

E os dous volveron a montar nas nubes, beixando pra a terra a cumprir cada un coa súa *misión*.

Polo camiño non cesou *Joao* de bulrarse de Perucho, dicíndolle que sempre os portugueses foran máis listos que os gallegos, e trazas levaba de

gañarlle o apostado unha vez que *Joao* foi recibido con mel e *Perucho* con bosta.

Depois de pintados con tal diferentes *betús*, rubiron outra vez onda Pedro.

—Eiquí estamos, dixo *Joao*, máis contento que unhas Páscoas.

—Está ben, dixo Pedro; pro é perciso pra poder entrar, que vos lambades un ó outro.

Eiquí comezaba xa o cambio de decoración pra o portugués. *Perucho* lambía mel e *Joao* bosta.

*Joao* quedou limpiño coma unha patena.

Dende que estiveron os dous ben lambidos, volveu Pedro toma-la palabra e dixo:

—*Joao de Oliveira*, porque fuches cobizoso, e quixeche untarte de mel, vas a untarte de lume pra as caldeiras de *Pero Boteiro*, e ti, *Perucho* da Costa, porque fuche homilde, entra no ceo que che se ten porparado.

*Joao* torceu o morro, e non tivo máis remédeo que marchar pra o inferno, non sin que dinantes pagase unha cea de *órdago*.

Tui, Frebeiro 19 de 1891.

## Leopoldo Basa Villadefrancos

### Datos biobibliográficos.

Leopoldo Basa Villadefrancos naceu o 29 de maio de 1886 na Coruña, cidade na que pasou a infancia, adolescencia e parte da mocidade estudando o Bacharelato e a carreira de Peritaxe Mercantil. Feitos estes estudos, trasladouse a Madrid e alí coñeceu a Miguel Cané, naquela altura Ministro da República Arxentina en España, que lle recomendou a partida para este país americano. Xa na capital do Plata, traballou como secretario da Inspección General de la Municipalidad e colaborou frecuentemente con medios de comunicación porteños como: *El País*, *La Nación*, *Almanaque Gallego* ou *El Eco de Galicia*, por citar só os máis coñecidos. En Bos Aires entrou en contacto coa incipiente colonia galega e chegou a ler o discurso de apertura da velada literario-musical que se celebrou o 21 de novembro de 1908 a cargo do Orfeón Gallego para homenaxear a Manuel Curros Enríquez. Ademais da actividade profesional antedita, tamén se dedicou á pintura e á crítica de arte. Regresou a España no 1910 e estableceu en San Sebastián, cidade na que morreu o 19 de decembro de 1947.

En galego só lle coñecemos o relato “¿Fixo ben?”, que publicamos neste volume, pero en castelán deixou abondosas mostras do seu polifacético quefacer creador. Así, publicou as pezas teatrais *Espigas sueltas*, *La leña de la vida*, *Los nervios* e *La Peregrina*, as novelas *El Premio* e *Don Juan en América*, e os ensaios titulados *El mundo de habla española* e *Dionisio Fierros y el Arte en Galicia*.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Reproducimos un único relato deste autor, o titulado, dun xeito enigmático no que semella interrogar e facer partícipe ó lector, “¿Fixo ben?”, que foi obxecto de abondosas reproducións nos anos finais do século XIX e comezos do XX. A primeira información sobre este relato chéganos a través de Carré Aldao, que na súa *Literatura Gallega* indícanos que se publicou por primeira vez no 1899 en Bos Aires, pero non indica o medio. Sen embargo, Modesto Hermida dubida desta datación e aclara que a primeira impresión que manexou é a do *Almanaque Gallego* de 1900, reproducida posteriormente no número 367 da *Revista Gallega*, correspondente ó 30 de marzo de 1902, e no número 50 de *A Nosa Terra*, que saíu á luz o 12 de agosto de 1908. É un narrador omnisciente clásico que dende América (“veu Antón coa súa filla pra América”) nos conduce en terceira persoa a través da vida de Antón, un viúvo que ó marchar de Galicia pretende tamén fuxir da pobreza. A vida de ambos transcorre tranquila ata que aparece “o diaño do señorito” que pretendía a

Sabeliña e que, segundo a rumor popular, non tiña boas intencións. Facéndolle caso a eses rumores é como o protagonista decide tirar o pretendente á vía do tren despois de telo emborrachado, vinganza que se xustifica do seguinte xeito: “Dios mo perdone, pro tiña o meu corazón feito un agulleteiro”. Unha imaxe abondo elocuente dos sentimentos de Antón, pero que non é a única, xa que o texto destaca polo nivel das súas metáforas e símiles, do que son mostras: “a besta negra das rodas no ventre pasaba ruxindo” e “a noite estaba como o mantelo da Virxen dos Dolores”. Unhas imaxes que unidas á perfecta dosificación da intriga constitúen os máximos valores do relato.

## ¿Fixo ben?

Fuxindo da probeza veu Antón coa súa filla pra América. Aló, na terriña, baixo duns terrós e unha crus medio peneque, quedaba a parenta no ciminteiro durmindo pra sempre. ¡Probiña Sabela!

Ó chegar a Buenos Aires, Antón foi admitido nunha compañía ingresa de ferros-carrís, pra coidar dunhas agullas na vía por onde a besta negra das rodas no ventre pasaba ruxindo.

Sabeliña chamábase tamén a filla de Antón, e polo garrida era un milleiro de herbas cabreiras, un alcoube de meigallos. Con ela e o seu cariño entrañable; co troupelar estrepitoso do tren que era o mesmiño que o daló; co canto dos galos que como aló cantaban; co prateado luar das noites quedas, críase Antón na súa terriña, e vivía felís, hastra que o diaño dun señorito puxo treidoramente os ollos en Sabeliña; sendo ó peor, que ela non lle dixo: “Non me cucas”, como a outros mil les dixera.

.....

Chegou Antón a saber que aquel señorito, falando un día cuns amigos, había dito que iba a rouba-la gallega do tren, que lle poñería unha casa moi churrusqueira pra enganala, e dempois, cando se cansara dela, daríalle, con perdón un couce no... e añadira tamén que non lle sería difícil, porque o pai era un besta, e a filla, a filla estaba tola por el, e conformábase con todo, hastra con fuxir, aunque aínda tiña delor de seu pai.

Antón, desde aquel punto, non volveu a dormir: notou que a rapaza levaba na testa certo tolaxe que xa non lle deixaba nin cantar polas mañáns como as labercas da aldea onde nacera. Tembrou de verse soilo coa morriña, abandonado da filla da ialma, que era seu único amore... ¡Malo raxo!

Quixo o demo que unha noite atopara o galán palicando coa nena na mesma porta da casa, e pasándolle pola mente unha idea como un relaxo, invitouno a probar viño tostado do Ribeiro, pois truxera de Galicia dúas botellas do millor. Fíxolle beber canto quixo, deulle tamén un pouco de ron, e cando o tuvo ben borracho, mandou a Sabeliña que fora á vila a mercar non sei qué bagatela.

Faltaban des menutos pra que pasara un tren. A noite estaba como o mantelo da Virxen dos Dolores... Por aqueles lugares ninguén pasaba a aquelas horas... Cargou Antón co gavián borracho, andivo coma tres centos metros de camiño, e deixando en medio da vía, como quen deixa un refaixo vello, correu a poñe-las señales de que non había novidade; e cando o tren pasou botanto centellas, Antón, presinándose, dixo: Dios mo perdone, pro tiña o meu meu corazón feito un agulleteiro.



## Luís Bouza Trillo

### Datos biobibliográficos

O pai do coñecido escritor Fermín Bouza-Brey naceu en Vilagarcía de Arousa o ano 1869 e finou na mesma vila en 1941. Despois de seguir durante algúns anos a carreira eclesiástica en Santiago, deixouna para se dedicar ó xornalismo na mesma cidade. Foi redactor do xornal *El Fin de Siglo: Periódico de intereses materiales* (1891-92), onde se encargou, por exemplo, da crónica do traslado dos restos de Rosalía de Castro desde Padrón a Santiago aparecida no nº 22 (do 23 de maio de 1891). Fundou e dirixiu a revista para a muller *La Estrella Galaica* (1896), onde apareceron os dous relatos en galego que se conservan del. Colaborador habitual na prensa galega e española da época, na súa vila natal dirixiu os semanarios *Crónica Carrileña* (1893), *El Faro de las Rías* (1910), *La Opinión* (1910) e *El Pueblo* (1913). Ademais dos relatos en castelán e das poesías en galego e castelán que deixou espaxeados neste medios, cómpre sinalar os libros inéditos *Hojas secas* (libro de poemas en galego e en castelán) e *Amor que mata* (drama en castelán), así como outras obras de tipo ensaístico.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Como xa indicamos, publicáronse en *La Estrella Galaica* os dous relatos en lingua galega deste autor: “Xan Canitrote (conto popular)”, no nº 12 (do 31 de maio de 1896), e “O polisón” no nº 15 (do 21 de xuño de 1896). Trátase de dúas pezas humorísticas de moi distinta temática: en “Xan Canitrote” temos a historia dun zapateiro do mesmo nome que vivía na cidade de Ourense, “alá a mediados deste século” e que era famoso pola súa desmedida afección ó viño. No relato cóntasenos o escarmento ó que foi sometido por uns estudantes que, atopándoo unha noite durmido na rúa cunha das súas bebedelas, introducírono vestido de frade no convento de San Francisco. O susto monumental que levou o home ó espertar no convento e ser tratado como un frade máis fíxoo renegar definitivamente do alcohol. O narrador preséntanos esta anécdota como unha historia real e ben coñecida mediante fórmulas como “Cóntase que...” e “E añádese tamén que...”.

Fronte á concreción de datos de “Xan Canitrote”, en “O polisón” temos unha indefinición espacio-temporal, xa que non se indica o tempo nin o lugar en que transcorren os feitos. Nesta ocasión o narrador cóntanos o enfado que colleu San Pedro cando, nunha baixada á Terra para ver as novidades que se produciran, decátase de que as mulleres utilizan unha especie de corsé (o “polisón”) que modifica a súa figura natural. Decide daquela non deixar entrar no Ceo as mulleres que en vida utilizaran tal prenda. O narrador manifesta o

seu total acordo coa postura de San Pedro porque “en eso, como en tódalas cousas, non hai millor que o natural”.

Nos dous casos temos un narrador en terceira persoa que manifesta a súa omnisciencia intervindo frecuentemente coas súas opinións ou con comentarios dirixidos a un receptor ó xeito do relato de transmisión oral: “Pois, señor, foi o caso que...”; “Todo iba ben como dixen, durante a semán”, etc.



## Xan Canitrote (conto popular)

¡Viva o viño do Ribeiro!  
(O crego da miña aldea)

Alá a mediados deste século había na cibdá de Ourense un zapateiro chamado Xan Canitrote, home de ben a carta cabal, pro que tiña o vicio condenado de tomar cada *pelica* que o demo iba con ela.

Pola semán adiante traballaba de xenio o bon do descípulo de San Crispín, e ¡abofellas que outro que botase mellor unhas tombas ou uns tacóns, non o había en media légoa ó redondo!

Todo iba ben, como dixeran, durante a semán, prp ó chegar o luns, erguíase cedo, moito antes de que cantasen os galos, baixaba á tenda, puña o betún, a subela, as formas e máis chismes do oficio, todo con moito xeito, e logo ben quedíño, para que non o sentise a muller abría a porta, e ala, ala, chegaba nun santiamén ó ponte maor, donde, pra facer boca, botaba un par de netos do tinto, en xuntanza con outros compinches.

Ó vir a noite xa tiñan recorrido media docena de bodegóns, e tomo de aquí, rempuxón de acolá, chegaba Canitrote á súa casa feito unha cuba; pro o conto era que Xuliana, moza forte coma un buxo, agardaba ó seu home detrás da porta, e cando coa forcada, cando co sacho, púñalle o lombo que aquilo era de ver.

—¡Pillo, mal home! ¿ti pensas que sempre has de levar esa vida de nogallán e de borracho? ¡pois coida que che rompo unha perna e dás co corpo no hospital!

O bo do Xan xuraba e rexuraba que nin pinga habían de volver a probar os seus lábeos, pro chegaba o luns seguinte, e volta a tomar a gran *canela*, e volta a recibir a colosal somanta.

Un día en que Xuliana, enferma dun caruncho que lle salira súpeto nun cadrís, tuvo que gardar cama polo bon ou mal consello dos médecos, botou a conta o zapateiro de que por aquela vez non había palerma, e chegou a empinar o codo de maneira tal, que por máis que fixo e fixo non pudo dar coa tenda aquela noite, e quedou estomballado nun calexón roncando a perna solta.

Deron as doce no reloxo da Catedral, e cata que uns escolantes que, si non son fillos, polo menos teñen algún parentesco co demo, acertaron a pasar por aquela paraxe, de volta, quizais, de facer algunha trasnada.

—¡Xuncras me leve si non é Canitrote aquel que dorme alí a mona!  
—dixo un deles.

—O mesmo —respondeu outro dos da ronda.

—Démoslle un baño no río.

—¡Quitarlle os pantalóns e deixalo así pra que lle pase a *trúpete*!

—Botarlle un xarro de auga pola testa.

E toda aquela tropa berraba a máis e mellor dando voltas dun lado para outro, disposta a tantearlle o pelexo ó probe Canitrote.

Mais foi o caso que un deles, prautándose no medio do corro, dixo, botando o sombreiro pra atrás.

—Que nadie lle toque ó zapateiro hastra que eu veña.

E dando media volta desapareceu para volver logo cun lío debaixo do brazo.

Non habían pasado nin dez minutos cando ó lombo de catro daqueles escolantes era Xan conducido ó convento de San Francisco, vestido cun hábito e rapadas ó ras barba e cabeza.

Ó sentir os fortes tombos que no portalón daban, asomou a cabeza un lego, e con cara de poucos amigos, perguntou:

—¿Quen chama a estas horas? ¿Hai alguén que esté morrendo e necesite da santa confesión?

—Faga o favor de abrir, irmán, pois traémoslle eiquí un frade que atopamos medio morto nun calexón –contestaron de abaixo.

—Agarden un pouquiño por caridad, -dixo o lego- que vou a avisar ó padre Rector.

Pouco despois abríase a porta e Xan Canitrote, sempre ó lombo dos escolantes era colocado nunha cama do convento sin dar a pé nin a man.

—¿De que orden será este Padre? –perguntou un dos reverendos que axudara á maniobra.

—Non sabemos. Poida que sexa benedictino –replicou un dos mozos-nosoutros topámolo nun calexón e determinamos traelo eiquí, coidando sea algún padre que vaia en pelengrinación a Santiago.

—Dios llo pague, irmáns –murmurou o Reutor, e depois de recibir unha solemne bendición saliron os escolantes do mosteiro estoupando de risa, e ben dispostos a acabar a noite facendo outra dos demos.

Á mañá seguinte, Canitrote, depois de roncar toda a noite como un bendito, despertou dando grandes berros.

—Xuliana, trae as papas e bota unha pinga para molla-la palleta.

—Irmán, tome esta taciña de caldo limpo que lle ha sentar moi ben –díxolle un reverendo.

¿Quen fala aí? –perguntou Canitrote abrindo un pouco os ollos que tiña entornados por mor da borrachera.

—Son eu, o padre Balbino, e tódolos irmáns están, como eu, dispostos a servilo sempre.

—Pro, ¡que pais nin que irmáns nin que cornos! ¿En donde diaño me alcontro? –dixo Xan Canitrote arrevirando os ollos para todos lados.

—Asosegue, irmán, que lle fai daño, e tome este caldiño.

—¡Que caldo nin que puñetas! boten para acá un par de netos do Ribeiro e falaremos.

—Non lle convén viño, irmán, tome un pouco...

—Quítenme de diante ese mexunxe, senón agarro a subela e non queda con vida nin o demo.

—*Vade retro* –murmuraron os frades facendo o sinal da cruz. –Non diga esas cousas, irmán.

—Pro que irmán nin que raios; díganme xa donde estou metido pois coído que morrín e estou no inferno; e falen logo porque agarro as formas...

—¡Jesús! ¡As sagradas formas! —dixeron horrorizados e a un tempo os frades todos —Hai que chamar ó Reutor para que lle saque os espirtos malignos do corpo.

A escape chegou o Prior e detrás un lego co hisopo e o caldeiro cheo de auga bendita.

—Irmán, en nome de Dios conxúroo para que diga quen é, a que santa relixión pertence e de que mosteiro vén.

—Que aínda eu deixe de botar outras tombas na miña vida, si entendo esos latinorios de mosteiros, relixións, irmáns, pais e mais baralladas que me contan.

Díganme logo si son todos zapateiros e botaron unha pinga de máis e quítenme de eiquí que non sei si estou no inferno ou...

—*Domine, in te speravi ne confundas in eternum* —cantou o Prior, botándolle un hisopazo de auga bendita a Canitrote pola testa abaixo.

—Amén —contestaron os mais reverendos.

—Ten os espirtos grandes —dixo un.

—Chéirallo o alento a viño —replicou outro.

—Bótenlle máis auga.

O lego do hisopo que oíeu a orden do prior, arreoulle o caldeiro cheo ó desdichado de Xan.

Este que xa lle entraban dúbedas de si era morto ou vivo, botou as mans á cabeza, mais notando que estaba todo rapado empezou a sudar de medo e a revira-los ollos.

—Polo amor de Dios vaian á calle da Paz e pregunten no número 4 si vive alí un zapateiro que lle chaman Xan Canitrote, si non está son eu, mais si lles din que está alí... ¡que o Demo me leve si sei quen son!

Para salir de dúbedas foi un lego a facer a pregunta, e Xuliana, que, enferma e todo, estaba con recelo polo seu home, ergueuse e foi cos fades a buscalo.

.....

Cóntase que Xan Canitrote non volveu a proba-lo viño.

E añádese, tamén, que Xuliana, ó saber quenes foran os que lle armaran aquela broma ó seu marido, regaloulle unhas botas novas con remonta de charol a cada un dos escolantes.

## O polisón<sup>15</sup>

Pois, señor, foi o caso que San Pedroalcontrouse un día sin saber en que pasa-lo tempo, pois polas portas da mansión celeste non asomaba nin unha rata.

—Señor —díxolle ó Padre Eterno— si a Vosa Maxestad mo permite, quisera dar unha voltiña por alá abaixo, polo mundo, a ver que novidades hai.

—Vaite, Pedro, e coida de non entreterte moito por si vén algún bienaventurado.

San Pedro colleu o seu caiado, que en feitura de moca tiña arrimado nun rincón da portería, cerrou a porta por si mentras el estaba fóra entraba algún que non tivese a conciencia limpa, e ala que ala veuse pra eiquí abaixo.

Adonde irei e adonde non irei, chamou á porta dun señor mui fachen-doso que vivía nunha vila prencipal.

—Tun, tun.

—¿Quen é? —preguntou a filla máis nova do señor aquel.

—Un probe pelengrín que non ten onde pasa-la noite.

—Suba, irmán, que eiquí lle daremos cama e cena.

Entrou San Pedro e cenou con tódolos da casa, que por certo trataban que o pasase ben.

E comer comeu como un bendito que era; mais ó proba-lo viño preguntou de que taberna o gastaban.

—Señor pelengrín, élle da taberna de aí ó lado.

—¡Como asome o morro ese taberneiro por alá —murmurou o santo, polo baixo- doulle coa porta nos fuciños por ladrón. Este nin é viño nin Xuncras que o leve!

Pasouse a noite en paz e en gracia de Dios; á mañá seguinte despedeuse da xente da casa, e anda que te andarás foi vendo polo mundo as novidades que había.

Nada lle chamou a atención; unicamente notou unha *particularidad*; que as mulleres das vilas eran todas moito máis gordas que as labregas.

—O pouco hei poder, ou hei de saber porque unha mulleres son dunha feitura e outras doutra.

—Nena —díxolle a unha rapariga que pasaba por preto del —os aires da vila deben ser mellores que os da aldea porque eiquí estades todas fracas e as mozas de alá estanche ben rufas.

—Élle que eiquí non lle gastamos as andrómenas que lle gastan as da vila. Alí todo lle son miriñaques, polisóns...

—Que é eso de polisóns, que non entendo —dixo S. Pedro.

---

<sup>15</sup> *La Estrella Galaica*, 15 (21-VI-1896)

—Pois é un saco de herba seca que lle poñen ás da vila por baixo da cintura pra aparentar que teñen o que non teñen.

—¿Si eh? dixo o Santo porteiro seguindo o seu camiño —¿non lles basta ser a perdición dos homes e facer cantos estrupicios queren sinón que aínda andan con esos adminículos enganando ó próximo? ¡coida que a primeira que por alá atope...!

E canso de andar polo mundo volveuse á súa portería xurando e volveo a xurar que tódalas que lle caesen por banda habían de ir boas. Pasou algún tempo, e presentouse na portería unha vella demandando que lle abrisen a porta.

—¿Que méritos ten? —preguntou San Pedro.

—Señor, fun casada sete veces e peleei con sete homes que eran sete demos; fun irmán de catro cofradías; fun...

—Basta de palique. ¿E gastou polisón?

—Si, señor.

—Largo, largo de eiquí ó momento.

—Señor...

—Non hai señor que valla... Cen anos de purgatorio.

De alí a un pouco chegou outra.

—Eu, señor San Pedro, rezaba tódolos días dez rosarios e non quixen novios nin andiven en bailes, nin...

—¿E andivo de polisón?

—Si, señor; feito con serrín dos carpinteiros.

Fóra, fóra; trescentos anos de purgatorio.

E pau de eiquí, pau de acolá, non entrou pola porta do ceo unha muller xiquera.

Foi andando o tempo e apareceu na santa portería aquela rapaza filla máis nova do señor que lle dera boa hospitalidá ó santo.

—Fai de conta que si non é por eso ibas a tomar un baño de purgatorio como as mais; pro en pago de que me trataches ben alá abaixo, volve ó mundo e arrepiñtete dos pecados todos e de haber gastado tamén polisón.

.....

A rapariga aquela contou no mundo o que por alá arriba lle pasara por mor do xuncras do polisón.

De estonces deron as mulleres en non usar o tal adminículo.

E fixeron ben.

Que en eso, como en tódalas cousas, non hai millor que o natural.



## Emilio Canda

### Datos biobibliográficos

Emilio Canda naceu na segunda metade do século XIX en San Salvador da Lama (Pontecaldelas). Dedicouse á docencia en centros de ensino privados e tamén ó xornalismo, colaborando na prensa galega da época. Cara a 1893 entrou a formar parte da redacción de *El Criterio Gallego* de Pontevedra e dirixiu, ó redor de 1923, *El Noticiero del Avia*, onde, segundo Carballo Calero, asinaba unha sección de contido satírico titulada “Paliques”. Ademais foi o director da revista pontevedresa *Mar*, editada por Céltiga.

Semella que residiu en Vigo, pois os seus textos aparecen asinados co nome da cidade.

Como novelista en castelán publicou *Argentina* (1895), *Luz y sombra* (*Cuentos y novelitas*) (1910).

En 1965 o seu fillo (tamén chamado Emilio Canda) obtivo o Premio Nacional de Teatro pola comedia *Caminos de Damasco*.

Deste autor recollemos dous relatos publicados na *Revista Gallega* de Galo Salinas: “¡Olla...!” (1888) e “O señor Pedro” (1898).

### Comentario dos textos narrativos en galego

“¡Olla...!”, publicado en *Revista Gallega*, nº 192, 13 de novembro de 1898, conta cunha división en cinco breves capítulos nos que, a modo de esbozo de novela e cun ton tenro non exento de certa crítica social, un narrador omnisciente relata a tráxica estampa dun matrimonio que ve morrer o seu fillo por falta de medios económicos para curalo. Os elementos descritivos, aínda que extremadamente concisos, configuran unha ambientación rural tinxida pola miseria, nun espazo anónimo pola ausencia de localización precisa pero que incide na traxedia e na desolación dese medio hostil. Os personaxes, a penas descritos, exemplifican na parte masculina o retrato do vicio do home xogador e, por parte feminina, o papel tradicional da muller-nai que sofre o seu comportamento.

A primeira parte supón a presentación dun escenario miserento, un cuarto a penas iluminado e frío. Ademais adiantase a escena a desenvolver: unha nai coida do seu fillo enfermo no berce mentres un home sentado nunha cadeira agarra a cabeza entre as mans en xesto de clara desesperación. Na segunda parte incídese na falta de cartos da parella a causa do empeño e as vendas dos seus bens, no vicio pola taberna do home e a enfermidade do neno por falta de medicinas. Na terceira parte xorde unha esperanza cando a nai descobre a cadea de prata que o neno leva no pescozo: a esperanza de empeñala e poder mercar as medicinas. A primeira reacción do pai é dirixirse ó encargo

pero a tentación do xogo pode máis, coa intención de recuperar os cartos perdidos. Finalmente, a última parte incide na desolación xa que cando o pai chega, cargado cos cartos que gañou no xogo atopa o neno morto. Toda a emoción do relato sintetízase nunha soa palabra que precisamente serve de título ó relato.

A segunda narración, titulada “O señor Pedro”, publicado na *Revista Gallega*, nº 196, 11 de decembro de 1898, presenta unha organización estrutural semellante ó anterior: seis breves capítulos. Recorrendo ás técnicas e espazos habituais da oralidade popular relátase, nun marco costumista, unha trágica historia de amor e morte ocorrida no pasado. O autor utiliza unha estrutura narrativa de encaixe, segundo a describiu Calude Bremond. Este procedemento de construción aparece habitualmente nun tipo de narrativa cunha forte pegada da compoñente oral, como é o caso deste relato. Nun marco costumista como é a esfolla do millo, lugar de encontro dos veciños e espacio privilexiado para a narración de historias, o señor Pedro relata ante a súa audiencia un episodio amoroso que pertence ó seu pasado, cando ó ver cómo Mariana, a muller que amaba, ía casar cun Conde que, abusando da súa situación de poder, non pretendía máis que enganala, decide matalo. Pero o Conde consegue fuxir e é Mariana a que morre mentres o señor Pedro remata na cadea.



## ¡Olla...!

### I

Un candil ferruxento pendurado dun ferro espetado na parede alumea o miserable cuarto.

De ves en cando unha racha de vento frío que se cola por debaixo das tellas fai trema-la lus, e bailan na parede as sombras somellantes a pantasmas.

Unha pobre muller axionllada ao pé dun berce non quita os ollos cheos de bágoas dun meniño, bonito como os anxeliños, que somella estare dormido.

Máis aló, nun canto da habitación, un home sontado nunha cadeira vella, sostiña a cabeza entre das mans.

Todo está en silencio sólo enterrumpido pola traballosa respiración do neno.

Fóra brúa o vento, rouca o trebón e cai a chuvia a canadas.

### II

E máis de media noite: o galo xa cantou tres veces.

A cada unha estremécese a pobre da nai; retorce os seus brazos con dolor indecible e olla esconsolada para unha image da Virxe dos Delores, pendurada á cabeceira do berce.

¡Nai infelís!...

¡Ve morre-lo seu filliño adourado por falta de cartos para as meiciñas!...

Alí está a receta do médico... El asegurou que tomándoa o neno se salvaría... pro aquela nai sin consuelo xa non ten de onde tirar máis diñeiro. Nada queda xa na pobre casa que valla dous cartos.

¡Todo foi empeñado ou mal vendido!...

O seu home fai xa máis dun mes que non lle trai un chavo para a casa. Prenunciouse en huelga e non sal da taberna.

Fíxolle vende-lo refaixo das festas e o mantelo de pano fino.

Tras desto foi indo todo o demais que valía algo.

Xa non queda nada a que botar man.

¡E o seu fillo morre... morre por falta de meiciñas!

### III

Súpeto o neno espertouse, estendeu unha manciña para a nai e pidiulle auga.

A nai brincou de gozo.

O neno no movemento que fixo, deixou ao descuberto unha cadea de prata que traguía ao pescozo.

Era o regalo que lle fixera a madriña no día do bautismo.

A nai colleu a cadea e a receta e deullas ao seu home, dicíndolle:

—Toma, Andrés. Vai correndiño e torna eixiña que inda poida sere que salvémo-lo neno.

E comenzou a bica-lo fillo e a decirlle cousas que sólo o cariño de nai sabe espicare.

#### IV

Andrés coma quen sai dunha pesadilla espreguizouse, estirou os brazos e dun pulo púxose na rúa.

Foise dereito a unha casa que lle era ben coñecida; colleu os cartos que lle quixeron dare pola cadea e encamiñouse á botica ás carreiriñas.

Ao pasare por unha porta sintiu barullo e parouse: ollou polo burato da pechadura e veu uns cantos que jogaban e bebían. Eran os mesmos que pouco antes ó desplumaran deixándoo sin un chavo. Deulle unha tentación do inferno... pro acordouse do fillo... Pasouse a man pola testa e quisou marcha-rese... fugir...

Mirou outra ves polo buraco e novamente o tentou o demo... Co aqueles cartos podía cicais recupera-lo perdido, leva-la meiciña que fixese falla para o neno e máis pan e algo de agarimo para a nai que boa falta lle facía.

#### V

Cando Andrés chegou á casa era día craro.

Sin reparar no neno tan siquera, empezou a tirar do peto puñados de prata e insiñándolles á muller decíalle:

—Xa no terás máis fame... Inda teño máis. E seguía sacando moedas. Pro a muller o non ouvía.

De pé xunto ao berce, rexa coma a estáuta do delore estendeu un brazo pra o neno e dícelle ao home:

—¡Olla!

Andrés sintiu unha friaxe que lle recorreu todo o corpo.

Deixou caír os cartos e caíu el tamén de xionllos...

¡O neno parecía durmido no berce... pro xa estaba xogando cos anxe-liños no ceo!

Vigo

## O señor Pedro

Nin son tódolos que están nin están tódolos que son.

### I

Era visto: algo mui gordo lle debía de pasare ao señor Pedro para non acudir á esfolla da tía Pepa.

A noite non podía estar millore. Non rebulía unha folla, e a lúa brillaba con raioliñas de prata nun ceo sereo sin unha nube tan siquera.

A eira estaba animada; mozos e mozas sentados arredor das marouzas andaban á retesía por ver quen atopaba máis reínas.

A tía Pepa, co candil na man, non tiña acougo: iba da cocíña prá eira e da eira prá cocíña dando a todos parola sin descoidar o pote das papas e a bica de millo novo que tiña na lareira.

Rapaces e raparigas, legres como unhas castañetas, cantaban e rían como se estiveran na millor festa; pro de ves en cando notaban a falta do señor Pedro, e uns aos outros se preguntaban.

—¿Que lle pasará?

### II

—Eí vén —gritou unha voz— xa o temos eiquí.

Todos ollaron para o mesmo sitio. I en efecto: o señor Pedro acababa de chegar afincado no seu pau de sobreira.

—Boas e santas noites nos de Dios —dixo, sentándose na cadeira que delixente lle puxo a tía Pepa.

—Un conto, señor Pedro, veña un conto —dixéronlle todos.

O vello estarricou as pernas, recostouse na cadeira, tirou da faltriqueira do colete un libriño, arrincou un papel que pegou nos labios, sacou logo dous cigarros e mentras os pica coa navalla que traguía pendurada do peto cunha baraza, dixo con moita pausa.

—Esperade: hoxe vouvos contare a hestoria de cómo estiven no presidio.

Co maior pasmo ollaron uns para os outros...

—E logo vostede —dixo facendo o sinal da cruz a tía Pepa— ¿xa estivo no presidio?

—Sete anos ben contados —dixo salaiando o vello

—¡Asús! —dixeron todos— e ¿entón como foi eso?

—Agora o saberedes.

Todos deixaron de esfollar facendo corro ó pé do señor Pedro, e a tía Pepa esquecendo as papas e a bica sentouse á beiriña do vello pra non perdere unha palabra.

### III

O señor Pedro alcendeu o cigarro e despois de tirar dúas chupadas comenzou a súa historia deste xeito.

—O pobo onde me eu criei está ben lonxe de eiquí, á beiriña dun monte, e ao pé dun regato bulideiro. Daquela tiña eu vintecatro anos, hoxe teño setenta e nove; fai, pois, desto que vos vou contar cincuenta e cinco anos.

Ao pé mesmo da nosa casa vivían uns compadres dos meus pais, que tiñan unha filla bonita coma un sol.

Chamábase Mariana e sin desprezilar a ninguén era unha moza como non se paseaba outra en tres legoas á redonda.

Inda me parece que a estou vendo; alta, ben feitiña, cos ollos da colore do ceo nunha mañá de Maio, as meixelas como carabeles e o sorrir dos angeliños.

Criámonos xuntos e como eramos fillos únecos e nosos pais tan amigos solo pensaban en nos casar.

### IV

Mariana quedou orfa de pai e nai; estonces os meus pais solo pensaron en face-la súa nora pra traguela para casa.

Eu estaba louco de alegría, porque quería como ás meniñas dos ollos, pro ela...

Por aquel estonces o fillo do Conde, co gallo da caza, veulle botar unha ollada ós bes que aquí ten.

Ver a Mariana e namorarse dela todo foi un... E pra colmo da miña desgracia puíden ouservar que o Conde lle non era endeferente a Mariana.

¡Pobre de min!...

Unha calentura chimpoume na cama e estiven ás portas da morte.

Cando me erguín andaba corrido por todo o pobo que o Conde se casaba con Mariana. Sintín unha picadela no fondo da ialma, pro non deixei de comprender que eu lle non podía ofrecere a Mariana as regalías con que o Conde lle brindaba.

### V

Daquela fun á vila e por casualidade soupen que o Conde era casado.

Sin folgos tornei para o eido e fun dereito á casa de Mariana pra desinganala con ánimo de evitar unha desgracia, se inda era tempo, ou de cubrir a falta se chegaba tarde.

Alí atopei co meu rival. Mariana agachouse detrás del, pro eu:

—Non teñas medo —lle dixen— que che non veño máis que a salvar da infamia con que te quer cubrir este home. Lle non creas nada, meu amore; el se non pode casare contigo, a menos que mate a outra muller. Veño da vila e seino todo.

O Conde vermello de carrage, ao verse descuberto, levantou de man e ¡paf! doume unha labazada... Quíxenlla devolvere, pro el tirou do coleteo un revólvere e disparou... sen resultado por fortuna. Eu estonces rápido como o pensamento abrín a navalla, levantei o brazo, pechei os ollos e craveilla hasto o cabo.

Un ¡ai! tristeiro, doorido, volveume o acordo.

Mariana, xacía no chau nun río de sangue. O Conde fuxira...

—Sálvate Pedro, fuxe... eu morro, perdóname...

—¡Pro como foi esto meu Dios!

—Foi —ela dis case que sin alento— que eu non servía pra ti, e non podendo ser del quixen morrer. Ao ver que o ibas a matare púxenme diante... porque... perdóname... eu inda seguía querendo... ¡Fuxe, Pedro... adiós!

Non dixo máis... estaba morta.

Eu caín sin acordo ao pé do cadavre.

## VI

Por asesino leváronme ao cárcere e de alí botáronme a presidio. ¡Cando saín estaba orfo; a miña disgracia levava aos meus pais á cova!

Calou o señor Pedro, e limpouse co revés da man as bágoas que lle corrían pola cara.

Os demais tamén choraban.

Vigo



## Manuel Castro López

### Datos biobibliográficos

Naceu en Lugo o 22 de xullo de 1860. De gran relevancia no mundo das letras galegas polo seu labor como dinamizador e activista, é tamén recoñecible pola súa faceta de creador, se ben, en galego, destaca máis como prosista ca como versificador. Afiliado dende moi novo ó republicanismo, foi un dos principais organizadores e secretario da histórica Asamblea federal reunida en 1887 na súa cidade natal. Fundou en 1891 a Asociación de Escritores e Artistas lucenses. As súas aptitudes literarias e xornalísticas quedan reflectidas en diversos xornais e revistas da época na Coruña, Madrid e Barcelona. Unha obriña titulada *Los jesuitas al desnudo*, publicada na Coruña, con prólogo de Manuel Amor Meilán, e a campaña democrática que iniciou no seu periódico *El Ciudadano* valéronlle “persecuciones enconadas”, que o obrigaron a tomar o camiño da emigración. Así, en 1892 trasladouse a Bos Aires, onde continuou o seu labor como galeguista a través da creación do *Almanaque Gallego*, periódico fundado no ano 1898, e que dirixiu durante vintenove anos. Foi ademais colaborador e director do xornal *El Eco de Galicia*, revista fundada polo caricaturista José M<sup>a</sup> Cao na que se publicaron moitas das páxinas da nosa narrativa. Alternando co labor xornalístico, levou a cabo outra inestimable actividade para a historia da influencia galega en América: *El padre intelectual de los próceres de la Independencia argentina, Una expedición de La Coruña a Plata en 1526, Gallegos que axudaron a la emancipación sudamericana*, son algúns dos títulos deste autor. Como poeta caben salientar, en lingua galega, as pezas “O consolo”, con música de Egidio Paz Hermo, e “Unha lección”. É autor ademais de tres relatos: “Polo fogo”<sup>16</sup>, “Volubilidá da muller”<sup>17</sup> e “Un home san que pide meiciña”<sup>18</sup>, que foron publicados no seu *Almanaque Gallego*, respectivamente, nos anos 1899, 1902 e 1903. Por último, non debemos deixar de citar o feito de que a súa muller, Ramona de la Peña Salvador de Castro López, foi tamén escritora, profesión que cultivou baixo o pseudónimo de *Morana*. O 26 de outubro de 1899 está datado en Bos Aires o texto en prosa titulado “Pregoeiro”. Manuel Castro López morreu en Bos Aires no mes de xuño de 1926.

---

<sup>16</sup> *Almanaque Gallego*, 1899.

<sup>17</sup> *Ibidem*, 1902.

<sup>18</sup> *Ibidem*, 1903.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Se “Polo fogo” segue a liña costumista tan recorrente nos relatos da época, os outros dous, “Volubilidá da muller” e “Un home san que pide meiciña” recollen a realidade da emigración galega. “Un home san que pide meiciña”, situado en Bos Aires, condúcenos á miseria dos *conventillos*. Nel aparece a figura arquetípica do galego emigrante que amosa a súa ignorancia a través do trazo lingüístico da *gheada*, de fortes connotacións negativas para a época. Tamén para o *Diccionario* de Marcial Valladares, que se cita como autoridade ó respecto. En “Volubilidade da muller”, un mozo foxe a América perseguido pola xustiza despois dunha pelexa con outro a causa dos celos que lle provoca o desexo que esperta neste a súa moza. De novo a emigración subxace como tema fundamental, pois se nos relatan a miseria e o traballo que soporta o protagonista na busca da subsistencia. Se nestes dous relatos a clave humorística está presente, neste último contrasta co desenlace amargo no que desemboca a historia: a lacra da emigración e o esquecemento da súa amada que procurou a felicidade canda outro home.



## Polo fogo

*Ó meu bo amigo Adolfo Rey*

De volta do agro nomeado de Arriba, a onde fora moi cedo a mallar, viña pola corredeira abaixo un fato de mozas e mozos facendo, barballoeiro, unha gresca de tódolos demos, pois na desputación que sustiña cuase nadie se entendía, cando, de súpeto, comezaron a repinicar as campás da veciña ilesia; e o instante, aquela xente parouse a escoitalas.

—É a fogo,—escramaron algús.

—Non ten dúbida— responderon outros.

E todos, esceuto Perucho e Marica que se cravaron unhas olladas por soilo eles coñecidas, botaron a correr coma tolos, na ánsea de chegar prestes á aldea.

Marica e Perucho tamén seguiron camiñando tras deles, pro paseniño, cal se lles emportara máis a súa conversa que a perda de nengunha casa, meda, toxal, ou calquera outra cousa que poidera queimarse, por canto foran a aquela parróquea de criados de servizo, criados eran, e non tiñan nela propiedade algunha; ademais sintíanse médeo derreados de traballar.

Na revesgada corredeira desapareceron os compañeiros, e logo, astra o patexar dos seus zocos. Calaron así mesmo as campás: anque pouco dempois soaron de novo, xa non era senón chamando a oraciós. Entón, Perucho e Marica, feita o sinal da crus, detuvéronse a falar amorosiños; pro nesto, un niño de palla e herbiñas arrincado do seu asento por unha tempestade que houbera víspora, e mal suxeito, caíu dun albre da orella; e ó caír, tropezou, médeo desfacéndose, na aa do chapeo de Perucho.

—¡Caracha!—berrou iste, e levou a mau á orella, e mirou arriba, vendo só a lúa por antre pólas e follas.

—¡Éche un niño! —díxolle Marica, que o recollera do chao, sorríndose.

—¿E tiraríamo algún chancero?

—Non, que denantes de chegar nós eiquí, vino eu no albre.

—Destonces, éche o sinificado do noso amor.

—¿Que dis?

—Nadía. Estou canso; séntate comigo nestas pedras.

—Non teño necesidá.

—Pro fai o que che digo, rapariga.

—Iso ¡non!

—Non che vou facer nengún dano.

—Xa o sei.

—E logo ven, faite obidente.

—Eu non son túa filla, nin túa criada.

—¡Craro é! Nin eu dispoño de ti agora, nin dispoirei cando seas miña parenta; eu rógoche.

—E eu xa dixen.

—¿Seica tes medo ós lagartos?

—Nin siquera a ti; teño ó noso amo, pola nosa tardancia.

—Dicímoslle que estivemos a ve-lo fogo.

Volvendo ó conto: dixeches que non me tiñas medo.

—¡Gánoche en forzas!

—Vámolo a ver.

E o noivo, arrimando o malle que levaba ó lombo, quixo coller a Marica por debaixo dos brazos. Ela, en feito, non era pequena en forzas, e defendeuse cal puido; pro na loita, non sei coma fixo, que pisou o mantelo: aproveitou o tropezo Perucho, e os dous, sen mostra de anoxarse, caíron no chao cuberto de follas que o vento do día derradeiro esparguera.

Namentras, os seus compañeiros, esquencidos deles, e ceando xa nas súas respetivas casas, ríanse de medo que levaran pola tolería dun infelís que fora o que tocara a fogo; e a rirse volveron cando, alcontrándose outra ves na malla, ó seguinte día, tiveron acordanza diso.

—¡Sede un pouco máis respetuosos coa disgracia! —repicou Perucho— Dun home que se puxo tolo desque se queimou a súa casíña, nadie debe bulrarse por repenicar sen causa. O mao é que a cadea das campás chegue preto do chao, e poide collela calquera.

Millor sería tocalas no campanario.

—Pro fallan escaleiras.

—¡Fanse!

—¡Bah!, deixádevos de custió e desputas —falou Marica— O pior son os sustiños que nos vai a dar o probe tolo, se non perde o seu tolear.

—¿Pro iñoras que, aconsellado polo crego, levouno o pedáneo a un recusorio a vila? E mais si! A boa hora me acordo de que ti e Perucho non chegastes, coma nosoutros, a tempo de ouservar o que no adro pasou cando chamaron a fogo. ¿Seica tiñades que botar auga a outro lume?... ¡Estades bos peixes!...

—Non; os peixes áchanse na auga. Sodes tan argalleiros, que, denantes de ouvir a repenicadura, coma se vos importara cousa cosocer se Perucho namorouse de min, ou non, faciás unha bulla que por pouco acabou en paus; e, ó finxir vosoutros, Farruco ¡craro é! Quedouse comigo pra darme unha satisfacción.

Buenos Aires, agosto 1898.

## Volubilidad da muller

*O meu querido amigo o distinguido escritor José Vega Blanco.*

Unha desputa do que son as mulleres, sostida por algúns amigos meus no lugar de Paradai, aló en Galicia, mentras outros despoñían un magosto para o que nos chamaran, ouvín un conto que, asegún estonces dixo o máis ardente defensor delas, non tiña validés no arrego da custión. Falla novidade ó conto; pero faimo recordar o conecemento que na Amérea, e dende noutronte, ¡unha ducia de anos despois!, teño, por casualidá, de Andruco, orixe dil. Tamén eu quero contárvolo. Escoitádeo.

Andruco, un bo mozo, tiña una noiva, nomeada Adelaira, que lle daba desgustos a eito, sen entención de darllos. Adelaira cría en Deus, non era orfa, tiña irmaos; pro non había pra ela máis irmáns, pais nin Deus que Andruco, seu luceiro, súa sorrisa, seu alento, súa saúde: ¡era o seu pirmeiro amore! Pero outros mozos, anque conescían que il non lle gardaba menos afeuto, levados polo atrautivo dela, botábanlle, sempre que onde cadraba a vían, unhas olladas que alcendían de carraxe o corazón do noivo, cando, por suposto, as outeaba, que non eran poucas veces: non lle saía o carraxe ós beizos nin ós ollos, pra que nadie se decatase, no cal obedecía a Adelaira, que lle aconsellaba non facer caso, coma ela, baixando a cabeza diante daquelas provocacións, non o facía; pro o espíru de Andruco non tiña sosego. Pasou moito tempo. Unha mañá da risoña primadera, a rapariga camiñaba despacio, da fonte pra a casa cunha ola enriba da cabeza. Preto dela un rapás que non era Andruco, dicíalle amorosiño: “¿por que non me escoitas, moza de cabelo de ouro, ollos de lume, cariña de ánxeo, fala doce cal o amañescer, garrida centura, andar de señora?...” “¿Ansi é Adelaira!—respondeulle Andruco, que os seguía caladiñamente; —maís, ¿que che enteresa iso?” E ó mesmo tempo doulle na cachola, enritado, un forte pau, que fixo caír no chan ó estrevido froleador. “¿E ti toleache, Andruco!”; escramou tembrando Adelaira, chea de ansiedá, preguntou ó ferido: “¿Fuco?... ¿Fuquiño?...” Foi en van, pois Fuco parecía morto.

A curiosidá chamaba a uns nenos que, preto de alí, pasturaban. Estonces a noiva e Andruco fuxiron, aquela pra súa casa, iste a acultarse na dun parente, onde soubo que a xustiza o buscaba. Pola noite meteuse en Portugal, e de Porto pasou á Amérea. ¡Con boa sorte se embarcara! Nin un ichavo lle custou a pasaxe, senón coidar duns cabalos de valía que a unha feira levaba de mostra un facendeiro da terra por Colón descuberta. Pra ganar nela un anaco de pan, sofriu Andruco máis traballos que soedades tería na cárcere, se chegase a xustiza a detelo: ó cabo, meteuse a *changador*; e despois, un viciño seu, que tiña certo aquel cos mariñeiros, enrabiado de velo camiñar derreado deiquí pra acolá, conseguen empregalo de carpinteiro, oficio que conescía Andruco, nun barco de guerra, coa gananza de corenta e catro pesos de ouro, libres de polvo e palla, pois comida e cama eran de achego: habías de abondo no barco. Pra ser pouco menos que o rei, soilo unha cousa fallaba a Andruco: ter preto dil a

Adelaira. Sen ela non gardaba sosego o seu espírito. Por ela acollería na alma penas e delores aínda máis feros que tódolos que a sorte lle dera. ¡Cantas protestas de amore, cantas doces pormesas pro porvir, que rogos de conlevar lle mandaba a festexada rapariga! Pero —¡ai dil!— Adelaira non contestaba a ningunha das súas tenras cartiñas. ¿E como había de responder, se Fuco, san ó termo de catro meses, todo o tiña arregoado, pouco despois, pra casarse con ela?

O que no magosto de Paraday contaba iste conto decraraba pola súa conta:

—A muller é do pirmeiro que chega pra casarse.

Buenos Aires, 18 de outono do ano 1901.

## Un home san que pide meiciña

¡Que burro..! —escramou surríndose Bras, ó ouvir a un doutor contar certo acontecemento.

—Perdoe..., repriqueille eu— Quezá soilo era burro ise home no que menos sinifica; na fala: de empregar a *j* en ves da *g* solasmente resultan as *geadas*, que o meu bon amigo D. Marcial Valladares, no seu *Diccionario Gallego-Castellano*, xusga *defecto de la gente idiota*. No fondo do desexo que manifestaba o médeco parece descubrirse algo peor que unha burrada: ou a gana de moler sen necesidade a un señor, ou a fachenda de ter un dereito ou unha bulra.

Cun movemento de ombros e cabeza mostrou Bras non ter desexo de conoser mellor a aquel a quen chamaba burro pro segueu ríndose diste, por máis que un compañeiro fixo con tristura ista ouservación:

—A min non me estranan cousas como a que nos conta o doutor: como teño que soste trato con certa cras de xente, véxoas tódolos días; e danme pena, porque me din que falla moita insinanza no pobo.

Vou a recorda-lo feito:

Sendo médeco da *Asociación Española de Socorros Mutuos*, de Buenos Aires, un bon galego que por desgraza morreu aínda na virilidade, foi chamado pra visitar a un membro daquela nun *conventillo*, casa que non é senón unha das formas da escravitú que xamais deixou de sufrir a xente probe. Ten un ou máis páteos, e, as dúas ladeiras,— e a veces tamén no fondo,— moitas habitacións, ocupando unha cada familia: o páteo, ademais de respiradeiro, serve pra cociñar, pra lavar, pra coser a máquena, pra rebuldar os nenos, para, se coadra, pelexar os veciños. ¿Quen iñora alí a vida do outro? Á forza viven todos cuase en comunidá. ¡E vivir así custa a cada un máis que o arrendamento dunha boa casa en Europa!... Pro deixémonos do que non vén ó caso.

Cando o médeco, despois de cumprir coa súa obriga, saleu de visitar o enfermo, foi de súpeto chamado por un viciño diste, que o agardaba de pé á porta da súa habitación.

—¿Que se lle ofrece?— ,perguntoulle o doutor.

—¿Non é vostede médeco? Pois eu tamén son sóceo de Socorros Mutuos. Eiquí ten, senón, o último recibo que paguei.

—Boeno. ¿Padesce algunha enfermidade?

—Nengunha. Pro, xa que *pajo*, recéteme unha *purja*.

Buenos Aires, setembro 1902.



## Juan Cuveiro Piñol

### Datos biobibliográficos

Juan Cuveiro Piñol naceu na Coruña o 28 de maio de 1821. Militou no partido progresista sendo moi novo e participou no levantamento de 1846, o que o fixo merecente da cruz de Valor e Constancia. Foi funcionario de Facenda en diversas cidades como Valladolid e Pontevedra, onde traballou de libreiro, especialmente cando o cesaban os gobernos moderados, como aconteceu entre 1848 e 1867. Finou na cidade vallisoletana o 13 de maio de 1906.

As súas achegas literarias foron esporádicas e, segundo a crítica, de pouco valor. Como dramaturgo estivo vinculado á Escola de Declamación da Coruña e escribiu a peza *Pedro Madruga: drama hestórico nun auto e tres coadros en verso* (1897), que presenta unha defensa da historia e identidade galegas e numerosas eivas na súa estrutura, técnica e conflito dramático. Nos últimos anos da súa vida tamén escribiu poesía, chegando a publicar a composición “O mosteiro de Armenteira”<sup>19</sup>, na que satiriza os frades dese convento.

A súa maior contribución atópase no campo da lingüística galega, posto que a carencia dun título regulado non impediu que fose o autor de traballos precursores ao respecto. Así, elaborou a gramática que seguiría á de Francisco Mirás, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (1868), que inclúe unha breve antoloxía de textos galegos en prosa e en verso; e o *Diccionario gallego-castellano* (1876), que contén un maior número de entradas e mellor elaboradas cás do dicionario que tomou como referente, o de Francisco Javier Rodríguez.

Máis alá dos seus quefaceres como literato e lingüista, Cuveiro Piñol foi un xornalista que conta con traballos espallados en diferentes cabeceiras da península, que tamén aproveitou para promover o movemento provincialista. Creou o primeiro xornal literario pontevedrés, *Las Musas del Lérez*, que se editou de agosto a outubro de 1842; recuperou en 1867 *La Revista*, e dirixiu *El Circulador* e *El Libre Pontevedrés*, do que tamén foi redactor e editor. De igual modo, colaborou en publicacións como *A Monteira*, *La Distracción*, *Galicia Recreativa*, *El Vocinglero* ou *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia*.

Por outra parte, xunto a Vicente Gutiérrez Piñeiro, fixo a versión galega da biografía de Calderón de la Barca, que se editou en 1881 e investigou nas áreas da arqueoloxía, numismática ou protohistoria, como o reflicte o volume *Iberia. Protohistoria y rectificaciones de algunos hechos históricos, desde los atlantes, bereberes y otros pueblos hasta la Era Cristiana. Monumentos megalíticos de la Península* (1891).

---

<sup>19</sup> *Revista Gallega*, nº 42, 1895.

## Comentarios dos textos narrativos en galego

Malia Cuveiro Piñol non ter cultivado con asiduidade o xénero narrativo, do que só constatamos mostras na revista lucense dirixida por Amador Montenegro Saavedra, *A Monteira*, na opinión de Modesto Hermida<sup>20</sup>, practicou con “apreciable acerto” esta actividade.

A súa produción neste xénero inaugourouna co texto “Os misterios dunha empanada”<sup>21</sup>, no que un narrador protagonista debuxa o desencanto que sufriu na súa infancia ó descubrir que unha gorentosa empanada, da que pensaba comer un anaquiño, fora feita para limpar unhas “chalreteras” de prata. É de subliñar deste relato o emprego da primeira persoa para recrear feitos biográficos e a recorrencia á oralidade, que se reflicte en fórmulas anunciadoras do tipo “Era eu inda moi noviño, cando sucedeu o que vou a contar”, ou na interpelación ós “meus lectores”, coa que pretende facelos máis partícipes da narración. Tamén cómpre destacar a aparición explícita de certas indicacións espaciais e temporais de carácter historiográfico, que nos permiten situar os feitos recreados na terra natal de Cuveiro Piñol, A Coruña, a onde chegara o capitán Sr. Manoel Leite, un dos miguelistas vencidos que fuxiran de Portugal no remate da súa última guerra civil, que tivera lugar entre 1828 e 1834. Trátase, en fin, dun relato autobiográfico no que o autor revela a inxenuidade propia dun neno de poucos anos de idade.

A seguir, publicou o texto de corte costumista “Unha corrida d’arroaces”<sup>22</sup>, no que, de novo, fai uso da primeira persoa narrativa para nos ofrecer un acontecemento de carácter biográfico, nesta ocasión, situado en espazos próximos a Pontevedra, onde desempeñou durante anos o labor de funcionario de Facenda. Como o propio guiador do relato indica, estamos ante unha “discruciación”, na que recrea fundamentalmente a “festa”, que fan os arroaces cando quedan atrapados en zonas da Ría de Pontevedra, seus costumes e características máis sobresaíntes. O autor coruñés deixa constancia do seu saber lingüístico neste texto cualificado na opinión de Modesto Hermida como “adornado con pinceladas de discurso científico”<sup>23</sup>, ó dar conta dos diferentes nomes que este animal acuático recibe en Pontevedra e A Coruña.

Por outra banda, nos textos “Máis agudezas dos galegos”<sup>24</sup> e “Parbaloxadas”<sup>25</sup>, Cuveiro Piñol muda de rexistro e achéganos un conxunto de nove historias, que destacan pola súa brevidade e polo seu ton humorístico e irónico. Nelas relátanse feitos situados en terras galegas e sen referencia tem-

---

<sup>20</sup> *Narrativa galega: tempo do rexurdimento*, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, p. 116.

<sup>21</sup> Nº 10, 7 decembro 1889, p. 73.

<sup>22</sup> Nº 25, 22 marzo 1890, pp. 193-194.

<sup>23</sup> Op. cit., p. 116.

<sup>24</sup> Nº 43, 26 xullo 1890, pp. 338-339.

<sup>25</sup> Nº 63, 13 decembro 1890, pp. 84-85.



- Autores coñecidos -

poral concreta, nas que protagonistas de corte popular, por medio do seu enxeño e habelencia, deixan sorprendidos ou en evidencia a figuras propias de clases sociais máis elevadas e de ámbitos urbanos, como poden ser un avogado, un boticario, un estudante ou un comerciante.

## Os misterios dunha empanada

— — —

Era eu inda moi noviño, cando sucedeu o que vou a contar. Acababa de terminarse a derradeira guerra civile de Portugal: os miguelistas vencidos, tiveron que fuxir imigrando a España, pasando moitos por Valença do Miño a Tui, astra chegar á Cruña. Acó tocoulle a miña boa nai, aloxar o Capitón Sr. Manoel Leite, que en compañía do seu asistente Lourenzo, e do seu can Marruco, tomou posesión de toda a casa, sin deixar a cucuña, pois era o tal Capitón un grande larpeiro.

O segundo día de estanza na casa ó chegar eu da escola, percibín certo cheiro a pan quente, asín como cando sae do forno; eu, malpocadiño, pinsei pra min, que quizaes o Capitón, gostase do pan quente, mais logo tiven que cambear de idea, ó ver enriba dun arcaz que tiñamos na cucuña unha grosa empanada, como de tres ou catro libras de masa, que eu mesmo tentei, e vin que non tiña dúbida que era empanada.

Reloucando de gosto, como todo rapaciño que non se dá conta dunha cousa nova, ou que poucas veces se ve pola casa púxenme a atisbar a furtadelas, a ver cando se abría a empanada, pois contaba con que algo dela me tocaría anque non fose máis que un corrosco de pan; mais, cal sería meu asombro ó ver que o Sr. Manoel Leite, coitelo en mau abre a dichosa empanada e apareceu no fondo dela, nada menos que dúas grandes chalreteras de prata, tan limpas cal si acabasen de saír da frábica. O desencanto foi, como poden supoñer os meus lectores, grande, e preguntando de certo modo a Lourenzo, díxome que asín se limpaba a prata e o ouro no Portugal.

Novembre, de 1889

## Unha corrida de arroaces

Ningún pode gabarse de ver na súa vida máis que solasmente unha vez esta clas de festa. Tampouco se atopa en tódalas rías baixas nin en todo o litoral de Galicia, un sitio de mellor xeito que a ría de Pontevedra, e nesta ría a mesma capital, por ter a cercustáncea de desfogar naquela o río Lérez.

Hai na devandita cividade, na mesma beira dela, un sitio que chaman “as Corbaceiras”, onde no tempo de que vou a falar, había unha barca pra pasala xente e mailo gando á parroquia de Poio: pois ben, neste barrio da Moureira onde viven os pescadores e xente probe, non falta quen garda unha rede feita de cordas de esparto, pro grosas e fortes, e anque cando hai que usala, arroéndase e repárase polos desprefeitos que sole ter, e que costa bos cartos, esta rede esténdese dende o muelle das Corbaceiras astra a beira de Poio na orela do mar, de sorte que quedan drento, río arriba, tódolos arroaces que coa rubida da marea, soben ó río, no que se folgan os peixes astra a debalada da dita marea, e entón, é cando comeza a festa, que ben merece unha discrición.

Os animaes cando baixan do río e alcóntranse encerrados e ven que se lles vai acabando a auga do mar, comezan a dar unhas carreiras que se asemellan a voaduras, unhas veces emparellados e outras soos; vólvense tolos, e algún deles quere choutar á terra. Os homes e os rapaces, cando xa non queda de auga máis que a do río, bótanse a el, pódose a cabalo dos peixes, que coa mesma coraxe que teñen lévanos unha grande distancia sin caírse; outros tíranlles arpóns, pedras e astra tiros, de sorte que aquilo convírtese nunha festa dun género novo, da que non quedan pouco admirados astra os mesmos estranxeiros. Outras veces arremoiñanse en runfladas os arroaces e acometen a rede, tal é o istinto que teñen, pro como está pola parte de fóra arrodeada de lanchas e botes, desde elas con remos e paus, fan recuar os animaes, que xa fatigosos e cheos de firidas e pancadas, déixanse coller astra dos nenos, e tráenos á terra onde os poñen en toradas pra estraelles a graxa, que por certo é das máis finas, e co importe dela cobren os gastos da compostura da rede, e os das lanchas e botes.

O arroz é un peixe moi tímido, ó revés do que nos parés cando os vemos andar a reboladas por detrás da Maestranza no mar da Cruña, asemellándose a porcos; os pescadores rabeon co eles porque lles rachan as redes, pois son tan vuraces que nunca se ven fartos e andan de veces detrás dos barcos algunhas légoas, non porque queiran ó home, como se lles figuraba ós griegos, senón por comer os peixiños, que tamén van detrás dos barcos pra aproveitar os despirdicios deles; polo demais son tamén moi amantes da familia, e en proba delo contarei o que vin estando nos baños da illa da Toxa ou Louxo, que é o mesmo.

Nunha pena ou con, que está na beira do mar na dita illa, hai unha raxadura dunhos dous metros de profundade, moi estreita que a penas colle un peixe da grandura dun arroz. Estaba eu contemplándoa desde a orela da illa, cando vin vir una rufiada daqueles peixes, que todo se lles volvíra ir e vir a tal raxadura, mentres durou a marea que crobía o con; chamoume a atinción aquel

cotío ir e vir dos animaes; agardei astra que debalase o mar, e cando me acerquei á pena, vin, coa suspresa máis grande, que había alí un arroaciño que inda estaba coleando drento da raxadura, pro sin poder erguerse pra ningún lado: o probe animal entrara nela, pro non poido saír, e os outros arroaces que ían alí tantas veces quizaes con mentres de ausiliar o seu compañeiro ou fillo dun deles, tiveron que volverse sen poder consiguilo.

En Pontevedra é donde lle chaman arroaz; na Cruña golfín; pertencece á familia *delphinus*; tense por *vivíparo* e non *ovíparo* como outros peixes.

Valladolid, febreiro de 1890

## Máis agudezas dos gallegos



Aló en tempos que inda non había cirilas, nin máis que islabón, esca e *pajuela*, presentouse un rapaciño novo, dunhos oito ou nove anos á súa viciña, que era unha vella e estaba sentada na porta da súa casa, a pidirlle lume. A vella díxolle que entrase a collela da mesma lareira e, o rapaz así o fixo, pro como non atopara en toda a cucina ningún cacho nin tella onde poder levar a brasa, colle unha pouca de cernada que había no lar, e pona na palma da man esquerda, e coa outra agarra a brasa, e poñenda sobre a cinza, sae correndo, dándolle as gracias á vella. Esta ó velo daquela sorte, escramou: “arrenégote ó demo: vou a facer xa catro pesos, e na miña vida vin somellante agudeza nun neno tan noviño”.



Presentouse nunha butica un mozo criado de servicio, a pedir un carto de xenabre (naquel tempo inda non había cadelas). O buticario díxolle que non se facía menos de dous cartos. Quedou pensativo o mozo, pro logo procatándose, dille: –estonces fágame o favor de pór a mostaza en dous papés –así o fixo e o criado collendo un dos papés e o carto que levaba, dille– eí ten os dous cartos que me pide –e saíu da butica botando un aturuxo e levándose o outro papel.



A certo avogado de Santiago presentóuselle un labrador a pidirlle consulta sobre dez pesos que lle debía un viciño, pro que non tiña nin recibo nin testigos da entrega dos cartos. O doutor dille que era tempo perdido a tal demanda; mais o peisano sin descomporse, dícelle: pois señor a min oócurre-seme unha idea. Si vou con dous ou tres viciños e atopo o deudor, dígolle “¡Ou fulano! préstame tres pesetas á conta dos dez pesos que me debes, pois teño que convidar estes viciños e non levo agora diñeiro enriba; o demais a mo pagarás cando poidas”. E si me dá as tres pesetas e non refuga cousa algunha ¿que lle parece señor? –Paréceme que o consultado son eu, pois nunca se me oucurriira semellante estrucia.



Un probe labrego, carregado de anos e de familia, achábase adicado a vender pezas de lenzo chamadas cruñas, pro acosado polo pago dos trabucos, pois íbanlle a embargar canto tiña, ocurréuselle unha idea pra saír do paso, anque con mentres de non aproveitarse dela, astra certo tempo. Foise á tenda dun comerciante que lle sulía mercar pezas, e sin máis nin máis dille. “Viña a crobar esa peza desta mañán” –¿Que peza nin que diaño, oh? Ti ¡estás pene-

que! –Non señor, estoulle no meu cabale juicio; e botándose a chorar, escrama “ai miña Virxe de Pasturiza que me perde este home”. A todo esto xúntase unha chea de xente na porta do comercio compadecendo o bon do labrego. O viciño do comerciante, que estaba porta por medio, decátase do que pasa e dille a este; home, págalle a peza anque sea roubada, pois máis val a súa honra e fama, que ese pouco diñeiro, amais de que a xente que oi ó peisano, dálle a razón a este. –Pero compañeiro, si non me trouxo tal peza ni o vin hai xa máis de tres meses. –Non intresa, déixeme a min que eu arranxarei esto. –E volvéndose ó peisano dille: –Veña acá, home de Dios. Vosté está trascaburrado; non foi equí onde trouxo a peza, sinón á miña tenda, que e estoutra do lado: veña cunnigo que eu lle pagarei. –Ai señor, dille ó peisano, a de vosté ben sigura a teño: o que eu quero é que estoutro me pague a que lle truxen esta mañán.

Deste xeito o labrego crobou as dúas pezas, librouse do embargo e dempois a certo tempo devolveu o importe ós dou tendeiros e contaba o calote con moita gabadura, a quen llo quiría ouvir.

Valladolid, Xulio 1890

### Parbaxoladas

Certo estudeante dunha parróquia do preto de Santiago chegouse a esta cidade na víspera do Apóstole, e falando cun amigo seu, preguntoulle en qué consistía que alí non se vía unha mosca, mentras que a súa aldea estaba sempre inzada delas. O amigo, contestoulle no auto, que eso era cousa que o sabían astra os nenos. –Pois eu xa son vello e nono sei. –Agarde a que dean as doce e sabraio. –O bo do estudeante esperou, e ó saír os xigantes e cabezudos da Catedral, dille ó amigo –¡Como quer que haxa moscas en Santiago con tanto papamoscas como vosté... está vendo!...

---

Presentouse en Lugo unha compañía de ópera tan ruín, que non poido dar máis que unha función, e falando certo lancurdio co director, díxolle este: ¡Non sei polo que a xente de acó non lle peta a compañía, cando a *prima dona* debutou nada menos que en Milán e gostou tanto! Ó que o listo contestoulle: ¡Sería en Meilán!

---

No Cantón da praza da mesma cidade atopábanse dous amigos falando, cando certou a pasar por diante un señorito, fillo dun amigo deles, e preguntándolle qué carreira iba a seguir, contesta con fachenda: –cadete de caballería de Marina. Como quizaes ouzara que na Marina había enfantería e artillería, pensou que tamén dibía haber caballería.

---

Nunha cunfitería de Pontevedra vindíanse unhas pastelas chamadas románticas, porque tiñan un cheiro moi churumado, como tamén o papel en que estaban envoltas. Comprou un matego dous cartos delas e tanto lle gustaron que, volvéndose á dolcería, preguntoulle ó mancebo –¿Cómese tamén o papel? –¡Pois i é o mellor dos pastelas! lle contestou.

---

Os dous pobos de Tui e Valenza estiveron sempre moi irmanaus, tanto, que non hai festa en calquer deles que non se cunviden os amigos dun e doutro. Un día tocoulle ós de Tui cunvidar, en efecto asistiron os de Valenza moi chichiricos, e todos con esporas nas butinas, que tanto lle chocaron a un de Tui, que pra bulrarse deles dille moi remagarido: –“Un dos cabalos de vosas señorías acaba de espotricar unha crianza na corredeira”. –Non pode ser, porque ningún de nós trai cabalo. –¿E logo esas esporas, pra que serven?





## Alfredo Fernández

### Datos biobibliográficos

Alfredo Fernández naceu na vila ourensá de Xinzo de Limia en 1869, como el mesmo relata nun artigo xornalístico<sup>26</sup> falando de Cástor Méndez Brandón: "... igual que mi personilla, vio la luz del día en la pintoresca villa de Ginzo de Limia (Orense). Fuimos bautizados en una misma pila y por un mismo sacerdote, aunque en la aplicación de este primer sacramento al uno y al otro, ha mediado el intervalo de cinco años, que son los que se me ha adelantado Cástor..."

Descoñecemos cáal é o segundo apelido do autor que foi máis coñecido como *Alfredo Fernández de Allariz*, *Alfredo Nan de Allariz* ou *Nan de Allariz*, pseudónimos cos que adoita asinar na maioría dos seus escritos. Na súa antoloxía *Poemas á nai*, Xesús López Fernández<sup>27</sup> inclúe tamén o pseudónimo *Antonio Fernández de Allariz* e reflexiona brevemente sobre a orixe deste ourensán dada a dificultade para localizar a partida de nacemento. Este feito e os escasos datos sobre a súa nenez e familia, da que só coñecemos a existencia de dous irmáns ós que o mesmo autor dedica a peza *O zoqueiro de Vilaboa*<sup>28</sup>, lévanos a pensar que puidera ser fillo de solteira.

No seu recente libro *Los españoles en las letras cubanas durante el siglo XX*, o cubano Jorge Domingo Cuadriello<sup>29</sup> confirma que Alfredo Fernández naceu na vila ourensá de Xinzo de Limia e que, sendo aínda moi novo, foi levado a Arxentina onde comezou estudos de xornalismo e actuación. Máis tarde, de volta a España, rematou os estudos de bacharelato e posteriormente iniciou os de Dereito que non chegou a rematar. Daquela, retorna novamente a América e viaxa por diversos países como actor e autor teatral. Pero estes datos non cadran co exposto nun artigo<sup>30</sup> xornalístico no que o mesmo Nan de Allariz gaba a figura dun coetáneo toureiro galego, Alfonso de Cela -máis coñecido como Celita-. Alí Alfredo lembra aquelas datas da súa mocidade: "El año 1886, siendo yo casi un niño, asistí por primera vez a una corrida de toros en la plaza madrileña... A partir de aquel momento, me declaré vehementemente aficionado de la alegre fiesta, y a buen seguro que de no haberme arrastrado el Destino hacia tierras americanas...". Das palabras de Alfredo

---

<sup>26</sup> En *Galicia*, A Habana, nº 39, do 25 de setembro de 1909.

<sup>27</sup> Xesús López Fernández, *Poemas á nai*, Santiago de Compostela: autor-editor Xesús López Fernández, 1999, pp. 187-189.

<sup>28</sup> Na referencia recollida na dedicatoria podemos ler: "A meus queridos hirmaus María e Pepe en proba de agarimo. Alfredo".

<sup>29</sup> Jorge Domingo Cuadriello, *Los españoles en las letras cubanas durante el s. XX*, Sevilla: Editorial Renacimiento, 2002.

<sup>30</sup> "Alfonso Cela", en *Suevia*, nº 37, do 8 de novembro de 1912.

Fernández e da documentación que nós posuímos deducimos que emigrou a América xa de mozo e tras unha estancia en Madrid.

Verificamos que, efectivamente, emigrou a América, pois el mesmo nolo confirma<sup>31</sup>, e que na súa emigración por aquelas terras americanas permaneceu en diferentes países, primeiramente en Arxentina, onde viviu na cidade de Bos Aires, posteriormente en Uruguai, no Brasil, onde tamén mantivo contactos con numerosos compatriotas e poetas da nosa terra, nas Antillas e en México. Pero foi en Cuba, a onde chegou a comezos do século XX, onde desenvolveu unha actividade cultural máis intensa.

Na capital cubana traballou no ámbito da prensa, da que foi asiduo colaborador, como creador literario ou na súa faceta de crítico-, pero tamén participou activamente nos máis destacados proxectos culturais desenvolvidos pola comunidade galega na Illa. Así, o primeiro de xuño de 1905 foi aprobado o regulamento da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana, da que fora director Manuel Curros Enríquez e da que Alfredo Fernández foi nomeado secretario. Foi un dos membros máis comprometidos da Sociedade de Beneficencia, á que agasallou en numerosas ocasións con xenerosos donativos<sup>32</sup>.

Neses mesmos anos apunta Jorge Domingo Cuadriello<sup>33</sup> que Alfredo Fernández era o dono das fábricas de tabaco cubanas «La Flor de Lis» e «Galatea».

É ben sabido que no ano 1908 formou parte da comisión que trouxo a Galicia, dende a capital cubana, os restos mortais do poeta Manuel Curros Enríquez e que, en representación dos galegos da Habana, colocou unha lápida na casa do poeta en Celanova, custeada por subscrición entre os galegos de Cuba e, mesmo, foi o encargado de solicitar do concello ourensán que lle dedicaran dúas rúas ou prazas ós xa finados Lamas Carvajal e Curros<sup>34</sup>, a quen tivo como mestre, pois sentía por el unha grande admiración e con quen mantivo unha longa amizade. Mostra deste afecto son as numerosas obras que lle dedicou, entre as que figuran o seu poemario *Fume de palla* –que ía ser prologado polo mestre se a morte ocorrida un ano antes non llo impedira, como advirte no limiar o autor dos versos– e, mesmo, numerosas composicións aparecidas na prensa.

---

<sup>31</sup> En *Fume de palla*, A Coruña: Imprenta y fotograbado de Ferrer, 2ª edic. 1909, p. 2 e no poemario *A golpes de hacha*, Madrid: Imprenta de Juan Pueyo, 1913, p. 12, cita tódolos países nos que estivo.

<sup>32</sup> Estas noticias aparecen recollidas na prensa da capital cubana como *Galicia*, *Follas Novas*, etc.

<sup>33</sup> Jorge Domingo Cuadriello, *Los españoles en las letras cubanas durante el s. XX*, Sevilla: Editorial Renacimiento, 2002.

<sup>34</sup> A carta coa solicitude dirixiulla Nan de Allariz ó director da publicación *El Eco de Orense* para que fose editada. Tamén aparece reproducida na revista de Bos Aires, *Aires d'a Miña Terra*, “Honrando a Galicia”, nº 21, do 27 de setembro de 1908.

Sabemos que foi unha persoa comprometida cos problemas sociais do país, como testemuña o seu artigo “La instrucción en Galicia”<sup>35</sup>, no que describe unha panorámica das deficiencias das escolas e dos escolares galegos, loa e anima o labor das Sociedades de Instrucción, constituídas polos galegos de América, e salienta os beneficios que estes reportan en Galicia mediante a fundación de novos centros escolares.

No eido xornalístico tivo un papel destacado. Exerceu como director da publicación *Follas Novas* a partir do número 533 e ata o 564, en que se fai cargo da publicación Adelardo Novo. Este semanario nacera na cidade da Habana o 6 de xuño de 1897, fundado por J. Raimil e Antonio de P. Cea, quen exercerá de director ata que Nan de Allariz se fai cargo da publicación.

Ademais de escritor e xornalista, Alfredo Fernández foi un actor profesional, e como cómico percorreu Sudamérica cunha compañía propia. O seu periplo por aquelas terras inclúe Cuba e México<sup>36</sup>, onde no 1912 triunfou coa súa obra *Hidalguía mexicana*, estreada no teatro María Guerrero, e onde a prensa o acolle con calorosas gabanzas. Daquela preparaba xa a estrea de *Los zuecos de Maripepa*, é dicir *O zoqueiro de Vilboa*, que ampliara e convertera en Zarzuela con música de outro galego, Ricardo Fortes, e do mesmo Nan. A obra foi estreada no Teatro Principal de México. A estes éxitos séguelle o acadado pola súa obra *Lucha entre hermanos*<sup>37</sup>, estreada a mediados do mes de xuño de 1912 no Teatro Principal de México.

En 1914 fundou na cidade da Habana a revista *O Tío Marcos*<sup>38</sup>, con carácter bilingüe e periodicidade mensual que, inspirada na súa homónima ourensá, presenta un claro perfil satírico. Unicamente saíron tres números.

O carácter polifacético de Alfredo Nan de Allariz abrangue tamén o eido da produción literaria (cultivou poesía, narrativa, teatro, crítica...) destas tarefas temos noticia a través dos volumes publicados, pero tamén das novas aparecidas na prensa da época.

Os seus versos figuran espaxados en publicacións periódicas como a revista viguesa *Vida gallega*; as cubanas *Follas Novas*<sup>39</sup>, *Galicia*<sup>41</sup> e *Suevia*<sup>41</sup>;

---

<sup>35</sup> En *Boletín de la Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor*, Bos Aires, nº 51, diciembre 1913, pp. 2-4.

<sup>36</sup> En *Suevia*, A Habana, nº 13, (5 de maio de 1912).

<sup>37</sup> Noticia recollida na revista cubana *Suevia*, A Habana, nº 17, (9 de xuño de 1912).

<sup>38</sup> Vicente Peña Saavedra (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998, p. 226.

<sup>39</sup> En *Follas Novas*, A Habana, nº 358, (10 de abril de 1904); nº 363, (15 de maio de 1904) e nº 360, (24 de abril de 1904) no que figura o artigo “Arte dramático galego”, crítica teatral da comedia *Camiño de Santiago* de Luis Otero Pimentel.

<sup>40</sup> En *Galicia*, A Habana, nº 2 (31 de decembro de 1904), nº 9 (26 de febreiro de 1905), nº 15 (9 de abril de 1905), nº 16 (16 de abril de 1905), nº 17 (23 de abril de 1905), nº 19 (8 de maio de 1904), nº 41 (8 de outubro de 1905) e nº 45 (6 de novembro de 1904).

<sup>41</sup> En *Suevia*, A Habana, nº 3 (22 de febreiro de 1912), nº 4 (29 de febreiro de 1912), nº 37 (8 de novembro de 1912).

as bonaerenses *Aires d'a Miña Terra*<sup>42</sup>, *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda* ou a *Revista del Centro Gallego* de Montevideo.

O primeiro libro de versos que publicou, *Fume de palla*<sup>43</sup>, foi obxecto dun edicto condenatorio promulgado polo cardeal Martín de Herrera, arcebispo compostelán. A xulgar polo que o autor do volume censurado relata no limiar, o libro recompila as composicións escritas ó longo de moito tempo, pois advirtenos que as hai escritas na Galicia natal pero tamén “ó pé de honrados patriotas gallegos...” nos anos de emigración americana. O volume, dedicado a Curros, constitúe unha homenaxe ó mestre do que emula temática e estética.

Uns anos máis tarde, cando o autor xa vivía en Madrid, ve a luz o seu segundo poemario, *A golpes de hacha*<sup>44</sup>, escrito en castelán.

Polo que se refire á produción teatral, temos ampla noticia das súas facetas de actor e dramaturgo. Así, o seu monólogo en verso *Recordos dun vello gaitero*<sup>45</sup>, que foi escrita con motivo da festa da sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia, celebrada no Teatro Nacional da Habana a noite de Santiago de 1904, e representado polo mesmo autor, relata cómo o famoso tío Marcos, “un vello gaitero que ha tempo morreu”, se presenta no teatro para non perder o evento que se está a celebrar e lembra as festas da terra natal. Ó longo da peza cántase “Tangaraños” de Curros Enríquez, musicada por Xosé Castro “Chané”, e remata o espectáculo coa intervención do Orfeón Ecos de Galicia.

O seu boceto de zarzuela nun acto e tres cadros, *O zoqueiro de Vilaboa*<sup>46</sup>, é un interesante cadro de costumes que encerra unha intensa crítica social. A peza foi estreada no Teatro Nacional do Centro Galego da Habana a noite de Santiago do 1907, na función da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, e no Teatro Emilia Pardo Bazán da Coruña o 8 de novembro do ano seguinte.

Tamén na prensa, aparece publicada a noticia da estrea, no Teatro Nacional da Habana, da peza dramática *Airiños... levaimo á ela*, representada na festa de Santiago Apóstolo. O autor, que non tiña pensado publicala, cedeu o texto á revista *Galicia*<sup>47</sup> que o reproduciu en números sucesivos nas súas páxinas. Na estrea, o autor participou como protagonista da representación.

---

<sup>42</sup> En *Aires d'a Miña Terra*, Bos Aires, “Chilindrinas”, nº 15 (16 de agosto de 1908), unha breve composición poética; “Del natural (dramitas efímeros)”, nº 29 (22 de novembro de 1908) e “Honrando a Galicia” nº 21 (27 de setembro de 1908).

<sup>43</sup> A Coruña: Imprenta y fotograbado de Ferrer, 2ª edic. 1909.

<sup>44</sup> Madrid: Imprenta de Juan Pueyo, 1913.

<sup>45</sup> A Coruña: Imprenta y fotograbado de Ferrer, 3ª edic.

<sup>46</sup> A Coruña: Imprenta y fotograbado de Ferrer, 1908?

<sup>47</sup> En *Galicia*, A Habana, nº 32 (6 de agosto de 1905), p. 4; nº 33 (13 agosto de 1905), p. 4 e no nº 34 (20 de agosto de 1905), p. 4.

Algúns anos máis tarde publicou en Madrid a obra titulada *Del salón al sotabanco. Escenas de amor y navajazos*<sup>48</sup>. E, así mesmo en castelán, publicou en 1923 a peza *Un gallego en Madrid. (Visita de Xan Peisano al Presidente del Consejo)*<sup>49</sup>. Esta fantasía humorístico-rexionalista xa fora estreada no Teatro Martí da Habana o 16 de decembro de 1916 e, posteriormente, fora representada en distintos teatros de Cuba e México.

Nan de Allariz foi tamén o responsable de traducións e adaptacións de diferentes obras doutras literaturas europeas: francesas, alemanas e inglesas<sup>50</sup>. O seu labor literario abrangue tamén o ámbito da narrativa, aínda que na actualidade coñecemos tan só cinco textos da súa autoría, publicados na revista bonaerense *El Eco de Galicia*.

Asinados como Alfredo Fernández publicou tres relatos breves: “O pai do axusticiado”<sup>51</sup>, conto ambientado no seu Allariz natal; “Xavier”<sup>52</sup>, no que se narra a historia dun amor desgraciado, con incidencia da emigración e, “A peneda negra”<sup>53</sup>, asinada polo autor na cidade bonaerense en xaneiro, tan só un mes antes da súa publicación.

Asinados co pseudónimo Nan de Allariz contamos dous relatos: “Vítima do progreso”<sup>54</sup> e “Conto vello”<sup>55</sup>, ambos publicados en 1916 e de inferior calidade narrativa. Trátase de dúas anécdotas chocalleiras, escritas con pretensión humorística.

Os datos recollidos na revista cubana *Galicia*<sup>56</sup>, onde o mesmo autor fala das súas diverxencias con Segundo Mosquera, membro da Asamblea de Apoderados do Centro Galego da Habana, quen se opoñía a que lle concederan a Alfredo unha praza de director de declamación para o cadro da Sección de Belas Artes, sitúan o regreso definitivo deste galego a España en 1919. Pouco tempo despois, Alfredo Fernández finará en Madrid, no ano 1927.

## Comentario dos textos narrativos en galego

O relato “O pai dun axusticiado” foi, que coñezamos, o seu primeiro texto narrativo.

---

<sup>48</sup> Madrid: Juan Pueyo, 1920.

<sup>49</sup> Madrid: Sociedad de Autores Españoles, 1923.

<sup>50</sup> Estes apuntamentos figuran na lapela do volume da súa autoría titulado *A golpes de hacha*.

<sup>51</sup> En *El Eco de Galicia*, Bos Aires, nº 274 (30 de maio de 1899), pp. 3-4.

<sup>52</sup> En *El Eco de Galicia*, Bos Aires, nº 276 (20 de xuño de 1899), pp. 4-5.

<sup>53</sup> En *El Eco de Galicia*, Bos Aires, nº 300 (20 de febreiro de 1900).

<sup>54</sup> En *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 1916.

<sup>55</sup> En *El Eco de Galicia*, Bos Aires, nº 37, 1916.

<sup>56</sup> En *Galicia*, A Habana, nº 41 (12 de outubro de 1919).

A historia, ambientada nunha aldea ourensá próxima á vila de Allariz, aparece contada por un narrador omnisciente, que recorre á fórmula introductoria tradicional do realismo da oralidade: “*O caso que lles vou contar...*” para transmitir a historia dun vello carpinteiro e as falcatuadas do seu fillo máis novo.

Tamén a estrutura interna dos acontecementos responde ó esquema tradicional de presentación, nó e desenlace do problema. Destaca neste relato a intensidade coa que o autor expón o conflito interior que experimenta o pai ancián cando, aínda sabendo que o seu fillo será condenado a morte por asasinato, solicita que non o maten movido polo seu amor de pai. Parello a este dramatismo que o fende entre un e outro sentimento, observamos en todo momento que o trazo máis salientable da personalidade do vello é, sen dúbida, o seu primario compromiso cos principios éticos da intransixencia popular. Consciente da súa humildade, esta calidade é o seu mellor tesouro, este feito provoca que apele a ela en repetidas ocasións, pedíndolle contas ó fillo por lla ter arrebatado á familia e proclamando unha e outra vez que son xente honrada.

O resultado é, pois, un drama, no que destaca o personaxe do pai ancián cunha caracterización psicolóxica indirecta na que conviven sentimentos encontrados sobre os que se tece o conflito.

O relato titulado “Xavier” presenta unha inferior calidade literaria. Agora, un narrador omnisciente transmítenos a historia dun amor desgraciado polas diferencias económicas entre os namorados e a oposición do pai da noiva á voda.

A falta de profundidade no carácter dos personaxes, a carencia de orixinalidade na resolución do conflito e o previsible final tráxico da historia, contribúen a facer deste relato unha peza lacónica de escaso interese. Destaca tamén a moralina subxacente na intervención paterna e a decisión final da moza.

Vencellado á estética e temática popular “A peneda negra” cóntanos tamén unha historia de amor. O relato iniciado *in medias res* aparece transmitido tamén por un autor omnisciente que sitúa a historia nunha pequena aldea de Ourense. O argumento aparece artellado sobre un clásico triángulo amoroso protagonizado por unha pastora, o seu mozo e outra rapaza coa que el se ve ocasionalmente. Tamén tradicional é a estrutura interna que subxace ó texto na que se recoñece unha presentación dos personaxes e as súas relacións, o conflito do mozo que ha de decidir cál das dúas rapazas namorar e o desenlace tráxico cando a pastora descobre o engano.

Así pois, o carácter rústico dos personaxes, as súas conductas previsibles, a moralina que subxace ó texto e, en definitiva, a falta de orixinalidade son os trazos característicos deste relato.

A raizame popular resulta máis patente nos breves relatos “Conto vello” e “Vítima do progreso”. Ámbolos dous caracterizados pola temática humorística e intranscendente, propia do carácter chocalleiro co que foron escritos.

No relato “Conto vello”, o narrador recorre á fórmula tradicional da narrativa na que se alude á transmisión oral e mesmo se pon en dúbida a veracidade dos feitos transmitidos: “*Contárome o caso, xa fai unha chea de anos,*

en Carril. *Eu non sei si este feito é un conto ou si iste conto foi un feito verdadeiro. O vellño que mo contou...*”. Sen embargo, este recurso, que en principio semella achegar seriedade e exactitude ó narrado, potencia o seu carácter irónico cando descubrimos que, en realidade, o que se nos conta é unha anécdota chocalleira protagonizada por uns pescadores de Vilagarcía, ante os mariñeiros dun barco inglés que viaxaba pola ría de Arousa. A estrutura responde ó elemental esquema: presentación, nó e desenlace, desenvolvido ó redor da idea de tentar mostrar cál dos mariñeiros dun ou outro país era máis hábil nas manobras. Advertimos que baixo este débil argumento agroman dúas ideas de interese: unha é a parella *dignidade* e *valentía* que amosa o galego fronte ó inglés, outra, especialmente interesante, vén a ser a advertencia lingüística sobre o coñecemento do idioma galego que posuía o capitán do barco inglés de quen se di: “...*que coma toda persona ilustrada falaba tamén o gallego*”, como recurso irónico retranqueiro. Así pois, esta anécdota “inocente” agocha unha reivindicación de igualdade entre os pobos e culturas, así coma o recoñecemento da lingua coma un dos piares culturais sobre os que se asenta a identidade dun pobo, polo que merece ser tida en conta.

No caso do relato “Vítima do progreso”, tamén temos como argumento unha anécdota chocalleira, consistente nunha crítica á chegada do progreso que, posta en boca dun home rural, cobra maior intensidade humorística. Neste caso, o narrador actúa tan só como interlocutor do protagonista do relato, quen conta en primeira persoa a experiencia dun atropelo vivida na cidade da Coruña. Destaca a desorientación do protagonista na cidade coa que o autor potencia o carácter humorístico do relato, sostido fundamentalmente pola incorrección lingüística coa que o personaxe se refire a realidades que lle son alleas, coma «outromoble» ou «chóufere».

### Conto vello...

Contáronme o caso, xa fai unha chea de anos, en Carril.

Eu non sei si iste feito é un conto ou si iste conto foi un feito verdadeiro. O velliño que mo contou, aseguroume que o caso fora visto polos seus propios ollos. Pro, si non é certo, ben podía selo.

Atopábase a sazón na ría de Arousa unha escuadra ingresa en viaxe polas Rías Baixas, i entre algús cruceiros e acorazados había unha corbeta de vela, escola de «guardias marinas».

Unha mañán estaban os ingleses facendo exercicios, cando acertou a pasar por alí rentes unha barca con algús pescadores, os que se quedaron embobados ollando as maniobras.

O capitán do barco inglés, que coma toda persona ilustrada falaba tamén o gallego, satisfeito de vérense admirados, díxolle ó patrón da barca gallega:

—Estas cousas solo as saben face-los nosos mariñeiros.

Pro o noso peisano, picado por aquela baladronada, respondeulle:

—Todo o que poida facer un mariñeiro inglés, pódeo facer, e inda máis tamén, calquera dos meus mariñeiros.

—Tiña que velo.

—Pois cando queira.

—Agora mesmo.

—Pois xa, xa, que logo é tarde. ¿E van apostados seis netos de viño?

—Pois van.

O capitán inglés deu algunhas ordes, e deseguida un dos seus mariñeiros trepou coma un gato polo pau de proa enriba astra chegar á última gabia, pola que correu de pé dun lado a outro, e dempois de facer algunhas outras monicacadas baixou tranquilamente, dicindo con orgullo:

—¡Que faga eso o gallego!

—¡A ver, rapaces! —dixo o patrón da barca. Subitamente, un daqueles pescadores trepou ó barco de guerra, e coa mesma listezza con que o fixera o mariñeiro inglés, subió polo pau, correu de pé pola gabia, e fixo algunhas outras monerías, pro, cando xa iba baixar, falloulle un pé e caíndo dende o alto, veu a dar sobre o toldo da cuberta de onde rolou ó chan.

Os ingleses, ó velo caír, deron un ¡hurra! de trunfo; e cando coidaban que o gallego se esmiolara, o noso peisano erguéndose dun pulo e camiñando fachendoso, coma si tal cousa, cara á súa barca, respondeu moi serio e satisfeito:

—¡Que faga eso o inglés!

\*\*\*



## Vítima do progreso

—¿Que hai Fuquiño? E logo, ¿que viche de novo pola Cruña? Conta, ho!

—Cala, ho, cala; que inda se me arrepiá o corpo somentes de lembrar unha disgracia tremenda que presenciei. Indudablemente, hai seres infelices que veñen a iste mundo porcallán baixo a influencia de malina estrela, seres de triste sino que a fatalidade escolle coma vítimas inocentes que inmolar nas aras do progreso.

—E logo, ¿que foi, ho, que foi?

—Verás. Atopábame eu no café Méndes Núñez ollando polas vidreiras cara á rúa Real, cando pasou a todo escape por alí un deses carricoches que andan solos, e que seica lle chaman «outromobles». De pronto, ouíronse berros angustiosos dos camiñantes: ¡Matouna, matouna! Saín correndo á rúa e puiden ver que o dito «outromoble» fuxía coma un foguete Cantón adiante. Un remuíño de xente axuntouse deseguida na esquina das rúas Nova e Real, de onde saían endebres e trasteiros queixidos, e cara alí dirixinme ás zancadas, ó mesmo tempo que da Fonda «Ferro-Carrilana» saían moi axitados, co terror retratado nos rostros, unha señora i on señor, que seica eran matrimonio.

—«¡Ai, miña Estrela! ¡Estrela da miña vida!» —decía saloucando a señora— «¿Como foi, como foi, si acaba de sopararse agora mesmo de nosoutros?».

—Quixo cruza-la rúa, —dixo un dos circostantes— no preciso instante que pasaba o «outromoble», e foi atropellada sin que o «chóufere» poidese evitalo.

O dito señor, abriuse paso a viva forza por entre o corrillo da xente, collendo nos seus brazos o infortunado corpo da vítima, a cal, nos derradeiros folgos de vida que lle quedaban, inda puido torna-los ollos cara a aquel home que tiña os seus preñados de bágoas, e deixando cae-la cabeciña, pesadamente sobre o peito, agonizou.

—¡Morta, Mercedes! —dixo tristemente o señor aquel, pousando no chau os mortales despojos.

—¿Morta? ¡Pobre Estreliña! —dixo ela chorando a fío.

Dígoche que aquilo partía a ialma! Fóronse indo todos pouquiño a pouco, e alí, no medio da rúa, quedou abandonado o frío cadavre... dunha cade-liña de lanas, que caíra vítima do progreso.

\*\*\*

## A peneda negra

*Á miña irmá Carmen. Allariz*

—Non o doides, miña Rosiña; quérote máis que á miña vida. Poides estar sigura de que as túas doidas son infundadas.

—Quizaves que non... Eu ben sei que a Enriqueta non lle parece costal de palla, nin ela a ti tampouco, pois xa poiden ver moitas veces que a miras dunha maneira moi...

—¿Moi que?

—Moi... ¡Vamos!... Non sei espricarcho, pro o certo é que che gusta moito, e que lle dis galanteos, e que sei eu cantas cousas.

—¡Bah! non fagas caso, ¡bobiña! Xa cho teño dito é ripitireicho sempre, que a ti é a quen quero e adouro de verdade.

—Nunca será tanto coma eu a ti; e si soupera que a ningunha que non fose a túa Rosa, lle dirixías palabras amorosas... vamos... non sei o que faría, e si algún día —o que Dios non queira— chegases a enganarme...

—¿Que?

—Quen sabe!... Porque nun caso así... Que se astreva esa fantasma de Enriqueta a roubarme o teu cariño, e xa verás o que fago dela... e de ti.

—Boeno, boeno; non sexas tan celosiña... e astra a noite.

—¿Xa te vas?

—Si. Teño moito que facer hoxe i é preciso non abandona-lo traballo. Ademais, olla as túas ovellas, xa por onde van, poideches perder algunha, e despoixas...

—Non hai cuidado; todas saben ben o camiño e obedecen ó meu chamado como si foran cristianos...

—¿Onde as levas hoxe?

—Ó lameiro das laxas. Como xa se fixo a recolección da herba, alí terán onde pacer millor que no outeiro.

—Pois... astra a noite, miña Rosiña.

—Adiós, meu Francisco.

Esta conversa dos dous namorados, tiña lugar no camiño que conducía ás montañas que, coal máxica cadea, circundaban, aprisioando no seu centro e fondo, unha pequena aldea da provincia de Ourense.

Era Rosa, a pastora, unha cándida rapaza de dazasete abriles, de simpática presenza i estremada hermosura, que en moita parte acultaba a color morea da súa cara, queimada polo abrasador sol do vrau, os ventos do outono i os crudos fríos do inverno, ós que estaba exposta o ano enteiro antre as escabrosidades da montaña.

Seu trato era sinxeliño, seu carácter cariñoso e amabre, dunha alma moi nobre, e dun corazón apasionado e bondadoso.

A pesar das súas dazasete primaveiras mal cumpridas, estaba tenramente namorada de Francisco, ó que lle profesaba un amor puro e acendrado,

cariño que si era correspondido, non era en verdade plenamente recompensado polo afortunado galán, do coal Rosa tiña sospeitas según se poide apreciar pola entrevista narrada.

Cambeadas que foron as últimas palabras antre ambos amantes, tomou Francisco camiño da aldea, namentras que Rosa corría presurosa tras das súas ovellas que, sin estar atentas á charla da xoven i hermosa zagala, seguiran camiño adiante, tomando unha considerabre distanza.

Francisco, que camiñaba pensativo, parouse de súbito dando volta pra ver a Rosa que seguía correndo tras do rebaño.

—¡Pobre Rosa!... —marmuraba— ¡Canto me quer... e canto a quero!... Encántame e sedúceme á par que a súa hermosura, súa candidez. Ten celos de Enriqueta... ¡je con coanta razón!... ¡Oh! Non merece en verdade que eu me porte tan mal con ela. Si, é p'ciso, e hoxe mesmo farei que acaben as miñas infames relacións coa Enriqueta. ¡Rosa!... ¡Que nome tan doce! ¡Que rapaciña anxélica! Espello da inocencia, modelo de honradez, símbolo da virtú que arrouba e atrae!... ¡Rosa, eres unha verdadeira rosa! —dixo levantando a voz coal si quixera que ela o ouvise; e volvendo logo a seu estado reflexivo, marmura: «I Enriqueta, a muller de mundo, a muller desprezable, indina do trato das persoas honradas ise díaño... con saias que astra repulsión e asco debería causarme estar ó seu lado! Nada, hoxe acabarei por sacrificar a un demo, pra facerme dino dun ánxel!»

Ó ver que xa Rosa desaparecera antre as revoltas do quebrado i pedregoso camiño, tomou novamente cara á aldea, pro... tan pensativo e cabizbaixo que entrou no poblado sin se dar conta, astra chegar fronte da casa de Enriqueta, unha goapa e robusta aldeana, que, coma de costume, esperábao á porta.

—¿Que fas, ho? —díxolle Enriqueta ó velo daquel xeito— ¿En que pensas? ¡Ah! vamos... en Rosa, seguramente.

Alzou el a cabeza, botándolle unha ollada de desprezo de enriba a embaixo e nun ton seco, díxolle: —Teño que falarche seriamente... Espérote... —quedouse un momento pensativo, decindo en seguida— esta tarde ás tres ó pé da peneda negra, adiós.

Largouse sin decir máis encamiñándose á súa casa, namentras que Enriqueta se quedaba pensativa, como querendo adiviña-lo motivo de tan intempestiva entrevista.

—¡Bah! —dixo ó fin repoñéndose— de fixo será algunha moxiganga coa pastorciña, como si o vira. Xa o farei volver dos seus desatinos cando me atope á súa beira. Moí pouco tendría eu que valer, pra que fose burlada por esa... rapaciña.

Foise adentro cerrando a porta, tranquila e confiada en que as súas gracias i as súas infames caricias, terían un comprobante triunfo sobre o amor i a virtú de Rosa.

Francisco, ó mesmo tempo, iba pensando:

—¡A peneda negra! En ningún sitio máis a propósito a poiden citar pra este rompimento. Esa peneda que é testigo dos gratos momentos que teño

pasado coa miña querida Rosa, donde tantas veces lle xurei un amor eterno, será tamén testigo do auto que levarei a cabo pra facerme dino da muller adou-  
rable. Astra a causalidade parece que quer axudarme nos meus propósitos, parece que Dios houbese disposto iste día en que Rosa vai á lameira co seu rebaño, pra deixarme o Outeiro libre e poder ó pé desa peneda, sin coidado algún, lava-las culpas do meu erro, realizando un fin sagrado en ben do cariño da miña adourada pastorciña.

Chegou á súa casa, i entrou pechando tras si a porta.

Mentras na aldea tiñan lugar estas esceas, Rosa andaba a latigazos coas súas ovellas, as coales, acostumadas ó pastoreo da montaña, en coanto chegaron a ela encabritáronse polas alturas, non querendo seguir astra a lameira a pesar dos traballos de Rosa en facerlles seguir camiño, quen, ó ve-la inutilidá dos seus esforzos, resolveu deixalas pacer alí, tomando ela asento no sitio de costume, preto da peneda negra.

Era esta unha pedra moi negra e moi grande, de unhos quince metros de altura, en forma coadrilonga, e apoiada en punta sobre unha ancha lousa que lle servía de asento, quedando pola parte de enriba a nivel de terra. No fondo, pola parte de abaixo, facía unha rinconada, onde Rosa se guarecía dos ventos e das chuvias i en donde tiña as súas amorosas citas con Francisco.

Serían, aproximadamente, as coatro da tarde, cando Rosa, despoixas de dar algunhas voltas polo outeiro e de comerse a merenda que levara, diri-xiuse á cima da peneda pra recorda-los dolces istantes que á beira do seu amado Francisco tiña pasado naquel rinconciño, canto, ó mirar pra abaixo, quedouse máis fría que a neve, ó ver no fondo, sentados ó pé da peneda, ó home a quen ela tanto amaba en compañía de Enriqueta, da muller por quen sentira celos i a quen tanto aborrecía.

Si, alí estaban os dous en amoroso coloquio, ben axenos de que Rosa poidera velos, pois crefana no lameiro das laxas.

Quizaves Enriqueta conseguira o seu intento a xuzgar polas aparencias, i o amor da materia triunfara sin duda sobre o amor virxinal e puro.

—¿Querrasme así sempre? —dixo Enriqueta rodeando cos seus brazos o pescozo de Francisco.

—¡Sempre! —contestou el, ó mesmo tempo que se ouvía o chasquido dun beixo.

Rosa, ó sentir aquilo que foi como si lle cravasen un puñal no curazón, perdeu o coñecemento, e rodou ó fondo do precepicio, estrelándose diante mesmo da namoricada parexa que se quedou despavorida ó encontrarse tan inesperadamente co coadro tan aterrador.

—¡Ela!... ¡Miña Rosiña!... —berrou Francisco desesperado e fóra de si, ó recoñece-lo magoado corpo da infortunada pastora. Sin poder articular nin unha soila palabra máis, levouse as maus á cabeza, e turrándose con rabia dos cabelos, fuxía... fuxía... sin saber pra onde.

Enriqueta, levantouse despacio, tomando camiño da aldea e volvendo de vez en cando os ollos cara aquel corpo eisánime; i en lugar de rezar unha

oración pola alma daquela infortunada, de cuia morte era ela causante, seus labios solo souperon marmurar: —¡Desgraciada!...

A vontade do Todopoderoso foi aquela vez contraria a dous seres humanos, i aquela peneda, que tiña que ser testigo dunha reparación que se lle debía a un amor puro e casto, foi testigo dunha innominia, do sacrificio dun ánxel, que a providencia parecía que dispuña pra castigo e remordimento de conciencia daqueles dous herexes.

Ó outro día, a xusticia, —sin coñece-lo verdadeiro motivo daquela morte, que todos achacaban a unha desgracia casual— cos requisitos da lei levantou o cadavre ó que se lle deu cristiana sepultura, poñendo unha cruz na cima da peneda e facendo gravar na pedra a seguinte escriución:

EIQÚ MORREU ROSIÑA A PASTORA.

*Rogade pola súa ialma*

Buenos Aires, enero de 1900.

\*\*\*

## Xavier

(A D. Enrique Labarta)

Era Mariquiñas unha rapaza de dazaoito anos, bonita coma a Virxen do Carmo, cuns ollos máis negros que a concencia dalgún curial, a súa boca parecía o capullíño dunha rosa, de dentes pequeniños e máis brancos que os chopos da neve, dunhas meixelas coloradiñas coma as guindas e duns cabelos largos e roxiños que máis parecían fíos de purísimo ouro.

Como o seu pai era un dos patrós máis ricos de Vigo, (pois era dono de seis lanchós de pesca e dun vaporciño, ademais dalgunhas barquiñas pequenas é con casa propia e tarreos), Mariquiñas era a envexa de tódalas mozas da ribeira, e máis de catro mozos rechinaban os dentes e puñanselle os ollos de carneiro abafado ó vela pasar xunta eles, sempre endefereente, e desdeñosa, sin facer caso ós moitos que a solicitaban e lle dirixían piropos, ós que ela por toda rimposta contestaba cunha rorrisa... e nada máis.

¿E por que había de contestalos? Ela xa tiña todo o que unha rapaza ós seus anos pode ambicioar; un mozo garrido e comreto coma en verdade o era Xavier. Queríanse moito os dous facía xa bastante tempo; pro como el era probe (pois solo tiña unha barca médeo podre polo vella) non se astrevía a falarlle de voda ó pai de Mariquiñas por medo a que o rechazase, así que os dous calabán e sufrían... contentándose con ter seus anacos de parrafeo cando ó fin das faenas do día se xuntaban ó anoitecer á porta da casa dela.

Pro aquilo non iba a seguir sempre o mesmo, era necesario tomar unha determinación; os dous queríanse i o casamento era prciso, e como as cousas non milloraban, un día por fin, alentado por ela, Xavier dispúxose a falarlle ó pai en canto tivese ocasión propicia.

Así foi. Un día en que saían de pescar no vaporciño de Domingues –pai de Mariquiñas– Xavier acercóuselle e díxolle:

—Siñor Domingues, eu quixera falar con vosté dun asunto séreo, pro a solas.

—Ben, home –si non é máis que eso, ven pra acó –dixo Domingues levándoo a un camarote pequeno do vaporciño.

Unha ves que estiveron dentro e se sentaron, Xavier moi temeroso escomenzou deste xeito:

—Pois é o caso, Sr. Domingues... que eu e Mariquiñas queremos, e polo tanto si vosté nos dá seu consentimento... quixéramos casar... pro...

—Mira –interrumpeu Domingues poñéndolle a mau nas costas– todo eso xa o sabía eu de moito atrás, así que este paso esperábao fai tempo. Tu es un bon rapaz, reconoszo, pro non me negarás que con eso non hai bastante pra vivir, tu non tes bens ningúnns de fertuna, solo eres dono dunha mala barquiña coa cal non fas nada, pois astra pra saír a gana-la vida coa pesca tes que vir nas miñas barcas, mentres que a miña filla será a herdeira de canto teño. O Francisco Coutelo tamén ma pidiu, i eso que el é rico, pro eu non quero quebranta-la voluntá da rapaza en tocante ó seu querer, senón que a voda sexa máis parella. Tu es un home honrado e traballador, pro eiquí xa ve-las cousas

como andan, non podes ter ningunhas espranzas de facerte cun bo vivir, así que... si ela te quere, aconséllote que déixe-la terra, vaite a Amérecas, e si Dios che dá boa sorte podes facer en pouco tempo o necesáreo pra ó menos igualarte a ela, e despoixas... falaremos. Dígoche esto porque te quero, así que, pénsao ben... e agora a traballar.

Aquel anoitecer, en canto volveron á terra, Xavier contou a Mariquiñas todo o pasado.

—Teu pai ten razón, non hai outro remedeo.

—Si, pro... soparamos tanto tempo —decía Mariquiñas moi triste.

—¡Que diaño! —dixo Xavier— tres ou catro anos non fan a ningúen vello, así que, si tu me queres, xúrame que me esperarás e no primeiro barco que saía pra Amérecas, voume.

—Pois ben, xúrocho.

—¿Serás fiel á túa pormesa?

—Astra a morte.

Inconscientemente as súas caras xuntáronse. Sonou un beixo...

Reposta Mariquiñas súbitamente daquel momento de abandono, sobresaltada quíxose apartar de Xavier, pro este apertándolle as maus díxolle:

—Astra mañán, miña vidiña.

Era o primeiro beixo que se deran, pero de verdadeiro amor.

Era o beixo de despedida.

\*

Cinco anos máis tarde, xa Xavier nunha das repúblicas americanas, a forza de traballar sin descanso e de aforrar todo canto podía, lograra xuntar unha boa porretada de pesos, e polo tanto tiña disposto o seu retorno á terra onde nacera pra conseguilo seu sono de sempre, casarse con Mariquiñas, á cal escribiu o seguinte:

«Mándoche a presente pra che decir que un día destes saio pra Vigo, e antes dun mes veremos cumprído-los nosos máis ardentes desexos recibindo a bendición do señor abade. Non che digo en cal vapor vou, pra que non me esperes e poida sorprenderte coa miña chegada na... nosa casa...»

\*

Xa o barco estaba a unhas sete horas de Vigo.

A Xavier, coa febre de chegar canto antes para abraza-la súa Mariquiñas, as horas figurábenselle sigros.

O día tamén amanecera moi enfurruñado, tanto que o capitán do buque por medo de que a treboada o collese mar afóra, mandou dar máis forza as máquenas, pra poder entrar pronto a porto e conxura-lo perigo.

Pro, sin embargo, as nubes púñanse cada ves máis negras, o vento zoaba con máis forza i as olas cada vez máis grandes crispábanse batendo con forza contra o barco.

O perigo acercábase por momentos, tanto que ó divisa-las Islas Cíes, xa o mar estaba que era un espanto.

Os tronos enxordecían o espacio, os relámpagos brillaban por todas partes, i a chuvía caía a chaparrós mentras o barco era xugete do enfurecido mar que o envolvía entre as olas ó seu capricho.

Tódolos pasaxeiros estaban cuasi mortos de medo, as mulleres rezaban e choraban en médeo dos berros dos rapaciños, en tanto que o capitán trataba de calmalos a todos sin que o lograsede.

Un oficial de abordo acercóuselle facéndolle nota-lo resgo que corrían pra entrar ó porto, e que o millor sería pó-la proa mar afóra, a todo o cal o capitán respondeu:

—Xa é imposible, estamos na barra e virar agora sería maor o resgo. O máis acertado, é ter moito tino en pasa-las Islas e toma-la ría, de ese modo estamos a salvo.

Pra pór en práctica este propóseto, ordenou as maniobras necesáreas, e de alí a pouco enfiaban a boca da bahía con gran velocidá, pro con tan mala sorte que un fortísimo golpe de mar fixo i-lo barco contra os penedos das Islas, pasando tan rente a eles que chocou ó pasar cun escollo, abríndose un gran rumbo no costado de estribor e empezando a facer auga en abundancia.

Un berro de terror saíu do peito de tódolos pasaxeiros.

O capitán mandou de présa achica-la auga coas bombas, é forza-las máquenas todo o posibre pra poder chegar pronto ó porto e salva-lo barco i a xente, e así adiantou astra estar a unhas seis millas de Vigo, pero ó ver que era imposible seguir, pois o barco fundíase rapidamente, fixo levantar bandeira de auxilio e virar cara á costa pra encallar e así salvarse, pro, ó querelo intentar, as caldeiras estalaron coa forte presión, quedando o barco sin goberno e anegándose cada vez máis.

As esceas que alí pasaron estonces foron terribles. O cuadro era horroroso.

O probe de Xavier, ó verse tan preto daquel porto tan desexado, á vista da cidade, e sin salvación posibre, sin ter no pensamento máis que a súa adorada Mariquiñas, pola que tanto sofrira i a quen tanto amaba, levándose a mau a un ancho cinto de coiro que traía cheo de moedas da cinco pesos, exclamou:

—¡Por ti, miña Mariquiñas, fun ás Amérecas a gañar este ouro e agora Dios non quer que o disfrutemos xuntos. ¡Probe Mariquiñas!

Mentras tanto, alá en Vigo, que viron o que pasaba i o auxilio que o buque pedía, tódolos barqueiros se dispuñan con gran présa a saír en busca do buque náufrago, enchéndose nun instante de xente, as praias i as ribeiras, xente que acodía despavorida ó ve-lo naufraxio.

Alí tamén foi Mariquiñas, que desde a beira non deixaba de lle berrar a seu pai (que iba co vaporciño) pra que acudise pronto ó lugar do sinistro.

—¡Virxen do Carmo, si virá nel o meu Xavier! —decía toda contristada, e máis e máis lle berraba a seu pai:

—¡Adiante! ¡Coraxe! ¡Adiante!



Pro... todo inútil. Por pronto que quixeron acudir, a grande oleaxe non os deixaba seguir, i o buque quedou en poucos minutos sumerxido por com-preto, chegando os auxiliares a tempo nada máis que pra salvar algúns pasa-xeiros que viñan nos catro botes que colleran da bordo.

Os demais trepulantes e pasaxeiros xa se perderan antre as enfureci-das olas.

Á tardeciña, cando xa a treboada calmara i o mar iba baixando, moi-tos cadavres dos afogados iban saíndo a fóra i a xente recollíaos con coidado.

De pronto, un dos que axudaban naquela faena viu que un dos mor-tos traía atado o corpo unha botella.

Rompeuna contra unha pedra, sacando dela un papel escrito con lápis que decía: «Por si morro, suprico a quen me alcontre lle entregue este cinto con todo o que ten dentro a Mariquiñas Domingues de Vigo. Morro pensando nela. Xavier».

Á beira deste xa se formara un corro de xente que ó sabe-lo que pasaba dirixiron tódalas súas miradas a Mariquiñas que estaba alí preto, e á coal estranándolle aquelas miradas e dándolle un brinco ó corazón, acercouse alí presto, berrando ó ver aquel corpo:

—¡Virxen Santa, é o meu Xavier!

\*

O cadavre de Xavier fora levado á casa de Mariquiñas en donde estivo de corpo presente.

Á hora de o ir a enterrar, o señor Domingues acercouse a Mariquiñas e diante do cadavre, entregoulle o cinto que lle quitaran a Xavier cheo de ouro, dicíndolle:

—Toma, filla, eso éche teu; fai del o que queiras.

—Veña —dixo ela cos ollos cheos de amargas bágoas —gastareino en lle decir misas polo descanso da súa ialma, e agora, paiciño quirido, déixame-lle darlle un beixo. Dinlle un de despedida pra Amérecá, agora dareille o de despedida pro outro mundo.

—Ben podes darllo —dixo o Domingues soltándoselle unha bágoa —era un bon rapaz. Xurouche ser fiel, e cumpriucho.

—¡E eu tamén llo serei, pai, astra a morte!

Buenos Aires.

\*\*\*

## O pai dun axusticiado

O caso que lles vou a contar, pasou nunha pequena aldea da provincia de Ourense, preto da vila de Allariz.

Vivía naquela aldea un suxeto, –noutros tempos carpinteiro– chamado Caietano, en compañía de tres fillos, Constantino, Pedro e Roxelio; os dous primeiros xa serviran ó Rei, i o máis pequeno estaba pra entrar en quintas.

O tío Queitano, (como lle chamaban na aldea) era mui querido do tódolos veciños pola boa conduta que sempre ouservara –pois era home honrado, se os hai– como igoalmente seus fillos que se dedicaban a coidar da facenda é dunhas leiras e lameiras que, á forza de moitos anos de traballos, consiguira compra-lo tío Queitano, o cal vivía felís, ó verse na súa vellez amparado con aqueles bens contra a miseria.

Pro... como non hai felicidade compreta na terra, tamén o probe do tío Queitano vía amargada a súa vida cos disgustos que continoamente lle daba o maor dos seus fillos, Constantino.

Este, que antes de marchar ó servicio era un rapaz facendoso e traballador, era polo contráreo, dendes que volvera de alá, aragán, vago e o que é aínda pior... xugador. Non se acupou máis dos traballos da casa pra nada, botando todo ás costas de seus irmaus, que o sufrían resignados, namentras el pasaba o día dormindo, ou na taberna xugando á brisca; i as noites de ruada en ruada, de fiadeiro en fiadeiro, sendo o *armadanzas* das grandes pandeiradas, das coales salía a maor parte dos días á unha ou ás dúas da mañán, non pra ir á súa casa a dormir, sinón pra ir a pasa-la noite na casa dunha moza, –de non moi bon conceuto, por certo– que vivía nun lugar de alí preto.

Pro... o que dominaba a Constantino máis que todo esto, era o xogo. Moitos días chegábase astra a vila de Allariz, a un café que había na calle da Cruz onse se xugaba prata en grande, a cartera i o monte, i en donde algún dos que disfrutaban de boa posición na vila, quedouse cuase que por portas.

A Constantino, –como a maoría dos que iban alí–, si unha vez lle tocaba ganar, tocáballe perder dez.

\*

Vendo o tío Queitano, que canto facía por apartar á seu fillo daquela mala vida era inútil, e antes de se ver arruinado pola súa causa, tratou de tentar un último esforzo pra traelo ó camiño do ben, pero ó ver que nada conseguía, cansado de o sufrir, mandouno un día a busca-la «*madre gallega*», botándoo da casa e pechándolle as portas pra sempre, namentras non se fixese home de ben outra vez.

\*

Ó pouco tempo do que levo dito, un carromateiro, —que levaba cargamento de pescado de Vigo pra Zamora, e que pasaba a noite nun mesón da vila— ó pasar pola calle da Cruz por diante do café de marras, el, que ó parecer tamén era dos que lle gustaba «*velas vir*» deulle por entrar e acercarse á mesa de xogo. Sacou de entre a faixa un bolsón verde cheo de prata disposto a dar unhos *golpiños*.

Cuase que tódolos presentes se admiraron do feito, e a Constantino (que estaba nun rincón preto da mesa, onde iba tódolos días, conformándose con ver xugar, xa que por falta de diñeiro, non podía el face-lo mesmo) brilaronlle os ollos de codicia ó ver relocir tanta prata por antre o tecido do bolsillo, pro, por medo de que algún o ouservase, fíxose o desimulado.

Dalí a pouco levantouse o carromateiro gañando unhas poucas pesetas, dicindo que non se podía deter máis tempo porque tiña que levantarse moi cedo pra saír ás tres da mañán cara a Castilla.

\*

En efeuto, a eso das catro e media (inda era noite) xa o carromateiro iba pola cima da costa de San Salvador, i ó dar unha revolta da carretera agarrado ó ramalillo da mula de varas, saíu un home con un groso pau na mau, de antre unhas penedas onde estaba escondido, e acercándose a el por detrás cautelosamente, pegoulle un forte pau na nuca que o deixou tendido no chau.

De seguida, o home aquel, rexistrou ó probe do carromateiro, e despoixas de lle sacar canto tiña, puxo baixo da roda facendo pasa-lo carromato por cima del como pra aleixa-lo rastro dun crime e facer crer que aquela morte fora casual.

Feito todo esto coa présa que é de supoñer, e na confianza de que ninguén o vira, botou a correr polo atallo cara á vila, sin se fixar de que no carromato iba un rapaz de oito anos, irmau do morto, que se quedara acurruchado nun rincón, sin alentar siquera, por medo a que o matase a el tamén si o descubría, e o cal, a pesar da pouca lus que daba o farol que o carro levaba aceso, púdose fixar ben na cara do asesino.

Horas máis tarde, a xente aterrorizada, xa non falaba doutra cousa naqueles contornos, máis que do caso aquel.

A xusticia, fíxose cargo do cadavre traguéndoo á vila, e gardando silénceo sobre o rapaciño aquel, pra poder descubrir millor ó asesino.

Constantino pasou o día escoitando tódalas conversaciós a ve-lo que se decía do suceso, i óo ver que todos o achacaban a unha desgracia casual, foise de noite, xa máis sereno, cara ó café.

Tomou asento ó lado da mesa, poñéndose a tallar con bastante diñeiro, caosando o asombro de tódolos presentes, pro máis se asombraron cando viron entrar alí a parexa da Guardia Civil, acompañada do xues e dun rapaciño que apuntando subetamente a Constantino, dixo:

—¡Isto é o que matou a meu irmau!

Constantino quedouse máis branco que a parede, tembrando coma un azougado e sin poder decir unha palabra.

Un civil, púxolle as esposas, e de alí foi dereito á cárcele.

\*

Formouse a causa correspondente e Constantino foi condanado a morte, tendo que se cumprir dita sentenza no lugar do seu nacemento.

Nun principio, tivéranse espranzas de conseguirlle o indulto, pro... desgraceadamente non foi así.

Chegou o día sinalado e de todas partes chegaba xente deseosa de presenza-la execución, namentras os do lugar, vendo naquel tablado unha grande afrenta prá aldea, —na que todos eran honrados astra máis non poder— escondíanse nas súas casas, pechando as portas por dentro coma avergonzados de que de alí poidese saír un ladrón e asesino, non se astrevendo ninguén a saír á calle por non ser visto dos forasteiros.

Solamente-lo tío Queitano, —pouco antes da hora marcada pola xusticia prá execución— saía da súa casa cos outros dous fillos agarrados polo brazo, chorando de sentimento, pro... tembrando de coraxe.

¡Probe tío Queitano! Ben se lle conecía ó pronto, o moito que sofrira!

Dendes que soubera o crime do seu fillo tiña padecido tanto, que en oito meses, parecía que pasaran por el trinta anos. Tiña sensenta e dous, pro aparentaba moi ben noventa. Os cabelos brancos, os ollos fundidos e con grandes olleiras amoratadas de tanto chorar, as maus tembrorosas, as pernas debres, i en cada arruga da súa cara parecía que tiña cen penas xuntas.

—¡Pai!... ¡Paiciño!... —dicíanlle docemente seus fillos —déixese de tolerías, quédese na casa!...

—¡Nunca!... xa o dixen: ¡adiante!... É meu fillo e debo da-lo exempro. O seu crime deshonorou as canas deste probe velliño, arrancoume pra sempre esa honra que tan pura e tan coidadosamente eu gardaba, deshonorou este pobo i a tódolos veciños, que dende hoxe, teñen dereito a marcarme co dedo, dicindo:

—Iste é o pai daquel ladrón daquel asesino que lixou pra sempre a nosa fama de honradez que de sigros a sigros viñamos gozando i era o noso garbo!...

—¡Ah!... ¡non!... ¡non!... ¡adiante!... —e sacando *«forzas de fraqueza»* foinos empuxando, astra que chegaron ó campo donde se levantara o tablado, en frente do cal, quedouse o tío Queitano cos seus fillos, diante daquel inmenso xentío que enchía os derredores do patíbulo.

Dalí a pouco, chegaba Constantino costodiado por un escoadrón de soldados que dende Ourense foran pró caso.

O curazón do tío Queitano batíalle con forza, i ó ver subir a seu fillo ó tablado, non poido conter un forte estremecemento de corpo, púxose amarelo coma a cera e un berro de angustia saíulle do fondo da ialma.

—¡Meus filliños! —decía apertando contra si a Pedro e Roxelio— ¡Alí tedes a voso irmau! Si, porque ese é meu fillo, ¡o fillo dun home honrado! Saú de mala cabeza, pro non por culpa miña... ¡filliños... aí téde-lo exempro!... ¡Os crimes páganse así!... ¡Sede sempre bons... honrados...! ¡Oh!...pro non... vanno a matar... mátanno!... ¡Non, por Dios!... ¡Non mo maten!... ¡Non mo maten!... —berraba ó ver que o sentaban no banquillo— ¡É meu fillo!... ¡Fillo querido!...

Pedro e Roxelio, sin poderen ver nada cos ollos cegados polas bágoas, e afogados polo nudo da pena que lles opremía as gorxas, a penas poderon decir:

—¡Paiciño!...

—Tedes razón —dixo este, volvendo ás mesmas— ¡era un ladrón!... ¡un asesi!...

Non poido termina-la palabra ó ver que o verdugo daba volta ó torno, e levándose as maus ó peito, e perdendo de pronto tódalas súas forzas, caíu nos brazos de Pedro e Roxelio, marmurando debelmente:

—¡Matáronmo!... ¡Matáronmo!...

¡Pobre velliño! ¡Ó mesmo tempo que Costantino pagaba na terra seu delito, el entregáballe tamén a Dios a súa alma. Parecía que astra o outro mundo seguía a seu fillo pidíndolle conta da súa deshonra.

¡Probe tío Queitano!

Buenos Aires, maio de 1899.

\*\*\*



## Benito Fernández Alonso

### Datos biobibliográficos

Benito Fernández Alonso, nacido en Santa María a Real de Entrimo o 31 de marzo de 1848 e morto en Ourense o 9 de maio de 1922, estudiou no Seminario de Ourense Humanidades e Filosofía, pero renunciou a seguir a carreira eclesiástica para dedicarse ó comercio. Moi afeccionado ós estudos históricos, comezou a publicar traballos sobre este tema en *El Heraldo Gallego*, dirixido por Valentín Lamas Carvajal, e en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Segundo Couceiro Freijomil<sup>57</sup>, foi un activísimo membro da Comisión de Monumentos ourensá, que contribuíu á creación do Museo Arqueolóxico Provincial e á fundación do *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, órgano desta entidade que creou xunto con Marcelo Macías.

Despois de comezar a dar á luz os seus traballos de carácter histórico en *El Heraldo Gallego* e en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (onde publicou por entregas *El río Limia y sus contornos*, un percorrido histórico-descriptivo polas terras da Limia), tamén aparecen colaboracións súas en publicacións como: *La Tierra Gallega*, *Album Literario* (onde escribiu a serie “El dialecto gallego”), *Vida Gallega*, *La Tertulia*, *Mi Tierra*, *Galicia Diplomática*, *Galicia Ilustrada*, *Galicia Literaria* ou *La Centuria*. Foi membro de diversos certames literarios, escribiu o prólogo do *Romancero de la ciudad de Lugo* de Aureliano J. Pereira e cando morreu estaba preparando, en colaboración con outros autores, un “Diccionario Gallego”, segundo as distintas provincias de Galicia e a etimoloxía de todas as súas voces<sup>58</sup>. Tamén publicou diversas obras en castelán como *El río Limia y sus contornos* (1879) *Armas de Orense*<sup>59</sup> (1891), *Guerra hispano-lusitana* (1893), *El Pontificado gallego. Crónica de los obispos de Orense* (1897), *Los judíos en Orense* (1904) e *Orensanos ilustres* (1916), unha obra esta moi citada, como sinala Modesto Hermida<sup>60</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

En canto á súa produción en galego deixou algúns textos narrativos que asinou como Benito F. Alonso. No xornal *O Tío Marcos d’a Portela*, no

---

<sup>57</sup> *Diccionario Bibliográfico de Escritores*, volume III (F-O), pp. 36-37.

<sup>58</sup> *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XII, pp. 34-35.

<sup>59</sup> Obra moi ponderada por Manuel Núñez González en *La Patria Gallega. Boletín-Revista Órgano Oficial de la Asociación Regionalista*, Ano II, 1 xaneiro 1892, pp. 11-12.

<sup>60</sup> *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, p. 119.

ano 1885, aparecen tres relatos que son: “A festa d’o San Ramón en Torno”<sup>61</sup>, texto que dedica ós seus tíos Euxenio e Manoel Alonso; “O San Benito. (Tradición Gallega)” e<sup>62</sup> “Entre ratos”<sup>63</sup>. No primeiro relato, estruturado en seis corpos numerados, ofréceselle ó lector unha descrición do ambiente que rodea a festa do San Ramón de Torno (Baixa Limia), na que comeza cunha panorámica da situación, que se caracteriza pola coidada prosa poética e as imaxes empregadas. Todo o texto é aproveitado para reivindicar os costumes tradicionais, dende a roupa ata as formas nos máis novos, que poñen de manifesto coas súas actitudes a forma diferente que teñen de ver a vida con respecto ós seus devanceiros. Tamén se enxalza a pureza da lingua que se conserva nesta zona ourensá, daquela aínda non deturpada polos “desleigados que se avreñoñan do dialeuto da nosa terra”.

No segundo, “O San Benito (Tradición gallega)”, o mesmo que o anterior, está estruturado en catro corpos nos que se desenvolve unha achega ó rito de curación que se leva a cabo na festa dedicada a este santo na chamada Caba do Lobo. Comeza o conto coa reprodución dunha copla popular, que o narrador di ter escoitado tanto nos arredores coma na propia cidade de Ourense. O primeiro corpo dedícao a explicar a simboloxía que adquire para el esta melodía, escoitada na súa xuventude, e que el asimila coa conservación das tradicións que se observaba nas aldeas máis recónditas das montañas ourensás, onde, sinala, “as leis do *progreso* –que agora deron en chamar *universal*– non tiveron forza...” suficiente para acabar coas supersticións, entre as que está este rito de curación. O resto do relato dedícao á descrición de cómo se desenvolve o rito de curación do tangaraño dende a súa posición de testemuña e a facer notar a presenza de elementos paganos que foron asimilados pola relixión católica.

Por último, o terceiro, “Entre ratos”, é un traballo máis narrativo, cunha gran fortuna literaria que o converteu nun dos textos máis reproducidos<sup>64</sup> da literatura galega; nel recreábase en catro capituliños a fábula didáctica popular na que se relata o encontro de dous ratos procedentes de dous hábitats distintos, nunha particular visión de Benito Fernández.

Obsérvase en todos os escritos deste autor un afán didáctico, á vez que reivindicativo das nosas tradicións, feito que tamén prevalece no artigo “Filípica”<sup>65</sup>, no que enxalza o valor da ciencia e da educación, aproveitando para chamarlle a atención á mocidade do seu tempo, aconsellándolle que estudie e se interese pola cultura en lugar de “pasar o tempo en ruadas, quimerias e reunións vedadas”.

---

<sup>61</sup> Parrafeo 98, 4 de outubro de 1885, pp. 3-5.

<sup>62</sup> Parrafeo 85, 5 de xullo de 1885, pp. 2-4.

<sup>63</sup> Parrafeo 102, 1º de novembro de 1885, pp. 1-2.

<sup>64</sup> Na Parola 124 de *O Galiciano*, do 13 marzo de 1887. No nº 163 de *Follas Novas*, do 15 de xullo de 1900. No nº 322 de *El Eco de Galicia* de Bos Aires, do 30 de setembro de 1900.

<sup>65</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, Parrafeo 116, 21 febreiro 1886, pp. 3-4.



**A festa do San Ramón**  
**En Torno**  
(Ós meus tíos Euxenio e Manoel Alonso)

I

Acababa de rebordar pra alén das montanas do Quinxo choutando polas ladeiras de cara ó concello de Soaxo, o refulxente sol dun día trinta de agosto, deixando no universo colgada unha redonda lúa chea que asomellaba ser de fogo ardente; o crepúsculo douraba con luz crarexante os lombos da combada serra e iba emborranchando o lume das cativas néboas que a xeito de longas fogueiras víranse alá no hourizante atravesadas. O rubio Apolo deixaba estonces as veigas froridas e os picoutos do noso hemisferio pra que Diana os fecundara co seu fresco e virxinal orballo.

A pouco de que este fenómeno vespertino socedera, cando xa os nosos lugareños arrecadaran os gandos pra acomodalos preto do curruncho onde iles viven e teñen o leito, e cando a campesiña, afaenada nas voltas da súa casa, ora munxindo a vaca, ora apurándose a corre-lo pecho ou a taravela da porta das ovellas, ou cicais o ferrollo da cochela onde os lechós roncan encortellados: cando, as colinas recortadas ó longo da cordilleira, envolvían en malencónica penumbra as fondonadas ias congostras todas dendesde Requeixo ó Valoiro, e dendesde a hervededa astra os desfiladeiros da *Seda dos Reis* e Castelo de Lindoso; cando xa os penedos asomellaban pantasma mortaxadas alá enriba dos outeiros; os carballos ios castiñeiros, a requitropa de soldados en riola; ias campinas iameneiros que beben nas augas esquecedoras do *Lethes*, eslongábanse como os campos Elíseos por ambas ladeiras do río: deste río lexendario que bougando dendesde as chairas de liñares, indo e volvendo, e remexéndose nun leito que parés que rube e baixa, fende montanas de xigantes pedruscos, e chouta a fortes brincos por abismos medoñentos.

II

Cando esto todo socedía, nos mesmos escureceres do día lembrado; deste río que nas chuvias do Natal parés que brúa como un milleiro de touros avesporados e fai tremer os outeiros máis encristados co seu atronador ruxido; iba estonces buscando maino as revoltas, e encorando como quen, de boa mente, non deixa as veigas frolidas dos eidos que o ven saír de súa nai, e lle dan fartura de augas cristalinas, pra morrer pasmado nos campos de estranxeira terra.

Diríase que as auras daquela noite de luar craro, bulindo falangueiras nas follíñas dos salgueiros fixeran deter a corrente, mentras que a lúa pousaba nela seus reflexos, ias estrelas pestanexaban con luz dourada nas adormentadas augas. Todo esto abranxío a vista ó promeiro golpe, apreciábano os oídos,

io corazón sentía remexer alá no máis aculto. Iestivéramos astra hora larga da noite si de súpeto os chíos dunha gaita saudosa, acompasada do bater sonoro do tamboril io bombo, non viñeran sacarnos do esvanecemento dulce en que nos alcontrábamos; era o Grilo de Ganceiros que viña tocar á foliada do San Ramón.

### III

Alí o tendes xa lucindo os freques da gaita ós esprandores dos fachu-cos de palla alcesos, apertando o fol e facendo falar o punteiro. El vai na dian-teira tocando a marcha que hai vinte anos dependeu, io tamboril i o bombo, velos eí van rodeados de foguetes e galleiros de piñas ardendo, antre a labarreda da palla formando en longa ringuileira de fogueiradas que dende lonxe vistas, somellaban un sedeño de lume que se bambeneaba nas fronteiras do Purgatorio. Chegados xa ó turreiro onde se finca un peto de ánemas ó redor da prazoleta que o recorta, a moxedá que alí estaba, mangando de castañolas, escomezaron os homes a botar seus vintureiros ias rapazas a facerlle coro astra cansar as pernas.

As ánemas, alumeadas polo reflexo daqueles lumiareos dixérase que renegaban de ver diante si as legrías do folión; que pecharon seus chorosos ollos por non ver dende o camarín os puntos de muiñeira que as mociñas rome-daban; os brincos dunha ducia de rapaces esfarrapados que por entre os gran-des choutaban, nin as luces coloradas dos foguetes de dous estralos, que se queimaban a feixes. O folión tivo moita sona: os estrondos fixeron esperta-los ecos nas montañas todas de arredor ias luces do fogo víronse no aire dendesde os vals de Riocaldo astra o Viso, e dende a feira de Entrimo astra o cume dos montes de Arauxo. Mais cando se alcontraban no millor do folión, canso de soprar, o Grilo crebou a gaita, e botando o fol ó lombo, caláronse os foguetes, víronse amortecidos os lumes ia moxedá trouleira, subiendo unhos, botando aturuxos outros, ias mulleres entoando melodiosos alalalas, despídense astra outro día e vanse cada un cara ó seu lar contentes. Un pouquiniño dempois xa todo aparecía envolto nas sombras dunha repousada noite. Soilo o moucho no cima dunha laxa prantado, asomellaba espíar a morte cos seus cantos tristes, ios chirridos da curuxa ioutros paxaros nouturnos que revoaban polas creba-duras dos castelos, escomezaban a oirse cada vez máis vastos .....

### IV

Ó romper da ialba, logo que se oíron no poleiro bater as ás dos galos *caireses* que cantaban a última vez pró día, ios mastís ladraban ós pasaxeiros madrugantes; dende alá da promeira encrucillada dos camiños, oíronse tódalas

limpas notas da tembrorosa alborada, que resonou en tódolos currunchos da aldea, como podía resonar nos ceos a doce múseca dos ánxeles. As crebaduras encombadas dos penedos devolvían ó espacio as melodías do harmonioso hino, ios golpes de bombo e tamboril que compasaban, multiplicáronse en malencónicos tronidos polas fondanadas do río Limia. Das casas dos lugares que no declivio destes outeiros esparéxense salpicados de froiteiras de tódalas castes, entreveiradas de canastros e fontelas, rubían colonias de fume que decraraban pola calada, a chanfaina no fogar dos labregos preparada: e se esto non abondara con pouco que se andivese por entre as chouzas, pendurados das ventanas, habían de verse os pelicos dos carneiros, iás portas dos galiñeiros, os probes despois das pitas sacrificadas.

Dempois de botar media ducia de netos por cabeza, concrúiese a alborada io gaiteiro ios seus *colegas* –anque o tinto de eiquí é friallán– vanse dormir a mona namentres que non os chaman pra asistir á precesión.

Xa temos preparada a música de Grou, que si non é tan boa como a de Entrimo ia de Moreiras, ándalle pra preto. O gaiteiro cos seus axudantes, atópanse alí tamén resoltos a non largar a honra dos seus istrumentos io sancristán, toca que toca encolgado das campanas, chama de présa á xente.

Ó redor do tempo, cáseque apiñocado de cristiandade, agarradas pola mau dalgún cirineu pequeno, ou axudadas dun caxato, van dando voltas axiolladas, pola mor dos *microbios*, unha chea de mulleres, devotas do San Ramón. Nesta eirexa que no tempo do feudalismo –según rezan as crónicas e nos ensina o letreiro da porta principal– apreixados na cadea da campana, salváronse da morte moitos sentenciados e perseguidos; agora, nos tempos presentes, ás mulleres que teñen fe nos milagres de San Ramón, quítaas tamén dos seus apuros maores. Así é que nestes istantes, que son as once da mañá, polas congostras, polos camiños e carreiros dunhas poucas de feigresías á redonda, remangadas de saia as mulleres e chaqueta ó ombreiro os homes, apionan como as formigas cara á eirexa de Torno, onde os cregos revestidos de dalmá-tecas cantan coas romeiras a novena do santo; este, posto nunhas andes novas, colgadas de panos de seda amarelos e adornado de cintas de licenciados, atópase limpiño e cáseque contente da festa que lle fan.

Catro rapazas das máis garridas da parroquia, endilgadas polo gaiteiro tírano pra fóra, e diante a múseca, dos estandartes e pendón, e seguidos de moita xente, sai a precesión polo camiño dos castiñeiros; ialí diante por diante das ánemas do tío Cristobo, dempois dun pouquiniño antre a múseca, foguetes e bombas de palenque, a precesión vólvese á eirexa ialí coa bendita imaxe, poxados os catro banzos a retesías das solteiras, o tío Pedras, arruma escontra a sancristía unha sombreirada de estrigas de liño en freba iunha canastra de lacós de porco; e logo, a misa de capotes escóménzase con toda solenidá. O crarinete io figre queren acompañar ós cantores que á forza de turrar pola gorxa, levan o *introito* cada un prá súa portela. Deixarémolos que berren e que o señor abade lles faga señas dabondo pra que non destrocen o *gorria* nin o *credo*, vamos á saída da misa e vexamos os romeiros espapexándose polos prados, polas viñas, entre os milleiros á sombra das moreiras e fateiros.

Improvisáronse centos de corros roldeando centos de merendas pousadas a un tempo mesmo enriba de manteses coma a neve brancos. Sentados us e medio alombazados outros, namentres os máis mozos iban e viñan coa bota ou a xerra cara á ducia de pelicos de viño que asomellando outros tantos borrachós, encostábanse escontra o palleiro do señor abade.

Desque acoubou a xente, recorrendo os arredores da eirexa e casa reitoral, fisgando por entre os follatos ias froiteiras, poidemos ver o que comían: depinicaban que daba xenio nas bogas, escalos, troitas, barbos ianguías do río Limia: rodelas de pernil con ovos, e coellos ben guisados; de todo elo había astra fartar.

Os cegos de ambos seusos cos lazariños e criados cobizando probar de tódolos xantares, tocaban as zanfonas, as pandeiretas, os ferriños ias conchas de sitio en sitio, ios probes marrulleiros, danse présa a colle-los motelos io condoito que lle dan; e cando as mesas campestres se levantan sacudindo astra última servilleta, dos corros que antes foron de merendas, saen garridas rapazas locindo o pequeniño pé calzado de zapato novo iaxustado de calceta, e monean ca cabeza pra amostrar as amendrillas.

Os coros vanse formando e ubízanse logo armoñosos *alalalas*, cantigas a desafío, moitas risas e algueiradas.....

## VI

Eran as catro da tarde cando inda o sol atopábase capaz de derreter os miolos, escomezábase o baile á sombra dos castiñeiros. As cabezas quentes por máis dun conceuto, como si foran de munifates rubían e baixaban somegando manexados por azougue. As mozas ios mozos do contorno alí estaban na millor roupa de garda, i anque faltaba o señorío de Entrimo, as peisanas dempois de puntear a muiñeira botáronse ó *agarradiño*; i había poucas, mui poucas que beilasen a muiñeira dos antepasados, porque agora todas son danczantas *á la moderna*, avregoñándose da honestidá das súas avoas e da modestia das súas nais. ¡Condergadas! ¿Quen lles dixo a elas que aquel beilar xeitoso do tempo dos afonsiños, non lles facía máis gracia có salteado de agora io moderno *agarradiño*? As rapazas destes tempos ó revés do que antes acostumaban levan a saia longa, aínda que a vregonza lles quede curta.

\*  
\* \*

Astra o escurecer durou o movemento da festa onde o ouservador intelixente poidera reparar a xuntanza de varias xeneraciós, representadas alí pola indumentaria de tódolos tempos. Non faltaba a chupa, a chaqueta de colariño ó pé das orellas, a calesera refroleada de pano, o chaleque de grana, o calzón curto ios zapatos de abrazadeira. Monteiras, ningunha, fuxiron todas avregoñadas. En troques víanse nos rapaces quefartes casacos de seus avós, e non poucos sombreiros que noutro tempo tiveron campaniñas.

Había somellanza de tipos de tódalas razas dendesde o celta astra o latino, iatoparía sobre todo a nosa fala na pureza cáseque promeira, anque cansada de loitar cos desleigados que se avregoñan do dialeuto da nosa terra; cos que renegan do seu orixen, da súa hestoria. Eiqúí nestas montañas non poideron as irruciós pousar a súa pranta, e por eso consérvase máis puro o dialeuto, as tradicións ias costumes dos gallegos.

Torno setembre de 1885

**O San Benito  
(Tradición gallega)**

*Señor San Benito de Coba de lobo  
Ei de ir alá miña nai si non morro.*

I

Así como cinco veces cinco anos fuxirán a esconderse nas medoñentas escuridades do tempo, desque pola vez promeira ouvimos a cantiga popular con que escomenzamos estes probes ringuilós. Nunca tan saudoso o ouvíramos, nin astra estonces tiñamos lembranza de que o houbese no mundo, nin de que as rapazas feiticeiras destes pobos, a cantasen con tan harmoñosa melodía. E non era porque de longos tempos non fora máis de mil centos de veces entoado polas avoas, polas fillas e polas netiñas, que mal pocadas, víanse aínda mal xeitosas pra cantaruxar no dialeuto das súas nais, e dos roulsinores que revoaban entre as amorñas das silveiras. Cantábase decote nos arredores da cibdá e mesmo drento dela ó soave murmurar das augas quentes, que a brobotóns reventan, polos empedrados das rúas e fumegan cal si saíran trousadas pola boca, polas narices e polos ollos dos artelos todos do Báratro. Pero non era de admirar, porque astra chegar aquel estonces non paráramos mentres na harmonía daquel canto que dende tempos esquecidos, fora mil e mil veces entoado polas gasalleiras campesinas moradoras nos arredores do antigo pobo de *Urensis*. Non poidéramos astra o dito tempo visitar estas ladeiras de acarón de Ourense, onde tantas preocupacións se acollen aínda na derradeira vintena do sigro das luces, onde as leis do *progreso* –que agora deron en chamar *universal*–, non tiveron forza para escorrenta-lo número de supresticiós que o vulgo destes pobos afánase en cobizar, deixándoas como en herdo de pais a netos, cal ofrenda enxebre doutras xeneracións herdada. E si na rústeca aldeñia que entre as crebaduras medoñentas da montaña se descobre, é indudablemente onde se gardan máis verdadeiras as tradicións ias lendas dos tempos que se foron; tamén é certo que as supresticiós io fanatismo de relixión arraigan e medran moito máis ó calor das preocupacións e da ñorancia inata, por decilo asina, nas aldeas que se aveciñan coa cibdá.

Nunca nos esqueceremos delo; a nosa vida escorregábase aínda non ben entrada na pubertá, e cicais por esto, ou a causa da afición que nos levaba ó marabilloso e sobrenatural, –á forza de ouvir por veces repetidas o cantar lembrado, e de facer esculcas sin conto; de ver a nosa cursidá satisfeita, como nosos aldeanos facían, ofrecemos tamén unha pormesa *si non morriamos*, de visitar a xa lembrada hermidá do santo do noso nome, nas alturas enrevesadas de *Coba de lobo*.

## II

Amorteciáase cuáseque no ténpano do ouvido o vagaroso son da última das doce bateladas, con que o rilós da catredal do señor san Martiño, daba a sinal de dobrar a noite ó medio; á media noite pra un día abafador do dez de Xulio, cando o mesmo que si un fruído manético houbese visitado tódalas chouzas; alentadas das mesmas intencións, un número inconsiderable de presoaas de tódalas idades e sesos, deixaban o mulido leito pra escomenzar a camiñata nouturna-mañal en dereitura ós carreiros e rivoltas que da cibdá nos levan á costa empinada dos montes de Piñor, onde o noso santuario se descobre. Aires armuniosos do país cantados con gracia e melodía incomparables, seguidos de tradicións *aturuxos* espaxían polos arredores os ecos fuxideiros de acordes *alalalas*, envoltos na escuridá das sombras nouturnas; ouvíanse retomar polos ocos e desfiladeiros do *Castelo Ramiro* e Montalegre, astra morreren repercutidos nas crebaduras de Moreiras e nas fondonadas inmediatas de Barbadás e de Toén.

¿E como non? Si tantos son os milagres que o santo fai en catro ou cinco légoas do contorno; ¿que moito que neste día venan a pousar alí os seus ofrecementos os emparados ia deitar os xinollos diante a imaxe con reverenciosa e humilde devoción? Por tódolos carreiros do monte verdorento e de froles moteado, vense fileiras longas de romeiros que preparados da súa cara bela encamiñanse en dereitura da pequena ermida onde han ouvir e pagar as misas de costume que escomenzan dende as tres da madrugada endiante.

Desalentadas polo cansacio as mulleres, e cuáseque sumillentas iamortecidas polo sono que lle moe os ósos; pra deixar un tantiño súas forzas reparadas e dar tempo a que a luz do sol espaxa e crarexe seus espradores no pericouto, acobíllanse baixo o espalmado camarín do santo, onde á cuberta do orballo da mañá han de entregarse dentro de pouquiniño ó sabroso e doce sono que as rondara; pero, mal pocadas: nunca falta un graxo da Burga ou un desleigado dos lugares do pé que lle cosa as saias ou que lle ate os cabelos dunhas escontra as outras. Polo demais ousérvase grande reverencia e devoción ó santo: as nais preséntanlle os seus filliños endebres: os homes amostan ante a imaxen bendita do santo, súas descomunás gargantas e seus lubiños que ora rebordan do coiro dos brazos, ora se ensinan no cerebelo, embaixo do queixolo ou en calquera outro sitio dos seus pecadores corpos: us e outros levan ó descuberto súas berrugas ialifaces. E velos alí que animados de crecente fe non os abandona a confianza de que o señor san Benito ha de tomar boa conta dos seus doentes romeiros, que pró ano que vén, han de alí tornar, con tributos de gratitú e alabanza.

## III

Hai outro xeito de milagres en que o santo non se demostra menos compracente, e pecaríamos de inxustos si non os lembráramos eiquí e os puxéramos diante a maxinación ientendemento dos nosos coetáneos; tanto polo

orde e estudio á que corresponden, como polo que de estrano teñen os xeitos que fan pra que a súa misericordia (a do San Benito) quede de todo, en favor do probe postulante que con fervorosa humildá a el recorre neste día.

A poucos estadales de longura da ermida e no medio e medio dos moitos fragós pelados que alí se alcontran, tan vellos cicais como as vellas costumes dos celtas que alí pousaron os seus pés nómadas; hai dúas grandes penedas levantadas que se fincan en feitura dunha sinal xeométrica que ten tres ángulos, é a feitura dun *trihilite* ou *Dolmen* simple, que no centro deixa unha abertura triangular con sobexante sitio pra que se podía ter entrada ou saída polos dous lados; vacío ocasionado pola falta dunha terceira pedra paralela que dende o vértice baixaba ó chau: mui comparante á figura dos dolmens da antiqüidade.

Non nos caibe duda que estas penedas así despostas son resto e relembanza dalgún deses tempos druídicos-celtas que pola nosa terriña se alcontran espaxados: ia súa premanencia alí, naquela tan pedragulleira montana, o estar alí da hermita, erguida pra escurecer cicais o culto druídico co da nosa relixión, como tamén socedera con outro tempo que o santo fundou aló no monte Casino de Roma, onde fora dinantes venerado o dios Apolo: a súa estancia naquel sitio non é debida de certo á casualidá, sinón ó modo de adorar a Dios; á relixión das derradeiras razas *kinris* que noutro tempo foron pobradores do país gallego. Non é o noso intento entrar eiquí en estudos desta natureza porque pra elo non nos alcontramos con conecementos e porque nos parece que deben ser motivo dun traballo a parte; mais, o que si, nos deixaremos de relebrar ós nosos leutores, e á maneira ou xeito con que os labregos de por eiquí iaínda unha gran parte do vulgo das cibdades levan a cabo alí certas meigalleiras cirimonias de liturxia mais adecuadas pra seren feitas por xentiles e paganos que non por cristianos da nosa Eirexa católica romana.

Veí están as tres Marías que se poñen de pé na entrada, no medio e na saída da gruta, cova ou como lle veña ben chamar; levan alí tódolos nenos encrenques e xorovados, e vannos poñendo un a un riba dunha madeixa de liño virxe<sup>66</sup> espargallada nas maus da primeira María; colle esta o neno en porranchiño deitado na madeixa e dallo á María que alcontra máis á mau, dicíndolle:

—María.

—¡Quei! —contéstalle logo a segunda María, e prosigue a promeira:

—Eí che vai o enganado, doucho doente e vólvemo vivo.

A segunda María, despois de poñe-lo neno ós alcances dunha fontela de auga que reventa do penedo alá en dentro da cova, e despois de non quedar cousa que non lle molle, déixao chorreando auga nos brazos da última comadre, que despois tamén de refregarlle o coiriño ó inocente que berrea a máis non poder, vólvello á compañeira, dicíndolle en alta e intelixible voz:

—¡María!

—¡Quei!

---

<sup>66</sup> Nota do autor: “Quen nunca fose mollada”.



—Eí che vai o tangaraño; déchemo morto e vólvocho sano.

Non tódalas mulleres están en condicións de facer a angueira de que tratamos, porque así como a meada do liño sobre que pasan os infantes de mau en mau, ha de ser virxe; tamén as tres Marías: ou polo menos, que non tivesen *ningunha colada*, ia cirimonia ha de ser feita despois de ouvir a santa misa.

Ourense xulio de 1885

## Entre ratos Conto

### I

Ninguén o acorda xa. Correron polo tempo cronoloxicamente encadeados algunhos miles de centos de natales e nin xiquera<sup>67</sup> os ósos dun vello escanelado se atopan que o acorde: mais contan as tradicións que socedeu, e ten xeito de que socedese nunha aldeña que conecemos<sup>68</sup>, e por certo que asomella esbarada pola ladeira onde sealcontra astra fincar nas mesmas chairas porque escorra un río pequeno moitos anos hai, tan mainiño polo vrau como si fora palrando cos ameneiros que o rebordean<sup>69</sup>, anque non por elo deixa de bruar choutando e rebolindo nas fentas e carpiceiros polo inverno. O nome do pobo onde o conto pasou non é cousa que ós leutores de *O Tío Marcos* lle interese moito<sup>70</sup> iestonces irémonos ó grau direitos.

### II

É o caso que un rato deses que lamben o farneiro dos muiños, que furgando sempre por antre as paredes das casas andan á usma dos untos e touciños ou permiles mal gardados; furando os foles e remexendo nos farrapos dos bolsós onde de cote metía o vello da casa un anaco de condoito nunha folla de verza arbullado; era, en fin, un rato regalón que á forza de roer nos temoeiros e nos coiros das cachuchas, de solver leite e comer bicas de manteiga, puxérase goso coma o gato<sup>71</sup> dun abade e tiña o pelo dondiño somellando<sup>72</sup> o pelo dunha lontra.

Pois ben, este rato tan coidado, tan donairoso, tan puído e cáxeque enfastiado<sup>73</sup> de tantas larpadelas, vizoso da boa vida que se daba, sin coidarse de que os labregos botaran sapos e cobras pola boca e lume polos ollos cadoucando contra el e escontra<sup>74</sup> todo o seu xeito de furacar; sin coidar pra nada da xenreira que lle tiñan cantos se atopaban cun estropicio feito polo seu afiado

---

<sup>67</sup> siquera, en *O Galiciano e Follas Novas*.

<sup>68</sup> conecemos, en *O Galiciano e Follas Novas*.

<sup>69</sup> reboidean, en *O Galiciano e Follas Novas*.

<sup>70</sup> que ós leutores lle interese moito, en *El Eco de Galicia e Follas Novas*.

<sup>71</sup> gordo coma un gato, en *El Eco de Galicia e Follas Novas*.

<sup>72</sup> semellando, en *El Eco de Galicia e Follas Novas*.

<sup>73</sup> enfastiado, en *El Eco de Galicia e Follas Novas*.

<sup>74</sup> contra, en *El Eco de Galicia e Follas Novas*.

dente, botouse de folganza algunhas alancadas fóra do lugar por ver os ventos que zoaban alá por antre as queiroas ios turvisqueiros.

Pero<sup>75</sup> onde menos se procataba<sup>76</sup> atopouse con outro compañeiro; era un rato dos monteses que ollaba pra el agoniado de ver un *señorito* da súa raza tan puído e tan garatuxeiro: o montés estralaba de vergoña diante a ollada de admiración e curiosidá que o outro lle botaba, somellando<sup>77</sup> que se anoxaba de verlle o pelo cardoso e morriño o fío do lombo, por mor das fames e intemperias que o azoutaban nas revoltas dos penedos e nos picoutos dos outeiros<sup>78</sup>, onde a esgarabana empuxada polo vento zarabatío e cáxeque<sup>79</sup> o esborifaba escontra os toros dos castiñeiros; iastra a iauga lle quería quita-lo folgo cando viñan as enxurradas que mesmo se endereitaban de retangeira<sup>80</sup> polos buracos das madrigueiras drento.

### III

—¿Que demonches fas perdido iesfameado por eiquí? —preguntou o rato gordo ó outro; e este, medio morno e humildado pola superioridade<sup>81</sup> das falas do compañeiro, respondeu:

—Que por alí chapando moscas, pacendo herbiñas<sup>82</sup> e roendo cascás dos zougazos, pasaba o tempo.

Cobizando o rato do lugar o ben do somellante<sup>83</sup>, díxolle botándoas de fanfuriña:

—Malia quen te non desemburrou dunha vida tan miserabre<sup>84</sup> como a que tes; ¿ves alá a carón do río unhas casiñas apiñocadas? Pois alí ando eu toda a semana<sup>85</sup> ben regalado coa nata dos pucheiros, comendo pingo resésego e levando boas enchentas de broa con leite ioutras cousas que non che nembro agora. Vente na miña compañía, deixa estes ventos que che moen os ósos iestas cadagueiras que soilo a garduños poden acobillar<sup>86</sup>; vente, meu amigo, e verás que axiña trocas de pelo e te pos repolido coma eu.

---

<sup>75</sup> Pro, en *O Galiciano* e en *El Eco de Galicia*; Por, en *Follas Novas*.

<sup>76</sup> porcataba, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>77</sup> semellando, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>78</sup> intemperias que o azoutaban nas revoltas dos outeiros, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>79</sup> polo vento zarabatío e cáxeque, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>80</sup> retranqueira, en *O Galiciano*.

<sup>81</sup> superioridade, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>82</sup> herbiña, en *El Eco de Galicia*.

<sup>83</sup> semellante, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>84</sup> miserable, en *El Eco de Galicia*.

<sup>85</sup> semana, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>86</sup> cobillar, en *O Galiciano*, *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

IV

Irando mau e mau, colleron a vereia do lugar, ien chegando alá estre-naron as ferramentas promeiro de nada, cun par de riles de marrau que o diaño da vella dunha casa escondera envolteitos nun anaco de faldra tras das cuncas do louceiro por mor dos xuncras dos netos que todo llo acacheaban os larpei-ros...

Pouco tempo despois, as alleiradas dos compañeiros foron apare-cendo cada hora, e logo os patrós das casas que tantas setas tiñan de ver mor-tos ós ladrós das asaduras, que astra roían os carozos con que lle atuían<sup>87</sup> os buracos, trouxeron gatos e ceibáronos polos palleiros e polas cortes dos lechós, onde os meinantes iban tamén aproveitar a lavadura que sobexaba. O rato das casas desprocatouse<sup>88</sup> logo daquel miañar saudoso do marrulleiro anamigo que cobizaba botarlle enriba as gadoupas, iandivo destonces algo co ollo alerta<sup>89</sup>; mais como o diaño non dorme, querendo facer de valente, baixou certa noite astra os remates dun touciño, pero o condanado do gato que se alcontraba gui-chando cus ollos como dúas *velas marías*, avantoulle<sup>90</sup> no cachazo e caíndo nun rebullón, fíxoo chiar astra machucarlle os miolos e facerlle saír as tripas. O probe do rato montesino que tal estivo reparando dende os cumios da casa, esconsolado e cheo de amargura, medoñento e triste, de catro pulos que deu púxose lonxe da aldea, mais si non volveu alá, quedou sona que os pigoreiros das ovellas oíron pró outro día o que o rato montés cantaba:

Roendo carrascos duros  
e bebendo nos regueiros,  
vivirei anos enteiros  
sin correr tantos apuros;  
pois millor e máis barato  
*é vivir fraco no mato*  
*ca gordo no papo do gato.*

Ourense outubro 1885

---

<sup>87</sup> atuaban, en *O Galiciano*.

<sup>88</sup> desprocatouse, en *El Eco de Galicia*.

<sup>89</sup> aberto, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

<sup>90</sup> aventoulle, en *El Eco de Galicia* e *Follas Novas*.

## Juan Fernández Merino (*Fernán Minero*)

### Datos biobibliográfico

Anque galego de orixe, abandonou pronto a súa terra e cruza o Atlántico cando aínda era un neno. Despois de percorrer Brasil, Uruguai e Arxentina fixou a residencia na Habana, onde se dedicou á docencia e colaborou activamente coa prensa galega da illa, na que inseriu diversas composicións poéticas baixo o pseudónimo *Fernán Minero*. Cabe salientar que no ano 1918 acadou un premio en Lugo co poema “¡Galicia!”. O 12 de marzo de 1920 estreou na Coruña o poema simbólico “Dorinda Galicia”, que logo retocou e aumentou facéndoo drama. Na *Antoloxía da Literatura gallega* de Uxío Carré Aldao figura o seu poema “Espiritos do ceo”, un romance datado na Habana o 25 de xullo de 1901 dedicado “aos vellos rexionalistas da Cruña”, no que, segundo di o propio Carré, “no hace más que discuir en prosa versificada”. Ten, ademais, un relato asinado co seu propio nome, en *El Eco de Galicia* de Bos Aires, titulado “Os olláparos da corte”<sup>91</sup> e dous textos máis, que firmou baixo o pseudónimo de Fernán Minero en *El Eco de Galicia* da Habana, “A terra dos porcos” e “¡¡Reerguervos!!! Fala un labrego da Cruña”<sup>92</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

“Os olláparos da Corte” é un relato no que o autor denuncia a situación da Galicia de finais do século XIX a través do seu personaxe protagonista, quen decide ir á Coruña sublevarse contra a política centralista da época.

O máis salientable é o discurso apaixonado e belixerante, cunha ideoloxía na liña do rexionalismo, que ofrece un repaso polas lacras enraizadas na sociedade da época, como son a pobreza e a indignidade do pobo, provocadas por un goberno centralista. O personaxe preséntase como un mozo comprometido e valente disposto a cambiar o sistema. Sente a necesidade dun cambio sociopolítico, á vez que reivindica a entidade de Galicia como país, así como melloras para as clases populares. Dende o punto de vista da narración hai que salientar o feito de que os elementos ficcionais así como a coherencia e cohesión do relato se sacrifican en favor da pretensión propagandística do autor. Deste xeito, o conto transfórmase nun alegato político no que narrador, protagonista e autor terminan por confundirse. A faceta periodística do autor prima sobre a fabuladora, de aí que o interese deste texto radique no aspecto sociopolítico fronte ó literario. Na mesma liña social e política está “¡¡Reerguervos...!!!”, xa enmarcado no xénero periodístico. Neste caso o autor realiza un exaltado alegato

---

<sup>91</sup> *El Eco de Galicia* (Bos Aires), nº 267, 20 de marzo de 1899.

<sup>92</sup> *El Eco de Galicia* (A Habana), nº 832, 4 de xullo de 1898.

patriótico a favor da terra galega e os seus heroes de guerra durante a contenda que tivo lugar en 1898.

### ;;;Reerguervos!!!, Fala un labrego da Cruña!

Ao xigante e festivo vate E. Larbarta Pose

Na redació de *Galicia Moderna*  
Pontevedra

Véndovos en roda diante das grorias da pátreia, os meus ollos verten bágoas de agradecimento, o meu peito se axiganta e o meu curazón late e sinto a miña sangue envermellarse polas traiciós dos fillos espúreos. Ninguén pode aventaxarme no querer e nos sentimentos patreótecos, pero véndovos hoxe en rode e facendo unha fortísima muralla, recórdome daqueles celtas corpudos e guerreiros, daquelas ialmas nascidas ó pé do Miño, do Sil e do Sarela, xigantes homes que batallaron pra nos dare unha terra fermosa e cheia de encantos de de marabilleiros feitos.

Fumos os máis traballadores e os máis hercúleos homes. Fundamos pobos na antigüidade; fixemos monumentales cousas, e tivemos unha ademirada puxanza.

Hoxe quédanos moito dos tempos millores; ¡quédanos a sangue daquela forzuda raza! ¿Quen dixo que non temos hoxe o que tivemos cando fumos os reises do mundo? ¡Moito ollo, aínda hai glóbulos roxos nos curazós do pobo gallego! Si hai tantas testas baixas e tan mortas paxiós, non rebulen éstas nos pobos dos celtas. Aló hai xigantes guerreiros; aló viven pra gloria da Nación española os fillos da guerra e os héroes dos feitos brillantes.

Déronnos língoa, costumes e relixión nosos millores homiños: Pelayo, Pardo de Cela, Andrade, Rodríguez de Padrón, Conde de Lemos, Feijóo, Sarmiento, Aguirre, *os precursores*, e os que máis traballan hoxe polo rexionalismo gallego, xa nos dixeron quen era Galicia e quen foi ese pobo galaico na antigüidade: ¡o máis guerreiro, libertador da raza celtíbera!

¡Poetas, collede a lira pra cantar de novo as grorias gallegas! Non temos medo ao estranxeiro. Cando á pátreia pide peitos fortes e varoniles e pra loitar pola gloria, e pra demostrar aos aventureiros que non se mofa ninguén da raza ibérica, sempre vencedora, sempre groriosa. Cinco anos de guerra, non é nada pra nosa xente: ¡pode guerrear, sin medo á morte, dous centos anos!

En África, Puerto Rico, Cuba, Filipinas e demais terras fixermos ó que faremos mañán con xente porca.

Os gallegos de Cuba foron os pirmeiros que fixeron brincar de rábea aos porcos do Novo Mundo. Mariños e mariñeiros gallegos foron os pirmeiros que dispararon seus cañós contra tantos larpeiros, novos gabachos, porcos, pelendres. Os mares das antillas e a brisa das praias cubanas refrescaron as fisonomías dos valentes Suances Barcáiztegui, Enríquez, Manterola, Lahera, Rodrigo, Moreno, Pastor, Villalba, Aguirre, Calvar, e moitos máis capitás e tinientes de pirmeira, náuticos gallegos que honran a terra galaica.

¡Eulate, Deschamps, Montojo e Boado!, catro mariños inmortales na historia gallega.

¿Quen lle nega á nosa terra unha das máis brillantes páxinas no ano de mil oito centos noventa e oito? ¡Ninguén, porra, pode negarlle! É menester que Galicia teña súa boa groria nesta guerra que comenza para ben da pátreia e dos seus fillos.

Non deben calarse os millores feitos gallegos;

E temos dereito a loitar contra quen quer terra do pobo ibérico.  
¡Veñan, veñan, e xa verán quen pode vencer pola pátreia!

O noso goberno non ten pizca de vergoña, é menester que o noso pobo se lle impoña agora como se lle impuxo na guerra da *Independencia española*. Entendan os gobernantes espúreos da terra norte americana, que á pátreia de Gonzalo, de Vivar, de Prim, de O'Donell e do primeiro guerreiro do mundo civilizado, ¡Pelayo!, non baixa á cachola pra que lle den na testa; que ten boas fouces pra lles facer cóchegas nos seus corpos.

Mentras haxa sangue gallega teremos pátreia galaica e Nai Española.

As mulleres gallegas, cando morran pola pátreia e os seus homiños, viran a Cuba pra lles dar puxanza e pra axudar a seus filliños.

Cuba ten que ser sempre de España, queiran o non queiran os porcos do Novo Mundo.

¡Galicia, pátreia dos grandes feitos e das potentes forzas; xardín do ceo e fro cheirosa nos eidos nosos; garradiña e meiguiceira señora nas chouzas de Castela; filla a máis calada e recollida das millores e máis garridas fillas; folla fermosa do lugar máis admirado entre os lugares máis fermosos do Cantábrico; centinela xigante nos mares do vello mundo; virxen pra nosoutros inmaculada posta polo Redentor entre palmeiras, vals e rías douradiñas; menxaxeira pombiña que do ceo baixaches pra brilar no mundo polos teus feitizos; Galicia, Galicia adourada, deixa que fale este probe galego na léngua que falan teus millores xenios; deixa que che ensalce, deixa que che bique, deixa que che mande unha aperta e un suspiriño do fonda da súa ialma!

¡Ti non morres, miña vidiña...!

¡¡Reerguervos, galaicos, que o demo non trunfa!!

Fernán Minero



## Remigio Garrido Bouzas

### Datos biobibliográficos

Remigio Garrido Bouzas naceu no concello ourensán de Baños de Molgas en 1830. Estudiu no Seminario Conciliar de Ourense e exerceu como crego en varias parroquias rurais ourensás ata chegar a Escornabois, no concello de Trasmiras, onde se dedicou ó sacerdocio ata a súa morte, acontecida o 7 de outubro de 1907.

Colaborou con *O Tío Marcos da Portela*, un medio no que o seu misterioso pseudónimo Roque Grilo Berza se fixo moi coñecido, ata o punto de que o propio Lamas Carvajal tardaría tempo en descubri-lo.

En castelán escribiu unha obra de xuventude titulada *Baraja mística* en colaboración co seu compañeiro José Manuel de Pazos, que non vería a luz ata o ano 1888.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Presentamos os tres relatos que Remigio Garrido Bouzas publicou en *O Tío Marcos da Portela* baixo o pseudónimo de Roque Grilo Berza.

O primeiro, que leva por título o xenérico “Conto” apareceu por primeira vez no parrafeo 108, correspondente a decembro de 1885. Trátase dunha historia ambientada nunha pequena aldea da Limia, que ten como protagonista principal a un abade e como secundarios a unha panda de mozos e á irmá do crego. Un narrador omnisciente clásico dános a coñecer en terceira persoa as falcatruadas e os excesos alimenticios dun grupo de mozos, así como os confusos pesadelos do cura. Son frecuentes as intervencións deste narrador para fixar a atención do lector neste ou naquel foco de interese: “pero eso nada quer dicir pró conto”, “deixemos ó Ánxel comendo a larpada e volvamos ó señor abade”, “eiquí está a gracia do conto”. Para nós, o principal valor literario do relato é o efecto humorístico que consegue a base da confusión de palabras e da mestura do mundo real e o mundo onírico.

O segundo relato é o titulado “O novo nome das patacas. Conto”, que viu a luz no parrafeo 117, correspondente a febreiro de 1886, e que ten unha importante influencia da literatura oral e popular, xa que comeza co refrán “as patacas son o pan dos probes i o regalo dos ricos”, ó que lle segue unha valoración da importancia que a pataca ten na gastronomía galega. A seguir, comeza o conto, tamén protagonizado por abades e unha criada, narrado en terceira persoa, aínda que neste caso coa seguinte aclaración: “esto contoumo un que estaba presente, pois namentres o señor abade partía, atendeu millor e aprendeu o que dixo o que parolaba, pois namentras comen nada aprendeu ou non mo contou”. Despois de relatada a anécdota que serve de cerne ó conto,

baseada nunha confusión lingüística, establece unha comparación entre as patacas e as catacumbas. Finalmente, expón o narrador as distintas posibilidades combinatorias que ofrecen as sílabas da palabra “pataca”, e remata co seguinte desexo para o “tío Marcos”: “Saudíña, tío Marcos, e mande ó seu compañeiro de monteira”, que se converte, xa que logo, no lector explícito representado.

Deixamos para o final o relato máis longo de Remigio Garrido, característica que xa aparece no título “Historia, conto, sainete ou como queira chamarse da ama dun señor abade”, que foi publicado en dúas partes no parrafeo 163, correspondente a xaneiro de 1887. Trátase dunha serie de contos encadeados que teñen como protagonista, nalgúns casos, e como narrador, noutros, a Pedro Coxo, que aparece caracterizado nas primeiras liñas: “labrador que viste ciríngolas de estopa por non ter cadelas pra mercaldas de pano, farto de turrar polo sacho, e de andar a cabalo do arado, sempre cheo de miseria e de fame, mais nunca de fartura nin de folga”. O narrador principal é testemuña e unicamente recolle información para o Tío Marcos, como se observa nas liñas finais: “eu tamén botei porta fóra, e fun mercar papel, e pasei a tarde escribindo o conto antes que se me olvidase con intención de mandarlle ó Tío Marcos polo pormeiro carromateiro que pasase para Ourense: para que o Tío Marcos llo contase ós seus amigos si quer, e sinón, solo perdín o papel, pois o escribilo servíume para pasar a tarde, que sempre estivo chovendo”. Constitúen, xa que logo, estes relatos, unha especie de crónica para un medio no que o autor colabora habitualmente.

## Conto

Na aldea de Vil... (perdoen que non debo descubrila) nunha aldea da Limia, alcontrábanse no camiño á entrada dela, catro ou seis mozos de parola, cando acertou a pasar por alí un sardiñeiro vendendo sardiñas; velo e desafiarse a comer sardiñas crúas, todo foi un: fixéronlle pousar a canastra, e cal quintos ó redor do caldeiro do rancho, devoraban nas sardiñas crúas cal si foran escabechadas. Non sei si comeron moitas ou poucas, nin cal ganou a aposta, pero eso nada quer dicir pró conto.

Un deles, chamado Ánxel (e teñan conta co nome, pois sin eso non serviría o conto), tal sede lle pegou, que vía baixar o tinto polas paredes; mais como non tiña cadelas, tivo que se valer do branco da fonte. As sardiñas crúas co branco da fonte, deron en pelexar no bandullo do Ánxel de tal maneira, que lle armaron un cóleco tan enrabeado, que fixo andar ó señor abade máis de présa para lle pór os aparellos (como sole decirse) para marchar pró outro mundo. O médeco do Auntamento non estaba na casa, i os outros médecos non apareceron ou non quixeron vir porque non lles cheiraban as cadelas; e o ventre do Ánxel púxose tan duro, que non quixo andar en tres días, hastra que a nai coas meiciñas que sabía ou lle deron as meiciñeiras da aldea llo fixo andar, pero de tal maneira que dempois nunca paraba.

Deuse a casualidade de vir un médeco estranxeiro a visitar ó señor abade, de quen era amigo, e estando xantando pediulle o señor abade o favor de que por Dios fose ver ó Ánxel, pois non había outro médeco: o médeco ofreceuse a ir e foi co abade, i ó ver ó Ánxel dixo: “Amigo, esto está mui malo; este é un caso que de vinte que se alcontran nel, morren dazanove; eiquí cómpre o que non hai, pro fáganlle... (e dispúxolle unhas meiciñas que a nai podía facer sin darlle cartos ó boticario) i o enfermo díxolle que non había comer que se puxese a caldo limpo hastra que tivese moita fame empezase por comer solo unha sopiña. Foise o médeco co “Dios llo pague” do probe e a nai do Ánxel fíxolle as meiciñas que o médeco mandou, e foron tan boas que o Ánxel púxose fóra de peligro.

Xa o señor abade non se acordaba do Ánxel, nin se estaba enfermo, cando este rabeando coa fame, a nai non lle quería dar máis que o caldo limpo, nin xiquera a sopiña co médeco mandara; e enrabeado non se parou na sopiña, sinón que se tomou outra larpadela non sei de que, pois coa risa do conto olvidouse de perguntalo.

Deixemos ó Ánxel comendo a larpada e volvamos ó señor abade, que xa non se acordaba del. Dempois de rezar o rosario e cear, deitouse na súa cama sin ansia ningunha, chamou polo sono, veulle, dormiu e soñou; mais ¿que soñou? Eiquí está a gracia do conto.

Soñou que iba de viaxe ó cabo da Limia a ver un compañeiro e amigo; era pola tarde e deu en chover tanto, que se figurou que Dios volvía mandar outro diluvio; a noite acercábase e de chover non paraba, i entonces iba decindo pra si: “Esta noite non dou chegado onda o meu amigo; non pode

pasar os regatos coa moita auga que levan; o mellor será pedir pousada e quedarme”.

Como o pensou fíxoo; pediu pousada nunha casa e déronlla, estimárono ben, e dempois de cear, a ama da casa colleu unha luz e foille ensinar a cama; pasaron un salón mui grande e tras daquel outro, e tantos salós pasaron que o señor abade pasmado iba dicindo: “Esta non é casa nin convento, este é un palacio máis grande que o Vaticano de Roma, que din que ten moitos salós e mui grandes; ó chegar onda a cama, a ama deixoulle a luz, deulle as boas noites e foise. O señor abade deitouse, ou máis ben (soñou que se deitaba, pois estaba xa ben deitado na cama da súa casa) apagou a luz e púxose a pensar no ben que o trataran e no grande da casa, e decía “Si teño que saír de noite non acerto a saír de eiquí; ¿quen desandarán tantos salós como atravesei?”. Cando estaba con este pensamento chegou a nai do Ánxel por baixo da ventana berrando: “¡Señor abade! ¡Señor abade!” e o señor abade respondeulle soñando: “¿Quen é? ¿Quen me chama? ¿Que me quer?” e a muller dixo: “Veña recomendar ó Ánxel, que está morrendo”, e o señor abade volveu berrar: “Alá vou”. Así que a muller ouviu “alá vou” botou a correr para achar o fillo vivo; mais o señor abade en lugar de entender: “veña recomendar ó Ánxel” entendeu o amo, e pensou que quen morría era o amo da casa onde estaba soñando que dormía; e namentres diría prós seus botós: “Seica os meus pecados me trouxeron a dormir a esta casa; non me abonda presenciar a morte dos meus feigreses, ouvir os choros das súas familias e ver as caretas que fan os que morren, sin que veña tamén ver morrer ó amo desta casa; que gana lle deu tamén ó amo de morrer esta noite...” Namentres esto pensaba, ergueuse da cama berrando alto: “¡Señora ama! Señora ama! Traia unha luz e dígame por onde hei de ir, que eu non sei os andamios desta casa!” Vestiuse as medias, sin parar de berrar: “¡Señora ama! Señora ama traia unha luz, dígame por onde hei de ir, eu non sei os andamios desta casa, dígame onde está morrendo o amo!” Mais cos berros e coa roupa que vestía (seica estaba fría) espertou e empezou a abrir os ollos e a rempalos, e co luar que faguía, o señor abade conoeceu que estaba na súa propia casa, e empezou a decir: “¿Eu onde estou? Esta é a miña casa de Vil..., esta é a reitoral; estou na miña casa e non onde soñaba; pois alguén chamoume... ¿cómo é isto? Alguén morre, ou hai incendio.” Nesto ouviu berros fóra, e dixo outra vez: “Alguén morre ou hai incendio”.

Dempois destas meditaciós empezou de chamar pola irmá e pola criada: “¡Pepa! ¡Francisca!” E respondeulle a irmá “¿ti que queres?” e dixo o señor abade, “¿il chamou alguén por min?” e dixo a irmá “chamou a nai do Ánxel, que o vaias recomendar que está morrendo; pro ¿por qué dabas eses berros chamando pola ama e dicindo que non sabías os andamios desta casa?” e díxolle o señor abade: “deixa que ese conto non é pra agora, ese conto non ten présa... mañá cho contarei”. Colleu o capote e foi recomendar ó Ánxel, que coa alforxa chea coas larpeiradas foi dar conta a Dios das falcatrúas que fixera no mundo.

Cando na maña seguinte a irmá do señor abade lle levou chicutate, díxolle que lle contase o conto dos berros daquela noite. O señor abade con-

toulle o sono que tivera, e como á dicirlle que fora recomendar ó Ánxel, entendera o amo, e crendo que estaba naquela casa chamaba pola ama para que lle ensinase o camiño: o chicolate estaba mui quente e tentouno o diaño a coller un solbato mui grande, ó mesmo tempo que lle deu unha grande risa, co conto, coa queima e coa risa cuspiu o chicolate con tal forza, que luxou a servilleta i a mesa, e cuáseque llo botou na cara á irmá que tiña o vaso de auga na man, i a irmá coa risa do conto e coa carantoña que fixera seu irmau coa queima do chicolate, tirou co vaso da auga, que rompéndose foi romper tamén a xícara do chicolate, tendo o señor abade que pasar aquel día con media ración, i a irmá tampouco almorzou porque lle abondara de almozo a risa do conto.

## O novo home das patacas

### Conto

Hai un refrán das patacas de todos sabido, e tan verdadeiro como mentira parece; o refrán di así: “as patacas son o pan dos probes i o regalo dos ricos”.

¿Quen diría que o pan dos probes había ser o regalo dos ricos? Pois non ten volta: todos sabemos que os probes na maor parte do ano non comen outro pan que as patacas; e tamén sabemos que non hai mesa de rico onde as patacas non baíen: xa sea untadas e revoltas cos guisos, xa sean misturadas na fonte co repolo, cos garabanzos e coas cheroubas, ou xa sea solas no prato en cachelos; e si non aparecen dalgunha maneira, non faltarán un antoxadizo que pergunte por elas. Isto xa o saben as cucifeiras, e por eso anque non as poñan non deixan de telas porparadas por si lle as piden; e si non preguntarlle á cucifeira do conto que lle deu o novo nome ás patacas: e por si acaso algún ó ouvilo quer saber como tivo principio, vouto contar para que o sepia; foi tan verdá como Dios no ceo está.

Pasou desta maneira.

Un señor abade foi chamado e tivo que ir por compromiso de amizade asistir ós funerais dun enterro dúas légoas lonxe da súa casa: as familias do defunto tiñan porparado o xantar pra os curas que lle fosen ó enterro, mais o señor abade daquela feigresía, pois eran amigos vellos, e como o convidou, aproveitou a ocasión de facerlle compañía (foran condiscipulos cinco ou seis anos). Era de inverno e faguía frío, e como eran amigos de franqueza, acordaron xantar na cociña. Sentáronse no escano os dous abades e un capellán daquela parroquia, e tamén xantaron alí un oficial que se alcontraba traballando na casa i os demais familiares.

Os dous abades suscribíranse á peregrinación que fixeron i escribiron os nosos compatriotas de Santiago, chamada: *Santiago. Xerusalén e Roma*. Ó sentarse no escano preguntoulle o señor abade de fóra ó da casa si tiña lido moito da peregrinación. -Eu non teño lido nada, respondeu, ¿e ti?. -Eu xa estou lendo o terceiro tomo: estou lendo as ademirabres cousas que hai que ver en Roma. E con este motivo empezou a falar das cousas de Roma de tal maneira, que no principio da mesa non lle deixou dicir palabras ós outros. Veu o cocido á mesa cando estaba parolando do tempo de San Pedro, e namentras que o señor abade da casa partía o cocido pra todos, seguiu parolando e dixo (esto contouno un que estaba presente, pois namentres o señor abade partía, atendeu millor e aprendeu o que dixo o que parolaba, pois namentras comen nada apendeu ou non mo contou) dixo que os pilares que sosteñen a cupla de San Pedro son tan grandes, que cada un deles ten o grandor i a feitura dun convento que hai en Roma con eirexe e todo (xa poden ter catro carros de pedra). Dempois dos pilás rubiu a falar da bóla onde asentaba a cruz do remate, e dixo que era de bronce, en oco por dentro, con asentos nela do mesmo metal, e tan grande, que caben sentadas naqueles asentos dazaseis personas: e dixo como alcontrándose dentro da bóla dous frades españoles, os sorprendera alí un tembror de terra, i ó ver a bailadeira que a bóla facía, xa se creeron sepultados baixo

das ruínas do tempo, e foi tal o medo que tomaron, que un deles quedou morto no auto, i o outro quedou tan mal parado, que cando se viu fóra do peligro non lle quedou gana de se volver subir a aquel poleiro, pois din que sealcontra a cento corenta metros do chan da eirexa.

Coa bóla do remate rematou o conto do tempro de San Pedro, ó mesmo tempo que todos estaban facendo o prato do cocido que o señor abade da casa partira; mais o paroleiro querendo seguir coa historia e chamando a atención sobre doutra cousa, dixo con tono interrogante e ademirativo ó mesmo tempo: -¿I as catacumbas?! -A esta pregunta respondeu a sirventa: -Vounas botar. I era así, pois naquel momento deixou caer as patacas en cache-los na fonte en que as serviron á mesa.

Solo o capellán se deprecitou do dito do señor abade e da remposta da sirventa; e foi tan grande a carcaxada que soltou, que os deixou a todos coa boca aberta para lle perguntar porque ría. -¿E por que hei de rir? -dixo el- Porque ó decir o señor abade “I as catacumbas?” a sirventa creendo que lle preguntaba polas patacas dixo “vounas botar”. Ó ouvir esto fíxose a risa xeneral, e tanto, que ningún podía atravesar bocado coa risa, que casi tiveron que comer as catacumbas frías. Dende entonces os que se alcontraron alí, nas mesas donde comían dábanlle o nome de catacumbas ás patacas, e fíxose tan xeneral o tal nome naquela terra que...

Dende entonces ás patacas  
na mesa de xentes mundas  
non se lle chaman patacas  
que lle chaman catacumbas.

Eiqué acabou o conto. Mais eu vou ad advertir unha cousa: os abades i os seus compañeiros, e quizais tamén a outros que ouvisen o conto, pareceulles despropósito a remposta da sirventa: pois a min non mo parece; antes ben parécese máis apropiado ás patacas o nome de catacumbas que o de patacas: eu non sei quen lle puxo patacas, e porque lle chaman patacas, nin que significa patacas.

Pero catacumbas teño entendido que son unhas covas que hai debaixo da terra, onde por máis de tres sigros habitaron os vivos na compañía dos mortos: pois ben, as patacas habitaron por máis de tres meses nas covas debaixo da terra na compañía dos vivos, como os grilos, os ratos, as toupeiras e outros bichos que por aló moran; anque estas covas non sean tan fondas como as de Roma, non deixan de ser covas.

Pois si un retólico falando retolicamente toma o continente polo contido, ou ó rivés, a ninguén lle parece mal, ¿por que logo llo ha de parecer a remposta da sirventa no conto das patacas? E por esta razón eu digo que lle cadra millor o nome de catacumbas que o de patacas.

Mais non por esto se ha de olvidar o nome de pataca, porque, pataca é unha palabra que ten unha propiedá que poucas palabras teñen.

Da palabra pataca, sin trocar as letras, solo con repetir ou cambiar as sílabas, fórmase unha litanía de nomes, como se pode ver: a primeira repetida di papá, nome que lle dan os fillos ós pais; tamén di papa, que tanto lle cadra

ó romano pontífice, como ó papa moscas, ou papa terceira repitada. A primeira coa segunda di pata, que pode ser pata de ganso ou de tenreira, que ben limpa e mondada e gobernada co bandullo da mesma sabe ben e cómese na miña terra co nome callos. A primeira coa terceira é o nome da que quixo ser miña novia, e non casei con ela porque era segunda repetida. A segunda coa primeira di tapa, que pode ser tapa-bocas, ou tapa de xarro ou de pote. A terceira coa primeira di capa, que tan ben pode ser de pano como de pulgas, ou dos da cabeza, e entonces dícese terceira e segunda. En fin si algún non entende así direillos en ringuileira: papá-papa-pata-paca-tata-tapa-caca-cata-capá.

Xa que acaba con capa, vaia o xogo da capa, que por ser en gallego, por si algún o quer pór na súa tertulia, pra lle facer estrapexar a lingua a quen non a teña lixeira: pero hai que dicilo á présa.

O xogo di así:

Tres varas de pano escasas  
fan escasa capa parda o frade,  
frade viste escasa capa parda  
viste escasa capa parda frade.

Saudiña, tío Marcos, e mande ó seu compañeiro de monteira.



## Historia, Conto, Sainete ou como queira chamarse da ama dun señor abade

### Promeira parte

Pedro Coxo, labrador que viste cirigolas de estopa por non ter cade-las pra mercaldas de pano, farto de turrar polo sacho, e de andar a cabalo do arado, sempre cheo de miseria e de fame, mais nunca de fartura nin folga, convencido de que a labranza sola non lle daba pra manterse e manter fillos e muller, pois os trabucos e mais angueiras que na casa cómpren consumíanlle hastra o máis necesario pra vivir; á costa de grandes sacrificios e namentras lle duraban as patacas que recollera, pasando todos, día e noite con elas solas conseguiu faguerse cun faco; así que o viu na casa, consentiu pagar tódolos recargos dun trimestre de contribución, e cos cartos do trimestre botouse polas aldeas a comprar centeo pra levar ós mercados e feiras, e sin abandonar a labranza, que era cousa máis segura, recorría os mercados e feiras de Allariz, Xinzo, Verín, Maceda, Celanova i Ourense: non parou hastra que naceu pra pagar o trimestre cos recargos, quedándolle unha carga que levou ó mercado de Xinzo, pro que non pudo vender por estar baixos os precios, e por non perder, tivo que arrimala hastra outro mercado que ofrecese millor fortúa. Como non tiña máis fondos pra comprar, pudo ir ó mercado seguinte dacabalo do faco: e indo pola carretera ó avistar de lonxe a ponte que está riba do río que toma o nome da Limia, fixouse en dous compañeiros de cirigolas que camiñaban diante tan famentos de cadelas coma el: un levaba un saco de grau atravesado nunha besta, e o outro iba con outro saco facendo de besta por non a ter: ó fixarse neles por ver si os conecía, viu máis adiante na ponte, unha muller bailando arredor dun bulto que estaba no chau, tanto lle chocou aquel baile que non volveu a quitar a vista dela, hastra que acabou a escena que vou contar.

A muller era unha moza de maus branquiñas como a mesma neve, unhas meixelas do mesmo coor e coa rabecha que lle pasaba naquel instante tra-guía unhas coores que parecía unha verdadeira rosa branca-encarnada: por máis que dedrinaba estar xa entrada en anos, non, botara fóra aínda dos que lle permiten a unha muller parecer bonita: vestía ó uso verdadeiro da aldea, boa muradana de pano fino, e todo o demais conrespondía ó que indicaba a muradana; non levaba sacos de herba enriba das nádegas, nin zantafallos arrollados ás pernas, sinón un corpiño ben feito, tal cal Dios llo dera, non vin a ser nin parecer outra cousa sinón unha real moza, como lle chama, e das que lle guiña o ollo o TÍO MARCOS D'A PORTELA.

Esta, pois, viña dacabalo dunha burra (con perdón) e a burra seica non ceara, e coa fame tampouco dormira, e acometida do sono petoulle por recobrar encima da ponte o sono que perdera na noite pasada: escomenzou por desfacerse da carga que levaba, e facendo a cama da carretera, tratou de dormir: a moza ó verse no chau burlada da burra á vista da xente que iba a pasar, rabechaba en cólera, e cando turrando pola corda, cando polo rabo, cando dándolle puntapés, era este o baile que de lonxe lle vira facer o Pedro Coxo.

Por máis que repitiu o baile, a burra seguía durmindo, hastra que chegaron os dous que iban diante do Pedro Coxo, e compadecidos dela propuxéronse axudarlle: un fixo parar a súa besta e o outro pousou o saco no veiril da ponte e pódose os dous un de cada lado da burra agarrándoa pola cincha, ó mesmo tempo que a moza agarraba polo rabo, trataron de levantalas: a moza coa gana que tiña de ver a burra erguida tanto erguía o rabo que parecía que solo lle facía aquilo pra lle dar beixos debaixo, os homes tamén erguían pola cincha máis nunca poideron conseguir de erguer a burra.

Eu teño pra min que a burra deprende que os dous homes eran dous demos, e que a moza era unha bruxa, e que os tres se propuxeran levala ó Alquelarre (que así seica lle chaman á reunión que fan ás noites, cando san pola chiminea, e van comer a carne dos mortos, e beixan o demo debaixo da cola que en figura de cabrón está sentado no seu trono): pois como iba dicindo, a burra non quería ir ó Alquelarre, e pra se librar dos demos e da bruxa, cando a erguían puña as pernas en cruz, e o remedio era acabado, volvía a quedar na cama, deitada como denantes: volva a erguela e volta a pór as pernas en cruz, e volta a quedar na cama en que tan ben se alcontraba.

A moza rabechaba e volvía ó baile de turrar pola corda e polo rabo i os puntapés, que máis daba na saia que na burra, e namentres isto facía lamentábase toda dicindo: “maldita sexa a burateira, si nunca eu vira a burateira, foi o demo o encontrar coa burateira esta mañá á porta da casa” e todo era botarlle maldición á burateira.

O Pedro Coxo, que estaba fartándose de rir dacabalo do faco, díxolle á moza: “tápelle as narices”, i ela púxolle a mau branca diante das ventas, mais seica como atopaba amorosa, o díaño da burra non fixo caso, e siguiu deitada. Volveulle dicir o Pedro Coxo: “apértelle as narices”, mais ela apertoulle o fuciño i a burra siguiu deitada.

Estonces o Pedro Coxo saltou do faco e cos dedos da mau direita (que onde os bota son como tenazas) apertoulle as narices de tal maneira que a burra deprende que o que lle apertaba as narices con tanta forza era o ánxel da garda que a viña librar dos demos e da bruxa, e nun dáme acá esas pallas, estirou as pernas e prantouse direita, sin coidarse de arrenegar ó demo póndoas en cruz.

Así que a moza viu a burra de pé, determinou de andar polo chau o camiño que lle faltaba, non sea que lle volve se dar á burra o sono: i en castigo o que levaba o saco ó lombo botouno enriba da burra, e a moza cun aguillón espavilouna de veras, que pola picar máis iban correndo as dúas.

O Pedro Coxo e os outros tamén seguiron a pé, e trabaron esta conversa:

Preguntoulle o Pedro Coxo ós compañeiros -¿por que esta moza chamaría burateira á burra? Pois pra ter a falta de se meter e caír nos buratos, onde se deitou hoxe non había burato ningún, pois o sitio estaba chairo.

—Non lle chamaba burateira á burra, dixo un deles, burateira élle unha muller. Mire señor: a burateira estaba casada cun home, i o home fíxose amigo desta i agora non fai caso da muller: esta ten a muller por bruxa, e tódalas noites tapa o burato da chave e cantos buratos vexa na casa pra que a bruxa

non entre nela: cando lle sucede algunha mal angueira, como a de hoxe, sempre lle volve as culpas á burateira, pois sempre cre que é ela a da culpa, e que por máis que lle tapa os buratos semprealcontra un por onde entrar; por eso lle chama a burateira.

Iban nesta conversa cando chegaron á vila i o Pedro Coxo ó ver un compadre seu deixou a parola i a compañía que levaba e foise saudalo; mais o compadre ó velo tan ledoperguntoulle a causa, i o Pedro Coxo contoulle o conto da moza da burra e todo o demais, mais ó chegar a burateira díxolle ó compadre:

—¡Ai compadre! eses homes enganárono; ¿con que vostede non coñece esa moza, nin sabe quen é a burateira?

—Non señor.

—Pois esa moza élle a ama do señor abade de X., e a burateira élle a que foi ama dinantes dela. Eu non sei si a botou o señor abade si se marchou ela, pro o demais é certo que non se poden ver, a que saíu coa rabecha de que a botasen fóra ou de marcharse por seu querer onde tan ben estaba, renega de envidia; i esta ten a outra por bruxa, e como lle contaron esoutros, é certo que lle puxo a burateira: esta élle a verdá. Vostede fartouse de rir coa escea da burra, mais eu seille outra historia máis bonita; pero vamos buscar os seus sacos pró mercado e dempois contareilla alí, tal como a sei, e con ela comporemos a segunda parte.

(Concluirá)

## Segunda parte

Xa no mercado o Pedro Coxo i o seu compadre, empezou este, sentado nun saco i o outro noutro, a historia desta maneira. O señor abade de X. Entre outras alimañas boas ten unha manífica besta, mais sea por que algunha vez lle tomase a medida, sea porque a ten en grande estimación, o certo é que nin a monta nin a deixa montar a ninguén: si ten que viaxar vai a pé; e sinón, cando máis, alquila unha burra que xa máis dunha vez lle fixo como á criada: solo que a el cando se lle deitou non o fixo no chau duro, sinón onde fose colchón, ou o parece; esto é onde poidese enterrar as pernas hastra a barriga e as do señor abade hastra a rodilla, pois nunha das veces tiveron que vir os homes da aldea con palancas pra quita-los dous.

Aínda había pouco tempo que tiña a nova ama, cando determinou de ter o preceuto e mandouna á feira busca-las cousas que lle cumprían pra telo. Ou fose porque non pareceu a burra, ou porque non a buscou a nova ama foi a pé á feira pero buscoulle outra muller pra que a acompañase e lle axudade a tragner as cousas. Era nos primeiros de Abril, cando choven augas mil e os camiños estaban cheos de auga e lodos. Chegaron á feira i escomenzaron por mercar a vitela, o pantrigo e as máis cousas que iban metendo no saco: xa o saco abultaba e pesaba moito e facía enxeco pra andar pola feira: cando a ama topou cun home chamado Xan Paredes: eu non sei si Paredes era apellido, si

nomeaba, si no nome da aldea del: o Xan Paredes saudouna e díxolle: “¿Vosté non trai besta?” “non señor” respondeu ela: “pois aculá está a miña atada debaixo daquel carballo” (e insinoulla desde onde estaban) cando queira marchar non ten máis que desatala: montar a cabalo e marchar, que á noite eu irei pola súa casa e lévoa de contado. A moza acetou o partido, e contenta con ter que ir a cabalo: e en que levar o carguixo, non se deu présa pra marchar: parolou con catro mozos, faguéndolle catro figas ó amo, e así que lle pareceu, chamou pola compañeira e marcharon en busca da besta: así que chegaron onde estaba desataron a que pormeiro se lle antoxou, mais non a do Xan Paredes: xa se ve, tiñan onde escoller, e fixeron ben escoller a máis namoradeira. Pro dagora solo direi, que a que escolleron tiña de ramal un bencello de palla atado a un cabiceiro feito dun orelo que andivera dous anos facendo de rodo na saia dunha muller: tiña un ollo fóra da burata, i abultaba fóra coma un puño de carne sin coiro, pro en cambio tiña a vista do outro de aumento, pois os grilos parecíanlle lobos, i as rás i os sapos parecíanlle leós. Agarraron a besta polo bencello, e saíron da feira hastra alcontrar un sitio xeitoso pra montar acabalo: alcontrado que foi, púxose dacabalo da nova ama do señor abade, puxo o saco diante si, e coa compañeira de paxe emprenderon a macha. Ó pouco camiño andado había que baixar unha costa i a besta co medo de esbarar e caír, pra asegurarse millor, determinou de baixar en cinco patas, e o mesmo foi fincar o fuciño no chan, que marchar por encima das orellas a moza i o saco (promeira estación) rodando pola costa abaixo: a besta que xa tivera a desgracia de caír, tivo a precaución de quedarse queda por non mancar coas patas á moza, e tivo a fortúa de pegar co ollo cego escontra o chau, pois si pegara co outro escontra unha pedra quedara cega dos dous.

Ergueuse a moza, e fixeron erguer a besta, e co saco ó lombo i a besta polo vencello beixaron a costa e no fondo dela volveuse pór dacabalo.

Ó pouco treito andado apareceu un grande charco de auga cunha calzada estreita e mal feita por un lado: a besta tivo medo de meterse ó charco, e preferiu pasar pola calzada: tiña coidado de pór as patas nas pedras máis altas do lado do charco pra non caír nel: había unha pedra, resbaloulle, e como a dereita estaba no alto i a esquerda no baixo, co resbalón desta deitouse contra a parede, pois sinón fora a parede iba de illarga pro chau: mais foi o bastante pra que a moza marchase de costas (segunda estación) por riba da parede. Anque tivo eiquí a desgracia de caír, tivo catro sortes na caída: a promeira foi non caír no charco, a segunda foi caír riba dunha pedra grande, ancha e delgada, que por estar segura, non solo non caíu con ela sinón que lle proporcionou o poder agarrarse a ela coas pernas, e tanto apertou as pantorrillas contra pedra, que soilo quedou colgada sin acabar de caír; a terceira sorte foi que a roupa tivo compasión dela, porque lle tapou os ollos pra que non se avergonzase de que a compañeira lle quedase mirando o embigo, a coarta foi o que detrás da pedra houbese unha xesta grande cun toxo pequeno no medio que lle meteu tres pieos na cobatina, que lle sacou a compañeira, pois si a xesta se volvea toxo grande, cumpríalle unha somana pra quitar os picos.

Axudouna a erguer a compañeira, e pasado o charco volveuse pór dacabalo; aínda non andiveran cen pasos e volveu aparecer outro charco, mais alí non había calzada i a besta por máis medo que lle tiña tivo que o atravesar. Xa solo lle quedaban as patas traseiras no charco cando o demo, que sempre as arma, fixo que unha ra ou un sapo por non verse esmagado, escapase saltando diante da besta, esta pensando que era un león que a viu a comer, pegou unha revirivolta e... cataplún foi a moza ó charco (terceira estación): eiquí tivo dúas fortúas: a pormeira foi o caír co cu no charco, pois así non se mancou: a segunda foi caír de medio corpo arriba fóra da auga e non correu peligro de afogarse. A compañeira axudouno a saír do charco, quitoulle as medias, e xuntou fentos pra lle limpar as faldras e máis vestimentas que se puxeron como Dios sabe.

Un home que saíu tras delas da feira viu e contou estas cousas mais dempois tivo que torcer de camiño e non pudo dar noticia de como foran as outras catro estacións que tivera de eiquí á casa, onde chegou ó escurecer. Así que a viu o señor abade montada na besta, preguntoulle quen lla emprestara: ela por resposta díxolle “¿si a levará o demo!”... emprestouma o Xan Paredes, e quedou de vir por ela á noite cando fose pra casa. Atárona no patio e botáronlle herba, mais solo mirou pra ela e dixo que a comesen eles. Veu a noite i o Xan Paredes non veu pola besta: vendo que pasaban as horas i o Xan non viña pola besta, convenciónse de que non era a do Xan Paredes: e díxolle o abade “tu trouxeche a besta roubada, á hora menos pensada chegan os gardas civís en busca de ti e da besta: eu non a quero na casa, pois non me quero facer cómprice no roubo” a ama xa non as tiña todas consigo: pro dagora -dixo o abade- vámola meter na corte, e mañá quítama da casa, leva a un monte como que foi perdida, ou fai como queiras. O criado iba na súa casa e tiveron que ir o abade e a ama acomodar a facenda e meter a besta na corte. Así que a metéron drento desaparellárona: escomenzaron por quitarlle a manta i era a que había catorce anos que o dono lle botaba por encima dos lareiros dos chourizos pra que non se lle enchesen de muña cando os afumaba coas queirugas: dempois apareceu a albarda, que deixaba ver a palla por entre cada dous dedos, albarda e palla do coor do canizo onde a gardaba seu dono: dempois apareceu o lombo da besta: non tiña coiro nin na cruz de tras, nin na de adiante, e nun lado da de atrás e de adiante quitáralle o dono unha tira pra a punta do timueiro: metíaselle un vacío unha coarta adrento e o outro saíalle unha coarta afora estas eran as señas particulares da besta: volvéronlle botar herba, i a besta dixo “comeina vós”. Esta besta é o demo -dixo o abade- pois non ten trazas de parecer outra cousa, pois nin come nin a súa facha deixa de ser a figura del; deixala, e si non quer a herba que a deixe.

Á mañá seguinte fórona ver e nin bocado de herba probará: sacárona pro patio e dixeron “a besta ha ter sede”. Trouxéronlle auga, e dixo “bebeina vós”. ¡Eu ben o digo -dixo o abade- que a besta é o demo, pois nin come, nin bebe, nin morre: sácama logo da casa, pois tan compromiso é si é o demo, como si é roubada, que si veñen os civís e nola collen na casa imos todos a presidio.

¡A besta como había de beber si non comera e como había de comer si non tiña dentes! ¡Eles non sabían que o seu dono solo a mantiña a papas!

Deixemos ó abade i á ama discurrendo onde habían levar a besta e vamos ó dono dela, que óalcontrala de menos na feira volvíase tolo a busca-la e a perguntar por ela, mais ninguén lle deu noticia e tivo que marchar a pé e inda ganou, pois tendo dobre camiño que andar tería que rezar como nas catorce estaciós do calvario pois as da ama do abade foron sete. Chegou á casa mui triste e pesaroso, lamentándose que lle roubaran a besta, e como xa era vello non podía andar a pé, e Dios sabe o que lle custaba o mantela a papas. Pro ó outro día foi á misa e índolle contando á xente como lle roubaron a besta, díxolle unha muller “a súa besta levoulla a ama do señor abade de X. Vinlla eu desatar e marchar con ela, eu pensei que a mandara vostede”.

O home non quería ouvir outra cousa, e que saber onde lle paraba a besta e con topala xa se contentaba, sin regramar outra cousa, pra fortuna do señor abade e da ama, que temían ir a presidio por causa da xoia. Así que veu da misa o dono da besta, impuxo unha filla en busca dela, que chegou tan a tempo, que xa estaban para levala a un monte; así que viron a moza buscándoa, aloumiñárona moito disculpándose a ama que fora por engano e que non fora con malicia, e dempois de aparelhada marchou a moza con ela e o señor abade i a ama quedaron en paz.

Viñeron os curas á confesión, e como eran moitos, acabaron antes de mediodía, e namentres lle porparaban o xantar, foron tomar o sol á horta e nela viron os vestidos e faldras da ama enxugándose ó sol cheos de lodo, ríronse dela e preguntáronlle como fora aquilo, i ela dixo que tivera de ó ir saltar un pozo dera volta unha pedra con ela e caíra no pozo; mais calou a historia da besta e das estaciós que fixera.

Eu que había tres días que mealcontraba en Xinzo por un negocio que tiña no Xuzgado, estando xantando no mesón onde paraba, entrou tamén a xantar o Pedro Coxo con outro compañeiro de cirigolas que ó sentarse díxolle ó Pedro Coxo que lle contase o conto da ama do abade: o Pedro Coxo obedeceu; e namentres lle trouxeron a comida e comeron, contoulle o conto que eu tamén ouvín como a quen llo contaba, pois anque acabei de comer pormeiro que eles deixei estar hastra que o acabou: ó acabalo tomei a liberdade de perguntarlle de onde era o señor abade do conto, e por resposta díxome “voulle contar outro conto”.

Antes de estar feita a carretera que vai de Ourense a Trives, dixo, viña das Ermitas unha muller (que arredondaba os cincoenta anos) de cumprir unha pormesa: viña a pé e traguía unha fardica á cabeza: chegou ó ponte Navea cerca de mediodía: pasou a ponte i entrou na taberna que había á saída, e dándolle os días ó taberneiro, díxolle que lle medise unha ola de viño e que lla trouxese e mais un vaso. Pousou, namentres lle medía o viño a fardica nun banco e sentouse á beira dela, i o taberneiro dicía para os seus botós “vaia que esta muller pode tragar grande rancho cando pide unha ola de viño” púxolle a ola diante i o vaso, i enseguida a muller desatou a fardica, sacou dela a carabela e púxose sola a xantar: cada dous ou tres bocados metía o vaso na ola,

enchíao de viño, levábao á boca e dempois pousábao como os venden os valencianos. Bocados van e bocados veñen, cando parou de comer deixou a ola sin pinga de viño. Perguntoulle ó taberneiro canto custaba, e díxolle “dez reás” (estaba máis barato que hoxe) sacou dúas pesetas en prata e nove pezas vellas, e díxolle ó taberneiro “vólvame un carto”. Volveulle dous ichavos que gardou na faltriqueira, e puxo a fardica outra vez na cabeza para se marchar: mais antes preguntoulle o taberneiro “¿Pódese saber de onde é, amiga?” e díxolle a muller “saberá que pasou por eiquí unha muller que mandou medir unha ola de viño, que a pagou e que non quedou debendo nada: mais saber donde é nin como se chama, non lle importa a vostede nin a nadie” e volvéndolle as costas botou a andar sin mirar para atrás.

Con que, aprícolle o conto, díxolle o Pedro Coxo, podemos contar os feitos, mais descubrir as presonas, prohíbenolo o outavo mandamento da lei de Dios; e botando porta fóra insinoume as costas. Eu tamén botei porta fóra, e fun mercar papel, e pasei a tarde escribindo conto antes que se me olvidase con intención de mandarllo ó Tío Marcos polo pormeiro carromateiro que pasase para Ourense: para que o Tío Marcos llo contase ós seus amigos si quer, e sinón, solo perdín o papel, pois o escribilo servíume para pasar a tarde, que sempre estivo chovendo. Con que Tío Marcos, consévese bo, e mande ó seu compañeiro de monteira que saúde lle desea e bícalle a mau.





## Fernando García Acuña

### Datos bibliográficos

Naceu en Macuriges (Cuba) en 1861 e morreu en Betanzos en 16 de xaneiro do ano 1895<sup>93</sup>. Foi periodista e poeta. De pais galegos, pronto regresou á terra dos seus ancestros onde permaneceu ata o final dos seus días. Foi colaborador en diversos xornais da época. Como creador cabe destacar a publicación dunha colección de composicións poéticas bilingües que leva por título *Orballeiras* (1887), cun prólogo laudatorio de Victorino Novo García. O libro acadou grande éxito e foi merecedor de dúas edicións. Foi un dos precursores do periodismo brigantino. Ademais de ter publicadas algunhas colaboracións en *A Fuliada*, figurou ó lado do profesor bergodense Roque Ponte, na redacción de *El Censor*. Fundou e dirixiu, tamén en Betanzos, os semanarios anticaciquís *El Escobón* e *Las Riberas del Mendo*, substituto do anterior, que foron obxecto de persecución por parte dos políticos que entón privaban na localidade, como consecuencia das súas campañas en defensa das liberdades populares. Está enterrado na vila de Betanzos, xunto co seu irmán José, tamén escritor, que salientou pola súa loita activa a favor do rexionalismo. Como narrador coñecemos un único texto en prosa, sobre un personaxe popular de Betanzos, José Vázquez *O Chiquito*<sup>94</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

O relato, de escaso interese literario, retrata un tipo popular da vila de Betanzos e as súas andainas por diversos pobos de España, ata que chega á vila natal. O autor describe con detalle a vida deste personaxe, dende o seu nacemento ata a súa velez. José Vázquez amósase caracterizado como un home activo e aventureiro, e destácase del o talante optimista e alegre, mesmo nos momentos máis amargos da súa existencia. Salientable polo seu carácter vitalista, sirva este conto como testemuño sociolóxico dun personaxe baseado nun home que existiu realmente na vila de Betanzos. De feito, morreu pouco despois de se escribir este relato, como o demostra a nota necrolóxica que escribiu o mesmo Fernando García Acuña, ó ano seguinte á publicación do relato, no semanario local *Las Riberas del Mendo* (nº 59, 1889).

---

<sup>93</sup> Dato biográfico consultado na *Gran Enciclopedia Gallega*. Sen embargo, Manuel Lanza en *Dos mil nombres gallegos*, Bos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953 e Ricardo Carballo Calero en *Historia da literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, 3ª ed. datan a súa morte no ano 1890.

<sup>94</sup> *Galicia Humorística*, tomo II, nº1, 17 xullo de 1888. Ó ano seguinte da publicación deste relato, o semanario local *Las Riberas del Mendo* (nº 59, 16 de marzo de 1889) insería unha nota necrolóxica de José Vázquez *O Chiquito*.

### José Vázquez (a) O Chiquito

Con pelos e señás, puntos e comas, tal coal chegou a meus oídos vou a conta-la hestoria deste vello a quen o pobo de Betanzos, e a Mariña enteira, tivo e terá mentras viva, como o home máis churrusqueiro e de bon humor que pode haber.

Si preguntades por Vásques nas Mariñas, diranvos que non o distinguen, porque moitos son os Vásques que hai polo mundo; agora si preguntades polo *Chiquito*, ou polo sobriño da Tía *Carabillas*, non habrá can nin gato que non vos dé noticia da súa persoa.

Fálase do *Chiquito* en Betanzos como se fala en certos pobos de Italia do conteiro dos contos, o nomeado Boccaccio, dese home que a súa vida era unha chea de milagrerías no arte da adiversión, e onde cada minuto da súa eisistencia levaba con el a meiciña da alegría e do regocixo.

Punto menos éravos, e vos é, José Vázquez, a quen chaman de mal nome *O Chiquito*, sobriño carnal da Tía *Carabillas*, viciña da Ribeira de Betanzos.

Naceu o home da miña hestoria en Betanzos no mes das Castañas do ano 1827; conta polo tanto uns 60 e un anos pola medida do país —que é pequena— Andivo na escola como calquer fillo de veciño, pero nestas escolas onde andan emborcallados os rapaces cas rapazas posto que a maestra non levaba senón doce cartos por cabeza.

Probe, feito un pillabán, sin zocas nin zapatos, cheo de fame, coma un limosneiro, vistíndose á súa conta, e con algo que lle daba a tía *Carabillas*, pasou seus millores anos *O Chiquito*, sendo o raposo das hortas do *Frade e Carregal*, que considerou como súas como si fora un principal xefe socialista, ou deses que pedrican a rapartita e chámanlle roubo á propiedá. El e mais o burro que mercara por nove reás, eran dous amigos —salvo a comparanza—

Aprende o oficio de zapateiro, pero nunca soupo máis que dar un pouco de betún con cuspes, como se fora un mal *noés*.

Así como o Bertoldo do conto que non atopou albre onde aforcarse, o mesmo el, non atopou oficio que adprender, astra que por fin e remate meteuse peón dun albañil e tivo praza porque o maestro vía en Vázquez un rapaz de moita aquela e que poidera ser que o mesmo recabaría unha parede que unha cousa calquera.

Era custión de ter boa mau.

E debeu tela, pois ó pouco tempo as malas fadas que deberon xugalla, botáronlle certas inculpacións, e falaron as veciñas; marmularon, e de conto e conto parés que algunha nena tivo que sentir, ó certo é que Vázquez non podendo desenguedellar o novelo vendou a súa sorte de soldado por unhos ichavos fuxindo pra Cruña e alistándose no regimiento de Gerona que daquela estaba alí, pra saír moi logo pra San Sebastián.

E eiquí entra a verdadeira vida do *Chiquito* de Betanzos, meu veciño e amigo.

Xa neste punto atopou a un amigo, pois un amigo así a bendita de Dios, non sempre o atopa, soldado coma el do regimiento: que debía de ter moita influencia, posto que pola súa recomendación entrou Vázquez a toca-la pandeireta que vos era como a roda dun carro, pola baixa.

¡Canto el non ripinicaba a muiñeira! ¡Daba xenio de ver os xiros que polo aire el facía! Dende o cruto do pescozo astra os nocelos andaba a pandeireta, que era un milagre... Así é, que naquela capital das Provincias era o betanceiro Vázquez o mozo das bestas e fuliadas, tanto e así que si gaita houbera no regimiento el sería o que debía repinicala sacando daquel punteiro os menancólicos aires desta terriña mariñán.

Eiqué en San Sebastián era o neno mimado de tódolos xefes e oficiás, tant o é así que astra o mesmo xeneral que estaba daquela na praza levábao a xantar con el moitas veces, dándolle lado como o príncipe máis dino da terra.

El, na nosa doce fala, contaba seus contos, seus amores, seus riveses de fortuna e cun pouco de pimento picante e outro de alegría, facía unha hestoria que escachaba ca risa.

De San Sebastián pasou a Vitoria, tan soldado como era de entón, non porque non merecera galos, que outros téñenos hoxe con menos razón, sinón porque nunca os quixo. Alí enfermou da vista, non sabemos de resultas de qué, pero o certo é que enfermou, e xa cativo, sin forzas materias díronlle licencia pra que viñese a Betanzos no ferrocarril que daquela había —as personas— montadiño na crus dos pantalóns. Pouco a pouco como pode vir un home, chega a Vaamonde, cuase cego, onde a cuaselidá deparoumo cun coche onde iba un señor, señorito polo roupaxe, e que resultou ser un sobriño do cardenal, de boa memoria, D. Rafael Vélez; e como queira que este iba astra Betanzos, e falando, contando contos, hestorias, meiguerías e cousas da clas, como é costume en Vázquez a tódalas horas do día, deprotacatarse debeu o mozo de que *O Chiquito*, alomeando o sol da gracia que tiña, a sombra que proieutase non debía de ser pequena. E pensouno ben, tanto é que o convidou pra que viñese a Betanzos na súa compañía, tanto lle caera en simpatía.

Vázquez foi no cohe, feito un señor..

Xa cerca de Guitiriz, dixo Vélez, falando en bo castellano, ó ver unhos campos cheos de repolaxe:

—¿Qué es lo que está sembrado en esos campos?

—Señor, sonlle nabos, rispondeu Vázquez.

—Nabos? ¿Y para qué sirven?

—Pra moitas cousas; nesta terra de Lugo élle o nabo o principalíño de todo. Sin nabos non se comprende que en Galicia houbese unha provincia como Lugo.

De conto en conto, tomando eiquí unha baloca de pan trigo, de millor clas que o de monición, aló un vaso, e acolá unha copa e outras de *precalina*, chegaron a Guitiriz onde pasaron a noite, durmindo Vázquez cabo do parente clerical que en sonos relembra a montañesa rapaza, boniteira e alegre como as Pascoas, que lle sirvira a cea aquela noite: Esta —a noite— presentouse como a boca dos lobos que vos hai na comarca...

Vélez durmía como un lirio, e ó mesmo a xente que o acompañaba, namentras Vázquez, que debía ter o espíritos no corpo ergueuse do leito aparecendo pola mañán cabo da montañesa, que sin dúbida por ese arte que agora chaman da *sugestión*, debeu de atraelo á súa beira. O conto foi que a facer a patrona as contas, cobrou os contos que Vázquez contara aquela noite do Señor; pro Vélez pagou, e conto calado, porque Vázquez xa non era quinto, sinón soldado vello e gallego por añadidura das Mariñas.

Por fin chegaron a Betanzos, onde a cregaxe toda saía a recibir o parente do Arcebispo, e Vazquez ó ver tanta xente de negrura, acostumado a ver colorís, botouse fóra do coche, parvo e sin sentido. Os cregos ó reparar que saía un soldado quedaron estupefactos.

Nadie saíu a esperar a Vázquez; chegou a súa casa e non atopou leito donde deitarse nin xantar que xantar, e enfermo, cego cuase, pro con bon humor sempre, coa alegría nas entretelas da ialma recordou a súa pandeireta e as muiñeiras que tocaba en San Sebastián e en Vitoria.

¡Canto ben me queren! Dixo para si, arrenegando da súa sorte, pois pensaba como o múseco que nos retrata Campoamor no seu poema *La lira rota*, alcanza-la groria do arte divino, e chegar onde chegan outros con menos razón e motivo.

E ó ver os hourizontes da súa vida cheos de negrura, por un lado a disgracia e polo outro a mala sombra da sorte, cantando alegrías con bágoas, meteuse pión de albañil ganando *doce cartos* diarios, e ascendendo, ascendendo, decedido a caerse na escala ou do andámeo quería ver a súa sorte antes que morrer de fame.

Pro, como se lle acordasen ó millor do mundo —as mulleres— montando, como sempre na crus dos pantalós, foi a Lugo a ver unha nena que deixara ó seu paso por alí. E fíxoa boa, pois indo sin cédula persoal, detivéronno e levaronno cabo do alcalde, pro este ó ver a carantoña do *Chiquito*, chea de gracia, comprendeu o mozo que era e deixouno en paz e groria na súa libértá...

Volve a Betanzos e sin oste nin moste, por arte do mesmo demo, anamorícase con unha nena do pobo, que todos coñecemos, e finxe un casamento con ela na parroquia de Santiago, que lle houbo de causar moitos desgustos. E saliu ben do lío porque Dios o quixo.

Ó pouco tempo do albañil déronlle o emprego de tambor da ciudad.

Por esta época, non había festa de Carnavás onde non se contase co *Chiquito*, o sobriño da tía *Carabillas*.

El éravos o todo das fuliadas e festas de Betanzos; a sociedade *Liceo de Artesanos* doulle, por algúns anos, o cargo de sermonista ns morte do

Antroido; e alí era donde había de ouvir a Vázquez; ó final e remate do seu discurso espetábanos un par de contos que nos facían escachar coa risa, contos da súa vida melitar, por máis que nunca tirou un tiro.

Depois de tambor foi nomeado comisionado de apremio, facendo un tipo como verdadeiramente retratou Alfredo Brañas nas columnas da GALICIA HUMORÍSTICA.

Ca súa labia desfacía mil entortos, e entre contos e hestorias embargaba é dábase o pisto de melitar que estivera en San Sebastián e Vitoria.

Foi algún tempo carteiro da vila.

Pro como Vázquez non estaba satisfeito da sorte, fuxiu ó Ferrol donde estivo algúns anos de mozo de confianza dunha factoría de utensilios; e equí neste pobo é tan nomeado *O Chiquito*, que non hai home do seu tempo que non fale dos seus chistes e argalladas. Fale aquela rapaza que rispondía ó nome de *Frasquita*.

Hoxe na autilidád, vello e asmático, inda non perde das súas e búscanno todos pra escoitar os contos e historietas que el argalla; e polo Antroido, inda hoxe, forma Vázquez parte prencipal nas comparsas e festas.

Ten vello o corpo, pois os anos tranno cangado; pro ten un corazón de neno, onde a legría sempre loce.

¡Saúde ao tipo das Mariñas! O vello-mozo festexeiro a quen chaman *O Chiquito*.



## Laureano Guitián Rubinos

### Datos biobibliográficos

Laureano Guitián Rubinos naceu o 23 de decembro de 1843 na parroquia de san Nicolás de Portomarín –Lugo–. Era fillo de Laureano Guitián e de Josefa Rubinos. Os seus avós paternos, Juan Antonio Guitián e Agustina Teixeira Saavedra eran naturais e veciños do concello de Portomarín, o mesmo que os avós maternos, José Rubinos e Josefa Armesto.

Sabemos que tivo un irmán, coñecido como Lorenzo de Brindis Guitián, que foi quen lle facilitou o texto do relato “Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo” a Xesús Couto Fernández, redactor da publicación bonaerense *Almanaque Gallego*, onde se publicou a peciña.

A súa formación eclesiástica levouno a integrarse dende moi cedo nas ocupacións parroquiais. Cando contaba tan só vintecinco anos obtivo a tonsura coa que lle foi asignado o beneficio de San Pedro Félix de Paradela. O título do curato de Paradela foi expedido o 1 de xuño de 1868. O día 5 dese mesmo mes recibiu as ordes menores. O grao de diácono acadouno o 2 de agosto do ano 1868 e o de presbítero o 9 dese mesmo mes.

Descoñecemos con exactitude cántos anos se mantivo á fronte da parroquia de Paradela. A derradeira partida de bautismo asinada por el neste lugar data do 27 de xuño de 1874.

O 3 de outubro de 1877 tomou posesión do curato de San Ramiro que daquela era a cabeceira do curato. A colación de Santa María de San Ramiro fora concedida por real orde do 6 de setembro de 1877 e procedía da parroquia de Nocedo do Val en Ourense. Así pois, debemos advertir que non é exacto afirmar que Laureano Guitián era párroco da vila de Lalín, pois a creación desta parroquia foi obra do bispo Frei Gregorio M<sup>a</sup> Aguirre no ano 1890. Ata daquela pertencía ó curato de San Ramiro, constituído por San Ramiro, San Simón e Lalín.

Laureano Guitián faleceu na vila de Lalín o 23 de outubro de 1886.

A produción en galego localizada deste autor está constituída por un só texto, “Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo”<sup>95</sup>, que figura publicado na sección ‘Costumbres Gallegas’ da revista bonaerense *Almanaque Gallego para (1909)*, dirixida por Manuel Castro López e, anos máis tarde, aparece reproducido na revista cubana *Cultura Gallega*<sup>96</sup>.

Ó pé do texto aparece indicado que este fora premiado en Lugo en outubro de 1877<sup>97</sup>. Estes mesmos datos figuran novamente repetidos na *Gran*

<sup>95</sup> En *Almanaque Gallego para 1989*, Bos Aires, pp. 31-43.

<sup>96</sup> En *Cultura Gallega*, A Habana, nº 68-69, febreiro-marzo 1939, pp. 4-7.

<sup>97</sup> Refírese ó Certame Literario convocado co gallo da Exposición Rexional de Lugo.

*Enciclopedia Gallega*, onde mesmo se engade que foi publicado tamén na imprenta de Soto Freire de Lugo en 1885.

### **Comentario dos textos narrativos en galego**

O texto presenta unha estrutura dialogada, na que interveñen catro personaxes masculinos (Farruco, Antón, Gregorio e o cura) e tres femininos (Manuela, Isadora e a tía María), entre os que se establece unha parolada de tipo costumista –os labores do campo, os prezos do gando na feira desa mañá ou as doenzas dos veciños– con puntuais trazos humorísticos, pois, en canto agardan pola cea, o ancián Tío Farruco ordena rezar o rosario pero non por iso deixa de dialogar a un tempo cos restantes membros da casa que traballan na cocíña, acomodan o gando e mesmo cotean co sono. Daquela chama á porta o cura, que escoitara dende o camiño os rezos, e reprende a familia polo seu comportamento durante a oración, indicándolle cómo ten que interromper o seu labor para dirixirse a Deus correctamente. A amoestación do abade pecha o relato.

O feito de describir unha escena de aldea e presentar a tipografía propia dunha peza de teatro fixo que, fronte ás tradicionais consideracións, entre as que se contan as de Carballo Calero e as de Modesto Hermida, que consideran esta obra texto narrativo, novos estudiosos, como a profesora Laura Tato Fontaña, prefiran consideralo peza teatral. De feito, o texto describe unha escena de aldea como nos queda advertido no mesmo título “Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo”, emprega a tipografía propia das pezas teatrais e mesmo se introduce cada unha das intervencións dos diferentes personaxes indicando o seu nome. Tamén se advirte, sen embargo, que prevalecen os parlamentos breves e que o conflito dramático dos personaxes non agroma, se ben é certo que tampouco a extensión da obra permite o desenvolvemento destes signos dramáticos.

Deducimos, pois, que o texto presenta trazos tipográficos propios do teatro á vez que describe, con ausencia de tensión dramática, unha escena nocturna nunha casa de aldea a finais do século XIX. Logo podemos afirmar que se trata dun texto híbrido no que conviven trazos narrativos e dramáticos que non debe resultar rechamante se observamos que se trata dun dos textos precursores da historia literaria galega.

No que se refire á estrutura externa, o texto amósasenos dun xeito unitario, propiciado tal vez pola súa brevidade, mentres que na estrutura interna presenta un deseño lineal consistente no progresivo avance do diálogo entre os diferentes personaxes participantes, pois a secuencia amósasenos carente de conflito.

O narrador parece totalmente alleo á historia, aínda que se patentiza a súa presenza por medio do título que preside o diálogo. O punto de vista do narrador é pois externo ó texto.

No referente ós personaxes, tanto o ancián Tío Farruco -protagonista do relato- como o seu antagonista, o cura e mesmo os personaxes secundarios



-entre os que se contan Antón, Gregorio, a Tía María, Manuela e Isadora- aparecen caracterizados dun xeito indirecto e coñecémolos a través dos seus comentarios, accións ou reaccións, feito que potencia a obxectividade do narrador.

O espacio aparece extraordinariamente restrinxido, pois o diálogo ten lugar na casa do Tío Farruco, máis concretamente, ó redor da mesa situada ó pé do lume da lareira; aínda que se rexistren referencias conxunturais ou mesmo anecdóticas a outros espazos: a feira, a igrexa, a casa do veciño falecido, etc.

Tamén o tempo aparece claramente delimitado, pois no mesmo texto figura explícita a referencia que sitúa o diálogo no último tercio do século XIX, concretamente cando teñen lugar os enfrontamentos que desembocarán na coñecida como Guerra de Cuba. O tempo interno axústase á duración do mesmo diálogo que carece de calquera analepse ou outra alteración do devir lineal da historia.

Ademais do emprego dunha lingua espontánea, inundada de xiros e voces propias da linguaxe coloquial, destaca tamén o feito da diglosia introducida no diálogo polo personaxe do cura, que se dirixe ós seus fregueses en castelán; pero tamén polo neno, pois Gregorio ó ser preguntado polo sacerdote sobre cuestións do catecismo respóndelle tamén en castelán. Ponse de relevo, pois, o feito de que a igrexa, e tamén a escola, como se apunta na intervención do cura, actúan sobre os galegofalantes coma organizacións castelanzadoras. Non pensamos, sen embargo, que sexa atinado soste que o autor criticaba estes feitos, pois pertencía á igrexa e no desenvolvemento das súas funcións como crego seguramente el mesmo ensinaría ós seus fregueses en castelán as cuestións referidas a temas relixiosos.

## Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo

*Si de Dios has de ser oído nunca reces distraído*

*Antón.* –Boas noites, Tío Farruco.

*Tío Farruco.* –Felices, Antón. E logo, ¿seique vés da vila?

*Antón.* –Veño, si señor.

*Tío Farruco.* –¿E que dis de novo, oh?¿Habería boa feira?

*Antón.* –A feira, Tío Farruco, valfalle pouco, quero decir, xente había pouca; mais cartos aínda se baraxaban, o gando aínda corría. Habíalle moitos compradores; ademais dos boieiros de entre nos, andábanlle castillanos tamén á eles. Dicen que vai subir moito o gando, que hai saca pra Habana, e pra outra guerra non sei de donde, aló lonxe.

*Tío Farruco.* –Si, que lle ouvín le-lo outro día ó señor abade nos papés.

*Antón.* –Pro ¡vállame Dios, Tío Farruco! Eu pensei que xa se acabara a guerra, i ela nunca para.

*Tío Farruco.* –Non, home, non. Xa ves, o mundo é moi grande, e cando non é por un lado, é por outro. Pero... Entra pra dentro hóm que aquí na porta xa vai frío, i á min este resío mántame na cabeza: vosoutros os mozos non o sentides, pero cando chegues ó meu tempo xa ti o dirás... Séntame aquí pé de min, que agora as noites son ben largas i hai tempo á falar. -¿Manuela? ¿Manueliña?

*Manuela.* –Señor.

*Tío Farruco.* –Trai pra acó leña i encenderemos este lume.

*Antón.* –E de camiño trai pra acó un feixe de nabos, que xa que estamos folgados ir enchendo o caldeiro.

*Manuela.* –Deixen vir mi madre i a Sidoría, que anda carreando á auga.

*Antón.* –Para, muller, para que eu os abranguerei... que o mesmo ten que vaia á auga por riba ca por baixo. Trai pra acó un coitelo.

*Tío Farruco.* –E logo... ¿quen vendeu do lugar na feira?

*Antón.* –Vendeulle ó Tío Queitano, i o Estebo, i o Rato, i o Carrizo, i a Pepa do Coruxo, e... non sei de máis.

*Tío Farruco.* –¿E canto lle deron os do Rato? Eran moi feitos.

*Antón.* –Déronlle dous mil e cen. Feitos eran, pero o louro tññalle un cravo nun ollo.

*Tío Farruco.* –I... á Pepa do Coruxo, ¿en canto vendeu os seus nove-los?

*Antón.* –En corenta e oito pesos, e pagáronllos ben, que eran de pouca saída. -Ola, Sidoría, ¡que boa moza estás hoxe!

*Isidoría.* –Sempre o fun, pra non agardar pra hoxe.

*Antón.* –Xa o sabemos, muller, por iso fas reloucar tanto os mozos.

*Isidora.* –Mofa con conocimiento, mucho lo siento. No siento la mofa, sino la lisonja.

*Antón.* –O que é ti pra votares un refrán, pintaste sola. Non é milagre que traigas enganados os rapaces cos teus parrafeos... Axuda, axuda aquí á enche-lo caldeiro.

*Isidora.* –O que querías ti era que fora eu pra onde ti, pero non te untas. Vouche mungui-las vacas, é despois aínda che teño que frega-las cuncas pra cear e fiar dúas madas de estopa. Canto é os homes, que á noite non facedes mais que estar tras do lume parlando é fumando cigarros.

*Antón.* –¿E logo qué conta, Tía Marica?

*Tía María.* –Eu nada, fillo; todo vello coma a miña roupa; ¿i aló na túa casa, tu madre i á Frolentina?

*Antón.* –A Frolentina estalle gorda que fende, come ben i o traballo non á mata... pro á mi madre sempre xemendo.

*Tía María.* –Ti que queres, Antoniño, agora os vellos non che podemos coma os mozos. Túa mai lévame á min dous anos, i eu son do ano dos franceses.

*Tío Farruco.* –Trai de alí unha gabela de leña, Gregoriño e atiza ese lume.

*Tía María.* –¿Sidoría? ¿I el acabas logo con ese candil? Que sentín andar no curral e paréceme que vai ahí Perucho.

–Manueliña, corre, agarra alí unha presa de pallas, i alúmalle a teu pai.

*Tío Farruco.* –E ti Gregoriño, lévalle unha mada de esa herba pra besta, i el que se veña quentar que ha de trague-los pés fríos.

*Tía María.* –Frís, si, si, costáralles caro aguantar ós de a pé pra canto máis ós dacabalo.

*Pedro.* –Felices noites nos dea Dios.

*Antón.* –Felices, Perucho, ¿seique te convidaron que vés tarde?

*Pedro.* –¡Oí que esta aquí Antón do Recanto! Non home, desde que me viche na feira que estábamos comendo un pouco pulpo, eu e mais Xiromino da Casa Nova i o fillo do Tío Marcos de Portela, non volvín probalo viño hastra o Mesón do Castellano, que bebimos alí dous netos, eu e mais o Pepe de Pérez i outro fato que alí había.

*Antón.* –Séntate aquí e quéntate que has de vir frío.

*Pedro.* –Os pés traigo quentes, que beixamos a costa do Porto a pé. ¿E logo non vendiche o marrao?

*Antón.* –Siquera me falon nel. ¿E ti non comprache?

*Pedro.* –Non comprei, e mais quedou por ben pouco. Xa daba noventa e sete pesos e medio polos bois de Xan da Rosa, e nunca quixo baixar da conta redonda, i eu tamén me encaprichei e non quixen subir máis.

Traime de aí unha cunca de auga, Sidoría.

*Isidora.* –Venche se conoce que levantache o codo, que che da con sede.

*Pedro.* –Ja... á... aí... aquel viño do Castellano debe ser compostura; alí cando se bebe, aínda parece que sabe ben; pro despois éntranlle on home

unhas queaduras i on cortón no estómago que o parte. Mira, filla, acomoda esa facendiña, que así me salve Dios non che traigo hoxe moita gana de andar.

*Isidora.* –Eu ben o digo, non levantarás tanto o codo.

*Pedro.* –Bóooo... non che traigo gana de festas.

*Isidora.* –O que traes ti é ganas de deitarte.

*Pedro.* –Eso si que non virá mal, despois de comer un caldiño.

*Tío Farruco.* –Primeiro vamos reza-lo Rosario, que hai tempo pra todo.

*Pedro.* –Maldita a gana que lle teño agora de rezar.

*Tío Farruco.* –Ese labor logo se fai, mentras coce o caldeiro, é quece o caldo, tamén se reza.

*Pedro.* –E mais como vosté é tan lixeiro... que non queda santo á quen non lle rece.

*Tío Farruco.* –Vaia, vaia, pois aviarse... Jesús, María y José... (Acabai de acomodar ese ganado, rapaces). Por la señal de la Santa Cruz, (Presínate nena)... de nuestros enemigos líbranos Señor... Amén Jesús. Señor mío Jesucristo (non durmas neno)... Dios y hombre verdadero, Criador y Redentor mío... (tiza o lume)... por ser vós quien sois... (colga alí ese candil)... y porque os amo sobre todas las cosas pésame, Dios mío, pésame mi Dios (ú ó á á ai) de haberos ofendido... por ser vós quien sois... (que burro eres hóm ¿non che digo que tices...?). Propongo firmemente l enmienda de nunca más pecar... (válgache o demo ó becerro o que estaraboula)... de confesarme y cumplir la penitencia que me fuere impuesta... (botarlle unha pouca de herba...) de apartarme de todas las ocasiones de ofenderos. Ofrézcoos mi vida, obras y trabajos... (arrima o lume pra debaixo do pote...) en satisfacción de todos mis pecados. Así como lo suplico, así confío en vuestra divina bondad misericordia infinita... (ú á á á... ai) me lo perdonareis por los méritos de vuestra preciosísima sangre, pasión y muerte... (revolve ese caldo, Sidoría)... me dareis gracia para enmendarme y para perseverar en vuestro santo servicio...

*Tía María.* –Aínda non queceu, burro.

*Tío Farruco.* –Hasta el fin de mi vida. Amén. Padre nuestro que estais en los cielos... (mete pouca leña no lume, bruto...) santificado sea el tu nombre...

Dios te salve María... (que lasqueada mamas...) llena eres de gracia... (desperte, muller) el Señor es contigo, bendita tú eres entre todas las mujeres... (bote ese can fóra...) de tu vientre Jesús...

*Todos.* –Santa María...

*Tío Farruco.* –Kirie leison, Christe leison, Kirie leison... (non durmas, Pedro...).

*Todos.* –Ora pro nobis, ora pro nobis, ora pro nobis...

*Tío Farruco.* –Bendito y alabado... (traí as cuncas pra quitalo caldo...) sea el Santísimo Sacramento...

Amén Jesús. Boas noites nos dea el Señor.

*Antón.* –Dios selo pague y las benditas ánimas. De hoxe nun ano rece outro Tío Farruco, i a compañía.

*El Sr. Cura.* —Buenas noches, señores.

*Todos.* —Felices.

*Tío Farruco.* —¡Oí que é o señor Abade! Disimule, señor, que non o conocíamos. ¿I elle milagre pro acá esta hora?

*Sr. Cura.* —¡I Vd. qué quiere, señor Francisco! Nosotros no somos dueños de nuestras personas.

*Tío Farruco.* —É verdá, si señor; ¿é va que vén de Rabaldo? ¿Quizais de ver ó Tío Brais? ¿Seique está moi apuradiño?

*Sr. Cura.* —Y tanto, que ya está con Dios.

*Tío Farruco.* —¿Morreu? ¡Que me di! ¡Coitadiño!... I éralle un dos bos homes que lle tiña a parroquia! ¡Dios o teña no Ceo!

Pero chéguese adiante, señor Abade, e tome un airiño de lume que ha de trague-los pés fríos. Séntese aquí nesta mesa, anque perdone, que aquí outras sillas non as temos...

Colle dalí unhos guiziños, Sidoría, pra facer lume, que non levanten charamuzas.

*Sr. Cura.* —Quietos, quietos, non hai que incomodarse, que no traigo frío. Me sentaré un rato.

*Tío Farruco.* —Pois, señor Abade, nosoutros acabamos mesmo de reza-lo rosario, e ibámoslle cenar cando vosté chegou pola porta.

*Sr. Cura.* —Ya sé, ya sé; que bien les he oído á ustedes desde fuera y por eso mismo he entrado. Está bien, señor Francisco, que se rece el rosario todas las noches según tengo encargado; porque es una devoción grata a Dios y a la Santísima Virgen, pero es necesario rezarlo como es debido; porque de lo contrario es más bien una burla y profanación de tan augustos nombres. Al pasar por aquí hace un rato, les he oído á ustedes rezar; me fijé, y con disgustos he observado, señor Francisco, que en medio de las oraciones se están mezclando conversaciones de los *beceros*, de los *perros* y los *gatos*, cosas todas impropias de tan religioso acto. No quiero que Vd. me tome a mal, señor Francisco, que yo le reprenda en esto, porque ya sé que es una costumbre generalmente introducida entre nuestros labradores, que quieren atender a un tiempo a rezar y a cuidar de los animales; pero esto depende de que no se fijan en lo que hacen. Y si no verá Vd. como nos lo dice en seguida su nieto Gregorio, que ya pasó en la escuela la cartilla de la doctrina.

—Dime, hijo, ¿cómo dice la cartilla cuando pregunta: «Cuando decís el Padrenuestro ¿con quién habláis?»

*Gregorio.* —Con Dios Nuestro Señor.

*Sr. Cura.* —Bueno, hombre. Y cuando decimos el Ave María, o la Salve, ¿con quién hablamos?

*Gregorio.* —Con Nuestra Señora la Virgen María.

*Sr. Cura.* —Bien, es así. Luego, señor Francisco, si hablamos con Dios Nuestro Señor y con la Santísima Virgen María, no está bien que se mezclen los animales en medio, ni mandar que se caliente ó quite el caldo, y otras cosas por el estilo, porque esto indica que no se tiene la atención fija en lo que se reza, sino en otras cosas.

*Tío Farruco.* –E pois, señor Abade, ten que disimular e perdone, que nosoutros os peisanos non alcanzamos máis.

*Sr. Cura.* –Bueno, señor, bueno. Por mí está usted pordonado; que le perdone á usted Dios, que también supongo lo hará, porque hasta aquí non lo ha hecho usted con malicia; pero desde ahora en adelante, procure usted poner un poco de cuidado. Para eso se escoge, antes de rezar, un momento en que todos estén juntos, sin tener que, en medio del rezo, estar llamando por unos ni por otros. Se acomoda primero el ganado y se hacen las demás labores que puedan ocurrir durante un cuarto de hora, poco más ó menos que pueda durar el rezo. Porque también ha de saber usted, señor Francisco, que no consiste esta devoción en rezar mucho, no señor, poco y bien rezado. No es necesario rezar Padrenuestro a todos los santos, porque de este modo resulta lo que io observé y usted reprendía, que uno está durmiendo por un lado y otro por otro. Repito, poco y bien rezado; despacito, aguardando que concluyan unos para principiar los otros. Y así, por ejemplo, en la Letanía se va saludando á la Virgen Santísima con cada una de las invocaciones que contiene, y a cada una de ellas contestan los demás el *ora pro nobis*; y no como ustedes hacen, que empiezan a correr uno con la letanía y los otros con el *ora pro nobis*, hasta que no pueden alcanzar aliento. Vaya, ya hablaré sobre esto el domingo, si Dios quiere. Veo que ustedes van á cenar y yo también me retiro.

*Tío Farruco.* –Señor Abade, se gusta acompañarnos á tomar un caldiño, xa sabe que se lle dá de boa vontade. Non estará de gusto pra vostede, pero na nosa probeza pode mandarnos.

*Sr. Cura.* –Gracias, señor Francisco. También yo voy hacer lo mismo. Conque, buenas noches, señores; hasta mañana, si Dios quiere.

*Todos.* –Usted descanse, señor Abade.

*Tío Farruco.* –Nenos, beixaille alí á man ó señor Abade. E ti, Perucho, colle alí un fachón de pallas, é alúmalle é vai co el hastra casa.

*Sr. Cura.* –Bueno, hijos, bueno. Dios os bendiga.

*Antón.* –Tío Farruco, escusa de vir Perucho, que vou eu co señor Abade de camiño que me vou pra casa. Conque, as buenas noches.

*Todos.* –Adiós, Antón, adiós.

## Antonio María de la Iglesia González

### Datos bibliográficos

Naceu en Santiago de Compostela en 1822 e morreu na Coruña en 1892. Ademais de poeta e narrador a súa importancia para a literatura galega radica máis no importante labor cultural e activista que levou a cabo. Exerceu como profesor na Escola Normal e foi catedrático de Retórica e Poética no Colexio de Segundo Ensino da Coruña, director da Escola Normal Superior de Mestres de Santiago e inspector do Primeiro Ensino na Coruña e en Pontevedra. Fundou e dirixiu, en compañía do seu irmán Francisco María, a publicación coruñesa *Galicia, revista universal de este reino* (1861-1865), na que publicou moitos traballos literarios e históricos, entre eles unha descrición do Pórtico da Gloria, que o arqueólogo Hubner traduciu ó alemán. Foi, ademais, dos principais responsables dos Xogos Florais de 1861 e un dos instigadores da publicación do *Álbum de la Caridad*, no que se recolle na parte final un grupo de poetas contemporáneos que el mesmo se encargou de recompilar. Convértese así nun dos primeiros antólogos de literatura galega, traballo que completará na época rexionalista con *El idioma gallego, su antigüedad y su vida* (1886), que conforman tres tomos, e dun estudio sobre a capela e o hospital de San Andrés, na Coruña, que lle custou ser procesado e condenado, pola utilización de termos que foron considerados ofensivos polas persoas que detentaban a propiedade daquel templo, en prexuízo do gremio dos pescadores da cidade. Cultivou tamén a poesía, aínda que con menos fortuna, e como prosista ten publicados diversos contos espallados en diferentes xornais e revistas da época como “O convite do raposo”<sup>98</sup>, “A rexuba de San Lorenzo”<sup>99</sup>, “De Deus queren vir as cousas”<sup>100</sup> e “Os aparecidos I e II”<sup>101</sup>.

---

<sup>98</sup> *O Galiciano*, Parola 106, 23 de outubro de 1886. Aparece reproducido co mesmo título en *O Tío Marcos d'a Portela*, nº 164, 23 xaneiro de 1887 e en *A Gaita Gallega*, 5 xaneiro de 1887, nesta última con indicación de procedencia.

<sup>99</sup> *Galicia Humorística*, nº 29, 15 de maio de 1888.

<sup>100</sup> *Galicia Humorística*, nº 3, 15 febreiro 1888. Reproducido en *O Tío Marcos d'a Portela* (Parrafeo 218,4 marzo 1888, en *El Eco de Galicia* de Bos Aires, nº 277, 30 xuño 1899 e en *El Regional* de Lugo, A 30 agosto 1899. No ano 1899, baixo o título “Conto folklórico galego” e sen ningunha outra indicación, reproducíuse en *O Novo Galiciano*, Número 25, 10 de febreiro de 1899.

<sup>101</sup> Foi publicada en dúas entregas, as correspondentes a senllos capítulos marcados con romanos, na revista *La Pequeña Patria*, nº 3 e 4, de 30 de novembro de 1890 e 10 de decembro do mesmo ano. O primeiro capítulo reproducíuse, sucesivamente, con indicación de procedencia, na revista *A Monteira*, nº 62, 6 de decembro de 1890 e, sen indicación ningunha, en *El Eco de Galicia* da Habana, nº 845, 3 de setembro de 1898, en *El Eco de Galicia* de Bos Aires, nº 344, ano 1901 e en *El Regional* de Lugo, 12 de outubro de 1898.

## **Comentario dos textos narrativos en galego**

En “De Deus queren vir as cousas” predomina o carácter humorístico, tanto no tratamento na descrición dos personaxes como polos feitos narrados. Marica é unha muller forte e astuta, que sabe como engatusar o marido para conseguir o que quere, Ciriliño aparece coma un home inocente e malpocado que fai o que lle ordena e non repara na burla da súa esposa. Como é frecuente neste tipo de relatos, a figura da muller aparece representada baixo o tópico do elemento “dominante”, pois ela é quen goberna a casa e quen dicta as normas cotiás. O costumismo, o ambiente eminentemente rural e os personaxes arquetipos son a nota dominante nesta narración. O conto ten en común co seguinte, “O convite do raposo”, o feito de tratar o tema da astucia como trazo que define os personaxes protagonistas en ambos relatos. Neste caso, a historia responde ó esquema das fábulas de animais, e é un raposo o que amosa a súa astucia ante o lobo, do que se burla cruelmente. Ó final incorpórase unha sentenza en verso, o que evidencia a finalidade exemplificadora do relatado.

Os seguintes textos, “A rexuba de San Lourenzo” e “Os aparecidos”, céntranse en costumes e tradicións galegas, e ambos teñen o mesmo enclave: O barrio de San Lourenzo. O primeiro deles xira arredor da tradición de Pentecostés na Carballeira de San Lourenzo, na que o pobo se xuntaba unha vez ó ano para rexoubar contra as persoas que por alí tiñan que pasar para ir á festa de San Amaro, en Ames. O relato destaca pola riqueza tanto na descrición dos lugares de Santiago de Compostela, ós que presenta con minuciosidade, como polo dominio da linguaxe utilizada, coa que consegue caracterizar o pobo. O narrador fai unha análise sociolóxica dunha época á que evoca con nostalgia pola perda de certos costumes tradicionais.

En “Os aparecidos” ofrece unha sucesión de anécdotas, das cales o eixe central son as diversas aparicións que tiveron lugar en Compostela. Coa aparencia de frades ou mulleres fermosas aparécense trasnos da noite para amedrentar os veciños da vila de Santiago de Compostela, da cal se ofrecen numerosas referencias xeográficas. Así, describe con detalle as rúas próximas á praza da Quintana, San Martín Pinarío ou o barrio de San Lourenzo, onde teñen lugar os acontecementos. Ambos contos constitúen un importante legado etnográfico no que o seu autor soubo transcribir os costumes e tradicións do pobo naquela época.



## O convite do raposo

Certo raposo convidou un día a un lobo, seu viciño, a que lle axudase a facer unha roza, quedando el obrigado a emprestarlle axudas na súa, en canto a del fose acabada, suplicándolle ademais que o acompañase a mercar unha ola de mel pra con ela celebra-lo goste.

Mercada esta, propúxolle o bon do golpe, que a fin de conserva-lo mel moi fresquiño, lonxe da calor da roza, que sería ben deixa-la ola metida nun buraco do bosque, cuberta cunhas ramallas pra que nin as moscas lle poidesen ir a el.

Unha vez conformes e disposto todo na maneira dita, dirixíndose os dous ó tarreo onde se había de dar comenzo ó traballo; mais aínda o zorro non había pegado no chan un par de ligoñadas, guindando co ligón o chan e dexando sorprendido ó seu compañeiro, escramou cheo de pesar e cabiloso:

—¡Ai, nunca Dios me dera, meu amigo Bertolo!

—¿Que che pasa, oh? —contestoulle o lobo.

—¿Ti que ques que me pase? Que dende agora vexo perdido o meu creto pra sempre en toda esta redonda.

—E logo, ¿que hai? Acaba dunha vez e quítame da incertidume en que me pos...

—Que cando tan ledo me atopaba dando xa como concrusa a miña ceifa coa túa valente axuda, lémbreme que nesta mesma hora estou apalabrado de asistir como padriño de bautismo a miña curmán a Rosa, a señá Pepa do Souto e a miña comadre Marta da Devesa. Alá vai, pois, con tódolos díaños, todo o noso traballiño de hoxe co noso animado xeste que bo mor me pormetía.

¡Ai, malia miña mamoria!<sup>102</sup>

—¿E por tan pequecha cousa te atordoas, Pedro? Bah, bah, coidei que eras home de máis peito. Vaite aló á carreira, e fai o que facer debías e déixate de todo o demais. Ou hai confianza antre nós, ou non a hai... ¿Que pode ser?, que o traballo que habíamos de faguer os dous en tres horas fareino eu en seis, e nada máis, ¿Non farías ti outro tanto por calisquera dos teus amigos? Bota, pois, a andar que eu me encargo de levar as ferramentas ó teu quinteiro e percura saír ó bosque onde a ola do mel nos espera pra endolzar a túa coraxe.

---

<sup>102</sup> Memoria, en *A Gaita Gallega*.

Dadas as gracias a tan leal compañeiro, bota arteiro ó raposo pola chousa<sup>103</sup> arriba; e como decote o tobo seu ten varias entradas, meténdose por unha delas non conecida de Bartolo, foise dereito á ola do mel que estaba tras das ramallas que daban vista ó monte da roza, ollando pra o lobo, estomballado á sombra, come que te come, e rite que te ri, acabou nun santiamen coa larpeada dos dous alí escondida.

Asina que o sol foi caendo, o lobo puxo fin á súa dobre caba, prantoulle lume ós cadullos, e soando coma burro de alquiler, cargou cos ligóns ó lombo e foinos levar á casa do raposo, dando a volta pra o bosque, punto da cita conveñida.

Mais o zorro que estaba alertando detrás dun cómaro, deixouno ir astra darlle tempo sobrado pra que chegar poidese a carón da ola. Destonces botou a correr coma quen vén ansioso a dar gracias a tan leal compañeiro. O pirmeiro que fixo el foi darlle unha aperta, enxugar o suor e perguntarlle:

—E ¿que tal? ¿hai moito que chegaches?

—Acabo de vir. A ceifa queda acabada e a roza ardendo. Xa ves, case fumea.

—Ben a vexo. Gracias, meu bo amigo; non agardaba menos da túa amizade. Agora, vamos á nosa merenda, pois dous a Dios que ben ganados a tragués.

¡Pro cala!... Vexo que as ramallas non están do xeito que a deixamos. ¿El ti andiveches con elas?

Do demo, nin tempo tiven pra eso.

E o bo do larfón do zorro<sup>104</sup>, engurrimpando o fuciño, dirixiuse á ola, quitouna do escondrixo e, dimpois de revistala, volveuse cara ó lobo, escramando:

—Eu coidei que un favor non era una venda..... Xa me parecía a min, que algo cara debería de saírme tamaña xenerosidade...

—Pedro, teñámo-la conta en paz!..., ¿Por que me insultas dese xeito?

—Porque a ola está baleira, e quen di lobo dixó todo. Está visto que  
*entre amigos,*  
*un notario e cen testigos.*

---

<sup>103</sup> Chouza, en *A Gaita Gallega*.

<sup>104</sup> E o bo do zorro, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

—Xa os hai, xa os hai, mal raposo.

—¿E cales son? ¿ulos?

—As moscas, que deixándome libre a min, a ti neste mesmo instante che aburan<sup>105</sup> o fuciño.

E dando a volta, deixouno, dempois de decirlle:

*Quen contrate con raposo,  
Nunca espere comer carne:  
Gracias si lambe algún óso.*

*Pro gárdate de poñerte  
Nunca máis no meu camiño,  
Que anque te-la carne dura  
Meus dentes non son de liño.*

---

<sup>105</sup> Aburran, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

### A rexuba de San Lourenzo. (Costumes folclóricos do país)

Hai nas aforas de Santiago de Compostela, en Galicia de España, unha carballeira famosa por moitos conceutos. Dempois da de Santa Susana, é a máis renomeada carballeira daquel pobo. Chámase a de San Lourenzo, polo convento de recoletos franciscanos que no meio daqueles bosques tiña e inda ten; pro que os frades se cambearon pola duquesa de Medina das Torres, que do cenobio fixo morada súa de recreio, conservando en parte as formas exteriores do mosteiro silencioso. A torre da súa igrexa ben se ve dende o alto do campo de Santa Susana saír e gallardear por riba das elevadas e frondosas pólas dos seculares carballos, abaixo na esplanada en que o barrio de San Lourenzo termina, ó ponente da monumental cibdade.

Non hai xa sin embargo no centro do clastro, aquel liquenoso cruceiro de pedra con omaxeos, que o caracterizaba, nin menos a estatua da Virxe da Conceución que sobre da bóveda da fonte se erguía entre ás dos anxos que de rodillas, con instrumentos músecos na boca, pares que acompañaban no ton e nos soídos as harmonías do caer das augas da copiosa fonte, daquela fonte fresquísema, que tiña no marco da súa porta, preso por unha cadea o cullerón de ferro para servizo do sedento visitante.

Xa tampouco hai nas paredes exteriores do templo, baixo gran arco románico, do lado sur, aquel devoto Crucifixo entre outras dúas cruces desertas, nin menos ó par del debaixo os seus pés, aquelas abelliñas traballadoras que se movían de cote, e de cotío zumbaban, e paresque rezaban ó Cristo, falaban con el en segredo, e no foco da parede labraban ricos panales de mel que debía saber a celestial e sagrado.

Desapareceu tamén aquela portaría departamento da limosna e do descanso que facendo anglo e martelo coa porta de a fóra ou travesa do templo santo, botábase en parte sobre da carreteira, escondéndoa, para logo voltear esta entre robres, petoutos, ribaziños, céspedes, valos, murallas e silveiras, como lugar sospeitoso e de peligro para noites de lúa, e peor aínda para noites sin ela.

Pois ben, neste traieuto, non moi grande, cando un pouco máis a vía se franqueaba, un día do ano, o luns de pascua de esprito saucto ou de Pentecostés, de madrugada, xuntábase neste punto e sitio cantos marmuladores e *rexubeiros* de maor talla e nota contiña o gran pobo de Santiago, para pasar en revista e a coitelo de lingua, ben agudo e afiado, a cantas personas e familias o merecesen, das que naquela miñán pasaban por aquel penoso estreito para a gran romaría de San Amaro, que no lugar de *Barouta*, da parroquia de San Tomé de Ames, á légoa e media de distancia, se celebra tódolos anos en tal día do froilido Maio, regularmente.

Non eisistía naquel tempo outro camiño máis dereito e prauticabre que aquel, e así non había remedio senón sufrir o chuvasco, máis negro e azou-tante que os trobóns que moitos anos soen caír no mesmo día.

Probe da rapaza que tiña amores con algún, fose quen fose. Probe do mozo que con algunha estaba enredado ou entretido. Probe do que debía o pantalón ou sombreiro que levaba. Probe da que pedira emprestado o gardapés, o

lenzo ou a cofia da cabeza. Probe do xogador. Probe da mundana. Probe do borracho e do que sostiña manceba. Probe da disipadora e da miserable. Probe do coxo. Probe da torta. Probe do necio. En fin, probes de tódolos que algún defeuto físico, moral ou intelectual había que lanzarlles á cara, porque alí non había respecto, nin reparo algún, nin piedá co próximo e non paresque sinón que aínda non arribara o Santo Apóstolo a Galicia, nin as bóvedas de San Lourenzo, tan próximas, pertencían ó Santo Mártire, senón ó demo maior do inferno. Vaia unha pequena mostra.

—¡Ai, *Macoca* do demo! ¡Que cesta brandida levas para a romaría!— Que ha de levar, hom, que ha de levar, si toda esa alforxada e bambolla non contén senón, como adoito, olas, cazolas, e pratos baldeiros, cubertos co alcaçoete do mantel. Xa podes enche-la endorga, *Macoquiña*, e convidar os parentes e namorados.

—Oi que alí vén o *Varraco*. ¿Cantas tes agora, Rafael, arrombadas ou barrigudas? Non sei porque non han de trasladarte con mil mulleres a poboar terra nova. ¡Non sae o rei de ti, boa alaxa!

—Aí vos vén Joana a *Roxa*. E mais trai gardapés, e dengue, e lenzo novo.—Ai se foran dela! Canto leva encima pideulle emprestrado a súa comadre a *Birolla*, e anque rabiando emprestoulo, por medo a súa lingua, por máis que a da *Birolla* tampouco non é mala.

—Ai tede-lo *Rabeno*. Lucas, coidado co *crystalino*. Non te arrimes moito a esa inocente rapaza, que eres capaz de matala co alento.

—¡Ai, torta de Judas! Que fachenda levas ¡Vai de aí vai a pagar toda esa estrenadura, que a quedaches a deber na casa de Caitana da porta do Camiño! ¿E non che dá máis o teu reo?

—Mirade o condanado do *Roncollo* que hai dúas somanas lle pareu a muller, a cuñada soleira, a coima que sostén en Vista alegre e tódalas tres nun día. ¡Véigate o demo coas mañas e a callentura!

—¡Oi a Crecha! ¡a dama dos satenta novios! ¿Ti como fas, muller, pra contentalos a todos e cegalos? O día que menos penses bótanse todos enriba de ti e despedázante. Non queda un fiñasco de ti, Ana Bolena.

—Mira que teso vén Roque *da bufa*, de sombreiro novo, do trinque, e quedouno a deber en casa de Fucró. Non vos metás co el, que é compañeiro do señor de Montepío.

—Ven, *Girafa*, ven e cóntanos quén dou máis pés de altura cando te midiche con don Longueirón, o cardenal da calle do Franco.

—¡Oi o tío *Lombas* que trai o mundo as costas de baixo do chaleque; mundo que lle arrouba a seu parente querido, o que se está no cumo da fachada da casa do marqués de Bendaña, frente á fonte de Quiroga.

—¡Oes, *Mosquito*, coida que o ribeiro non te monte na romaría, como che asocedeu noites pasadas, que te levaron a casa polo aire entre serenos a dormir a condenada da mona: tan forte e legítima era, tomada na taberna dos Truques, que ogano ten *boa letra*.

—Jorge, seica vas poñer timbarimba nas baiucas de Barouta, de Xan Freire, ou de Roxo. Non sea o demo que perda-la camisa, as orellas, ou a cachola; e dempois ¿que ha de ser de túa Mingas, a tecelana, e dos cachorros?

—Dá ben as pernas, *Canónega* dos pecados, se che quedan algunhas forzas e brío de tanto zoupa que zoupa co mundo enteiro. ¿E que levas que comer? Nin un cacho de cebola.

—Non che fai así a *Pandela*, mala estrosa cha mate! Aí a tedes, que mandou diante para ela, o home e a filla, un faco de empanadas, pernils, carne asada, longanizas, tortillas, queixos, moletes e lacós, que leva para un reximento de alarbios, anque ela dempois e a familia se queden langreando astra San Amaro do ano que vén. ¡Éche bo goberno, pardiola! A do lobo “tres días carne e cen días fame” ben que se has de ir a de Raxó mañán, todo se percisa. E por ti e outras perdularias coma ti, se fixo a cántiga:

A miña mantilla nova  
Leveina ó San Amaro,  
De San Amaro a Raxó  
E de Raxó a Santiago.

—¡Adios! Aí témo-lo *Coxo da Peneda*.

Tira, Coxo, tira  
Tira da moleta  
Que che reñe Alvira  
A da Cantaleta.  
(Razón non lle marra.  
¡De espera tres horas!)  
Namentres... ¡namoras!)  
Alí a tes embaixo  
Botando centellas,  
Un pito o refaixo,  
Pingando as gadellas.  
Mentras te agardaba  
¡Caieulle un trobón!!!...  
¿Por quen o apañaba  
Galopín, ladrón?

Basta de enxempros.

Aquela *rexuba* e descarada marmulación a veces era o xuízo púbreco das faltas da vida, que contan de que antes de sepultados, lle facían ós reises de Egipto.

As personas rexubadas non todas tiñan a pacencia e sofrimento de oír impasibres as inxurias naquel tránsito fatalísemo e contestaban ós maldicentes segundo sabían e podían; mais era esto añadir leña ó fogo, porque a sarabia de difamaciós caía máis desapiadada entonces por cen bocas, e unha silba xeneral afogaba os gritos, improprios e maldicións dos lastimados naquela desigual contenda. O calar e andar listo para diante era o máis prudente do conto, como así convén en todo mal paso. Pro sucedeu unha vez, que un sarxento ou oficial de caballería pasaba para San Amaro, a cabalo do seu cabalo e levando diante de sí a súa doña ou esposa.

Comenzou o trenlo da rexuba contra o melitrón e a súa muller que era moi ben parecida por certo; e se nada había que decir deles, inventárono.

Non pasou adiante o melitar, antes polo contrario ciou, volveu para atrás e tornou á casa donde deixou a garrida esposa, ben descontenta, e volveu o paraxe da rexuba, vestido de uniforme, a cabalo, pistolas cargadas na pistoleira, e co sabre desenvainado pegando a destro e senestro tan soberbos sabrazos e mandobres e cargando con tal ímpeto, valentía e carraxe, que collendo a xente descoidada e desprevenida, atropellouna e tundouna de tal maneira, que se escagallou a rexuba toda por aquel ano e os rexubeiros foron fuxindo polos agros, pinales e montes de San Lourenzo e da Curitaina e rañando nas cabezas e nos lombos os cintalazos que lambran na refrega.

E tal era o costume e tan arraigado permanecía, que a pesar de todo, feridos e contusos como quedaran os rexubeiros, congregáronse nas canteiras da mesma Curitaina e fixeron alí o que sempre na carballeira de San Lourenzo facían o finalizar a rexuba, é dicir, nomearon ó mordomo para o ano seguinte; e recaíeu no máis mala lingua e era un *quintanistro*, moi moreno el e cacarañado, anque de boa estatura, moita gracia e ocorrencias felicisemas.

A súa minsión xa pode maxinarse cal sería en todo o ano: pescudar e saber a vida de todo o mundo con pelos e sinais para comunicar os descubrentos ós confrades da rexuba, mentres que eles á súa vez esculcaban polo seu lado e depositaban nel as impresiós e descubirmentos, para con somellante copia de municións e bastimentos de guerra, capitanealos o mordomo no seu día, á rexuba de San Lourenzo, na festa da romaría grande de San Amaro de Barouta, para o cal, lle foi entregada o tal mordomo unha póla ou ramallo da mesma carballeira.

Así viña e veu cumpríndose tan santa e cristiãna devoción, a pesar do ausolutirismo dos reises, da seriedá do Sancto Oficio, e da tendencia das novas ideas da libertade, astra que abertas as vredas que permiten ir comodamente por moitos lados á romaría, e porque, en fin, todo ten acabamento, foi fraqueando a rexuba e hoxe no día xa pode dicirse, que se desfíxo de todo a rexuba de San Lourenzo de Santiago.

Inda con vredas e todo tal é a forza e arraigo dos vellos costumes por ruís que sean prosigueu por algún tempo a rexuba, pro xa non era en San

Lourenzo onde a tomaban. Iban a máis lonxe, preto de donde converxían os novos camiños. A Vidán. Pro como o punto era moi desviado xa do pobo, foi a concurrencia dos devotos amingoando e por último perdeuse de todo aquela gran rexuba.

Foi un ben para moitos, segundo o cristal por onde se mire, pois algo tiña de imponente, coutadore e correuional aquel trebunal do demo; pro tamén foi un mal para os burlistas e festivos espeutadores que non podían menos de solazarse e rirse de tantas faltas descubertas, ditos e ocurrencias pelengrinas, á queima roupa, ou cara a cara, disparadas a personas dinas desa caricatura de entoncos e do vapulco de Satanás. Daquela, bulrábase pubrecaamente o pobo de si mesmo por medio da palabra voadora que se estingue.

Baixa escola.

Non agora, que facemo-la rexuba dos gobernantes e príncepes, pola prensa e polos cromos que xamais se borran nin se perden.  
Alta escola.



## De Dios queren vir as cousas. Conto folklórico gallego.

Dedicado ó meu estimado amigo Enrique Labarta Pose.

Marica a *Farfantona* estaba casada con Ciriliño o *Engomado*. Aínda non tiñan fillos. Ocurréuselle a Marica que lle virían ben, para pór na lareira e na borralleira e no forno e noutros parages da morada, e do hortelo detrás da caseta e do pachareco da porta de diante, unha boa regazada de lousas. Había que ir a arrincalas ó monte e o bo de Ciriliño non se amostraba moi com-pracente nin animado para ir por elas.

Non tiñan carro nin bois, que aínda non poideran chegar a tanto nin saír da clase de caseteiro e sobir, cal dempois sobiron, a medio propietarios co foro dun lugar alí a acarón, que ambos andaban pescudando a toda présa.

A Farfantona era animadísima e tiña moita labia, e cando quería era moinantá de todo.

Depois de estar unha tarde aloumiñando e ñando en Ciriliño, terminou por decirlle: —Vaia, meu homiño querido, non seas perguizoso<sup>106</sup>, anda que vou eu contigo acompañándote ó monte e non tes máis que sachar un pouco, arrincar as lousas que nos fan falla e xa non tes máis traballo que volver comigo, porque as lousas trágoas eu arregazadas no meu mantelo e baixámo-la costa e chegamos de volta logo, nun Gasus, á nosa casaña onde che prometo<sup>107</sup> un cachucho.

—Boeno, dixo Ciriliño, abofellas que non che tiña agora ningunha gaña de ir ó monte a quentar as orellas co este ventarón tolo e frío que brúa e sopra; mais ti es tan labianta, que farás pecar a un santo de pedra.

—Vamos, meu Ciriliño, vamos, —díxolle amorosa a Farfantona a Ciriliño, collendo ó mesmo tempo do corruncho o ligón e a picaraña; e botando os dous instrumentos ás costas, empuxou cariñosamente a Ciriliño pra fóra da caseta, fechando a porta en seguida.

—¡Ai, muller, dixo entonces o Engomado, eu non premito que vaias tí con esas ferramentas ó lombo, mentras en vou baleiro! ¿Siquera que dirá a xente que así nos vexa?— E pilloulle a Marica, non sin algunha resistencia aparente de parte dela, os estrumentos do traballo e acomodounos el sobre os dous ombros, cruzándoos tras das espaldas. E conversando e casi sin sentilo, pasada media hora, chegaron ó pé do monte e sobírono astra o cume.

—Véñoche ben cansadiña, —dixo a Farfantona e sentouse arimada a un penedo contra o lado por onde o vento bufaba. Baixou Ciriliño as ferramentas<sup>108</sup> e tamén se sentou ó par de Marica aunque no fora máis que por agacharse daquela paromia.

---

<sup>106</sup> Perguizoso, en *El Eco de Galicia*

<sup>107</sup> Pormeto, en *El Eco de Galicia*.

<sup>108</sup> Ferramentas, en *El Eco de Galicia*.

Pouco duron o descanso e o agarimo, porque a Farfantona exgramou de súpeto —¡Ai, Ciriliño, que se bota a noite encima e hai que traballar! ¡Ai que lousas tan feitucas hai por aquí! ¡Mira, home, mira! —E colleu o ligón e escomenzou a raspar co el o musgo e o molime que en parte cubría as taes lousas, tentando ó engoumado pra que co picaraña as levantase. Así el o foi facendo sin nacesidá do ligón dela e tiveron en pouco tempo as lousas que percisaban.

Cando esto se houbo conseguido, Ciriliño foillas botando no regazo á muller de modo que lle arrecadou e arrombou unha boa carga por certo.

Ela non se deu por entendida e mal como puido, botou a andar pra a casa baixando o monte e Cirilo con ela; pro moi poucos pasos había andado cando se sentou e lle dixo ó marido: ¡Ai Ciriliño, vouche moi cansadiña e tan rendida que non podó andar! Millor é que ti me levas a min, senón morro sin saír deste monte escomulgado.

Muller, dixo el, entonces ven. Collete como poidas a min; e levantouna do chan coma quen ergue e leva un neno de paseo pola rúa. Ela botoulle un brazo ó colo e co outro sostíña nos brazos do Engoumado que a abrazaba polas pernas, a regazada de lousas, ítem máis os instrumentos da operación e baixaron así do monte e porseguiron polos carreiros, corredeiras, camiños e congostras astra que deron na caseta fin da súa xornada, que era noite fecha.

En todo este *vía crucis* do Engoumado non zasaba<sup>109</sup> a Farfantona de decirlle para animalo a non tirar coa carga: Mira Ciriliño; “*De Dios che queren vir as cousas, ti lévasme a min e eu levo as lousas!*”

Ben merecía, polas recomendabres dotes maritales Ciriliño, o cachucho que a muller para a volta lle ofrecera, aunque fora de ouro e de brilantes e pelras o tal cachucho.

---

<sup>109</sup> Cesaba, en *El Eco de Galicia*.

## Folklore gallego. Os aparecidos

Hai cen anos todo era aparicións nesta nosa terra. As almas en pena por un lado, os trasnos por outro. A media noite era a millor sazón para o trenlo. Os espíritos ven e andan mellor de noite que de día.

Xa non digamos nada da *estadea*, *estadaíña*, *compaña*, ou *santa compañía* coa súa ocupada tomba, súas luces unhas a encenderse e outras a apagarse, seu *acompañamento* vestidos os endevidos todos con brancas sabas ou mantos e túnecas de alba color, cos *azafates* e cirios acesos nas mans en forma de canelas, recollendo polos sendeiros, corredoiras, cogostras, camiños, veigas, agros, leiras e gándaras, o mesmo que polas ribeiras dos ríos e canles dos rigueiros e polas costas do mar e polas lombas e cotaredos das baixas e das altas montañas, aqueles *ósos* ou reliquias humanas que non poideron ser recollidas antes e gardadas, nas sepulturas dos cimiterios e do interior das igrexas asociando na misteriosa e espantable expedición cantos vivosalcontrase o paso en aquelas sililenciosas e temidas horas da noite en que non era prudente andar por fóra da morada pacífica despois das dez e que deu marxe, por estes motivos e outros socedidos, ó dito popular:

*Dempois das dez  
Deixa a noite para quen é.*

Querse decir, para tódalas visións e disgracias acostumadas, pois o que a tiña de ir (como era obrigado á forza) coa compañía, morría dentro de poucos días despois.

¡Ditoso do que tiña a sorte de empararse no inmediato Cruceiro, subir correndo as súas gradas e abrazarse de súpeto á columna do Cristo con todas súas forzas!

¡Ditoso do que ó ver a *compaña* tiña serenidá de abondo para trazar o *círcalo de defensa* na terra, o derredor seo, e a *Cruz no aire*, que o encomunicaba coa impoente marcha ou percisión dos mortos! As aquí anotadas precaucións conviñan así mesmo cando unha *alma en pena* buscaba quen de arriba a baixo lle rachase coa fouce o sagrado hábito con que amortaxado fora o defunto, pois era moi posibre que ó racharllo por diante, lle botase ó tal defunto as cepudas mans e con el así apreixado, e abríndose a terra, se sumerxesen ambos nos abismos.

---

Aínda recordo o que na miña nenez oía moitas veces contar o que lle sucedera a un estudante moi namorado e cabaleiro que andando a deshoras paseando por debaixo dos soportás da Quintana dos Mortos de Santiago una crara noite de lúa, veu vir e pasar unha linda señorita moi ricamente ataviada e composta polo seu lado e foi tentado de saudar aquela xentil e pelegrina fermosura, e falarlle amoroso, por onde logo veu en coñecemento da súa dis-

creución, saber e donosura sin par, ofrecéndose a acompañala e servila a onde quixer que fose, anque fose astra o cabo do mundo.

Acetou ela desfacéndose o estudante en solarmeirías e recrebos, subindo sin sentir polas esqueiras da Quintana, arriba da Porta Santa, e botando por entre a Corticela e os Oficios dos quintanistros, Acevichería, Arco de Palacio, cadeas da praza do Hespital; calle ou rúa das Hortas, Areeira, Cruceiro do Gayo, Poza de Var, e rúa ou calle de San Lourenzo, astra que deron os dous na carballeira ou campo deste nome, en que indo por unha rúa adiante daquelas arbres seculares, que encamiñaba o mosteiro, reparou o mozo no que en todo o tránsito non había reparado, embobado como iba na cara preciosa daquela para el celestial virxen, reparou digo, nos pés dela que lle asomaban por debaixo da orla do vestido riquísimo de seda, e non eran pés senón poutas máis feroces que as de un lobo ou de un león, pro con unhas unllas negras, longas e encurvadas que aterraban; e entonces recordou que as pisadas dela por todo o camiño, viñan petando, petando, como se vira (con perdón) calzada a moza con botas de ferro; pro astra daquela non fixo caso; ben é verdá que a lúa acrarou de tal sorte por entre a ramaxe dos vellos carballos, que tamén axudou moito a ouservación, pois polas rúas que trouxeran desde a vila, percoraba a rapaza ou señorita botar de cote polas aceras da sombra.

Como quedaría o estudante galán, déixase adovñar facilmente.

Desimulou<sup>110</sup> todo o que pudo e cando chegaron preto do Cruceiro antigo que se levanta case arrimado ó ángulo da cerca do convento, na encrucillada, para un pouco máis adiante dar vista ás portarías da igrexa e do mosteiro, o meu bo do home separouse de súpeto da parella, e case de un golpe ou salto en que lle caíu a beleta ou tricornio da cabeza e se lle foi voando o manteu dos ombros, cai enriba das gradas do Cruceiro santísimo e abrázandose a el con todas as súas forzas, tembraba como un vimio, cos pelos arrupiadados, pidindo a Dios perdón, e desaparecendo como fume pestífero a cundanada da señorita ou demo da Quintana dos Mortos.

E astra que veu o día e se vía ben, non largou o namorado estudante a vara do Cruceiro do campo de San Lourenzo.

Menos serio que esto foi o que lle pasou a dúas mulleres de Santiago (tratei a unha delas) na mesma Quintana dos Mortos noutra ocasión, co aparecemento, unha noite de lúa tamén, igoalmente crara, que a media noite, indo as dúas levar pan a cocer no forno de San Martiño Pinario, pois eran de oficio panadeiras, viron pola dita Quintana, vindo elas da parte da rúa Nova, un home fornido, que a certa distancia delas, e constantemente iguual, íbaas precedendo, con bastante donaire, sin volver cara atrás; pero (con perdón de Dios e das caras honradas) coas nádegas descubertas e ben gordas por certo, que moi crara e perfectamente se devisaban, por delas darlle de cheo a luz da luna en

---

<sup>110</sup> Desimolou, *El Eco de Galicia* (Bos Aires)

todo o seu esplendor, tanto que elas iban co farol acceso colgado da man, unecamente por “refrear o medo”.

E así foi o desvergonzado *sans-culotte*, ou *sin cirolas*, seguindo a dianteira, sempre á mesma distancia, paralelamente ó longo da extensa parede do convento das monxas de San Paio, subindo as escaleiras, para continuar pola Vía Sacra, atravesala rúa ou calle da Acevichería para meterse pola da Troia e dar na fonte de San Miguel, coronada por unha cruz, diante da que estalou o trasno do home como unha forte bomba que fixo ás panadeiras dar un grito descompasado decindo: ¡ai, Xesús! e desapareceu de toda aquela porca visión que (somellante a algunhas das que a San Antonio Abade perseguiron tenazmente no deserto) veu burlándose das dúas mulleres tanto camiño; e metéronse trebanda no ansiado forno de San Martiño Pinario, que alí moi preto se alcontraba da fonte de San Miguel; coceulles o pan o forneiro e astra que foi de madrugada non deixaron elas o forno.

A Cruña

## Folklore gallego. Os aparecidos II

Non é San Lourenzo de Santiago unecamente memorable polo obispo de Zamora don Mariño Arias, santiagués, fundador a principios do século XIII, do *eremitorio* daquela advocación, e da casa contigua, morto nela e nesta igrexa enterrado; nin polo *nigromante* bispo de Compostela don Pedro Muñiz, aquí recluso por aquel tempo; nin polo franciscano deste convento deles, frai Gonzalvo Mariño, da rama nobre dos condes de Altamira; nin polo patronato que esta casa condal chegou aquí a exercer polas diversas e boas limosnas que lles fixo e donazóns que lles concedeu aos seus recoletos freires; nin pola actual *metamorfosis* da igrexa en panteón de familia, con moimentos de mármore de altísemo valor artístico, e do grave mosteiro en palacio risoño, ducal sitio de recreio da nobilísima duquesa de Medina de las Torres, da cepa ilustre e rexia da padroeira casa de Altamira, que costeou e levantou aquí obras como a dos *clastos*, *cuarto dos condes*, *sagristía*, etc., que donou, si, a aqueles freires e convento, solares, tarreos, carballeiras e pinales; pero en tanto canto durase o convento cos freires naquel sitio; pero non, se se mudaban, por calquer evento, para outro, ou se extinguían, porque entón volverían todos estos bens ó condado: vede se tiñan longos e bons narices xa os condes do tempinho aquel.

San Lourenzo coas súas froitíferas hortas, buxos recortados, xardíns de hortensias, fresquísemas fontes, sombrizas robredas e súas inmediacións, ríos, regatos, prados, tibeiras e veciños montes e ademais notabres non solo polas súas harmonías naquel silencio, soledá e vistas apacibres que convidan á meditación e ó estudio, senón polo *folklore gallego* na parte dos *aparecidos*, que vimos conmemorando.

Era unha noite crarísema de luna. Nos muíños de Santa Crara, da ribeira de San Lourenzo, achábase moi enfermiño un daqueles muíneiros, tanto que pedía con grandes istancias e cramores que lle trouxesen o confesor frai Manuel que o auxiliase.

Botaron a andar polas corredoiras arriba para o convento dúas mulleriñas das que acompañaban a muller do enfermo e a este mesmo. Pasaba da media noite.

Cando traspuxeron o camiño e corredoira que vai subindo por riba da fonte Moreira astra as Barreiras, á man dereita, nun ribaziño e arrimado ó valo, acharon sentado un frade ó parecer, polos hábitos, do convento a onde iban, e con intención de perguntarlle se o padre frai Manoel quedaba no convento, comenzaron a interrogación decíndolle mansiñamente ¿que hora sería?—¡*La una!* Contestou el secamente, amostrando uns dentes que nin os do pecado.

Aterráronse, e sin facerlle máis pregunta algunha e sin mirar para atrás, deron á canela e metéronse pola primeira rúa de casiñas turreñas que van dar ó campo de San Lourenzo donde a poucos pasos andados, antre as primeiras sombras da carballeira, alcontraron outro frade a quen, por entrar en conversación para perguntarlle polo padre frai Manoel, lle dixeron: Ai, señor, aí detrás nas Barreiras alcontramos outro frade e preguntándolle que hora era,

díxonos que era a *unha*; pero amostrándonos uns dentes que nos causaron bo medo. —*¡Eran como estos!* E insinoulllos, e eran os mesmos; por onde viñeron en coñecemento de quen era somellante frade.

Comunicoulles Dios algún alento e dándolle a espaldra ó *trasno*, que outra cousa non era, botaron cara ó convento pola cerca adiante, deron na portaría, petaron moi forte cun callau, veu o frade porteiro, e algún tempo dempois salíu o padre frai Manoel acompañado dun frade corista, que botaron a andar para os muíños de Santa Crara, sin ver ningún outro frade en todo o camiño.

O que quería o *trasno* era impedirlle a confesión ó muiñeiro que agonizaba.

Outra noite despertou unha panadeira do campo de San Lourenzo, e membróuselle que tiña que ir a catar auga para amasar. Levantouse da cama, colleu a sella ou caldeira e foise a colle-la fresquísema e gustosa auga da fonte do mesmo campo de San Lourenzo, e cando xa se iba acercando a tal fonte, alcontrouse cun frade que andaba paseando antre os carballos da carballeira.

Non se intimidou, anque era media noite ban pasada, e astra se astreveu a interrogarlle decíndolle: Padre, ¡por aquí tan tarde! —*¡¡Vengo de confesar!!!* Contestou ele; Á probe da muller non lle quedou gana de facerlle máis pregunta algunha, siguiu o seu camiño, colleu a súa auga, botou unha xerrada dela ó corpo e a caldeira á cabeza, e dou volta pra a casa sin topar de novo aquel frade confesor dos avernos.

Tiña por ouxeto meterlle unha grima no corpo, que a fixese enfermar e morrer. Valiulle Dios que aínda esta femia non era das máis aquelas e non fixo nada con ela o *trasno* nesta ocasión.

Outra vez subía unha moza de noite, pero moi tarde pola congostra que vén dos muíños de Xan Lapa na ribeira de San Lourenzo, para as Barreiras por antre os agros que regan as agoas do cano do convento e as da fonte dita, e os do lugar e horta do Labrador Ángelo.

A rapaza viña do muíño co seu saco de fariña na cabeza, e ben cargada, catro ferrados ó menos. Era noite de luna crarísema e ó sobir e acabar a calzada ou rampa da congostra, devisou un frade que estaba sentado no verde ribazo, arrentres do camiño á man dereita sobindo, tendo á espaldra o muriño ou valado das Barreiras polo lado non do monte, senón da leira do bebedeiro dos paxaros detrás da fonte de San Lourenzo.

Chamoulle a atención o incrinado que estaba o bo do frade collendo un pé descalzo (con perdón) e tan serena perguntouille:

—Aí, padre, ¿e vosté que fai? —*Estou quitando unha espiña*, respondeu el —¿E con que? lle reprimou ela (porque xa diante del, non lle percibía agulla ningunha con que o fxe). E sal el e dille: *Cun fungueiro dun carro*.

Hóubelle de pegar a ela a risa coa contestación: pero non parecéndolle prudente outra cousa, botou a andar máis de présa, anque pode dicirse que non se había detido, pro era algo curiosa: non deixou nada de perguntarlle ó frade, sin volver cara atrás: ¿E vosté ve? —Ó que lle contestou el: *¡Vecho, vecho!* con voz destemperada.

Apretou o paso a moza e non se atopou tranquila astra que chegou á casa de seus pais onde contou a aparición que tiña por todo fin, asustala.

Noutra noite preto do mesmo sitio das Carreiras, na congostra aquela de que xa falamos, indo para os mesmos muíños, baixaban uns cantos homes e mulleres do barrio de San Lourenzo con sacos de trigo para moer, pois corría présa, que viñan unhas festas e había que cocer moito pan.

A noite era escura, pero non tanto que os fixese a uns e outros perde-lo camiño, ademais que iban xuntos e todos eran conveciños, parentes e amigos.

Mais ó entrar na congostra comezou tal ruído de podadura nas árbores de loureiro, salgueiros e vieiteiros de ambos lados que sobiana da cerca de Angelo e da do seu frente, que aquilo parecía que tódolos podadores de Galicia se deran cita para vir esta noite aquí a podar; de modo e de maneira que caían polóns á terra por drento e para fóra dos agros ou herdás, que era un verdadeiro deluvio de leña, e paracía tamén que astra quedarían atallados os camiñantes e terían que volveirse atrás e tomar pola corredoira de máis arriba que vai á fonte Moreira e outros camiños, fogindo do perigoso atranco.

Mais non houbo necesidá porque alí onde se lles feguraba a todos que máis carros, montes e montóns de leña habería, nada atopaban ó paso nas caras nin debaixo dos pés. De onde todos deduxeron que aquilo sólo ruídos eran, e astrusias e endrómenas do *trasno* ou do pecado, coas intencións que de cote lle sisten para tentar e atormentar as criaturas, aínda antes de que a morte chegue a sorprendelas.

Volveron por alí coas súas moveduras ó seguinte día pola miñán ben cedo, pro todo estaba sau e intauto na ramaxe espesa daquela congostra; nin cativa racha de pola, nin pequeno ramallo, e astra nin unha triste folla de loureiro caera nas silvas nin no chau, de toda aquela barahunda e barbaridá de loureiros e demais árberes podados e destroidos na noite anterior; tan aseogada e tranquila, por outro lado, que nin siquera facía miaxa de vento que os poidera enganar co barullo, somellando os violentos golpes da podadura. Cousas verdadeiramente do *trasno*.



## Francisco María de la Iglesia González

### Datos biobibliográficos

Nado en Santiago de Compostela en 1827 e morto na Coruña en 1897, cursou estudos de Maxisterio, profesión que exerceu toda a súa vida na cidade da Coruña, onde foi profesor tamén da súa Escola Normal. Igual que o seu irmán Antonio tivo unha gran preocupación por todo o referente a Galicia, cunha dedicación especial á arqueoloxía, á agricultura, á literatura e ó fomento de actividades culturais en xeral. Neste último aspecto sobresae a fundación do *Diario de Galicia* (A Coruña, 1856), que tamén dirixiu; da agrupación “Folklore Gallego” (1883), que presidía Emilia Pardo Bazán; e da “Asociación Regionalista” da Coruña (1891), así como a súa colaboración en *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860-1865), da que foi editor responsable.

No terreo literario convén destacar *A fonte do xuramento* (1882), primeiro drama do Rexurdimento, ademais da súa abondosa poesía, pola que foi considerado o máis prolífico dos poetas prerrosalíanos. Segundo o Padre Placer, o mellor coñecedor da vida e obra deste autor, viuse na obriga de iniciar a literatura dramática galega despois de infructuosos intentos por animar a outros nesta tarefa. *A fonte do xuramento* estreouse no Liceo Brigantino da Coruña o 13 de agosto de 1882 e gozou de tal aceptación que tivo que representarse novamente dúas semanas despois. No mes de outubro dese mesmo ano ofreceuse outra representación e apareceu impresa. Trátase dunha peza de costumes en dous actos e en verso, ambientada en Mera de Mayana, nas Mariñas coruñesas, en 1862 cun final didáctico moralizante.

Dentro da literatura dramática, iniciou tamén o teatro lírico coas obras *Gallegos. ¡A nosa terra! Escena coral en verso e nun auto* (1879) e *Os Ártabros. Escena orfeónica* (1889), un canto ós celtas que se opuxeron a Xulio César, ambas con música de Pascual Veiga.

Deixou o borrador dunha zarzuela titulada *O último brindes. Zarzola nun auto*, que xira arredor da francesada de Padrón, e un drama sobre a guerra carlista, *O bordón salvador. Drama en dous autos*. Coñecemos tamén o título dunha comedia de costumes na que traballou durante os últimos anos da súa vida, *As trulas de San Xuan, ou as enguespas da mocidade nas aldeas de Galicia* (1891). Como poeta deixou manuscritos ou nas páxinas dos periódicos máis dun cento de poemas, parte dos cales foron recollidos polo Padre Placer no libro *Do mar e da terra* (1930).

Fácil versificador, escribiu composicións de todo tipo (costumistas, patrióticas, de denuncia, de circunstancias, ...), algunhas para ser cantadas ás que lle puxeron música mestres como Areal, Castro ou Pascual Veiga, destacando a célebre “Alborada” deste último.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Como narrador en galego, localizamos tres textos de Francisco María de la Iglesia. O primeiro, “O Régulo do Pico Sagro”, publicado en *Galicia Moderna*<sup>111</sup>, é un conto de carácter mitolóxico no que o autor nos narra cál foi a orixe do famoso monte dos arredores de Santiago de Compostela chamado Pico Sacro. O propio autor sinala que aprendera este conto cando era un neno, exactamente no ano 1838, cando el contaba once anos, e resulta moi significativo que leve por subtítulo “Contos de meu avó”.

Os outros dous relatos, que aparecen baixo o título xeral de “Apólogos” en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>112</sup>, son como este epígrafe indica contos moralizantes e exemplificadores nos que os protagonistas son animais, neste caso a ovella, o raposo e a merla. O primeiro deles, “A maldición da ovella”, foi publicado novamente o 27 de febreiro de 1897, xunto con algúns refráns, no número 5 da revista *Mi Tierra* de Vilagarcía de Arousa, pero nesta ocasión aparece como recollido por Antonio de la Iglesia, en lugar de Francisco, como aparecera inicialmente. Segundo apunta Modesto Hermida<sup>113</sup> “cabe a posibilidade de que os da revista *Mi Tierra*, recollesen o contiño das páxinas de *O Tío Marcos d’a Portela* e, por ser moito máis coñecido Antonio que Francisco María, confundisen ó responsable da recolleita”. Caracterízanse estes contos pola súa brevidade, a forma dialogada e o protagonismo dos animais ó redor dos que xira a acción.

---

<sup>111</sup> n° 14, 2 de agosto de 1885, p. 2.

<sup>112</sup> Parrafeo 233, 17 de xuño de 1888, pp. 3-4.

<sup>113</sup> *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 72.

## Mitología Gallega

### O régulo do Pico Sagro

#### Contos do meu avó

Unha vez, alá xa hai moitos anos, houbo un Régulo en Galicia tan ansioso de poseer toda a sabeduría deste mundo, que determinou de se ir por tódalas terras, astra chegar a adequerila. Despois de andar pobos e pobos, un ano tras doutro, chegou a unha selva treborosa e tan frondenta que a penas daba paso ós máis puros e claros alborexos da mañán.

Atravesou polo medio dela coma home de forte espírito e acostumado a toda sorte de perigos; que moi poucos sabios se deixan agrimar por aqueles que soen ter se orixe nos enredos da imaginación. Ó chegar ó medio desta selva parouse a súa mirada nun home que o estaba ouservando dendes da boca dunha sombricenta caverna. O rostro daquel home era verdadeiramente espantoso. O seu ollar, xoto, a súa barba desmedidamente longa e tan brillante como o luar das estrelas. Non se lle vía nomais que unha perna, e esta da feitura das dun burro. Vistía unha túnica da cor do sangue e sujetaba súa cabeleira un casquete negro remosqueado de rojo e da figura dun bonete.

Este lugrumante ser atopábase sentado nunha musguenta pena, e diante doutra a modo de facistol de coros, tiña un librote longueirón aberto sobre de quen cunha relumante bordesca iba dando golpes coma si fose un mestre de capela que estivese marcando o compás.

Así como o Régulo se foi achegando a el poido ir adevirtindo, que a cada compás da vara, iba saíndo unha bandada de aves de mal agoiro ou un fato de animás fercutos daquela manida misteriosa, facéndolle ó da lumiosa barba o redimento máis cumprido como dándolle a entender que solasmentes á súa podente vontade vivían escravizados. Varado quedou o nobre gallego diante de visión tan extraordinaria sin acertar a darse conta de si estaba soñando ou diante dun poder superior a cantos no campo da realidade el tiña coñecido; cando saíndo daquela furna un tigre doente, botouse a el, e seguramente houbérao eslaquizado, a non habelo impidido a voz de trono do mágico da selva que chamándoo, con afabilidade, díxolle deste xeito: – “Mortal: o que busca a sabeduría non teme, se algunha vez adivirte perigro non teme, pero si solasmentes risgo refreusiona para catar xeito de evitalo. Achégate pois e non temas”. Así o fixo aquel Régulo esculcador das ciencias, aunque sin deixar por eso de sentir os tremolantes lateamentos do seu altareado peito. O mágico con mirada esculcadora franqueando seguidamente unha folla daquel gran libro fixo saír na punta da súa podente vara unha frecha de ouro de entre as misteriosas letras daqueles engrillantes renguilós e alargándolla con sonrisa máis atraguento díxolle desta maneira:

– Toma, non viaxes máis, que xa sabes dabondo de canto pasa por fóra. Vólveto á túa pátreas e percura de hoxe en vante estudar nela cantas produciós nela gorgullan, así como tamén os giramentos dos máis principás astros

do ceo; porque calisquera parte do mundo é una imágen do que pode producir todo el. No estudies somente por mera cursidade de saber; senón para apicar canto á descochar chegares ó remedio de tódalas necesidás dos teus semellantes.

Amonta pois nesa frecha que nun instante ela te levará atravesando a región do aire astra o teu pazo. Ten coidado de conservala por espazo de cen anos e un día. Ó cabo deles crabarala ca punta pra riba no medio da terrachán dos teus gallegos estados. A dua se parará enriba da súa punta, e así como as augas se van upando nas grandes mareas, así a terra se irá erguendo en torno dela astra facer *O Monte Sagrado* cheio de ouro e pedras preceosas que che servirá a ti de sepulcro e de seguro axudamento á terra túa cando se vexa vencida. No instante mesmo en que esa frecha encravares da maneira que che levo dito sentirás apoderarse de ti un doce sono, e morrerás así nel pra espertar sendo Rei nos futuros siglos. Deulle gracias o bon Régulo con afincada promesa de cumprir ó pé da letra tan prodigiosos encargos; e montando na frecha voante chegou coa ligeirez dun lóstrego ás beiras do río Ulla.

Unha vez alí adicouse a ser a fonte de luz e do ben de tódolos seus vasallos que se miraban nel como nun espello sin mancha, medrando aquelas terras farturentas en todo canto pode ser albenda do corpo e regalo dos sentidos; astra que ó finarse o prazo dos cen anos e un día marcados polo mago da selva, botando unha ollada de amor a tódolos tarreos ulláns, paradiso de tantas froitas e froes, pintaradiños paxaros e saudosos airiños, arrimouse á frecha de ouro, fechou os seus ollos docemente coma tódolos sabios que sin remorsos se deitan, e deixou de vivir para dar vida a ese famoso e sagro monte, urnia de tantas riquezas, que erguendo a súa testa coroada é Rei de tódolos montes colindantes e testigo foi de tan ruidentos feitos dendes da morte do sabio Régulo astra o reinado da Reina Lupa; dende ela ó Arzobispo Gelmírez, e Moscoso de Altamira; e dende estes astra as alboradas que contemprar hoxe a nosoutros toca. Cando de fala de encantos, cando o vendabal cocha con albas gasas a súa maxestosa testa, cando os tronos taraboulean no espazo, cando os raios se espallan dende o seu curuto trocándoo nun Sinaí gallego; o recordo dese sabio Régulo acude como unha moxena de esperanza a dar vida á nosa memoria tan cansada de recordar os tristes merecimentos dos homes dos nosos días.

Este conto deprendino en Santiago de Galicia no ano de 1838.

## Apólogos

### A maldición da ovella

Cando a Santísima Virxen andaba polas aldeas de Belén, fuxindo co seu filliño Xesús das persecucións dos soldados do sanguineiro Harodes, que degolalo querían, o galo subido enriba dun valado, cantou ós catro ventos.

—*¡Cristo naceu!!!*

E o boi que estarricando estaba o fuciño por enriba da cancela, atraído polo ruído do catraplín dos cabalos, mofándose del, preguntoulle:

—*¡O onde!!!*

Cando a ovelliña, fuxindo toda tremorosa diante daqueles verdugos e deixando pendelliños os seus guedellos de silva en silva, co medo de que a matasen, respondeu:

—*¡Beléenn!!!... ¡Beléenn!!!*

En destonces a Santa Virxe ó toparse descocha, apertando o seu filliño Xesús contra o seu amorosíño peito, debaixo das ramas que preto da ovella lle daban abrigo, así lle dixo:

– Ovella ti eres,  
ovella serás  
e anque te maten  
xamais berrarás.

Por eso a ovelliña, dendes daquela, en ningunha parte do mundo se sinte balar, nin cando lle pegan, nin cando a pillan, nin cando a traba o lobo, nin cando o buxeu lle espeta o coitelo.

### O Zorro e a merla

Cansado un zorro de corre-lo monte todo sin atopar nomais que grilos pra xantar, chegou ó pé dunha fontaiña escondida detrás dunha comareira. Alí deitouse á sombra dun carballiño novo, decindo:

— Esperemos, que  
Aquel que boa espera,  
boa lle vén.

A pouco de estar deitado panza arriba, cos ollos dormitando e as orellas mui abertas, sinteu rebolir nas ramallas que lle daban sombra, arreglou os ollos e viu no máis alto delas unha melra que estaba chocando os ovos no seu niño, e abrindo a boca iestarricando o rabo, escramou:

— ¿Eu non dixen  
Aquel que boa espera,  
boa lle vén.

E endempois de dar voltas coma un sarillo darredor do carballo, escomenzou a falar coa melra deste xeito:

— Melra, cocha pelra,  
¿cantos fillos tes á perna?  
— Teño catro.  
— Pois dame un.  
— ¡Non quero, non,  
que meus fillos son!

— Meu rabo, faremos de ti un machado  
para cortar contigo este carballo...

E sacudía con el, facendo estremecer as pólas. Estonces a melra, chea de medo, soltoulle un ovo que el larpeou nun Xesús.

— Melra, cocha pelra,  
¿cantos fillos tes á perna?  
— Teño tres...  
— Pois bótame un.  
— ¡Ai, non quero non,  
que meus fillos son!...

— Meu rabo, faremos de ti un machado  
para cortar axiña este carballo.

E seguía sacundindo con el. E a probe Melra soltoulle o segundo que el machucou surrindo.

— Melra, cocha pelra,  
¿cantos fillos tes á perna?  
— Teño dous...  
— Pois dácame un.

— ¡Ai, non quero non,  
que meus fillos son!...

— Meu rabo, fagamos de ti un machado  
para guindar ó chao este carballo.  
E seguía sacundindo con máis forza. Ela soltoulle o terceiro que el  
asorbetou como os outros.

— Melra, cocha pelra,  
¿cantos fillos tes á perna?

— Teño un...

— ¡Pois bótamo!.

— ¡Ai, non esperes polo fillo meu  
pois cun fillo solo, ben me vallo eu!  
E pillando o ovo no bico, abandonou aquel triste carballo, arrepen-  
tida de haberlle soltado tan lixeira os seus perdidos filliños.

Destonces o arteiro raposo quedou decindo:

—Maldito rabo,  
¿por que te non trocaches nun machado?

Se obedeces ti, rabo ou morriña,  
fillos e nai tiver na barriguiña!.





## Máximo Leyes Posse

### Datos biobibliográficos

Por unha carta de José M.<sup>a</sup> Monterroso a Modesto Hermida, sabemos que naceu en 1855 na parroquia de San Amedio de Sarces, no concello coruñés de Laxe. En palabras de Fermín Bouza Brei<sup>114</sup>, era “un escritor de finos matices, hoy olvidado pero que gozó en sus días de merecida fama en Galicia” e Modesto Hermida<sup>115</sup> apunta que Alfredo Brañas o consideraba “algo estrafalario por falar sempre en galego”.

Licenciouse en Dereito e en Filosofía e Letras, e aínda sendo estudante en Santiago de Compostela comezou a súa faceta literaria na revista estudiantil compostelá *El Tricornio*. En Santiago de Compostela foi profesor de inglés no Instituto, e en 1882, publicou a *Acta general de los trabajos realizados por el Ateneo Escolar Gallego, desde la iniciación hasta el día de la apertura solemne*, mentres que na Estrada foi avogado e director do colexio de Segunda Enseñanza.

Fermín Bouza Brei<sup>116</sup> afirma que en 1884 escribiu en *El Tricornio*<sup>117</sup> un artigo en español de loanza ó libro *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro e asemade sinala que, na altura, Leyes Posse era o director interino da publicación, que tiña como director e propietario a Javier Valcarce Ocampo. Cómpre sinalar tamén que en *La Patria Gallega*<sup>118</sup> publicou uns versos en galego co título “A Rosalía de Castro na traslación das súas cinzas ó mausoleo de Santo Domingos”, que en *El Eco de Galicia*<sup>119</sup> publicou o artigo “La poesía de la Edad Media” dedicado á literatura galega e mais que en *Galicia Humorística*<sup>120</sup> escribiu de xeito anecdótico a sección “Revista de la quincena” en substitución do seu director.

Tamén colaborou abundantemente, con prosa e verso en galego e español, noutros xornais e revistas de Galicia. Morreu o 29 de setembro de 1899, na Estrada.

---

<sup>114</sup> Vid. Fermín Bouza Brei, “Manuel Barros, escritor emigrado, amigo de Rosalía, y los orígenes del libro *En las orillas del Sar*”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XVI, fasc. 49, Santiago de Compostela: CSIC/Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1961, p. 233.

<sup>115</sup> Vid. o artigo “A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento” de Modesto Hermida en Anxo Tarrío Varela (coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXXI, 2000, páx. 434.

<sup>116</sup> Art. cit., pp. 233-235.

<sup>117</sup> *El Tricornio*, nº 28, 18 de xullo de 1884.

<sup>118</sup> *La Patria Gallega*, nº 5, 30 de maio de 1891.

<sup>119</sup> *El Eco de Galicia*, da Habana, nº 254, 8 de maio de 1887.

<sup>120</sup> *Galicia Humorística*, nº 4, 27 de febreiro de 1888.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Neste volume recollemos a súa novela curta *Sacar o aire*, co subtítulo “Novela homeopáteca de supersticións gallegas”, que está xebrada en cinco capítulos. Publicouse en 1888 en catro entregas<sup>121</sup> en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>122</sup> e foi reproducida –con algunhas variantes– a finais dese mesmo ano en *O Novo Galiciano*<sup>123</sup>. Probablemente esta narración sexa unha tradución dun orixinal escrito en español polo mesmo autor tal e como se indica en *O Tío Marcos d’a Portela*: “Traducción do castelao de Máusimo Leyes”.

Cando publicou no ano 1888 en *O Novo Galiciano* esta novela, na relación de colaboradores que aparece na portada do xornal sinálase que Máximo Leyes Posse era “profesor de lénguas e Director de *O país gallego*”. Sen embargo, tamén hai quen sinala que o fundador e director deste diario era Enrique Labarta<sup>124</sup>.

*Sacar o aire* é unha pequena novela con elementos narrativos considerables, escrita nunha linguaxe popular –con anotacións de tipo lingüístico<sup>125</sup>– que nos amosa as supersticións populares galegas dende unha perspectiva humorística e crítica, acadando incluso efectos moralizantes. A súa ambientación está no concello natal do autor –na vila de Laxe e na parroquia de Santiago de Traba– e no desenvolvemento do relato vemos cómo a crenza popular atribúe as causas dunha doenza física ó “mal do aire do morto” ou ó “mal de ollo”. Será o cura Monifacio –cualificado como “crego de misa e ola (por fortuna quedan poucos)”, quen tampouco se libra das críticas do narrador– quen consiga que a doente sande dentro dunha atmosfera humorística.

---

<sup>121</sup> Aínda que o formato de folletín non foi o predominante nos narradores galegos desta época, Leyes Posse colle esta modalidade para publicar esta novela.

<sup>122</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, dende o parrafeo 219, 11 de marzo de 1888, ó parrafeo 222, 1 de abril de 1888.

<sup>123</sup> *O Novo Galiciano*, dende o nº 9, 14 de outubro de 1888, ó nº 11, 28 de outubro de 1888.

<sup>124</sup> Vid. Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1997, páx. 368, ou César Antonio Molina, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa Universitaria, 1989, páx. 105.

<sup>125</sup> Sinala que o termo francés “*vis-à-vis*” é unha forma do “español afrancesado”; que a palabra “*desendemar*” é un neoloxismo; que o crego Monifacio “iñoraba o castelao” e refrefse ó latín como “o idioma do Lacio”.

### Sacar o aire

Novela homeopáteca de supersticións gallegas  
(Traducción do castelao de Máusimo Leyes)<sup>126</sup>

#### I

O pobo de Laxe durmía a perna solta nunha das tempradas e mimosas noites do mes de Santiago. Eran as doce xa sonadas e ouvíanse ó lonxe as destempradas voces dos mariñeiros que dunha a outra *dorna* se chamaban, o ruído dalgún chicote ó ferir a tersa superficie do mar i o berrido agudo e sobresalente dos biluricos que revoloteaban sobre dos penedos, namentres que escontra da terra, o ladrido dos cas de palleiro, verdadeiros vixías das eiras e dos eidos, recorrían tódolos tonos da escada cromática.

A lúa fundira no mar seus como, as estrelas, como esmorecidos candiles, salpicaban de puntos de luz o anchuroso espazo.

Arrecendía a atmosfera coas sales do mar e cos perfumes do agro.

O paisaxe amostrábase, polo tanto, o máis coquetón, adozado e petimetre que poidera maxinar inda o namorado máis descontentadizo.

Hai noites incitantes, provocativas, en que ferve o sangue, i o corazón latexa apasionado, i o lábeo sospira, i a fantasía fólgase con todo o máis ideal, romántico e novelesco.

E como decía a célebre novelista española Ánxela Grassi<sup>127</sup> «hai horas fatales prá muller», horas en que a razón se perde i o amor rúbese do corazón á cabeza en oleladas de sangue.

Tal lle socedía á Delores, rapaza de quince primadeiras, moura como os pecados, leda como o domingo de Páscoa e namoradiza como calquera estudante do Seminario sin vocación.

Delores era lembrada na longa comarca de Bergantiños pola súa xentileza e donaire; tiña unhos ollos mouros mui espresivos, máis espresivos que os istrumentos dese nome que vende D. Xan Salmonte na vila de Santiago.

Servía Delores nunha casa de Laxe como *niñera*, i anque era casa de pan e porco e nada nela lle faltaba, emporeso sospiraba pola súa aldeña do garrido val de Traba<sup>128</sup>, onde tiña o seu risoño lar, seus pais, i o que é máis gordo, digo o máis delgado (porque o era) seu noivo...

Delores ergueuse nesa garrida noite de vrau xa preto de romper o día, porque tivera noticias de que Antón de Lourenzo viría a vela de *ocultis* á vila de Laxe.

---

<sup>126</sup> Esta referencia só aparece na súa primeira publicación en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>127</sup> Refírese á esquecida escritora Ángela Grassi (Crema, Italia, 1823-Madrid, 1883) que representa unha figura destacable de gran parte das mulleres que viviron nesa altura.

<sup>128</sup> A parroquia de Santiago de Traba pertence ó concello de Laxe.

Ergueuse con moito tino pra non facer barullo e despertar ós amos, puxo o mantón, rodeou a cabeza cun gran pano encarnado de frecos e saíu á rúa pola porta traseira.

A aurora despuntaba (sempre despunta e campa esta señora), os vampiros, trasnos e vestiglos da noite en forma de xirós de blanca brétema desaparecían voando polos outeiros.

Delores, aterecida de medo, acurrucouse no dintel da porta.

E alí fixa, inmobre, agardou cuáseque un carto de hora.

## II

Destacouse do muro veciño a silueta dun mozo ben parecido, fracucho e pálelo. Era realmente unha filloa humana.

—¡Antón da miña alma!

—¡Delores quirida! Gracias a Dios que te vexo dempois de tantos meses ...

—Mira, Antón, eu non me afago na vila; mórrome de soedades, tódolos días estou pensando na aldea, nas fiadas, nas barulladas do rueiro, nas loitas do muíño. ¡Ai, meu Dios, ónde che están as fuliadas da festa i as romaxes do vrau! ¡Miña santiña da Barca, había de levarlle un amito, pro este ano non me toca!

—Pois a min, Deloriñas quirida, pásame dous cartos do mesmo. Atópome alelado... fago de min que toleo e non podo sufrir máis, lonxe de ti; así que determinei de pedirte a teu pai e quedamos en que había de casarme prá Nosa Señora de Agosto.

—¡Moito me queres, Antoniño!

—¡Eu! ¡Como os ollos da cara!

—¡Asús!...

—¡Asús me valla!...

E calaron... ela baixou os ollos misticamente, i Antón agarimouse á porta e colleu entre as súas a mau de Delores...

—Teu pai xa me deu licencia pró casamento.

—Conque ¡xa ves!, é necesario que lle digas ás túas amas que busquen criada. ¿Ouviches?...

—Hoxe mesmo. Non sabes qué rebolicio sinto no peito... cando penso...

—¡Ai! Delores ...

—Arrechégate aló... ¡Ei, demoro!

—¿Anóxaste comigo?

—Boh...

—¡¡Deloriñas!!...

Temerosa Delores de que a xente se deprocatase daquel idilio de mañanciña, fixo entrar ó seu noivo na horta.

Alí baixo dunha figueira os dous namorados contáronse as súas amarguras e coitas.

III

Ó domingo seguinte, dempois da misa, Delores viuse coas súas amas pra presentar a dimisión.

—Señora, eu cásome, teño denantes que gobernar as miñas cousas e preciso ir á casa dos meus pais.

—E, ¿quen é o noivo da miña filla?

—Antón de Lourenzo...

—¿O fillo de...?

—Si, señora, o mesmo.

—Aquel tísico, aquel espeturo...

—Aí señora, a vostede pareceralle un *espeto*, pro non se fíe dos homes delgados. Eu estoulle máis polos delgados que polos curtos e redondos; parécenme porcos de pé<sup>129</sup>.

—Bueno, bueno, alá ti; cástate e que Dios te bendiga; dende mañá xa farei por buscar outra criada.

Falando estaban desta maneira ama e criada, cando sonou unha campaiña na rúa e ouvíuse ó lonxe un coro de voces graves, pro destempradas, que entoaban a salmodía co indispensable acompañamento de choros e salaios producidos polos parentes i amigos do que levaban pró camposanto.

—¡O enterro! —escramou Delores.

—Asómate ó balcón e conta os cregos que foron chamados; nunca serán moitos, que a mortos i a idos... asómate...

—¡Ai!, non señora; eso non o fago por todo canto val Laxe: pódeme *dar o aire*...

—¡Que aire, boba! ¡Que aire besta!... ¡Non hai quen vos arrinque unha superstición ás aldeanas cando xa se vos meteu na chola!

—Si, señora, o aire do morto... Vosté non sabe o qué é eso, e polo mesmo fala desa maneira; mire, cando *morre un defunto* e deixa algún dos ollos da cara medio aberto... é sinal de que mui logo vai morrer outra presoa; cando algunha das doce fachas alumea pouco i está como esmorecida... estonces quere decir que dentro dalgús días ha de morrer algún parente ou amigo do morto. ¡Ouh!, esto non marra, está probado pola esperencia dos vellos, daqueles vellos que entendían todas aquelas cousas...

—Pro, miña filla, ¿e que ten que ver eso co aire?

—Pois, direille a vosté, cando levan un morto prá eirexa (1)<sup>130</sup> deben facer tódalas persoas por non lle ver a cara nin o hábito; porque estonces non

---

<sup>129</sup> A frase “parécenme porcos de pé” vai en cursiva en *O Novo Galiciano*. A expresión “o porco de pé” acadaría sona tempo despois cando o ourensán Vicente Risco lle pon este título á súa novela *O porco de pé* (1928).

<sup>130</sup> En *O Novo Galiciano* aparece a seguinte nota a pé de páxina: “Os cadavres dos nosos peisanos en moitas parróqueas, gozan do privilexio dos obispos; deposítanse na eirexa a pesar da hixiene pública i a cencia e pacencia das autoridades. Prescindir desta distinción sería infrir un baldón ás familias do morto e causar un escándalo ós fieles”.

ten volta que se colle o aire do morto. I algúis que o collen, con solo ver o pendón ou a caixa, ou a caldeira da auga bendita... inda si tivesemos a precaución de afumarnos coas herbas de San Xoán... Na miña casa faguémolo todos; a penas volvemos de acompañar o morto, queimamos aquelas benditas herbas e xa podemos estar sin medo, que non hai aire que nos entre.

—¿I en que se conece que un está contaminado dese mal?

—Conécese en que se lle varren as ganas de comer, non ten forzas nin nada, póñenselle as uñas amarelas, os beizos abranquexados i a cara páleda como a cera...

—Esas son tolerías vosas; asómate —díxolle a ama.

A rapaza, arremuxada pola súa ama, asomouse ó balcón e contemprou o cortexo fúnebre.

¡Ogallá non o fixera!... Con aquela preocupación deitouse Delores i en toda a noite non pudo pechar os ollos; en tódolos currunchos do seu carto amostrábase a imaxe do morto i a compañía fúnebre; e inda lle parecía estar ouvindo as voces dos cregos. Amostrábaselle o difunto e non podía dubidar de que tiña o *aire*. Esta é unha creenza tan fonda no entendemento dos nosos labregos, como o dogma da resurrección da carne.

Delores gobernou ó seguinte día o lío da roupa, e con cinco pesos de ganancias, dous refaixos, catro panos de la, dous pares de zapatos i unha sortixa de aceiro (que a libraba do mal de ollo), foise prá súa aldea aunque seriamente preocupada polas tristísimas escenas da derradeira noite.

#### IV

Delores debía casar con Antón a mediados de agosto; pro a voda houbo de aplazarse porque a probe rapaza escomenzou a esmorecer, a poñerse páleda, amarela, verde e de tódolos coores do arco da vella, menos o rosado.

Os pais estaban afrixidos.

O noivo mudo, acoradiño e atafegado, como home acosado por antigos remordementos...

A rapaza topábase pensativa e nos seus ollos adivinábanse o temor i a dúbida.

¿Que temía? ¿Que dubidaba?

Nin ela mesmamente o sabía.

.....

Houbo consello de familia pra explorar a enferma. A señora Caitana, sesentona de moita esperencia, e mañosa pra estas angueiras, tía a maores da Deloriñas, tomou ó seu cargo a enrevesada misión de *confesar* á súa sobriña.

Depois de moitas preguntas que non diron por resultado mais que o poñer termo á proverbial pacencia da vella, acordouse chamar ó zuruxano, ferrador sin título, i o máis grave do caso, sin conecementos nin esperencia. Fillo dun ferrador de lembradía, exerceu nos primeiros tempos a profesión do seu pai, logo estreveuse a curar animais domésticos, e, por último, dándoselle

un pito pola *diferencia específica* que sopara ós homes das bestas, estendeu a súa esfera de acción astra *curar* ós homes.

Choveron querellas e denuncias sobre do ferrador, pro el desafiou a tódolos médecos e veterinarios. Tiña razón... dábanlla polo menos o señor alcalde i o señor gobernador. Faltáballe o título académico, pro en troques... tiña un abondoso caudal de práutica... sobre todo en materia de... eleucióis.

Polo demais, o señor Ramón, que así se chamaba o zuruxano, era unha excelente presoa, mui amigo dos seus amigos e home mui sabido en retranqueiras de aldea.

Inda non chegara o señor Ramón, cando entrou unha vella do lugar na chouza de Delores, e dempois de se enteirar, pan pan e viño viño, do mal da rapaza, colleulle unha das maus i estivo un bo anaco de tempo ollándolle as uñas.

—Deloriñas, ¿e ti fuches a algún velatorio, miña filla, ou viches algún enterro, ou...?

—Si, señora, vin pasa-lo enterro de doña Alvira dende o balcón das miñas amas de Laxe.

—¡Bueno, pois xa sabemos o que ten a rapaza; non é nada e podía chegar a ser moito... Colleu o aire e hai que sacarllo esta mesma noite!

O noivo respirou con toda a forza dos seus pulmós; as palabras da vella sacáranlle un peso do peito

—Pois, bueno, señora María, ¿e vostede podrá vir connosco astra o adro de Laxe esta mesma noite? —preguntou o pai de Delores.

—Xa sabe vosté que cando se trata do ben dun veciño tan bo e de tan boa lei, son capaz de ir á pé astra Madril por servilo.

—Moitas gracias, señora María; o mesmo me ofrezco.

Nesto entrou o ferrador, a quen enteiraron nun *santi amén* dos síntomas do mal o que asegún tódalas trazas non podía ser outra cousa que *O aire*.

O señor Ramón reconeceu á enferma e logo marmurou con sorna:

—Non sei... pro fáiseme que non é solo o *aire* o que ten a rapaza non corpo.

—¿E logo, señor, que será?

—Nada, nada, nada que vai pra ningures. Por de pronto, xa que ténde-lo escrúpulo de que sea o *aire*... sacádello... As cousas de Dios non fan mal a ninguén. Pro dempois... casade á rapaza; facelo canto máis antes.

A malicia de que estaban acoguladas as palabras do señor Ramón, non sonou máis alá do cerebro de Xan de Lourenzo. Disimulou o mellor que poido o efecto que lle fixeran e falou de buscar outras dúas mulleres que se chamasen *Marías* (1)<sup>131</sup> (xa contaban coa vella) pra írense aquela mesma noite a facer a piadosa cirimonia.

---

<sup>131</sup> En ámbalas edicións deste relato aparece a seguinte nota a pé de páxina: “É condición *sine qua non* pra *sacar o aire* ir na compañía de tres mulleres que teñan o nome de María”.

En efeuto, á posta do sol saíron de Traba, Delores, o seu pai, o noivo i as tres Marías. Polo momento inquiriron cál era a sepultura de doña Alvira; e xa ben entrada a noite procederon a esta cirimonia.

Unha das Marías púxose de xionllos nun extremo da sepultura, e *vis a vis*, como decimos neste tempo de español afrancesado, a outra María, i a máis vella das tres, collendo da mau á enferma, fíxo a pasar tres veces en cruz sobre da lousa, profirindo ó mesmo tempo as palabras sacramentales: «*Señora Alvira, dándeme o aire do vivo e tomande o do morto*».

.....

.....

Polo visto a señora Alvira ou se fixo a xorda ou non estaba de xeito de compracer á rapaza, porque lonxe de se alcontrar mellor, agravóuselle o mal de maneira que houbo que recurrir á segunda cirimonia, que surte máis efeutos en apinión dos que manexan estes nagocios a conciencia.

.....

.....

Delores debía pasar tres veces por riba dun *pexegueiro* pra o que non se precisaba da axuda das tres Marías; empreso quixo que fosen na súa compañía prá maor solenidá do auto.

É creenza popular que si o *pexegueiro* seca, por consumición morrerá a persoa atacada do *aire*; pro si se mantén verde, o *aire* irase coa múseca a outra parte i o enfermo conquirerá a saúde.

O *pexegueiro* que serviu pró *desfeitizo* da Delores, permaneceu máis verde que as uvas aquelas que viu a zorra da fábula, ou por mellor decir, máis verde que a esperanza dun maestro de escola incompreta que cobiza aumento de haber.

## V

Mui rebelde era o *aire* da Delores; nin cedera á cirimonia da sepultura nin ó *ripiante rito do pexegueiro*...

As vellas do seu lugar falaban do caso coa admiración e sorpresa que debía causarlles un feito tan raro e tan estrano. A máis dunha ocurriúselle pensar que aquilo non era o *aire* sinón *envexa dalgún mal cristiano que lle botara o mal de ollo*. Aconsellándolle que levara sobre si *figas, rescritos, anaquiños de cornas de cervo*, e sobre todo *camisas de cobras*...

Por outro lado o pai da rapaza convencido de que a *envexa* era o mal que atormentaba á súa filla, con inaudito coraxe, buscou unhos cornos (que sin perdón así se chaman) non sei si de boi ou de carneiro, e púxoos sobre do aleiro da úneca ventana que a casa tiña.

Dícese que teñen moita virtú os tales cornos contra os *feitizos, envexa, mal de ollo, bruxerías* e outros escesos; e debe ser así, porque os nosos labregos adornan as súas chouzas con somellantes *apéndices*, e viven nun estao de *felicidade* tal, que ben poden vivir na seguranza de non lle causar a ninguén *envexa*, nin ós ministros da Coroa.



Que o pai da Delores recurriu a aquel espedente pra curar á súa filla, sóupeno por un veciño seu, o que non creía en supersticiós nin en bruxerías, e, como home discreto aconsellou ó afrixido pai que non se andivese con panos quentes, sinón que collese á rapaza e a levase a San Pedro Mártir de Santiago, ou moito millor... á romaxe do Corpiño.

Moitas máis meiciñas lle aconsellara o veciño si non o atallase a *plática* da señora Caitana, aquela vella a quen xa conecemos, a que manifestou que non había moito pra facer aqueles viaxes tan costosos, dempois que ela era sabedora do úneco remedio pró mal da súa sobriña...

—Mañá mesmo ha de estar Deloriñas máis sana que un buxo cun remedio que lle vamos facer... Non hai máis que salir da casa un pouquiño antes de dar as doce da noite, e no cruceiro que máis preto estea do lugar, queimarlle a camisa que ten posto ó lombo. Pro... hai que ter moito coidado de non falar con ningún que se atope no camiño... porque a presoa con quen se atopa é a meiga que a ten posta así; e con solo contestarlle as boas noites xa se perdeu todo.

—¡Boh!... ¡Contos que van prá feira! —dixo o veciño. —Esa cirimonia tamén lla fixeron ó Gunerociño de Andrea... e ¡meu fillo querido!, non tardou tres días en morrer.

—¡Bueno!, pois xa que non serve ese remedio, o mellor de todo é darlle unhas carreira polo libro —repicou a señora Caitana.

—Ah, si... facerlles os evanxelio; pro os curas de agora non están por eso... ¡e logo que din ser máis espabilados e sabidos que os do outro tempo! Ós curas de eiquí xa lle poden ir con esas andrómenas como eles lle chaman. ¡Dios nos libre!

—Pois entre nós aínda hai quen o faga, e mais ten boa mau, que ás dúas ou tres correduras do libro, ha ser meiga dos demos si non deixa á presoa.

—¡Xa sei por quen falades... por D. Monifacio!, por certo que os evanxelios téñenlle dado moitos disgustos; lévano arrastrado as meigas máis dun cento de veces; pro el non cede. Tamén lle teñen saído moitos finos pesos, que dempois de Dios non quixera en ter máis de meu que os bois que el ten postos á ganancia.

—Queríanlle meter cravo us chalás na feira de Baio alí cus becerros, pro... a boa parte iban... que D. Moniacio ten moito entendemento de animais.

—¿E por que non quererán os curas facer os evanxelios, pois a min paréceme que son cousas de Dios?

—Eu tamén eso pensaba; e un día díxenllo ó noso cura desputando con el... pro mandoume calar, dicíndome que aquelas cousas eran tan finas pra min, como os ósos das miñocas pra cabos de navallas. Pro digan os curas o que queiran. ¡Eu creo que hai *malos cristianos, meigas* e que o *trasno* dá moitas voltas pra levar as nosas almas! E polo mesmo será ben que se chame a D. Monifacio.

—Xa estou neso... e máis agora que me acordo, podiades decirllo vós que pasades a carón da súa porta.

VI

Era o tal D. Monifacio un deses cregos chamados de *misa e ola*, que por rara esceución inda vagan por eses currunchos da patria; e que si ben iñoraba o castelao, en troques non conecía o latín polo forro, non alcanzándolle migalla de Teoloxía dogmática nin moral. ¡Dios sabe por cantas pasou o coitado señor pra se facer crego! E todo pola súa falta de memoria e non sobras de entendemento.

Canto dependeu as ordes do subdiaconado, soupo por un compañeiro que os eusaminadores non preguntaban outra cousa que a tradución dun pasaxe, de San Pablo, si non me engano; o que di así: *Frates sobri stote et vigilate Societate*.

—¿Non preguntan máis que eso?, dixo o noso estudante. Pois... si... non é máis que eso luzome.

E así foi, o noso heroe entrou resolto e valente no local dos eusames, colle o libro que lle amosra un dos do tribunal, frade de Santo Domingo, e traduce ó pé da letra este disparate: *Frates* —os frades—, *sobri stote* —están de sobras—, *et vigilate* —e hai que vixílallos— *Societate* —na sociedade.

Os eusaminadores non podían tomar a groma a versión de D. Monifacio. Maxínense vostés: pasaba esto alá polos tempos da esclaustración... Pro D. Monifacio tivo costancia e logrou facerse crego; as súas aspiracións tampouco eran máis altas. Incapaz de obter curato, dedicouse por enteiro a precurar cartos. O estipendio da misa cuasementes non lle chegaba prá mantenza; as funcións solenes, mui poucas i ademais pouco pagadas, e non tocantes a *funcións* de corpo presente, había unha *peste* de saúde capaz de relaxar ó médeco máis humano; polo tanto, ¿que se fixo meu bon home? Ó principio trocar un esorcismo por un almorzo, e máis tarde botar os *sursumcorda* dos corpos humanos por axuste.

Chega o noso creio á casa da rapaza, abre o *Breviario*, e con pousoa voz, lee durante media hora as preces de rúbrica. Daba lástema o idioma do Lacio, coraxudamente maltratado polo *esorcista*, pro os labregos tanta máis fe tiñan daquel sacerdote canto máis iñorante o consideraban; i a creencia dos bos efectos que surtía aquela iñorancia, traguía seu orixen deste conto:

Acupado certo día D. Monifacio na *piadosa* angueira de *desendemar* (e valla o neoloxismo) a unha rapaza, o demo ensinaba as orellas drento da feituquiña boca da nena, pro nunca lograban espelilo do corpo, no que se alcontraba en posesión pacífica. ¡Os demos, como lobos, sempre se apousentan nos corpos das nenas garridas! Botou o crego mau ó *Breviario* i estonces o demo asómase ós dentes da rapaza, cruza de brazos e dispónse a ouvir a leutura.

D. Monifacio escomeza na primeira folla e lee...

—B, r, e, *Bre*; v, i, a, *via*; r, i, u, m, *rum*: *Breviarium*.

—R, o, *Ro*; m, a, *ma*; n, u, m, *num*: *Romanum*.

O demo fíxose cruces, que e todo non podía facer, i escramou:

—¿Vas ler ese fárrago enteiro?

—Nin máis nin menos —respondeu o crego; —de coiro a coiro...

I o demo, saíndo da boca da rapaza, fuxiu dicindo en gallego:

—¡Ai, home, solo por non te ouvir, vólvome pró inferno!

Co que quedou demostrado que os cregos de misa e ola (por fertuna quedan poucos) fanlle perder a pacencia ó demo, e nas nosas aldeas desfeiteizan as rapazas.

Esta fazaña, pois, valeulle a D. Monifacio unha sona imperecedeira pró nagocio dos evanxelos e por eso era chamado de todas partes e pagado con largueza.

Cicais porque o pai de Delores non se alcontraba no caso de gastar o que pra el representaba un capital, ou ben porque se deprocatase que non debía ser cousa santa unha cirimonia que o señor abade da súa parroquia non aprobaba, e que á vez se facía tan de *ocultis*, o certo foi que don Monifacio deixou os esorcismos ós tres días de escomenzalos.

A Deloriñas sintiu unha melloría que o crego atribuíu á eficacia dos seus evanxelos, i a señora María a un novo sistema de sacar o aire. Costáralle moitos traballos lograr unha cousa indispensable; rogos, queixas, bágoas, puxera en xogo todo pra conseguir do infreusible sancristán o favor de que lle emprestase unha alba da irexa; mais ó cabo chegou a conseguilo.

Púxolla á enferma ó tempo de se deitar, rezou non sei qué oraciós e deixouna descansando astra o día videiro.

A cirimonia fixérase en regra, i a señora María, que tiña cega confianza nos seus efectos, agardaba degorante o novo día pra contemprar o portentoso milagre que se pometía da alba e dos seus rezos; mais por moito que madrugou, denantes dela chegara Xan de Lourenzo a participarlle á afrixida Delores a nova de lle haber entregado ó señor abade o papel das *municións*. Esta nova trasformou á rapaza, os seus ollos brilaban de pracer, tinguíronse de vermello as súas meixelas, desapareceu o devecemento, a postración i a frebe que a consumían, e nun istante viuse completamente sana e venturosa. A vella aquela cree que a salvou do *aire* o vestirse *alba*, pro a min paresme que non hai mellor remedio que a *casaca* pra tomar o aire de vivo e sacar o de morto.

\*

\* \*

—¡Viva Delores!

—¡Vivan os noivos!

—¡Que sea pra ben!

—¡Ei... carballeira! ¡A quen me dea un pau doulle un peso!

—¡Viva Bergantiños! ¡Viva Traba de Laxe!

—¡Que por centos de anos!

A festa era das enxebres ós poucos días na aldea de Delores.

Esta casárase con Antón, e na carballeira, a rente da súa casa, os amigos e parentes festexaron o acontecemento.

Delores estaba sonrosada, leda e satisfeita.

Antón louco de contente.

Ós cinco meses, Delores deu a luz un robusto neno, con pasmo xeneral do ferrador e da comadres, que na súa larga práctica non tiñan noticia máis que de nenos setemesinos.

Pro D. Monifacio espicoulle o milagre ós profanos, asegurando que o infruxo dos feitizos era causa dunha fertilidá asombrosa.

O ferrador maneou a cabeza con desconfianza e propúxose elevar o caso en consulta á Real Academia de Meiciña.

## Baldomero Lois Pérez

### Datos biobibliográficos

Baldomero Lois Pérez naceu o 18 de abril de 1877 na rúa de San Pedro de Santiago de Compostela, cidade da que tamén eran naturais seus pais, José Lois y Otero e Josefa Pérez. Realizou o bacharelato no Instituto de Santiago entre 1880 e 1885, ano no que comezou a carreira de Dereito na Universidade Literaria. Estes estudos continuounos na Universidade Central de Madrid no curso académico 1887-1888, para no ano 1889 regresar, de novo, á Universidade compostelá a examinarse dalgunhas materias<sup>132</sup>. Segundo nos informan certas fontes<sup>133</sup>, Lois Pérez concluíu a súa carreira de Dereito en Madrid.

Traballou como oficial do Ministerio de Estado e como periodista, participando dun modo activo na organización da Asamblea de la Prensa de Provincias, que tivo lugar na capital madrileña en 1909. O seu labor xornalístico esténdese por diversas cabeceiras galegas, como a santiaguesa *Gaceta de Galicia*, da que foi redactor, ou a ourensá *El Derecho*, así como madrileñas e da América española. Con frecuencia, asinou a súa produción xornalística como “Silo”, que é o anagrama do seu primeiro apelido. Tamén participou en publicacións como a *Enciclopedia Jurídica* e tratou de ferrocarrís estratéxicos de Galicia, tanto en *El ejército Español* (1888) coma en *El Correo Militar* (1902). Asemade, foi autor de *Páginas de actualidad* (1895), xunto con E. Alonso Orea, e elaborou a memoria presentada na inauguración do Centro Galego de Madrid, do que foi o secretario. Esta memoria apareceu recollida no volume *Centro Gallego de Madrid. Memoria leída y discursos pronunciados en la sesión inaugural de la sociedad, celebrada el 5 de mayo de 1902* (1902). Os autores destes discursos inaugurais foron figuras como Emilia Pardo Bazán, o presidente Eduardo Vicenti, o vicepresidente Waldo Álvarez Insua e o Deputado a Cortes naquel momento, un tal Venancio Vázquez.

---

<sup>132</sup> Estes datos foron extraídos do expediente académico de Baldomero Lois Pérez, consultado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Pese a que Couceiro Freijomil e outros estudiosos posteriores afirmaron que rematou a carreira de Dereito en Madrid, nós non nos atrevemos a confirmalo, por non existir no seu expediente a documentación correspondente que o verifique.

<sup>133</sup> Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Vol. II, p. 294 e *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XIX, pp. 123-124.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Foi durante os seus anos de estudante na capital madrileña cando Baldomero Lois Pérez elaborou a súa obra literaria, da que só temos constancia de dous textos narrativos escritos en lingua galega.

O primeiro relato coñecido deste autor ten como título temático “Unha romaxe n-a miña terra” e foi publicado no mes de decembro do ano 1888 nos xornais *O Galiciano*<sup>134</sup> e *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>135</sup>. En canto ós elementos que conforman o seu peritexto, tamén cómpre sinalar a dedicatoria que lle ofrece a unha das súas amizades: “Ó meu quirido amigo D. Benino Soto”. Trátase dun texto de carácter costumista, que é conducido por un narrador en primeira persoa na modalidade do *eu testemuña*, que recrea o acontecido na súa aldea o día da romaría de Santo Amaro. Como cabe esperar dunha festa popular desas características, pinta as mozas e mozos da aldea coas súas mellores roupas e enxálzaos en detrimento dos das vilas e cidades, ademais de se referir á celebración da misa e á muiñeira ben repinicada polo gaiteiro. A nota distintiva desta romaría atopámola nas críticas que dende a voz autorial se lle fan á xente que murmura de Pepa e Farruco por terse bicado e ó crego que comenta no sermón “que bicarse no médeo do millo era un crime que inda ós cregos non lle estaba moito permitido”, ademais de facerlle cóxegas á moza de Xan de Portela. Este incorrecto proceder por parte da xente de igrexa, acentúase cando relata que ó santo lle entrara o formigo no corpo ó ver tantas mozas guapas e coa actitude do sancristán e da ama do señor abade, que lle tiraron bo proveito ós agasallos que os fieis lles deixaran ó santo.

Un ano máis tarde, en 1889, escribiu tamén para as páxinas de *O Galiciano* “Pobre Xuana”<sup>136</sup>, que, a diferenza do anterior relato, está ambientado nun espacio urbano, “na calle das bestas, na Cruña”, e sitúase “no tempo da lus de gas”, o que nos permite encadrar os feitos relatados a finais do século XIX. Nesta entrega, de novo atopamos un narrador en primeira persoa que, con ocasionais alusións e comentarios ó lector, denuncia os abusos físicos e sexuais que homes de igrexa e con determinado estatus social e económico acometen sobre unha pobre muller, que, despois de pasar unha amarga e dolorosa vida dende a súa infancia, morrerá ó lado da súa filla dun modo miserento nun hospital, desamparadas por unha hostil sociedade.

Estes dous textos do tempo do Rexurdimento, foron asinados polo polifacético compostelán co seu nome de pía e primeiro apelido, Baldomero Lois. Neles reflíctese certa vontade de estilo e prima a crítica social, especialmente contra as actitudes e vicios dun determinado estamento: o do clero.

---

<sup>134</sup> Parola 198, 9 decembro, pp. 2-3.

<sup>135</sup> Parrafeo 258, 23 decembro, pp. 1-2.

<sup>136</sup> Parola 211, 24 febreiro.

## Unha romaxe na miña terra

— —

‘Ó meu quirido amigo D. Benino Soto’

Cediño, moi<sup>137</sup> cedo, rebule a xente por antre as corredeiras da miña aldea pra chegar con tempo dabondo á misa pormeira que se diga na eirexa do señor<sup>138</sup> San Amaro, que din padeceu moito de calambres nas pernas, e polo mesmo é moi<sup>139</sup> intelixente nesas cousas, produto da friaxe do inverno.

As raparigas locen ariños de ouro nas orellas que lle saen de antre a cofia, branquiña como a neve, e unhos collares no pescozo, feitiños<sup>140</sup> de pel-ras e botóns dourados, que lles mercaron os seus rapaces cando foron á vila.

O dengue, rebereteado<sup>141</sup> cos abaloiros relucentes, io refaixo todo cuberto de tarcipelo, failles un corpiño capás<sup>142</sup> de faguer patexar de envexa as siñuritas da cibdá.

Iles<sup>143</sup>, cos calzós de pano fino, o chapeu botado pra atrás, a camisa bordadiña, a chaqueta das festas; nunha palabra, cuberta-las súas vergoñas coas limpezas que polo ano endiante teñen fechadas na hucha, e armáda-las mans<sup>144</sup> cun pau de salgueiro, parescen, cando menos, daqueles<sup>145</sup> deputados que van ó pazo das Cortes a falar máis que barbeiros polos currunchos da casa, e din somente *si* ou *non* ó tratarse dunha custión pelexuda.

Pro as olladas dos romeiros lévanas Pepa, a de Currais, nena feiticeira que compre dazanove anos pró mes de Nadal, e Farruco, o fillo da tía Catuxa, mozo crudo que non ten quen lle poña o pé diante en todo o lugar.

Os dous, xuntiños máis do regular, polo a modiño que veñen, parece se queren dicir cousas que a naide lle interesan; mais ¿que demoro ten a xente que marmura e párase? Foi o xuncras de Farruco que, sin máis nin máis, polo que di unha meiga, deulle un bico a Pepiña no médeo do millo.

As vellas fixeron cruces como desviando malos pensamentos da súa maxinación, e siguiron o seu camiño en paz ien gracia de Noso Señor<sup>146</sup>.

---

<sup>137</sup> mui, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>138</sup> señor, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>139</sup> mui, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>140</sup> feitiños, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>141</sup> rebeteado, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>142</sup> capaz, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>143</sup> Eles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>144</sup> maus, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>145</sup> daqueles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>146</sup> Señor, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

O díaño do crego, que non é lerdo, pois astudiou<sup>147</sup> latín en Santiago, botou na misa un sarmón que fixo pór como as cireixas a Farruco e a Pepiña, e rir con malícea á xente que o escoitaba; dixo que os demos do inferno soilo agardaban os pecados mortás dos homes pra leva-las súas almiñas ós profundos, e que bicarse no médeo do millo era un crime que inda ós cregos non lle estaba moito premitido, pois pra iso<sup>148</sup> faguía falta ter unha bulda a prepóseto.

Acabouse a misa, io gaiteiro escomenzou a enche-lo fol da súa gaitiña, deixando ouvir unha muiñeira moi ben repinicada; e xa se ve, os rapaces, que non teñen<sup>149</sup> os pés no bolso, escomenzaron a beilala.

San Amaro, a todo esto, caladiño coma un peto, parescía querer guinda-la muleta, pois o formigo entráballe no corpo á vista de tantas e tan boas raparigas.

Mailo sancristán faguíalle señas e máis señas pra que se estivese quedo, io santiño, que ó fin era de pau, quedouse como un pau de tesó.

Os siñuritos da vila, coas súas siñuritas, soilo enchían o fol de rusquillas de dulce e tomaban auga con sucre, namentras os labregos empinaban a bota, bebendo bo resolio, e xantaban lacón con grelos e cachelos cucidos.

Eu non sei qué diancre pasou, que ó cabo dalgún tempo, cando todo se alcontraba tranquilo e quedaño como os ósos de miña avoa, que xa está aló fai anos sin dicir esta boca é miña, que os rapaces levantaron as mocas e escomenzaron<sup>150</sup> a repartir pau tras pau, que aquilo asomellábase á guerra que din tiveron os rusos cos pelusos.

O crego, que se quixo meter a redentor, ó mesmo tempo que lle botaba boas visuales e lle faguía cóchegas á noiva de Xan de Portelo, levou un pau a estilo de *chiste* que non lle volverá quedar ganas de fague-lo própeo.

En resume: San Amaro, si coxo estaba,<sup>151</sup> coxo quedou; os rapaces e algunhas nenas, si foron a achar saúde, saíron coa cachola esnaquizada e os únecos a quen<sup>152</sup> lle<sup>153</sup> veu ben a romaxe, foi ó sancristán iá ama do señor<sup>154</sup> abade, que dempois de curado iste, disfröitaron os cartiños ios regalos que os devotos lle deran ó santo.

Madrid<sup>155</sup> 3 de Nadal de 1888

---

<sup>147</sup> estudiou, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>148</sup> eso, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>149</sup> tenen, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>150</sup> iescomenzaron, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>151</sup> estaba, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>152</sup> quens, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>153</sup> lles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>154</sup> señor, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>155</sup> Madrid, en *O Tío Marcos d'a Portela*.



## Pobre Xuana

Fai algún tempo vivía na calle das bestas, na Cruña, unha doncella feiticeira, que andaba tras dun demoro de vello que lle debía non sei qué cantidá respetosa.

Si preguntades por ela, calquera vos dirá que era moi tola e que aló polo médeo da noite sentíase na súa casa un barullo xordo que facía poñer cavilosos a tódolos veciños.

¿Que xuncras fará Xuana, decía a xente, pra que así esté dálle que dálle toda a santa noite de Dios sin que nos deixe botar un mal sono?

Si Xuana vivise en tempo de frades e da inquisición, poida dar que a tivesen por unha bruxa e a queimasen como se queima un porco.

Pro vivía no tempo da lus de gas e xa naide cría nas meigas nin tampouco nos demos cativos que se metían no corpo das boas nenas, facéndolle unhas veces cóchegas e outras dándolle uns dolorciños maúscolos.

Por máis que na eirexa de Belvís, na vella Compostela, inda se ve o trinta de abril un bo enxamio de labreixos, todos co ramo cativo antre os fuelles do ventre, que a cambio dunha cesta de patacas ou millo, e sobre todo por unhas cantas cadelas que lle dan ó crego que dende o púlpeto bendice con auga da fonte o pan, as figas e outras cousas menos decentes, poden bica-lo santo, que por bo aparece cun coitelo no pescozo, e sobalo moito e ben, indo seguríños de que aquilo pau de salgueiro que o *artista*, bastante malo por certo, lle deu forma de *santo*, xa os libertou do demo do inferno.

A nosa Xuana estaba solíña, sin ningún agarimo que lle fixese comprender siquera o cariño da familia; súa nai botáraa polo burato da incrusa, e a pobriña, dempois de pasar a súa inocencia antre as catro paredes do hespicio, perdéndoa alí, por mor dun concexal e dun crego que facía de administrador, bo rapaz, que o mesmo servía pra un fregado que pra un barrido, botouse a servir, entrando de criada nunha casa.

Pasou así uns cantos meses ios amos escomenzaron a notar que os vestidos eran máis grandes de atrás que por diante e vírona descolerida, cunha coor que se asomellaba ó dun cadavre.

Don Semplicio, que así se chamaba o dono da casa, sin ter lástema daquela nena, botouna fóra.

Pertendeu servir noutros sitios; pro véndoa en tal disposición, naide quería adimitila.

A probiña non tivo outro remedio que pedir unha limosniña de porta en porta pra non morrer de fame; e dimpois, polas influencias dunha persoa caritativa, entrou no hespital, onde tivo unha niniña máis bonita que un sol; vela a ela, era ver escupido o retrato do administrador do Hespicio nomeado.

Cando conecín a nai e a filla, foi, como dixen, na calle das bestas; nin unha nin outra tiñan un codelo de pan que levar á boca, si a pormeira, non cumprindo como era debida os mandamentos da lei de Dios, non o ganaba.

Chegou un día un vello, rico, a quen lle gustou Xuana, e fíxoa súa achegada por un pouco de tempo; pro cansado dela, e non tendo xa que facer

naquela casa, deixouna quedar, dimpois de meterlle, coa borracheira que ás veces levaba pola noite, cada trompición que lle facía ver a pruralidá dos mundos de Flamarión.

Este era o barullo que os veciños sentían, que, como queda dito, non os deixaba dormir.

Xuana sufría e calaba; e cando veu a soedade en que o vello a iba deixando, sintiu calafríos presentindo que a miseria volvía a cubri-la súa cabeza. Por ela pouco lle importaba; o pior era pola súa filliña.

Un día encarouse co vello e díxolle que lle satisfíxese a deuda que lle debía e que soilo seguindo co ela se conformaba; pro aquel meteulle os puños na cara dicíndolle non se volvese a acupar del pra nada, sinón se quería ver esposta a que a levasen á *perrera*.

A probiña, nista situación, pediu traballo, mais tódolos sitios estaban pechados pra ela.

Roubar, non quería; traballo, non o alcontraba ¿que facer?; o por-meiro paso io segundo xa estaba dado, o camiño estaba espedito e a el se acolleu con dentes e uñas.

Ó pouco tempo fun eu ó hespital real de Santiago; e xa drento, deume por visitar as salas das enfermidades sacretas.

Nunha mesma cama víanse dous corpos, próusemos a ser inanimados.

Un representaba vinte anos; o outro tería dous; o por-meiro estaba demacrado non véndose sinón ósos, anque fixándose calquera, reconecería nesos ósos as faucióis dunha rapaza que non debiera ser fea; o segundo corpiño estaba feito unha verdadeira cataprasma, anque ben podía conecerse que aquel anxeliño que iba voar ó ceo, había sido moi bonito.

O leutor xa adiviñaría quénes eran: Xuana e a súa filliña.

Ó outro día soupen que as dúas morreran.

¡Probiñas! ¡Cantas hai que non sitio onde a caridá ten colleitos os seus protexidos, vense espostas a que humanas feras se boten sobre elas, como cans doentes, sin respetar a cras de que están revestidos e o depóseto sagrado que deben gardar.

¡Cantas hai que dende unha casa de beneficencia van parar primeiro ó hespital e dimpois... dimpois... ó fango, ó lodo por gañar un bocado de pan, a causa doutros que se rin da conquista que fixeron!

Eso foi o que lle pasou a Xuana; perdeuna un bandido; e neste camiño non parou astra chegar ó calvario.

Madrid, Frebeiro 18 de 1889

## José López Otero

### Datos biobibliográficos

Son escasos os datos que coñecemos do periodista pontevedrés, José López Otero, que supomos debeu sentirse bastante atraído pola súa profesión e cidade natal, como se pode comprobar nos estudos *El periodismo en Pontevedra*, merecente do primeiro premio dun certame celebrado na cidade do Lérez en 1895 e publicado alí mesmo en 1899; e *Pontevedra. Recuerdos, monumentos, música, costumbres*, que saíu á luz en Granada no ano 1900. Asemade, foi autor dos traballos *Los jardines escolares* (1925) e *Libro de Agricultura regional* (1931), impresos en Vilagarcía de Arousa.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Atendendo ós grupos xeracionais que o profesor Ricardo Carballo Calero marca para o tempo do Rexurdimento na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, José López Otero pertence ó denominado “Os diádocos”, en concreto, a aquel grupo de autores que publicaron algún relato que non desmerece cualitativamente daqueles outros autores con maior produción.

O primeiro destes relatos foi publicado en *O Novo Galiciano* no ano 1888 e dos seus elementos peritextuais cabe salientar o seu título remático “Refreusión”<sup>156</sup>, a cita en castelán de Leibnitz, que o encabeza e serve de introducción da temática a tratar e a sinatura do autor como José L. Otero. Este relato, no que se ofrece unha imaxe pouco positiva do matrimonio e no que mesmo se percibe certa misoxinia, estrutúrase en dúas partes ben diferenciadas. Na primeira delas, un narrador en primeira persoa móstranos a historia de dous matrimonios ben desiguais que entran en conflito: un máis mozo, no que a muller vive dun modo miserento e loita dende a necesidade para sacar os seus fillos adiante, sen contar coa axuda do desleixado do seu home; e outro máis vello, no que a muller, de nome siña Rosa, bebe coma un home e recibe os cuidados do coitadiño do seu marido, o señor Xosé Manoel. Pola contra, na segunda das partes, o narrador reproduce as palabras dun amigo seu, agora sobre as mulleres da vila, das que, por detrás das súas falsas aparencias e refinamentos, se agochan actitudes e valores pouco nobres, como a soberbia e a tiranía. Conclúe o narrador esta reflexión sobre a pouco recomendable vida matrimonial e a condición pouco positiva das fémias cunha interrogación sobre qué ha facer quen desexe ter muller, a cal vai provocar a propia reflexión do lector, ó que no texto interpela nunha serie de ocasións. É de sinalar a des-

---

<sup>156</sup> N° 18, 4 novembro.

crición etopeica que fai das mulleres da aldea e da vila, a través dun estilo coitado e o emprego dunha linguaxe con recorrencias ás expresións de tipo popular.

Foron tamén as páxinas de *O Novo Galiciano* as que acolleron o seu segundo relato, publicado a principios de 1889 en catro entregas baixo o título de “Un viaxe”<sup>157</sup>, aínda que nas tres últimas levou como subtítulo “De Muros a Noia”. Este texto, de considerable extensión, está “Dedicado a mis primas las Srtas. C. C. López M.” e asínoa o autor pontevedrés coa súas iniciais, J. L. O. Na primeira das entregas, o narrador, a modo de prólogo e empregando o recurso da retórica grecolatina da *captatio benevolentiae*, anuncia que vai reseñar unha viaxe, non tratando de emular os estudos e traballos de carácter histórico como os de Bulwer ou Antenor de Grecia e Asia por non contar coas calidades pertinentes, e facéndose cos favores do seu público lector solicitándolle a súa paciencia e tolerancia. Nas seguintes entregas fai unha crónica da súa viaxe realizada no verán co seu amigo Xaquín por Muros, Noia, Porto do Son, Pobra do Caramiñal ou Vilanova de Arousa e por outras paraxes próximas. Estes puntos xeográficos da costa occidental galega son descritos con moito detalle e afección, dándose conta da súa beleza e atractivos, das edificacións e monumentos máis senlleiros, dos espazos de lecer, da industria ou da toponimia, que van ser comparados coa “frialdade” da ría de Pontevedra e cos edificios ou paisaxes de cidades europeas como París, Amsterdam ou Niza, o que lle outorga ó texto un aire renovador fronte a ese costumismo tan constrinxido ás terras galegas da narrativa do século XIX. Cómpre referirse a analepse externa que se produce na segunda entrega e que interrompe a linealidade do discurso narrativo, intercalando o relato titulado “Historia dun desgraciado”, que lle narra un dos seus guías pola vila de Noia e que versa sobre o acontecido a unha familia de labradores solvente que, por cuestións de concello e de curia, lle foran minguando os seus bens, pese a ter contando coa axuda dun fillo que emigrara a Porto Rico. Tanto na crónica da viaxe coma nesta triste historia rexístrase unha linguaxe coitada e certa intención de estilo, que se traduce nunha narración diáfana, na que a descrición paisaxística ten un forte peso e o autor deixa constancia dos seus coñecementos xerais e, en concreto, dos da costa occidental galega.

---

<sup>157</sup> Nº 21, 6 xaneiro; nº 22, 13 xaneiro; nº 24, 27 xaneiro; e nº 25, 10 febreiro.

## Refreusión

---

El matrimonio es una cosa  
grave que conviene meditar toda  
la vida antes de contraerlo  
(*Leibnitz*)

A cousa máis sérea e pesada que se pode faguer, é o matrimonio; máis añado, que guiándose polo dito deste sábeo filósofo e matemático, do diabo hai un que non acerte. Pra isto figúrense ver a Leandro casado cunha muller que é unha mandria, criando os fillos co celo e co amor dunha verdadeira nai, beixando o lombo ó legón e convertíndose nunha probe escrava do traballo do campo, tan soilo, por ver os fillos limpos e postos como os millores da súa cras. ¿E que diremos del, un home que xanta as máis veces en tabernas e que pra pillarlle a muller un carto, levo chorado toda a somana; que lle ten dado milleiros de disgustos e sentementos, vivindo por milagre? Douse o caso de entrar un venturrillo, e toparse cunha muller das que serven a todo o mundo, que beben mui ben o viño e sobre todo a augardente, que lle gustaba máis que ás abellas o mel. A vella desafiou a Leandro a tomar unha copa o que aceptou este sin comprimento, e dempois de chimpala na gorxa pide outra, faguendo mentes de que lle había de pagar tamén. Mais seña Rosa desenténdese de todo, paga a que ela bebeu e bota pola porta: Leandro, que é home prá dous, e capas de vengarse de seu pai, sale no seguimento daquela que así lla pegara pra darlle unha palerma, iasí o fixo, deixándoa ós cen pasos da taberna, nun rego do camiño, máis morta que viva.

Isto socedía preto da media noite, e como o espazo estaba envolto nunha densa capa de nubes, faguía unha escuridá dos demos, que cuasemente se trepezaban os transeúntes uns con outros. A vítima do rego, como se supón, cos doores e coa borracheira non vía a naide, io que pasaba na supuña por alí; mais encéndese o lume no nacente, do craro sol do día que iba a vir, e comenza a bulir a xente nas casas, e a brisa a espallar as follas dos ameneiros e salgueiros, que rodean os ríos e adornan as terras, e a dar vida as herbas e volverlle o coor ás froles que o perderan durante a noite. Os mozos estendíanse por aqueles lugares dispostos para o traballo e nunha revolta do camiño viron a muller que fixera o leito no rego (con pouco máis alento que cando alí tombou). Collénoa entre dous e levánoa prá súa casa. E se lle digo ó leutor que seña Rosa era muller casada e que vivía co seu home, renega do demo e destes matrimonios. O home que era unha presoa mui cumprida, que ganaba o seu xornal con moito traballo, mui virtuoso; en fin, que é unha boa libra de carne; non topaba por estraño o non saber da muller naquela noite porque era cousa corrente o de non ir prá casa á súa hora...

De eiquí comenza un enredo o señor Xosé Manoel; quer levar á xusticia a Leandro por pór daquel xeito a súa muller; e facéndolle despertar uns

momentos de ira, pódoo capás de desfacer, o primeiro que volvese por el. Leandro supondo as secuencias foxe pra Portugal (cuns cartiños que disque lle levara a muller do señor Xosé), por ver de deixar morrer o conto. A xusticia foi cardando na enferma, ou no seu home, que era o máis triste. A muller de Leandro chea de malanconía, andaba como as arañas pra mante-los fillos, e vendo xogar nas mans da xusticia as veigas que herdara de se pai.

Pasado algún tempo volve Leandro de Portugal e topa a siña Rosa máis forte que un aceiro, e con ánemo de acabarlle co que tiña. O señor Xosé Manoel fora perdendo do seu dereito coidando que a muller non volvería ás andadas; pero as mañas de Leandro e da siña Rosa, hanse de perder cando o raposo perda as súas.

Cando soupen esta hestoria dixen prós meus adrentos: Disto coidei que non pasaba máis que na Vila; pro, polo que vexo, en todas as partes cocen fabas.

En custión de casadas será millor faguer punto redondo, porque sinón sería cousa de nunca acabar, do mesmo xeito que socede co conto da *boa pipa*.

Respeito ás nenas siñuritas, decía un meu amigo:

“Eu tratei cunha que era coma un sol; reunía tódalas perfeucións, en tan alto grado, que non acerto a darlle nome; era tan sensibre que máis que muller parecía delicada fror de pasión; contábame todo canto sentía con franqueza e sinceridade inexplicabres. Nunca lle falei do tempo que quixera pasar ó seu lado, mais cando lle pertendín manifestar o meu sentir, cambcou de carautre, ierixiuse nunha especie de reina ausoluta, ieu, por non suxetarme a somellante tiranía, deixei de contos e funme coa múseca a outra parte.

Entreí en amorío con outra, de corpo xentil, aire maxestoso, da parecencia dunha muller de estado; e na súa parola, era tan condescendente, tan modosa, que parecía a mesma imaxe da Virtude.

Relixiosa era asta nomais; ela iunha compañeira súa estaban ofrecidas a tódolos santos e santas dos arredores da nosa Vila; entrando tamén na promesa o dormir na romaría etc., etc.

Naturalmente, a hipocresía non tardou en describirse, ieu reneguei sin gran sacrificio daquela aparente virtude, recramo de incautos, e bandeira de enganche pra inocentes.

Tratei intemamente outras inda máis piores, que non quero mentar eiquí.

Na actualidá falo co unha que xa non hai máis que pedirlle, é tan modesta, como bonita; a súa palabra é a expresión exauta dos seus nobres sentimentos. Fago mentres de que esta sea a úneca muller boa que hai no mundo. Ogallá non me engane, pois abofellas que a quero moito”.

Agora eu, botándome da parte da fóra, preguntarei pra terminar: ¿Que ha faguer aquel a quen lle leve a idea a ter muller?

José L. Otero

## Un viaxe

---

*(Dedicado a mis primas las Srtas. C. C. López M.)*

Dispois de trasnoitar días seguidos, de pensar horas enteiras e discurrir sobre o conto, pónome a reseñar un viaxe. Non coide o leutor que me vou a remontar ós tempos pasados pra faguer un estudio detido e pra buscar algunha persoa de coñecementos, e recitar nomes de sábeos que lle podesan dar lucento a unha obra; nin tampouco que me pare a revolver a borralla dalgunha obra, nin pobo que o tempo ou outro catacrismo houbese enterrado: que eso é bo prá Bulwer que o fixo ben con Herculano e Pompeia desterrándoos da lava do Vesubio e facendo a súa hestoria como si estivera vendo aquelas cibdades. Nin faga mentres o leutor que é este que me propoño desquibirille un viaxe de tempo, ou de moito andar, nin de que sea un estudio como o de Antenor de Grecia e Asia, falando do cinismo de Diógenes das máusimas de Tales e Pitágoras, pasaxes de Solón e Platón, e doutros sábeos da antiga Grecia berce da ciencia. Nin é afellas recupilar traballos doutros autores que eu, malpocado ¡que hei faguer!

Isto sería cousa de pór nas mans dos que nesta mesma pátreas saben coller a pruma pra describir en tenros cantares e doces poemas tanta beleza.

O viaxe non vai máis alá de Galicia, io tempo non sale do presente ano, e por máis que é bastante limitado, compría prá súa discrición grandes ideas prós nobres sentimentos que desperta na ialma tanta maravilla.

Preveñiolle ó leutor teña paciencia si ha de seguirme en tan pintoresco viaxe e tolerancia no meu modo de esquirbir: adevertíolle que por máis que me vexa en curatos ou aldeas, non coide que me vou parar en vida de santos.

Eiquí podó faguer parada, dimpois de decir que o prólog que podía pedir a fóra, queda feito na casa.

*(Continuarase)*

## Un viaxe

---

*(Continuación)*

### de Muros a Noia

Unha mañán de verdadeiro vran, determinamos ir a Muros Xoquín e eu: o tempo estaba manífeco e non había que pedirille, pois presentábase un ventío bastante calmo e favorable que mesmo convidaba a emprender o viaxe.

Decidímonos, sin vacilación algunha, e pouco dempois surcabamos aquel mar, que anque curto en estensión, non por eso lle faltaba un oleaxe bastante forte.

Supuña eu ver todo aquilo despoblado, ienganeime ben, pois non había curruncho en que non se visen casas. Dun lado saía un barco de carreto; doutro un de pesca. Eiquí uns mariñeiros tendendo rede, elí collendo xa peixe, de modo que o mar e as beiras estaban poboadas.

O pobiño de Muros tópase a cuberto duns montes que lle serven de abrigo.

No muelle aparounos Dios uns compañeiros de Xoquín; cos que peseamos o pobo e con quen xantamos, por máis que fomos ben hospedados na casa de D. S. P., secretario da sociedade recreo.

Pro o mesmo día en que chegamos, anunciábase unha función de Treato, e cando pola noite nos dispuñamos a ir a ela desatouse unha forte tormenta que foi causa de que dita función se suspendera.

## **HISTORIA DUN DESGRACIADO**

Pasabamos de tarde por unha calle que hai preto do mar e que conduce dende o pobo á Virxe do Camiño; iba eu parolando co de Muros que topáramos no muelle. Presentouse diante nós unha especie de murallón ancho que cerraba un anaco de mar, e neste entraba a iauga por unhas pantiñolas mui ben feitas, abertas na mesma cantería; nun extremo desta muralla ouservaba tamén unha casa destruída; movido de curiosidá, chameille atención, ó meu compañeiro sobre aquilo, que me satisfixo sobradamente coa seguinte hestoria:

“Cóntase que neste Auntamento había unha familia de labrador bastante rico, e que por custións de Auntamento e cousas de curia foi quedando reducido a mui curto haber, non posendo máis bens que unha casaña co seu inxido e algunha que outra veiga; vivía ben estreitamente.

Do matrimonio do señor Anselmo e señora Xacoba, que así se chamaban as cabezas, hubo un fillo mui celoso por adequerir; levantábase con estrelas, faguía canto se pode faguer; tiña mans pra todo e non o domiñaba outra interés que alongar o edio que rodeaba a casa e mercar terriñas (o que domiña xeneralmente os bos labradores). O tempo enseñoulle que os seus esforzos daban pouco resultado, que por máis que as gabelas que había naquel tempo non eran grandes, o seu traballo xobaga cos anos pois cando había boa anada ganaba catro cartiños, mais cando Dios non quería dar, había que gastar do da casa. O mozo, que era mui esperto vía ás claras que os seus desvelos satisfacían mui pouco o seu interés; ocurriúselle un día esta idea: “¿Seu fora pra Porto Rico ou pró Brasil, tendría pior sorte que Xan da Coba, que era un priguiceiro e volveu desa Amérecas cargado douro e hoxe sacáselle a monteira? ¿Sería eu tan desgraciado que quedase sepultado nas olas dese tan estenso e bravo mar? En fin nada me asombra, nada me impón máis que o decir que hei deixar este



feiticeiro chan e levar os ósos a país estranxeiro, como tamén decir a meu pai o perigo porque vou atravesar”.

Buliu largo tempo esta idea no seu espírito sin que na casa soupesen nada; o tempo foi correndo mansamente, as contribucións e máis gabelas fóronse aumentando; un preito dun mal veciño levoulle tódolos aforros, io home sin dalo a entender sufría o increíble sin ver solución algunha pra remediar tanto mal.

Un día armado dun espírito verdadeiramente forte, determinouse a confesar na casa o que pensaba: en efeuto á noite, dispois de cear estando todos ó pé da lareira escomenza nestes términos: Fai tempo vive adormecida na miña ialma unha idea que no me astrevín a decir e que redunda en ben de todos; eu estou disposto a derramar a última gota de sangue antes de ver reducidas a unha pobreza estremada ou sumidas na miseria a estas miñas irmás e a este irman-ciño e que mañán sean mirados con indiferencia ou con desprecio.

Todos, enmudecidos, miraban pra el, sin darse conta do que oían; un profundo abatemento de pesar embargábaos iagardaban con verdadeiro pasmo a determinación daquel nobre sentemento.

Eu determino marchar prá Porto-Rico ou Brasil; non vos poña medo decir que hei de atravesar tan terrible mar, que fai tan peligroso o viaxe; vosou-tros pedir por min a Dios e eu, vivindo na mesma fe hei salvar todos esos peli-gros; posto aló covertireime nun escravo e satisfarei as nosas deudas.

—Pero meu fillo...

—Nada, nada, meu pai; eu quero marchar antes de consumirme nesta casa.

—¿Quen te aconsellou a que nos deixases, Dunicio?

—Naide máis que o prever as cousas.

—Pois saca, Dunicio, eso da imaxinación, que non deixarás o noso lar ó menos que consintas en ver morrer de sintemento eiquí a teus pais; di ¿queres millorar de vida enganándonos coa parencia de que é por nosa millo-ría o marcharte?

—Non señor no é eso, pois nunca traballei pra min solo.

*(Continuarase)*

## Un viaxe

—

*(Continuación)*

## De Muros a Noia

Depois disto, abandonaron a lareira e fóronse a deitar tristesiros iaguniados, pensando en somellante nova.

O tempo foi dando a conecer que Dunicio tiña intención de marchar para fóra; pois tendo xuntos os cartiños, que era unha regular cantidá, embar-

cou tomando rumbo pró Brasil. Alí a sorte favoreceuno de tal maneira, que ó pouco tempo mandou diñeiro á familia decindo que lle pintaba ben e que xuntaría un petiño prá volta; o señor Anselmo agardaba cos brazos abertos o seu fillo predileuto.

Chega Donicio cunha regular cantidá ó seu pobo natal, manda construír unha casa preto do mar e faise dono duns muíños empreando nisto tódolos cartiños que truxera.

Os muíños iban dando algo de si cando de repente unha forte tromenta asolagounos quedando completamente destrozados.

O home que miraba aquilo como a fonte do seu vivir, desfaise doutros bens e ponse a recompor a obra; neste, no mo creedes, pégalle o fogo na casa e queda reducido a miseria”.

Muros, partido xudicial pertencente á provincia da Cruña é un pobiño mui pacífico e católico, ten Igresia colegiata ioutras capillas, entre elas a da Virxe do Camiño.

Ten un bonito circo recreativo con sala de billar, gabinete de leutura, biblioteca, salón de sesións mui lucido, e timbre en tódolos departamentos.

A lameda da xenio vela.

Ademais ten Frábrica de Conservas e almacén de salazón.

Muros carece de vías de comunicación; soilo por mar se vai a el.

Ós dous días de estar alí, embarcamos pra Noia, facendo un viaxe felis, ¡que alegre é aquel paseo que hai ó salir de Muros! Primeiro Tal (unha parroquia), logo Esteiro cun montiño de casas é un bo almacén de salazón; o Freijo con bonitos talleres e de donde salen muitos barcos sobre todo lanchas de pesca, e botes de toda cras.

Na illa Quebra (que é un pequeno monte no mar) fixéronos rezar unha salve en aución de gracias por haber chegado en ben a ela.

Na entrada de Noiaalcontrábase o vapor do Marqués de alí “Quinta hermosa”.

Noia preséntase mui pintoresca sobre a ría cun bonito ponte: o desembarco fixémollo muelle da Frábrica de Conservas donde no nos hospedamos. Dispois de xantar fomos ver a Frábrica, que está montada á moderna con máqena de vapor que entre outros usos ten o de desecar o peixe pra fritir; gasómetro que ademais do uso que ten pra o alumbrado serve pra conservar quentes os soldadores pra cerra-las latas de conserva; ten outros muitos aparatos de consideración. Hai un crecido número de operarios entre homes e mulles.

A Frábrica do señor Caamaño i Compañía cousidérase como unha das millores de Galicia; outivo medallas de ouro e prata en distintas esposicións polas manufacturas a que se adica, esto é, conserva de carnes, de aves domésticas e de caza, mariscos e peixe de mar e río; en fin que abonda ver o catálogo pra apreciar o que debe valer. Ousérvase a máis esquisita limpeza en esta Frábrica.

Sáímos a ver o pobo que ten un bonito café, dúas sociedades de recreo, unha de artesanos na que hai unha bonita biblioteca, ioutra de caballos que é mui decente e mui lucida.

De igresias ten a parroquial de San Martín que é un bo tempo, a do convento das Trinitarias, a que o patrón, é de San Xosé e outras.

Pola festa do patrón que é, San Bartolomeu dan corrida de touros; a praza é unha calle ancha cerrada con soportales.

Ten Noia unha bonita lameda co seu correspondente xardín, alzándose no medio sobre unha columna o busto do célebre pintor e escultor Felipe de Castro, o Galecio Livadico dos Arcades. Ó lado da lameda están construíndo unha casa pró grupo escolar. Noia está rodeada de campiñas e montes cubertos de verdor; é un pobo mui pintoresco á salida da carreiteira pra Santiago (do que dista seis leguas).

En Noia ouvín decir que lle viña o seu nome de Noé, e que parara alí a Arca. Non están do todo desacertados, non digo parar a Arca que non hai lugar eiquí que leve o nome de Armenia; pero así como San Isidoro atribúe a población de Galicia a Teucro, que vén alá polos tempos da guerra de Troia hai autores que consideran a Noé como primeiro pobrador da vila de Noia (1)<sup>158</sup>.

Canto vale andar con quen o entende.

Na segunda noite de estar alí, Xoquín en compañía duns estudantes, ou millor dito, cuns estudiados pois algúns tiñan título de carreira maor, fomos á ponte que está sobre a ría; entraron en ouservacións coas estrelas, dispois de buscar a Osa maor ou o carro e tirar unha liña reuta (por supuesto imaxinara) polas estrelas de atrás da caixa ou rodas traseiras e topa-la estrela polar, buscaron outras e diron cun treángulo equelátero que forma a estrela do norte ou polar, Vega que é das máis brillantes do ceo, que sealcontra xunto á Vía Láctea; e Arturo que é a máis grande, das estrelas prúsimas á terra, que dista, según Flamarión, a friolera de 61 trillóns e 712 mil millóns de légoas.

Enseñaron tamén unha estrelliña que está xunto a segunda da lanza ou cabezalla do carro que chaman Alcor e Caballero que se conece co nome da prueba por que servía pra esprimentar o alcance da vista.

Eu desconecía todo aquilo poila Xeografía no me ensinou siquera a buscar a estrela do norte. Buscaron outras estrelas das que no me alembro.

*(Continuarase)*

---

<sup>158</sup> Nota do autor: “Leandro de Saralegui”.

## Un viaxe

(Concrusión)

### de Muros a Noia

Na madrugada do outro día que era o pirmeiro de Agosto salimos deste feiticeiro pobo pró Son, a mañán no estaba alá que digamos mui boa o ceo presentábase nubrado; o vento soaba que daba medo.

Eiquí escomenza unha gritería a lancha toma auga por un costado, as mulleres a chorar; os mariñeiros miraban pra vela io tempo tiñan nas mans ó cabo por si había que afroxar; nós calados como petos e tembrando oíamos o de “somos perdidos”.

Ás doce chegamos ó Son; o pobo estaba todo alarmado; uns preguntaban si nos collera, outros decían, non vistes nada, e que fora, unha manga o bomba mariña que se formara no mar e pasara polo porto: esta, como sabe o leutor é un fenómeno temibre que o forma según uns polo encontro ou choque de dous ventos contrarios cando topan no medio unha nube que a fan xirar rapidamente sobre si ió tempo córresen en dirección contraria ó vento, facéndolle tomar ó tempo unha forma cóneca coa base nas nubes ia cúspede no mar, e pola que se ve rubir a iauga a unha altura considerabre: é según outres este fenómeno é debido á atracción atmosférica. Esta manga saíu do mar e no camiño disque levaba a arca pró alto, e fan crer que rubiu algunha galiña desfacéndose nun montiño, de abeira do mesmo camiño. Os do Son nunca tal viran no porto, así era que estaban asombrados.

### DO SON A HELENES

Que días máis fermosos presentaba o mes de Agosto; non era tempo afellas, máis que pra pasear polas beiras daquel mar; que a brisa madrugadora fai tan doce a súa temperatura; mais o meu prazo foi tocando no fin. (Non hai remedio sinón cumprir con todos).

Deixei este pobiño con algún sentimento; que por máis que non é alá gran cousa en mozas, aínda...

Na Puebla do Caramiñal de volta, paseaba a calle do Muelle, de donde miraba con gran gusto os galeóns, un bergantín ioutros faluchos do pobo que se atopaban na ría. Esta viliña pertece ó partido de Noia, i é cabeza de Auntamento que conta con máis de 800 veciños.

De alí embarquei pra Vilanova de Arousa ¡canto encanto encerra aquela ría neste traéuto! está pobrado de isliñas como son a Rúa, Pedregoso, Arenoso e a bonita isla de Arousa rodeada de montes de casas: á esquerda vese no mesmo traéuto Sobradelo, Villaxuán, Vilagarcía e Carril. ¡Que meigo paraxe que feiticeira situación. Si o sabio naturalista Olon de Bueu na súa expedición científica pasara por este recuncho de Galicia, non ademiraría as

suntuosas obras, ni os ricos edificios como os que veu en París, nin a boa distribución dos seres naturais, como topou no Xardín Botánico da populosa cidad comercial de Amstardán (Holanda): non laudaría tanto este país como os pintorescos e ricos paisaxes da vella cidad de Niza (Francia) recreio dos opulentos ¡Non! pero non deixaría de ocupar unha páxina no seu fermoso libro “Impresiones de Viaje” coas bellezas de este tan modesto como encantador paradiso.

Que distraída e alegre é a boreda que une a Vilanova con Vilagarcía, dun lado hortiñas cubertas de cultivo e do outro descúbrese o mar coaxado de barquiños de pesca.

Aora de volta encontro non sei qué frialdá na nosa ría non vexo aquel picante mar do Son, nin a doce ola da limpa baía de Muros donde parece que a iauga tranquila adormece naquel encuberto e cristalino salón.

Vexo unha revolteada ría de Noia; pero descuidada e convertida en deplorable abandono; sumideiro das inmundicias da fermosa cibdá do Lérez que atesoura tanta fermosura como riqueza natural que se ve circundada de ledas augas; pero que ás súas beiras non vemos unha frábica de conservas como a de Noia nin coma a de Muros nin os almacéns de salazón de Esteiro, Portosín ou o Son; nin talleres, como os de Freixo e Muros, de donde teñen saído bos vergantes e barcos capaces de atravesar o Atlántico. Eiquí conténtase un co que hai, amenas campiñas embalsamadas de arrecendentes cheiros raparigas bonitas e divertidas: muita contribución, muitas gabelas, asombrosa emigración e paremos de contar.



## Ildefonso López Saavedra

### Datos biobibliográficos

Gracias ó certificado de bautismo<sup>159</sup>, sabemos que Ildefonso Jesús de la Victoria Ramón Genaro López Saavedra naceu en Lugo o 19-IX-1868<sup>160</sup>. Era fillo de Ildefonso López Hediger, natural de Mahón (Menorca), que no momento do nacemento do seu fillo era Comisario de Guerra da provincia de Lugo, e de María de los Dolores Saavedra Costas, natural de Vigo. Vivía nesta época o matrimonio no nº 23 da Praza Maior de Lugo, moi probablemente debido ó traballo do pai, xa que o resto das referencias sobre Ildefonso López sitúano residindo en Vigo, de onde era oriunda a familia materna.

Adolfo de Abel Vilela en “O Lugo da Monteira”<sup>161</sup> ofrécenos a historia da familia materna de Ildefonso López: a súa nai era filla de Manuel Saavedra Bermúdez e María de la Concepción Costas Arce, un matrimonio que posuía un enorme capital agrícola con propiedades que se estendían desde a ría de Vigo ata Vilafranca do Bierzo. O matrimonio tiña outra filla, Pilar, casada con Siro Montenegro López, un terratenente agrícola que foi alcalde de Lugo nos anos 1852-1853. Este matrimonio foi proxenitor de Amador Montenegro Saavedra, o director de *A Monteira*. Pero a relación familiar entre Ildefonso López e Amador Montenegro non se reduciu unicamente a ser curmáns por parte de nai: Amador Montenegro casou cunha das irmás de Ildefonso, Pura, e estableceu a súa residencia en Vigo, traballando na administración das propiedades agrícolas da familia da súa muller. Segundo indica Adolfo de Abel Vilela, este matrimonio entre curmáns produciuse a instancias do pai de Amador, que quería que casase coa maior das irmás de Ildefonso, Lola, pero Amador preferiu a Pura<sup>162</sup>.

Despois de obter o Grao de Bacharel no Instituto de Ourense o 27-VI-1884, Ildefonso López iniciou en Santiago de Compostela a carreira de Dereito. Con seis cursos académicos obtivo ós 21 anos o seu Grao de Licenciatura co exercicio “Fueros Municipales de León y Castilla”, superado satisfactoriamente o 19-VI-1890.

---

<sup>159</sup> Incluído entre os papeis deste autor conservados no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>160</sup> Descoñecemos cal puido ser a data da súa morte.

<sup>161</sup> Un dos estudos introductorios que acompañan a edición facsimilar da revista *A Monteira*.

<sup>162</sup> O pai de Amador Montenegro morreu en 1889, polo que o matrimonio debeuse celebrar con anterioridade a esta data.

As últimas noticias que temos da súa relación coa Universidade de Santiago é unha carta datada en Vigo o 1-VIII-1890 na que solicita que se lle remita o título de Licenciado ó Goberno Civil de Pontevedra, e un documento de recepción deste título asinado en Pontevedra o 9-VIII-1890.

Da obtención do título de avogado dámos cumprida información o xornal dirixido polo seu curmán no nº 39 (28-VI-1890): “Despois d’unhos brillantes exercéceos recibíu a Licenceatura en Dreito Civil, Canónico e Administrativo, o noso quirido amigo e constante colaborador D. Ildefonso López Saavedra, a quen dámol-a mais sincera nhoraboa, desexándolle moita sorte n-o desempeño d’a tan honrosa como defícil profesión, e que non s’esquenza d’A Monteira”.

A nómina das colaboracións en *A Monteira* de Ildefonso López Saavedra inclúe sete composicións poéticas e un relato. Inaugurou as súas colaboracións coa sinatura I. López e o relato “A cruz do carballo” (nº 6, 10-XI-1889 e nº 8, 23-XI-1889)<sup>163</sup>; asinando como I. López Saavedra atopamos os poemas “Campaniña non toques” (nº 9, 30-XI-1889); “Vive hoxe na miña aldea” (nº 11, 14-XII-1889) e “Xuaníña” (nº 18, 1-II-1890); asinando como Ildefonso L. Saavedra está a composición “¡Loita!” (nº 23, 8-III-1890), dedicada “ó meu primo Amador Montenegro” e datada en Santiago en febreiro dese mesmo ano; xa co seu nome completo apareceron tres composicións datadas en Vigo: “Mirou Rosa sorprendida” (nº 52, 27-IX-1890), “¡Quen non chora!” (nº 56, 25-X-1890) e “Os meos tíos na morte do seu quirido fillo Ildefonso L. Hediger” (nº 57, 1-XI-1890).

## Comentario dos textos narrativos en galego

O relato “A cruz do carballo” está dividido en catro pequenos capítulos nos que un narrador en primeira persoa ofrece unha historia de amor con final trágico presentándoa como unha vella historia transmitida oralmente e que a súa avoa lle contou a el: “Eu recordo ouvir á miña abó [...] unha hestórea que ninguén no val iñora, e que vou contar aquí”. Como tal historia transmitida oralmente, non presenta unha localización espacio-temporal precisa: a historia transcorre nun pazo situado no medio dun val indeterminado, do que só se concreta que existe aínda na contemporaneidade do narrador, o mesmo que a cruz e o carballo que dan nome ó relato, aínda que moi envellecidos, o que dá a medida da antigüidade da historia.

Os sucesos relacionados coa Cruz do Carballo son os que seguen: María, a filla do nobre Don Pedro Xiráldez, quere casar con Don Hernán de Mendoza e non co home escollido polo seu pai: Don Félix do Penedo. Despois dunha espera de dez anos a que morrese Don Pedro Xiráldez para poder casar

---

<sup>163</sup> Foi reproducido inmediatamente en *O Tío Marcos d’a Portela* (302, 24 de novembro de 1889; 303, 1 decembro de 1889).



celebrase a voda entre os amantes pero pouco lles dura a felicidade: Don Félix do Penedo, buscando vinganza, faise amigo de Don Hernán e faille crer que o fillo que espera a súa muller non é del. Este mátaa, enterra o seu corpo e desaparece do lugar durante anos. Cando finalmente regresa, agora convencido da inocencia de María, fai prantar un carballo no lugar onde enterarra o corpo e construír unha cruz de pedra ó lado. As xentes do lugar empezan a desconfiar ó velo acudir para postrarse diante da cruz e empezan a relacionar ese lugar con historias de mortos e aparecidos.

O relato ofrece unha combinación de elementos propios da novela romántica (amores difíciles con final trágico), con elementos costumistas (na ambientación dos momentos de felicidade da parella) e algúns detalles procedentes da novela gótica (ambientacións de aspecto sinistro e abondosas referencias ós mortos).

## A cruz do carballo

### I

Aló no extremo dun val e non moi lonxe dun monte sementado de pinos, érguese unha cruz que, medeo encuberta polas edras que colgan dos seus brazos, deixa comprender está naquel sitio posta xa de tempo antigo.

Ó mesmo lado da cruz dita, un vello carballo estende os seus rama-llos, que moitas veces serven pra acoller baixo o seu sonbraxe, naquel sito deserto, a algunha presoa que atravesa dende o val a vreda que cruza por cerca, o que poucas veces pasa, pois é fama no lugar e vai vindo pola tradición, que a presoa a quen alí collese a noite, apareceríasele unha ánema en pena, dem-pois, de escoitar ruxidos xamais ouvidos e queixas que san dos pinos e fan tre-mer co medo ós homes máis atufados.

Eu recordo ouvir á miña avó, entre algús contos con que nos adivir-tía nas noites de xaneiro ó redor do lume, unha hestórea que ninguén no val ñora, e que vou contar aquí.

\*\*\*

Había xa estonces no medeo do val o antigo pazo de D. Pedro de Xiraldez, pazo que tamén se ve hoxe por entre os laranxos que o rodean, cuio dono tiña unha filla aínda bastante moza e tan garrida, que según openeón dos daquel tempo, non había outra coma ela en moitas légoas.

Moitos mozos andiveran xa pola beira da porta dando as súas volti-ñas, pro todos os pretendentes tiveron ó fin que marchar corridos e coas orellíñas baixas, sin que a de Xiráldez dirixira tan siquera unha ollada a nengún deles.

Era a tardiña dun día de festa nos mes de Outono. Ouvíanse os cantos das mociñas, ruxían as pandeiras e escoitábase o rosmar da gaita e o repinicar das campás da eirexa no fondo do val, cando por un carreiriño, preto da casa de D. Pedro Xiráldez, acertou a pasar un mozo de bo parecer e dus vinte e tantos anos, a cabalo e marchando ó trote.

Contemplaba a de Xiráldez dende a súa ventán todo o que pasaba ó redor, cando deron os seus ollos con D. Hernán de Mendoza, que este era o nome do mozo, que non deixou de chamarlle a atención á rapaza, pasándolle a el outro tanto, e cruzando polo mesmo as súas miradas. Dende aquela tarde xa non deixou o de Mendoza de pasar por alí, hastra que conseguiu entenderse coa nena, falando dende a ventán ela e dende o seu cabalo el.

Non tardou o pai da rapaza en sabe-lo que acurría, e non tardou en cerrarlle as ventás á súa María, que así se chamaba ela, e a non deixala saír a elas, pois non satisfacéndolle aquel mozo, quería casala con D. Félix do Penedo, home de moitos cartos, úneca cousa boa que tiña; pro a rapariga non estivo nunca conforme con somellante proieuto, contestando ó pai, cando con tal voda lle porfiaba, que tiña dementres facerse monxa, e deixando corre-lo

tempo non sin pesar de ambos pretendentes foron pasando os días, e con eles cuase morrendo as espranzas nos seus corazóns.

Tras unha miñán de ilusiós e legrías, ben poidera dicirse que viñera unha noite escura e de loitos...

## II

Xa pasaran dez anos.

O vello D. Pedro Xiráldez xa estaba baixo a terra, e o úneco oustá-culo serio, polo tanto, que se opuña ó casamento, xa desaparecera; pro non faltaban aínda outras causas que sirvisen de tropezo, pois había dous pretendentes, e anque o de Mendoza levaba a mellor parte non deixaba D. Félix de facerlle a guerra impracablemente.

Todo foi en vano, sen embargo, pra D. Félix e el que non o ñoraba, andaba mal traído, non deixando por eso nota-la mala idea que tiña no corpo.

Chegou por fin o día da voda, e amaenceo unha miñán como poucas: o perfume das frores, o remexer dos albres, o resoar das pandeiras, as mociñas que porparaban aquí ramallos e croas, as notas da gaita acolá, o repinicar das campás, en fin, formaban un harmunioso conxunto, capaz de admirar a calquera. Aquel iba a ser un verdadeiro día de festa, pois doña María era filla de D. Pedro Xiráldez e esto soilo era bastante pra que todos beilaran e andivesen contentos.

Á hora marcada foron cuase como unha procesión chegando á eirexa cos noivos, os seus parentes e deudos, en médeo do beilar dos mozos e mozas, do son das panderetas e gaitas, dos berros de legría, en fin, de todo o lugar. Cando acabaron as cirimonias da eirexa, dirixíronse todos á casa da noiva, donde se rpitiron as mesmas demostraciós de legría e seguiron as festas que duraron polo resto do día. Pro é ben certo que as felicidás deste mundo non son compretas e as legrías pouco duradeiras, pois cando parecía que esto todo soilo era principio de cousas millores, D. Félix, coa terrible astúcea que se ispira na venganza, soupo presto facerse amigo de D. Hernán, hastra o punto de selo coa maor aparente entemedá, e cuio resultado logo veremos.

## III

Poucos meses pasaron dende o día da voda. Camiñaba pró seu fin unha tarde do mes de Decembre e o sol acultábase xa tralos penedos das montañas máis altas que cerraban o val; o frío facía tremer o corpo e bate-los dentes; ruxía o vento e levantábase o polvo nas veredas e carreiros e entre tanto chegaba a noite que moi presto foi compreta. Ningún ruxido se ouvía que acusase a prisencea de presoa algunha en todo o val e si soilo o terrible vento e a tempestá que cada vez era máis forte, cando a pouco sintiuse polo extremo do val como o trotar dun cabalo e efeutivamente así era: un cabalo avanzaba, e á deble luz dun faroliño que traguían os que montaban, podíase percibir un home e unha muller, aínda mozos ambos.

No medeo do maor silencio chegaron ó fin a un punto onde craramente se percibía un profundo buraco ou barranco, deténdose alí.

A noite siguíá terrible. O vento sopraba coa mesma forza, algunhas pingas de auga batían na cara como perdigós e a escuridá da noite empidía velo que había ó redor.

Tan pronto como chegaron os dous desconecidos ó sito onde estaba o buraco, apeáronse e mirando el para ela cus ollos que botaban fogo, díxolle:

-Agora vasme a pagar a inxuria que me fixeche.

Ó que lle contestou tembrando e cos ollos cheos de bágoas:

-Xúroche por Dios que son falsas as túas acusaciós.

Mais el contestou a esto que mintía e sacou do seo un longo coitelo, ó velo tembrando caíu ela de rodillas dicindo:

-Non me mates, non me quíte-la vida. Drento de poucos días o fillo que levo nas illargas poderá servir de proba á miña enocéncia.

Non houbo piedá, sen embargo, e dun golpe fundeulle o coitelo no seo; botou o cadavre no buraco, cubrindo apenas con terra, e montando no cabalo fuxiu de alí, e como home que reconece o que acaba de facer, mirando a un lado e a outro, cal si temera ser presiguído. O cabalo ouvíase escorrer por entre as pedras mentras o moucho daba tristes queixidos, sintíase o cruxir dos pinos e a noite, cada vez máis espantosa, desfáciase en tronos, que resoaban polo espáceo. Parecía que o ceo escomenzaba unha venganza. Por fin a luz e o desconocido desapareceu no fondo dun pinal.

#### IV

O feito refrido foi ñorado polas xentes do val por moito tempo, o mesmo que o paradeiro de D. Hernán de Mendoza e de doña María de Xiráldez, que estes eran os actores do drama daquela noite espantosa. Cando xa as canas polos anos e os remordementos, cobrían a frente de D. Hernán, apareceu no seu lugar e fixo costruír unha cruz de pedra preto dun carballiño, que el mandara xa prantar no mesmo sitio en que estaba enterrada a súa muller, convencido hastra a evidéncia do falso testimonio do seu finxido amigo D. Félix, que con esto consumara a súa venganza.

As xentes do lugar, ñorantes de todo, estaban pasmadas coas cousas do de Mendoza e ás que non daban espricación. Víano ir onde a cruz, poñerse de rodillas nas súas escaleiras e chorar abrazado nela como se estivera louco.

Pouco viviu xa o de Mendoza e hastra dempois de largo tempo, non se soupo a verdadeira hestórea do que acurrira, pois hastra estonces soilo foran falas máis ou menos acertadas; pro non máis. Dende aquel tempo encomezou a chamarse a *Cruz do Carballo* á que fixera D. Hernán e xa nadie se estreve a pasar por onde ela dempois de oscurecer, pois aínda hoxe din que andan por alí sombras de noite que parez queren coller á xente, e se escoitan queixidos de presoaas, así que se ten ó sitio máis medo que á *Compañía*, e eu mesmo, que me boto a rir cando oía falar dos meigallos, miro estoutra cousa con respeito e percuru non pasar por alí ó oscurecer.

## Francisco Lourido Sánchez

### Datos biobibliográficos

Segundo información que achega Carballo Calero,<sup>164</sup> sabemos que F. L. S. en 1883, residía na Habana onde publicaba poesías na prensa –en galego e en español–, nomeadamente en *El Eco de Galicia*. Asemade, tamén publicou en galego o poema “Dúas almas amigas” en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>165</sup> e “Os dous compadres” –conto en prosa versada– en *A Gaita Gallega*<sup>166</sup>. Polo que se pode deducir dos relatos, debeu nacer na mariña lucense.

Os seus vencellos alén mar non se limitaron á illa de Cuba pois tamén estivo na illa de Puerto Rico. Neste país é onde publicou o libro de poemas *Genialidades* (1897). Na cidade portorriqueña de Arecibo<sup>167</sup> é onde asinou por primeira vez as dúas prosas que recolleemos neste volume e, asemade, en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>168</sup> aparece D. F. L. –criptónimo de D. Francisco Lourido– como un subscritor máis desta publicación dende Puerto Rico.

### Comentario dos textos narrativos en galego

As dúas composicións que reproducimos son “A Virxen das Ribeiras” e “A tola das ondas”. Ámbolos textos aparecen asinados dende a cidade de Arecibo, sita na costa norte da illa de Puerto Rico, na beira esquerda da desembocadura do río Grande de Arecibo.

“A Virxen das Ribeiras” foi publicado en *El Eco de Galicia*<sup>169</sup> da Habana, en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>170</sup>, en *El Eco de Galicia*<sup>171</sup> de Bos Aires e en *Follas Novas*<sup>172</sup> da Habana, mentres que “A tola das ondas” tamén viu a luz nesta cidade da illa de Cuba pero en *A Gaita Gallega*<sup>173</sup>.

---

<sup>164</sup> *Historia da Literatura Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, 3ª ed., p. 463.

<sup>165</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 92, 23 de agosto de 1885, datado en Ponce, cidade situada na costa sur da illa de Puerto Rico, en 1884.

<sup>166</sup> *A Gaita Gallega*, ruada 2ª, tocata 2ª, 30 de agosto de 1889.

<sup>167</sup> Na reprodución de “A Virxen das Ribeiras” en *El Eco de Galicia*, da Habana, aparece por erro Arrecibo no canto do topónimo correcto portorriqueño de Arecibo.

<sup>168</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 35, 13 de xullo de 1884.

<sup>169</sup> *El Eco de Galicia*, da Habana, nº 83, 27 de xaneiro de 1884.

<sup>170</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 18, 16 de marzo de 1884.

<sup>171</sup> *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 462, 20 de agosto de 1904.

<sup>172</sup> *Follas Novas*, da Habana, nº 393, 11 de decembro de 1904.

<sup>173</sup> *A Gaita Gallega*, 1ª época, tocata 3ª, 13 de setembro de 1885.

“A Virxen das Ribeiras” e mais “A tola das ondas” presentan características comúns na temática e no estilo, incluíndo claros erros lingüísticos na colocación dos pronomes átonos e no emprego de verbos compostos.

Ámbolos relatos comezan coa descrición física dunha paisaxe galega, que se corresponde coa mariña lucense –Burela, se ben en “A tola das ondas” aparecen máis topónimos mariñosos como Foz, Vilasindre ou Vilachá– que se complementa coa louvanza e morriña de Galicia dende a emigración transoceánica. Así mesmo os dous relatos acoden ó emprego do diálogo, no que unha misteriosa muller –cunha detallada caracterización física– remata por fuxir. Tamén comparten a temática amorosa e romántica, e ambos están escritos dende unha primeira persoa que, no seu remate, se dirixe, a xeito de reflexión, directamente ó lector. No que máis se diferencian estes textos é na súa extensión, e isto débese a que no texto máis longo –“A tola das ondas”– a misteriosa muller, chamada Rosiña, prolonga o tempo e acontecementos ó relatar a súa propia historia.

## A Virxen das Ribeiras

Unha tarde de outono, desas tardes tristes e xinxelas, cando o sol morre e a cutuvía canta, e voa, e pérdese nas nubes; e o vento xime, e o mar resoa, e o rego laia; nesas tardes, digo en que o último harmóneco concerto do día que morre enchóupanos a ialma de tristeza fonda, íntima, facéndonos dilirar con amores ben sentidos e envoltos na longa prespeutiva dun afán sin termo, ou desperta no noso espírito memorias de mellores días, ben sea levándonos ó corruncho ben querido da pátreia ausente, ben ás portas pechadas, e pechadas pra sempre, da nosa pubertade, achábame eu sentado nun coio, pé dun valado e á beira do mar cantábrego, entretido en ver como as ondas desfáciase na area.

Sópeto, e a longo treito, vin cabe das ondas a unha muller que, de pé, inmobre e cara ó mar, semellaba, envolta pola luz endebre do crepusco, unha cousa parecida a unha pantasma.

Picado astonces polo cebo da miña curiosidade, erguinme do meu coio e funme pouco a pouco achegando a aquela muller que de tal xeito había cautivado a miña atención.

A lúa, que o mesmo que Venus das escumas, saía entón de dentro das augas do mar, e iba queda, quedamente agachando polos anchos páramos do ceo arriba, alumábaa de cheo e dáballa ós meus ollos máis xigantes e fantásticas proporcións.

O que entón pasou por min, non o sei.

Tremo de pracer e de sorpresa, contendo a penas o batido do meu corazón, arrimémelle case, e coidando de non sacala daquela astraución fondísima en que facía, quedeime contemplándoa de perfil.

Eu non vin nin penso ver nos días da miña vida muller máis esprendido nin de mellor parecer.

Aquel cabelo castaño, espeso, longo e caíndolle ceibo polas costas abaixo; aquela fronte pequena, pensativa e melancónica, vivo reflexo entón da súa ialma; aquela nariz dereita, afilada, salente, acusadora dunha intelixencia superior; aqueles ollos grandes, negros, húmedos, relucentes; i aquela gorxa ámprea; i aquel seo botado pra fóra; i aquela cintura estreita; i aqueles cadrís anchos<sup>174</sup>; i aquela perna redonda, ben feita, deseñada polas enaguas ó batir do vento, facían daquela muller... eu non sei o que facían; mais, moito máis que unha creación artística.

Ela, mentres tanto, seguía contemplando as ondas.

Ás veces poñíase triste, ás veces alegre, según as memorias prácidas ou sombras que a entretían.

Pro é que unha onda fíxoa recuar, sacándoa daquel paraxismo en que o parecer facía sumerxida.

---

<sup>174</sup> “i aquela cintura estreita; i aqueles cadrís anchos;” só aparece nas versións habaneiras de *El Eco de Galicia* e mais de *Follas Novas*.

Saído que houbo do éstasis, botou unha ollada pola area, e veume. Sin asustarse nin facer aspaventos, púxose a andar pra contra min e eu pra contra ela, astra que, atopándonos, dímonos as boas noites.

Logo, sentándose nunha pedra que tiñamos ó pé, fíxome sitio ó seu lado e mandoume sentar.

Eu senteime, e mais polo gusto que polo frío que sentía, peguéimelle, acurruquéimelle de todo.

Vendo esto ela, e pensando que eu tería frío chegouseme tamén; pro de tal xeito, que botándome as súas enaguas por riba das miñas rodillas, arroupoume todiño, e quedamos, poideramos decir, case que dúas almas nun solo corpo.

E alí, pegadiño a ela, quentándome ó seu calor, sentindo unha por unha as palpitaciós do seu ser, tremo de pracer, recollido, con relixioso recollimento, sin pór nin saber decirlle nada, porque a forza do sentir afogábame de todo e ñudaba a miña gorxa, asperaba, temía, pendente sempre do que poidera decirme, sentindo que aquilo non fora eterno, e apañase unha vida, toda unha vida, vida en que as nosas almas confundidas cubizasen unha sola cousa, un solo fin.

Despois, saíndo daquel selencio en que faciamos, díxome:

—Mira: eu non sei quén eres ti, nin te conozo, e esta é a primerira vez que te vexo e falo contigo. Así e todo, estás ó meu lado, tan ó meu lado e tan chegado a min como nunca estivo home ningún, e moito menos en sitios i a horas coma esta. Impórtame pouco; parécesme home de ben e bástame.

—Gracias.

—Non tes porqué darmas. Anque, como che dixen, non te conozo, e esta é a primeira vez que te vexo e falo contigo, a túa idade, aínda corta, e ese encollemento, mezcra de medo e amor nacente, asegúranme dende logo o teu respecto.

—Si, certamente.

—Xa o sei, xa o sei. Por eso, porque estou segura delo é que estou aquí, aquí ó teu lado; se así non fora, si tivera a máis pequena duda, houbérame ido.

—¿Pra onde?

—Pra miña casa.

—¿Como? E ti...

—Eu, díxome rindo, eu tamén teño casa.

—Pois coidei...

—¿Que?

—Que non tiñas casa.

—Tes razón: a Virxen das Ribeiras, como chámanme pola aldea, non ten, non pode ter casa; cando máis, templos ou altares.

Ela calou. Eu quedeime triste, moi triste e pensando en quén sería aquela muller de todos conocida pola Virxen das Ribeiras e da cual contaban mil milagres e marabillas.



Verdá é que eu non cría nos milagres; pro na Virxen si. ¡Era tan guapa!

Despois, mirándome con aqueles ollos onde Dios había posto todo o seu amor e caridade díxome:

—¿En quen pensas?

—En ti, nada máis que en ti.

—Engáñasme.

—¡Non, xúrocho! ¡Xúrocho por todo o que máis quero, por ti! E sin darlle vagar a máis nada, tolo de todo, coas cinzas dun volcán dentro do peito, fóra de min, sin poder conter unha pasión que me afogaba, que non había prodecatado, nin conoía, boteille un brazo polo pescozo, aperteina contra min, e tembrando de amor, sin saber nin dar-me conta do que facía, ¡dinlle un bico tan grande!, ¡tan ardente!, ¡tan resoante!... que a alma escapouseme nel... e sentín o que nunca sentira, ¡as grorias todas!... ¡tódolos praceres do mundo xuntos!

Triste ela astonces, enoxada, e erguéndome coa dinidade dunha reina díxome:

—Perdónoche, porque non sabes o que fixeches, ¡probe tolo!; pro dende agora pra logo, a Virxen das Ribeiras, morreo para ti. ¡Adios!

E sin mirarme nin decirme máis nada, botou a andar pra xunta das ondas, e unha vez alí, arremangouse ben o vestido, deu un asubío, veulle un bote, meteuse nel... e remando, remando... perdeuse mar afora.

Desde entón, querido leutor, nin a volví a ver, nin soupen máis dela. ¡Pasaron tantos anos!... ¡tantos!, como o treito que me sopra daquela area onde pasou todo o que che levo dito, e bate o Cántabro, o fero Cántabro, entre as grandas de Burela e Vilachá.

### A tola das ondas

A Amador Marán i a Lisardo Up.

A vosoutros que coma min levades aceso no fondo da vosa ialma o fogo cuia calore viven e renóvanse decote os máis fondos sentementos de amor e ben querencia pola nosa querida terra, dedícovos este traballo que, como cousa miña, é probe, homilde e mais cativo.

Francisco Lourido.

Era de noite e chovía, chovía sin compasión, a xarros. Por eso, e por non mollarme, tiven que meterme debaixo dunhas penas que como cresta de galo, escaleiradas e puntagudas, érguense xuntas na mesma orela do rego da areoura.

O tempo que estiven alí, no que pensei i o que fixen, non o sei; recórdame tan só que cando vin a pordecatarme iba o carriño pola cume do ceo, que os galos cantaban nas aldeas de Vilasindre, Burela e Vilachá<sup>175</sup>, que o mar bruaba e estrelábase con forza na veciña area i as augas corrían e borbollaban polas rodeiras do camiño abaixo.

Ó fin, e como rato que atisba, saquei a cabeza polo furado da cova i ó ver que escampara boteime mesmamente dun salto no camiño.

A noite, por eso estaba aínda negra e medoñenta; así e todo saquei a andar, i a andar tan axiña e tan de présa como as miñas forzas mo permitían.

Pro cata que a pouco desto ouvín un canto, pro un canto tenro... doce... suave e desmaiado.

Era o alalá cuias brandas e melancónicas harmonías voaban espalladas polo vento na baleira imensidá daquela noite calada a pavorosa.

Todo arripiado e sobrecollido pola máxica podrosa daquel canto, pareime sópeto e sin tomar alento, quedo, quedíño, púxenme a escoitar aqueles sons que acababan solouzando ceibos por enriba de tódalas cumes e rilleiras.

Saído que houben daquel éstases, repostos de todo e dono de min, prodecateime do que me pasaba, volví a escoitar de novo, e cabizando saber quén cantaba daquel xeito, naquel sitio i aquelas horas, botei a andar pra contra da area onde escoitábase ou parecía escoitarse aquela voz.

Cheguei.

A pouco treito de min, de pé, cabe das ondas i ó rente dunhas penas vin a unha muller.

---

<sup>175</sup> As aldeas de Vilasindre e mais de Vilachá pertencen á parroquia de San Pedro de Cangas no concello de Foz.

Aquela muller era a que cantaba o alalá, ise canto que apreixa e recolle nun solo feixe tódalas coitas i alegrías do noso pobo.

Pro pra mellor admirala e poder ver en qué paraba aquilo, púxenme de modo que non botara de verme.

Así foi i así me estiven algún tempo. I ela, namentres, seguía cantando, cantando sempre. I abofé que daba gusto de vela, dereita como estaba, cos brazos en cruz fixa, inmobre, cara ó mar, de costas pra min. ¡Dixérase que era a encarnación batente das mellores obras do cincel pagano! ¡Que cabeza! ¡Que centura! ¡Que cadrís!..... ¡Que corpo de muller! ¡Eu estaba tolo, tolo de todo! ¡I exquencinme de min, e do sitio, e da hora, e de canto ó meu redor facía!

Pro a pouco desto calou. Deulle ó mar as costas e quedamos cara a cara. Eu asusteime, crin que me vira e dinme por perdido; pro por fortuna non foi así, pois tan logo como deu a volta, arrodillouse e púxose a rezar.

Estonces alentei, alentei e bendixen a miña sorte ó ver que aquela muller tan guapa, tan garrida, tan nova, tíña diante, a pouco treito, ó rente, rentiño de min.

Pro de alí a pouco ergueuse, parouse sópeto na area.

E cruzou de novo os brazos, e baixou a cabeza, e ceibou un laído triste, fondísimo, mollado por dúas bágoas cristaiñas e tembrantes como gotas de orballo.

Aquel laído, aquelas bágoas, a garrida xuventú daquela muller... súa tristura, esquecemento e soedade en que facía, déronme tanta lástema, despertaron no meu peito tan fonda pequena..... que corrín pra cabo dela, e sin coirdarme dos meus propósetos, nin determe siquera a pensar que a miña presenza por forza había de cambear aquela escena, pregunteille, anque tembrando, o que tiña e por qué choraba.

Ela, entón, sin responderme unha palabra, nin moito menos mostrar estrañeza ó verme de sópeto, olloume de riba pra baixo, ergueu os ollos ó ceo, ceibou un laído e mirándome fixa, atenta, sin parpadexar díxome:

—Direicho, pro antes sentemos. ¡Estou tan cansa!

Dito esto, sentouse.

Eu senteime tamén e púxenme de modo que poidera vela de cheo, ó meu gusto. I abofé que era o que se di unha moza de moito peso e moito vulto, garrida, feiticeira, si as hai.

Tíñavo-lo pelo negro, algo creicho, mui longo e mui espeso: ¡a súa testa era branca e páleda como a lúa, negras e un pouquichiño combas as súas cellas, dereita a nariz, pequena a boca, roxos, acesos, agullados os seus beizos, cativos os dentes, ámprea a gorxa, aquela gorxa tan branca como a neve e logo us ollos!..... ¡Que ollos, leutor, que ollos aqueles!..... ¡Aqueles ollos falaban, xemían!..... ¡Facían de todo, de todo abofellas!

Ó fin e como aquel que se desfai de tristes e coitadas remenesencias, díxome:

—¡Si, si, direicho todo! ¡Escóitame!: non quero, por eso, nin o estado do meu espírito daríame tempo e calma pra facelo, pensar antes, nin moito menos descurrir tocante da miña situación preto de ti; polo tanto e deixándome

levar pola corrente dos sucesos, vou sin esforzo nin pena a decirche o que teño e por qué choro.

Escóitame logo.

Fai catro anos que nesta mesma area perdín, despois dos meus pais que Dios teña no ceo, mal pecadiños, o que eu máis quería neste mundo.

Por qué e cómo foi vou decircho agora.

Nascida e criada en Foz, orfa ós dazaoito anos, sin amparo desde entón, falta de arrimo e de quen por min fora neste mundo, atopeime, como aquel que di, tirada nos primeiros comezos da miña vida, sin saber que facerme, nin o camiño que había de tomar.

Cega, ceguiña de todo polas brétemas daquela noite sin termo, cuio loito e tristura imensa cubríanme o espírito con sudario de morte; cansa, sin forzas ni alento pra resistir quel golpe rudo e de sópeto recibido; medosa de min e de canto me rodoaba... cerrei os ollos e deixei caer no leito, naquel leito que desde entón empezaba a ser o triste e frío confidente dunha probe orfa.

Pro Dios que dá a chaga dá o remedio.

Por unha desas transicións, de que adoito e por natureza somo obxeto, insensiblemente e pouco a pouco funme amañando con aquel novo e repentino cambio da miña vida.

¡Sempre o desconocido ten pra nosoutros dozuras incónitas, porque no fondo da penumbra creemos ver algo do moito que o noso espírito cobiza e vai buscando por enramallados camiños!

Por eso e porque neste mundo non hai nada perene e duradeiro, aquela miña tristura e desconsolo foron como nubres que arrempuxan o vento correndo sempre e de seguido pra contra o ocaso das miñas penas.

Esto non quer decir que día por día e noite por noite non puxera no altar das miñas devocións as pregarías ferventes que desde entón tribútolle ós meus pais que en paz descansen; si, Dios e mais eles son testigos do que digo.

É o caso que desde entón boteime a coser por fóra poder atender ás miñas necesidades, traballo que me viña de encrino e que ademais sabía facer bastante ben, gracias á miña nai que me ensinou; así é que ó pouco tempo era a costureira máis nomada e conecida de Foz.

Querida, querente, gasalladora e de todos agasallada, sentía, sin ansias nin penas, esvarar a miña vida polo agro fondoso e ben regado da miña xuventú.

Deste xeito pasaron dous anos.

Pro unha tarde, cosendo eu en casa de Mañón, vin un forasteiro.

Non sei como nin por qué ollámonos de camiño.

Eu baixei os ollos e seguín cosendo...

El... el non sei o que fixo; o que é certo, o que recordo como si fora agora, é que ó erguer os ollos pra miralo de novo, atopeime cos del, abertos, fixos, cravados en min.

Aquel modo de ollarme fíxome dano.

¡Era, pecadora de min, a primeira vez que ollábame un home daquel xeito!

De alí a pouco foise e eu quedeime pesando nel, naqueles ollos i aquel xeito de mirarme.

Día por día, noite por noite desperta ou dormida, soñaba, pensaba naquel home.

Canto facía por espaxerme, de nada me valía.

Aqueles ollos grandes, negros, tristes, de repousado e fondo mirar, seguíanme, aloumiñábanme decote.

¡Estaba de Dios!

¡Tiña que ser así!

¡Non había remedio...!

Así pasaron pra min catro meses, pensando nel.

Pro unha tarde, ¡bendita tarde!, atopámonos vindo do Bispo Santo.

El, de pagarlle unha promesa ó Santo milagro só; eu, de pagarlle outra.

Cansos de andar, sentámonos nun cómaro, i alí, baixo unha pagá i ó rente do camiño díxome:

“Rosíña: fai pouco tempo que te vin en casa de Mañón, ¿acórdaste?

Ti cosías e eu parlaba con Federico e mais doña Teresa”.

Por eles e pola verba que tivemos, sabes que son home de mar... patrón dun cachamarín... pouca cousa por certo pra cobizar o que cobizo.

Nada che dixen, verdá é, pro os meus ollos buscándote decote i ás furtadelas, falaban por min, dicíanche o que sentía e había de sentir dende aquela tarde.

Home de mar, afeito a loitar coas ondas i os ventos inritados, non sei, non adeprendín a decir máis que o que sinto, nin de verbas, nin de rodeos, entendo, ¿queres polo tanto se-la miña muller Rosíña?.....

Vinte días despois, xuntos pra sempre i en preo goce dunha felicidade por ambos cobizada, embarcámonos en Foz con destino a Burela.

O sol agachábase tras dos picos i a tarde estaba triste e melancónica.

Pouco a pouco e empuxados por un terral endebre e sofocante, saímos do porto, pasámo-la barra e puxémonos en franquía.

Pro pouco a pouco deste comezou a cabecear o cachamarín, o ceo oscurecéose, o vento acabou i a tarde, antes garrida e feiticeira, púxose dun cor que daba medo.

¡Eu nunca tal vin! ¡Terra e mar e ceo vestían de loito, arroupábanse con nubres e carís cincento i arripiante!

Namentres el, o meu Roque, de pé na popa da cachamarín, ollaba pra todas partes e preguntábase qué faría. Virar, gana-lo porto... eso non era a súa corda, non estaba nel. ¿Que dería Foz?..... ¿que os seus compañeiros? Non, o que é eso... ¡antes morrer! Roque, o lobo do Cántabro o máis valente e esperto dos mariñeiros de Burela, (1)<sup>176</sup> non sabía, non podía recuar.

---

<sup>176</sup> No orixinal aparece unha nota a pé de páxina que di: “Fillo de alí, pra alí levaba á súa muller, no momento que nos ocupa”.

Nesto vén unha racha de vento forte, sópeta i estremeceo, fíxolle ganir o cachamarín.

Roque astones botou mau ó timón, orzou, puxo a barca en bolina; pro aínda máis forte, máis iuracanada, vén outra racha e levou o trinquete.

Roque botou un xuramento.

Eu asusteime e collín medo.

¡Era a primeira vez que ouía xurar a Roque!

O mar, namentres, bruaba, ruxía, retorcíase coma unha cobra.

Pro Roque... Roque estaba alí, encorvado, retorcido o corpo.

Coas maos no timón, páleda a testa i a mirada acesa, loitaba, revolvíase coma un titán conta a furia do mar e mais do vento. ¡Non!... aquel non era un home: ¡era o xenio endómeto e fero do mar que azouta as nosas costas!

Pro cando viñamos fronte desta mesma area, unha grande, crespas i escumosa, varreu coa mura de popa, crebou o timón, e logo... ¡probe Roque!... ¡Diolo teña no ceo!...

Dito esto calou, e bágoas como nocas caíronlle a fío polas meixelas abaixo.

Eu, entramentas, quedeime pensando na viudez e fonda trestura daquela muller que de primeiro tomei por unha meiga, pro que máis logo semelloume un ánxel.

Despois... despois ergueuse de xunta min, miroume espantada, e, beira das ondas, botou a correr pola area adiante coma unha lebre.

Eu quedeime alí, pro os meus ollos seguírona astra perdela na fonda escuridade dos penedos.

Así é que entre lusco e fusco da mañá, deixei aquela area onde tantas e tan fortes emocións fíxome probar aquela muller conecida pola TOLA DAS ONDAS entre a xente sencilla daquelas ribeiras.

—

Leutor: se un día, de Foz pra Burela pasares por alí conságralle un recordo a aquela probe tola, branco, ¡miña xoia!, de tódalas coitas e infertunios deste mundo.

## Jenaro Mariñas González

### Datos biobibliográficos

Naceu en Noia o 15 de outubro de 1868, aínda que foi bautizado na igrexa de San Vicente de Noal, en Porto do Son. Escasean os datos biográficos coñecidos que chegaron ata nós, resultando de grande utilidade a entrevista que Xosé M<sup>a</sup> Monterroso Devesa e Henrique Rabunhal<sup>177</sup> lle realizaron ó seu fillo Xenaro Mariñas del Valle. É a través dese testemuño como sabemos que se criou nun ambiente culto e libresco, debido a que esa era unha das grandes afeccións do pai. Tamén coñecemos que viviu dende moi novo na Coruña, onde traballou como funcionario da Delegación de Facenda e por este traballo tivo unha estadía forzosa na cidade de Lleida no remate da década 1910-20. Froito dese traslado é o nostáxico e pesimista cartafol poético *Lleidatanas*, que deixou inédito. Na capital herculina entrou en contacto coa Cova Céltica, nomeadamente con Francisco Tettamancy, co que chegou a ter unha relación case familiar. Faleceu na Coruña o 2 de outubro de 1938.

Comezou a escribir no xornal *Las Mariñas* de Betanzos e no 1905 pasou a dirixir o xornal *La Coruña Risueña*.

Escribiu tanto poesía coma prosa en lingua galega que quedou espallada en diversas publicacións de finais do século XIX, de aquí e de alén mar. Caracterízase polo ton festeiro e humorístico das súas composicións, como demostran os textos: “O sono dunha infiel”, publicado na revista *Galicia da Habana*, e “Ela a min non mas pegaba”, que viu a luz nas páxinas de *A Gaita Gallega*.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Incluimos neste volume catro textos de Xenaro Mariñas.

O primeiro e máis extenso é o titulado “A moda”, que foi premiado no certame de Betanzos, e posteriormente reproducido nos parrafeos 272 e seguintes de *O Tío Marcos d’a Portela*. Trátase dunha forte crítica á moda feminina por seguidista, por incómoda e por irracional. Expón Xenaro Mariñas en primeira persoa, a través da reprodución de anécdotas hiperbólicas, os desastres que a moda pode provocar en quen se deixe engaiolar por ela. Censura o vestido, o peinado, o calzado e a maquillaxe, nomeadamente das “señoritas da alta aristocracia”, aínda que “ben sei que todo o que dixeran a esta señoritas tiña que apricalo a tódalas demais, si tivesen diñeiro”. A súa crítica obsesiva raia na misoxinia cando, universalizando a condición feminina,

---

<sup>177</sup> *Agália*, n° 18, verao 1989, pp. 197-243.

afirma o seguinte: “¡Probes mulleres! Estanse botando a perder na frorida primavera da súa edá! ¡Probes homes! Ó casarse cunha pola destes tempos, non se fixan en postizos i levan gato por lebre”. Unhas afirmación que, liñas máis abaixo, atribúe á súa incontrolada pluma, “Dixen que vos quería; pro esas palabras trazounas a miña pruma sin o meu premissa, que o demais eu non quixen dicir eso” , “¡Diantre coa pruma esta, que sempre ha de falar algo de máis!” ou “esto dío a miña pruma sin eu querer”. Na parte final do texto, o narrador non só critica, senón que expón a súa proposta de moda, que ha de ser “un traxe sencillo, quero dicir, que non usásedes ningún dos postizos que xa dixen, nin outros parecidos (...) quixera tamén que a vosa cara fose vosa (...) que si vos queredes diferenciar das que chamades de calle, que non consista esa diferencia nos vestidos, sinón na aducación que teñades”.

O segundo relato que incluímos nesta escolma de textos é o titulado “Cousas do demo”, que viu a luz nas páxinas do número 12 da revista *A Tía Catuxa*, correspondente ó 11 de xaneiro de 1891. Trátase dunha narración en primeira persoa, na que ás veces se lle cede a voz ós personaxes para que dialoguen entre eles, e mesmo se chega a notar a presenza do autor implícito: “Escúsovos dicir...”. Comeza cunha descrición dunha fría noite de inverno na que “o tío Bernaldo estaba sentado na lareira xunto dun pote de caldo que fervía a borbollón. Ó pé da lareira estaba unha filla daquel, a señora Antona, a vella Mingas e o sancristán da parroquia”, ambiente e personaxes propicios para que xurda un conto, para que a transmisión da literatura popular se produza. O tema central da conversa é o demo e as formas máis eficaces de lle facer fronte, tema que reaparece no mundo dos sonhos do protagonista. Notamos, ademais, unha deliberada procura do humor, especialmente con xogos de lingua e coa introducción de elementos sorprendentes, como por exemplo “o demo dun gato”.

Tamén resultou premiado o relato “En busca dos cartos”, que foi recoñecido no certame de Mondoñedo do 21 de outubro de 1895, e que viu a luz no número 113 da revista *Mondoñedo*, correspondente ó 7 de febreiro de 1908, e posteriormente reproducido na revista *La Ilustración Gallega* de Vigo no ano 1912. Trátase dunha breve narración en terceira persoa, chea de humor, que constitúe unha nova versión dun relato popular no que os avarentos herdeiros procuran a suposta fortuna dunha persoa que está nos últimos momentos da súa vida. Os familiares seguen a pista das reiterativas palabras da vella protagonista que nomea “o monte Baio”. Conducida ata o devandito lugar, a anciá evoca a mocidade pasada naquelas paraxes e morre feliz. Chegou ata nós, na comarca do Sar, un relato oral de estrutura e desenvolvemento paralelo ó de Xenaro Mariñas, no que a frase repetida é “Ai, Campo Garai, Campo Garai” que remata “cantas bailas botou aquí túa nai con teu pai”.

Finalmente, incluímos o relato que leva por título “O vento”, publicado por primeira vez na revista *Aires d’a Miña Terra*. Trátase dunha reflexión en primeira persoa sobre as incomodidades do vento, que tamén conta con referencias ó lector implícito como “¡Cantos leutores quixeran ser vento!” ou “Polo mesmo me despito de todos e vos digo que non vos estrañedes das moi-



tas faltas deste artigo”. Aínda que son máis os puntos negativos que os positivos, a conclusión cara á que se conduce o lector é a de que o vento resulta imprescindible para a vida, xa que “Sin vento non podían as cociñeiras soprar o lume, e, sin vento ou aire, que vén sendo a mesma cousa, nadie estaba vivo neste mundo”. O humor, característica presente en todos os textos de Mariñas, tampouco é alleo a “O vento”, sobre todo, cando o narrador alude ós problemas que o vento ocasiona nos calvos e nas mulleres de pernas mal feitas.

## A moda

(Margarita de prata)

A cousa máis tonta que entre nós vexo vagar é a moda.

Pois miren vostedes que ten gracia, que si temos un pantalón inda novo non o poñamos por non estar feito á moda; que si temos un gabán en bo uso, que o herdamos dun noso avó, tiremos con el (co gabán) ou acurruchémolo porque xa non se estila a súa feitura; e que si temos un bo sombreiro, deixémolo encher de varola, por non estar ó uso do día, anque estea ó uso meu.

¿Que me importa a min que non estea feito á moda, que non se estile a súa feitura, que non estea ó uso do día? Deixan por eso, quizais, de ser un pantalón, de ser un gabán, de ser un sombreiro?

¿Por que non habemos de facer como os nosos labregos, que en poñendo o seu calzón rabelo, medias de lan ou polainas, zocos, chaqueta e monteira, xa non se lles acaba a moda nin mudan outro traxe hastra que lles convén?

¿Por que non os habemos de vestir según nos sea máis cómodo, según noso caudal, según noso gusto?

¿Por que moitos han de desprecear os consellos dun confesor ou dun médeco, e guíanse por un charlatán xastre, zapateiro, ou calquer outro que lle dea por discurrir unha moda, como facendo bulra dos homes bestas que a poñen, con tal que lles diga que vén de París?

¿Por que habemos de ser monos dos estranxeiros pra modas, monadas, gastos que non fan falta e aínda viciosos—como di o sabido P. Sarmiento,—e comenazar a imitalos nas úteles providencias que teñen estaboadas?

Si vemos pasar pola calle un home que levas nos seus pés unhos zapatos en forma de ferradura, porque sinón lastímanlle os callos que na súa mocedá fixo a moda; si vemos que leva un sombreiro como o que usaban noutros tempos os curas das parroquias, porque mentres o ten non pode gastar cartos noutro, e si vemos que leva ademais un pantalón froxo coma un saco, e un gabán demasiado ancho, por estar alí o seu gusto ¿pra que nos habemos de rir da súa facha?

Homes babiecas! ¿Non vedes que quen se ten que rir de nosoutros é el?

¿Non vedes que el se visteu asegún a súa comodidá, asegún seu diñeiro, asegún seu gusto?

¿Non vedes que el manda a paseo ó mundo, ós homes e á moda, con tal que se vista asegún dixer, e nós temos que facer liga con todos así nos reventemos cos nosos traxes?

¿Por que nos ha de facer facha ese home sendo máis facha a moda?

¿Que me dices desas señoras, que ademais de darlle Dios gordura bastante en certa parte do seu corpo, inda a queren máis abultada?

Deixemos, deixemos os homes, que si quixeron xa ben comprenderon a razón, e ademais a súa moda consiste, en cada un deles, en ser o seu pantalón un pouco máis froxo, un gabán máis ou menos longo, máis ou menos rabelo e un sombreiro xa máis alto, xa máis baixo.

Pro esas señoras que levan unha carga detrás de si, e non en lugar de mochila, sinón encima do... ¡Voto a min! ¿Por que non hai de prenuñciar o que elas inda aumentan?...

¡Vállame Dios! ¿Terei eu máis vergoña que elas, e volverei ó que iba dicindo. Aquelo que as señoras levan detás ¿non é unha facha?

–Facha non é –dirán moitos– que é un *polisón*.

Pois ben, ese *polisón*, ¿non pasa de facha? ¿Non é unha cousa fea? ¿Non vos parece mentira que as señoras de máis rango inda o teñan máis grande?

¡Voto a Xuncras! A calquer hora que eu pase pola calle, con tal que elas anden por ela, vexo máis *polisós* que señoras.

Diredes vós, que eso non pode ser, que os *polisós* non andan solos sinón con elas, e que polo mesmo, habendo *polisós*, hai señoras, ou habendo señoras, hai *polisós*.

Pro ¡que importa! Eu digo que vexo máis de istes últimos, i así é o certo. Figurémonos que unha señora deu volta a unha esquina, ou, pra millor espricalo, entón nunha casa; pois señor, o *polisón* quedou fóra, a señora vai andando, andando, i o *polisón* inda queda... inda queda... hastra que desaparece.

¿E cando tiveron no ano 65, ou non sei cando aquelas saias con miriñaques! Aqueles eran saias ou grobos? As que as vistían ¿eran mulleres ou eran campanas?

Quixera eu velas nesos tempos con esa moda; pois inda non a lembro.

Quixera ver unha desas señoras desembarcar nun muelle e un carabineiro rexístrala pensando que era un fardo!...

Quixera ver unhas cantas pasar por unha calle un día que moi forte soprasedo vento! Quixera velas voar hastra poñerse enriba das nosas cabezas, tendo cada un que pola calle pasase un tornavoz sin estar en púlpito!

Quixera, si, ver todo eso. ¡Abofellas que sería divirtido!

Mais quixera tamén; nun día bochornoso ter que facer un viaxe, meterme nun coche e haber de colocarme no medio de dúas señoras. Eu, que xa son corto de talla, ¿quen me viría no meu asiento?...

¿E qué direi das vosas colas que usástedes dempois nos vestidos? Non sabíades que unha cola nada máis era capaz de armar un tremendo barullo?

Pois señor, eu paso pola calle e vou de présa: tripo unha cola dunha señorita; eu caio, ela cai; o pai que vai con ela, dáme de paus co bastón; un meu compañeiro, que tampouco pode ver esas modas, saí na miña defensa; eu levántome e axúdolle; a nena dá gritos; os serenos acoden; nós non lle facemos caso; a xente vén correndo a ve-lo que pasa, repítese entre ela o que a min xa me pasou; caien uns enriba doutros, e hai confusión, e aies, e berros, e parece

que toda aquela calle está chea de demos que andan arrincando as lousas pra irse pró inferno.

Resultado: un escadrón de caballería sai a despexar a calle, e nos vamos direitos á prevención.

E todo por causa da vosa moda e do voso modo.

¿Non sabedes que si hastra vosoutras mesmas andades incómodas, tamén incomodades ós demais?

¿Por que non vos falo eu aquí doutras modas que tedes? ¿Por que non vos falo daqueles peinados que parescía levabades na cabeza un feixe de batume?

¿Por que non vos falo (por máis que o vou falando) deses tacós dos vosos zapatos, que un gato con toda comodidá podía pasar por debeixo deles?

¿Por que non vos falo, xa sin contar outras menudencias, deses polvos con que embadurnades a cara, dos coloretos que dades a ela, e desas trenzas que non son vosas e quizais fosen dunha miña tartaraboa?

Agora que me acordo dos polvos, poida ser que inda vos fale máis adiante; pro de todo o demais non vos falo, non, porque, anque me dá cólera velo, non me estorba, e ademais ¡xa o voso corpo pagará as vosas feiturías!

¡Probes mulleres! Estanse botando a perder na frorida primavera da súa edá!

¡Probes homes! Ó casarse cunha pola destes tempos, non se fixan en postizos i levan gato por lebre.

Si vós quixérades casar e ver certa a fermosura da vosa muller, tiñádesvos que casar cunha artesana, cunha desas que as señoritas chamas de calle, cunha desas, si, que non usan postizos, cunha desas que todo o que nelas vedes, deullo a natureza, e cunha desas, en fin, que sin elas o mundo non se poidera moito gobernar.

Naide pense que estou dicindo que as artesanas sirven pra moito e as señoritas pra nada; pois hai destas últimas que, anque lucen un *polisón* pola calle, fan moitas labores na casa. Eiquí agora solo falo de cuasi tódalas señoritas da alta aristocracia; desas que como teñen máis diñeiro usan máis postizos, si lles fai falla; desas que soilo saben estar lendo periódicos da moda; desas que si ven un pano no chan non se baixan a collelo e pousalo nunha silla; desas que si teñen un fillo, sin ter motivo pra elo, dánno a criar a fóra como si fose baixeza crialo elas mesmas; desas que o úneco que saben é tocar un pouco o piano, cantar un pouco en francés, chorar un pouco en inglés, falar moito en castellano, mudar tres ou catro vestidos ó día... e nada máis. ¿Parésevos pouco?

(Continuarase)

**A moda**  
(Continuación)

(Accésit 2º)

Eu ben sei que todo o que dixen a estas señoritas tiña que apricalo a tódalas demais, si tivesen diñeiro; e si esto fose así e non houberse artesananas ¿que sería de nosoutros?

¡Quen vería a un croucho escribano, cos seus antioxos e coa pruma na orella, pelando balocas!

¡Quen vería estar falando un labrego cun avogado, e así que este sintise ferver a ola, (a ola non; o que tiña drento), botar a correr pra sacarlle o testo i espumala!

¡Quen vería a un poeta vir con dous botixos da fonte; a un abade axustando fanecas e a un currutaco ministro lavando bacíns!

Dígovos, señores, que todo esto fariades dinantes que as vosas mulleres o fixesen. Pola contra, viñese de París unha moda, anque fose ben ridícula, todas eran a poñela.

Hai a mesma difrencia das señoritas –e non vos enfadedes por esto– ás artesananas, como das monxas que se encerran nos conventos, as monxas da caridá.

Diredes, señoritas, que eu estou botando contra vosoutras, que vos estou ofendendo voso honor de tales. Abofé que o sinto moito; mais mentras teñades esas modas non vos podo ver.

Como vos hei de poder ver, por exemplo, nistes tempos que corren, coas cabezas que parece saíron dunha saca de fariña?; con eses pelos ó redor da cara que pareceades cruxas facendo voso nariz de piteiro?; con eses vestidos con tantos repiniqueques que maldita a falla que fan e que moitas se arruinan por causa deles?; e por último, con eses *polisós* que si algún home ou muller dalá doutras terras vos vise fuxiría asombrado, ou asombrada, dicindo ó seu estilo: ¡Que cousas hai por acó nas mulleres!...

Moi felices son os cas –decía unha vez un home– espertan, levántanse, sacúdense, e alá vai cada un vestido, lavado e peinado.

E así como este home falaba dos cas, eu, falando das señoritas, direi que non as hai máis disgraciadas. Espertan, levántanse e vístense coa roupa dabaixo. E nesto, cada unha pon, ou manda poñer, nos alcendidos carbós, un ferro ou tenazas pra riza-lo pelo. Dinantes de lavarse mírase ó espello, e ponse a desfacer o que con tanto traballo fixo á víspera: o peinado. Xa desfeito, con axuda dun cento de horquillas, faino outra vez e vai poñendo o pelo da forma que deixo dito. Coas quentes tenazas, estonces, ponse a rizalo con moita pacencia, sufrindo coa mesma cachaza un chamuscón ou dous en calquer parte; pois algo ha de sufrir por andar á moda. Feito isto, lava a cara, forta nela un ingüento que non sei si lle chaman cloquén, por enriba de polvos brancos, dempois colorados, dempois aquela máscara menéaa deiquí pra alí no espello, dempois vístese co anamigo meu, (*o polisón*), e dempois... o demo que as leve a todas, que eu... así non as quero.

Dixen que vos quería; pro esas palabras trazounas a miña pruma sin o meu premissa, que o demais eu non quixen dicir eso.

O que vos digo é: que non usedes todas esas chafalladas que estendedes que todo o voso corpo; nada de miriñaques, nin rabos (ou colas que tanto ten) nin *polisós*; nin eses peinados; nin ese zapatos, que por querer face-lo pé pequeno, levádelos en tal apreto que hastra non sabemos andar pola calle, e parece que andades por uns alambres facendo xinasia; nin eses polvos que, querendo ser máis mozas na mitá do voso tempo, sodes máis vellás; nin esas pinturas; nin... ¿quen vai a numera-las modas que usástedes i estades inda usando?... Abofé que naide é capaz de sabelo, e anque o soubese; non tiña vida pra numeralas, nin as frábicas papel pra esquirbirlas (¡Diantre coa pruma esta, que sempre ha de falar algo de máis!)

(O Galiciano)

**A moda**  
(Concrusión)

(Acésit 2º)

Eu, si, señoritas, censuro esas modas que, anque non as poña, revéntanme soilo con vérvolas. Quixera, –por máis que non fagades caso do meu consello,– que vosoutras vestírades un traxe sencillo, quero dicir, que non usásedes ningún dos postizos que xa dixen, nin outros parecidos; pois sodes capaces de discurri-lo demo. Quixera tamén que a vosa cara fose vosa, e que non sea cara soilo polos gastos que vos acasiona en unguentos, polvos e pinturas; que si vos queredes diferenciar das que chamades de calle, que non consista esa difrencia nos vestidos, sinón na aducación que teñades; i así, moitas que foron de boas familias e que se ven agora sin recursos, serían respetadas polo mundo, se este non fixese mentes nos vestidos e mirase soilamente á virtú da persoa.

A maldita moda é a que está botando a perder tanto ás mulleres como ós homes.

Un destes últimos que sea un ladrón, que sea un asisino, en fin, un deses que rabuñan i esconden a man, con tal de que ande de moito goante e moda, todos lle fan saúde, todos queren trato con el. Se entra nunha casa, o porteiro (si o hai) ponlle cara de risa. E logo si un fose un valente militar que andivo entre as balas, que sirveu canto pudo á súa pátreá, que hoxe se ve retirado sin ter nada de seu, e polo mesmo cun traxe non ó uso do día, que retirado debía estar tamén, este home en tódolos sitios estorba, todos o miran con despréce, dende o engatusado ministro hastra o sucio barrendeiro; i aínda hai máis, que si este valente que dixen nonalcontra outro así polo seu estilo, andará decote por paseos arretirados sin ter xuntanza con naide.

¡Que ben! ¡Que ben está o mundo!... Vergoña me dá dicir certas cousas que nesta gran obra de Dios pasan.

.....

Vaise facendo este esquirto demasiado grande (aunque non tanto coma un *polisón*) e polo mesmo será ben darlle remate. ¡Quixera Dios que rematadas vise eu tódalas modas!

¿Por que non se han de arrematar canto máis antes?

Si, por exemplo, nun pobo andivo algún can adoecido, o alcalde pon un bando prohibindo que ningún can ande sin bozal.

I eu, si estivese de alcalde nun pobo, poñía tamén un bando pra que ningunha señora andivese con *polisón*; e si en vez de todos facer bulra de min, os demais alcaldes me imitasen e fixésemos en contra guerra crúa a tódalas modas que estorban e son dañosas á salú, xa veríades como se acababan todas.

As señoras e señoritas hai que quirticalas, si, (esto dío a miña pruma sin eu querer), hai que quirticalas por facer caso desas modas; pois ¿como hei de censurar ás derradeiras sabendo que estas estaban escurecidas, si non foran as que as usan?

Si a min un día (non me dá tan forte) me dera a gana de saír á calle levando, en vez de sombreiro, un grande bacín –con perdón das vosas caras– ¿a quen censuraban? ¿Censurábanme a min ou ó meu improvisado sombreiro?

Teño por escusado que vos conteste, pois a verdadeira remposta tan ben a comprendedes vós como eu; i así sigo dicindo do mesmo modo, que señoras e señoritas poñen un *polisón* ou botan polvos, sempre terán elas a culpa en usar esas modas sin maldita vergoña.

I agora que falei dos polvos que aquelas botan á cara, vouvos a contar un conto que pasou comigo... ¡Quixera Dios que con outro pasara!

Era un día de Viernes Santo, pola tarde, o día 23 de Abril do ano 1886, i eu co meu traxe negro mui cipilladiño, e co aire dun múseco maor dun reximento, pasaba pola calle.

Nesto, xunto a unha igrexa vexo entrar, entrar señoritas; i eu pra velo que había tamén entrei nela. Mirei a todas partes e soilo vin altares e xente; pro supuxen, pouco máis ou menos, que había de haber un sermón.

Xa me dispoñía a ouvilo, pro a xente que entraba, que eran a maor parte señoritas, íbanme apertando. Si esta últimas non tiveran *polisós*, eu inda cabería i estaría cómodo; pro con eles non se remexían; unha dábame codazo, outra facíame dar media volta á esquerda; outra botábame pra diante, dábame outra media volta á dereita, i así me foron maneando hastra que me puxeron de espaldas pró altar.

Así que me vin nesta pustura, escorrinme con bastante traballo por antre a xente e pranteime na calle; púxenme o sombreiro, i ó querer estírala chaqueta, engurrada polo apertón, vina chea de branco como si eu acarrexara sacas de fariña. Asombrado quedeime discurrindo de que podía porvir aquilo... ¡i aínda máis asombrado me quedei dempois que o soupen!

¡Válame Dios! Si non fose por El, e mais porque me tivesen por tolo, poñía un letreiro na espalda dicindo:

*“Así me puxeron as caras das señoritas”*

Xa sabedes agora o que foi.

Limpeime conforme puden os condanados polvos; pro quedáronme unhos manchós brancos e con eles un cheiror a modas que eu non podía ver, ou millor dito, arrescender.

Acordeime de Montaigne cando dixo que pra cheirar ben era mester non cheirar a nada; i esto dígo eiquí pra que o seiban os que se prefuman, tanto mulleres como homes.

Pois señor, siguido o meu conto, xa vos dixen que me pasou en Viernes Santo; e como nestes días sempre ha de chover, tamén choveu desta vez, i os meus manchós xa nunca máis deron.

Dende estonces escapo desas mulleres como escapan as moscas... é dicir, como debían escapa-las moscas do mel; pois todo aquel que escapa da morte non fai ningún milagre.

Digo a verdá, leedor; digo a verdá, oidores (si algún oi); dígovos que tan pronto se acabe iste conto, de seguro que o esquencedes; pro eu lembrareime mentreas viva, mentras as mulleres usen esas modas.

¿Por que botarán estas eses polvos á cara? Rebúleme a min un pensamento que non teño por menos que decilo; e velo aí vai.

Houbo, quizais, unha señorita de alta aristocracia que, de tan morena, era negra; i esta botou polvos pra ser máis branca. As demais morenas que a viron, anque ó principio facendo bulra, foron dempois facendo o mesmo, i así, supoño, se foi estendendo esta moda.

Comparan moitos poetas as mulleres coas brancas volvoretas; e concibo o porqué: porque nos quedan brancas as mans; xa collamo-las pirmeiras, xa as segundas. Hai unha diferenca; que as volvoretas, o branco que teñen e desprenden de si, deullo Dios, mentras que as mulleres bótano elas pola súa conta.

Eu comparo estas últimas cunha casa: si está pra vender, é porque está solteira; si comprada, casada; si alquilada, amancebada; si pra alquilar, vinda. Moitas veces está a fachada moi nova e por dentro todo é feo. ¡Cantas mulleres hai así! En fin, si a casa está negra hai que darlle branco, i así o fixeron elas coas súas caras... e máis.. a miña chaqueta.

¿Que adelantaron as morenas con botar polvos brancos nas súas caras negras?

Decide a verdá. ¿A que é morena non está millor sin polvos que con eles?

Ademais deso ¿Cron elas que con calearse en seco non se lle vía o rabo á cruxa, ou millor dito, non se lles conecía que eran morenas?

Agora ben. As que eran brancas ¿pra que botaron eses polvos?

De seguro que os botaron porque era moda. E según esto; non podó dicir o que dixen ó principio: que a moda é a cousa máis tonta que antre nós vexo vagar?

.....

Acabarei este artículo (agora é certo) dicindo o que sigo:



Todo aquel home que se perfuma e fai caso de modas ridículas, non é home que é unha muller... e dígolle aínda máis; que non serve pra muller nin pra home.

Os periódicos da moda tamén os censuraría en canto toca ás modas ridículas; pro non o fago, porque mentras hai señoras que pagan, hai señores que collen; e como polo pan baila o can, a culpa ten quen llo dá. Todo esto acabado estaría si as señoras non puxesen, nin fixesen caso desas modas.

Usei neste esquirto a palabra *señoritas*, e non pensedes que a usei por estar de moda agora esquirbir un artículo en español, francés e inglés; non o pensedes, non, pois eses que fan eso, é pra que lles digan que saben moito, e polo mesmo, eu non vos quixen dicir que sei castellano. A palabra señoritas tívena que usar á forza; pois hastra nas montañas máis apartadas da perdición do gallego, ou o que é o mesmo, dos portos de mar, mescran co seu linguaxe esa palabra. Si eu dixera, no seu lugar “señoritas”, moitos pensarían que eu falaba dunha que xa tiña biznetos; pois acostuman a chamarlles así ás que xa van caducas.

Digo por último que habrá moitas señoritas que boten contra min dicindo que eu ben podía censura-la moda sin que censurase a elas; pro eu contestareilles dicindo que ben podían as señoritas non culparme a min sinón o meu artículo. Ademais si en algo as ofendín, pídolles perdón; pois como elas deben saber, a miña pruma tivo a culpa.

### Cousas do demo

Era unha noite de inverno.

Non había chuvias nin o vento asubiaba; pro deixábase sentir un frío mui intenso.

Os meus dedos dos pés parecía que mos cortaran, i a miña nariz i orellas que eran feitas de neve, pro de neve que nunca se derretía.

Alcontrábame na miña casa, e saín, como de costume á do tío Bernaldo.

Atravesei a calle como un lóstrego sin chispa, e pronto me vin diante da casa do meu amigo.

Así que petei, abríronme, e dirixinme á cociña.

O tío Bernaldo estaba sentado na lareira xunto dun pote de caldo que fervía a borbollón.

Ó pé da lareira estaba unha filla daquel, a señora Antona, a vella Mingas e o sancristán da parroquia.

Si eu fose o tío Bernaldo, non consintía de ningunha maneira que viñesen estes mozos a quentarse á miña casa mentres iles aforraban a leña na súa... Pro... ¡que demontre!... nin siquera me acordei de que eu tamén facía o mesmo; e por esta razón, direi que a leña tiña que arder de todos modos, e tanto ardía pra dous como pra catro.

Como dinantes iba dicindo, entrei na cociña; e dempois de dar as “boas noites”, tomei asento nun tallo que fun arrastrando hastra poñerme cerquiña do lume.

Os consabidos señores seguiron a conversa que tiñan dinantes de chegar eu.

Non falaban dos veciños, nin de políteca, nin de relixión, sinón que falaban dunha cousa que está moito contra Dios.

¡Falaban do demo!

Esta conversa sacouna a vella Mingas pois chegara dicindo muy asustada que non sei a quen se lle aparecera o deño.

O sancristán tomou a palabra sobre este asunto, e dixo desta maneira:

—Eu non lle teño medo ningún... Por min xa se me pode persentar a calquer hora do día ou da noite, pois eu con soilo dicir “Xesús”, escorrento a tódolos demos que poida haber no inferno.

—¿E non sería millor facerlle unha cruz? —dixo a señora Antona.

—Tamén —añadeu o sancristán;— pro é escusado facela, pois basta dicir “Xesús”, pra que o demo desapareza máis que de présa.

—Eu non sei como é tan estrevido o deño —dixo a vella Mingas,— pois sabendo que Dios está en todas as partes, perséntase en calquera con moito descaro!

Cando acabou de falar esto a vella Mingas, unha tarteira que estaba nun alzadeiro caieo ó chan, desfacéndose en cachos.

Como estábamos tan entretidos na nosa conversa, asustounos de tal maneira, que todos dixemos a unha voz: “Xesús!!”.

Tan pronto dixemos esto, o demo deu un salto e desapareceu.

Era un demo dun gato que, dimpois de tirar coa tarteira, marchouse facendo bulra de todos, ou poida que máis asustado que nosoutros.

A vella Mingas así que o veu, inda non quedou mui conforme, pois dicía con medo: – “¡Ai Xesús!.. Quen sabe si será... ¡Xesús!.. un demo en figura... ¡Xesús!... de gato!...

E dimpois de dicir estas palabras, e vendo que o gato non desaparecía, pois estaba nun montón de leña lavando a cara moi tranquilo, quedouse máis aliviada por saber de certo que non era o deño; pois sinón desaparecería o pirmeiro “Xesús” que ela dixese.

Dimpois desto xirou a conversa sobre os gatos, máis tarde falamos dos veciños, de políteca i ultimamente de relixión

Como xa iba sendo hora de ir cada un pra súa casa, todos nos levantamos e dispidímonos do tío Bernaldo.

A filla diste camiñou diante abrírnos a porta; i así estivemos todos na calle, deunos as “boas noites” por segunda vez, i a porta zarrou con estrépito.

Eu dispidinme tamén dos meus compañeiros de reunión, e dirixinme á miña casa.

Inda ben non pasara unha hora, xa eu me estaba espindo pra ir pra cama.

Matei a luz e friorento metinme entre a roupa.

Así que cerrei os ollos acordeime do deño e senteime na cama pra presinarme pois por mor do frío non me lembrara de facelo.

Deiteime por segunda vez e xa non lle tiven medo a un, nin a mil demos que se me persentaran diante.

–Si se me persenta –dicía eu– non teño máis que dicir “Xesús” i o demo desaparece o mesmo que un lóstrego, pois así o asegurou o sancristán.

E conforme iba dicindo esto, os ollos fóronseme zarrando hastra que por fin quedei dormido.

Dempois... ¡non acerto a decilo!... o demo persentóuseme; e lixeiro como o vento colleume polas mans e polos pés, levoume a unha ventana e púxome pola parte de fóra como se me quixera tirar dela embaixo.

Todo esto fíxoo en menos dun segundo.

Eu, ó verme daquela maneira preso polo demo, escramei mui alto: ¡Xesús!...

¡Nunca eu o dixera... pois o demo desapareceu i eu non tiven máis remedio que caer da ventana embaixo.

.....

Escúsovos dicir que eu din un salto na miña cama e soupen con legría que todo o que me pasara fora un soño ¡pro si fora realidá, eu quedaba esfata-miñado nas lousas da miña calle!

### En busca dos cartos<sup>178</sup>

Era unha velliña, que estaba morrendo.

Tódolos parentes chegaron a cabo dela, pois se sonaba que tiña moitos cartos.

Xa a penas falaba e solo repetías estas palabras entre viva e morte: “¡Ai, monte Baio, monte Baio!”...

Os parentes lle rexistraron toda a casa, e nada máis alcontraron, metidos nunha ucha, mantelos, chaquetas, rofaixos, panos de crepón i outras roupas moi boas que a vella usara noutros tempos, alá cando era xoven.

—Miña nai –lle dicían– mire si ten algo que dispoñer, e dígamo.

—Miña tía, recorde ben a ver si ten algo que mandar...

—Miña sogriña, ¿quédalle algo que dicir señora?

I a todo esto, a vella solo repetía:

—¡Ai, monte Baio, monte Baio!...

—Pro, señor, ¿onde terá escondido o diñeiro? –Pensaban todos.

—Se me acurre unha idea –dixo un sobriño a máis de sete parentes que tiña ó lado. A probe da miña tía debe ter no monte Baio un capitaliño enterrado, i o millor que debemos facer é levala alá, pra que ela nos señale o sitio dos seus aforros.

—¡E sabes que tes razón! –Dixeron todos.

—Así debe ser –sigueu aquel. A probiña solo repite esas palabras, porque non pode seguir falando, a causa de írselle acabando o alento. O millor é levala alá antes que se lle acabe de ves.

I así foi. Trouxeron un carriño, puxeron nel dous colchóns, e neles colocaron a vella, e foron andando hastra o monte.

Xa nel, volveron a preguntarlle á moribunda.

—¿Ten algo que dispoñer, señora?... ¿Ten algunha cousa que dicirnos?...

A vella volveu ás andadas, escramando:

—¡Ai monte Baio, monte Baio!...

—Xa estamos nel, señora; xa estamos no monte Baio.

Oieu a vella estas palabras, e, de súpeto, abreu os ollos.

Os parentes quedaron caladiños.

Nin siquera respiraban, por medo de non oír ben á vella.

Esta botou unha ollada ó monte, e por fin, escramou desta maneira:

—¡Ai, monte Baio, queridiño!... ¡Cantas apertas me teñen dado aquí os mozos!...

\*\*\*

E dimpois de dicir estas palabras, deu a probe vella o último suspiro.

---

<sup>178</sup> Figura a nota “Cuento premiado en el Certamen literario celebrado en Mondoñedo el 21 de Octubre de 1895.

## O vento

Non hai cousa que máis me entreteña, nin que máis me estorbe nin que máis me guste como o vento.

Me entretén o vento, cando da miña ventana vexo as mil trasnadas que vai facendo por onde pasa. Me estorba o vento, si en lugar de estar mirando pola ventana me vexo en médeo da calle e socede o que a todos. E soilo me gusta o vento, cando me alcontro na casa, ou háchome ó pé do lume, oíndo os contos dos meus compañeiros.

Si chove, nadie pode andar pola calle con paraugas, porque o vento enseguida lle dá volta do rivés.

Si non chove, veñen as areas a meterse nos ollos, e mentras os fregamos, nos voa o sombreiro, que vai a parar, por desgracia ó sitio onde hai máis basura. Entonces, sin acordarnos dos ollos, botamos a correr detrás do sombreiro, i ó ir a botarlle a man, vén o vento i o fai voar outra vez, hasta que o collemos dimpois de andar un anaco detrás del, si antes non foi a parar a un tellado, ou non marchou coa corrente dun río.

As mulleres que teñen as pernas mal feitas, non hai quen as faga salir á calle nun día de vento, porque este descubre todos os defectos.

Pra que a un calvo se lle descubra o seu, basta que o descubra o vento; i os que teñen rachado o forro da chaqueta teñen que andar con ela moi abotonada, si non queren que se vexan os rachós.

Cando vemos a unha boa moza cunha sella chea de auga na cabeza, entonces é cando o vento fai das súas, mais ela tense que estar moi quedaña e deixar que o vento faga o que queira...

¡Cantos leutores quixeran ser vento!

Un día de vento nadie pode andar a gusto pola calle, pois hastra cando cuspimos o facemos por nosoutros mesmos.

Cando algún nos conta unha cousa de escasa importancia solemos escramar:

—¡Boh! ¡Boh! ¡O vento! Como si o vento nada nos importase dispois de causar i estar causando tantas desgracias na terra e no mar.

¿Quen é capás de contar as casas que se viñeron ó chan nun día de vento?

¿Cantos barcos se afundiron e canta xente en eles pereceu, cramando por Dios e polos santos, nun día de vento?

Un home que non teña medo ó vento ben se pode decir que é un home dos máis valentes.

Ademais desto, o vento nos é moi conveniente.

Sin vento non podía haber músecos: nadie podía tocar un cornetín, nin podíamos oír os sonidos da nosa gaita; e pouco importaba que un órgano tuvese boas voces sinón houbese vento que as fixese oír.

Sin vento non podían as cociñeiras soprar o lume, e, sin vento ou aire, que vén sendo a mesma cousa, naide estaba vivo neste mundo.

Moito máis vos poidera falar do vento, pro non convén tanta ventilación en esta revista.

Polo mesmo me despido de todos e vos digo que non vos estrañedes das moitas faltas deste artigo... Nada ten de particular que eu teña a cabeza chea de vento.

## Hipólita Moíño de Landrove

### Datos biobibliográficos

Coñecida literariamente co nome de Valentina Lago-Valladares, Hipólita Moíño de Landrove naceu en Ferrol, estudou a carreira de Maxisterio e exerceu como mestra de Instrucción Primaria naquela comarca. Son escasísimos os datos biográficos que chegaron ata nós, tan só temos que destacar un artigo publicado por Aurora Marco<sup>179</sup> no que a sitúa como unha das máis importantes seguidoras de Concepción Arenal, ademais de reivindicar constantemente nos seus textos, publicados no *Almanaque de Ferrol* e na *Revista Gallega*, a figura desta insigne muller de leis. É a través da antedita fonte como coñecemos que Hipólita Moíño colaborou asiduamente en *El Correo Gallego* da súa cidade natal, e dun xeito máis esporádico no madrileño *El Correo de la Moda*, ademais de *El Regional*, *Suevia*, *Almanaque Gallego*, *El Eco de Galicia*, *Vida Gallega* e *Revista Gallega*. Foi académica correspondente da RAG no 1906. Sabemos que no 1915 era viúva do Sr. de Landrove e vivía en Valladolid. Merece a inclusión neste volume pola calidade literaria dos textos que escolmamos, ademais de pola rareza que supón na literatura galega daquel momento a presenza dunha voz feminina.

### Comentario dos textos narrativos

Contamos con catro relatos:

“Contos da Terriña”, que foi publicado no número 588 da *Revista Gallega*, correspondente ó ano 1906, é un relato de temática amorosa que remata traxicamente coa morte dos dous protagonistas debido ós celos do amante e ás dúbidas da amada, estando toda a trama envolta nunha escenografía romántica caracterizada pola influencia que a natureza exerce no estado de ánimo dos namorados. De feito, son abondosas as imaxes que se apoian nalgún elemento da natureza: “A rapaza, que era fresca coma as froriñas que crecen xunta o regato, e alegre coma as alboradas da amañecida”. A consumación non chega a callar debido a dúas razóns: os celos de Lourenzo que “non tiña xenio para matar un abellón, pro era capaz de matar a tódolos que mirasen pro seu amor”, e a irrupción dun habaneiro que “volviera xa machucho, con moitos cartos, moi ben portado, con trazas de home rico e a fala moi doce” e que “viu a nena, e prendouse dela, sin deixala a sol nin lúa, requeríndoa sempre de amor”. A protagonista cede diante da tentación da fartura fronte ó amor con fame que lle ofrecía Lourenzo, co cal o final se precipita coa morte dela e o suicidio do namorado.

---

<sup>179</sup> “Lembranza dunha arenalista ferrolá”, *Andaina*, nº 6, 1993, pp. 41-42.

“Añoranzas”, publicado no número 576 de *El Eco de Galicia* no ano 1907, constitúe unha reivindicación da figura de Concepción Arenal, “muller ferrolana que nos deixou unha riqueza de pensamentos para que lle semelláramos nas boas obras e axudásemos á protección e amparo das clases probes e dos pequenos abandonados polo mundo”. Do mesmo xeito que nos textos anteriores, tamén neste está moi presente a influencia da paisaxe no estado anímico da creadora solitaria, “sin máis veciños que os tristes pinares e os doces cantares dos paxariños”, unha natureza que se chega a converter na súa confidente, como podemos comprobar no seguinte fragmento: “A estas floríñas brancas que ó meu pé teño, cóntolles o pesar que sentín”. A queixa xeral de Valentina Lago-Valladares é a ausencia de colaboración cara ás iniciativas solidarias, nomeadamente por parte de quen máis poder ten: “outras portas novas, donde estaban as nosas esperanzas, estiveron cerradiñas; e cando, cansados de esperar, volvemos a chamar, abriron pouquiño a pouco pra decirmos con moita cortesía que si... que o proxecto era mui bon, que faciamos ben pensar asina; pro que, como tiñan tanto que facer non podían pararse... e que as sociedades rexionalistas... as cultas... as literarias... non podían meterse nesas andrómenas...”.

“Dendes da Terriña”, publicado no número 31 da revista *Galicia*, no ano 1910, e encabezado polo coñecido retroso que Rosalía de Castro introduciu nun dos seus poemas, “Airiños, airiños, aires/ airiños da miña terra/ airiños, airiños aires/ airiños, levaima a ela”. A presenza, tamén influencia rosaliana, latexa ó longo de todo o relato, xa que a narradora é diagnosticada co “mal de morriña”, que se curaba despois de “ir dar unha volta ó chan nativo, sentarse a carón das carballeiras, tumbarse na vere manta dos souts, e ter bon respiro ó pé dos ribazos, ou enriba dos cómaros que cerran as chouzas”. Trátase dunha persoa que fai o percorrido en ferrocarril dende Euskadi ata Galicia, e, a medida que avanza o tren vai describindo o que observa. Así, observa a industrialización vasca: “o traballador pobo vizcaíno, cas súas chamineas botando negro fume; cos seus centos de barcos dedicados ó tráfico comercial; cas súas calles modernas, e ca súa endustria minera e o seu comercio cheo de vida e de exprender”, “a rede de camiños de ferro, as grandes fábricas e talleres, e ben aproveitados os regatos máis cativos, de donde sale unha gran labor que dá cartos, e axuda a facer unha rexión rica e poderosa”. Do mesmo xeito que a autora padronesa, Valentina Lago tamén atravesa os “despidos campos de Castilla” que lle fan lembrar “as peniñas que pasan os nosos peisanos, cando van á sega, e intrestece recordar como tratan os probes galleguíños que ofrecen os seus brazos a cambio dun xornal ben pequeno e dunha mantención ben cativa”. Non só describe, senón que tamén analiza as causas desa situación, e afirma que “aquí fáltalles a protección dos ricos, a man caritativa dos poderosos... dos que poden facer de Galicia a mellor terra de España; dos que poideran protexer a agricultura, e cruzar de vías de comunicación os pobos, e dar facilidade pra que o produto da terriña fose escollido nos mercados extranxeiros, e pra que houbera abundancia de cartos e fartura nas prazas pra comer ben e barato”. A influencia da autora de *Follas Novas* mantense ata o final da narración, xa que é aí onde introduce a crítica desta situa-



ción dende o punto de vista feminino, ó considerar as mulleres como as principais vítimas da emigración.

Finalmente, incluímos o relato titulado “Vacaciós de sogra”, publicado no número 131 de *Follas Novas*, no que a nosa autora figura como traductora. Coincide o texto cos descritos anteriormente no protagonismo feminino e diferénciase polo emprego neste dun rexistro máis coloquial e por botar man do humorismo como recurso narrativo. Desenvolve en primeira persoa un encendido ataque ás sogras, acusándoas de múltiples defectos, nomeadamente a intromisión na vida familiar, o autoritarismo e o resentimento.

Xa que logo, Valentina Lago Valladares presenta unha narrativa formalmente romántica, dotada, tamén, dunha sensibilidade social e feminina, que toma como referencia a Rosalía de Castro, sen se esquecer do compromiso racional que representou Concepción Arenal.

## **Contos da terraña**

Á miña ilustrada compañeira E.N.G.

Coas súas verdes pradeiras pintadas de froliñas brancas e amarelas, coas súas casiñas branqueadas e cobertas de tellados roxos, cos seus soutos de castaños e carballos coas súas corredoiras estreitas adornadas de silveiras e laureiros, coas súas hortas traballadas a conciencia, era aquel lugar da montaña un ben de Dios, e aqueles viciños xente de paz, criados no traballo e no santo temor da outra vida.

A sombríña daquela montaña por onde marmula un gran río, e ó pé dun ribazo, vese unha casiña pequena que ten un corral, e diante da porta unha figueira alta.

Naquela chouza pequena, vivía unha rapaza, a máis garrida do rueiro, que era o amparo de dous vellos que se miraban na nena coma se miraban os paxariños nas craras augas do río.

A rapaza, que era fresca coma as froliñas que crecen xunta o regato, e alegre coma as alboradas da amañecida, vivía contenta e dichosa, co corazón cheo de ilusións e de esperanzas, pensando no seu rapaz que lle falaba amores nas noites de vrau, sentadiños no corral, contando as estreliñas do ceo, o mesmo que contaban os días pra santificar o seu amor...

Tódolos rapaces do lugar, desvivíronse por ela; pero a ninguén daba creto máis que a Lourenzo, un rapaz moi probe que vivía preto do lugar, un rapaz moi traballador que se morría de amor pola moza, e adoraba nela coma os anxes do ceo adoran a Dios. Solo tiña Lourenzo un defeuto moi grande, que xa dera algunhas rabechas, e non poucos días de bágoas á rapaza. Lourenzo, era un celoso cativo. Non tiña xenio pra matar un abellón, pro era capaz de matar a tódolos que mirasen pró seu amor: el, non vivía en paz tembrando sempre que lle roubasen aquel corral, sendo o can e mais el, os mellores vixilantes do lugar.

Por aquel tempo, chegou á parroquia un ricacho, fillo do país, que se fora de moi pequena pra Cuba, e volvera xa machucho, con moitos cartos, moi ben portado, con trazas de home rico e a fala moi doce: con brilantes anelos nos dedos, e unha gran cadea de ouro presa no chaleque, e dentro do peto un reloxo do mesmo metal, que deslumbraba as rapazas do lugar. O habanero viu a nena, e prendouse dela, sin deixala a sol nin lúa, requeríndoa sempre de amor.

Lourenzo, vivía escamado porque a rapaza, gustaba de oír a aquel home, que tan ben espicaba o que había visto por aqueles mundos... Un día santo, que había baile de fruta no souto, chegouse o habanero á rapaza pra formalizar o seu desexo de casarse con ela, pois ningunha muller sería dina do seu amor e fortuna máis que aquela cariña garrida que o tiña ameigado... A rapaza contestáballe, porque non é de personas ben criadas non falar, pro non quixo beilar con el, nin con ninguén, hastra que chegase o seu rapaz.

Lourenzo, chegou xa posto o sol no penedo, e de lonxe ben viu a parola do habanero ca súa rapaza, e viu tamén a sombra dunha carta que a rapaza gardou ben á présa antes que ninguén se procatase.

A Lourenzo, a sangue dos pés, subiulle á gorxa que coidou que o afo-gaba. Chegou moi amodiño cabo deles, e dándolle un couce ó habanero, que o fixo caer de fuciños, díxolle a berros, e mirando con desvergonza á rapaza: ¡Perdone ho! E recolla un consello: páguelle ben os favores a esta moza, e axú-dese, non sea parvo, que de este pan... todos collemos un cacho...!

A mentira infame, a calunia de un celoso cativo, dou en terra ca rapaza. Acabouse o baile, e nas sombras do souto solo quedaba un home, con-solando a pena de unha inocente.

Lourenzo, non se vía en ningunha festa. Soliño sempre sentado polos ribazos, cara o ceo coma demandando perdón pra o seu pecado. A rapaza, non quixo saber máis daquel amor sin alma, que diante do mundo fixera un ultraxe tan grande á súa virtude...

Tódolos días, dimpois de pechada a moite, nin unha sola deixou Lourenzo de rondar o corral. Na póla da figueira que daba a carón da ventana alta, subíase o rapaz, e desde alí, esculcuñaba todo o que pasaba drento. Triste, chorosa, cas maus postas en cruz estaba a muller da súa vida. A Lourenzo, non lle quedaba ningunha esperanza: el mirábase pequeno e probe, el non tiña máis que amor por ela, e amor solo neste mundo, non mantennos...

As refreusións da rapaza, eran outras. Non durmía, sentada na beira do leito, lía aquela carta tentadora. As promesas do habanero eran moitas, el creía a pés xuntos na virtú da rapaza... ela, poñía a man no corazón e reflexio-naba. ¿Que lle esperaba con Lourenzo? Traballar moito dendes pola mañá has-tra a noite levantando regueiros de terra o mesmo que os bois, coidar dos ani-más de volta á casa, poñer lume á lareira, comer unha cunca de berzas, e deitarse magoada pra volver ó día seguinte ó mesmo traballo, e asina sempre: criar os fillos despidos e pouco fartos, pelear co aquel home mal criado polos celos cativos, e que sempre lle daría mal pago. Non, o que fixera Lourenzo non tiña perdón. Parva sería se non daba creto a aquel home rico e tan bon coma un cacho de pan. Ter criados, pasear polas terras vendo como traballaban os xornaleiros... coidar do seu dono, e dormir nos brazos da ilusión e do amor, que non morre habendo pan e satisfaccións... A rapaza sonriu ó porvenir e lim-pando as bágoas, colleu a carta e bicouna mil veces...

A sombra do habanero, pasou por diante dos ollos de Lourenzo, e pechando os puños, brincou da póla da figueira, ó cuarto do sobrado...

Nigúen soubo o que alí drento pasou. Solasmentres na amañecida, á pirmeira raiola do sol, os veciños do lugar, contempraban pasmados e cheos de pesar, o cadavre da rapaza xunto á ventana, afogada co pano do pescoco: e o corpo de Lourenzo, aforcado, e pendorgado da póla máis alta da figueira...

Ferrol, 1906.

## ¡Añoranzas!

(Para *El Eco de Galicia*)

Pasiño a paso pra non magoarme nos toxos pequenos, subín ó monte donde a virxen de Chamorro ten a súa choza solíña, sin máis veciños que os tristes pinares e os doces cantares dos paxariños que lle cantan alabanzas desde o abrir do día hastra pechar a noite.

Chegando ó pinar que hai un pouco máis abaixo da ermita, senteime nun pedaciño de chan froleado e fresquiño, donde os grilos tintineiros axudaban a aquel concerto universal. A carón daquelas herbiñas verdosas, cara á veira frondosa, contemplaba toda a extensión do valle e a poética ría ferrolana, donde o mar mainiño e azul coma o ceo molla as veigas dos corrás e as brancas casiñas que están ó pé do campo da feira.

Boa falta me facía deitar un anaco de tempo a miña imaxinación chea de brétemas daqueles días nubrados, daquelas angonías pasadas ó pé da mesa escribindo planas pra insiñanza das personas torpes que non entendían as doutrinas da santa muller que en vida se chamou Concepción Arenal, da muller ferrolana que nos deixou unha riqueza de pensamentos pra que lle semelláramos nas boas obras e axudásemos á proteución e amparo das clases probes e dos pequenos abandonados polo mundo e que a istreita concencia dos ricos deixa orfos, mortos de fame e despidos de roupa e de insiñanzas morales...

A estas floríñas brancas que ó meu pé teño, cóntolles o pesar que sentín, cando a nosa voz escasa de elocuencia, pero abundante de amor pra os probes e de admiración pra a ilustre dama a quen queremos honrar co máis grande dos homenaxes, responderon unhas poucas de almas parvas ca cachola valeira de sentido e de pouca caridá no corazón. Cando cas doutrinas de Concepción Arenal nos labios, padricamos aquel dourado evanxelio, pra que se xuntasen os homes de cencia, os amantes das letras, e as almas caritativas que tiran os cartos polo chan, ou os emprean en cousas de vanidá, sentimos friaxe na ialma e pesar no corazón, vendo a indiferencia con que os máis chegados tiveron pra tan beneficioso proxecto.

As asociacións de beneficencia, os proteutores da infancia desvalida, os centros literarios que tanto brúan e tanto berran pola unión e o progreso da terraíña, quedaron caladiños, sen decir, anque non fora máis que por recordo sagrado á muller ilustre que tanto honra o bendito chan gallego: “Bendiga Dios a vosa idea e aquí nos tedes pra axudar no que se poida”.

A tódalas portas chamamos quedíño, insiñando as obras da gran criminalista gallega, da estrela brillante que alomea o mundo das letras: moitas portas abríronse amocionadas pra axudar a nosa obra de homenaxe misturado co sol da caridá e da educación pra os probes. Pro outras portas novas, donde estaban as nosas esperanzas, estiveron cerradiñas; e cando, cansados de esperar, volvemos a chamar, abriron pouquiño a pouco pra decirmos con moita cortesía que si... que o proxecto era mui bon, que faciamos ben pensar asina; pro que, como tiñan tanto que facer non podían pararse... e que as sociedades rexionalistas... as cultas... as literarias... non podían meterse nesas andrómenas...

¡E logo berramos na prensa, porque vemos caer no pozo do olvido as glorias da terra! E cubizosos dos esprendores e adiantos de outras rexiós, sentámonos a chorar ó pé dos muros artísticos, dos muros vellos cheos de arte e tradicións, sin disposición pra conservar esas pedras que farían un museo rico noutras naciós!...

Asina, voando o meu pensamento, como voan as avelaíñas... chegou aló lexos... atravesando os mares, cabo dos gallegos, dos fillos desta bendita terra, pra contarlles as miñas añoranzas, os meus pesares... envoltos nun consolo grande, nunha esperanza que non morre... e mirei pra enriba no alto do monte, pra quela cruz de pedra que non abanea o vento, e bendice os probes emigrantes...

Ferrol-Serantes, 1907.

## Dendes da terriña

*Airiños, airiños, aires*  
Airiños da miña terra  
Airiños, airiños, aires  
Airiños, levai-me a ela  
ROSALÍA DE CASTRO

Era ben cedo cando me erguín do leito pra irme á estación, e alí esperar ó tren que había de traguerme á miña terra.

Ben acertado estivo o médeco, decrarando que para o mal de morriña, non hai máis meiciña que ir a dar unha volta ó chan nativo, sentarse a carón das carballeiras, tumbarse na verde manta dos soutos, e ter bon respiro ó pédos ribazos, ou enriba dos cómaros que cerran as chouzas.

Pitou o tren, e tódalas alegrías da miña vida se xuntaron pra acompañarme no meu viaxe a Galicia. Alá lonxe quedaba o traballador pobo vizcaíno, cas súas chamineas botando negro fume; cos seus centos de barcos dedicados ó tráfico comercial; cas súas calles modernas, e ca súa industria minera e o seu comercio cheo de vida e de aprender.

Dempois, montañas e máis montañas; pozos de mineral donde os homes consumen a súa vida; picoutos pelados, e pola baixada dos montes, e nas revoltas dos ribazos, descubríanse campiños verdes, relucentes, cas pingotas da chuvia que caía mainiña daquelas nubes mouras que cobrían o azul do ceo. O camiño vasco mostrábanos fachendoso, a rede de camiños de ferro, as grandes fábricas e talleres, e ben aproveitados os regatos máis cativos, de donde sale unha gran labor que dá cartos, e axuda a facer unha rexión rica e poderosa.

Coma un can doente voaba o tren polos despidos campos de Castilla, por aquelas ardentes terras que se miran leguas e leguas de tarreo sin ver un arbre, nin abanearse unha folla, máis que o sombreiro dos espantallos que se erguen con medo no medio dos trigos. Aquela terra trouxo ó meu pensamento, as peniñas que pasan os noso peisanos, cando van á sega, e intristece recordar como tratan os probes galleguiños que ofrecen os seus brazos a cambio dun xornal ben pequeno e dunha mantinción ben cativa. ¡Probes! eu, ben os vin pasar unha vez a un fato de mozos que iban contratados pra a sega castellana; cando iban pra aló, levaban as forzas do xigante, as alegrías da mocidade, e os coores da cara o mesmo que dúas rosas de Maio, e das súas gorxas saían cantares alegres de día de festa... Cando volvían, ¡ai malpocados! non os conocía nin a súa mai: as caras fracas e queimadas polo ardente sol, cansadiños de traballar coma mouros sen un arboriño que refresque aqueles corpos magoados, mortos de sede e moitas veces doídos por treidora enfermédá.

Pra que van aló dixeran os indiferentes ca probeza ¿Que se lles perde fóra da terriña? ¿Non teñen no seu chan unhos campiños ben vizosos; unhas terriñas que ben sementadas darían o azafrán; unhos regatos que ben aproveitados polos prados e polas laburias darían dúas cosechas e manterían un gando

que valería ben nas feiras? ¿Non teñen unhos souts donde tumbarse ó sol, unhas ortiñas vizosas que soilo esperan os brazos dos homes pra levantar os regos, e pra que se erga o fruto e a espiga salla espesiña coma noutras regiós? ¿Que lles falta na terriña ós nosos paisanos tan honrados e tan traballadores que asina fuxen de ela?

¡Ai! Dá peniña confesalo... Aquí fáltalles a protección dos ricos, a man caritativa dos poderosos... dos que poden facer de Galicia a mellor terra de España; dos que poideran protexer a agricultura, e cruzar de vías de comunicación os pobos, e dar facilidade pra que o producto da terriña fose escollido nos mercados extranxeiros, e pra que houbera abundancia de cartos e fartura nas prazas pra comer ben e barato. Coma naide se coida de estas melloras, fuxen da terra donde naceron, non pra renegar dela, pois volven a morrer no seu chan, con catro cartos que xuntaron a forza de traballar: eles deixan a terriña, porque os matan as contribucións, porque a usura os deixa por portas, porque o cacique, trainos renconrosos, e lles rouba o pan dos seus fillos se non votan por el, ou por algún lampantín, nas eleucións. Por estas perradas fuxe o gallego e deixa as mulleriñas que coiden da casiña e do gando se hai, e que traballen como poidan as laburias.

O gallego sai sempre con pena do seu terruño, cheíño de bágoas os seus ollos sin poderse despedir do chan meigo que recorda sempre...

Axiña pensando, e axiña sentindo, iba perdendo de vista aquelas terras longas prantadas de bon trigo, aquelas casiñas da color do barro, e aínda de ben lexos, mirei pro os espantallos que poñen no medio das prantaciós pra que fuxan os paxaros, e non piquen o gran. Perdidas no hourizonte aquelas soledades, o tren meteuse por un burato aberto na montaña que se nos viña encima e cerrei os ollos por aquelas escuridades pra abrilos con meiga ilusión diante dos dourados campos de Galicia. ¡Ai! ¡Cantos primores me saíron ó camiño!... ¡Como me bicaba o vento dos souts! ¡Que apertas de esencia me daban as prantas da froleada campiña! Pola carretera do paso a nivel baixaban os bois marelos, e os rapaces que iban pra unha feira: eles, e elas, collidos das maus, entonaban unha copra mimosiña que hastra min chegou na crara fala da terriña:

Fun a San Andrés de lonxe  
cunha cesta na cabeza,  
fun por mar e vin por terra  
o meu santo mo agradeza.

Xa estou acá... xa estou neste rincuncho dun valle primoroso, no fondo de un chan de froiñas e herviñas vizosas. Dendes de esta choziña vexo por entre os arbres e as silveiras donde fan o niño os gorriós, os campiños reverdecidos do Valle de Fene, os ríos marmulladores de Sillobre, os muíños de Perlío ca súa represa bruadora que me fai adormecer nun soño de felicidade, do que eu non quixera despertar...

Valle de Fene, Julio de 1910.

### Vacaciós de sogra

Hai mulleres que dendes que se casan, esquécense das súas amigas, coma si estas foran a estorbar a felicidade do matrimonio.

Unha das millores compañeiras que tiven na miña mocedad, dendes que o señor cura lle botou a bendición, púxose tan dereita e tan fachendosa, que si algunha vez topaba con ela saudábame así por entre os dentes poñéndome a cara torta, e escapada da xente sin querer parola con ninguén. De ver tal mudanza estaba eu pasmada. As demais compañeiras e amigas cavilaban se sería celosa e non quería tivésenos confianza co seu dono. Pasou moito tempo, e un día topámonos por cuaselidá nun comercio de sederías, e en canto me ollou, conocinlle unha emoción tan grande de contento, que chegándose a min con cariña de rosa e botándome as maus ó pescozo, mesmo coidei que me esganaba: apretós de maus, bicos de cariño verdadeiro, palabriñas doces saíron dos seus labios, e foron tan grandes as demostracións, que pensei que se volvera tola.

A todo esto, eu cásaque pasmada, contemplaba á miña amiga sin poder decatarme do porqué de tanta alegría, e non me lembraba de vela nunca tan festexeira: ela conoeu a miña curiosidá, e tan presto como salimos do comercio, díxome, dándome palmidiñas no lombo.

-Xa sei que estarás ardendo en deseos por saber o que hoxe me pasa. Alégrocheme ben de encontrarte tan a tempo, e non penses, miña amiguíña, que tivese algunha herencia nin sea máis grande o xornal do meu home. Todo isto sería pouco en comparanza do que me sucede. Baste decirche que hoxe é o día máis alegre e máis feliz da miña vida. Toda a miña dita consiste en que o alto consello supremo da felicidade concédeme algúns días de libertá e sosego, algúns días nos que podó mandar na miña casaña e nos meus fillos, querer o meu home con toda a libertá, falar coas miñas amigas e ter un respiro que non me aprete a gorxa, e, en fin, miña amiga, direiche pra acabar de unha vez, que teño vacaciós de sogra. Quer dicir, que a miña sogra saleu pra os baños minerais por orden do médico, e aló vai por algúns días esta praga da humanidá, esta cóbrega da discordia matrimonial, que dendes do paraíso terrenal botárona pra o mundo e aquí anda enrelándose no venturoso arbore do matrimonio. Ti riraste de que a tan baixo precio encontre hoxe a miña felicidade; pero ¡ai!, amiguíña, Dios che libre dunha sogra como do demo, porque a este arnégase con oracións e penitencias, e á sogra non se arrenega con cousa algunha. Ti non sabes o que unha sogra é, Dios te arrede delas coma da peste. Sigue o meu consello: si algún día te casas, busca un home orfo de pai e nai, anque sea da incrusa.

Eu, co meu home, era a muller máis feliz da terra, cando no chan venturoso entrou ese morcego, páxaro de mal agoiro que se chama sogra. De entonces comenzou toda a miña disgrancia. A miña casaña, que era un paraíso, pasou a ser un inferno. Alí ninguén goberna máis que ela, non se come máis que o que ela quer comer: eu no me podó remexer, nin berrar cos meus fillos, nin reprender os meus criados, nin salir co meu home de paseo, nin o probe me



pode facer mimos porque se cela. Eu non podo saír da casa pra nada, coma non sea con ela. Eu non podo recibir as miñas amigas nin verme parolar con elas: anda sempre con contos e líos co meu home, ela sola é a que manda, a que goberna e a que dispón de todo. Aguántalle ademais que che fale mal da túa mesma xente, e oírle a cada momento, con choros e desconsolos a feito, de que ti non merecías o fillo, mima e contempra e dime si debaixo de este ceo que non cobre a todos tópase muller máis disgraciada que eu, e si con sufrir a esta sogra non terei o ceo ganado.

Trinta días dimpois xa tiña a probe amiga á sogra na casa: as súas vacaciós e a súa alegría foron de pouca dura.

Eu, levándolle a contra á vella, vou algunha que outra vez a visitar á probe amiga; si por cuaselidá atopo con ela na antesala, óllame como lagarto asnal, e ponme unha cara que pon medo. Eu, ca testa baixa, paseniño, paseño, salgo marmurando:

¡Ai, sogra, sogra! Nin coberta de azucre eres boa.

Pola traducción.



## Adolfo Mosquera Castro

### Datos biobibliográficos

En todos os manuais consultados na procura da biobibliografía deste autor tan só atopamos unha breve referencia acerca do seu labor poético e xornalístico no *Diccionario* de Couceiro Freijomil, no que sitúa o seu nacemento na vila pontevedresa de Caldas de Reis. Cultivou a poesía en galego e en castelán e colaborou nas revistas rexionais de finais do século XIX. En 1886 dirixiu *La Unión*, da súa aldea natal, e durante 1899 foi redactor de *El Ciclón*, de Pontevedra. Obtivo premios en certames rexionais, un deles pola poesía costumista “Os feitizos y-os meigallos”. Ademais, deixou publicado un relato en dúas entregas en *O Galiciano* que leva por título “Na represa”<sup>180</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Trátase dun conto caracterizado polo seu dramatismo no que Roque, un rapaz levado pola paixón, asasina ó pai de Ánxela, a súa amada, por non lle conceder o casamento coa filla, debido a súa falta de medios económicos, feito que o leva a ser vítima da desesperación e cometer o crime. Os remorsos fan que lle confese o acontecido a Ánxela, e despois tírase á presa con ela.

Neste conto o autor sabe manexar os recursos necesarios para crear unha atmosfera opresiva que anticipa dende as primeiras liñas o crime e o suicidio. A traxedia está latexando xa na descrición dun escenario eminentemente rural que se presenta baixo unha clara influencia do movemento romántico. A traxedia é aínda máis impactante se temos en conta o móbil do crime, que non é outro que a pobreza do asasino, quen mostra con forza a súa cara máis humana nun monólogo moi acertado pola súa intensidade.

---

<sup>180</sup> *O Galiciano*, parolas 170 e 171, ano 1888. Lamentablemente despois dunha intensa busca trala palabra 170 de *O Galiciano* foinos imposible dar con este número en ningunha das hemerotecas consultadas: Real Academia Galega, Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, Museo de Pontevedra, ou Instituto Padre Sarmiento, foron algúns dos lugares consultados.

## Na represa

(continuación)

“Ó meu amigo o notabre esquirtor gallego Manoel Amor Meilán”

A noite que siguiu ó drama da represa, quedou morna e tranquila.

A lúa brillaba aló no ceo arrodada de milleiros de pequerrechas estrelas, que tremaban de pracer ó seu lado; o vento non abaneaba unha follas; os grilos e escorpóns facían coa súa cantarea á porta dos buracos un arruído que axordaba; os cans ladraban, xa ceibos nos currales da coutada; na punta dun ameneiro un ruiseñol cantaba docemente namorándose da lúa que copeaban as craras augas do río que mainiño marmullaba baixo dil, e a Natureza toda, coma si quedara esmorecida do calor abafante do día, repousaba.

Ánxela e súa nai estaban na chouza cansas xa de agardar en van a volta do tío Farruco, estrañosas da tardanza, pois decote cando iba ó muíño co fol pequeno volvía ás carreiras co gran muído, porque o muíneiro era compadre, e logo lle facía sitio, anque isto costáballe ás veces ouvir o demo e a nai das mulleres a quenes lles roubaba a vez.

Botando mil pensamentos estaban á porta, cando Roque chegou perto delas, e dixo:

—Boas noites nos dé Dios e a Virxen...

—Boas noites, Roque— lle contestaron.

—¿Viches a meu pai—? continuou Ánxela.

—Eu non: ¿por que?— contestou.

—Porque dende a tarde que se foi ó muíño a moer inda non volveu: e esto nunca o fixo; e anque ningún lle quere mal, nin teñen por qué, pode alcontrar unha mala alma que lle teña ganas, porque non ten nazasidá de traballar o domingo, coma moitos xudfos...

—Ou calquera borracho de mal viño...,— dixo a nai de Ánxela.

—O que tería o tío Farruco, repuxo Roque, é que toparía con algún amigo e xuntos irían ó estanque botar unha copa ou un vaso, que ó demais, ¿quen demos lle iba facer mal?...

—Non, pois tanto tardar xa me vai facendo conta...

—Si queres ir ó muíño, eu vou convosco, e alí perguntaremos— dixo Roque.

—Mi madre que se quede por si el vén entramentres: vamos os dous, que logo chegamos.

E dito e feito, saíron xuntos escontra o muiño.

Roque, ó alcontrarse coa súa moza a solas, tremou lembrándose do socedido na represa.

Un inferno de remordementos levaba no peito; as sens latexábanlle coma si as altéreas non poideran máis coa sangue dentro de si, e o medo emprincipiaba a facerlle visióis.

Os albres somellábanselle civiles que o iban prender, ou o morto que viña pedirlle conta; e canto se sentiu o ruxido da represa creu ouvir craramente a dura voz co tío Farruco que o delataba.

Non falaba e cada ves acurtaba máis o paso.

Ánxela deprocatouse do estado de Roque, e díxolle:

—¿Que tes? Hoxe non me falas do teu amore, nin me colles a man, nin me pides un bico, ¿que che pasa, Roque?

O silencio que este deu por remposta ás preguntas de Ánxela, deixou ouvir o cantar do muiñeiro, que decía:

A muiñar, a muiñar  
Rapaciñas da vila...

Estaban chegando á represa.

De súpeto dixo Roque:

—Séntate eiquí nesta pedra, e escoita:

—Ti xa sabes cánto te quero, e de cánto sería capaz porque o señor Cura nos botase a bendición. Eu por ti fun a Buenos Aires a ver si gañaba, a forza de traballar, unhos pesiños con que poder mercar eiquí unhas xeiras e un par de bois, pra que teu pai non me desprecease por probe; pro o teu recordo, que non fuxía de min, e o medo de que faltases á túa palabra mentras non ouvías a miña, obrigoume a me vir cando emprincipiaba a ter sorte. Dende que cheguei, traballo coma un negro nas veigas; ando ó xornal cando non teño que facer pra min; corro tódalas feiras e mercados traficando en todo o que podo; pro nin asina poden empetar unha peseta, porque o millo do ano e o goberno, acábanme co que gaño. Por isto, condanado a non casarme nunca contigo; che-íño o peito de mágoas que me acababan; desesperado dista vida imposible, e nun momento de cegueira matei un home...

—¡Ti que dis, disgraciado!

—Arrechégate un pouco e mira nas augas esa lúa, continuou Roque, cada vez máis fóra de si. Esa lúa está roxa; esas augas volvéronse de sangue e o roxido da represa ó caír maldíceme pra sempre: as estrelas treman coma luces de cirios amarelos; o ruiseñol canta as notas tristes dun enterro; istes ameneiros trocáronse en chorós e alcipreses; o chan que pisamos crube cen mortos; ista pedra chea de fariña é unha sepultura; ¡estamos nun cimiterio...!

—¡Ti toleas, Roque; ímonos!

—O remordemento é o úneco castigo do que peca— continuou Roque sin ouvir a Ánxela— o inferno está no curazón e no peito do miserabre tolo que comete un crime cegado pola pasión; a xusticia de Dios non pode ser outra. Logo vén a dos homes; prenden, encapillan, aforcan; e dempois, inda non satisfeitos, foxen pra se non lixaren, da familia honrada do morto, esquen-céndoa e desamparándoa pra que nela siga a espiación do pecado feito polo axusticiado e lavado xa no moderno Gólgota ¡na forza! Coma si estiveramos naqueles tempos bíbricos en que tiveron lugar as maldiciós que Dios botou a catro ou máis xeneraciós inocentes, que non tiñan máis delito que o seren descendencia natural por reprodución lícita, doutras que habían pecado...

¡Eu son un infame desleigado que matei, non sei si por amore ou soberbia; e deixado xa da man de Dios e da proteución dos homes, aborrecido por quen antes me quería e a quen eu adouro, e maldecido pola miña xente a quen deshonrei, non podó vivir un día máis! ¡Eu matei a teu pai, Ánxela! ¡E con esa morte asasinei a miña e a túa felicidade!

Ánxela ó ouvir tal, deu un berro de tola e esmaíouse.  
Roque sostúvoa, e con ela nos brazos seguiu:

—A xusticia buscarame mañán; esta xoia da miña alma será de outro...¡jou Dios! Un crime que non se confesa, condena, o matarse polas súas mans, tamén: ¡a miña salvación é imposible! ¡Ánxela! Dixó sacodíndoa no límite do paroxismo, desperta que vamos a casarnos ó outro mundo; e abrazándoa fortemente, botouse na represa!...

Do fondo da conca safu unha brasfemia, e a auga ó caír parece que ruxeu unha maldición. Os corpos, sempre abrazados axitáronse alumeados polo luar que morría...; a corrente venceunos... o drama estaba terminado.

A lúa traspuña o petouto do monte naquíl momento sumindo en sombras o lugar do crime. O ruiseñol deixou de cantar; os grilos calaron; quedou todo maino, e soilo de vez en cando nos currales da coutada ouvíase o fatídico e agoirento queixido dos cans que ouveaban anunceando ós supersticiosos unha morte na aldea.

## Xan Neira Cancela

### Datos bibliográficos

Foi un militar con vocación de xornalista que naceu na parroquia de Santa María a Maior de Vigo o 22 de maio de 1849 e morreu en Ourense o 23 de setembro de 1909. Prolífico colaborador de boa parte da prensa da galeguidade do seu momento, na que emprega o nome en castelán e, por veces, galeguizado en Xan, ten produción en verso e en prosa, na que aborda os máis diversos aspectos. Foi director de *Galicia Literaria. Revista de Ciencias, Artes y Literatura*<sup>181</sup>, na que ademais escribía biografías de persoeiros galegos. Fundador tamén de *Galicia en Caricaturas* e redactor do xornal vigués *El Meteoro*<sup>182</sup>, así como colaborador doutras publicacións como *El Trabajo*, *El Eco de Orense*, *La Tertulia*, *La Concordia*, *Galicia Recreativa* ou *La Actualidad*. Tamén foi membro da Sociedad para el Folklore, dende a que logo pasou a ser socio fundador da Academia Gallega.

Publicou en *Galicia Humorística* diversos artigos na sección titulada “Tipos de Orense”, entre os que se ocupa de persoeiros curiosos como Xan da Cova ou Paco Roque. No caso do primeiro, nun texto con este título, fai unha descrición do famoso personaxe ourensán e conta a anécdota da escultura dun San Roque ó que, por falta de madeira, lle fixo un can de pataca. É un texto bilingüe con predominio do castelán, no que se reproducen en galego os diálogos entre os personaxes. Sobre Paco Roque, publicou un texto no número 12 de *Galicia Humorística*<sup>183</sup> no que aparece, ademais da súa sinatura manual, o pseudónimo de “Ali-Can-Nunca-Reneja”.

Ten unha abondosa obra en castelán con títulos como: *Ecos del campamento* (1876), *El Programa de Ángeles. (Monólogo en verso)* (1890), *Caldo Gallego* (1889), *Memoria de los Juegos Florales de 1901 en Orense, Montaña de Orense (Estudio de paisaje y costumbres, con prólogo de Emilia Pardo Bazán)* (1905); *Conferencia a la memoria del poeta José María Gabriel y Galán*, lida no Círculo Católico de Obreros de Ourense o 19 de febreiro de 1905; ou *La Morriña. Estudio literario leído en el casino de la ciudad de Lugo con motivo de celebrar aquel centro recreativo su última velada* (1907).

Tentando pescudar a data de nacemento deste autor, atopamos no Arquivo Histórico de Santiago de Compostela un estudante de Medicina que

---

<sup>181</sup> Publicación aparecida o 15 de marzo de 1883, que cesou no número 26 con data do 15 de xullo de 1884.

<sup>182</sup> Semanario que aparece en 1867 fundado e dirixido por Pascual Ruíz Enriquez, que polo seu marcado ton humorístico cesou a súa actividade ós poucos meses e provocou o desterro do seu director.

<sup>183</sup> Do 30 de xuño de 1888, p. 366.

respondía ó nome de César Antonio Juan Neira Cancela, pero orixinario de Ferrol, ó que descartamos por ter nacido nunha época tardía con respecto ás colaboracións do noso autor.

### **Comentario dos textos narrativos en galego**

É autor de dous relatos en galego que foron publicados inicialmente no xornal *O Galiciano*, aínda que logo coñeceron outras reimpresións, como as de *O Tío Marcos d'a Portela*. Levan por título “Penlas e burras”<sup>184</sup> e “A Coca”<sup>185</sup>. En ambos casos son relatos de marcado ton descritivo nos que trata as tradicións e festas celebradas durante o Corpus en Redondela, vila pontevedresa da que dá o nome no primeiro dos relatos pero á que só se refire coa inicial “R.” no segundo. No primeiro caso, “A Coca”, o relato céntrase no desfile do dragón que representa o demo fuxindo ante a presenza do cristianismo. No segundo, “Penlas e burras”, describe minuciosamente a execución do baile que representan as chamadas do mesmo xeito “penlas e burras”, que son nenas levadas por mulleres, nos ombreiros, mentres estas bailan sen descanso na procesión do Corpus en honor da Virxe. Son dous textos de carácter costumista e laudatorio da provincia de Pontevedra, nos que nos se achega ás tradicións da vila de Redondela. Xa que logo, o seu valor é, fundamentalmente antropológico ou, por empregar outra terminoloxía, que aquí pode acaer mellor, etnográfico-cultural. Lingüisticamente, chama a atención a presenza de seseo nalgunhas formas presentes nas versións recollidas en *O Galiciano*.

---

<sup>184</sup> Parola 123, 10 de marzo de 1889. Este relato tamén foi reproducido en *O Tío Marcos d'a Portela*, Parrafeo 268, 17 de marzo de 1889, pp. 1-2.

<sup>185</sup> Parola 216, 31 de marzo de 1889, pp. 3-4. Tamén en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 271, do 14 de abril de 1889.



## Penlas e burras (Costumes de Galicia)

Na vila de R... e no maxestuoso día do Corpus cando as primeiras harmonías da gaita anuncian a alborada, cando as bombas de palenque ou as de *dinamita* despertan espantado<sup>186</sup> ó *choqueiro* que soñaba dulcemente no seu leito coas emocións do día<sup>187</sup> e cando os *cubos* anuncian que sai a Corporación municipal da cas Auntamento pra dirixirse a persidir a función da eirexa (que sempre dura un par de horas)<sup>188</sup> xa no adro do templo quedan porparándose pra facer as habridades, con gran contentamento dos labregos de ambos seusos *as penlas e as burras*.

Pra satisfacer a curiosidad destes dous nomes é traballo inútil recurrir ó dicionario<sup>189</sup> da língoa, nin tampouco ó de Domingues<sup>190</sup> correxido e aumentado con *máis de cinco milleiros de termos novos*: non vos cansedes en buscar con escurpulsosa curiosidade a etimoloxía de ambas voces no arquivo municipal; nin nos códices e documentos empolvados que se conservan na sancristía da vila de R...

En calquer corrillo dos que se forman na praza, a carón dos postos de rosquillas e cereixas pra contemplar a satisfacción e coa boca aberta *o paso devastador* de “A Coca” ás coloradas e frescas aldeanas que, retrasadas á festa por estar pranchando a saia e repasando o corpiño, invaden en tropel cantando e rindo as rúas do *Riveiro*<sup>191</sup> e “*Vila Vella*”, a todas esas xentes que son tan felices naqueles momentos perguntarlles, discretos leutores, polas *penlas* e polas *burras*, i ó<sup>192</sup> punto quedará satisfeita vosa natural impacencia.

Repenican<sup>193</sup> as campás, homes e mulleres corren en distintas direccións sin darse punto de repouso, como bandada de paxaros nos calorosos días do estío: estalan os foguetes, enxordecen os ouvidos as bombas, saen a relocir as colgaduras engalanándose as casas con colchas lisas, froleadas, de precal unhas, de damasco encarnadas e amarelas outras; e si nese día á *anfíbea* vila de R... lle cadra ser porto de mar por algunhas horas, invadindo a mareia os pantanosos tarreios da *Xunqueira*, estonces aquelas lanchas e balandras, canoas e barcas que sealcontran en seco, arman a vela, empavésanse con gallardetes e balancéanse sobre as mainas augas daquel dilatado estanque;

---

<sup>186</sup> espantando, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>187</sup> día, e cando, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>188</sup> horas), xa no adro, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>189</sup> diuonario, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>190</sup> Domínguez, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>191</sup> Ribeiro, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>192</sup> ió punto, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>193</sup> Repenicando, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

asoma por unha das bocascalles afruientes á praza o primeiro pendón da cofradía das Ánemas, e a muchedumbre descóbrese con relixioso respecto pra persencear o desfile da porcesión.

Tras do pendón sigue unha longa e dobre ringleira de devotos con fochas acendidas, dempois a imaxe da Virxe, e diante dela beilando a compás da gaita e da música que toca unha especie de *potpurri*<sup>194</sup> bullangueiro, aparecen as *penlas e as burras* heroínas que na porcesión do Corpus, comparten con “A Coca” a legría e a distraución das xentes sinxelas que de “Cedeira” *O Viso e Agrelo* acoden a R... deixando pirmeiro de locir o sol que aqueles de persentarse<sup>195</sup> na Vila a ouvir a misa e ver a festa.

*¡Alá veñen as penliñas! ¡Alí tendes as burras!*

As persoas así desinadas, e así conecidas, perséntanse ás olladas do esputador, beilando, xesticulando, facendo mourisquetas e ademáns ben pouco reverentes que non chaman a atención das honradas persoas, nin mais nin menos, nin por outra *razón de peso que ser costume*, e verificarse así tódolos anos.

Son as *penlas* nenas de nove a dez anos aldraxadas o máis *alegante* e charramente pusibre<sup>196</sup>, con faldras de seda azul ou cor rosa, corpiño igoal<sup>197</sup>, melena ensortixada, descomunales pendentos de ouro e moltitú<sup>198</sup> de cadeas, cruses<sup>199</sup> e dixes ó pescozo que penduran<sup>200</sup> astra mitá do peito: buscan pra representar o papel de *penlas* a meniñas de gracioso e sonrosado rosto pra que o efeuto sexa sin dúbida maor e a Virxe quede máis compracida das inocentes que a festexan e non merezan culpa<sup>201</sup> polas súas irreverencias cometidas sin ánemo de ofender e iñorando astra o que fan.

Estas *penlas* van en hombros de fornidas e coloradotas mozas aldraxadas á usanza do país, as que propeamente son conecidas polo sobrenome de *burras*.

Antre o calor própeo da estación, o peso da roupa e o non menos rigolar das *penlas* que, sostidas sobre os ombros, somellan perfeutísemamente ós nosos máis diestros xinetes iequilebristas, aquelas mulleres ou aquelas *burras* chegan a ispirar compasión: o suor inunda seu rosto vermello encarnado como unha sandía, seus ollos ábrense e cérranse con violencia como causas do peso que sosteñen; seus saltos fanse cada ves máis difíceles<sup>202</sup> pola continua repiti-

---

<sup>194</sup> poupurri, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>195</sup> porsentarse, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>196</sup> posibre, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>197</sup> igual, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>198</sup> multítú, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>199</sup> cruces, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>200</sup> pinduran, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>201</sup> culpa, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>202</sup> difíceles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

ción do baile, e seus brazos contráense de cando en cando por efeuto da constante tensión que gardan ou conservan pra coller polas pernas ás crecidas pro *sempre candorosas penliñas*.

Recóllese a porcesión; retírase o Auntamento<sup>203</sup> acompañado dos maceiros e<sup>204</sup> da gaita, gárdanse as colgaduras, chega a sera<sup>205</sup> e aínda as *penlas* e as súas *burras* recorren dun extremo a outro o pobo locindo súas *habridades* as primeiras; facendo ostentación da súa forza bruta e *honrando seu epíteto as segundas*.

Así como Allaris<sup>206</sup> ten seu *Xan de Arzúa*, Pontevedra súa<sup>207</sup> *Nao*, Tui unha barca de Serafís entoando cantos a *San Pedro Gonzales*<sup>208</sup> *Telmo*, Pontareas e Ribadavea<sup>209</sup> súa *Batalla de Cravixo*, Lugo súas feiras de<sup>210</sup> *San Froilán*, Verín os *Cigarrós* e Celanova súas *Marzas*, a provincia de Pontevedra gáñalle<sup>211</sup> a todas, pois nun mesmo día e nunha mesma festa persenta ós forasteiros íos veciños<sup>212</sup> *A Coca ias Penlas e Burras*.

---

<sup>203</sup> auntamento, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>204</sup> i, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>205</sup> serán, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>206</sup> Allariz, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>207</sup> seu, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>208</sup> González, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>209</sup> Ribadavia, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>210</sup> a, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>211</sup> gáñalle, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>212</sup> veciños, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

## A Coca

(Traducido do *Caldo Gallego* de Xan Neira Cancela)

Antre dous astrevidos<sup>213</sup> viadutos, que gozan de fama polos moitos viaxeiros que diariamente pasan en ferrocarril, por enriba diles<sup>214</sup>, e, nunha estensa pranicie, que se convirte en porto durante a *prea-mar*, háchase edificada a alegre Redondela.

A pesar da súa prousimidá a unha cibdá importante, de ouir<sup>215</sup> silbar día e noite a locomotora; a pesar do seu famoso convento de monxas, e do non menos agradabre dulce de limonciño, que as seráficas recrusas traballan, neste pobo pequerrecho; e de ter serenos<sup>216</sup>, municipás, carabineros e posto da gardia<sup>217</sup> civil: non se contentan unecamente con haber sostido astra fai curto tempo a costume de pasar polo tarreo da *Xunqueira*, ás *penlas* iás *burras*; sinón que conservan con cariño, superiormente rexional, outra moito máis rara e primitiva.

Tódolos encantos do pobo rural, iaínda os de moitos señoritos, cífranse cando chega o vran, e, coas súas calores, a función do *Corpus*, en beixar<sup>218</sup>, en tren agora, en coche ou bote dinantes, a Redondela, pra ver *A Coca*.

Cando eu era neno, pasábame o ano enteiro contando os días, e saudaba con berros de xúbelo a vespra<sup>219</sup> dun dos tres días de *grande veneración*, que reza de antigo o cantar.

Chega a mañán do *Corpus*, a praza irregular de Redondela está totalmente cuaxada de xente do campo, esperando *a que toquen á misa da función*, iantre tanto, acúpanse moitos en facer ós que non a conecen unha sucinta descrición<sup>220</sup> do que é a *Coca*, que misión cumpre na festa relixiosa, e por qué adiquireu<sup>221</sup> tanta fama en máis de dez leguas<sup>222</sup> á redonda.

Aquelas labradoras rebustas<sup>223</sup>, e de altos peitos –honra e porveito dos galanteadores *parrafistas de fiadeiro*– que coa falda a listas vermellas, o dengue de terciopelo negro, adornado de canutillos, o pano de seda coor de

---

<sup>213</sup> Estrevidos, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>214</sup> deles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>215</sup> ouvir, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>216</sup> sereos, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>217</sup> garda, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>218</sup> baixar, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>219</sup> víspora, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>220</sup> discriución, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>221</sup> adiquiriu, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>222</sup> légoas, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>223</sup> robustas, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

canario anudado ó pescozo e, penduradas artisticamente<sup>224</sup> riba do nacemento dos anchos ombros, astra máis abaixo da contorneada cintura, dúas nutridas trenzas de cabelo rubio como a espiga do millo; aquelas rozagantes mozas de mofletudos, rubicundos e duros carrillos, contorneadas cadeiras, mans hombrunas e brazos grosismos, viñeron, ó despuntar a aurora, dende Cedeira, Agrelo, O Viso e Mos, úneca iescrusivamente por ver *A Coca*.

É tal o *fervor*, o antuseasmo que sinten os labradores ios *choqueiros* polo alegórico dragón, que enxamais esquencerei<sup>225</sup> certo diálogo entabrado coa mor sencillés<sup>226</sup> e boa fe por dous campesinos<sup>227</sup> vellos, na rúa de Villa vella.

– *¿Que ten, tío Xan, que tan amurriñado sealcontra?*

Io perguntado, lanzando un suspiro<sup>228</sup> escomunal, contestoulle:

– *Non estou contento, señor Pedro, pois ha de saber que, por mor da santa Coca, perdín o raio da misa.*<sup>229</sup>

Esta declaración tan infantil como locuente, na que un Labrador ochentón e relixioso, choraba amargamente a perda da súa misa domingueira, e que, sin embargo, tildaba de *santa* á *Coca*, e de *raio* a sagrada cirimonia, demostra cunha locuencia aterradora, cantos goces proporciona ás xentes sin ilustración o paseo trunfal do animalucho.

¿Que é a *Coca*? ¿Que representa? A *Coca* é unha especie de caimán ou cocodrilo, feito de madeira, e, colocado enriba<sup>230</sup> dunhas rodas, seu corpo costítúe unha armazón cuberta dunha tela apergaminada a manchós verdes, como a pel do sapo, ou da ra; por medio dun forte cordel abre e cerra súa enorme boca, cando se quere; ten unhos dentes de pasta branca, e, por ollos, dúas doas grosas de cristal vermello.

Representa a *Coca* ó demo fuxindo cheo de terror iespanto, ante os progresos ia maxestá do cristianismo, buscando en desatentada carreira polas rúas ias prazuelas da *villa*<sup>231</sup> *anfibia*, un buraco por onde poder percipitarse nas entranas da terra, nas que ten súa residencia todo o misterioso.

Por eso a *Coca*, a pouco de anunciarse a saída da severa precisión<sup>232</sup>, cando estralan os foguetes, resoan as descargas de escopeta, tocan as campás,

---

<sup>224</sup> pinduradas artisticamente, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>225</sup> que en xamais esquecerei, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>226</sup> maor sencillez, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>227</sup> labregos, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>228</sup> suspiro, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>229</sup> Ambas intervencións aparecen en letra redonda nO Tío Marcos d'a Portela.

<sup>230</sup> riba, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>231</sup> vila, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>232</sup> porcesión, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

cantan os galos, espantados de tan naudito alborozo, sai, arrastrada por unha trailla de pilletes remendados e descalzos, somentando a alarma antre as vendedoras ó aire libre, enterteñendo<sup>233</sup> ós curiosos que se agolpan nas esquinas, ienchen os balcós pra vela máis a xeito.

Drento do ventre escomunal da *Coca*, van os donos ou encargados da *súa manutención* durante o ano, metendo e sacando o brazo pola ensaciabre<sup>234</sup> boca do cocodrilo de Redondela, pra arrebatarse nun posto, unha cesta de pan, noutra unha de cereixas, máis acá un puñado de rosquillas, ou máis alá unhas cantas ducias de *croques* e de *camaróns*; enterquenencias<sup>235</sup> estas que sirven pra causar as delicias<sup>236</sup> do corpo e da ialma, dos maordomos do animalíño, os que, pola tarde, á sombra de frondosos e grosos castiñeiros cómense o froito da rapiña, sazonado con sendos tragos de *viño purrela*, que é un viñiño, desterrado seguramente en seu tempo, da acreditada bodega de Baco.

Houbo un alcalde que se premitiu durante o *Corpus* de seu mando, suprimir con bon acerto, ien honor da vila dos viadutos, as *penlas*, as *burras* ia *Coca*: súa medida tomouse como unha manifestación de xenreira ó vecindario, foi quirticado aquíl<sup>237</sup> ano, dicindo *esta non valeu nada*; e si non se alterou o orde púbrico, e non intirviñiu na prohibición algún estado estranxeiro, foi porque a sorpresa non lles diu tempo a porpararse, e porque a esperanza de que a *Coca ha de ser inmortal*<sup>238</sup>, lles prestou resinación e conformidá pra agardar a saludala con *osannas* no ano próusimo videiro.

---

<sup>233</sup> entretendo, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>234</sup> insaciabre, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>235</sup> interquenencias, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>236</sup> dilicias, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>237</sup> aquel, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>238</sup> imortal, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

## Manuel Nóvoa Costoya

### Datos biobibliográficos

Manuel Xosé Luís María del Carmen Nóvoa Costoya foi bautizado na igrexa parroquial de Santa María a Real de Sar o 25 de xaneiro de 1860. O neno nacera a noite anterior na casa nº 46 da rúa Sar do barrio do mesmo nome da cidade de Santiago de Compostela. Os seus pais foron Antonio Nóvoa, natural desta parroquia de Sar, e María Costoya, de Santiago de Arzúa.

De neno acudiu á escola de instrución primaria instalada á beira da súa casa, nas dependencias da colexiata de Sar<sup>239</sup>, dirixida por Ricardo Antón López, primeiro, e posteriormente polo pedagogo Gabriel Cabeza Rodríguez, pai do seu contemporáneo Salvador Cabeza de León, de quen foi amigo na mocidade, xunto con Alfredo Brañas Menéndez e Juan Barcia Caballero, cos que compartiu o ideario rexionalista.

Foi alumno distinguido da Sociedad Económica de Amigos del País, de Santiago, onde cursou estudos no instituto e onde sentiu unha especial inclinación pola literatura e o rexionalismo; foi así como se iniciou na prensa compostelá, colaborando nos diarios católicos *El Porvenir* e *El Libredón*. Posteriormente, trala presentación dun traballo literario titulado “El ciego Lucas”, ingresou na redacción de *El Ciclón*, a publicación do seu amigo, o debuxante Xosé Peña e, máis tarde, na de *El Huracán*, ambos semanarios satírico-humorísticos. Traballaba na redacción deste último cando decidiu viaxar a América para se instalar na cidade de Bos Aires, onde formou o seu fogar.

Na capital arxentina continuou a creación literaria e o labor xornalístico colaborando nas publicacións *Eco de Galicia*, de Xosé M<sup>a</sup> Cao; *Correo Gallego*, de Lema; *Correo de Galicia*, de Xosé Ramón Lence; *La Iberia* e *El Heraldito Gallego*, dirixidas por Julio de la Cuesta ou *Correo de España*, de señor Rodríguez Freire. Desenvolveu ó longo dunha tempada o posto de director e redactor do *Boletín del Centro Gallego* de Bos Aires, no que publicou un número importante de composicións poéticas da súa autoría.

En 1893 Manuel Nóvoa funda e dirixe, na cidade bonaerense, a publicación *Galicia Literaria*. Este proxecto só se prolongou durante cinco meses.

Traballou como redactor na publicación *Nova Galicia*, que foi o semanario independente dos galegos de América do Sur, o periódico quincenal para os galegos de Arxentina, Uruguai e Chile, decano da prensa galega e xor-

---

<sup>239</sup> Estes datos figuran anotados no breve perfil biográfico co que o director da revista cubana *Cultura Gallega*, Adolfo V. Calveiro, homenaxea a Nóvoa Costoya para agradecerlle a composición poética “Salutación”, escrita polo autor con motivo da creación na Habana do grupo artístico “Saudade”. Ambos textos figuran en *Cultura Gallega*, A Habana, nº 77-79, xaneiro, 1940, pp. 1-3.

nal máis popular de América do sur. Esta publicación fora fundada e dirixida por Fortunato Cruces dende o 6 de outubro de 1901.

Nos primeiros días de 1901 ve a luz a primeira edición de *Galicia en América*, publicación tamén dirixida por Nóvoa Costoya na capital arxentina.

O 10 de maio de 1908 fundou a revista *Aires d'a Miña Terra*, que el mesmo dirixiu ata o seu derradeiro número, publicado o 25 de xullo de 1909. Cada entrega contaba con doce páxinas bilingües e periodicidade semanal. O nome da revista é unha homenaxe a Curros, morto en 1908. A publicación ten carácter cultural e nela figuran colaboracións literarias e artigos sobre Galicia que nos aproximan á súa xeografía, historia, literatura, etc., aínda que tamén dá conta das novas acontecidas entre a comunidade galega de un e outro lado do océano. Esta revista foi honrada coa Medalla de Ouro na Exposición Rexional celebrada en Santiago de Compostela no 1909. Nóvoa asinou escritos en todos os números.

Contamos tamén con colaboracións súas no *Boletín de la Biblioteca América*<sup>240</sup> de la Universidad de Santiago de Compostela, publicado en Bos Aires dende o 1 de febreiro de 1910; na publicación mensual *A Terra*, órgano do Centro Galego de Córdoba, e na revista da Asociación Casa de Galicia de Bos Aires, *Airiños*, dirixida por Ramón Berdullas Martínez a partir de 1944.

Pero as súas colaboracións están presentes, así mesmo, noutras publicacións americanas, entre as que se contan a *Revista del Centro Gallego*<sup>241</sup>, de Montevideo, o semanario brasileiro *El Correo Gallego*, dirixido en Río de Xaneiro por Antonio de la Cuesta dende 1903, e as publicacións cubanas *El Eco de Galicia* –onde aparecen dúas colaboracións do autor tituladas “O meu tesouro”<sup>242</sup> e “¡Unha aberta!”<sup>243</sup>–, *Airiños d'a miña terra* e *Cultura Gallega*<sup>244</sup>.

A pesar de fixar a súa residencia definitiva na capital arxentina, continuou colaborando asiduamente na prensa do noso país, como testemuña a súa sinatura en cabeceiras como *Gaceta de Galicia*, *Las Riberas del Eo*, *Revista Gallega* e, anos máis tarde, en *El Compostelano*<sup>245</sup>.

---

<sup>240</sup> En *Boletín de la Biblioteca América de la Universidad de Santiago de Compostela*, nº 8, outubro 1918, publica a súa composición poética “De mi vieja Compostela. Suspiros del alma”, na que lembra as rúas, prazas, xentes, monumentos... amosando a saudade da súa terra natal.

<sup>241</sup> Nela recollemos a composición poética en galego na que canta as lembranzas da cidade de Santiago de Compostela nesa data “25 de julio. Las vísperas del Apóstol”, en *Centro Gallego*, Montevideo, nº 55 (30 de xuño de 1921), 1921.

<sup>242</sup> En *El Eco de Galicia*, A Habana, nº 521 (18 de xuño de 1892), p. 5.

<sup>243</sup> *Ibidem*, A Habana, nº 762 (30 de xaneiro de 1897), p. 5.

<sup>244</sup> En *Cultura Gallega*, A Habana, nº 77-79, xaneiro 1940, p. 3.

<sup>245</sup> Entre os anos 1926 e 1936 rexistramos dezaseis colaboracións da súa autoría nesta publicación.



Para dar a coñecer na Arxentina a riqueza do noso Cancioneiro e as melodías da nosa música, iniciou e foi o principal promotor do Orfeón Gallego de Bos Aires. Organizou tamén o Orfeón do extinguido primeiro Centro Gallego e mesmo formou parte da súa Comisión Honoraria. Deste orfeón, e ó abeiro do entusiasmo do seu presidente, Roque Ferreiro, naceu posteriormente o Centro Gallego de Bos Aires.

O labor literario de Manuel Nóvoa Costoya abrangue eidos moi diversos (poesía, narrativa, teatro...), dos que unicamente temos noticia a través da prensa, na que divulgou a maior parte da súa obra<sup>246</sup>.

Sabemos, porque así o afirma Adolfo V. Calveiro nun artigo publicado na revista *Cultura Gallega*<sup>247</sup> da Habana, que Nóvoa pensaba deixar constancia da súa obra nunha edición recompilatoria constituída por varios volumes. Descoñecemos se algún destes se chegou a publicar.

Coa súa sinatura localizamos ó redor dun cento de composicións poéticas de estética rexionalista, escritas case todas en galego e localizadas nas numerosas publicacións periódicas nas que colaborou ou dirixiu. Temos noticia de que o seu labor poético acadou unha cálida acollida e recoñecemento, principalmente pola comunidade galega de América, como testemuña, por exemplo, o feito de que a súa composición “N-o muíño”<sup>248</sup> fora premiada nun certame literario celebrado na capital argentina.

Na revista bonaerense *Aires d'a Miña Terra*, onde figuran de modo asiduo colaboracións en verso da súa autoría, recollemos o único texto narrativo asinado co seu nome “Recordos da feira de san Martiño”<sup>249</sup>.

Nesta mesma publicación figura, a partir do número 42 –publicado o 21 de febreiro de 1909–, a sección “Paliques no adro entre Bastián e Crispín”, desta volta asinada baixo o pseudónimo *El Hidalgo de Sar*. Nos textos recóllense as conversas entre dous emigrantes galegos na Arxentina, Bastián, alter ego do autor dos diálogos, e Crispín, o seu inocente amigo; ambos comentan as novas do acontecer cotián, as novidades de Galicia, a morriña que senten da terra, etc.

Manuel Nóvoa Costoya foi un dos máis notables impulsores do teatro galego en Bos Aires, con obras como o drama lírico *A volta da romaría de santa Xusta* ou a zarzuela *Unha boda n-a Ulla*, ambas musicadas polo mestre do conservatorio do diario *La Prensa* da capital bonaerense, Agustín Bonal. Tamén escribiu a comedia *Amor que retorna* e os diálogos de costumes aldeáns *Cousas d'o viño* e *De ruada*. Así mesmo el foi o encargado de dirixir a posta en escena na cidade de Bos Aires das pezas de teatro *¡Filla!* e *A orfa de san Lourenzo*, da autoría do seu amigo Galo Salinas Rodríguez.

---

<sup>246</sup> Ó longo do noso traballo de investigación non localizamos ningún libro da súa autoría conservado nas diferentes bibliotecas galegas consultadas.

<sup>247</sup> En *Cultura Gallega*, nº 77-79, xaneiro 1940, p. 2.

<sup>248</sup> Datos apuntados en *Cultura Gallega*, nº 77-79, xaneiro 1940, p. 2.

<sup>249</sup> En *Aires d'a Miña Terra*, Bos Aires, nº 3 (24 de maio de 1908).

## **Comentario dos textos narrativos en galego**

No seu texto narrativo “Recordos da feira do san Martiño” relata unha historia de xuventude lembrada por un home de avanzada idade. O tema central é o transcorrer dun día de feira na localidade de Osebe.

A estrutura externa aparece marcada pola secuenciación en tres partes diferenciadas mediante a indicación en números romanos. Esta división identifícase coa estrutura interna do relato, correspondente a unha presentación do tempo e lugar onde se sitúa o relato, o traslado dos protagonistas ó lugar onde se desenvolvería a feira e, finalmente, o transcurso da mesma.

O narrador conta a historia en primeira persoa. Podemos admitir que se trata dun feito autobiográfico, pois preséntasenos como oriúndo da cidade de Santiago e bo coñecedor das súas vilas veciñas. Este carácter autobiográfico fai que o narrador (homodixético) conte a súa historia situándose dentro dela, dende un punto de vista íntimo e, polo tanto, subxectivo. Na súa transmisión adopta estruturas de procedencia popular e mesmo bota man das fórmulas anunciadoras de corte oral, coma por exemplo: “¡Ben me acordo!”, “Alá vai agora a descriuceón máis ou menos atinada dela”, etc.

Os personaxes principais do relato son unicamente catro: o protagonista e narrador do relato, o seu amigo Roque e as dúas mozas que os acompañan, Andresa e Xacoba. A presenza de personaxes secundarios responde a arquetipos, como o cego, a polbeira, etc., dos que se nos achegan datos moi imprecisos.

Destaca especialmente o espacio no que ten lugar a historia, pois a súa descrición abrangue toda a primeira secuencia e o comezo da segunda, extensión excesiva, explicable unicamente porque escribe dende a distancia e polo carácter idealizado co que concibe a paisaxe galega. Mesmo fai referencia a unha connotación simbólica procedente da recorrencia á raiola das primeiras horas do día que se amosa dotada dunha significación relixiosa ou dunha paz espiritual que ilumina o espacio referido.

O tempo en que aparece situada a historia corresponde ó outono, concretamente ó mes de novembro, e o tempo interno abrangue todo un día, dende o amencer ata que se cubre de loito pola chegada da noite, cando ten lugar a volta á cidade de Santiago.

## Recordos da feira de san Martiño

### I

¡Ben me acordo!... Era a hora do amanecer. O ceoalcontrábase des-  
pexado e limpiño polo tanto de nubes que agoirasen unha pronta choiva.

Un enxamio de tenros e pintados paxariños rebulindo antre as enma-  
rañadas silveiras ou brincando de ponla en ponla dos arbres cuase desfolllados  
polo outono, saudaban cos seus melodeosos trinos o novo día i o pobre labrego  
que deixando astra a noite abandonada á súa querida chouza e cargando sobre  
os ombreiros os pesados apeiros do traballo, dirixíase por difrentes camiños a  
entreterse na decotía e ruda tarefa da labranza. A bris, chea de perfumados chei-  
ros sospiraba brandamente no verde ramaxe, namentras o pinal fungaba, como  
si co seu funguexo quixese remedar ó marmuxar do río Sar que corría mainiño  
bicando cas súas cristaiñas augas os pés dos longos i espesos ameneiros que  
medran as súas orelas. Oucíase o muxir dos bois na corte, o cacarexar das gali-  
ñas no corral i alá ó lonxe o noso meigo *a-lá-láa* entoado por algunha feiticéira  
rapaciña á beira da fonte ou na eira da súa casa. Por riba dos montes íbase alei-  
xando a brétema moi paseniño, en tanto a luz do día crarexaba cada vez máis,  
tan fermosa e chea de feitizos que daba envexa, e no ourente locía unha bri-  
lante franxa vermella que dimpois de trocarse amarela desapareceu cando os  
dourados raios do sol comenzaban á facer brilar nas herbas e froles dos nosos  
campos as gotas do recío.

O amanecer non podía presentarse máis subrime i encantador, nin a  
natureza derrochar máis galas nun mes tan feo coma o de novembro. Non  
parescía un día de inverno sinón de vran (deixando a unha beira o corisco que  
tollía e facía por veces arrimar ben a bufandra escontra o fuciño). Pro, ¿que lle  
importan á mocedad as endrómenas do inverno i os efeutos da xiada cando se  
lle persenta a ocasión pra botar unha cana ó aire? Non faltaba máis, -discía  
meu amigo Roque, que máis que home, era un demo feito e dreito, pro sin cor-  
nos, que pola mor do frío fora deixar de baila-la ribeirana na feira con Marica,  
e darlle unha aperta a Pepa i un bico a Rosa e... a non levar a cabo que sei eu  
cantas outras falcatruadas que a sorte me depare! -I é moi certo, porque as  
troulas son a i alma e vida da xuventude e esta non para mentes nas incremén-  
ceas do tempo que, a discir verdá, son moito máis pequenas e de menos forza  
có fogo que arde no peito da mocedad gallega cando se trata dalgunha festa.

Eu era tamén mozo naquil tempo, ¿pra que hei de negalo? E sintín  
coma os mais da miña idade, esa condergada paseón, polas festas e... polas  
mozas, culpabres unhas e outras de que eu fora na campaña daquil Roque que  
conoscedes i habés de conoscer aínda máis, á feira de San Martiño, da que vos  
vou a falar enseguidiña.

II

Serían as seis da mañán, pouco máis ou menos, cando na compañía de Roque me puxen ó camiño a pé por ser, según el, máis económico có tranvía, sin máis cobiza cá de chegar logo á estación que ten en Cornes o ferrocarril que vai de Santiago a Carril. ¡Era ben cedo!, exclamaredes; pro si vos digo que eran as oito cando chegamos a ela, e... que tiveron a culpa dise atraso unhas boniteiras rapaciñas que se nos botaron ó lombo xunta o mesón da Roxa e non quixeron deixarnos hastra a volta da feira ¿que diredes?

Antre voltas e revoltas, o tempo foise e chegaron os apuros. Estábamos na estación. A máquena dou tan longo asubío que fixo estrmece-la xente, e logo máis de mil zocos caíron riba dos nosos pés aprastándonos os sabañóns dunha maneira conxanada ó mesmo tempo que, sin coidarnos da delore, rubiamos trunfalmente, é discir, cuasque en brazos da multitude ó coche que nos iba a servir de habitación por unha hora

- ¡Señores pasaxeros, al tren...! ¡Al tren...! - Berrou con cantas forzas tiña un dos empregados da estación; e dimpois de dar uns fortes badalazos ca campanilla por dúas veces, o tren sacudiuse un pouco como querendo esperguizarse, gomitou pola chamineia algunhas bocanadas de fume mezcrado con moxenas de lume e logo tomando forzas dou outro asubío e botou a andar retorcéndose coma unha cobra polos raíls adiante.

As nosas compañeiras de viaxe, Andresa e Xacoba, entretíñanse en falarlle a Roque de casamentos, fías, regueifas, espadelas i outras fuliadas que iba haber na aldea, pro el non lles facía miga de caso por levarlle tódalas olladas a empanada que envolta nun mantel branco e feita dous anacos polo aperto, ensinaba algo da salsa de aceite, cebola e pimento, debaixo do asento. Eu, moi pola contra, cravárame de tal xeito nunha das ventanas do coche que aposto un carto vello a que non poidería naide arrincarme dela sin meu consentimento! I a teima non deixaba de te-lo seu valimento si se ten en conta a fermosura do paisaxe que a cada paso se persentaba diante dos meus ollos; paisaxe que sirve dadorno á nosa terra i é alabado e admirado por todos cantos alleos teñen a sorte i o gusto de velo. Pro, ó tren como non lle importa un pito canto de subrime ten a obra da natureza, deixou nun credo atrás a estación de Casal (con tres minutos de parada) e siguiu alancando canto podía, escurecéndose nalgún túnel, salvando pontes i atravesando veigas; ou ben deixando a cada beira da vía pequenos regueiros e xigantes montes coroados de verdes pinos, ou persentándose soberbo e cheo de maxestá diante da probe aldea que como símbolo de traballo e de virtú se ergue no médeo de longas hortas de arbres froitales e legumes, sin rexurdir xiquer, por alcontrarse ó parecer dormida en amoroso niño de cheirosas froles i ó arrulo que lle emprestan as murmullantes augas das súas fontes.

Tocou novamente o pito da máquena i o tren parou diante da estación de Osebe. Auto contino deron as portas dos coches en gomitar xente que era un alabar a Dios i o camiño que vai dende a dita estación ó lugar da feira viuse moi logo cheo de ledas parexas que cantaban e aturuxaban a máis non poder.

Antre elas iba Roque e un servidor de vostedes, levando do brazo a Andresa i a Xacoba que nin polos diabros querían perdernos de vista.

Ós vinte minutos entrábase moi fonchos, é decir, como Perico pola súa casa, na aldea de San Martiño, chea xa por comprobe de xentiña máis madrugadeira cá da nosa carabana.

### III

Máis dunha hora levamos furgando polo medio dun mundo de cornos e de xente en busca dun sitiño a xeito onde poder xantar; alcontrando, ó cabo de dito tempo, un moi ó noso gusto, á beira dun rego i ó pé dun pequeno salgueiro que crubía con súas ramas nosas cabezas e servía ó mesmo tempo, sigún Roque, de dosel a aquela empanada de raxo a quen el... ¡ai eso si! querer, que-ríalle polos vivires.

Sentámonos no chan en roda, e sin nosoutros pensalo, a primeira cousa que persentou na mesa, foi unha rica tortilla de ovos e torresmos que Xacoba trouxera gardada na faltriqueira; tocándolle dimpois o turno á empanada que foi nun verbo degorada (i eso que non eramos gastronemos). Botámoslle por riba uns coantos sorbos de viño branco da bota, máis peleón có demo; acompañámoslos duns anaquiños de pan e queixo de Santiago i asina feitos uns peneireiros marchamos a dar unha volta pola feira que estaba a aquela hora no millor.

Alá vai agora a descriuceón máis ou menos atinada dela.

A carballeira donde se celebra atopábase chea de gando de todas castes e de compradores e vendedores gallegos e castillanos que non se vían fartos de mallar ca aguillada nas probes bestas ás que faguían correr dun lado pró outro; mirándolles logo a ferramenta e tirándolles polo rabo pra ver si eran de boa caste.

Á dreita do camiño erguíanse as tendas feitas con pedazos de madeira e cubertas de lona branca coma a neve, destinadas pra a venda de rosolios, rosquillas, retorcidillos, caramelos i outras larpeiradas polo estilo. Á esquerda e postos en ringleira alcontrábanse os carros cargados de pipas contendo o nunca ben alabado viño da Ulla e do Ribeiro; e máis adiante os postos de café, froitas e castañas asadas e cocidas.

En difrentes sitios da carballeira estaban as pulpeirías cos seus caldeiros cobrizos acugulados de pulpo, postos a ferver riba de grandes fogueiras que envolvían en nubes de fume a feira toda i ameazaban afogar á xente menos á pulpeira que polo visto tiña agallas de tiburón e polo mesmo non lle impedía de rogar ca súa mercancía berrando: «¡Comprádeme o pulpooo...! ¡Ai que rico é, mociños..., ai que ricoo...!»

Ó recramo da moza (ou vella) ¡xa se sabe! acudían os larpáns pedindo dous ou tres bocados daquil peixe que acababa de picar cunhas tixeiras máis longas có desexo dun probe a que facía de cocieira, quen non se esquecía

nunca, ¡ai eso non!, de molla-los pedaciños en aceite e vinagre e de botalos en pratos de pau pra ser sirvidos.

Aló en baixo, nunha fondeira que fai o terreo preto á carreteira i ó mesón do Amerecano, un fato de pipiolos escoitaban ca boca aberta coma unha esporta, o relato que o cego Monteiro facía de un crime desastroso ó compás dunhas coantas rascaduras nun violín; namentras que outros se entretiñan en tira-la sorte do *pajarillo* i-en apraudi-lo *aeronauta* Tomás cando a toque de caixa (pois sin este requisito non traballaba), rubía e baixaba, non sei por qué arte ou amaño, por un tubo de bidro posto nunha das gaiolas dos *pajarillos sabios*.

Tamén o *bis-bis* non deixaba de ter niste sitio partidarios que lle tirasen da roda algunha que outra chilindrada, ás veces ben cara por certo.

Na campía branquexaban os panos das merendas i os xarros de viño corrían de man en man astra quedar baleiros. A gaita tocaba sin descanso muiñeiras, xotas, fandangos e ribeiranas tantas veces como os bailaríns querían bate-las chancas no chan e as mociñas de fino mantelo, branca cofia e colorado dengue, loci-las súas gracias naquilas voltas arroubadoras da muiñeira.

Non hai que deixar atrás os bailaríns da vila que, como mais adiantados cós labregos, pidían vals, polkas, rigodóns e de todo canto o agarradiño cheira, os guitarreiros e acordeonistas que non querían rabuñar nas cordas nin dar ás tecras por menos dunha peza do can grande.

Os cegos non deixaban corruncho sin visitar nin daban unha volta ó rodíceo da zanfona que non lles trouxese pró peto algúns cadelos e pró taleigo algunha larpeirada. Ai sempre dúas castes de cegos nas feiras e romaxes de Galicia; os que botan os monicreques i os que tocan a zanfona. Istes últimos son os que máis divirten á xente cas súas copras oportunas e chispeantes, que son a veces orgullo ou mofa e vergoña da mocedad.

¿Que mozo non se pon máis teso que un galo ó ouvir ista copra?

É un mozo moi portado  
é a frol da romaría,  
parésceme un Deputado  
¡viva a súa gallardía!

¿E quen non se sinte avergonzado con ista outra?

Siñorito da chalina  
i el mirar atravesado,  
delle unha limosna al ciego  
no sea tan agarrado.

Pro non vaian a cree-las mozas que pra elas non teñen os cegos no seu repertóreo copras tan xeitosas coma as arriba apuntadas, ¡vaia si as teñen!, e tanto que en menos de un sigundo fanlle vira-las meixelas á máis esbrancuxada do color da cereixa, como eles din.

Tamén non se botaban de menos, por disgracia, probes tolleitos e chagados que pidían nas encrucilladas do camiño unha limosna por Dios, nin mulleres que daban tres cordóns por un carto e auga fresquiña que daba xenio, por un anaco de pan. Os da auga de limón, vían con cara de risa como a garrafa

se lles baleiraba ó pouco tempo de enchela con auga quizáis dalgún rego, almi-barada con oito cartos de azucre máis moreno cá terra.

Fogos non houbo, pro si bastantes fungueirazos, según me contaron. Co isto poño remate á descriución da feira na creéncea de haber contado todo canto vin nela. O meu desexo era ver máis do que vin; pro a Xacoba i Andresa, antoxóuselles discir que estaban cansas e que tiñan gana de comer e ¡ala que te vas!, sentáronse nun roleiro máis dispostas que un lobo famento a romatalos poucos relevos que quedaban do xantar.

Non perciso discir que merendamos os tres en amor e compañía, máis contentos que cucos, pensando somentes na noite que se nos viña enriba; cubrindo ó seu paso de loito a campía e levando ós corazóns a triste nova de haberse rematado a feira.

Pensábamos, tamén, ¡coidado que non se me esqueza!, na sorte que correría Roque naquilas horas ca moza con quen quedara conversando na feira, e xa nos dispoñiamos a deixalo soilo cando de repente o vimos aparecer facendo eses polo camiño, máis cheo de viño que un odre e falando coma un tatexo.

A hora do tren chegaba i era menester levar ó bébedo de Roque pra Estaceón.

Andresa non quixo tomar parte niste trafego, quería camiñar a renda solta polo mor de libertarse millor da compañía (se é que viña), pois era tan medosa de noite a conxonada, que tódolos carballos que alcontraba ó paso lle parecían homes que viñan cara a ela cos brazos abertos pra darlle unha aperta; tendo por causa distas liortas que cargar co moucho eu e Xacoba.

Á forza de traballiños, poidemos chegar á estaceón de Osebe cando o tren acababa de entrar en agullas; tratando axiña de acomoda-lo bo de Roque no curruncho dun asento do coche, onde foi sin dar a pé nin a perna astra moi preto da cibdá de Santiago que rexurdeu seica co barullo das pandeiretas e cantarelas dos feireantes que viñan nos mais coches.

¡A feira non foi mala!





## Manuel Núñez González (*Ma-Nu-Gón*)

### Datos biobibliográficos

Naceu en Vilardevós (Ourense) no ano 1865 e morreu na mesma vila en 1917. Estudou Dereito en Santiago de Compostela e ingresou no Rexistro da Propiedade. Entrou na Compañía de Xesús pero a súa saúde impediulle permanecer nela<sup>250</sup>. Deuse a coñecer como poeta en *O Tío Marcos d'a Portela*, asinando moitas veces co seu nome e outras co pseudónimo de *Ma-Nu-Gon*. Logo colaboraría tamén con outros periódicos de Galicia como *O Galiciano*, no que publicou a lenda “A namorada cautiva”, que despois recollería no seu único libro de versos escrito en lingua galega: *Salaios. Versos gallegos* (1895). En castelán escribiu unha monografía premiada en Pontevedra en 1892 que trata de *La poesía popular gallega* (1894) e o volume de versos titulado *Efusivas* (1908). A súa poesía caracterízase polo patriotismo e a xustiza social e pola liña romántica na que canta os amores traizoados. Carballo Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, considérao como un poeta que se afasta do costumismo predominante na época, polo que salienta que “habla siempre con su propia voz sin ocultarse bajo la máscara del paleta” e, a continuación, defíneo como “un poeta culto, cuyo verso y cuya lengua fueron bruñidos por el buen gusto, aunque no posean gran fibra ni pasión”. Pouco antes da súa morte escribiu o discurso de entrada na Real Academia Galega, que levaba por título “Compañía familiar gallega” e que non chegou a ler. Tamén é autor dun folleto, escrito contra un político da comarca de Verín e publicado en Portugal: “Manojo de iniquidades o un feudal del siglo XIX”. Como narrador publicou en *O Tío Marcos d'a Portela* o conto titulado “O muíño dos tíos Mariquiñas. Conto”<sup>251</sup>.

### Comentario dos textos narrativos en galego

A historia xira en torno ó acontecido ó tío Picapeixes unha noite que foi ó muíño e se lle apareceu unha *xa*, que segundo explica o propio narrador, é un ser intermedio entre un trasno e unha alma en pena. O tema das aparicións

---

<sup>250</sup> Respecto a esta circunstancia da súa vida cabe lembrar o que Uxío Carré Aldao comentaba acerca da fráxil saúde deste autor: “Aun abrigamos esperanzas. Núñez González hállase outra vez en su patria, a donde viene en busca de la salud quebrantada hasta el punto de e tener que abandonar la Compañía. De su inspiración acaba de dar gallarda muestra con sus poesías castellanas “Las noches del Estío”, que obtuvo la “flor natural” en los “juegos florales” de Bilbao en 1901 y “Mater hispanorum” el accésit en 1902, en Colonia (Alemania). El poeta renace. ¡Aleluya!”. Carre, Eugenio, *Literatura Gallega*, Barcelona, ed. Mauci, 1911, p. 79.

<sup>251</sup> Parrafeo 112, 24 xaneiro de 1886.

de bruxas, trasnos ou pantasma, tan arraigada no acervo cultural da literatura galega, preséntase aquí en clave humorística, cun desenlace afortunado para o asustado protagonista. É salientable a calidade literaria desta narración, marcada nas dúas primeiras partes do relato pola minuciosa descrición na que a voz narradora consegue crear a atmosfera de misterio no lugar onde vai ter lugar a anécdota.

## O muíño dos tíos mariquiñas. Conto

### I

Era unha noite escura como a conciencia dun ladrón. A pequena chuisqueira que dempois de anoitecido humedecera as follas dos árbores e as herbas das pradeiras, deixou estendido no hourizonte un lenzo inmenso de sombras tenebrosas formadas polos esqueletos daquelas néboas que, pouco antes, arrotando ca fartura, esbaleiraran a auga riba dos pacíficos habitantes do pobo de Villardevós; de cando en vez, deixábanse ver os debres reflexos da amortecida lúa, que ó volverse a tapar, aumentaba nun cen por cen —como os rédetos dos nosos usureiros— a negrura daquela medoñenta escuridá; os paxariños, ateridos co frío, estaban agarouchadiños nas pólas dos chopos e dos ameneiros sin estreverse a dar unha piadela; e as xuguetonas e embalsamadas brisas da noite, deixaban por vez primeira, de ter un movemento constante as follas dos olmos.

Tal era pois, a negrura espantosa e o silencio daquela noite malfadada.

### II

O río Codes, dempois de atravesar folgadoamente a millor das de Villardevós, e un pouco antes de xuntarse ó seu compañeiro Porto, do que máis tarde toma o nome, precipítase por unha bonita ladeira, nunha profundidá de máis de corenta varas de altura somellando coas súas sucesivas e pequenas cascadas, unha manífica escaleira de prata.

Esténdese dempoixa, bulidor unhas veces, perguiceiro outras, pola fermosísima veiga de Arzaiza astra xuntarse co seu citado compañeiro: pero o que nos interesa é non perder de vista o sitio das cataratas en miniatura: chámasele na autalidá a Fontiña, e nela tiñan os tíos Mariquiñas un muíño no que tódolos probes faguían a súa moenda sin máis paga que a de ter en conta que non se desarranaxe.

Os ameneiros, chopos, carballos, loureiros e unha infinidá de herbas e prantas cheirosas contrastando cos áspros penedos, tan grandes como mal feitos, o mesmo lle dan aquel sitio, nas noites escuras, de ventisqueiro ou de chuvia, un aspecto sombrío e medoñento, como fan que nas craras e apacibles de luar sea un dos sitios máis pranteiros, onde, sentado enriba dun penedo, cos ollos fixos na señora da noite e arrolado polo monótono ruxido das augas, ou ben polos doces e melosiños cantos do reiseñor, cruza o pensamento os espacios infinitos, ora pensando na muller amada, ora soñando cousas tan alegres e amorosiñas que, remontándose polas rexións do desconecido, xenera fantásticas visións e mundos de coor de rosa astra conseguir que a tola fantasía acoube unha esperanza falangueira que, por desgracia, sólo serve para entristecer o curazón cando, ó volver en sí, comprende que todo foi un sono.

### III

Pero, volvendo ó noso conto, estando como estaba a noite de escura, mentira lle parecería a quen non o vise, que así como polas once, e pola estreita congostra que vai dar á porta do muíño que vos deixo dito, baixase un home cun vulto á res sin ter en conta os moitos peligros a que se espuña.

E non é milagre que non o creesen, pois que inda hoxe hai poucas persoas —sobre todo mulleres— que se estrevan a pasar por aquel sitio dende que escurece, por medo de que algunha pantasma lle meta o espíritu no corpo; canto máis naqueles tempos en que de noite non se vía outra cousa que bruxas, trasnos, meigas, pantasmas e almas en pena.

Pero o certo é que baixaba; vermémo-lo que asocede.

Quen estivese á esculca do nouturno viaxeiro, se alguén houbese que fose capaz de estar, enteraríase de que aquel home era o tío Picapeixes, que andaba moendo un pouco centeo co gallo de telo cocido pra a colleita das patacas; e como a tía Culandrona —que así se chamaba a muller do tío Picapeixes— non tivera vagar de escribir o que faguía falta pra aquel día, por mor dunhas fabas que anduvera collendo no eido, estuvo o muíño parado dende que saíra a facenda; pero tan pronto como volveu á casa, e lle deu a cea ós pequerrechos e acomodou ós porquiños, púxose a fague-lo mandado, e como, gracias a Dios, era ben desenvolta, pronto tuvo un fol cheo en disposición de levar ó *muíño*.

O tío Picapeixes que non agardaba outra cousa, botou o fol a res e alí mo tendes camiñando ós catro pés de cara ó sitio que xa sabedes.

### IV

Naqueles tempos, según di meu tío que dixera seu pai que lle ouvira ó seu avó, había unha cras de pantasmas que eran así, como si dixeramos, un término medio entre os trasnos e as almas en pena; pero que participaban un pouco máis desta última condición, sólo que eran moi pacífecas, pois nunca se soubo que se metesen con nadie non meténdose primeiro con elas.

A estas pantasmas chamábanlle *xás*; abundaban como as moscas no mes da Agosto, e eran pola súa bondá, pouco temidas dos labregos. Hoxe xa non se ve ningunha, gracias, según di tío Lázaro —home que nadie ten por mintireiro— á procesión de ánemas que tódolos domingos teñen os cregos nas súas eirexas: dito que vén a confirmar a creencia do avó do meu tío de que tiñan algo de almas en pena.

Pois ben: o tío Picapeixes, como xa sabendes, camiñaba con toda présa de cara ó muíño, pero non por causa da présa se lle olvidara de meter na faltriqueira un anaco de pan e unha longaniza cocida que tiña gardada debaixo dunha tixela no louceiro, porque a cea non fora alá moi valente que digamos: e afellás que non fixo mal de todo, pois inda ben non acabara de botar o grau

na moxega, de varrer o farneiro e de levantar o aliviadoiro, xa sentiu que un ratiño lle andaba estrapexando no estómago.

As présas non son boas, e nesta ocasión non tiña pra que deixar de ser ruín; así foi que en lugar de coller a longaniza cocida, gardou unha crúa que a súa parenta puxera no mesmo sitio coa sana intención do tomar un taquiño, a xeito de sobrececa, tan pronto como o seu Picapeixes marchase; o que nada tiña de estrano si temos en conta que padecía un frato que algús truás diron en chamar *larpeiro*, que lle impedía comer diante do seu marido; pero o noso home non se deu por asocedido, antes ben, parece que a mirou con certa sorna morna dicindo pro os seus botós: “Bo, bo, que máis ten, ásote e na mesma me ben a dar”.

E así o fixo: xuntou os guiciños, alcendeunos nun curruncho do muíño e cravando a longaniza nunha vareta, a xeito de espeto, púxose a darlle voltas enriba do lume e a pingar a grasa que descorría na codeliña do pan; mais o díaño que nuca dorme, quixo que deixara a porta do muíño aberta, e alí me tendes unha *xa* entrando cunha espetada de lezmes.

Foi tanta a desgracia do noso home, que o diano da *xa*, propoñéndose arremedalo, puxo a espetada das lezmes enriba do lume, e o mesmo que el, tamén foi pingar *aquelo* que lle *pingaba* no pedaciño de pana, acompañando o feito con este dito:

“*Axar, axar,*  
no pan pingar”

O tío Picapeixes, anque era valente, asustouse nun principio e divixou que a *xa* repetise o dito e o feito; mais reposo logo, e vendo que iba a quedarse sin cea, reprecoulle en son de ameaza:

“Está quieta *xa*  
que te vou a queimar”

A *xa*, sin faguer caso do que lle decía, volveu á mesma tonada.

“As tres saú o can da res”, e o noso muiñeiro tiña presente o refrán da nosa terra; así foi que sin incomendarse a Dios nin o díaño, pasoulle a longaniza ardendo polos fuciños a *xa*.

—¡Meimoume! ¡meimoume! —escomenzou a berrar polos outeiros adiante.....

## V

Dios sabe o que lle pasaría ó tío Picapeixes, si tan pronto como queimou a *xa* non saíse do muíño e correndo a todo correr non se fose meter ó forno do lugar, que por fortuna súa estaba cocendo aquela noite.

En canto á *xa* queimada, o diaño que sepa como se arranxou pra axuntar en pouco menos tempo co *idem* frega un ollo, máis de cuatro milleiros de compañeiras, que por pronto que correron xa ancontraron ó muiñeiro drento do forno e no medio doutras persoas; polo que tiveron que contentarse con decir: “Fortuna tuveche”.

Villardevós, Diciembre 30 de 1883.

## Eduardo Núñez Sarmiento

### Datos biobibliográficos

Eduardo Núñez Sarmiento naceu en Angueira, Santa Mariña de Ribasar (A Coruña), o 20 de marzo de 1865 e morreu neste mesmo lugar o 21 de decembro de 1906. Foi xornalista ademais de poeta e profesor. Realizou estudos de Maxisterio e exerceu como mestre cando mozo. En 1894 emigrou a Cuba, despois de ter publicado varios poemas e de ter participado en varios certames literarios. Axiña comezou a colaborar en *El Eco de Galicia* e noutras publicacións da Habana e foi redactor do *Diario de la Familia* e da revista *El Hogar*, na cal chegou a ser secretario de redacción. En 1895 dirixiu o semanario *La Región*. Participou na guerra da independencia cubana defendendo coas armas o réxime colonial e alcanzou o grao de oficial. A partir de xullo de 1901 comezou a dirixir *El Eco de Galicia* e despois ocupou a xefatura de redacción de *Galicia*. Tamén foi director doutras publicacións de curta existencia como *El Quijote*, *El Eco Español* e *Galicia en América*. Foi profesor do colexio Concepción Arenal do Centro Galego e en agosto de 1904 obtivo o primeiro premio nos Xogos Florais celebrados en Camajuani, co poema “Desde que el hombre nace”. Colaborou en *El Fígaro* e en *El Eco Montañés*, e usou, entre outros, os pseudónimos Blanca Azucena de la China, Tomás Neri, T. Semirano e Calderilla. O goberno español outorgoulle a Orde de Isabel a Católica co grado de Cabaleiro, e La Cruz Roja a Orde de primeira clase do Mérito Militar. Marchou de Cuba en 1905, moi enfermo, para morrer na súa vila natal.

Recollémos os relatos “As vísporas”<sup>252</sup>, “As desgracias de Pedriño”<sup>253</sup> e “Don Pesperellas”, publicados en *El Eco de Galicia*, o primeiro en xullo de 1895 asinado como T. Semirano, e os outros dous en xaneiro de 1901 coa firma E. Núñez Sarmiento.

Cónstanos tamén a publicación por parte deste autor de dous textos en castelán no xornal da Habana *Follas Novas*: “Resultado de un almuerzo” (5 de marzo de 1899) e “La Feria de San Martín” (19 de marzo de 1899); e dos volumes *Constanza* (1895), *En las orillas del Esla* (1895) e o poema *La cruz de la espada* (1898).

---

<sup>252</sup> Nº 682, 20 de xullo de 1895.

<sup>253</sup> Nº 958, 5 de xaneiro de 1901.

### **Comentario dos textos narrativos en galego**

“As vísporas” é un relato de carácter costumista ou, máis ben, localista, que presenta a circunstancia da emigración e no que a tensión se ve sostida polo clásico triángulo amoroso. Presenta unha localización concreta nas terras da Mahía arredor dunha romaría popular. Un narrador en primeira persoa, testemuña dos feitos, relata a regueifa que manteñen Pepe de Mariña, un rapaz chistoso e espelido que viñera de Bos Aires, con Farruca de Landrois, na que o mozo, recorrendo a unha descrición hiperbólica, faille ver os defectos do seu rival.

“As desgracias de Pedriño” é un texto de carácter bastante ambiguo, en canto ó seu contido, que conta cun comezo abrupto. Relatou as desgracias de Pedriño por ver de conseguir o amor de Rosa, unha rapaza cun talante picante co que finalmente acaba casando.

O mesmo talante hermético ten o relato “Don Pesperellas”, que reproduce unha conversa entre un portugués e un galego sobre un home que vive das mulleres. O narrador intenta reproducir a fala da lingua portuguesa.



## As vísporas

Xa escomenzaran as bombas a estalar, e o fume enchía de brétemas as ladeiras do Miranda. Os foguetes de luces relucían ó lonxe, baixando aquelas tan de vagariño que parecían prumas encendidas cada unha de diferente color, hastra que consumidas desaparecían no aire como as ilusións do home desaparecen no espacio sin fin, do desengaño.

Camiño da Escravitú iban as rapazas de Angueira, garbosas e tesas, porque tiñan fama de guapas e espelidas en máis de tres légoas á redonda. Acompañábanas varios mozos entre os que iba Pepe de Mariña, o demo máis grande que viñera de Buenos Aires, pero tamén o rapás máis chistoso que nai algunha botara ó mundo, nas frondas da Mahía.

Foise facendo o rogado e cando toda a troulería chegaba ó Paso Nivel, aínda o xuncras de Pepe viña na Ponte da Pulida. Eu que tamén era medio demo quedeime agachado no camiño que vai dar a Angueira de Xuso, e ó fin puđen ver que seguía o camiño raial ó lado de Farruca de Landrois.

Falaban mui baixiño, pro eu que todo me volvo orellas cando quero oír diálogos interesantes, collín pola cuneta e puđen escoitar o seguinte:

—Quieto, Pepe; sei que te tenta o demoro.

—Pero mira Farruquiña; ti non ves que eu non podó pasar sin ti.

—Dáche ben forte.

—Nada de eso. Mira —e dicindo esto dóulle un rebelisco.

—Estate quieto, esconxurado.

—¿Picouche algún abellón?

—¡Home! Déixame ir sola que ti es a perdamá, e aínda me leve xuncras se che fago caso.

—Pero ¿por que?

—Porque sempre serei de Antonio.

—De Antonio; dese que ten un narís que parece un moco de pavo.

—É millor que a túa.

—Será, muller; pero eu xuro por unha preixa de nabos que servía de rebolo pra ir ás castañas a Bascuas. Mesmo parece unha alcuza.

—Non fagas bulra del.

—Eu non digo máis que a verdá. Escoita: ten unha melena máis espesa que as coles que Carmela de Picallo somentou no Agriño; unha testa como a tampa dun muíño; uns ollos que parecen dúas linternas que non se limparon en catro anos; do narís xa non digo nada, pero o que é a boca parece o tallo da Conceución a cortadora, e o queixo o cimborrio da capilla da Escravitú. Éche todo un lambido; non ten máis gracia que unha; non, minto, ten dúas: pasa a lingua por debaixo do narís, limpia esta á manga da chaqueta e ten as pernas tortas; o que é unha avantaxe pois se lle rebolan unha estaca a elas endireitanlles e sai sempre ganancioso.

—Pero, Pepe, que tirria lle tes.

—Ningunha; pero dáme noxo que unha rapaza coma ti, lle dea creto a un badulaque deses.

—O que feo ama, bonito lle parece.

—Eso dilo ti e mais quen queira ser como ti; polo demais supoño que non te namorarías do gato do Aido que parece que anduvo lambendo laranxas bravas.

—Bueno, home, eso non lle fai.

—Pero, dime, Farruquiña; eu que che quero tanto ¿hei de verme despreceado por causa dese traga carozos?

—¿E ti cando me dixeches nada? Viñas hoxe, pero viñas cunhas intencións...

—Moi boas, por certo. ¿Acaso ninguén pode adivirtirse?

—Xa o sei que se pode; pero con máis crianza.

—Mira se estou ben criado, que xa os pantalóns me queren rir por onde se acostuma a levar os puntapés.

—Non seas así: fala millor que ningún traballo che costa.

—Polo visto pra falar contigo é preciso ir rezando Padrenuestros.

—Non é eso.

—Destonces non entendo.

—Digo que é preciso chamarlle a cada cousa por nome distinto a esos porcos que ti lle dás.

—Bueno. ¿Como lle hei de chamar a esto que teño detrás?

—Adiviñao.

—Non adiviño.

—Pois eu tampouco.

—¡Bah! ¡Bah! Deixémonos destas lérias e falemos con formalidá. ¿Ti quéresme ou non?

—Home, indiferente non me es, pero...

—Non é mazán.

—Digo que si se incomoda Antonio...

—Ten dous traballos.

—Mira que ten mal xenio.

—Eso eu llo aplacarei.

—Está ben, pero non o deas a notar.

—¿O que?

—O que ti ques falar conmigo.

Estamos na romería e Pepe baila con Farruca. Síntese un rebumbio. Son os zapateiros de Santiago que andan a paus cos de Bastabales. Antonio tamén anda no lío e Pepe con Farruca escáchanse de risa. Vén un pau direita el; dálle un puntapé no queixo a Antonio, este cai sobre unha rosquilleira e armouse unha de puñetazos que arde o eixo.

Veñen os civís e prenden a unha enchenta deles; pero Pepe e mais Farruca non foron encontrados.

Hai quen asegura que Farruca tamén saleu ferida da romería da Escravitú.

Eu non o dudo nin o xuro, porque os rapaces son o diaño e Pepe de Mariña valía por media ducia deles por ben ilustrados que fosen. Ao fin tamén hai diaños ilustrados que collen a figura de Pepe, pra trafulcarlle os miolos ás rapazas.

Antonio saleu da cárcere pero o que é Farruca aínda non está curada. Hai enfermidades levadas de corenta e cinco mil cabezas de provincia.

## As desgracias de Pedriño

Ao meu amigo Carlos Mugía

O bo do home desfacíase por non chegar e arrecender a marabillosa frol que o tiña levado dos demos. Soamente envexaba aos que podían con un bocadiño de pacencia, sin pararse en barras nin estornelas. Unha tarde escozou a mirar pró chan, e dixo:

—¡Recorcio! Hoxe hei de arrecendela, anque me coma unha partida de galafates.

E dito e feito: dirixeuse á terraza; oleu, e unha espiña fíxolle ver que tamén hai agullas nas cazolas campestras.

O demo non as pensa, nin el tampouco pensaba no demoro daquel ourizo que tiña sables por follas e coitelos por cheirume. É o que pasa na vida, sempre sale un cravado, i é porque o trasno non dorme.

Aí me tendes ao bon de Pedriño levando colgado da nariz o espiño coa cazola. ¡A perdamá que o leve! O xuncras do animal non sabía que en todas partes se pesca algo, aunque no sexa máis que un disgusto, ou unha ferida na punta de calquer cousa.

Pero el pensaba en Rosa e os propósitos que había feito non eran para deixados, anque o esnaquizasen. Disfrazouse, comprou unha boina e foise dereito á praia de Mugaros para darlle unha somanta boa á rapaza que o enganara coma un chino. Pero cando chegou veu á nai da dulcinea e quedouse como petrificado. Caeulle a boina e a postura en que quedou foi máis que cómica propia de un home que non se atopa a gusto cos modernos descubrimentos, anque estos non teñan nada que ver coa profesión de titiritero.

Dou volta e finxeuse un home capitalista. Púxose de lanvita e chistera; colleu por catalexos o cañón dun barrecalles, propiedá de seu avó e dispúxose a entrar na praia, esculcando o punto en que sealcontrase Rosa. Pero ó estar ollando, a maldita vella, cunha sombrilla feita dun bocado duns pantalós de “mírame e non me toques” doulle unha somanta que valfa polo menos dous millós de sospiros (ouro americano).

O condenado perdeu o xuicio e botou a correr, non fixándose en que un porco máis home de ben que el, o seguía. Meténselle por entre as pernas o Pedriño,

“¡jinete sobre las alas  
de su espíritu veloces”,

perdeu todo, hastra a poucavergonza que tiña; pero, topou un defensor, desos que por aquí tanto abundan, e non se deu por ofendido.

Anque non atopara con Rosa, dera co porco, e pouca distancia había. Solamente o seuso podía diferenciar a ambos animalíños.

Rosa non era mala rapaza, pero como vendía laranxas era un pouco picante.

Así e todo, casouse con Pedro e ó ano dou a luz con toda felicidade de unha cría que chamou a atención de todo o mundo pola forma que tiña, e outra cousa que lle aparecía sobre a testa e que decían lle roubara ó pai.

Desesperado por fin, ante somellante mala sorte, para distraerse fíxose borracho, que é o menos que pode ser un home; adicouse á leutura e posto fronte a un espello convenceuse de que si o home non procede do mono de garrote, ao menos vén do mico.

Esto sin caber a menor dúbida.

E aquel que o poña en tela de xuício que se fixe en moitos micos que andan por aí, con figura de home, botándose de personas intelixentes, e sendo uns chiviños con aspiracións de grandes cousas, e que non chegan ós calzós de Pedriño, anque non queiran salir da categoría de sans.

*A las pruebas me arremito.*

É decir si antes non me fan probar outra cousa parecida os desenganos de Pedriño, que non foron curtos.

Ó que veña, que o aforquen.

E sinón, que o deixen tranquilo, que bastantes calamidades pasou estes monos principio de siglo. Morra o conto.

## Don Pesperellas

—¡Ora cos diabos! —díxome certo portugués un día en que se atopou fronte por fronte co fillo do señor Montalaburra—. Isse hominho debe ganhar muito dinheiro. Vae de casaca, leva boas ceroulas e dáme o curaçãõ que não o fez o alfaitae, nem o chapelleiro, senão um fidalgo.

—Non faga caso, meu amigo; ese home é un badulaque, pior que outro calquera. Cando sai da casa, emprega toda unha tenda. Unas veces preséntase con cara de santo, outras de demo, porque ten moitas carantoñas, i agora leva a de moucho, porque é a que máis lle senta. Vosa mercé conoce ben os moricegos, que, anque teñen coiro de rato, voan como os paxaros e queren ferver en tódolos pucheiros. Por sinón o sabe debo adivirtirle que o tal faqui-neu é un vividor de oficio, con ribetes de valente, fumes de grandeza e con máis estopa nos miolos que pipidas ten un cabazo.

—Comprendo, é dizer, que não passa de un garoto...

—Esautamente; bótase as de home sabido, pro fai de paíaso casi sempre. Diante das presoaas que algo valen parece un esconxurado. El non ten vergoña nin migalla de pudor. Como conta por herencia un corazón podre, nada lle importa vivir a conta de calquer muller; o caso é vivir. Por falso testimonio máis ou menos, non marra o trato, e anque leva apañado algunhas lufiadas, eso é fariña que nin en foula, pro que lle desfai ó máis pintado o conducto por onde se arrecende ou se cheira. Pasa polo máis íntegro, o máis honrado; ten pretensiós de immune e aínda con tanta limpeza de faltriqueiras e noxo de concencia, tivo que botar mau dunha lavandeira, pranchadora e manceba, nunha sola peza, que a probe está traballando como unha santa para mantelo, porque el, necesita moito xabrón para lavarse, e grandes palacios para satisfacer seu orgullo de macaco. Ella está decote pegada á máquina, mais el non conta con nada de eso; de maneira que canto merca débello á probe muller, aínda a mesma carantoña.

—¡Ah! Não, isso não pode ser verídico. Não cabe em nenhum curaçãõ honrado tão despreziavel patiferia. Homens disse xeito, tenho a certidãõ de que não deven viver. Deus os comminaría.

—Non crea; aínda hai máis. Cando ela se resiste a entregar o diñeiro convírtese nunha fera e brama como un vendaval. É o exempro vivo das desesperaciós satánicas. Mais como ten tan pouca lacha, non lle fai caso ás bágoas da reclusa, vístese con tranquilidade aparente, cachea e recachea os caixos, volve a empinarse en son de verdugo, mira se o fogón está alceso, porque das *pranchas* vive, e, satisfeito da requisa, colle o paraguas, sai prá calle, e sin encomendarse a Dios nin ó demo, oíndo como quen oíe chover as maldiciós da rapaza e di evanxelicamente: *¡Agua va!*

—Que uma faísca me parta si em as miragens do meu pensamento não freme a razão e conspira en contra de quantos ollam issa fera sen despreziavel repugnancia. Mas, fas favor, ¿só vive de *planchas*?

—De *pranchas* tan solo.

—Então não ha dúbida. O fogão é o inferno e Satanás homem tal.

—Si, por eso se pon nova careta e continúa andando e andando.

—¿E a mulher?

—No inferno. ¿Quer vosa mercé máis inferno que ferros que escaldan e como rei un demo con perilla.

—¿Está só?

—Si, mais ten outro con el que usa antiparras e que como el tamén se disfrazan, e toman a *perrita* xuntos. Tópanse no camiño, fanse os cumpridos de ordenanza, danse a mau en autitude de grandes cousas, dinse seus segredos, fanse prometimentos difrentes, chouta o entusiasmo, falan bastardamente, toman un *grollo* e... ¡*prancha!*

—¡*Ab renuntio!*

—¡Demo fóra!





## Luís Otero Pimentel

### Datos biobibliográficos<sup>254</sup>

Luís Otero Pimentel naceu na aldea de Outeiro de Portodemouros (Vila de Cruces-Pontevedra) o 3 de setembro de 1834 e sendo aínda moi neno experimentou a perda de seu pai, polo que xunto cos seus catro irmáns quedou a cargo de súa nai.

Este tenente coronel do exército pertenceu a unha familia que en tempos pasados gozara de certo esplendor económico e social, como o testemuña o feito de que un dos seus antecesores fora D. Domingo de Otero, que chegara a ser Virrei das Indias Orientais (Filipinas). A pertenza a unha familia de mariños propiciou, con seguridade, que el seguise a mesma traxectoria, aínda que nunca perdeu o vínculo coa terra natal, na que debeu pasar boa parte da súa etapa de adolescente, segundo nos indican as referencias á súa infancia e xuventude que se recollen nos seus escritos.

Cara a 1870 sitúasenos en Cuba, onde iniciou o seu achegamento á literatura e ocupou os cargos de primeiro oficial do Arquivo da Capitanía Xeral da illa, de cronista da campaña de Santo Domingo contra os insurrectos e o de alcalde correxidor de Manzanillo<sup>255</sup>. Despois de perderse a posesión desta illa por parte de España, regresou á península, non se sabe se nos últimos meses de 1898 ou nos primeiros de 1899, para se instalar en Cádiz ata o momento da súa morte, que tivo lugar en 1920.

Como aconteceu coa maior parte dos seus coetáneos, foi un prolífico autor bilingüe que cultivou o xénero narrativo, poético, teatral e ensaístico, ademais de colaborar na prensa da galeguidade cubana.

A súa contribución máis salientable en lingua galega atopámola en *Campaña de Caprecórneca. Novela galega hestórea, fantástica e poética*, que se editou na Habana en 1898, aínda que pouco antes xa fora publicada por entregas na revista habanera *Follas Novas*, con variantes tanto no título coma no pseudónimo.

Trátase, segundo o criterio de Modesto Hermida, dunha “novela de considerables valores literarios e narrativos”<sup>256</sup>, na que se recrea a viaxe á lúa

---

<sup>254</sup> Parte dos datos biográficos deste autor foron tirados do artigo de Armando Vázquez, “Luis Otero Pimentel, un escritor olvidado de la Tierra de Carbia”, *La Voz de Galicia*, “Deza-Tabeirós”, 23 outubro 1994, p. 41.

<sup>255</sup> Segundo A. Vázquez, art. cit., Luís Otero Pimentel deixou moi bo recordo en Manzanillo, onde lle dedican unha rúa, poñen o seu retrato no salón de sesións e o nomean fillo adoptivo o 6 de maio de 1896.

<sup>256</sup> Op. cit. p. 98.

dun personaxe trasunto do autor, o militar Luís Otero Pimentel, e na que o fantástico se mestura con elementos que a relacionan co costumismo, a superstición, os recursos folclóricos e populares e co patrioteirismo decimonónico dos relatos da época.

En canto ó xénero poético, elaborou en galego algúns poemas que, posteriormente, inseriu noutras obras da súa autoría. Asemade, escribiu os libros de versos *As campanas de Duxame* (1906) e *Mirando ó ceo* (1898).

Nos derradeiros anos da súa vida, disertou no xénero teatral presentando o cadro de costumes *Camiño de Santiago* (1904) e a obra bilingüe, tamén de carácter costumista, en prosa e verso, *Madre ejemplar* (1904). Esta peza, pese recibir o título de comedia, é un cadro de costumes sen acción e recorre ó mesmo motivo que *El cadiceño*, de Rosalía de Castro. Anos máis tarde, publicou o drama en prosa e verso *Un coronel* (1917), dedicado ás institucións militares, e a comedia dramática *Un gran coronel* (1918).

En lingua castelá, deu ó prelo libros de fasquía diferente como *Memorias sobre los voluntarios de la isla de Cuba* (1876), *Estudios sobre la legislación de los Montes-Pío, civiles y militares y la necesidad imperiosa de una ley general que la sustituya* (1884), *Reflejos de la vida militar* (1894) e *Política militar y civil (Elementos históricos y doctrinales)* (1903). Cómpre citar aínda tamén o estudo sobre a problemática da ensinanza e a emigración *En honor de Galicia* (1908), na que está presente o recordo da súa terra e que constitúe un manifesto ideolóxico do que se poden tirar as súas principais preocupacións: a decadencia de Europa fronte a outras potencias mundiais, o espírito militar e o seu papel na vida dun país, ademais de Galicia. Sumaríase á súa produción en castelán o volume ensaístico *Semblanzas Caballerescas o las Nuevas aventuras de Don Quijote de la Mancha* (1886).

## Comentario dos textos narrativos en galego

Co pseudónimo de “Luís de Outeiro”, rexistramos en varias cabeceiras da capital cubana textos narrativos en lingua galega da autoría de Luís Otero Pimentel, considerado un “extraordinario narrador, de relativizármolo calificativo no contexto da narrativa galega da súa época”<sup>257</sup>. O primeiro deles apareceu nas páxinas de *El Eco de Galicia*<sup>258</sup> da Habana no ano 1894 baixo o título de “Truadas de rapaces” e dedicoullo “A Luigrís”, a quen cualifica nas primeiras liñas como o “valente e xeitoso autor de “Soidades”, feito que xustifica a linguaxe a empregar neste texto. Un narrador en primeira persoa retrocede no tempo para situarse nun día de verán que ía cara á escola, para recor-

---

<sup>257</sup> *Ibidem*, p. 96

<sup>258</sup> Nº 649, 1 decembro, pp. 3-4.

dar a pelexa que mantivera co “fillo do pai de Xuana” e o que lle acontecera con Marica de Arxe, cando andaban ó axexo dos paxaros. Encadra estas lembranzas da infancia nun marco costumista inzado de retallos de exaltación paisaxística, que remarca inda máis coa descrición da fermosura natural da rapaza, que entoa unha cantiga popular e que, levada pola súa afouteza e confianza, caerá nas mans dun larpeiro de Vilanova.

A recorrencia á primeira persoa como voz encargada de guiar a narración atopámola, de novo, en tres dos catro textos que o autor de Carbia asinou no semanario *Follas Novas* cos títulos de “¡Cereixas, boas cereixas!”<sup>259</sup>, “Froles e espiñas”<sup>260</sup> e “Lama dos preitos”<sup>261</sup>. No primeiro destes relatos, “¡Cereixas, boas cereixas!”, o narrador fai unha breve descrición das vilas mariñeiras galegas que visita e dos pratos que nelas degusta, cando, despois duns anos, regresa no tempo das cereixas á súa terra natal dende Cádiz. Esta estampa costumista vese ensombrecida polos sentimentos de tristura e amargura que asolagan o narrador ó se decatar da súa vellez, cando unha moza de Marín non entende as súas palabras galanas, ou cando chega á Coruña e non ten quen o reciba e clama non ter feito o suficiente para merecer os agarimos da súa patria. Conclúe o relato cun diálogo cunha moza da cidade herculina, á que lle merca unhas cereixas e lle paga por elas máis do seu valor por unha promesa que tiña feita. Quizais ansiaba tanto a súa terra, simbolizada nas cereixas polas que tanto debecía, que tiña feita a promesa de que cando regresara a ela degustaríaas sen ter conta do seu custo. O segundo dos textos, “Froles e espiñas”, está dedicado “A la ilustre escritora, señora Pardo Bazán” e o narrador iníciase facendo un alegato a favor do mundo rural cando exclama “¡Dichosos os que non viron máis mundo que a súa aldea!”. A seguir, entoa unha serie de lamentos ó redor do *tempus fugit* e recrea unha estampa propia do *locus amoenus* para describirmos o acontecido na fiada de Cortegada á que chegan mozos e mozas de moitas partes, entre os que tamén están os de Outeiro e, entre eles, Luís, que non é outro que o autor deste relato. Céntrase especialmente no cortexo que lle fai a unha guapa moza, á que chama Rosiña, coa que pasa unha agradable noite que, como cabería esperar polo tipo de texto ante o que nos atopamos, fuxeu coma un lóstrego e se rematou ó cantarlle os galos ó día. O terceiro e máis extenso destes relatos titúlase “A Lama dos preitos” e foi publicado en dúas partes, aínda que, por erro tipográfico, a segunda aparece numerada como “III”. Un narrador *eu testemuña* encárgase de realizar unha ácida crítica ós homes de leis, que retrata como seres sen escrúpulos e de moi baixa condición moral, ó relatar a historia dun compañeiro de escola que, ao igual que el, se estaba formando na curia de don Xudas e foi expulsado ó lle tentar abrir os ollos a un labrego que estaba quedando na indixencia polo

---

<sup>259</sup> N° 489, 1906, p. 3.

<sup>260</sup> N° 497, 9 decembro 1906, p. 1.

<sup>261</sup> N° 547, 1907, pp. 2-3 e pp. 3-4.

que tiña gastado en burocracias ó preitear cun fidalgo. Cómpre citar deste relato o retrato que no inicio do texto fai do seu mestre, D. Silvestre Caugalleira, do que recolle en lingua castelá, por tratarse do idioma que empregaba cando estaba de xenio, un dos episodios bélicos que protagonizara cando era sarxento de cabalería. No cuarto dos relatos que aparece en *Follas Novas*, “Acarón da silveira. (Cuento)”<sup>262</sup>, un narrador en terceira persoa pon en situación a unha moza e un mozo que se atopan nun carreiro e establecen unha animada conversa centrada no grande amor que el, chamado Antón, di sentir pola rapaza de nome Mariquiña. Cabe subliñar a vivacidade do seu diálogo, que se entretece a través de intervencións directas e retranqueiras, sobre todo por parte da moza, que, sendo coñecedora das artes do apaixonado mozo, o deixa prantado.

Finalmente, no ano 1911, o xornal habanero *Galicia* acolleu o texto “As campanas de Duxame”<sup>263</sup>, que compuxo en resposta a unha historia que lle remitira Pepe de Xan Baña sobre o “tan... tan... tan...” das campás da igrexa da súa parroquia. Despois de reproducir “Repinique da Groria” que fan as campás, dedícalle unhas palabras de agradecemento ó seu amigo Baña e non perde a oportunidade de incitar a creación dun centro de realización cultural que acabase cos males de Galicia. A continuación, adoptando un ton moi persoal e íntimo, Otero Pimentel recorda o seu regreso á terra nai e describe dun modo pintoresco e sentido a súa chegada por mar ó porto coruñés, ademais de ofrecer certos datos persoais que desprenden máis luz sobre a súa biografía. Destaca a significación que as campás da parroquia natal tiveron ó longo da súa vida e que recolle, de novo, nunha composición poética en cuartetas coa que conclúe, na que tamén se alude ao esplendoroso pasado da súa familia. Nunha nota a pé de páxina informa de que estas campás foron doadas polo xa citado parente D. Domingo de Otero, virrei nas Indias Orientais, e enxalza os extraordinarios contributos polos que teñen destacado estas campás procedentes da Arxentina.

---

<sup>262</sup> Nº 512, 1907, p. 2.

<sup>263</sup> 5 agosto.

## Truada de rapaces

(A Lugrís)

Avocar o nome de Lugrís noutra fala que non sea a agarimosa dos nosos avós, rebaixaría a crara testa do valente e xeitoso autor de “Soidades”. Por eso agora falarei como na miña aldea.

Aínda eu era neno, pro xa me espía solo, cando un día do vrao, indo prá escola, topei co “fillo do pai de Xuana” e xoguei con el unha ducia de formillas á estornela. Ganeille e non mas quixo pagar. Chameille *pirata* e el chamoume *tramposo*. Logo díxenlle *ladrón* e el replicando ¡reconcho! deume unha labazada.

Xa vin que cerrara os ollos cando eu cerrei os meus, e puxémonos a pelexar. Vendo que tiña máis forza, mordinno nunha orella, e el berrou ¡Cos dentes non!

Depois turreille do pelo, mentras que el mallaba os meus cadrís, colléndome polo pescozo apretoume as gorxas e botoume o curuto da cabeza pró chao; astra que eu berrei ¿Non ves que hai lama?

A muller do Tecelán chegou a tempo; viña berrando ¡Condenado que o matas! De lonxe tiroulle o fuso, e a rente deulle ca roca. Entón el fuxeu, e aquela boa muller coseume as cirolas.

Xa era tarde e latei.

Boteime polos agros, escomenzando por meter os dedos nos buratiños dos niños de carrizo, feitos na hedra dos valos; e logo fun por los regueiros asexando os xilgueiriños que se esprumaban nas polas dos árbores, ou esparruñaban onde había vermes.

Depois vin dúas lavandeiras (paxaros) que depenicaban unha espiga de trigo na leira de Xan de Pedreira, unha pomba que voaba pró souto de Fonte Boa, unha péga que fuxía de un lagarteiro, catro corvos que espaturraban un canciño morto na carballeira, un melro que asubiaba entre as follas dun cereixo, un carpinteiro (paxaro) que facía o burato pró seu niño; e unha laverca que rebulía no aire, con unha miñoquiña no pico.

Quixen asexuala, e deiteime no fuíncho dun ruleiro.

Estaba alí moi caladiño, cando escoitei esta cántega:

Galán que estás no canizo  
bota castañas pra baixo  
que anque non teño mandil  
apárochas no refaixo.

Era Marica de Arxe quen a viña entonando; a nena máis garrida, sinxela e feiteceira da veiga que xa facía tolear os rapaces.

Eu dixen pra min ¡Diantre de rapaza, vaime espantar a laverca!

Non quería que me vise, xa que de tanto quitarme, a min dábame vergonza; pro ela veume e díxome: ¡Aí nunca Dios me dera! ¿E que fas aí Luís?

—Xa o ves, estou deitado.

—¿Tes algunha queixa?

—Non teño ningunha.

—¡Este rapas é o diaño! Ti estás asexando os paxaros.

—Pode que acertes.

—¿E si o sabe túa nai?

—Como ti non llo digas.

—¡Seique estás tolo! Non serás ti máis calada que eu.

—¡Quen sabe!

—¿E topache moitos niños?

—Atopei un.

—¿De que é?

—Non lle puden ver os ovos.

—¿Queres amostrarmo?

—Eu non traballo pra outros; pro a ti amostrareicho.

Prantouse a carón de min e colléndome polas mans dixo con moita dozura: *espílete home e vamos*.

Botamos unha carreira pra ver quén corría máis, deitando o alcacén que topábamos cos pés; e ela chegou primeiro ó rente da silveira.

Amostreille o niño e dixo: ¿Como facemos pra ver os oviños? Ó que respondín: Eu farei de tallo.

*¿Non mirarás pra riba?*

—¡E por quen me tomas rapaza? Eu mirarei pra baixo.

Púxenme en catro pés, Marica agarrouse ás poliñas dun loureiro, e rindo como unha tola, lixeiriña como unha rula, subeu no meu lombo: decindo entramentras ¡Cuidado Luís, non mires *pró Ceo*!

O niño tiña dous melriños que aínda estaban xiando e e eu ofrecinlle un a Marica. Dempois foise moi leda e eu quedei pensando nela.

Pasou tempo: Marica topou con un larpeiro de Vilanova; fiouse del, e *mordeuna unha cóbrega*.

¡Coitadiña! non percataba que xogando de cote con lume, tiña que queimarse.

## ¡Cereixas, boas cereixas!

Cheguei á miña terra no tempo delas, e toleo véndoas. ¡Que ramiños tan roxos e tan cargados! ¡Canto dera por poder arrincar e mandarvos unha cereixeira!

De Cades á Cruña, vin embarcado, dando un brinco onde descansei e comín unha pescada. ¡Que boa estaba!

Despois din outro brinquiño, asta Villagarcía, onde comín medio lacón con caldo de crego; millor que aquel que nos deron a Álvaro da Igrexa, a min e outros amigos, no restaurant “Suízo”...

Antes de volver pró barco, cheguei a Carril, que está pretoño daquela vila, e alí merendei como un frade, dos que teñen boas gorxas.

Villagarcía e Carril son dúas irmás moi bonitas, que teñen gracia na cara e alegría no peito. Medraron algo, desque eu as vira, aló polo ano de 1861... Xa vedes que non falo de onte. Pero, decíndovos a verdade, aínda pensaba velas máis medradas.

En poucas horas o barco chegou a Marín, onde comín unha cunca de grelos e catro sardiñas, servidas por unha nena moi garrida que, entre outras palabriñas moi doces, díxome: – Que pouco come, señor; ¿non lle gusta o que lle trouxen?

—Si, está moi bo, –respondille– pero desque te vin penso na imaxe da primeira rosiña que froleou ó meu camiño.

—Non o entendo, señor, –dixo ela coa maior inocencia.

—Ese é o meu sentemento. Antes entendíanme todas, aunque non falase: agora os meus ollos e as miñas palabras pérdense no mar das soedades.

—¿Quere que chame a miña nai, por si o entende?

—Non; non a chames, Rosiña... que pra vello basto eu...

Botou o barco outra carreira, e chegamos á Cruña. Cando eu poñía os meus pés naquela terra que, si non me chamasen tolo, baixaría pra bicala, como a testa coroada da nosa Galicia; vendo que ninguén me agasallaba, non puđen menos de decirlle:

Terra de María Pita,  
de Marola e do Orzán,  
bota as campanas ó vento  
que non chega ningún can...

¡Que toleada! ¡As campanas ó vento!...

¿E que demos fixen pra merecerlo?

¿Que diñeiro teño, a cantos esfolei e que preitos ganeí pra que me agasallen?

Correr mundo, traballar, sufrir, pensar, amar, chorar e morrer polo nome, polo ben e pola honra da patria querida, non son cousas de tanta monta que merezan os agarimos da mesma...

—¡Cereiras, boas cereixas!

—¿De donde son, rapaza?

—Sonlle de Meirás.

—¿Canto queres por elas?

—Por todas, seis réas.

—Toma: lévamas á fonda.

—Espere toma a volta.

—Non tes que volverme nada: as cereixas valen eso.

—Non señor: eu non pido limosnas...

—Non seas orgullosa, nena; este vello non te ofende.

—Moitas gracias, señor.

—¿Que pasou?

—Este señor que me dou veinte réas polas cereixas.

—Será moi rico.

—Non son rico: é unha promesa.



## Froles e espiñas

A la ilustre escritora,  
señora Pardo Bazán.

¡Dichosos os que non viron máis mundo que a súa aldea! Volvín a ela sendo mocíño, pra perdela novamente nun abrir e cerrar de ollos.

¿Por que pasades tan presto ¡ah días de mocedades! ¿Por que deixades no peito recordos tan mamorabres? ¿Por que, creciades amores que non deixan máis que espiñas? ¿Volveremos a nacer? ¿Aí nos conoceremos?

¡Noite crara e prasenteira! Os campos, agros e fontes, marmuraban cántigas, muñeiras e alboradas de groria. Os luceiros do ceo, ilumeaban os carreiros das nosas aldeas, os cans ladraban nas eiras; os lobos fuxían prás súas covas; os mozos de Outeiro —*eu mocíño entre eles*— armados de paus, balocos, picachos e fouces gatas, camiñabamos prá gran fiada de Cortegada...

Estreliña que relumbras  
con amor e craridade,  
vaise a noite, vaise o día  
vaise a nosa mocidade...

Así cantabamos polo camiño; e así, cantando e atruxando, como quen non conoce o medo, chegamos á gran fiada.

¡Que sorte, chegar os primeiros!...

A quen madrugá, Dios o axuda...

Despois foron chegando os de Santomé, Loño, Piloña, Cameiro, Ameigo, Merza, Reboredo, e non sei cántos máis de outras partes.

¡Que gallardía nos mozos! ¡Que variedad de paus!

¡Que riqueza de *traxes*!

Alí había calzós repunteados, monteiras piruleiras, paraguas e chapeaos portugueses, i sombreiros calañeses, como niños de pega.

Eu nunca vira cousa como ela.

¿E da fiada?... A fiada cegaba.

¡Cantas mozas! ¡Que xuntiñas! ¡Que trenzas de pelo! ¡Que ollos! Aquel era un xardín de rosas e craveles, abertos e sin abrir. Era un semilleiro de estrelas que alumeaban máis que as do ceo. ¡Cantas froles!

Fóra das de Outeiro, eu non conocía a ningunha. Aunque noviño, fun atrevido e metínme no medio do xardín. Mirei pra todas do millor modo que puđen... As vellas miráronme de frente; as mozas de reollo... Unha nena moi dalga, botoume unha ollada que *me matou*; e despois mirou pró chao... ¿Que facer? Non perder tempo.

Ferido por aquela ollada, saquei forzas de fraqueza, e, tan dilixente como vergonzoso, funme ó pé da *miña enemiga*, antes que outros se me adiantasen.

Canto máis presto me vin dela, máis espantado quedei de súa hermosura e fidalguía. ¡Que sinxela! ¡Que branca! ¡Que cara de etrela!

—Boas noites, *rosiña*, —díxenlle.

—Boas noites, *galán* —pero eu non me chamo Rosiña —respondeu.

—Si non te chamas, é o menos que debían chamarte.

—¡O menos! ¡Arrenégote demo! ¿E como sería o *máis*?

—O máis sería chamarte *reina das rosas*.

¡Que risotada botaron as que estaban alí xuntas!

Unha dixo: “Este mocíño non é tolo”. Outras dixeron: “Criouse na Vila”.

Rosiña, moi encarnada, como unha cereixa, dixo:

—Falas como un mestre Luís: ¿como che vai por Outeiro? ¿Non te acordas *do que deixaches* na Vila?

—¡Luís me chamo!... ¡Sabes o meu nome! ¿Logo si conócesme? No Outeiro vaime ben... Da Vila acordábame algo; pero xa non me acordo nada.

—Si, sabía que viñeras; sin conocerte parecíame como es... ¡Xa non te acordas da Vila!... ¡Que esquencido! ¿Desde cando?

—Desde o mesmo momento que te vin.

—¡Que xuncras de rapas!... O teu falar mete medo... Pero séntate, que virás cansado.

Fíxome sitio ó seu lado, apretándose cas outras, e recollendo a roupiña: ¡*Senteime acaronciño dela!*

¡Reixes coroados! ¡Nobres emperadores! ¡Grandes califas dos grandes palazos!

¿Que son as vosas cadeiras de ouro, seda e marfil, comparadas do *tallo de castiñeira* daquela reina da festa?

Pois, as rosas cadeiras son asentos de espiñas, douradas cos sudores e bágoas dos pobos, que traballan, sufren e choran, mortos de fame, cheos de inxustizas e desprezos, dos que máis se arrastran na lama máis baixa; mentras que *o noso tallo*, era sento de froles; trono de ángeles; tempro de amores...

¡Cantos envidosos me miraban con ollos de lagarteiros!...

Daquela xa comencei a conocer que o verdugo máis temibre da humanidade é a envidia. Despois esta herba venenosa, atopeina por todo los camiños da miña vida.

Fuxide, da envidia, meus fillos, como si fora un can doente.

¡Que ben fiaba, rosiña! ¡Que ben facía baila-lo furo!

¡Que ben visaba a manela, namentras que eu rebullía as noces que ela tiña na faltriqueira!... ¡Coidado, neno! —decía ela.

¡Que parrafeos! ¡Que contos! ¡Que xogos!

Non teño vagar pra contarvos todo o que alí pasou. ¡Noite longa do inverno, fuxeu como un lóitrego!

Bástame deciros que pra se-la *primeira é a última* fiada de *que eu poida dar conta* foi boa.

Cantando os galos ó día, acabouse a ruada, con moitos cántigos e moitos atruxos, que tiñan tanto de pas, como de *guerra*.

## A Lama dos Preitos

### I

“O laverco da Toxeira, fillo do pai de Xuana” –polo seu nome Enrique– facía na escola as pranas máis somellantes ás mostras de Iturzaeta; e pró demais tamén era moi espelido.

O mestre chamábase D. Silvestre Caugalleira, de mote “Escuadrón”, porque había sido sarxento de caballería, e sempre estaba falando do seu escuadrón. Non sabía moito de letras, pero tiña a gramáteca do mundo que corraera, e as leucíos que recolleu ós vellos.

Cando veu que Enrique sabía tanto como el, –de letras se entende– chamouno ó pé da súa cadeira, e díxolle en gallego: –unhas veces falaba en gallego, e outras no linguaxe de Castela.

—“Dille a teus pais que ti xa estás perdendo o tempo na escola, –bastante perdiamos todos– pois eu non che podó ensinar máis do que sabes”.

Este feito do mestre, fala máis que moitos libros, pois ben se vía nel a sinxela palabra dos homes que din o que sinten.

“O laverco” quedou espantado, saleu dando brincos como un tolo, e os demais quedamos mortos de envidia.

Desde aquel día a nai de Enrique, chea de orgullo, decía que o seu fillo xa podía ser mestre; e fixo de modo que entrase na curia “do pai da Pombiña”.

Presentareilles a estes novos perxonaxes, pra que vostedes sepan con quen van prá feira.

Pero antes teño que compretar o retrato do mestre.

Como xa lles dixen, era un home de moito mundo, xa velliño; que tiña máis de guerreiro que de mestre.

Cando estaba de xéneo, pasaba o tempo contándonos as súas batallas, e non lle quedaba vagar pra tomar as leucíos. Pero cando falaba das guerras, falaba en castellano, e, pouco máis ou menos, decía así:

—“Si uno pudiera nacer dos veces, no haría muchas cosas que hace la primera vez que viene al mundo.

Yo, que nací para militar y que lo fui muchos años, no me habría retirado en lo mejor de mi edad, pra venir a ser maestro de *tantos serracenos* como tengo delante”.

—¿Quiénes serán los sarracenos? –decíamos todos mirándonos los unos a los otros.

—“Si, señor –seguía hablando D. Silvestre– cometí el grande e irremparable error de abandonar el servicio, por causa de la difunta –que ya está en el Cielo, pues era muy buena– pues si hubiera seguido, hoy sería general, como

lo es Espartero y Rodil. Bien me decía mi capitán, el conde de Clonard, que no me retirase, pues mi porvenir estaba en la carrera de las armas”.

Pero, ya se acabara la guerra grande; ya no teníamos franceses en España; ya *el ídolo de los españoles, Fernando VII*, el rey de “toros y cañas”, estaba en Madrid, y no nos faltaba nada para ser felices... ¡Que bien discurrieron siempre los españoles!

Ya los grandes guerrilleros descansaban en sus modestos hogares, o en sus ignoradas tumbas. ¡Tumbas de gloria!

Ya no se fusilaba a diestro iiniestrso; ya el Empecinado no era el terror del enemigo; ya Mina decía que bastaba de peleas; ya Moseu Antón se ahorcara de despecho; ya los conventos estaban seguros...

Por mi desgracia, Lord Wellington, no se quedó en España.

¿No sabéis quién era el Lord? Todos dijimos: “No, señor”, menos uno que respondió: “Yo conocí un *loro* que se llamaba Wellington”. —¿Donde lo conociste, Salomón? —le interrogó el maestro. —Lo conocí en mi casa: lo llevaba la señora de un teniente que hemos tenido alojada. —Pues te llevarás el capón de Navidad, porque al fin, tú sabes salir del paso.

Pero no, mis caros discípulos; Lord Wellington, no era un loro en ningún sentido de la palabra. Era un noble inglés; un gran guerrero; un general de generales, que vino a España, cuando estábamos bien apurados con los franceses, y que puesto a la cabeza de un ejército inglés, otro español y otro portugués, aliados, pero no con mayores fuerzas que las de Napoleón, ganó muchas batallas, hasta que los arrojó de España, allá por San Marcial, donde los gallegos se llevaron la palma.

Y ni hablaba como los loros, ni como muchos charlatanes que hablan por hablar. Yo lo conocí bien, porque pertenecía a la escolta, destacado de las fuerzas que mandaba el general España.

Una palabra de él decía más que un largo discurso de nuestros diputados.

Un día se le presentó un oficial español, a quien el distinguía, porque era muy valiente, para manifestarle que era inocente de lo que algunos le habían atribuido respecto a que había faltado al miramiento a una señorita inglesa que como curiosa y amiga de asistir a los heridos, acompañaba al ejército. El gran general lo oyó y después le dijo:

—“Señor oficial: yo no puedo dudar de la palabra de un caballero, pero estoy decidido a que la gran Bretaña sea respetada”. ¡Que poema, hijos míos, que poema!

Así deben ser los generales: así deben expresarse los representantes de las naciones. Estos son los ejemplos que debemos tomar de los extranjeros...

Esto ocurrió la víspera de la batalla de los Arapiles. ¡Que batalla! ¡Parece que la estoy viendo! ¡Parece que veo al gran Lord con el antejo en la mano, siguiendo las peripecias de la pelea terrible! Parece que contemplo al general portugués Troncoso, cuando le dijo: —“Mi general: Las fuerzas del

cerro grande, no pueden avanzar”; y la serena contestación del inglés: –“Basta que se sostengan”.

Y, en efecto, allí se sostenían como perros de presa, contra los continuos refuerzos de los imperiales; mientras que nuestro generalísimo, preparaba *la cuña* que dirigió contra el centro de la línea enemiga, para partir y desconcertar a sus contrarios.

Esta era la táctica y extratejía del gran caudillo británico: darse cuenta de las posiciones del enemigo, entretener sus fuerzas en uno o más puntos discutidos y cargar impetuosamente por el centro; como quen mete unha cuña no eixe dun carro pra partilo en dous anacos...

(Continuará, Dios mediante)

## A Lama dos Preitos

### III

Enrique adiantaba moito na curia, según viamos tódolos curiales, (pois eu tamén xa esborrachaba papel sellado) e ganaba algunhas pesetiñas que lle daban os preiteantes; pois don Xudas dicía que bastante favor nos facía con ensinar burros.

Que o noso principal era tan gracioso como miserabre e xudío, ningún tiña dúbida, pois han de saber vostedes que por un carto pelexaba con súa nai, e que, polas súas grazias, estaba excomulgado. Pero, doña Mariquiña rezaba por ela e por el, anque estaba inorante de que o seu home estaba condenado.

Tiña o demo no corpo, non polo seu oficio, que non era dos máis zamerugas, como diría o meu gran amigo Lugrís, e si porque unha ves, por unha aposta, entrara polo médeo da Igrexa co sombreiro posto, cando o señor cura estaba decindo a misa; e desde entón, negáronlle a comunión. A sorte del foi que cando fixo aquela grande xudiada, doña Mariquiña estaba bañándose no Orzán da Cruña, e ninguén se atreveu a decirlle que tiña o demo na súa casa.

O escribano era miope, pero non se lle escapaba unha coma, nin nada do que facían á súa beira.

Un día que Enrique estaba esborrachando un preito, caelle un borrón na folla, e correndo, lambeuno, pra que doña Xudas non no vise; pero doña Xudas veuno e díxolle: —“¿Que fixeches, larpeiro?... ¿Túa nai dáche poucas papas?... Dille que che meta a cabeza no pote, pois eu non pododo manterte con tinta”.

Outro día, amostrándolle unha escritura de letra moi crara, feita en Orense, díxolle:

—Enrique.

—Señor, —respondeu o curial.

—¿Gústache esta letra?

—Si, señor, é boa.

—Boa será pra ti, que xa empezas a quita-lo méreto ás cousas alleas, pensando que así, terán algún as túas... Esta letra non é boa... *É moi boa*; porque aquí non se ven faraentos; non hai borrós lambidos, a non ser que eu vexa mal. ¿Ves ti algún?

—Non señor: non vexo ningún borrón; pero moitos lamben sin conoerse as lambetadas, —respondeulle o laverco.

—Eso non no dirás *por Luís*, que me parece que non ten esa costume de lamber borrós.

—Non señor; Luís tamén ten lambido algús, pero eu non no digo por ninguén.

—Vamos: a indireuta vai pra que a colla quen queira; non pensaba que foras tan espelido.

—Eu fago o que podo, señor escribano, pra non perde-lo tempo, —repicou o curial, que estaba dando mostras de merecer o mal nome de “laverco” que lle puxeran na escola.

—Tanto a Enrique como a min, anque acabamos na curia, non nos daba o xenio polos preitos. Soñabamos con saír a *matar mouros*.

Eu era máis pequeno e de menos entrometemento que Enrique, polo que moitas veces el falaba, eu estaba calado.

Un día, polo mes do outono, que estábamos os dous solos, cando o escribano estaba no xugado; entrou na escribanía un preiteando labrego, preguntado por Xudas.

—“Non está —díxolle Enrique— pero si quere esperalo, séntese, porque non tardará”.

“O preiteante estaba mollado como un peixe, e tiña as polainas e os calsós cheos da lama dos camiños”.

—“Pois, con permiso de vostedes —dixo— sentareime; porque veño cansado. ¿Vostedes non saben pra que me chama o señor escribano?”.

—Nosoutros, respondeu Enrique, non sabemos nada do que pasa na escribanía, porque aquí temos que ser cegos, mudos e tolos.

—O labrego quedou espantado da resposta do curial, e mirou pra min, como decindo que lle axudase a saír do atolladeiro.

—O meu compañeiro, —dixen eu— quixo decirlle, que non podemos decir nada do que pasa aquí.

—Eso entendín eu —repicou o labrego— pero pensaba que non sendo cousa de enfermidade ou de morte, poderían decirme algo; e astra me parecía que terían orden de despacharme si o señor escribano pensaba tardar.

—¿Vostede como se chama? —preguntoulle Enrique.

—Chámome Domingo Carballo Loureiro, da parroquia de Camanzo.

—¡Logo vostede é o que preitea co fidalgo da Ulla?

—Si, señor; ese preito teño... Parece que vostede ten coñecemento del...

—Algún coñecemento teño, que bastantes prumadas me leva.

—¿E no me pode decire si tardará moito tempo en vir a sentenza?

—Non lle podo decir nada; pois os preitos todos sabemos cando empezan, pero ninguén sabe cando han de acabar.

—Eso paréceme moi certo, e faime bastante que pensares. Xa levo dos anos dando viaxes, e vexo que pouco adiante. Ben se coñece que preiteo cou un fidalgo...

—Non lle hai moita diferenza de preitear, fidalgos ou con labregos. Tódolos preitos levan ó mesmo carreiro... Todos andan como vostedes...

—Ese non no entendo: ¡que andan como eu!...

—Si, todos anda dese modo... Vostede non anda cheo de lama...

—Cando chove, como agora polo outono, ten un que andar así.

—Pois os preitos siguen a sorte dos preitantes... Os preitos tamén andar cheos de lama... Pra eles sempre é outono...

—¿E logo, como é eso? ¿Onde collen a lama os preitos?...

—Mire vostede, cando se levanti, a lama que deixe nese banco; pense a que deixarán outros preitantes que veñan máis tarde; pense que despois chega Raposo, o escribiente do procurador, cos preitos mollados; que os deixa no mesmo banco; e veía como recollen a lama dos preiteantes...

—¿Pero o señor Xues non ve eso?

O señor Xues non ten máis que dous ollos solos non pode ver si os preitos andan limpos ou cheos de lama.

—Pois eu quixera que o meu preito andivese limpo, para que se vexa, a miña razón... ¿Que lle parece que debo facer pra limpar o meu preito?...

—Vostede de facer o mesmo que lles diría a todos: *Non preitear...*

—¿Que están falando? —dixo don Xudas, entrando na escribanía.

—Era eu, señor escribano, que preguntaba por vostede. ¿Como se encontra de saúde, señor?

—Ben, gracias a Dios, ¿é vostede?

—Eu, así, así, señor: hai algún tempo que non estou bo das cadeiras, pero namentras non colla o leito, non hai coidado.

—¿Déronlle o recado pra que trouxese máis testigos?

—¡Máis testigos!... Non, señor: dixéronme que vostede me chamaban, e nada máis.

—Pois vostede solo pounce adiantará ¿non veu o seu avogado?

—Non, señor.

—Pois el é o que me dixo que o chamase a vostede, e que trouxese máis probas, e máis papel sellado. ¿Tampouco vén o procurador?

—Non vin a ninguén, señor: pensei que non tiña que ver máis que a vostede.

—Pois vaia correndo ver a os dous; ¡e despois de xantar, volva por aquí!

—Xantar, xantaredes vosoutros, que tedes con que; pois a min xa me tedes esfolado —dixo polo baixo o labrego, saíndo da escribanía.

—¿Con que *non preitear* é? —dixo o escribano encarándore con Enrique—, despois que saleu o labrego.

—Toma ese libro, e lee eses párrafos que están marcados.

O curial colleu o libro, e puxas a ler o que sigue. “¡Mortal orgulloso e ignorante! levante ahora los ojos al cielo y respóndeme.

Aunque se suprimiesen algunos de esos luminaires que penden de la bóveda estrellaa, tus noches, ¿serán por esos oscuras?...”

“Las estrellas, como otros tantos soles, iluminan otros mundos que su prodijioso alejamiento nos oculta, y que, como el nuestro, tienen sus producciones y sus habitantes. La imaginación sucumbe bajo el peso de la creación. Busca a la tierra y no la distingue ya: se pierde en este inmenso cúmulo de cuerpos celestes, como un grano de polvo en una alta montaña”.



“Atrios resplandecientes de la gloria celestial, moradas internas de los espíritus bienaventurados, santo de los santos de la creación, trono augusto de aquel que es, ¡pudiera un pequeño gusano describiros!... (Carlos Bonet. Contemplación de la naturaleza).

—¿Que sacas ti en craro do que liches?

—Pois cousa: penso que este señor *Bonete* está tolo.

—Non dirá que si, nin que non; pero, de todas sortes, é un tolo sabio, porque cando escriben eso, falireche a ti sin convierte.

—Díxoche, no linguaxe dos quinteiros, que as estrelas non se fixeron para alumearche nos carreiros da terra; que a túa imaxinación afógase baixo do peso da curia; que ti es un verme que ten que rebullirse na lama das leiras, e que agora mesmo te vas do meu lado, pra que non te rebullas na lama dos preitos.

## Acarón da silveira

(Cuento)

Unha moza, como un sol, vai moi alegre, polo carreiro, cantando:

Canta meu corazón, canta,  
canta ti que tela gracia,  
que a miña cando nacín  
quedou no fol da liñaza.

Un mozo que a oie, di: – Eso non é certo, Mariquiña; gracia douche Dios, pra ti e pra dar a quen non a teña.

— ¿Quen é o que fala e onde está?

— Son eu, que estou ó pé da silveira, collendo a raiola do sol, xa que sempre me negas a dos teus ollos.

— ¡Arrenégote demo! Pareces un melro metido nas follas das silvas.

— ¡Un melro!... Non son tan negro, que aínda non me queimou o sol de Castela nin o de Cades...

— Si che parece mal a comparanza, direiche que parececes un moucho, que está asexando os paxariños “que aínda non poden voar”.

— As comparanzas túas anque queiras facelas malas, pra min sempre son boas.

— Moitas gracias, pero pensas mal de min: eu sempre comparo o millor que podo.

— ¡O millor que podes! ¿E que comparanzas fas co caiceño?

— ¡Co caiceño!... O caiceño non teño con quen comparalo, porque nunca o vin ó pé da silveira.

— Pero víchelo na feira, e tuveche tempo de comparalo, anque fora cas formigas.

— *Ja, ja, ja...* Fasmе rir, Antón... Eso diralo porque é pequeno.

— Dígocho, porque é pequeno e porque nunca está parado. Milagro será si non anda preto de nós, pero xa sabe que non me pasa das gortexas...

— Non seas tolo, rapás, nin deas que facer á xusticia, por causa miña.

— Eu non sei si son tolo ou non; pero ti has de ser pra min ou... pra outro que valla máis que eu, e non pra un home que parece un raposo.

— Déixate de chanzas, que os montes teñen oídos e eu non quero quimeras que pra eso non me criou miña nai.

— ¿Teslle medo?

— ¿Que medo llei de ter, Antón, si eu non falo mal de ninguén?

— Pois por min non teñas penas, porque si ti non me queres pouco me importa vivir en cadeas. ¡Máis cadeas teño na miña ialma, que está presa por ti fai moito tempo!

— ¿E quen che dixo que eu son carceleira?

— ¡Quen mo dixo!... ¡Quen vai sere! A túa cara de rosa, os teus ollos de luceiros, o teu cabelo de ouro, a túa fala de fada, que me teñen morto de amor, de mágoas e de dores sin conto.

— Pois eu síntocho moito. Antón, pero... voume, que teño prisa...

— ¿Vaste e déixasme?...

— Tamén ti deixache a outra...

**As campás de Duxame (\*)<sup>264</sup>**

Resposta a Pepe de Xan Baña

Tan... Tan... Tan...  
Tan... Tan... Tan...  
Tan... Tan... Tan...  
Ti-tan-ti-tan...  
Ti-qui-ti-tan...  
Ti-tan  
Tan  
Tiquititiquititiquitan  
Tiquititiquititiquitan  
Titan,  
Tan...

***Repinique da Groria***

Acabo de ler amigo Baña, cos ollos cheos de bágoas, a historia que me fixeches do “tan... tan... tan...” das campañas da Igrexa da túa parroquia e quédoche moi agradecido por lo polo recordo cariñoso que me fas, xunto co ofrecemento do libriño que che está imprimindo o amigo Cerdeira, a quen tampouco conozo de vista, pero que, non ostanxe, querocho como te quero a ti. Non te maxinas canto me acordo de todos vosoutros, conocidos, ou sin coñecer; porque todos sodes fillos de unha mesma nai chorosa, que moito facedes por ela, e moito máis pudiades facer, con pouco traballo, xuntando as vocas dádevas pra un gran centro de realización cultural que correxise todo os males da nai, na *súa fonte e raís...*

---

<sup>264</sup> Nota do autor: “(1) San Miguel de Dujame, provincia de Pontevedra. Las campanas de esta iglesia, han sido donadas por uno de mis antecesores, D. Domingo de Otero, Virrey que fue de las Indias Orientales, al reedificar por su cuenta, el mencionado templo. Son de un mérito extraordinario, reconocido por todos los que las oyen tocar y vibrar con los más argentinos y dulces sonidos. Mi devotísima madre, me refirió, siendo niño, que cuando un señor arzobispo de Santiago, hizo allí una visita pastoral, quedó encantado de aquellas campanas, diciendo que en toda su Archidiócesis, no existían ni él había oído en parte alguna otras tan bien timbradas y que tan admirablemente enlazasen sus respectivos sonidos, para hacer unha melodía maravillosa. Llevarás en tu mente un gratísimo recuerdo; y si, al dirigir tu vista por aquellos contornos, te fijas en el cambio allí operado, tendrás que decir, como digo yo:

Todo en la tierra es mudable  
todo es asaz tenebroso  
solo Dios es poderoso  
solo Dios es inmutable”.

¡Cousa que nunca farán os gobernos, nin farán os caciques, nin farán ningún, si no os facedes vosoutros!, según muitas veces teño dito.

Fágome cargo de que sentiches no teu corazón, cando dempois de unha cosecha de 12 anos (¡12 siglos de sufrimentos!) volviches, sano e salvo, á casaña de teus pais; onde estabas rodeado de tódolos seres queridos, que choraban de gozo; e onde todo; desde túa nai astra o último apeiro da labranza, che falaba, tenro e sentido, no teus oídos; e todo era alegre e sublime prós teus ollos...

¡Estes poemas son os que alentán a vida das nousas aldeas! Sin eles morrerían.

¡Ai de Galicia si perdese o cariño de todo los fillos que de ela se ausentan!

Fágome cargo de todo canto me dis, como si o estivera vendo.

¿Como non hei de facerme cargo de todo, si eu pasei por las emocións que ti pasaches?

Eu salira moi neno da miña casa, a fortuna non me sorrira no berce; e, non ostante, cuando volví, parecía un tolo na cuberta do barco, mirando sempre desde o castillo de proa si vía as montañas da costa de Finisterre, cuando airriba estabamos mui lonxe da terra...

E cando as vin, cubertas de brétemas, somellando un enxameu de mulleres tapadas, que estaban alí, esperando os fillos pois, irmaus e seus homes, que tiñan nas Américas; anque reparei que preto de min estaban os mariñeiros, enrolando as cadeas das áncoras; arrodilleime, con moita reverencia, pra contemplar aquel cuadro que eu vía na terra, dando gracias a Dios porque me daba lus pra velo.

E tendo o barco que subir por aquela perigrosa costa asta chegar á boca do porto da Cruña, marchando contra un forte vento e marea que sacudía con forza as bandeiras despregadas nas puntas dos paus; que facía cimbrar os paus como si foran varas verdes; que facía piar de medo as galiñas que inda quedaban nos galiñeiros; que tiraba as sillas que non estaban cravadas; que rompía a louza que non estaba ben agarrada; que poñía barreiras de auga diante do vapor, pra que as fendese co coitelo da proa; que facía estralar o eixe do barco; que facía cimbrar as cortelas de ferro; que facía que o barco cabecease tan coraxudo,

como os touros de “Miura”, cando arremeten contra os toureiros, que se mexan de medo, escondidos detrás dos bulradeiros.

Que facía que a hélice dése máis voltas no aire que de baixo da auga; que facía ruxir os fornos como si foran os do inferno; que facía bourear as súas pernas como si os demos mallasen nos ósos das ialmas condenadas, e que facía que todos levasemos caras de mortos; ó mesmo tempo que todo esto pasaba no mar, según íbamos subindo por la perigrosa costa, da soberbia Marola; miraba eu prá terra e vía que, tanto, ou máis traballosamente que nosoutros, tamén camiñaban escorrentas aquelas mulleriñas, por las lombas dos montes, e polos curutos das montañas, coa ánsea de chegar antes que nosoutros ó muelle da Cruña; deixando nas silvas, e nos toxos dos montes, e nos picachos das pedras,

moitos farrapos de roupiña con que as vía tapadas, e moitos regueiros de sangue das espiñas que se cravaban nos pés, e das feridas que se facían nas demais partes do corpo, cando tropezaban e caían naqueles abroxos.

Todo esto vía eu, meu fillo, pero víacho cos ollíños da ialma, que son máis espereos que os ollos da cara, e dan máis subrime imaxen o que pensamos ver; e poñen o noso pensamento fóra das cousas miserabres da terra, chegando ás portas do Diviño Tempro de Dios, onde todo é piedade, amor e comiseración prós seres disgraciados...

E cando cheguei ó porto da Cruña, o primeiro cego que se arrimou nun bote, pedindo limosna, boteille unha moneda de cinco réas; que pra non ser eu rico, era bastante; e dempois dei máis do que podrá dar pra non quedarme sin branca; pero Dios nunca me faltou. Os probes pedirán por min.

Cinco irmaus tiñas ti, cinco tiña eu. Os dous tiñamos nai, pro eu xa non tiña pai. O meu pai xa morrera sendo eu meniño... Tamén entonces debía eu morrer. ¡Cantas espiñas non me cravaría nos pés, si entonces fora prá coba, na compañía do meu pai!

O tan... tan... de campana, falouche con máis elocuencia que todas las linguas da terra, e fíchote esbagullar... Tamén desto fágome cargo, por la experiencia que teño.

Os sons da campana que nos veu nacer, que nos espertou nos primeiros soníños da nosa infancia, que nos chamou prá misa, que nos alegrou nas festas; que cantaba leda cando nosoutros corriamos por los souts e tarreos tras dos foguetes, que nos mandaban resar os mortos, que nos mandaba descansar e xantar; que foi a nosa guía e compañeira, astra que con penas nos veu marchar, enviándonos desde lonxe o último ¡Adiós! que chegou ós nosos oídos, nas ondas do vento, triste e melancóneco; eses sons que dempois de moito tempo, volvemos a oír, encerran tanto amor, tanto sentimento, tantos recordos e tanto misterios, que non se poden oír, sin estremesemento no corpo, e sin que os ollos se arrasen de bágoas.

Pero si, a máis de esto, as campanas son unha cousa propia da piedade relixosa da nosa familia, que, en millores tempos, fixo con elas un mamorable presente á Igrexia di Dios; e, dende entonces, o tempo trastornouno todo, perdéndose a grandeza pasada; menos as campanas que sempre están novas sempre arxentianas, e que sempre teñen a mesma vida, o mesmo xéneo, os mesmos sons, a mesma fala... todo esto, amigo Baña, entraña un conxunto de ideas, tristuras e añoranzas, tan fondas e sensibres, que eu, anque son velliño, non chas podó espricar. Son cousas que se sinten no fondo do peito.

As campanas de “Duxame”, no seu máxico son,  
encerran acordes de unha gran merodía  
que como as lavercas nos craros do día  
reciben do Ceo a inspiración.

Con léngoas sagradas contan a historia  
dun linaxe que encerra moita grandeza,  
e que agora no seo esconde a nobreza,

que elas refrexa nos cantos da groria.

Atalaias dun paso que o tempo esmorou  
sin haber unha mau que recolla os despoños  
solo ven tristuras, saudades e noxos,  
como reinas que o demo deixou sin coroa.

No médeo dos agros contémpranse solas  
onde antes bulían moitas cabaleiras,  
cos paxes das damas dos nobres Outeiros...  
je con tanta mudanza vólvense tolas!

Son as xoias que quedan dos meus antepasados  
dos maiorazgos, dos fidalgos, dos virreises,  
a quen sempre sorriron as rendas e as leises,  
rendas que a os fillos lles roubaron os fados.

Por esto anque sempre toquen xeneosas,  
anque repiniquen harmoneosas e ledas,  
dando xúbilos ós agros e ás arboledas,  
eu non podoo oílas sin grandes argoxas.

.....

Eu sinto no peito un cramor mui profundo,  
eu sinto as pregarias da nai toda amor,  
coas laceiradas de un grande delor  
que cobren a ialma co peso de un mundo.

30-VI-1911





## Xan Manuel Paz

### Datos biobibliográficos

Juan Manuel Paz Novoa naceu en Ourense en 1839 e nesta mesma cidade morreu no ano 1895. Acadou o grao de bacharel en Filosofía, Dereito Civil e Canónico e licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, doutorándose máis tarde na Universidade Central de Madrid. Foi profesor de ensino medio en Bilbao, onde impartiu as materias de Economía Política e Dereito Mercantil. Posteriormente, conseguiu a cátedra destas mesmas materias na súa cidade natal e tamén deu clases na Escola de Comercio de Ribadeo e da Coruña. Nesta última cidade exerceu a avogacía, traballo no que tivo importantes éxitos, como a defensa de Manuel Curros Enríquez no xuízo seguido contra el trala publicación de *Aires da miña terra*. Participou activamente na vida política do primeiro período republicano, militando no Partido Republicano Federal e ostentando cargos como o de capitán da Milicia “Fuerza Ciudadana”, vocal-secretario da Xunta Revolucionaria, correspondente da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e membro da Real Academia de la Historia e da de Jurisprudencia e Legislación.

Como poeta resultou premiado nos Xogos Florais de Galicia de 1861 polo romance “Macías el Namorado”. Escribiu outras composicións poéticas dispersas pola prensa da época, onde tamén publicou numerosos artigos, entre os que destacan aqueles relacionados coa reforma foral que el mesmo se encargou de inspirar no curto período de goberno republicano de 1873.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Deste autor unicamente coñecemos o relato titulado “Maruxa e Mingos. Conto popular”, que fora publicado na Parola 123 de *O Galiciano*, no ano 1887, e que está dedicado “Á señora Rosalía Castro de Murguía”.

Trátase dun relato estruturado polo autor en catro partes, numeradas con romanos, das que podemos considerar que “I” é a introducción, “II” e “III” corresponden ó nó da historia e “IV” ó desenlace. Un narrador omnisciente en terceira persoa, que ás veces lle cede a voz ó lector implícito (“figúrese o lector”) é quen nos conduce a través da trama argumental. Coñecemos de inicio que estamos diante dun casamento desigual, xa que Maruxa era “aldeana vella, regañona, fea e rica”, ademais de celosa, mentres que Mingos de Loureiro era “rapás probe, pro alegre, repoludo e colorado coma unha cereixa”, polo cal os celos da muller van ser o desencadeante de toda a historia. Uns celos que a levan a implicar ó mesmo San Mamede, xa que “nas supremas angustias o corazón humano recorre sempre ó ceo”, aínda que o narrador dubida ironicamente do obxectivo de Maruxa: “¿Qué pedía ó Santo con tal fervor? Atendido

o ruinoso do seu estado físico, ben poidera creerse que pedira unha boa morte”. Unha vez escoitada e aconsellada polo santo, a protagonista leva á práctica as recomendacións deste, que consisten en fartar o seu home para que cegue e non poida mirar outras mulleres. O autor xoga habelenciosamente coa polise-mia de “cegar”, no sentido perder a visión ou de cegar de amor. Péchase o conto dando a coñecer a distinta sorte dos protagonistas e facendo crítica de quen vive da honra, nomeadamente algúns “señoritos, que todos conecemos, levan con fachenda sobre o seu peito, i en prémeo dos seus leás servicios, certas condecoracións que din, pouco máis ou menos: “Recompensa á virtú i ó patriotismo”.

Alén do subtítulo “Conto popular”, a tradición oral e popular aboia por todo o texto. Así, é popular o cómputo do tempo por lúas, a introducción dun refrán “Morra Marta, pero farta” e a profesión do protagonista, san cristán.

## Maruxa e Mingos

### Conto popular (Á señora Rosalía Castro de Murguía)

#### I

Maruxa, aldeana vella, regañona, fea e rica, acaba de casarse con Mingos de Loureiro, rapás probe, pro alegre, repoludo e colorado coma unha cereixa.

Venerábase con relixioso fervor na eirexa do lugar a imaxe de San Mamede, e Mingos exercía as funcións de sancristán. Súas piadosas angueiras non lle privaban, sin embargo, parrafear sabrosamente coas mozas da vecindá; e lexos de enmendarse, esta afición peligrosa rubiu de punto dende seu enlace con Maruxa.

Logo que a celosa muller comprendeu, por súa disgracia que, si ben se casara con Mingos, non por eso reinaba no seu curazón, non houbo na casa un instante de sosego, nin se cansaba de alcuñalo chamándolle cada cando *farraposo*; e como dona e señora que era da facenda, chegou a sitalo por fame. Pro nin Maruxa conseguía apracar asina seus celos, nin Mingos se enmendaba.

#### II

Nas supremas angustias o curazón humano recorre sempre ó ceo. Maruxa sinteu tamén iste movemento natural do ánimo, e recurriu á protección do Santo do lugar.

Moitas mañáns de Xaneiro saleu a namorada vella da súa casa, arre-bucada no mantelo; e, sin mostrar máis que a fría punta da súa gran narís e catro alborotadas canas, entraban na eirexa, e oraba arrodillada longas horas.

¿Que pedía ó Santo con tal fervor? Atendido o ruinoso do seu estado físico, ben poidera creerse que pedira unha boa morte, tendo en conta o desapego do seu tenro home, cualisquera crería que pedía ó Santo infruise no curazón de Mingos pra que, ó menos, a tolearse sin repunancia; pro hai motivos pra crer que nin supricaba o un ni o outro.

Maruxa –ben o decía súa cara de vinagre– era muller de malas intencións, e quixo fraguer cómprice delas ó bendito San Mamede.

Un día a resésega noiva quedouse sola na eirexa, e movida dunha desesperación devota alzou a súa voz e dirixeuse ó Santo nestes termos:

“Señor San Mamede, ¿Que lle hei dar ó meu home pra que me cegue?” Grande e extraordinaria foi a sorpresa da vella cando ouciu que da mesma boca do Santo saía ó punto iste manánimo consello:

“Dálle ovos é manteiça  
viño branco da cuqueira,  
e porco e marrá,  
e el che cegará”

Calou a voz do Santo, e Maruxa, que si lle había dirixido a pregunta, non por eso se prometera, unha remposta, e menos unha remposta como a que recibira, quedou petrificada.

Os menos cridos do lugar, logo que coneceron, aseguraban que fora Míngos quen contestara, pódose detrás do altar, pola boca do Santo; pro estas non pasaron de faladurías que tiñan por ouxeto caluniar ó infelís rapaz.

### III

Que a muller fixese mimos ó home, cando iste non desemulaba súa repunancia á muller era *contra producenti*. Por outra parte, crer que Míngos se quedaría cego co aqueles mimos que o Santo lle regalara escedía os límites do racional: pro hai en certas ocasións tal propensión a crer o imposible, que Marixa, fiada na celestial pormesa, i a troque de deixar sin ollos ó seu home, decideuse a seguir o consello do Santo e púxoo en práctica.

Figúrese o leutor o desconsolado que estaría o probe Minguíño véndose tratado a corpo de rei, como en recompensa do seu bo comportamento maridal.

A cousa non era pra menos:

Habían pasado dúas lúas, e os bos oficios de Maruxa multiplicábanse e multiplicábanse tamén a satisfacción de Míngos, que engordaba, coma un becerro.

Un día, o *xoven aporveitado*, enchía a súa panza con saborentos manxares que a súa muller lle servía. Maruxa mirábao de fito a fito, co afán de que cegase de repente, pois neste libraba ela a esperanza de que seu tenro home non fose tentado das demais mulleres. Míngos, acabando xa a súa ración, restregou fortemente os ollos, i esto deu lugar a iste curto pro sinificativo diálogo antre home e muller:

—¿Que tes, miña vidiña?

¿Que fas con ese restrego?

—Dáme outra talladiña,

éncheme a cunca presto

de freba de galiña

¡ai! que canto máis como, menos vexo

### IV

Por fin, Míngos non cegaba; pro en vista do escelente trato con que súa muller se distinguía, creu de seu deber o tolerala, anque adoecese. *Morra Marta, pero farta*, dixo un día pró seu capote. A muller á súa vez, incapás de non seguir fielmente o consello que lle dera o Santo do lugar, si ben notaba que Míngos tiña seus ollos tan grandes, negros e *feiticeiros* como o día da boda, creu que estaba *cego de querer*, cego de amor por ela, pois non lle daba xa motivos de disgusto; e refreusionando sobre isto, creu realizada a profecía.

I el truán, e, ela namorada, viviron asina algús meses, hastra que o Señor se dinou chamar a Maruxa á millor vida, ós 114 anos da súa edá, e dempois de haber istituído ó gran Míngos por seu herdeiro universal.

E Míngos sobreviveuna felismente longos anos, e disfrutou tranquilo seus bens, beneficio que considerou sempre como prémeo dos seus servicios maritales, ben asina coma algús señoritos, que todos conecemos, levan con fachenda sobre o seu peito, i en prémeo dos seus leás servicios, certas condecoracións que din, pouco máis ou memos: “Recompensa á virtú i o patriotismo”.



## Xan Pla e Zubiri (Juan Pla Zubiri)

### Datos biobibliográficos

Naceu en Viveiro o 13 de febreiro de 1864 e morreu en Manresa no ano 1936. Estudiu dereito en Santiago de Compostela e Valladolid e foi rexistrador da propiedade, profesión que desempeñou en Manresa. Dende moi novo colaborou en diversas revistas e periódicos da época, como *Vida Gallega*, na que se deu a coñecer como poeta e deixou escritas un gran número de composicións de escasa valía literaria. A súa obra máis coñecida leva por título “A tola das Covas”, do ano 1917, prosa rimada con prólogo de Antonio Rey Soto. Como narrador, publicou a novela titulada *Desengaño* (1926). As dúas obras estrutúranse seguindo o esquema do triángulo amoroso. Carballo Calero<sup>265</sup> chama a atención sobre a posible relación das tres personaxes protagonistas, Encarnación, Roque e Pedro con Rosa, Martiño e Xan de *A Virxen de Cristal*. O que é certo é que tanto “A tola das Covas” como *Desengaño* están baseadas no clásico trío amoroso no que a muller se debate entre os dous amantes antagónicos: O “bo” e o “malo”. Pla Zubiri foi responsable ademais da tradución do tratado *Quod nihil scitur* do filósofo tudense Francisco Sánchez. Completa o seu haber literario un texto narrativo que, baixo o título “O que garda sempre ten”<sup>266</sup>, foi publicado en *Galicia Moderna* no ano 1898.

### Comentario dos textos narrativos en galego

O relato constrúese a través da presenza dun vello contador de contos, ó que esperan con impaciencia un grupo de alborotados rapaces. O vello narra unha clásica historia protagonizada por dous irmáns antagónicos na súa actitude ante a herdanza deixada polos pais. Como é característico neste tipo de contos didácticos, o vello finaliza a súa historia cunha sentenza, na que lles advirte ós pequenos interlocutores da importancia na vida da boa administración dos cartos. O valor literario do conto radica, máis que na propia anécdota, no xeito en que o autor constrúe a figura do vello e dos cativos, que interrompen a narración cos seus comentarios e o seu balbordo, conferíndolle así un ton humorístico e dinámico.

---

<sup>265</sup> Carballo Calero *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed. 1981.

<sup>266</sup> *Galicia Moderna*, nº 28, 15 de xuño de 1898.

## O que garda sempre ten

Os cinco ou sete nenos que se atopaban naquil intre xogando no adrio da eirexa, asiña que ollaran ó probe velliño medio espido que se dirixía cara iles, escomenzaran a berrar rebrincando coa legría:

—¡Eí vén o tío Barrallas! ¡Eí vén pola corredeira abaixo!...

Era o Barallas —alcume que lle apuxeran polo moito que lle daba á língua— un home que faría, cando eu o conecín, unhas seis ducias de anos que viñera ó mundo, isas ¡afellas! ben cumpridas, de moido que nadie se quedará varado se lle digo que eran brancos como a neve os poucos guedellos que se lle vían por entre os buratos do pucho, que tiña a pel da cara e das mans toda engurrada, e que andaba moi enguriñado e a pouqueniños.

O estare ledos os rapaciños ó ter preto de si ó vello non era por outra cousa que polas moitas hestorias que de afeito lles contaba, en pago das mou-ras codias de pan de broa que lle botaban nalgunha ocaseón no mendado saco que de cote levaba ó lombo; pois han saber os meus leutores que o tío Barallas vivía da caridá dos seus viciños.

—Que a Virxen vos garde, boas pezas! —exclamou, logo que se atopou cabo dos rapaces. E ó velos que de pé se botaban miradas de bondo sene-ficativas, con cara riseira, siguiu:

—¡Bouh!... Xa sei o que queredes..., un conto ¿non é?...

—¡Iso! ¡si! ¡veña un conto!...¡un conto! —craiaron todos a un tempo.

—¡Pois aconchegarvos, *galafates*, que vos vou contare unha breve hestoria!— dixo o Barallas inda a sentarse nunha cañota que había arrentes do muro.

Para o ouvir ben e non perdere *rispica* trataron de atopar acomodo arredor dil os neniños e aínda sei que se deron algunha que outra losqueada para apilla-lo millor sitio. Mais como se remexeran moito o vello, médeo enra-bexado xa, saltou dirixíndose a un:

—¡Se non acougas, *Pendello*, voume sin dicirvos miga!, con que ¿mirádeo ben!...

—¡Xa calamos!, rispondeu o aludido.

—Foi o *Parrote* que me deu dous bilisoquitos no traseiro.



—¡Leria! ¡Todos sodes da casta do demo!—rosinou o vello, coidando de non escachurrarse coa saída do rapaz.

E logo que se comporen apousando o saco carón de si e acendendo un pito, escomenzou desta maneira:

—Nunha acaseón vivían dous irmaus aló... aló moi lonxe...

—¿Onde?— se estreveu a dicir un dos nenos, temendo xa estoupar de cureosida.

—¡Onde!— contestou secamente o tío Barallas, que non agardaba a pregunta—  
¡Por *mal criados* e estripa contos xa se finou! ¡Ea!

—¡Tío Barallas! ¡Xuramos pecha-los beizos! Dixeron a coro poñendo cara de tristura.

—¡Boeno! ¡Pois habedes te-lo bo costume de non perguntar a miúdo! ¡Senón...!

Virando a historia direivos que aquiles dous irmáns quedaran, cando seica soilo cumpriran dazaoto e vinte anos, no fol, sin os pais; pro istes pecharon tranquilos os ollos pensando que a tenda que lles deixaban era o dabondo pra que seus filliños viviran desbofados.

Fuco e Berto se chamaban os dous e ¡cousas de bruxas! Aunque un e outro recibiron a mesma crianza non había en vinte légoas á redonda dúas persoas que menos se asomellasen, pois namentres o pirmeiro era un lacazán que de noite e día se alcontraba na taberna, o segundo en troques traballaba máis que unha besta, fóra a ialma, tendo entre outras costumes cristianas a de dare moitas limosniñas ós probes.

Non por sere Bertolo o máis novo dos irmáns deixaba por iso de fungarlle ó outro pola mala conducta que traguía, pro Fuco, que non lle daba xa máis creto, siguíu empregando nos seus vicios os cartiños que con moitos suores iba xuntando aquí; e paresme que algunha ves astra se riu dil chamándolle boi de arado, gofeñadas que lle sufría con santa pacencia.

Tódolos meses, ó bota-las contas de feito na tenda, soparaban en dous montes as ganánceas. Un pra Fuco, que cuasque non lle acongaba unha romana no peto, pois entre a carteta, o viño e... outras *cantarenas* logo o espallaba; outro era pra Bertolo, que non tiña labor de máis présa que dalo a render. Non pensedes con esto que non se coidaba ben... ¡Non! il somentes mercaba o nacesario e aforraba o demais.

Asín as cousas o tempo fuxía coma un lóstrego e o bon de Bertoliño ó cabo dalgúns anos, cando xa se atopou coa faltriqueira acugulada de douradas e lucias moedas.

—¡Quen apillara unha, tíu Barallas!— falou un dos que ouvía, relaméndose de gusto.

—¡Veredes! ¡Eiquí escomenza o millor!

O venerico Xulián, digo...¡non! ¡Bertolo ...ese é, Bertolo! Deixoulle a súa parte de tenda a Grabiél...

—¡Siría ó Fuco! —exclamaron a unha os nenos.

—¡É certo! ¡Xa vou perdendo a memoria! Pois iba decindo que ó regalarlle o seu anaco de tenda a Fuco marchouse cara outra terra onde se casou e viviu filís longos días rispeuto a iste, a mau de Dios que acostuma a manear seu pau nin pedra fixo que unha noite se lle alborrallara a casa cun incendio quedando probe, sin ter ónde lle viñese un ichavo, ¡xusto pago do seu comportamento!

—¿E demoixas que foi de Fuco?—perguntaron os rapaces.

—Non o sei. A curta hestoria fina eiquí e non di máis, queridiños. Conque... soilo vos aconsello que non esquezade-la leución que garda e que somelledes ó Bertolo, vendo de cote de non caerse nas faltas do Fuco. Sabede pra toda a vida que, según amostra a esperencia, o que aforra sempre ten.

## Carlos Pol Caamaño

### Datos biobibliográficos

Pouco sabemos da biografía deste autor natural de Ordes, non sendo que formaba parte dunha ampla familia de librepensadores e republicanos galegos de ideoloxía masónica. Neste sentido, Alberto Valín Fernández<sup>267</sup> indica que Carlos Pol Caamaño foi Venerable Maestro da loxia *Amor Universal* nº 32, de Ordes, durante todo o tempo que durou a súa existencia (1889-1896) e que os seus irmáns Julio<sup>268</sup> e Carmen Pol Caamaño<sup>269</sup> foron membros da loxia *Progreso* nº 39 da Coruña (1890-1895).

De inspiración masónica foi o xornal *Brisas y tormentas*, que dirixiu na Coruña entre abril e xuño de 1900 e do que se conservan oito números na Real Academia Galega. Polos mesmos anos deu ó prelo na cidade coruñesa dúas pezas teatrais en castelán que se conservan entre os fondos do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos: *Sir Wasongtong: Juguete cómico en un acto, en prosa y verso* (A Coruña, Tipografía El Noroeste, 1902) e *Oinegni o los locos del siglo XX: Juguete comico en cinco cuadros y en verso* (A Coruña, Tipografía El Noroeste, 1902). Da primeira, indícase que foi estreada o 6-X-1901 no Teatro de Variedades da Coruña pola compañía de José Sánchez Palma, e na última peza, anúncianse outras obras do autor “en preparación” cos títulos: *El amor y el deber: Drama en dos actos, en prosa y verso*; *España árabe: Juguete cómico en un acto y en verso*; *¡Cayó el gobierno!: Juguete cómico en prosa*; *A caza de microbios: Juguete cómico en prosa y verso*; *La madre obrera: Monólogo didascálico* e *El despido: Zarzuela en un acto*. Non temos noticia de que fosen publicadas ou representadas.

A súa obra en galego, que comprende poesía e relato, concéntrase no ano 1888 e aparece case exclusivamente no xornal *A Fuliada*, publicado na Coruña entre febreiro e xullo de 1888<sup>270</sup>. Nel apareceron a maioría das súas poesías: “Fábula que non é d’Esopo”<sup>271</sup> (nº 3, 15 de febreiro de 1888); “¡¡Probe

---

<sup>267</sup> Op. cit.

<sup>268</sup> A quen lle dedica o poema “Dende o Mesón do Vento”, onde fai unha gabanza da Coruña como cidade liberal, fronte a Santiago de Compostela, cidade clerical.

<sup>269</sup> Dos 1310 francmasons que Valín recolle no seu traballo, só 37 eran mulleres e Carlos Pol tivo a unha delas na súa familia; se temos en conta ademais que, como sinala Valín, “algunos francmasones de la historia gallega del Diecinueve [manifestaron] públicas y sinceras preocupaciones por el marginado y explotado mundo femenino de su tiempo” (p. 522), non é difícil de situar baixo que coordenadas ideolóxicas se sitúa a forte crítica da condición social da muller que late no poema de Carlos Pol “¡Probe muller!”

<sup>270</sup> Consérvanse na Real Academia Galega os números 2 ó 23 e o número 26.

<sup>271</sup> Datada en Ordes, 13 de febreiro de 1888.

labradoriño!!”<sup>272</sup> (nº 4, 22-II-1888); “¡Ei, pola miña monteira!”<sup>273</sup> (nº 7 (15-III-1888); “O conto de Don Mateu” (nº8, 22-III-1888); “O grande acontecemento”<sup>274</sup> (nº 9, 29-III-1888); “¡Probe muller!”<sup>275</sup> (nº 10, 5-IV-1888); “Dende o Mesón do Vento”<sup>276</sup> (nº 11, 12-IV-1888); “O verdadeiro amor”<sup>277</sup> (nº 13, 26-IV-1888); “Un xuicio de faltas”<sup>278</sup> nº 14, 3-V-1888); “O home e a formiga” (nº 15, 10-V-1888); “Minguiños de Busto”<sup>279</sup> (nº 18, 31-V-1888); “O squirbano D. Bartulo”<sup>280</sup> (nº 19, 7-VI-1888). Completan a nómina “Másimas”, aparecida no parrafeo 214 (5-II-1888) de *O Tío Marcos d’a Portela* e “Dios amor e poesía”<sup>281</sup>, aparecida no nº 7 (16-XI-1889) de *A Monteira*. Trátase dunha poesía de inspiración crítica e de forte ton moralizante onde teñen acollida a defensa dos labregos oprimidos, a gabanza da aldea fronte á cidade, a crítica ós clérigos, ós malos amos ou á xustiza.

Tamén en *A Fuliada* se publican os oito relatos que editamos agora: “E vaya de conto” (nº 5, 1-III-1888); “Conto que parece hestoria” (nº 5, 1-III-1888; nº 6, 8-III-1888); “As cartas”<sup>282</sup> (nº 12, 19-IV-1888); “E siga o conto” (nº 16, 17-V-1888); “Vamos seguindo coa música” (nº 17, 24-V-1888); “A ermida de San Roque”<sup>283</sup> (nº 20, 14-VI-1888); “A caridade” (nº 22, 28-VI-1888) e “Un sono”. Deste último só conservamos a súa conclusión no nº 26

---

<sup>272</sup> Datada en Ordes, 19 de febreiro de 1888.

<sup>273</sup> Dedicada “A meu amigo Anxel Vázquez Taboada”. No número seguinte, este autor dedícalle “ó meu inolvidable amigo Don Carlos Pol” a súa composición “Soneto”. Como nos sinala Alexandra Cabaleiro, estudiosa da obra de Anxel Vázquez Taboada, parece que os dous autores mantiñan unha estreita relación xa que Anxel Vázquez dedicoulle a Carlos Pol o seu primeiro libro de relatos, *As noites no fogar* (A Coruña, 1888), nos seguintes termos: “Ó meu inolvidable amigo D. Carlos Pol Caamaño. Dous afeutos contrapostos móvenme hoxe a dedicarche estas mal esqurtas páxinas: a profunda amistá que che profeso e o egoísmo; o egoísmo, si, porque como estou ventando xa os asubíos con que vai ser recibido este libro, necesito un compañeiro, de espirito forte e como ti despreocupado, que me axude a agoantar o trobón que se vén enriba das miñas costas. Os dous levarémo-la penitza no pecado; eu por astreverme a sacar á lus somellante emprego, e ti por aconsellarmo; pro de todas maneiras admíteo como unha pequena mostra do cariño que che ten teu amigo Anxel Vázquez Taboada”.

<sup>274</sup> Dedicada “ó meu ilustre correlixionario Excmo. S. D. R. P. Costales”.

<sup>275</sup> Reeditada no parrafeo 224 (15 de abril de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela*.

<sup>276</sup> Dedicada “A meu querido irmán Xulio”.

<sup>277</sup> Reeditada no parrafeo 227 (6 de maio de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela* e dedicada “A miña querida Pepa”.

<sup>278</sup> Reeditada no parrafeo 229 (20 de maio de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela*

<sup>279</sup> Reeditada no parrafeo 233 (17 de xuño de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela*

<sup>280</sup> Dedicada “A meu querido irmán político D. Vicente Carnota”.

<sup>281</sup> Datada en Ordes, 22 de outubro de 1889.

<sup>282</sup> Reeditada no parrafeo 226 (29 de abril de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela*.

<sup>283</sup> Reeditada nos parrafeos 247 (30 de setembro de 1888) e 248 (7 de outubro de 1888) de *O Tío Marcos d’a Portela*.

(26-VII-1888), xa que a primeira parte do relato debía atoparse nos números non conservados (24 ou 25) de *A Fuliada*.

Os oito títulos comparten o mesmo ton crítico da súa poesía, que os converte máis en pequenas moralexas que en verdadeiros relatos. Tamén en común teñen un narrador omnisciente que intervéno no relato ben en terceira persoa, incluíndo as súas opinións, ben en primeira persoa, como un protagonista máis do mesmo.

En “E vaia de conto” preséntasenos a Farruco Lagaña, sobriño do cura Don Bras, un rapaz a quen o tío interpela para ver as súas posibilidades como cura. Para iso preséntalle varios textos que o rapaz só sabe ler de dereita á esquerda. O tío considera daquela que o sobriño servirá para crego porque “fas do dereito reves, e do revés dereito”. O narrador pecha o relato confirmando que, efectivamente, o tal Farruco chegou a cura de aldea.

En “Conto que parece hestoria” preséntansenos as andanzas de Manecho e Bartulo, paisanos e conveciños dunha aldea, na cidade da Coruña. Ó longo da súa viaxe, na que o narrador os acompaña como testemuña muda, fan unha crítica dos poderosos e unha defensa dos labregos e do idioma galego.

En “As cartas” o narrador preséntase a si mesmo sorprendendo unha botadora de cartas, Farruca a Cartuxeira, que está engaiolando unhas rapazas. O narrador interrompe a farsa de Farruca e dirixe un duro discurso contra as mulleres que se rexen por estas falsas predicións.

Os relatos “E siga o conto” e “Vamos seguindo coa múseca”, aínda que non levan ningún tipo de indicación, constitúen dúas partes dun mesmo relato: neles desenvólvese unha conversa entre dous amigos -Fuco e Manecho- sobre os males derivados da política, da relixión e da xustiza para os galegos. Neste sentido, non sendo polo cambio nun dos protagonistas -Bartulo por Fuco- parecen a natural extensión do relato “Conto que parece hestoria”: este remataba coa indicación do narrador de “Outro día farei por atopalos”, o que parece suxerir unha continuación, e o mesmo título de “E siga o conto” parece a confirmación desta hipótese.

No relato “A ermida de San Roque” temos un narrador en primeira persoa que se sitúa en compañía do seu can na ermida de San Roque do Monte, no concello coruñés de Trazo. Neste marco, o narrador ofrece, mediante o recurso dun imaxinario diálogo co seu can, as súas reflexións sobre a brevidade da vida e sobre a sucesión das xeracións humanas.

“A caridade” inclúe unha nova lección moral do autor. Neste caso presenta a historia de Marusiña / Marica, unha fermosa nena de pais descoñecidos que vive das esmolas dos veciños da aldea. Ó se facer maior desaparece por un tempo e volve cunha filla, Inés, tan fermosa como el era de pequena. Pero os que antes a axudaban rexéitana agora pola súa deshonra e Marica morre na máis absoluta pobreza. A filla segue o destino da nai de vivir da esmola dos veciños, pero chega á aldea un protestante que a acolle e lle proporciona unha educación. A rapaza colócase como doncela na Coruña e logo casa cun comerciante da vila co que forma unha familia. O narrador remata a

historia indicando que Inés atopou caridade non onde se podía esperar (no cura da vila), senón nun home desprezado pola súa relixión (un protestante).

“Un sono”, o relato do que non coñecemos a primeira parte, afástase da tónica seguida polos relatos anteriores xa que non presenta ningún tipo de lección moral. Nesta ocasión temos un narrador en primeira persoa que soña que vai ó paraíso e describe as súas perfeccións. Remata este relato co amargo despertar do protagonista.

## E vaia de conto

Farruco Lagaña era un rapás moi arteiro, fidalguiño e algo enseñoritado como sobriño do crego; moi grileiro prás rapazas, por máis que diante do señor abade non lles facía a rosca por mor do respecto.

Don Bras, que era o tío, non deixaba de vista ó seu parente, pois sabía que era agudo e moi facilmente podía caer nalgunha tentación; cando lle vía facer algunha algeirada todo se esfarelaba de gusto e escramaba mirando prás nubes:

—Vállame Dios, case lle imitas á casta, tes que mete-lo fociño no calis por forza.

O tempo foi andando e Farruquete adiantou tanto na escoa que xa lle ganaba uns pelos ó maeso (xa sabemos o que son os maesos da aldea) por mor do que Don Bras fixo mentres de aprica-lo estudio pra sacalo home, e certo día chamou por el e díxolle:

—Farruco, xa vas feito un homecho; eres bastante entreverte e nacesitas facer algo pró teu porvir; estou disposto a pagarche un oficio ou carreira; dime ti aquela que máis che acomode.

O sobriño destonces botou a mau á aceza e axiña que se rañou un pouco contestou: -Pois xa que vostede ten a ben o dirixirme por bon camiño direille que toda a miña sorte sería se tovera o oficio de gaiteiro.

Nada lle gustou a don Bras esta salida e veuse perro pra convencelo de que a gaita non é boa prós que se dadican moito a ela, ademais que non hai gaiteiro (con perdón) que sea xuicioso; púxolle de manifesto a vida patriarcal dos cregos, os praceres de que podría disfrutar, moitos aínda desconecidos pra el, etc., e convenceuno, quedando en que o seguinte día pasaría Farruquete a sufri-los primeiros eisames:

Así socedeu, e o abade púxolle a pirmeira leución de leutura nun papeliño en que esquirbiu as seguintes palabras: “somos sete sacerdotes”, e que lle alargou, dicindo: -Le.

Lagaña pequeno colleo a coartilla, doulle tres ou catro voltas ó redor, e así que se informou que estaba o dreito escomenzou a ler pola última letra, seguindo cara á esquerda a astilo árabe, e foi pernunciando: “set’odres a sete somos”

O crego daquela volveuse roibo coa corache, e díxolle conténdose o máis que poido:

—Perdónoche o insulto, pois comprendo non o fixeches adrede, e si tan soo porque non sabes ler.

—¿Pro señor, se eu cantei tódalas letras? —contestou o rapas tembrando.

—Vaia, vaia; toma, le estoutro apunte que ten a letra máis crara; (o sacerdote volveu a entregarlle outro papeliño coas letras o mesmo que potacas).

Fuco, cheo de medo, colleu entre as xemas dos dedos o esquirto donde puxera o señor don Bras: “s’o bonete nada, s’a trata a sona”, e tusindo dúas veces escomenzou o probe como denantes, esto é, principiando pola última letra cara á surda, dicindo:

“a nosa tarta s’e boa e ten obos”

De boa gana o tío lle houbera arrimado unha zafanada sinón coadrase a causalidá de verlle marcar co dedo ó revés; por eso, botando dúas carcaxadas e tres arrotos, pasoulle a man pola cabeza, ó tempo que lle dicía:

—Ére-lo demo, Farruquiño: érguete, estás aprobado; serves pra crego, pois fas do do direiro revés e do rivés direito...

Hoxe Farruco Lagaña é crego; bebe e roe carrexando unha barriga máia grande que o mes de Maio: o que queira velo que pergunte por el.



### Conto que parece hestorea

Manecho e Bartulo eran conveciños e amigos, ambos dun tempo, moi truás e falangueiros, como tódolos da aldea, e cobizosos pra mofarse dos señoritos famentos, en que soo, por traer a lavita colgada sobre as costas se dan certo mexunxe ou barnís de aristócratas cando en realidade nin teñen pregaminos nin os viron nunca polo forro, o que si teñen é a moleira moi cerrada coma o porco (falando mal).

A estes rapaces tentounos o demo ir certo día á Cruña, e saíndo á carreteira que vén de Santiago pidiron asento na “Competencia”, pois como a “Carrilana” ten tido tantos emborques, e ocasionou tantas desgracias, dando lugar a moitiñas bágoas derramadas por nais, por fillos e por donas, pareceulles moi prudente deixala correr e meter bulla, que ó fin eles habían de chegar a tempo, que nada se lles malparía, acomodáronse asíña no faiado do coche que levo dito, cada un coa súa limeta de seis netos chea de viño do Ribeiro, unha restra de chourizos, unha tallada de xamón cocido e un par de libretas, todo baixo a camisa e tapado coa faixa por mor dos *ratas* da vila.

Xa acomodados como dous cregos no inferno, Manecho preguntoulle a Bartulo:

—¿Ti fuches algunha ves á Cruña, ho?

—Eu nunca fun, Manecho; mais por eso maldito medo teño de quedar mal, sei con que bois aro, e doulle cincoenta e raia a esos gulismeiros, escama quinces, chupa candís e limpa torcidas que desconocendo o noso inxenio aculto por esa cariña de risa, trátannos de rústecos, iñorantes, ruís, babiós, etc.

—Ogallá non te enganes, Bartulo, os laviteros non teñen máis oficio que o da rapa e sábeno de memoria como nós a cartilla.

—Déixate de contos que tamén eu deprendín algo daqueles farracos vellos que deixou meu tío o crego e tratan do modo de mete-la unlla e a man hastra o cóbado.

Así nestas falacias pasóuselles o camiño nun brinco hastra que o coche parou na Rúa Nova, diante da administración.

Aquí foi Troia, unha man de galopíns rodearon o coche e empezaron a berros e brúos que parecía unha feira. “Señorito, fonda de... señorito, fonda de...” revolvéndose entre a xente como cando os soldados de Prim entraban a baoneta. Manecho pensou que iba a emprincipiar a loita e botou man á moca, pro Bartulo díxolle: -Quedo, non fagas nada antes que eu che mande. Asosegouse algo e viu saír pola barriga do coche vrios caballeros que sin facer caso ós rapaces collían cada un pola rúa en busca dalgunha pousadilla barata; solasmentres o máis feo de todos, enxoito coma un bacalau que parecía escapar das unllas ó miñato e traía uns antioxos que lle facían a cara de moucho, o cal moi teso e arrogante chegouse a un dos galopís e faloulle así: “¿Donde es la fonda de...? No momento pensentouse diante un home que debía se-lo fon-

disto e era redondo como un chourizo e contestou, facendo a reverencia coma ós santos: -Aquí está el dueño para servirle ¿si usted quiere que le lleve algo?

—Hombre, no traigo maleta, pero mi nombre es conocido en toda España.

—Ah, -dixo o outro pensando tiña diante da súa probe homanidá un Cánovas ou un Sagasta, conecidos moi ben na Península, e abrindo a boca dun palmo: -Mucho me honraría con el honor de tener la honradez de saber quien es la su señoría que tanto me honra. —¿Pues no conoce usted a don X. director de... que vive en Santiago y ganó premios en las poesías A, B, C y en los certámenes literarios D, E, F, G?

Aquí manecho e Bartulo botáronse a rir dende o faiado, de moito mimo, polo cal o chourizo dou a volta, dirixíndose a outro grupo dicindo: - Señoritos fonda de... —e sin coidarse do lambe espiñas que mirando ó ceo escramou: -Hombre rústico y sofisticado, me has dejado peripatético con tu idilio corrosivo, e foise cara outra fonda.

Os compañeiros baixáronse con moito modiño, vendo que outro caballero cun estoque na man se dirixía a eles, e coidou Manecho que lles iba arremeter, polo que se puxo en garda; pro o amigo díxolle que era un empregado de consumios e sacando a pucha ambos o saudaron chamándolle de osía, anque sabían que non o tiña e facéndose os ñorantes convencérono de que non levaban matute; o outro estucado polo tratamento recachou de bigote e máis serio que un cartao deixounos pasar adiante.

Inda non anuveron vinte pasos cando tres rapaces os rodearon cramando coma as ánemas “La Voz de... El Clamor de... El Progreso de... El Retroceso de...”

—¡Ui! ¡ui! ¡ui! —dixo Bartulo-; -calade, que xa non teño asirio na cabeza con tanta bulla, e vós acabaredes por volverme tolo.

—Siñorito, cómpreme uno, ande, siñorito, por Dios uno; uno señorito, le trae cosas muy buenas, -seguían berrando os nenos.

Bartulo destonces como era amigo da chanza meteuse nun portal e cenoulles pra que se lle acercaran a foran todos ó rabo coma os pitos detrás da galiña.

—Vamos a ver, ¿sabéde-lo que traedes entre mas? —lles perguntou.

—Si sabemos, señorito.

—Deixádeme de señorito, nin de demonio, que anque me chamedes carneiro os meus cartos habédelos de levar o mesmo.

—Sabemos, sabemos —volveron a decir.

—¿E como lles chaman a eses papés?

—Periódicos.

—Quer decir que veñen de cando en cando, como as brétemas e esa Vos de... e Cramor de... non quer decir unha mesma cousa, esto é: a opinión prúbica, ou a opinión dos paisanos gallegos.

—Si, señor.

—Logo irán ambos conformes nas esposicións das súas ideas, botarán contra os abusos que teñen lugar nos aumontamentos, pedirán por unha boa

rebaixa de contribucións territoriais, indicarán a comenencia de mellora-la intrucción prúbica, etc., etc.

—Ah, señor, dixo o máis listo, non lle van os dous papés por un mesmo camiño, un é enteiramente oposto a outro e tiran ambos pró seu saco.

—Eso xa o sabía eu —adiantou Bartulo ¿e ese que se tetula “Alcance” debe ter moitiño, defendería tamén a proposición de diputado don Antón do Río que tanto nos favorece, será republicano, xa que tanto alcanza, e definirá como home de xuício as comenencias dos pobos?

—Too o contrario, señor.

—E os demais preódicos ¿que tran de bon?

—Oh, moitas cousiñas; tódolos días lle veñen con contiños moi bonitos e de alta política, de cambios de bolsa, do que pasa noutras naciós, das loistas do congreso, de...

Ceguei á pousada xa con bastantes voluntás de moular e perguntei á dona que tiña pra mata-lo apetito, contestando ela que amiñeiras fritas, amiñeiras guisadas, amiñeiras...

—Tráíame un prato delas —contesteille- sean da crase que queiran: polo visto aquí sodes amigos das cónchegas.

—Siñor, está tan caro na cibdá esto de carnes, ten tantos impostos, que solo podemos chamar carneiros a eses altos empregados de rumba e tumba; o pescado fino tamén marcha pra Madril, de maneira que témonos que agarrar ós berberechos, mixillós, percebes, en fin, ó marisco, e ben sabe Dios que moitas veces non o quer o corpo.

—Traime, traime logo ese prato e déixate de lérias, que polo que vexo se estou aquí moito tempo voume volver caracol.

—Siñor, tamén teño ostra... cismo —díxome.

—Eso xa o vexo.

—Quero decir que teño ostras (estes brutos da aldea non entenden máis que de cocho e chacina).

Volveu ós brincos e tróuxome unha fonte de amiñeiras como puños, cheas de pimento picante, e por separado no fondo dun prato media ducia de ostras que polo tamaño debían ser tartaranetas daquelas que levaron os ingresos non hai moitos anos. Collín a navalla, fixen catro pedazos dunha das primeiras e cuasque me fartei, logo botei un vaso de purrela, ou viño cruñés que abunda en moitas tabernas protexidas dos empregados e isca, boteime en busca dos compañeiros de viaxe.

Non tardei en atopalos filosofando un caro outro nos soportás da deputaceón.

—Aquí —decía Bartulo- véñenche a parar moitos dos cartiños que damos aló polo consumo, tan soo por eso debiamos ter entrada neste palacio.

—Eu téñoche aquí o recibo do último tercio, vamos a mostrarlle a ese siñor que está na porta a ver se nos deixa pasar pra mira-los salós, ó fin debe pasar como os billetes na praza de touros.

—Ola, trai aquí ho, toveches bon descurso; vén conmigo –repicou Bartulo, collendo o recibo da man do compañeiro e coa pucha sacada, dirixiuse ó porteiro:

—¿Que trae usted? –lle preguntou aquel.

—E vostede dime “que traia o que queira”, pois traer xa trouxen moito, pro agora xa estou rapadiño de ves; querer non quero, porque non mo dan, mais velaquí está o recibo do consumo, por si serve pra entrar no adificio.

O porteiro destonces levantou a vos, e como o xeneral que bota unha arenga dixo:

—Aquí solo entra el que trae *najocios* que proponer o diñero que *pajar*, excepto cierta clase de personas de principios que saben pisar alfombra, o tratar con la *quente* en el *lenguague* de Castilla.

—¿Está boa a navalla! –cramou o labrego-. De modo que eu porque nunca tiven a desgracia de pisar eses rodos que tedes no pavimento non son home como as demais, e carezo de mamoria, entendemento e vontade.

—No, porque no sabes hablar castellano ni vistes levita.

—¿E eu co meu saño de lan, non sabrei dicir en gallego moitas verdás? ¿Non sabrei concebir e manifestar os máis elevados sentementos de xusticia, de legalidade e inda da ciencia? ¿Non sabrei comprender a Natureza e a seu Autor? ¿Non sabrei amar o próximo coma a un irmán? ¿Non sabrei...?

—No sabes nada.

—Logo sei algo, porque dúas negaciós afirman.

—Vete de aí, cazurro, ¿o es que me quieres tomar el eplo?

—Non, pelo do deño moito tes –repicou Farruco polo baixo separándose a xunto a porta do trato con Manecho<sup>284</sup>. –Garda o recibo, ho –díxolle-, -non sea que cho volvan a pidir aló eses lampantís.

Nesta ocasión pasou por alí un home alto e delgado coma o pau de forza ó que lle houbesen posto um sombreiro de pelos, e na galleta de abaixo dúas botas de charol de boi que parecían gabarras; pola espalda colgáballe un lavitón sin solás, a cara chea de barbas despregadas en guerrilla, e coas trazas dun desteta-nenos.

—¿Quen será aquela alma longa? –dixo Manecho<sup>285</sup>.

—Non che sei; mais polas trazas debe ser algún que se ten por moi listo, ou a quen axudan a leva-lo paleo, porque cara de diñeiro non a ten.

—Home, estou cavilando que aquí no pobo tódolo señores andan enfinchados e graves, e do demo si rin pra nada.

—Eso bon é de espricar: os de temperamento nervoso son como nós francos, dicidores, campechanos, amigos da sociedade, da xusticia, aman a todo o mundo porque comprenden que non han de vivir sempre e que na terra

---

<sup>284</sup> Manexo, no orixinal.

<sup>285</sup> Manexo, no orixinal.

todos somos compañeiros, fillos dun mesmo pai e irmás nas disgracias da humanidade; mais repremen o seu sentemento pra igoalarse a outros de orellas longas e boa posición, que todo miran con desprecio porque non ven máis que a punta da súa naris.

—Por eso ando nos ven rir chámannos bestas.

—Así é; pro eu nunca vin besta que se rira, polo contrario, o meu faco pardo sempre está serio; os seus ollos nunca denotan alegría, e si falase, poño por caso, en castillano e vistira de cabaleiro dou nos diaños sinón era capás de chegar a persidente de calquera cousa; a risa, Manechiño, éche privativa do home e a manifestación dos máis nobres afeutos; é tamén a proba da sinceridá do felís mortal que decote a ten nos labres.

—¿Oies, Bartulo, seique che está tocando a múseca no cafés, vamos alá?

—Vamos logo, que hoxe tócalle a ves a Portas e a Dorado no “Imperial”; a min venme moiño a múseca, eleva o espirto e fai olvida-las penas e carraxes da terra; por outra parte os músecos, así como tódolos artistas, son bos por natureza e non gastan o pisto dos ñorantes nin son ostaclo u á fraternidá universal, como os que viven do *cálculo apricado*.

Manecho e Bartulo colleron amodiño cara ó café, non sin que o último lle botara un resto —contra si- ó porteiro que destonces estaba coadrado diante dun diputado, coma o quinto diante de seu capitán. baixaron as escaleiras, abriron a porta e tras dela á dreita pousaron as mocas.

Daquela Manecho, roibo coa vergonza, douse presa a quita-la monteira, pro Bartolo díxolle:

—Déixate estar, ho; aquí non hai santos, e etodos somos iguás mentres canto o grilo na bolsa.

Acomodáronse nunha mesecha, e o último dou dúas palmadas, ás que acudeu un *mozo* vello que coa bulra nos labres perguntou:

—¿Que desean VV., caballeros?

—*Dos tiazas de café* —adiantou Manecho, sin sabe-lo que dicirse ó verse tratado de caballero e reventando co estímulo-

—Prohíboche que curte-lo castillano nin fagas nada sin o meu consentemento —cramou o outro.

O mozo trouxo ó momento o confortativo con bastantes pedras de azucre que embarcaron os forasteiros nas tazas, revolvendo cal si foran papas.

Daquela decatáronse da desproporción que eiste no reparto dos consumios respetivamente á aldea e cibdá: naquela mantéñense os homes con berzas e patacas, solas, pagando o que non poden ; os da vila con aquel refinamento do paladar e farsadas da moda e do vicio, cunha cota que sempre lles parece moita anque nada sexa; falaron moito dos apotentados traficantes de cacao, augardentes e azucres, e que o segundo dos artícalos é innecesario e inda perxudicial; en fin, tanto parolaron que veu asiña a noite e eu túvenos que deixar pra busca-la miña vida.

Outro día farei por atopalos e contarvos algo deles que abofellas o merecedes.

¡Nobres patricios que prestades vosa axuda á grande obra do renacemento da fala gallega, soscribíndose á FULIADA, nunca os ollos vos cansen de leela!

## As cartas

Era domingo: a primaveira empezaba a estender seu mantelo de rosa so os prados, nos arredores, na albariña, no monte; en fin, todo indicaba que a vida volvía a renacer, representando a Natureza garrida e feiticeira; por eso o merlo, sacudindo as prumas vellas, sobre as puntas do sabugueiro e despois de pica-la frol e soazarse con aquel olido céleco, entoaba docíño seu cantar que nos fai lembrar de Dios e seu paradiso, de par co pardillo e o xílgaro e moitos máis cativos trobadores da grandeza da Creación que parece querían facer competencia coa múseca, así como os vivos coores do seu prumaxe coas pinturas que decote resprandecían na terra.

En tal día ó lado da Ponte Nova, naquela ribeira coberta de carballos, baixo da que se estende verdosa e olídora alfombra, estaban en concerto Farruca a *Cartuxeira* e un fato de rapazas, unhas amenazando desmoroarse por unha esquina e outras que logo lles viña o tempo de casar; eu chegueime por detrás dun valo a tal punto e advertín que o demo de Farruca tiña un feixe de cartas na man e facía mil garatuxas de paso que as nenas estaban moi contritas.

—Doume ós demos si non estades botando as cartas, -dixen acercándome máis ó lugar do conto, e sin meter bulla por mor de que non se decatasen da miña chegada; e éravos ben certo: a bruxa no medio tiña o mandil estricado polo campo, e sobre del botaba trinta e cinco cartas en cinco ringoleiras, cada ringoleira de cinco principiando polas puntas de dita prenda.

Naquela ocasión acababa de recolle-los naipes e díxolle á Mingas, rapaza fornida e bastante tourona prós homes:

—Agora tócanche as túas tres mans.

Esto dito obrigou á Mingas a mete-la dreita no quente e sacar de alí unha bolsa luxada co sudor e pequeneira que traguía amarrada ó pescozo cunha trenza de barbela que nin Xuncras podía saber de que color fora cando viñera da feira; tan pronto a tivo entrambos dedos doulle volta enriba da palma da man zurda e quitou unha peza do can grande que puxo enriba do dantal. Farruca destonces colleu a peza e levouna á falchoca, persentándolle aquela baraxa grasumenta á súa cliente; esta cortou con moita *aquela* dando un suspiro forte que houbera derrumbado a quen iba dirixido si o collera por diante, e todas gardaron silencio: a bruxa mollou os dedos índice e pulgar e foi contando os naipes hastra deixalos na posición que levo dito, en cuio momento facendo a figa cramou en vos alta:

«Meiguiñas, vinde da luna  
e baixade das estrelas  
pra decirme a fortuna  
dos mortás que andan na terra.»

Dempois escascou un allo e trabouno cuspiñando nas cartas, logo recapacitou; daquela as rapazas fixáronse con máis idea na Cartuxera e eu

tamén botei a cachola por entre as silvas, non sin que o meu naris de cachopa levase boas espiñadas, en xusto castigo da curiosidade destonces; Farruca moveu a cabeza ós lados cal si adiviñara algunha cousa ruín na primeira ringleira e en ambos extremos da mesma había un cabalo de espadas e un de copas: -Por aquí salche de que teu mozo é un valente borracho, -dixo.

—¡Ai malos remuíños! —contestou a rapaza; -eso xa o sabía eu que o condenicado inda non perdera as mañas; ¿e terá algunha moza máis que min?

A meiga colleu o cabalo, dobrouno, púxoo<sup>286</sup> coa espaldra pra riba e empezou a contar ó revés as trinta e cinco cartas, adivirtindo ó último que o dichoso cabalo removeu as catro sotas.

—Éche mui birbón —repicou-, -e tanto caso fai de ti como de calquera que se lle poña por diante.

—Vállame Dios e sabe que temos que coidar do noso filliño, e cobri-la honra antre o mundo!

—Cala —volveu a deci-la bruxa, -aquí di que aínda has de ter outros dous nenos del; mais dempois hase de casar contigo.

—Ola, mire ben o que di señora.

—¡Sus! —contestou Mingas facendo que se poñía triste, -bo é sequera que chegue a casarse connigo, pro polo visto tarda moito, ó fin que se lle ha de facer.

Así concuriu a boa ventura de Mingas, e da própea sorte comezou con Marica; rapariga noviña e ben feita e colorada, e asiña que tivo os naipes perparados escomenzou:

—A ti dáche que o fillo do Fuco tenche moita fe.

—¡Ai que demiño! —berrou a nena sin poderse conter; -pois mira que inda non é mal mozo, e abofellas xa me ten falado na romaría, xustamente inda estaba aquí a señora Farruca diante de nós.

Esta continuou:

—Tamén che dá que é home de ben e pódeste guiar por el en todo, pois anque chegue a perderte ha volver por ti ó seu tempo.

—Dio-lo queira, que anque eu non entendo desas cousas, vexo aquí na aldea moitas fillas de familia destragadas:

—O teu mozo ha de ir ó servíceo e chegar hastra o fin do mundo, quer dicir, hastra a terra de mourería, de donde traerá moitas onzas de ouro; dempois teredes outro fillo que ha de ser crego.

—Outro, ¿e logo o *un* donde vai?

—Eu eiquí non o<sup>287</sup> vexo, nena.

—Bueno —dixo a rapaza roiba, -adiante.

—Teredes outro boticario; os dous farán moita muvilla de prata, e hanse levar mal polas malas faladurías e a envidia; o crego ha ser mui moceiro,

---

<sup>286</sup> puxo, no orixinal.

<sup>287</sup> n-o, no orixinal.



amigo do viño, terá unha panza como un faco, berrará con tódolos feligreses e será moi respetoso.

—¡Arrenegado! Vaia, vaia, tomade —cramou a nena leda, botándolle o resto da súa faltriqueira diante a Farruca —non quero saber xa máis, non sexa que o demo tire agora pola manta e se volva miña sorte ruín.

A Cartuxeira recolleu os cartos e iba comenar coa mesma múseca cunha rapaciña tenra que non sabía do mundo a metade, cando eu brinqueei o valo e púxenme no medio delas.

Farruca volveume unhos ollos de píntega que cuase non poiden resistir, as outras refaixeiras baixaron a vista ó chan avergonzadas, mentras eu terciando a moca encareime a elas con estas postrimeiras razóns:

—Velaí a causa da vosa perdición, eses consellos e meiguerías atizan lume ás vosas pasiós, pervertidas xa pola falta de educación que tedes, porque vosos pais non vos ensinan máis que a escodia-la terra e facer os traballos materiás, entramentres vos a alma, cega como as toupas cae en tódolos precipicios quealcontra, e non lle basta ser cega, sinón que busca un lazarello como esta zorra (e sinalei á Farruca) que vos leve por tódalas lamieiras que hai no camiño da vos a vida. Non facer caso do que vos dixó que todo é mentira ¿por que non acertou que eu estaba detrás escoitando? Dirixídevos pola vía da moralidade que ó cabo se queredes casar non ha de faltaros home, millor que sendo dadibeiras; e ti, Farruca, a ver agoar mesmo a baraxa si non douche un pau que te derreo.

A Cartuxeira doume as cartas que eslaquicei no momento tirando os cachos ó río e continuei:

—Aínda hai outras meigallas como estas no mundo que vos teñen metidas na ñorancia e na miseria; pro deses non podó falar que mo priva a lei; disgraciados, por causa de vos temos que estar todos envoltos entre as cadeas da escravitú; ¡maldita sexa que non vos enséña o que debedes saber e quen se mantén a conta da vos a burriqueira!

Ansí lles dixen, e tanto foi o meu encomodo que empecei a moquetós con elas e tiveron que pasa-lo río a patas mollándose *todo*, e correr como coitadas ás súas casiñas, donde a tal hora están xurando non volver a bota-las cartas.

¡Ai, eso si!...

### E siga o conto

—¡Ola, Fuco!

—¡Saudíña, Manecho!

—¿Que contas, ho?

—Contaba moito si tivera diñeiro; pro estamos en Maio longo e ben podes conocer que a última paga do ano económeo custa caro pagala: gracias a catro graus de millo que un vai sacando da boca pra vender e saír do apuro.

—Que se lle ha de facer: si esto sigue así, o mundo acaba, pois non hai de que saca-los cartos pra soster o deño da política...

—Políteca... relixión... ¡que bonitas cousas eran si non levaran os cartos!

—E vamos a ver, Fuco: ¿que entendes ti por política?

—Política é a roda dun muíño que anda dando voltas; unhas veces ten moita auga e moe moito, outras eslaquiza o fruto e fai o pan ruín; os contribuentes son os que botan nela os graus, coa úneca defrencia que o muíño dános albedo e fariña, e ela non a leva.

—Non está mala a espricación . Agora dime: ¿que se entende por relixión en xeneral?

—Relixión considerada como *arte* é o de ir metendo a man con moito modiño na ucha allea por medio de xogos de man, comedias, antroidadas, etc.

—¿Pra que dou Dios a política no mundo?

—Pra que, sufríndoa con resinación sea o crisol da nosa concencia e o día da morte nos sirva de méreto pra ganar o reino do ceo.

—¿E pra que máis?

—Pra que o que adiquira moito a conta doutros sude nas contribucións o que ilixitadamente roubou.

—¿Cantos e cales son os mandarís?

—Un inferno deles, vg., ministros, gobernadores, alcaldes, sacratario, etc.

—¿Que se entende por xusticia?

—Xusticia é unha romana moi enferruxada, e o que queira servirse dela ten que untala ben de aceite.

—¿Quen a administra?

—Aqueles que teñen un título académeco, ben ou mal ganado, polo que acreditan haber deprendido as leises.

—¿Nacesítase pra ser xuez ser xusticeiro?

—Ben sería conveniente, pro non é menester abonda ser letrado.

—¿Cantas crases hai de relixión?

—Cinco, que son a coxa, a xorobada, a torta, a cega e a tola.

—¿Que se entende por relixión coxa?

—Aquela que pra camiñar por este sigro de fame e adiantos necesita unhas boas muletas pra non caer ó precipicio.

—¿Cal é a xorobada?

—Aquela que de tanto carrexar sobre as costas perdeu a línea perpendicular e agora é distinguida entre as demais como imperfeita ou *contrafeita*.

—¿Ea torta e mais a cega?

—Torta a que non ve máis que polo ollo da codicia, cega a que nos fai tragar rodas de muíños.

—¿E a *última*?

—Esa botándose fóra de nai non come nin bebe, mantense de ilusíós e crea *mundos* e moreas, sinte zoar os defuntos nas orellas e cre que a morte é a verdadeira vida donde todos seremos uns e teremos áas pra voar dunha estreliña a outra como o abellón que anda na horta de frol en frol.

—¿Quen fixo o mundo?

—Quen tiña xeito.

—¿Pra que o fixo?

—O demo o sabe.

—¿E ti non podes dar unha idea aprousimada?

—Pra adivirtirse véndoo de lonxe dar voltas como unha pelota e estar xogando con ela día e noite, contemplando como nós dentro dela facemos, ó modo dun rato na rateira, e como a uns se lle dá por sobirse ás tribunas; outros en arrecadar cartos, outros en facerse notabres, outros filósofos, outros respetosos, en fin, vendo este manicomio que de día en día se vai renovando pola morte.

—¿Que se entende por estrelas?

—Aqueles faroliños que se ven de noite.

—Ai, ho! eso é pola vella, a nova di e proba que son mundos millores que o noso.

—¿E ti víchelos?

—Venos os zapateiros de aí enfrente.

—Pois que lles aproveite, que eu pra revolve-la cabeza téñoche outras ansias como as de mante-los fillos e paga-la territorial.

—¿Que é progreso?

—Amolar ben o paisano pra que solte o purricarlløe facer moitas cousiñas bonitas que non enchen a barriga.

—¿Cando empezou?

—Dende o pirmeiro día que houbo xente vagamunda que perdicou con doces parolas a liberdade, igualdade e fraternidade do saco.

—Non entendo eso do saco.

—Pois ben claro está que o probe traballador nada encontra aí de utilidade, por máis que se cree felís cando coa boca aberta escoita aquelas parolas de consolo que perdican os farsantes e con eles nada rezan.

—¿Que é sociedade?

—Unha mentira.

—¿Que é dereito persoal civil?

—O que está suxeito ó criterio de varios argallantes.

—¿Que é lei e que é concencia?

—Dous graus de trigo sementados no aire e que han de tardar moito en caer naterra pra botar raís.

—¡Carasto! eres ben intransixente e rudo.

—Sexa como queira, se todos foran como min mellor estaría o país.

—Eso é certo, o que amoca ós probes é ser tan crédolos, pro non temos remedio, metidos sempre aquí no medio dos montes sin saber mundo e sin ter instrucción...

—E aínda chamas por máis instrucción cando en cada parroquea temos un maeso pago polo *gobierno que nos fan*.

—Eses maesos non valen as orellas dun can cheas de auga, ho; non saben pra si ¿que van facer cos demais?

—Logo ti querías deses catredáticos que saben a cencia de moito ripinica paxaro; pois tate, eses soilo enseñan a poder de ouro e o que non o<sup>288</sup> ten será burro hasta a morte, anque non queira.

—Boeno, Dios goberna.

—¡Gobernará, ho, gobernará!

---

<sup>288</sup> n-o, no orixinal.

### Vamos seguindo coa múseca

—Hoxe é domingo, Manecho, e temos que ir a bota—lo pucheiro á taberna de Goros: ó fin este mund aquí ha de quedar máis pronto do que nós quixeramos.

—Tes razón: o demo da caña está barata e polo mesmo ó alcance das nosas *fortunas*; ¡venia ós industriás amburgueses que así aproveitan os *caldos* dos comús! É un válsamo, como di o maeso, é o *conforto* dos probes.

—Bah, eu creo que esa medicina faise en tódolos países, pois está tan adiantada a endustria que non hai buchínche donde non se frabique, e eu fól-gome de que as endustrias se xeneralicen pra que non sean solos os almace-nistas da Cruña os que vaian ó inferno: nós ó cabo bebémola ben, e como sea forte e se suba á cabeza non coidamos si será proveitosa ou non.

—O pobo é como un neno, que si non ten quen o guíe é capas de botarse a un pricipicio.

—Ah; pois tocante a eso xa podemos rompernos a cabeza; que ó noso pai común boa ansia se lle dá.

—Non che é así o goberno francés, pois según oím ler onte nun preó-deco ofresce 50.000 francos a quen invente un medio sencillo pra descubri-las adulteraciós dos viños.

—¡Ai, ho! sabes que neso está máis adiantada a nosa terriña, pois non hai arrieiro que deixe de saber cen mil mesclanzas, e está tan enteirado que ó velo no vaso xa sabe si ten sangue de carneiro, fuchina, campeche, etc.; vaia, os gabachos, polo visto, por medio dese runflamento queren saber a *química ampliada*, e logo meternos máis maulas das que aínda nos meten, pois que se inrriquen, que eu pola miña parte direi que mal podemos entender de adulteraciós cando todo o que temos é *puro*.

—E si non fose puro, ¿como había de convertirse en sangue de Cristo na consagración? pois estaría bonito que Dios se fixese de sangue de carneiro, de tintura de vieiteiro, e en fin, de purrela.

—Esa é fariña doutro costal e calémola, que doutores ten a santa nai a Irexia que poidan contestar.

—Pro si son doutores como o crego de... (xa me entendes).

—Deixa o can coa roca, oh, non te metas con eles, que teñen máis poder que ti e furricante de calquera xeito, e por de contando son protexidos por o goberno e ti ou serás ou non, según o barómetro da túa faltriqueira.

—Oh, si se toca eso destonces perderei sempre, e do mesmo modo tódolos labregos de Galicia.

—Non che di eso a prensa gallega.

—¿E a prensa trata dos intrses do país?

—¿E aínda o sabes agora?

—Home, nunca o soupen abofellas, eu pensei que eses *preosos* ou preódecos se facían tan soilo pra adivirtir a xente, e que o que menos se coi-daba era da cousa púbrica e da sorte das crases produtoras.

—Cata que demo, non vas descarriado, pro tes que entender que si defende o pobo e pradica é pra o saco, quer dicir que aquel ten o dereito *que lle dan ou lle poñen* de eleixir deputados (con perdón sexa dito).

—Cala, xa entendo, dempois o deputado aquel dálle un emprego pra que vivan sobre o país que defenderon *por todo o alto*.

—¡A-ja-já!

—Sigue agora coa túa relación, que de pamplinas e pantomimas teño xa as orellas cheas.

—Pois o que che vou a contar non é menos, Farruco: figúrate que o tal diario titulado republicano ou furrica, di: “413.465 fincas hai embargadas en toda España por falta de pago das contribucións. Na provincia de Ourense, Lugo, Pontevedra e Cruña nin unha sola”.

—¿E ti amocarasme?

—Si non o oín ler que revente, e aínda máis, que todo se derretía neso que chaman comentarios, pra ensalzar con ese mor o noso país.

—¡Mala muxiga cho queime, langrán! ¿e que sabe ese home de mundo? debe estar ceguño como as toupas si soupera Gutamberg en que mans che anda o seu pandeiro faría cera e pavilo de moitas imprentas de España; ¿e o condenicado non sospeitará siquera que Galicia é máis cargada de trabucos, a máis empeñada e a máis probe? Que veña aquí ó noso partido e verá, de tan solo dúas centas fincas embargadas, sinón vendidas moitas delas pra satisfacer a contribución.

—Así din moitas cousas eses mintireiros que se poñen a defensores dos dereitos do país, cando en realidá iñoran o que é dereito e o que é país.

—¡Aí, Fuquiño, quen nos dera unha escoba barredeira pra limpar tanta remazuja como anda ó noso derredor!

—Xa o teremos canda menos se pense.

—Dios te oia.

—Vamos entrementras a bota-la caña, ó menos que nos quitan o pan matémo-lo gusano, mais que nos chamen borrachos.

—Estamos no sigro dos adiantos, e o comer pan e chicha faise moi material: de hoxe máis manterémonos de líquidos revoltos con ilusiós.

—¡Está boa a navalla!

## A ermida de San Roque

**“Feliz quien a la sombra de los castaños vive al pie de los que humea su hereditario hogar” (Zorrilla)**

No auntamento de Trazo, partido de Ordes ou Desordes, que nunca poiden atopar a verdadeira etimoloxía de tal pobo dos diaños e polo mesmo non o afirmo, existe unha ermida titulada de *San Roque do Monte*, a cual por máis que acupa a cresta dunha pequena colina, está rodeada de montes altos que desta maneira a acultan das miradas dos curiosos que pasan por aqueles camiños prós seus negocios sin acordarse do santo nin da limosna, eishibíndose en cámbeco ós que gallan por un curto camino trasversal que a tal santuario conduce, co ouxeto de contempralo de cerca.

Antronte cadroume de pasar por alí preto, e tirando por unha das bidras da besta que montaba fíxena dobrar cara ó adro do edificio, onde me parei a saudala. Da mesma sorte aconteceu ó meu *escudeiro* (o galgo), pois acostumbrado a ir por donde eu vou, pasar ríos fondos, pantanos e pricipicios bastantes ás veces á carreira, deixou ir tras da miña súa famélica e mal *entabicoarillada* cabalgadura que xa ten o defeuto de irlle ulindo o rabo

Unha ves alí saquei o sombreiro e mirando o hermoso ceo azul que a cubría sintín drento de min ó par que un leve recordo de gloria certo estremeamento doce dos nervios, como desafogo e descanso dunha alma reducida a vivir sempre entre cadeas e no escuro calabozo que presenta unha eistencia sin amigos nin sociedade, e chámolle así porque non hai calabozo ou presidio peor que o verse obrigado a vivir lexos do roce da xente que poidera ilustrar e dar luz á nosa intelixencia, que soíña se bate entre as parés do cerebelo buscando en vano algunha compañeira con quen comunicarse. Mais alí nada deso me aconteceu; polo contrario, lexos do bullicio do mundo, sin máis compañeiro que o meu *sacretario particular*, co sombreiro colocado en riba do arzón da silla e sentindo remoscallar a fresca brisa entre os cabelos afogados polos vapores da cabeza nun forte día de sol, percibindo mil crases de ulidos que desprendían máis que outras tantas froliñas que engalanaban os contornos da ermida, parecía (¡e quen sabe si sería certo!) que un sinnúmero de seres viventes, anxélicos e intanxibles viñan do *ceo* a acompañarme naqueles momentos de *refreusión* ou de oración, acaso recordándose doutros tempos en que visitaron sumerxidos nas loitas da vida o santuario, volvían a lembrarse de antano; mais agora, coa difrencia que dá o cámbeco da vida terreal prá espiritual, soazándose en fuxidoras carreiras dende o adro ós picoutos, dende os picoutos ás cristalinas fontes, destas ós matos, entre as follas dos carballos, so os ameneiros, na fresca e vizosa herba, entre as campanelas das rosiñas, na mugrenta e

melancónica espadaña, ou na crus de cantería cuberta de líquenes e adentada polo temporal ó perde-la aresta no trascuro de tantos anos cos truques do vento, a impresión da xiada e as humedás da iauga; e así revoloteando cal tola anduriña ó ver o niño donde o ano anterior criou con traballo os fillos do seu corazón, convidaban á miña ialma aquel fantástico concerto; mais ¡miña xoíña! presa na carcel do corpo, facía como o xilgaro ó ver entre os dourados ferros voar ós compañeiros en liberdade, que dando picoadas e peitugazos pra saír voa inquieto dun a outro pau, e mira deirante aquí, alá, acolá, preto, lonxe, ó derredor como aqueles se esperliqitan, brincan e se soazan, e por máis que move as aíñas e se derrete, ó fin ten que convencerse de que está preso...

A chegar a este convencemento toda aquela torre de ilusíes e dicha caeu ó chan como un castelo de naipes, e arremuiñándose sirviron de cemento á máis profunda tristeza, pro aquela tristeza era ó par tan doce, que fóra daqueles momentos quixera eu ter por alegría; así foi que sospirei profundamente sin darme conta delo.

O galgo (ou sexa Pepe R., que é o seu nome de pía), díxome destonces: —Vámonos, aquí nada facemos.

Daquela sentín na miña cachola o enorme peso da realidade, estaba no mundo, tiña que face-lo tolo, marchar coa comparsa do carnaval, rir sin querer, falar sin ter gana, orar sin ter devoción, cantar cando tiña loito nas entranas... ¡ai, meu Dios, cuase se me viñeron as bágoas ós ollos! pro facendo un esforzo como aquel que se sinte preso por unha man ferra ó cabezón da chaqueta e tira dun pulo pra quedar en pas, repriqueei amoscado:

—Cala, hom: hai que aproveitar siquera estes curtos momentos de realidade. ¿Supós ti que nós nacemos soasmentes pra comer e dormir?

—Eso non; porque pra manernos temos que traballar, que é o principal da vida; pro vostede agora non traballa.

—Ti non me ves traballar e sin embargo miña maxinación non está queda, porque a vista deste monumento de antigoadade traime ó tempo á memoria múltiples cadros de difrentes hestorias. Aquí contemplo á divina Natureza, contemplo o que é a vida, porque vexo cos ollos da ialma aí debaixo eses copudos e resesos carballos, ós nosos bisabós, xóvenes como nosoutros, que dempois de visita-lo santo e entregarlle súa cariñosa oferta descansan tranquilos e sin penas, sin lembrarse de que había de chegar o día de hoxe en que no mesmo sitio e baixo o mesmo dosel de verdes follas unha segunda ou terceira xeneración viría a facer o que eles fixeron, esquecéndose da gadaña da morte; aquí téñense dado mil palabras e xuramentos de amor que os anos viñeron confirmar máis tarde, e aquelas que os cumpriron e viviron santamente descendan a esta mansión pra añudar aquel santo sopro de Dios interrumpido por uns instantes na disencarnación sucesiva dos contraientes, e agarimados se deleitan con tan agradabres recordos. Polo contrario, os perxuros veñen destinados a chorar sesus pecados, cobizando a vida dos outros que cumpriron con tódolos deberes impostos pola Lei Suprema. Aquí vexo todo esto e máis que non che podo espricar, porque o calor do corazón súbeseme á cabeza e parece que me pon borracho, sin que poida aliñar os meus pensamentos.



—Ja, ja, ja, esa borrachera será do viño de Vilas que hai pouco tomamos na casa de Liñares.

Aquela risa fixo desaparecer de min, o mesmo que a esproisión da pólvora, os invisibles compañeiros e tornou a xunto o infinito o demo que acompaña ós mortás cuasque de cote, e contestei con outra carxaxada nada menos baixa e repunante, virei a besta e a por de espora rubimos nunha eislación o monte cara a Ordes; cando estaba na cúspede volví a cabeza e lexos vin a ermida treste como sempre, sumerxida entre lógubres sombras e non tiven máis remedio sinón mandarlle un adiós mentalmente pra que o *galgo* non se bulrase de min.

Aquel adiós levaba algo de divino, fillo do Supremo Creador, porque aínda fai cóchegas drento as miñas entranas.

## A caridade

Marusiña R... era unha nena de des anos, cuxa procedencia xamais puiden adiviñar, e o mesmo lle acontecía seique a todo o pobo; estaba recollida por unha probe caseteira e andaba polas portas pidindo o negro pan da caridá. A pesar das súas prendas de roupa esfarrapadas e a súa corta edá, adiviñábase naquel pimpollo o preludio da rosa máis garrida e feiticeira, porque as perfeucións daquel corpo non eran de nena sinón de ánxel; seus ollíños negros como as doas de azabache, as pestanas crechas e longas que os acultaban como a cónchega aculta a pelra, atraguían ó que por casualidá se fixase nelas, como a lus do sol atrae os cálices das froliñas madrugadeiras, e deixaba entrever un ensono de felicidades naquela ialma ardente e pensadora, ó par que bulidora e deirante.

Marusiña era filla adoutiva do pobo, e todos se crían coa obrigación de mantela, así é que uns lle daban a taza de caldo, outros o compango, e outros calquer farrapiño pra cubrir aquelas carniñas tenras. Unha das casas que frecuentaba máis era a do crego X., que coa sorrisa nos labres e cara de San Antón sempre lle metía entre os dedíños unha peza do can grande decíndolle: “Non deixes de vir por aquí, que nesta casa xamais falta a caridade”.

Por sabido, a cativa mimada *polos bos corazóns*, cuasi non tiña ansia de traballar, e o tempo foi andando e a costume de vivir de lemosna tamén, e cata que Marica chegou ós quince anos e aínda andaba polas portas.

Por este tempo as gracias máis sedutoras e as perfeucións máis acabadas estaban esmaltadas naquela criatura e adivirtía o pobo que xa non viña tantas veces á recoleuta e que andaba máis maja, hastra que ó fin nada se soupo dela.

Pasados dous anos Marica volveu a aparecer antes os seus veciños, pro de diferente maneira: era nai.

A lemosna de estonces tiña que repartirse entre dúas bocas, e ademais aquelas persoas *caritativas* que antes a mantiveran sin traballar, agora cerrábanlle as portas con desprecio botándlle na cara a súa deshonra.

Probe Mariquiña, dina foi de compasión, morreu chea de fame e miseria e o crego aínda *lle cobrou a misa de ánima*.

Hai pouco tempo, Inés, filla de Marica, goapa nena por certo, seguía a mesma ruta que a súa proxenitora, e todo o mundo lle daba pra comer, a non se-lo crego X...., que non a quería ver diante da porta.

Por aquel tempo viñera ó pobo un xudío, un réprobo, quero dicir, un protestante da relixión católeca, que se acupaba en vender libros escomulgados e en recadar almas pró demo cos seus insiños; era probe como as arañas, mais do pouco que tiña sempre daba algo a Inés.

—Eu non che podó dar de comer—lle decía, —pro sin embargo vén por xunto de min tódolos días que a lemosna que che dea ha ser maor que ningunha.

A rapaza,alcontrando alí cariño, pasaba xunto do xudío a maor parte da vida: ós doce anos sabía leer e esquirbir, coser, pranchar e algunhas cousas

máis, fillas de Xudas, que lle facían conecer can lexos tiña que pasar da casa de seu pai... espiritual o *clericoche* da parroquia.

De alí a poucos meses foi colocada de doncella nunha casa da Cruña e hoxe está casada cun comerciante; válanse moi ben e é felís co seu marido, tendo grande rolada de fillos que manda ir á escola diario.

Cando ve o xudío sempre lle bica as mans decíndolle: “Bendito sexa vostede, meu señor, porque a súa limosna aínda me dura hoxe e gardareina has-tra a eternidade, toda ves que ela foi máis valiosa e mellor que tódalas demais”.

## Un sono

Aquelas palabras caeron sobre o meu corazón cal se fora promo derretido; ademais conoecía que tiña razón a hermosa nena, tales formas non podían prestarse ó ouxeto a que eu quería destinalas, eran como os canastelos de neve que se desfán ó noso contaunto, ou como as pinturas das abelaíñas ó quedar entre as rudas xemas dos dedos do mortal.

A pesar de todo e da reaución que esperimetei, eu non era dono de separarme daquel ídolo, súa mirada grileira penetrábame hastra o espírito dándolle cen mil voltas, atraime hacia si como un imán, porque adiviñaba en ela a síntesis dunha dicha incomparable.

“¡Ai miña prendiña!”, dixen arroxándome ós seus pés, “dáme un agarimiño do teu lado e fai estes momentos eternos que é á úneca gloria á que aspiro; non quero máis deleites que o mirarte, escoitar esa vos armoniosa, aspirar esa tenra ademósfera que te rodea”. Destonces ela estendeu as maus sobre a miña cabeza e dixo: “Recibe de parte de Dios as gracias dese cariño que che acabo de fundir, e comprende que é xeneral entre todos os habitantes deste mundo, todos nos amamos desa maneira sin distinción de edá nin seuo”. Calou e continuou cas maíñas so os meus rizos que acariciaba cal se fora unha nai ó seu fillo, e aquelas mas parecían fresco algodón e despedían un fruído saudable que apoderándose dos nervos inoculaba nos meus sentidos a verdadeira felicidade que na terra xamais soñara.

Non sei canto tempo parei alí porque as horas voaban e os días sucedíanse sin que me deprocatase delo, alcontrábame sumido nun placer tan inmenso que xa a imaxinación se hachaba dormente e concreta a aquela situación crendo imposible dicha maior. Así quedei extasiado, cando volví do letargo desapareceu a beldade do meu lado, ¡sabe Dios canto había padecido xunto de min, miserabile peregrino cheo da ruín lepra collida entre a humanidade! mirei en derredor e foi moito o meu espanto ó divisar a pródiga Naturaleza, axudada polo inxenio dos mouradores daquel praneta; alí perdíase o gusto, estensas grutas de elevados albres parecían tocar aquel ceo azul decote, estendendo no éter a sencia das froles abigarradas do seu produto, baixo estas, caprichosos arbostos de distintas formas despedindo frescura e ulidos encantadores regaban ca súa savia as douradas herbas que cal raios de sol trepaban polo seu trono abrenxendo coidadosamente, o piso era unha dilatada alfombra enxoita e branda, donde a pranta hollaba desnuda, sin temor á humidá nin os bichos, a lus de tes soles ralzaba aquela prespeutiva céleca, non había terreo inculto de ningunha crase, certos animás parecidos ós monos eran os labradores daquel rico país querbado e pintoresco. Levanteime do chan estimulado por tanta grandeza, volví os ollos a Dios e con sonrisa nos labres e un amor extraño no corazón dixen: “¡Bendito sexas Dios Omnipotente, velaquí tes unha criatura que te adora como nunca, eu son de hoxe máis o que alcanza o subprime honor de chamarse teu escravo! ¡Bendito, bendito seas Pai queridiño!” Feita esta oración aínda me achei con máis alegría, quixen recorrer todo

aquel hourizonte encantador, pro ó ir bota-los pés vin que, sin molestarme en dar paso tras paso, era conducido por súa alfombra como a lancha veleira riba de tranquilo lago. Non sei destonces o que puíden contemprar, soamentres que cando me creían feito un dos espirtus beniaventurados de que falan os poetas nos momentos de inspiración escoitei estas palabras *de amarga realidá*: “*Carlos, Carlos: aquí tienes el chocolate, levántate que ya dieron las nueve*”. Daquela despertei, mirei pra o desaúno, cal se fora unha pócima, e volvíñ a cerrar os ollos pro eu xa non reconcilieí o sono; ó fin túvenme que poñer de *punta* e vestirme interin decía: “¡que gusto é *soñar*, que *vida máis boa debe ser a dos mortos*”.



## Francisco Portela Pérez

### Datos biobibliográficos

Francisco Portela Pérez naceu en Pontevedra no 1864. Traballou na cidade natal como funcionario do Ministerio de Fomento, agás na década 1921-1931, etapa na que por motivos laborais tivo que residir en Madrid. Na capital do Lérez entrou en contacto co mundo literario e, en xeral, co ambiente cultural, a través da Sociedade Artística Musical, que chegou a presidir, e da Real Sociedad Económica de Amigos del País, da que foi socio de mérito, ademais de fundar e presidir o Coro Gallego. Organizou tamén homenaxes a artistas e escritores galegos, entre as que cómpre salientar unha velada na que se recadaban fondos co fin de construír o monumento a Rosalía de Castro en Santiago de Compostela. Foi membro correspondente da Real Academia Gallega. Faleceu o 12 de xullo de 1948.

Exerceu no seu momento como destacado xornalista, chegando a fundar os semanarios pontevedreses *La Voz de Helenes* e *A Tía Catuxa*. Xa dende moi novo colaborou nas máis destacadas cabeceiras galegas; *O Tío Marcos d'a Portela*, *A Monteira*, *Galicia*, de A Coruña, *Revista Gallega*, *O Galiciano*, *Faro de Vigo* e *Vida Gallega*, entre outras. Traballou, ademais, como correspondente do xornal madrileño *La Correspondencia de España*.

No terreo literario destacou Francisco Portela Pérez por ser o compilador da primeira antoloxía de poesía galega contemporánea baixo o título de *Colección de poesía gallega d'algúns autores* no ano 1882. Segundo se desprende da nota inicial deste volume, o seu obxectivo era dar a coñecer o galego fóra de Galicia. Na escolma figuran trinta e nove composicións de trinta e un autores coetáneos, todos eles relacionados dalgún xeito co Rexurdimento da nosa literatura, destacando a ausencia de Rosalía de Castro, que renunciara repetidamente a figurar nela. En todo caso, consérvanse cartas de Murguía desculpando a renuncia de Rosalía a aparecer na citada antoloxía, segundo xa nos ten informado Xesús Alonso Montero.

No ano 1889 publicou un folleto en prosa titulado *Notas descritivas sobre as romarías en Galicia* que sete anos máis tarde contou cunha segunda edición aumentada. Inclúe dúas descrições de romarías típicas e amosa a súa preocupación pola progresiva perda de relixiosidade neste tipo de celebracións. Posteriormente, a obriña reproducíuse na súa totalidade nos números 12, 13 e 14 de *A Tía Catuxa*, e fragmentariamente en *El Eco de Galicia* de Bos Aires co título de *As romerías*. En castelán deixou impreso o folleto *Apuntes biográficos acerca de los marinos Nodales, hijos de Pontevedra* e un artigo no libro colectivo *Álbum de recuerdos a la memoria del joven poeta Albino Simán*, ambos no 1891.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Incluímos oito relatos deste autor pontevedrés. O primeiro deles é o titulado “Un bico (No album dunha feiticeira nena)”. Viu a luz nas páxinas do número 181 de *O Galiciano* no ano 1888. Trátase dun relato estruturado en cinco partes brevísimas, no que un narrador omnisciente clásico conta de xeito lineal o proceso de namoramento entre dous mozos, así como a separación por mor da emigración. Resultan de especial interese as descrições polo emprego de técnicas semellantes as que décadas máis tarde se denominarían cinematográficas; pártese de grandes planos xerais e vaise focalizando o “obxectivo” do narrador en planos cada vez máis próximos ó lector.

O que leva por título “Quen mal anda...” figura datado en Pontevedra no 1889, pero non viu a luz ata un ano máis tarde, nas páxinas de *A Monteira*, no número 49, correspondente ó 6 de setembro de 1890. Foi reproducido no número 20 de *Vida Gallega* e preséntase coa seguinte dedicatoria: “O meu amigo o poeta gallego Manoel Lois Vázquez”. Trátase dun relato estruturado en catro partes marcadas con números romanos; as dúas primeiras están centradas, respectivamente, nos personaxes principais, a terceira recolle o momento climático da historia e a cuarta o desenlace do axuste de contas que se describe. Ó longo do texto o autor prepara un ambiente propicio para o enfrontamento entre Goriño, “un mozo coma dunhos vinteseis anos, alto, de boa presenza...”, e o pai dunha súa namorada, que era “rencoroso (...) de mirar receloso, mal encarado, de poucas palabras, preiteante e xusticieiro”. O desenlace prodúcese coa morte do segundo “unha noite escura como boca de lobo e na que o vento asubiaba con rabecha por antre os piñeirales”.

O relato que titula “O mayo” foi publicado no número 6 da revista *Galicia*, correspondente ó ano 1892. Trátase dun texto descritivo da festa tradicional dos maios no que se denuncia o abandono desta celebración, ademais de acudir ás lembranzas de infancia para comparar co tempo presente: “os maios que se faguían dinantes, ó revés dos que hoxe se ven, eran de extraordinario tamaño, e notábase moitísimo afán e grande esmero na súa confección i adorno: recordamos ver, inda non hai moitos anos, algún cuia altura non baixaba de tres metros, lucindo vistosas coroas que levaban nos seus arcos tres ou catro cestas de froes”. Para rematar, enmarca estas mudanzas no “condargado afán das reformas”, co que estende a crítica ás anovacións ou modernidades que cada etapa histórica conleva.

O cuarto relato titúlase “A ambición non é boa” e foi publicado por primeira vez no número 211 da *Revista Gallega*, no ano 1899, e reproducido posteriormente en *El Eco de Galicia* de Bos Aires, número 609 do ano 1908. Está dedicada “Ó destenguido folklorista gallego D. JOSÉ CASAL LOIS”. Constitúe unha versión da coñecida fábula na que se atopan un rato da casa e un rato do monte, á que se lle engadiu un breve prólogo no que se dá a coñecer a orixe común dos dous animalíños. Péchase coa sentenza “Val máis fraco no mato, que gordo no fol do gato”.



“Sursum corda (Conto)”, publicado por primeira vez no número 257 da *Revista Gallega* de Galo Salinas, correspondente ó ano 1900, e reproducido posteriormente no *Almanaque Gallego* de Manuel Castro López para 1909, a quen vai dirixida a amistosa dedicatoria: “Ó meu estimado amigo o distinguido amante de Galicia”. Trátase dun texto que ten evidentes débedas coa literatura oral e popular e que Francisco Portela Pérez asina como autor da “recoleución”. Está protagonizado por San Pedro e por un dos colectivos profesionais máis e mellor representandos nos contos populares galegos; os xastres.

Un elemento que cómpre destacar neste relato é o humorismo, que se consegue, nomeadamente, a través de ridiculizacións ou esaxeracións. Así, explícase por qué naquel momento os alfaiates eran “uns coxos, outros tortos i algún contrafeito”; como San Pedro “depois de dormir unha boa sesta no ancho sillón que ten na porteira, pois tivo a sorte de que a nadie se lle acurrixe entrar no ceo durante aquel tempo, dispúxose a vir á terra”; cómo se ascende ó ceo a través dunha corda, e cómo o desenlace da historia ten lugar por un fallo na comunicación entre Deus, que dixera “Sursum corda”, e San Pedro, que entendera “solta a corda”.

Outro relato que tamén se constrúe sobre un malentendido é “Fungando”, publicado por vez primeira no *Almanaque Gallego* de Bos Aires para 1910 e no que Portela Pérez figura como “recolector”. Dende o punto de vista temático, o relato supón unha crítica das características temperamentais dos anciáns.

Un ano máis tarde, no almanaque correspondente a 1911, publicou Portela o texto “Ó pé da lareira”, dentro da sección “Cuadros rurales”, aínda que figura unha nota ó pé na que se expresa que o fragmento procede “del libro en preparación que se titulará *Potaxe*”<sup>289</sup>. Trátase dun cadro costumista que comeza describindo o ambiente propicio para o desenvolvemento da literatura de transmisión oral: unha muller que fía na lareira, o lume aceso, un gato que dorme... Esta introducción dá paso a unha certa enumeración da tipoloxía de relatos que podemos atopar dentro desta literatura: “de luces da compañía, dos aparecidos que andaban nas encrucilladas, dos encantos de señoritas moi goapas, das bruxas que montan dacabalo das basoiras, defuntos que veñen a iste mundo envoltos en sabans brancas, trasnos e meigallos, das que firen co mal de ollo”. De inmediato solicítaselle a palabra ó señor Bras que exerce como contador nesa noite, un narrador que é interrompido polo narrador principal en escasas ocasións. O seu relato é un conto de guerra no que se critica o militarismo e as contendas bélicas: “¡A guerra!... Maldita sexa mil veces. Dios nola liberte do noso país, que deixa os campos desertos, as endustreas i o comercio aniquilados, familias sin amparo, chouzas tristes e moitas nais e fillos sin consolo!...”. Tampouco sae moi ben parado o sistema caciquil, que provocou que a Bras, mutilado de guerra, lle fora retirado o permiso de montar un estanco

---

<sup>289</sup> Proxecto de libro do que unicamente conservamos notas publicitarias previas á súa publicación.

“por no reunir condiciones para su desempeño” por defecto físico, a favor dun “lereante” que “traballa nas eleucións polo Deputado que hoxe temos”.

No mesmo medio que os anteriores, aquel que publicaba na capital Arxentina ano a ano Manuel Castro López, deu a coñecer no 1914 Portela Pérez, neste caso coas siglas FPP como autor da “recoleución”, o conto “O galo i o zorro”. Texto este que constitúe unha das múltiples variantes que existen na nosa tradición e que xenericamente se situaría a medio camiño entre o conto de animais e a fábula. Está protagonizado por un raposo e un galo que, gracias á súa habelencia consegue burlar o zorro cando este pretendía papalo. O remate, dialogado e rimado, amosa as intencións de cada personaxe:

—“Xan poleirán

ven pola roupa...

—Non che vou lá

Dios me dará outra.”

**Un bico**  
**(No álbum dunha feiticeira nena)**

I

Era unha apacibre noite do vran.

A lúa iba camiñando por riba das copas dos máis altos pinos e unha nube negra pasou por diante dela, tapándolle o seu prateado disco.

Quedou todo escuro.

Mais d súpeto, os nacarados reflexos do melancóneco astro, bañaban novamante a comarca i entón os brancos caseríos resprandecían con un efeuto máxico.

Os destellos da súa imaxe pálida, brilaban as pingas de orballo que, dipinduradas das herbas do val, somellaban pelras.

A soave brisa axitaba con tardos movementos as ponlas dos buxos e loureiros.

Todo estaba calado, e soilo se escoitaba o brando e queixoso canto do reiseñor que agachado antre o espeso ramaxe, saudaba ó astro da noite.

II

A casa de Marica era branca coma a neve i erguíase garbosa antre altos pinos, frondoso salgueiros e perfumadas froles que embalsamaban aquel purísemo ambiente.

Tiña un alto patín, ó que crubían, formando pabellón, as caprichosamente retorcidas varas dunha viña que escomezaba a retoñar.

No oleiro dunha das ventás, fixeron un niño as parleiras anduriñas.

A moi curta distancia da eira, discurría, bicando os chopos e froles que medraban ás beiras, un manso regueiro tan azul e tranquilo como azul e tranquilo aparecía o ceo que nel se retrataba.

Respirando aquel ambiente perfumado, baixo aquel fermosísimo e sereo firmamento, no que brilaban coa súa misteriosa lus os infinitos luceiros, rodeado daquela poéteca soedá i en contemplación do grandioso aspecto da natureza, a ialma sentíase estasiada i a mente atraída en doces refreusíós i en ideas de goce de deleite.

III

Marica era unha garrida nena como duns dazaoito abríis, fresca, xentil, de beizos vermellos, enraizados cabelos e roxa coma as espigas de millo.

Por ela sospiraba un valente i apostado mozo daquel lugar.

Chamábase Bras.

Era alto, de varonil aspecto, incansable no traballo, de mirada de fogo e de coor moreno, debido ás continas faenas do campo.

Contaba pouco máis de vinte anos.

#### IV

Pasaba murmurante o regueiro.

Moi preto del había unha figueira que estendía como un manto os seus longos e tupidos ramallos, debaixo dos que conversaba a namorada parexa.

A brisa bicaba amorosiñamente as froles do prado, traendo nos seus pregues aquel cobizoso cheiro.

Parolaron un longo anaco.

Xuráronse amor: os seus beizos perunciaron palabras tan tenras e feitizadoras... ¡dixéronse tantas cousas...! cambearon antre os seus ardentes ollos tan amorosas miradas, que a garrida parexa por termo a aquil encantador idilio confundiuse nun abrazo estreito e porlongado.

Marica soltou un suspiro. Bras furtoulle un bico nas cooradiñas meixelas da nena, ó mesmo tempo que outra nube tapaba a lúa, quedando aquil paraxe completamente escuro por un pouco tempo.

A fogueira do amor habíase alcendido con maor intensidá drento dos seus amantes corazóns.

#### V

Era unha alborada do mes de Maio.

O sol amostraba a súa cara desparramando a súa misteirosa cabeleira por riba dos máis erguidos petoutos.

Na praia está unha garrida nena cun miniño no colo, como duns vinte abrís, fresca-xentil, de beizos bermellos, de enrizados cabelos e roxa coma as espiñas de millo, axitando un branco pano.

Un buque, aléixase maxestuosamente fendendo as mainas ondas do azulado mar.

Dende a bordo do barco sacuden outro pano.

O que marchaba en busca de fortuna, era Bras.

A que quedaba na branca praia, triste e sin consolo, era a namorada nena, a linda Marica; i o neno, o fruto daquelas relacións desfertunadas.

## Quen mal anda...

Ó meu amigo o poeta gallego Manoel Lois Vázquez

### I

Xa anoitecera.

O eco das últimas betladas da campá no toque do Ave María, desfíxerao o vento.

A noite persentábase tranquila e morna como de vran.

Aló xentes traballadoras deixaban as fayenas do campo pra entregarse ó descanso.

Pro Goriño non acostumaba a descansar hastra tanto que non deixase feitos tódolos traballo a el encomendados, así que colleu o sacho e botou pola porta fóra de cara ó Souto grande, co ouxeto de tornar a iauga nunhas leiras que seu pai, honrado traballador do lugar levaba en arrendamento ó Xués do termo municipal.

Era Goriño un mozo coma dunhos vinteseis anos, alto, de boa persencia de caráute doce e bastante falangeiro pras rapazas, tiña tal arte, dábase tal xeito, que traguía tolas a máis de media ducia, sin contar as conquistas que faguía nos fiadeiros de fóra da parróquea.

Iba o mozo asubiando polo camiño tranquilamente, mais unhos pasos antes de chegar ó portelo que dá entrada ó pinal do Castro, por onde acostumaba ir pra gañar o atallo,alcontrouse con Sabela, rapaza garrida i antiagua noiva súa que había días non a vira nin falara por mor dunha riña que Goriño tivera co pai da nena, home conecidos dabondo na parróquea polo alcuño de *o atravesado*.

Parolaron os mozos un anaco.

Máis fose por resentimentos que houbese antre eles, ou porque Sabela pedira o cumprimento dunha palabra ofercida noutra acasión i el se negaba a elo, por razóns que non son do caso, acabaron por berrar, pro de veras.

No calor da disputa, a Goriño escapóselles a lingua, e premitouse decir do pais de Sabela verdades coma puños pro que as pena o Códego.

Como sempre que se atopa nun camiño púbrico unha parexa de mozos non falta quen os axexe pra ouvir o que falan, ou por ver o que fan, a conversa de ambos foi escoitada polo neto do capador da parróquea, mozo tan argallante e farfantón como cu de medo, e namigo acérrimo de Goriño, pois andaba facéndolle as veiras á Sabela, anque esta dáballes pouco creto ás súas presentíós.

A dinidá da filla do tío Pedro, pois así se nomeaba *o atravesado*, estaba ferida.

As palabras que Goriño dixera do pai de Sabela, anque esta non desconecía a verdade de casi todas elas, eran o bastante pra non volver a miralle pra cara ó antigo noivo.

I así foi.

## II

Pasou algún tempo.

Aquiles ditos de Goriño, aumentados con outros máis, zumbáronllos no ouvido do *atravesado*.

Non foi Sabela, foi o neto do capador.

O tío Pedro xurou vengalas.

Era iste un home rencoroso, xa andado, pro forte coma un buxo, de mediana estatura, de mirar receloso, mal encarado, de poucas palabras, preiteante e xusticieiro.

Sempre que a acasión se lle presentaba, sabía aporveitala pra faguer mal.

Hoxe metía na xusticia a un veciño porque unha galiña lle entrara na era e lle comera uns cantos grans de millo, mañán atopando soila á muller, hirmán ou filla doutro veciño que se lle negara a axudarlle a canear as viñas, xostregáballe o lombo.

Pola aldea decíase con gran reserva e medo, que tiña xurado diante dos letrados cousas que non vira, e aporveitando a escuridá da noite, arrimcaba os marcos dos tarreos que cos del colindaban.

Non se sabía que houbera feito máis ben que o de emprestar diñeiro en pequenas cantidades i a un des por cen.

Diste xeito chegou a impoñerse de tal maneira ós veciños, que todos lle tiñan o mesmo medo que as galiñas teñen ó raposo.

## III

Unha noite escura como boca de lobo e na que o vento asubiaba con rabecha por antre os piñeirales, saíu Goriño da casa, sacho ó lombo a botar a iauga ás leiras arrendadas.

Non se vía nada a des pasos.

Iba o mozo cantando polo baixo distraidamente, i ó chegar ó mesmo sitio onde meses dinantes tivera a riña con Sabela, persentóuselle de súpeto i a modo dos ladrós que saen ó camiño, o tío Pedro.

Sin mediar palabra ningunha, sin dicir esta boca é miña, deixou caír un fungeiro que de Goriño non haberse apartado un pouco ó sentir pasos, deixárao no sitio.

Reposto do susto, abalanzouse ó vello, e traban os dous unha forte contenda.

O mozo recibeu do *atravesado* dous fortes cachetes, pro aquel, remangando de sacho deulle ó tío Pedro tan forte golpe e na cabeza, que caíu pra tras sin sentido e sin chistar unha soila palabra.

Goriño, bastante alterado e mirando pra tras como si alguén o seguise anque sin conecer o triste resultado daquela entrevista, continuou a súa camiñada, soilo que pra volver, en lugar de vir polo mesmo sitio, colleu por xunto

o muíño, torceu pola congostra do Can vello, e veu a saír á vereda que pasa preto da chouza onde nacera i habitaba.

#### IV

Ó día seguinte a xusticia levantaba o cadavre do tío Pedro en persencia de moitos veciños da parróquia.

Como nas aldeas pequenas todo se sabe, poucos iñoraban os motivos de resentimento que tivera Goriño i o morto, pro naide os nomeu siquera. Nin houbo tampouco quen pola súa alma marmurase unha oración.  
¡Cruel, pero merecido castigo!

Pontevedra, 1889.

## O maio

Consérvanse, por fortuna, anque bastante *adulteradas* polo condergado afán de reformalo todo, algunha que outra costume do pobo gallego. É unha delas a do *maio*.

Do orixen e fundación desta festa infantil e sempática costume non sabemos máis sinón que a atopamos estabrecida nos nosos pormeiros anos.

Non é o *maio* que hoxe vemos polas rúas o ouxeto dos persentes ringuilóns, non: é o recordo daquel outro que, fai inda pouco tempo, era o argullo dos rapaces do barrio onde se fixera.

Dinantes, coma agora, a confeución do maio, co que saúdan o mes das froles, trai ós rapaces, a mal tragner.

É un asusto este que lles ronda o sono i as horas de vagar, e non se coidan de nada, naqueles días, máis que do *maio*; hastra o extremo de que algúns, afaenados, esquéncense da hora de xantar.

Saben que na casa lles agarda unha tunda, que lles darán seus pais, pro eles faltan á escola, fan a *gata*, e, destrebuídos en bandadas, bótanse por eses campos de Dios en busca de varas, ramos, fiúncho, naranxas e froles.

Os máis astrevidos i escachados non respetan a propiedade axena, e asaltan veigas e ruben valados, mentras outros quedan fóra axexando pra, por medeo dun subío, anunciarlles o peligro, si é caso que o corren: por iso se ouserba que estes, escamados, ollas en tódalas direucións.

O oubeo do can que onte lles causaba respecto i hastra lles metía medo, non os preocupa: xuntos combaten o anamigo, si se lles persenta, sin desprocatarse, coitados, de que o cadelo, nunha revolta, pódelles faguer presa nas dilicadas e tenras pantorrillas.

Donos e señores do que lles parece necesáreo pros seus pormeiros traballos, xúntanse na bodega da casa do que dirixe a *obra*, e escomenza esta, coa axuda de tódolos rapaces que tomarán parte na divirtición do *mayo*, que a elo se ofrecen solícetos.

Xuntan polo extremo de enriba, catro varas fortes e igoales, póñenas de pé e soparan doias por debaixo, rodéanlle arcos que van de maor a menor, amarran doios ás varas, que dan por resultado a forma dun embudo, ou, mellor dito, dun cartucho posto de pé: cruben aquel esqueleto con ramas ben ordeadas e sobre delas axeitan topidas capas de fiúncho: un rosáreo de naranxas enrós-cano ó *mayo* en forma de colebra i en cada naranxa cravan pequenas bandeiriñas de papel: gardando sempre unha regular distáncia das naranxas, e na mesma direción destas, colócanlle tamén gordas cintas con follas de rosa.

A coroa é, no *maio*, o máis vistoso.

Fórmana con arcos de diferentes tamaños, atestados de froles: os pormeiros son grandes e siguen diminuíndo dereito arriba, hastra que arremata cunha naranxa. Chea de gorropios de papel, que leva enriba unha bandeira grande<sup>290</sup>:

---

<sup>290</sup> Nota do autor: “O día 3 de Maio sustitúen a bandeira por unha crus, cuberta tamén de rosas”.



dende o médeo dos arcos, e formando, á súa vez, roda os distintos corpos da coroa, suxetan unha cinta chea de cascas de ovos.

Un dos rapaces, que moitas veces resulta ser o director, agáchase debaixo do *maio* e dentro canta copras, que os demais, fora i en roda, repiten, levando o compás con fortes paus, que verticalmente fan bater escontra as lousas da rúa.

Con istes *maios* recorren a cidadá o pormeiro día do mes do que reciben o nome, entoando copras e el adicadas, i outras a váreas persoas, en troque das que reciben algunhas *cadelas*.

Recóllense pola tarde pra arregrar as averías sufridas no *maio* durante a mañán, e dispostos a continua-la divertición o día 3, chamado de Santa Crus: e dempois de recorrer novamente as rúas, apaléano, mallan nel despiadadamente, tirando ó mar os últimos restos, casque o esqueleto.

Os *maios* que se faguían dinates, ó revés dos que hoxe se ven, eran de extraordinario tamaño, e notábase moitísimo afán e grande esmero na súa confección i adorno: recordamos ver, inda non hai moitos anos, algún, cuia altura non baixaba de tres metros, lucindo vistosas coroas que levaban nos seus arcos tres ou catro cestas de froes.

Había estonces verdadeiro interés en que o *maio* dun barrio lle ganase ó dos demais: curzábanse apostas, pormovíanse disputas e, veces houbo, en que, por tal motivo viñéronse ás maus os rapaces de difrentes puntos a cidadá.

Boa proba daquela marcada intriga é a copra que di:

“Este noso maio  
anque é pequeniño,  
dálle de mamar  
ós da Virxen do Camiño”<sup>291</sup>

Hoxe os *maios* perderon moitísimo da súa permissiva feitura; así é que vemos polas rúas algúns que, en lugar da fermosa coroa, levan un gai-teiro, unha *madama* ou un xeneral, de papel, é da coraxe que aqueles manífecos *maios*, que dinantes enchían as calles de gratos e cheirosos aromas, fosen substituídos por fragatas, arcos e castelos, feitos con cartóns e mamarrachadamente pintados.

Non val que o noso enxebre amigo Rufino Rivera, director que foi do somanario *O Galiciano*, i entusiasta, como poucos, por conservar nosos usos e costumes, haxa pormovido certames premeando o *maio* máis ben feito, i os rapaces que máis bonitas copras cantasen: arrematáronse aquelas loitas, e volve o condergado afán das reformas a *adulterar* a sempática e xuvenil costume do *maio* neste pobo de Pontevedra.

---

<sup>291</sup> Nota do autor: “Barrio da cidadá”.

## A ambición non é boa

(Conto)

Ó destenguido foklorista gallego D. JOSÉ CASAL LOIS.

Os dous naceran nun mesmo sitio, antre as ruinosas paredes dunhas casa que de tan vella que estaba naide a habitaba. Atopábase como si di, ós paxaro... i os ratos.

Os donos, faltos de recursos, e dempois de rogar con ela, sin que naide lla comprara, emigraron, deixándolla encargada a un veciño de preto; e como este non pagara a contribución que lle correspondía, vendérase por xusticia.

Un home rico do lugar, que lía de cutío os boletíns veu anunciada a venta e mercouna por un bocado de pan; é decir, por mui pouca cousa, e botouna abaixo pra empregar a pedra das paredes en facer uns valos que lle gardasen unha boa finca, con asíteo e pumar, que tiña preto dalí.

Dende que escomenzou o derribo, os ratos soparáronse: cada un colleu por onde mellor lle paseseu

Pasaron algúns meses i unha tarde deu a casualidá de atopárense os dous.

Parolaron un anaco das vicisitudes e traballos que pasaran.

Un estaba gordo e cebado, i o outro fraco e miserabre, todo era ósos.

—¿Onde estás que tan boa vida che fan?- Perguntoulle o fraco con mal desimulada envexa.

—Nun muíño, i alí como de todo: non me falta nada, teño á miña disposición millo, centeo, fariña... ¡que sei eu! ¿E ti?...

—Eu vivo probemente antre os cañotos dos álberes, comendo bechos, raíces e rillando ósos; cando os hai, que algunhas fames teño pasado.

—Ven pra onde min e estarás como rei nunha cesta<sup>292</sup> non che faltará de nada.

—¿Vives lonxe?...

—Non, alí preto, detrás daquel coto.

—¿Hai gato? -Repricou o rato que estaba fraco.

—Si; pro como está mui ben mantido non fai caso de naide: tal é a confianza que teño deso que hai veces que casque paso por diante del como si tal.

Conversando diste xeito chegano á frente á porta do muíño e pará-nose na pormeira escaleira.

---

<sup>292</sup> Nota do autor: “Na provincia de Pontevedra estar como o rei nunha cesta quer dicir ter toda a comodidá que lle apeteza”.

—Pasa, -dixo o rato gordo.

—Non; vai ti diante que xa conoces a casa.

—Bueno, irei, pro non teñas recelo e non te demores.

Non ben pasara o rato pola gateira, sinteuse un ruído dentro e loigo... chi... chi... chi... -ofuse fóra.

O outro rato, enteirado do que pasara fixiu ás carreiras e co susto no corpo meteuse de présa entre as raíces dos salgueiros que había á beira do regato.

Dalí a pouco, e como dende aquel sitio óllase perfectamente a porta do muíño, viu saír por ela o gato que se lambía as barbas de gusto, satisfeito do almozo que tivera.

I o rato probe, conformándose ca súa sorte, e sin que o susto lle pasara, dixo pro seu capote:

“Val máis fraco no mato,  
que gordo no fol do gato”.

Pola recolección: Pontevedra

## Sursum corda

(Conto)

O meu estimado amigo o distinguido escritor amante de Galicia  
D. Manuel Castro López.

Pra maor comodidá i atender mellor o moito serviceo que demandan os numerosos afortunados que se atopan nas rexións celestiales, acurriuselle ó Noso Señor dividilos en seucións e coidou de que conviña buscarlles criados ou mandadeiros do mesmo país a que eles pertencieran, pro orde e intelixencia de todos.

Unha mañán chamou a San Pedro e, dempois de enteralo da orde do día, díxolle:

—Baixarás logo á terra, e na rexión gallega busca media ducia de persoas traballadoras, e coida de que non teñan moito palique e que fagan pouco ruído, pois con tanta xente como aquí temos haino dabondo.

San Pedro, —dempois de dormir unha boa sesta no ancho sillón que ten na portería, pois tivo a sorte de que a naide se lle acurrisse entrar no ceo durante aquel tempo, —dispúxose a vir á terra.

E baixou.

Recorreu algunhas rúas das máis principais e non atopaba o que buscaba; pois anque viu a canteiros, carpinteiros e ferreiros, todos faguían un ruído condanado...; seguiu máis adiante i encontrou a comerciantes que desfaguíanse en alaudes do xénero que tiñan á venda; viu dempois a maestros de escola que co *b* a *ba*, i o *5* por *6* son *trinta*, berraban de demoro abouxando ós decípolos: atopou logo a uns albañiles i a algúns cocheros, pro estes xuraban coma condanados.

Canso dandar San Pedro, desesperaba xa de apontar o que o Señor lle encargara.

A todo esto, iba casque a anoitecer.

Andando á ventura, meteuse por unha calle estreita e tranquila, casque sin movemento de xentes: iba entretenido na desculpa que había de dar ó Señor, cando acurriuselle mirar pra un lado, e viu un fato de homes calados, traballadores: eran xastres.

Dirixeuse á porta da tenda e dempois de saudar cortesmente, non se sabe o que lles dixo, soilo si lles reprecou:

—¿Vides?... non vos faltará nada: traballaredes o que poidás, naide vos apurará, —o maestro da tenda quixo amoscarse, pro desistiu quizais por respecto— non teredes remates nin velacións, i a despensa está moi repretá, comedes de todo o que queirades e trataranvos a corpo de rei.

E como non hai nada que se apeteza máis que a boa vida con pouco traballo, xa non discutino a porposición, sinón que seis dos que estaban solteiros, —condición esta moi principalísima— e con marcada envexa dalgún casado que non levaba ben ca familia, maormente ca parenta— decidínose a seguir a

San Pedro; este sacou unha corda dun dos bolsos do seu longo gabán i atounos pola cintura. Amarrou a corda nun pequeno gancho e fono rubindo... rubindo.

Chegan ás portas do ceo: Noso Señor agardábaos sorrinte e bondadoso.

*Sursum corda* –dixo ó velos.

E San Pedro entendendo *solta a corda*, soltouna e viñeron polos aires; un cai aquí, outro alá i outro acolá; cada un como pudo.

Por iso os xastres, –naquel entonces– eran uns coxos, outros tortos i algún contrafeito.

Pola recoleución.

## Fungando

(Conto)

Ó meu querido amigo Ramón Roldán Ricoy

Sabela fora á vila, como de cotío, a vende-lo leite.

Cos cartos que fixera del mercou as cousas que súa nai lle encargara pra goberna-la casa, pero esquencérase do rapé pro tabaqueiro do seu avó.

O chegar á casa, atopouse xa na eira co vello que a agardaba con ánsea.

—Dáme o rapé —díxolle ó vello.

I a rapaza parouse como facendo mamórea ou buscando unha desculpa, e contestoulle toda colorada:

—¡Ai abueliño!... non me acordei de mercarullo!...

—Malo raxo te nunca fenda —refunfuñou— ¿en que demoros andas pensando? ¿Seica tras a cabeza os paxaros?...

Mellor quedaba sin comida que sin rapé, apetecíalle tanto o fungalo, tiña este vicio tan arraigado, que era pra el mellor có máis apetecido compango, i escusado é decir o mal que lle sentaría o que a súa neta se esquencera de traerllo.

I an cando nada lle faltaba, pois contaba co agarimo de tódolos da casa, de seu fillo, da súa nora e da netiña que tamén el lle quería polos vivires, andivo toda a mañán de mal calantre e rosmando pola causa máis cativa: ¡hasta chegou a cavilar —no medio da súa desesperación— si non lle quererían, si estaría xa de máis neste mundo! i outras cousas polo estilo que se lle acurren ás vellos que se atopan ben coidados e non teñen en que distrae-la imaxinación.

Vén o fillo do traballo i anque paresceulle que seu pai non estaba de bo humor, non lle fixo moito caso, pois sabía que acostumaba a ter rarezas e que ás veces, sin motivo, dáballe por incomodarse.

Puxéronse a xantar, pero como ouservara que o pai, contra a súa costume, non bendecira a comida e falaba como antre dentes, díxolle:

—Que demoros ten, mi padre, ¿por que está fungando?...

I el reprecoulle desesperado, como querendo desafogar e dándolle ás palabras un marcado acento de amargura (...) <sup>293</sup>

A parenta —que xa lle berrara á filla— espicoulle ó seu home o sucedido.

I a nena chocoulle o dito do vello e, como cousa da rapaces, escachábase a rir.

Pola recoleución

Pontevedra, 15 de maio de 1909.

---

<sup>293</sup> Réstanos liña e media por reproducir debido a que o exemplar do *Almanaque Gallego* que manexamos atopábase nun estado de conservación deficiente que impedía a lectura dese breve fragmento.

## O pé da lareira <sup>294</sup>

Ó meu fillo Farruco

Fiaba a seña Marica unha boa mazaroca de liño: mollaba nos lábeos os dous pormeiros dedos da man esquerda e tirando cara abaixo faguía un ffo daquel manoxo de estrigas, mentras que ca dereita enredábaio no fuso, que bailaba de demoro.

Rosiña, filla dos vellos, entretíñase en debullar dos carozos os graus do millo da última cosecha.

O gato, metido entre a borralla, érguese e dempois de espreguizarse, arqueando o lombo, volve pró quente. Era costume na casa pasar parte das longas noites de inverno a contos.

A seña Marica arrematara xa a coleución dos das luces da *compaña*, dos *aparecidos* que andaban nas encrucilladas, dos *encantos* de señoritas moi goapas, das *bruxas* que montan dacabalo das basoiras; *defuntos* que veñen a iste mundo envoltos en sabans brancas, *tramos* e *meigallos*; das que firen co *mal de ollo*, etc –A noite última, un veciño do lugar contara, como o ouvira de pequeno, a hestórea duns amores, na que foran portagonistas un mouro de boa presenza i unha linda, mui linda –como el decía– rapaza da aldea.

Pro esta noite o señor Bras é o que atrae a atención do auditorio: é o encargado do conto, i o tema que escolleu son episodios da guerra, pro de verdá, vistos polos seus ollos e nos que tomou tamén parte, pois el na súa mocedad sirveu ó Rei e peleou contra os anemigos do ben da pátea.

Todos escoitan ca boca aberta, aquelas aventuras i aqueles traballos que el pasou.

Oiámoslle tamén nós.

¡Lástema que non chegásemos dinantes!...

¡Silencio!

—Dempois do que vos levo dito –continuou o vello– chegamos a unha vila, cativa dabondo e probe, a xuzgar polo aspecto que presentaba, i o noso xefe pidedu ó alcalde que nos disen racións.

¡Cantas nais quedaron sin pan que darlle ós seus fillos, os anacos das súas entranas!... ¡Cantos vellos e impedidos deixamos mortos de fame!... Nós íbamos a loitar, eso sí: na loita morreríamos ou non; eles, en troques, morrerían de seguro na miseria, antre aquelas catro paredes negras e frías.

Levábamos andado seis ou oito horas cun calor que esmechaba: camiñábamos bastante cargados de municións e balas, e mortos de sede. Fixemos alto, pero alí non había auga; pra atopala –según nos dixu un aldeano que iba pró traballo– había que andar un cuarto de légoa e non daban permiso

---

<sup>294</sup> Nota do autor: “Del libro en preparación que se titulará *Potaxe*”.

pra sopararse da coluna. Dempoís dun curto descanso seguimos a marcha; por fin atopamos un pequeno pozo i alí botámonos como feras sedentas, e casque o secamos: as nosas gorxas parecían esponxas...

O señor Bras repousaba un anaco como querendo domeñar a fatiga que o molestaba, e seguía:

—Noutra ocasión, casque mortos de fame, pois había vinteoito horas que non coméramos, chegamos on monte onde domeñábamnos sin dificultá o anemigo: fixemos alto e escomenzamos a cociñar o rancho: estábamos moi afaienados, pro un toque de corneta fíxonos poñer supetamente en movemento. O anemigo iba a tomarnos a retaguardía i había que rechazalo.

Non houbo remedio: ou andar ou deixar alí o pelexo...

¡Si me acordo daquela tarde en que tomamos o forte de X!...

Escurecía.

Comenxou o fogo contestado polo anemigo con valentía, pro a falta de municións fixo que acabasen por agacharse detrás dunha montana.

Os cañonazos atroaban: o seu forte ruxido repetía polas montanas e vals a modo do trono en día de tempestá.

Aquelo imponía. As granadas desfaguían canto atopaban ó caír: cabalos, xinetes; o xemido dalgún que morría atravesado o curazón dun balazo, toques de corneta, o estrondo da artillería, o cheiro a pólvora que enardece, todo, todo faguía perde-lo sentido e matar ou consentir que o matasen, como feras, como animais: aquilo máis que batalla era unha carnicería...

O vello a medida que a descriución iba tomando vida e calor, parés que revivía: aquela fisonomía curtida polo sol i engurrada polos anos i o frío, iba animándose, i os ollos, aqueles ollos que dinantes se revolvían nos dous buracos que tiña na cara, parecía como que brillaban con resprandor xuvenil, co antuseasmo i o ardor dun valente guerreiro.

De pronto, a fatiga faguío parar un pouco.

Logo continuaba:

—Si, o comandante en xefe que iba ó frente da noxa compañía era un valente: firme, sereo, non cabe dúbida, non lle daban medo nin o fragor do combate, nin se detiña ó ver que os mortos caían ós pés do seu cabalo; despreceaba a morte i alentábanos dicindo:

—¡Hijos míos, adelante: nuestra es la victoria!

—¡Que empresas me quedano na mamórea istas palabras!

I en efeuto, foi nosa.

—¡Ai meu filliño! O que lle esperaba ó noso Bastián si ti non o libertaras por inútil e sesaxenáreo —marmurou a seña Marica, afrixida polos traballos que o seu home pasara e interesada naquela relación.

—Si, respondeu Bras dando certo apromo i acento de verdá ás súas palabras; unha cousa é contalo i outra é verse alí...

—Por iso a seña Anxela desfaguíase en choros cando soupo que o seu fillo non libertara polo número, dixo Rosiña.

... ..



—¿Queredes que siga o da guerra?

—Si, si –contestou Rosiña.

—Pois noutra acaseón...

—Pro o caldo xa ferve –interrompeu a seña Marica– mañán é outro día.

—Vou arrematar –dixo Bras– ¡Cantas noites como as de hoxe, así frías, así longas, de xiada e medorentas estiven eu de centinela, batendo dente con dente co frío!, decía suspirando, enchentes as súas palabras de triste malenconía.

¡A guerra!... Maldita sexa mil veces. Dios nola liberte do noso país, que deixa os campos desertos, as endustreas i o comercio aniquilados, familias sin amparo, chouzas tristes e moitas nais e fillos sin consolo!...

¿De que me valeu a min loitar valerosamente pola pátreia e vir a ela coxo dun balazo?... ¿Que gaño eu con ter na vida unha licencia limpa coma un espello que me honra?...

Valeume todo isto –como sabedes– que me desen un estanco que ó ano sacoumo o Goberno, non como me decía no oficio, *por no reunir condiciones para su desempeño por defecto físico*, sinón para darllo a Xacinto que é un lereante e traballa nas eleucións polo Deputado que hoxe temos.

Así é como o Goberno paga ós valentes que defendemos a pátreia espoñendo as nosas vidas, pero Dios me dé saúde pra ir tirando, –arrematou Bras.

—E nos liberte dunha rolda de fertuna e dun testigo falso –repuxo Marica.

E puxéronse a ceiar.

Pontevedra.

**O galo i o zorro**  
CONTO

Un zorro que xa iba algo vello acertou a pasar por unha corredeira i admiroulle, sorprendédoio, o canto dun galo.

So a vos potente que tiña, entroulle cobiza de velo e de atrapalo, pois adiviñou que estaría gordo.

Gañou a volta, e moi paseniño e meténdose antre os millos pra que non o visen, chegou de preto do galo.

Ó velo tan gordo e prantado, a súa cobiza, nun momento, non tivo límites.

Pero o galo andaba nunha eira que estaba con alambrada alta.

¿Que facer?...

O zorro comenzou a pór en práctica toda a súa habilidá; pero non chegaba a atopar o medio de faguerse dono daquel lindo exemprar.

I o caso é que había días que non pasara polas súas gorxas un anaco de alimento.

I agardou, alí tumbado, que chegase a noite.

Uns rapaces que andaban ós niños déronlle un bo susto; por pouco chegan onda el.

Vén a noite, i o raposo foise chegando xunto da porta do galiñeiro.

Un criado da casa, deulle de comer ó gando, deixando a porta aberta.

O zorro, contentismo por este descoido e moi comodiño, entrou na corte, i abalanzándose ó galo colleuno polo pescozo e fuxiu con el.

Xo tiña casque desprumado e gozaba coa farta que iba a ter cando nun descoido do raposo, –que coidou sentir pasos preto del– o galo escapóuselle poñéndose enriba dun alto penedo.

O raposo, que polos seus anos xa non tiña forza pra subir a onda el, díxolle moi garimosamente, tratando de ocultar a xenreira que tiña:

–”Xan poleirán  
ven pola roupa...”

i o galo sonriente e con sorna, repondeulle:

–Non che vou lá,  
Dios me dará outra.”

Pola recoleución

## Rufino Ribera Losada

### Datos biobibliográficos

Xornalista e poeta pontevedrés de descoñecida biografía. Sábese que foi o fundador do semanario *O Galiciano. Parola Gallega*, aínda que non figura co cargo de director ata a parola 59, correspondente ó 23 de outubro de 1885. Tamén dirixiu a partir de outubro de 1889 a revista pontevedresa *A Tía Catuxa*. En ambas publicacións deixou numerosos poemas, relatos, sobre todo de carácter costumista, e artigos nos que se pode observar o seu compromiso co galeguismo da época. Sacou á luz tamén artigos noutras publicacións co pseudónimo “O Galiciano”. Así mesmo, como máximo responsable do xornal que dirixía foi o encargado de publicar o volume *O Galiciano. Produccións premeadas no certame gallego literario que iniciado por O Galiciano celebrouse en Pontevedra o 9 de agosto de 1886*, no que se recollen os traballos premiados no certame promovido pola revista, entre outras, a novela de Manuel Amor Meilán titulada *Xuana*.

Segundo recolle Domingo Blanco (2000)<sup>295</sup>, parece ser que Rufino Ribera tamén colaborou co médico pontevedrés José Casal Lois (Pontevedra, 1845-1912) cando este decidiu presentar ó Certame Literario que organizaba a *Junta de los Juegos Florales de Pontevedra*, en 1884, unha colección de cantares galegos. Casal contou coa colaboración dun copista chamado Rufino que José Fuentes Alende (1997)<sup>296</sup> identifica con Rufino Ribera y Losada. O labor de Ribera centrouse na copia das composicións recompiladas por Casal no breve prazo que vai do 26 de xullo ó 12 de agosto, data da celebración do devandito Certame, e na súa translación, ás que engadiu un “Preliminar” de catro páxinas e un índice do contido, a un extenso e ben presentado manuscrito cunha caligrafía esmerada co que Casal acadou o primeiro premio, en recoñecemento “a la más numerosa y escogida colección de cantares gallegos”.

A maior e máis significativa achega á narrativa galega deste autor tivo lugar en *O Galiciano*, onde deu a coñecer a maior parte dos relatos que recompilamos neste volume: “Un que foi por lan”<sup>297</sup>, publicado en 1886 en *O Galiciano* e logo reproducido en *A Tía Catuxa* en 1891 co título “Ir por lan...”

---

<sup>295</sup> José Casal Lois, *Colección de Cantares Gallegos*, edición, introducción, notas e glosario por Domingo Blanco, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua/Museo de Pontevedra, 2000.

<sup>296</sup> José Fuentes Alende, “Unha figura esquencida dos estudos etnográficos: o médico pontevedrés Casal y Lois”, *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Santiago de Compostela: CSIC/Xunta de Galicia, 1997, p. 38.

<sup>297</sup> *O Galiciano*, Parola 108, 1886. Sen asinar. Reproducido en *A Tía Catuxa*, nº 15, 1 de febreiro de 1891. Tamén sen asinar e co título “Ir por lan...”. Trátase dunha versión diferente do mesmo relato na que se amplían determinados parágrafos.

Esta última versión constitúe unha reescrita completa do relato. Malia non estar asinado en ningunha das súas publicacións, Modesto Hermida<sup>298</sup> atribúello a este autor.

“O que son os casamentos pola nova”<sup>299</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1887, reproducido nesta mesma cabeceira en 1889, onde perde o seu anonimato inicial, e tamén en *A Tía Catuxa* en 1891, onde volve aparecer sen asinar.

“O conto da lebre”<sup>300</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1887, onde aparece sen asinar, perdeu o anonimato nas súas reproducións en *O Tío Marcos d’a Portela* en 1887, asinado co pseudónimo *O Galiciano* e en *O Galiciano* en 1888, onde aparece asinado co nome do autor. “Unhas cirolas de merto”<sup>301</sup>, publicado sen asinar en *O Galiciano* en 1887. “Martes”<sup>302</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1887 tamén sen asinar. “A Noiteboa dos labregos”<sup>303</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1888, asinado co nome do autor. “Un bautismo na ponte do Burgo”<sup>304</sup>, publicado no xornal bonaerense *El Gallego* en 1888, asinado co pseudónimo *O Galiciano*.

“A morte de Xusto”<sup>305</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1889, asinado co nome do autor. E finalmente “O ramo”<sup>306</sup>, publicado en *O Galiciano* en 1889 e asinado co nome do autor.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Estes relatos, no estilo, na ambientación e na temática, posúen características similares ós contos populares de tradición oral, fundamentalmente baseándose no desenvolvemento dunha anécdota humorística (“Un que foi por lan...”, “Martes”, “O conto da lebre”, “Un bautismo na Ponte do Burgo”) que se apoia en tópicos recorrentes e supersticións. O rexistro popular da linguaxe aparece tamén nestes relatos mediante o emprego de refráns e ditos populares.

---

<sup>298</sup> *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 109.

<sup>299</sup> *O Galiciano*, Parola 121, 27 de marzo de 1887. Reproducido en *O Galiciano*, nº 12 do ano VI, 3 de marzo de 1889 e en *A Tía Catuxa*, nº 18, 22 de febreiro de 1891.

<sup>300</sup> Parola 128, 22 de maio de 1887. Aparece sen sinatura, aínda que perdeu o anonimato nas súas reproducións: *O Tío Marcos d’a Portela*, Parrafeos 182 e 183 (29 de maio e 5 de xuño de 1887, respectivamente, asinado co pseudónimo *O Galiciano*; e *O Galiciano*, Parola 203, 30 de decembro de 1888, firmado por R. Ribera.

<sup>301</sup> Parola 134, 3 de xullo de 1887.

<sup>302</sup> Parola 195, 30 de outubro de 1887.

<sup>303</sup> Parola 202, 23 de decembro de 1888.

<sup>304</sup> Nº 14, “El Gallego en la Patria”, 1888.

<sup>305</sup> Parola 215, 1889.

<sup>306</sup> Parola 217, 1889.

Outro eixe temático constitúeno aqueles contos que, sen perder o ton de humor, teñen como pano de fondo historias de amor (“Unhas cirolas de merto”, “O que son os casamentos pola nova”); os de fondo social como “A Noiteboa dos labregos”, e os máis costumistas, como “A morte de Xusto” e “O ramo”.

“Un que foi por lan...” desenvolve unha anécdota humorística de tradición popular baseada na presentación dun suceso protagonizado por un personaxe que sae victorioso e a repetición da mesma acción por parte doutro que sae malparado e tamén nas crenzas esotéricas da xente do común arredor das bruxas e dos meigallos e dos seus ritos e esconxuros. Está protagonizada por dous personaxes marxinais e relata o que lle aconteceu a un chepudo rexoubón que, ó descubrir unha misteriosa casa na que tódolos martes se celebraba unha reunión de bruxas, asiste a un ritual que interrompe ó escoitar unha sorte de ladaíña. Tras recibir a burla das bruxas queda curado da súa eiva física. Ó día seguinte un coxo da mesma vila decide repetir a experiencia por ver de curar da coxeira e acode o seguinte martes, mais erra no momento da saída a escena e ademais de recibir unha malleira das bruxas queda coxo das dúas pernas e recibe a chepa que lle quitaran ó seu veciño.

A narración presenta unha focalización omnisciente en terceira persoa con continuas intromisións do narrador. Ábrese cunha alusión á indeterminación espacial que evoca o comezo do *Quixote* (“Nun pobo que agora non me lembra”). O resto das referencias espaciais insisten na ambientación nocturna e sinistra na que transcorren os feitos, acorde co rito das bruxas que se describe, apoiándose en elementos como o son das doce badaladas, a presenza súpeta do demo botando lume pola boca, con cornos e rabo, as escobas das bruxas, etc.

Cómpre ter en conta que a versión que se reproduce en *A Tía Catuxa* en 1891 constitúe unha reescrita completa do relato na que se describe máis pormenorizadamente a personalidade do chepudo e tamén do coxo quen, ademais de saír burlado do seu intento de curar da súa eiva física, sofre o rexeitamento da moza que lle prometera casamento. Ademais insístease na descrición de festa das bruxas e na do demo.

“O que son os casamentos pola nova” é un conto baseado no tradicional triángulo amoroso, cunha estrutura moi sinxela e con máis intencionalidade moralista ca humorística, xa que se pretende castigar o súpeto deslumbramento dun home ante a beleza feminina sen se asegurar da realidade da súa visión, ó mesmo tempo que se alerta dos perigos que encerran os casamentos por poderes ou os casamentos pola nova como se lles denomina no conto.

Relata a historia de dous mozos da aldea de Mormentoso que se coñecen dende nenos e que co paso do tempo sofren o deterioro da súa relación amorosa. Bastián, por mor da confianza adquirida co paso dos anos coa súa moza, perdeulle o respecto e o cariño, moito máis considerando que ela era orfa de pais e non tiña bens económicos, mentres Micaiela quería cada vez máis. Un día Bastián fai unha viaxe a unha vila veciña e alí descobre nunha fiestra a figura dunha fermosa rapaza da que se namora de contado e que, ade-

mais, é filla vinculeira de pais ricos. Tras dun breve intercambio de cartas concrétese o casamento, que ten como única condición que tiña que ser por poderes. Bastián, non vendo ningún impedimento na esixencia, acepta e unha vez realizado o casamento descobre que Carlota é chepuda e tolleita. Desesperado e sen poder tomarlle cariño á rapaza marcha para América.

A narración en terceira persoa vese interrompida polas continuas intromisións do narrador, fundamentalmente consideracións morais e sociais (“pois, como levo dito madrugara, non tivera tempo de oucila na súa aldea; pro esto non é do caso e, como diría un teólogo, “alá súa alma, alá súa palma”; “xa saben que os labregos non podemos chegar a mercar dises libriños que gastan os señoritos”); e mesmo engadindo aclaracións sobre posibles ambigüidades de cariz sexual (“e refreusionaba que Micaiela non tiña naquíl estonces o que antes tivera –refírome ós bes e facendas, non me refiro a outra cousa-; contaba co seu corpo e nada máis...”)

En “O conto da lebre” relátase unha historia de fondo humorístico que utiliza como motivo argumental algúns dos tópicos populares asociados ós cazadores. Baséase no vicio adquirido por un labrego, empeñado en ser cazador, que dirixe as súas enerxías e os seus escasos cartos a mercar tódolos intrumentos precisos e a encher a casa de cans, mentres a muller ten que ocuparse dos traballos. Trala presentación deste humilde medio e dos personaxes dáse paso á anécdota, que sucede o día en que Xan sofre o castigo da súa muller, privándoo dos seus útiles de caza ata que casualmente ten a oportunidade de cazar unha peza e non o consegue a pesar do fácil que lle parecía.

“Unhas cirolas de merto” relata unha anécdota que sucedeu no pasado, en 1787, no lugar da Gándara, parroquia de Lérez, e na que se recorre á traizón amorosa por parte do home. O narrador en primeira persoa, como recurso que procura a verosimilitude, afirma a veracidade do que vai relatar atribuíndolle carácter de histórico e de feito que permanece na memoria das xentes do lugar.

O relato estrutúrase en catro partes. A primeira constitúe a presentación da anécdota e a explicación do costume popular que sustenta a narración: o costume de botar as sortes por Ano Novo ou Reis as relacións entre mozos e mozas do lugar para crear parellas. Tamén se presentan os personaxes que saen elixidos para seren mozos: Xaquín Queiroas e Emilia Pértigo. Aínda que se coñecían non se consideraran ata daquela merecentes un do outro por diferencias sociais, pois el era un simple xornaleiro e ela costureira. A segunda parte relata o encontro dos namorados nunha festa popular na que se declaran o seu amor. A terceira supón a presentación do conflito que vén da man do afastamento de Xaquín da súa aldea por ter que marchar a Segovia por un tempo indeterminado. Na despedida dos amantes ela entrégalle unhas cirolas feitas por ela mesma. Na cuarta e última parte do relato atribúese o éxito coas mulleres de Xaquín a aquelas cirolas, ata que coñece unha moza guapa e rica coa que casa. Daquela devólvelle as cirolas a Emilia e esta morre coa pena.

O relato acompáñase do costumismo na descrición das festas populares para sustentar a historia de amores desgraciados. O narrador perde o fío do

seu relato ó se confundir repetidas veces ó final no nome da protagonista a quen chama Emilia, Elisa e Elvira.

“Martes” é a reescrita dun conto popular ben coñecido que presenta unha escena da aldea protagonizada por un rapaz que fai unha trasnada e logo vese envolto nunha anécdota humorística de cariz sexual coa ama do crego. Basea o humorismo na inocencia do rapaz fronte ó comportamento dos adultos e, ó mesmo tempo, na superstición creada sobre os martes e a mala sorte que os acompaña, recoñecendo así o fatalismo tradicional. O autor recorre de novo á indeterminación espacial (“Non se sabe si foi en Xube ou en Couso”), ó relato en terceira persoa con intromisións e a asegurar a veracidade do relato, respondendo mesmo cos seus bens. O protagonista é un rapaz de sete anos, fillo de labradores acomodados, que no momento de ir á escola decide deixarse levar pola tentación de comer a tona do leite que tiña preparada súa nai, véndose así envolto nunha cadea de desgracias que o levan a ter que lavar a roupa nun regato e quedar espido mentres esta seca. Depois decide ir ós niños e cando se lle escapa un merlo e vai tras del, sorprende a ama do crego nunha escena sexual na que confunde o merlo coa parte xenital da muller. Cando se aclara o malentendido e marcha á casa non leva a malleira que esperaba porque fora un día de mala sorte para toda a familia: o pai escordara un pé e a nai cortara un dedo.

Un achegamento á temática social constitúe “A Noiteboa dos labregos”. Neste relato denúncianse a miseria e a opresión que sofren os labregos por parte dos poderosos. É o día 24 de decembro e unha familia de labregos vese obrigada a repartir os seus escasos bens para contentar o secretario do concello, o xuíz de paz, o cura, o médico e o escribán, co fin de “ter contentos a tódolos que nos poden facer algún dano”. Depois do reparto a familia pasa a noite cunha humilde cea.

“Un bautismo na ponte do Burgo” conta unha tradición popular asociada a Pontevedra. Narrado en primeira persoa con intromisións do autor implícito que se identifica cos costumes dos labregos e localizado temporalmente un sábado de primavera pola noite, conta cómo O Galiciano recibe a visita de dous amigos, o tío Menxengro e un notario para que os acompañe a presenciar un feito que, segundo eles, debe reflectir nos papeis. Diríxense á ponte do Burgo por ver se hai bautizos ó ser o último sábado de mes. Unha vez alí asisten á escena: varias mulleres embarazadas pídenlles que fagan de padriños das súas criaturas, cousa que eles fan mollándolles o peito con auga. Unha vez rematado o rito ofrécenlles unha enchente de cachucha, lacón, chourizos, carne de vaca, pan de millo e viño. Utilízase literariamente un rito pertencente á etnografía popular, ademais de insistir veladamente na condición de aproveitados de certos señoritos desocupados.

“A morte de Xusto” é un relato costumista no que, recorrendo de novo á primeira persoa, se relata a morte dun labrador cun ton crítico arredor dos ritos costumistas que rodean as mortes e exaltando a condición dos traballadores máis humildes. O narrador xustifica o seu interese por un home sinxelo que pasou duros traballos e privacións, casado e con tres fillos e que

morreu dunhas febres. Céntrase a seguir na descrición do velatorio e do enterro segundo os costumes tradicionais, destacando os insistentes lamentos da viúva e o banquete tralo enterro no que participan tódolos da vila. Conclúe cuns versos nos que sinala que cal a morte de Xusto teñen lugar outras mortes nas aldeas de Galicia.

“O ramo” é outro relato costumista no que o narrador fala en primeira persoa do ramo da súa viña e da poda que lle fixeron na súa finca sete homes e dúas mulleres. Céntrase unicamente na descrición do traballo destas persoas, acompañado de copras e aturuxos e na festa posterior ó remate das tarefas, na que comen e beben a fartar e agradecen a hospitalidade do amo. Trátase por tanto dunha simple estampa costumista, bucólica e exaltadora da vida do mundo rural e dos seus labores cun ton idealizante.



## Un que foi por lan...

### Conto

Nun pobo que agora non me lembra, había un xorobado.

Iste tiña unha particularidá, como cuase teñen tódolos contrafeitos: esta consetía en que era sabedor de todas cantas enterquenencias, grandes e pequenas, no dito pobo pasaban. O que el non esbigoaba, non o esbigoaba naide.

Certo día chegou a saber que nunha casa, que pra el ca pasaba por misteirosa, había tódolos martes, dempois das doce da noite, xuntanza de bruxas.

—¡Malos deños! —dixo— ¿I eu non hei ser sabedor do que alí pasa? ¡Pois non faltaría máis!

Meu dito, meu feito. O pirmeiro martes, alá se me chanta o bo do xorobado. Formou o pran á súa maneira, dándolle por resultado o que conseguise meterse tras da porta dun gran sobrado que había na casa aquela unha hora antes da media noite, sin ser visto de naide.

Moi logo ve entrar, axexando pola randixa da porta, un fato de mulles, algunhas, poucas, conecidas del, i outras éranlle compretamente estrañas, i hastra reconecía cunha parte portiña a terras estranxeiras.

Nunha campana, que debía estar drento da mesma casa, síntense doce badaladas, con tanta calma que, cando unha soaba, faguía tempo desaparecera o eco da anterior, e de ronco sonido, nin máis nin menos que si batera Xan de Tomeza co seu grande fungueiro nun caldeiro grande e vello.

Inda ben non dera a última das ditas badaladas, preséntase de súpeto no medio do sobrado un home en coiro, negro coma os meus pecados, botando pola boca fogo e polos ollos chispas, con dous cornos na fronte, un gran angazo na man esquerda —seique era *zurdo*— i un rabo máis grande cos días de coresma, o cal, con certo xeito estrano, lle recollía por tras, a xeito de porta-cola, unha daquelas mulles, pra min a máis bonita de todas.

De seguida se poñen tódalas ditas mulles en rolda; i aquel home, que pra min era o namigo, quedou no medio e medio coa muller porta-cola.

Cada unha daquelas, acababa de provistarse da súa correspondente escoba; e poñéndoa a xeito de cabaliño, formaron rolda, deixando ó do angazo no medio i a muller que lle servía de porta-cola.

O bo do xorobado, a tal ver, xa non as tiña todas consigo. Apoderárase del un canguelo que o partía: pro convencido que de alí xa non podía saír sin gran peligro, resinouse ó que lle sobreviñese.

Sigueu, pois, axexando pola porta.

O dito home do angazo, deu co el tres fortes golpes no chan i as mulles, *a cabalo* das crechas, e collidas unhas das outras pola man, andaban arredor, cantando esta letrilla: “Lunes e martes e miércoles tres, lunes e martes e miércoles tres”.

O xorobado que tal ouceu, non poido resistir de entusiasmo, e sae do seu escondite saltando e cantando na mesma tonadilla: —“Xueves e viernes e sábado seis, xueves e viernes e sábado seis”.

Tan inesperado incidente, foi causa de que parase a rolda.

As bruxas todas saltan enriba do coitado xorobado, xogando con el e bulrándose canto lles deu a gana.

Pro o certo foi que ó cabo de pouco, o tal xorobado veuse, sin saber como, sano i escorreito; é decir, sin xoroba.

¡Malos deños! Logo que tal transformación reconeceu, ideou saír de alí e consigueuno enseguida colándose por unha porta que, afertunadamente, alcontrou aberta.

Tódos do lugar estranaron ver ó seguinte día, asina da noite prá mañán, o que antes era xorobado, sin xoroba.

Perguntábanlle cómo fora, i el punto por punto, coma por coma, contaba todo canto na noite aquela lle socedera.

Un coxo enteirouse, e dixo prós seus adrentos: —Pois vou ver eu tamén si salgo de coxo: nunca en millor ocasión; ánemo, pois.

Efeutivamente; agardou o pirmeiro martes e, polas istrucións que do xorobado recibira, sin inconveniente algún entrou naquela feira de bruxas.

Ve que volve pasar todo canto lle pasara ó xorobado; e cando estaban as bruxas no xa sabido lunes e martes e miércoles tres, xueves e viernes e sábado seis, sae o coxo detrás da porta, saltando: “Domingo sete, domingo sete”.

Cólleno as bruxas e ¡coitado! danlle unha deluba que o deixaron estranquillado por compreto; é decir, que si antes era coxo dunha perna sola, dempois quedou das dúas, e por apéndice, puxéronlle a xoroba que lle houberan quitado ó outro.

¡¡Malpocado!!

O seguinte día o probe coxo era víutima das consiquentes bulras de todo o pobo.

## O que son os casamentos pola nova

Na pequena aldea de Mormentelos vivían dous namorados: Bastián da Devesa, o millor mozo que se conecía en tres leguas á redonda, alto, gallardo, de vinte anos, de oficio carpinteiro; e Micaiela Baliñas, nena moi agraciada, de pelo crecho, caraute alegre pro xuiciosa, de dazaoito abrís, orfa de pai e nai, baixo a patria potestá dun tutor que, en pouco tempo, acaboulle cos tódolos bes e facendas que herdara dos seus defuntos pais: quens, si ben non foran ricos que digamos, tiveran que comer e roer dabondo, i ademais algús aforros pra, desafogadamente, pasar os curtos días da súa vida. Micaiela, polo tanto, fora criada na abundancia e recibira unha regular aducación.

Xa de pequenos, dende a edá de nove anos, Bastián e Micaiela se querían polos querereres, si ben ó emprincipio non traspasaba ise cariño dos límetes que chamamos infantiles: mais craro, non podía haber estonces ise amor cego, como hoxe o intitulamos e que tanto os pintores como os poetas solen retratar cos ollos vendados, i algún caído en trelas desa natureza tamén compara co lume á beira das estopas.

Máis tarde, asina que coneceron o que tamén coneceron Adán e Eva no paradiso, dempois que esta comeu a mazán imbiuda pola cobra, xa era outra conta. Onde queira que un estivese, había de estar o outro, xa na casa dil ou na dela, nos tarreos, no monte ou polos camiños, a todas horas, xa do día ou da noite, sin resgardarse dos veciños, nin temer a aquilo do *qué dirán*.

Había, pois, antre eles unha verdadeira confianza, cicais de máis, pois creio esta foi causonante de que Bastián lle perdese, pouquiño a pouco, aquilo *flus* que no tocantes a Micaiela tanto dun principio o domeñara.

Ben é verdaí que, como xa mozo de peso, ou sea dalgún conecemento, miraba ó adiante, ó porvir, e refreusionaba que Micaiela non tiña naquíl estonces o que antes tivera —refírome ós bes e facendas, non me refiro a outra cousa—; contaba co seu corpo e nada máis; i eso... vamos, faguíalle *tilín*.

E pouco a pouco iba, cada vez máis, perdéndolle o cariño e mirándoa con pouca aquela.

Micaiela, pola contra, canto máis iba máis o adouraba, máis se revía nel; pro notaba moita novedá en Bastián: non era, nin por asomos, o de dinantes, conecía a fondo seus desvíos, acerca dos que lle iba á carga de cando en vez; pro Bastián, que era un barafullas de sete solas, armáballe catro mentiras, e por máis que esta lle chamaba *haches*, non pasaban de alí as cousas.

E seguían asina, il mostrándose cada vez máis desinteresado, i ela sufrindo o que non pode espricarse, ¡queríao pola vida!

¡Probe Micaiela!

Acurrúselle a Bastián faguer un viaxiño. Percisaba madeira pro seu oficio de carpinteiro; i aproveitando a alborada dunha feiteiceira mañán do mes de Abril, foi un domingo, de madrugada, a Casixoba, distante do seu pobo catro leguas, con intención de mercala.

Chegou alá ás nove da mañán, hora en que estaban repicando a misa maor e úneca da parroquia i en que tódolos feligreses acudían, polo tanto, á eirexa, beixando en marexadas pola calzada que vai dar a ela.

Beixaba tamén Bastián pola mesma calzada pra esperar a xente á saída da misa, ocasión que se lle persentaba pra alcontrar, de feito, a quen pretendía falarlle no tocantes ó trato da madeira.

Iba, pois, paseniño, paseniño, faguendo tempo a que o crego acabase de decir a misa.

Outro que non fose Bastián houbera ido a ela, pois, como levo dito madrugara, non tivera tempo de oucila na súa aldea; pro esto non é do caso e, como diría un teólogo, “alá súa alma, alá súa palma”.

Quedamos, pois, en que iba beixando pola calzada.

E iba picando un cigarro, percisamente cun canivete que como recordo, lle dera Micaela, faría un ano, polo cal se lembrou dela, i hastra parés que lle saíu do seu peito un suspiro, pro un suspiro dises que “non chegan de eiquí aculá”.

E dempois que o picou parouse a envolvelo nun follaco das espigas de millo que porparou ó seu xeito —xa saben que os labregos non podemos chegar a mercar dises libriños que gastan os señoritos—; i estando nesto, mirou, por cuasalidá, pra unha casa, sola, que estaba perto a el, que viña dar enriba da mesma calzada.

Nunha das súas ventanas, que, como casa de aldea, escusado é decir non eran rasgadas como solen ser as da vila, víase de medio corpo arriba unha feiticeira rapariga branca como os folepos da neve, unhos ollos negros e grandes coma bugallos, o cabelo solto e uns recios na testa que lle estaban como estarlle pode a unha reina a coroa na cabeza, de faució mimosiñas, que ben ás craras facían ver non andaba ós requeimos dos sol do vran nin ós couriscos do inverno; nunha palabra, parecía, ben ou mal comparada, un anxo do ceo.

Bastián quedou varado asomado a mirou.

Conforme estaba comezando a picar o lume no isqueiro pra alcender o cigarro, asina se quedou sin moverse e sin saber onde estaba.

Logo que se reconeceu *firido* daquela maneira, hastra dubidou si sería aquela nena unha meiga que o encantou, i eso que nunca creu Bastián en encantamentos, pro as sinales eran mortales.

—¡Que rapariga!... —decía Bastián, prós seus adrentos dempois que volveu ben en si.

Pro non se astreveu a dirixirlle a palabra, cría moi superior a el.

Foi, pois, coa mesma pausa de antes camiñando de cara á eirexa e botando ó mesmo tempo plas no tocantes ó feliz que sería si poidera conseguir, o que supuña un sono, de entabrar relación con ela.

E tamén lle veu ás mentes o por qué aquela rapariga deixou de ir á misa.

Chegou, si Bastián á porta da eirexa a tempo mesmo que saía a xente da misa; pro o que menos se lle lembrou foi o trato da madeira. Pola contra, logo que viu ocasión, perguntou a un:

—Dígame, anque perdoe, pois debe sabelo. ¿Como se chama unha rapariga que agora mesmo acabo de ver nunha das ventanas desa casa sola que dá por riba da calzada?

—¿Por que non? Pois chámase Calrota do Couto; filla úneca de pais vinculeiros...

O amartelado Bastián non quixo oucir máis, comprendendo que tanta fortuna non podía el arrecadala, e, coma si non se lle dera xa polos seus intereses, deu media volta con intención de irse en dereitura á súa casa, sin lembrarse, nin menos importarlle un comiño o trato da madeira; mais ó pasar outra vez pola dita calzada, e roparando que seguía na mesma ventana, e tamén na mesma postura, a roubadora do seu pensamento, asina coma quen non quer a cousa sorriuse pra ela i ela contestoulle con outra sorrisa; pro Bastián non se astreveu a máis: o que fixo, si, apuntou o nome e apillido da rapaciña, e polo camiño foi cavilando qué determinación tomar. Micaíela xa estaba de máis niste mundo pra el.

Asomade, chegou á casa, esquirbeulle unha carta a Calrota pidíndolle palabra de amor.

Iba moi tenra, como que os termos todos de que se compuña saíanlle da ialma; el non tiña máis que esquirbilos coma si fora ó ditado.

Pola súa mesma man, non fiándose de naide, foi botala ó correo.

Non tardou en recibir contestación favorabre.

Bastián xa non cabía en si de gozo.

Ó pouco tempo, dempois de esquirbirille outras dúas ou tres cartas máis a Calrota, e recibir tamén a elas contestación, conecendo polo seu contido se apasionara por il, sin habelo visto máis que aquil domingo, astreveuse a pedir súa man a seus pais.

Istes tampouco tardaron en contestarlle manifestándolle o moi gustantes que eran se figuesen canto antes as cirimonias, pro cunha sola cráusula. Esta era de que se habían casar pola nova, ou sea polo xeito que o fan os señoritos, por poder.

¡Bastián que roparo había de pór neso! ¡Que fose pola nova ou pola vella, que máis lle tiña! Il o que quiría era casarse con Calrota, que ó demais... fouce.

E porparáronse os papés a toda présa.

Micaíela, antre tanto, sabedora xa dos novos amores de Bastián, sufría o que non pode decirse: estaba feita un cadavre,

E fíxose o casamento, *pola nova*, por poder.

Pro Calrota, aquil sarafín ou anxo do ceo que de medio corpo arriba vira Bastián na ventana, era xorobada e tolleita de ambas pernas.

Dempois cafu na conta Bastián, no porqué non houbera ido Calrota aquil domingo a misa.

¡Craro, non podía saír da casa...!

E Bastián, cada vez que consideraba escollera por compañeira prós días da súa vida a somellante estafermo, maldecía a súa sorte i a hora en que se esquencera a Micaíela.

E non podendo collerlle cariño a Calrota, acabou a conta mal.

Bastián foise prás Américas i é hoxe o día que non se sabe dil.

## O conto da lebre

Foilles tan certo como me están oucindo.

Como que mo contou miña abuela cando era pequerrecho unha tarde de vran que se asaban os paxaros coa calor i en que, queiras que non, me fixo dormir a sesta pra que non andivese ó sol, corre que corre, tirando da miña cometa de catro picos, cal tiña de costume e con outros tales da miña pandilla.

Calculen, pois, si debeu ser verdá.

O que non lles poderei decir é onde o caso socedeu; non se me lembra.

Unha vez... —penso de min que miña abuela escomenzou asina— era un matrimonio. O home chamábase Xan; a muller Xatrudes.

Vivían —¡si vivir pode chamarse!— dos cativos froitos que lle rendían, dempois de pagados trabucos, tres ou catro terreos que tiñan ó pé da súa cativa i esburacada chouza.

Tiñan cinco fillos; dous gaiotiños que andaban na escola, un deprendendo o catón i o outro a cartilla dos cristos. Os outros tres, un era de peito i os dous restantes inda andaban de refaixo.

Polo tanto ningún diles podía axudar, nin pouco nin moito, a seus pais. Pola contra, comerían ben, si houbera qué.

I eran, como ven, sete bocas a comer daquela probeza, sin contar as dos moitos cadelos que había na casa e de que logo farei méreto.

Así era que o pasaban mal, malisestamente.

E como que na casa onde non hai que comer o necesario todo se volven bullas e tiberios, non había día do mundo que home e muller non andivesen ás agarradas, das que sempre el saía malparado, por dúas cousas: unha, porque de balde era Xan —perdóeme *Xan de Tomeza*—, i outra, porque cuasemente tiña razón a muller, como agora verán.

Xan fora na súa mocedad, si ben algo toleirón, moi traballador. Cando andaba na caba, xa se sabía, deixaba atrás a tódolos demais da súa cuadrilla.

Pro a pouco de casarse adiquireu un condanado vicio, un soilo, que non tiña outro, pro o bastante pra faguelo disgraciado e pasar os poucos días da súa vida cheo de privaciós e disgustos.

Metéraselle na cabeza que había ser cazador, aluciñado, sin dúbida, porque, de cando en vez, andando no traballo, vía eiquí i alí unha perdiz, un conexo i outros animais polo estilo que desexara saborear polo xeito dos señoritos.

¡Coitado!

E mercaba todo canto chafarote vía no mercado.

Carto que collese nas mans, non tiña volta, invirtíao en carabinas ou municións.

E por máis que tiña a súa casa chea de cadelos, todos lle parecían poucos. Cantos vía sin dono, cantos cubizaba e recollía.

Unha vez que entraba na casa con dous atados por unha corda, díxolle Xatrudes:

—¡Velo eí vén con máis cas! ¡Ai que centelludo de home! ¿Pro ti pra que queres tanto cadelo? ¿Con que os vas manter? ¿Non ves os demais que están morrendo por non teres que lle dar de comer?

—Cala, muller, cala —respondeulle Thom— a fame repartida antre moitos toca a menos.

En fin, de tal sorte se lle arreigou ise vicio no corpo que nin polos deños, própeos i estranos, figueron bo del, por moito que matinaban cada cando por desuadilo de somellante tolería.

Vexan si o tiña arreigado que hastra soñaba coa caza.

Unha noite, cando máis tranquilo estaba durmindo —xa saben que pra matrimonio de labrego non hai cama ou leito á parte— comeza, labazada vai, labazada vén, a mallar Xan canto de Dios podía nos cuadrís da súa muller, berregando deste xeito, cal si verdadeiramente andivera lidando cos cas na caza:

—¡To! ¡to! ¡to! ¡Eí canela! ¡Avanza morena!...

E armouse unha liorna levada dos diaños. Xatrudes, por un lado, que lle devolvían a Xan con creces, como se di pola nova, as labazadas que acababa de recibir; e por outro, os cadelos que ladrando se ergueron a toda présa, crendo, polas voces de seu amo, se trataba de cazar unha boa peza, ou cando menos eran chamados pra camiñar ó monte, faguendo polo tanto a consiguiente algarabía, foi causa de que Xan espertase ben pronto e cando cicais estaba máis embebido, supoñendo realidá canto no tocantes á caza estaba soñando, sin saberse dar conta de si naquel estonces, hastra que Xatrudes, a lostregazos llo fixo entender.

Polo que dito queda, está por demais decir que Xan non se coidaba, pouco nin moito, de traballar os insignificantes tarreos que tiñan. Sempre no monte co seu chafarote na man, arrodeado de cadelos. A probe da muller, pola contra, tiña que traballar o que portiña a un i ó outro.

¿Que lle había de faguer? Soilo se vingaba en chamarlle tantas e cantas ó velo vir prá casa, sempre con noite, co chafarote ó lombo i os cas ó seu rabo, sin ningunha caza.

Pro Xan, cal sole decirse, bebíaas coma un boi ladrón; non se enmen-  
deba.

E por eso Xatrudes tivo que tomar unha determinación. Recolleulle tódalas carabinas i encerroullas nunha arca, quedándose coa chave, que tiña bo coidado de non soltar da man.

Como que Xatrudes lle puña as perras a carto a Xan —por non decir que vestía os seus pantalós— iste tivo que aguantar aquela mala pasada. Soilo de vez en cando se astrevía a supricar a que ela crebase do seu empeño, que non fose cruel; pro coma si non.

E nos tres primeiros días entrou nil unha malenconía que o traía malparado. Ó cuarto, vendo que Xatrudes non cedía, resolveu ir ó traballo; e cando máis entreteñido estaba na cava, sin pensar xa, polo tanto, na caza, nin en quen a fundou, ve por cuasualidá antre os follacos, no chan, unha gran lebre estumballada, que ó parecer estaba durmindo.

—¡Malos deños! —dixo pra escontra si— ¡Quen che contaba con esto!

E co coidado do mundo botoulle riba dela a corozza que tiña a un lado e agazapouna.

Non é pra desquibir o gozo que esprimentou naquil estonces.

O que non pudera conseguir en tantos anos que levaba de cazador, consegueno coa facilidade do mundo e cando menos maxinaba.

E daquil animal non sabía qué faguer.

Cando ataba a lebre cun vimio polas pernas de atrás e a pinduraba á cintura polo xeito dos verdadeiros cazadores.

Cando lle faguía coa dita corozza unha cama e a deitaba, ben pexada, como é consiguiente, e se puña a reverver nela cal si mirara pra un rico tesouro.

Mais, cando estaba divagando diste xeito, vénlle un acordo repentino.

—¿Por que? —dixo— agora que teño acasión non lle hei dar a Xatrudes verdadeiras probas de bo cazador? Sería ben burrico, e co eso non dubidirá en deixarme seguir cazando coma dinantes.

E decindo esto colle unha corda grande e ata a lebre a un árbore.

Feito esto vaise correndo xunta Xatrudes, a quen, todo acorado, dille:

—Polas animiñas do purgatorio, Xatrudes, dáme unha carabina que hoxe afellas que che hei traer cousa boa.

—Vai de eí, vagamundo —contéstalle ela— queres volver ás andadas. ¡Ai que condergado de home...!

—Inda me coman os lobos si te engano: dáme a carabina que non che ha de pesar.

—Non me crebes a pacencia, Xan; non cha dou, vai traballar.

—Promita o ceo divino que os polvoriños me leven si hoxe non traio prá casa con que manterte a ti, a min i os fillos todos; anda muller, dáma.

En fin, fixo aquil home canto faguer pode o demo pra levar unha alma ó inferno, e Xatrudes, ¡craro!, non tivo por menos que darlle a carabina.

E co ela terciada ó lombo foise outra vez Xan correndo ó sitio aquil da lebre.

Chega, ponse a tres pasos de distancia dela, apunta, dálle ó gatillo e ¡zas! sale o tiro.

Pro calculen cál sería o asombro de Xan cando viu que en lugar de lle acertar á lebre foi dar o tiro á corda con que estaba presa, que crebou, botando por consiguiente a correr o animal con máis vida, seica, que tiña dinantes.

E Xan non foi en tres días a casa.

O disgusto que pasou con Xatrudes, é fácele de adiviñar.



## Unhas cirolas de merto

### I

De conto, ten ben pouco; de histórico, cicais lle alcotren unhas miñiñas.

Como que algús, anque poucos, dos máis vellos veciños do lugar da Gándara, na parroquia de Lérez, inda se lembran de haberllo oucído contar a seus avós.

E xustamente debe faguer agora un cento de anos, pois dáse por certo socedeu no de 1787.

Encomezarei por decir que na mor parte dos pobos de Galicia, por non decir todos, hai a costume de botar por Ano Novo ou Reies eso que se chama As sortes, que consiste en esquirbir un por un os nomes de tódolos mozos e mozas que haxa no lugar en papeletas moi pequerrechas, que logo se envolven da mesma maneira que si fora pra rifar o marranquiño de San Antón e bótanse en dúas olas: nunha a dos homes e noutra as das mulleres; e de remixidas ben, cando chega a hora conveñida, i en medio dun grande corro de mozos e mozas vanse sacando por orde dunha e outra de ditas olas e léndose ó mesmo tempo, de modo e de maneira que pra cada mozo resultaralle súa moza, boa ou mala, asegún lla deparou *A sorte*.

Pois ben, no dito lugar da Gándara fíxose o ano dito de 1787, tamén por día de Reies, o sorteo dos mozos coas mozas, polo xeito que dito queda. Quitouse a primeira papeleta da ola dos homes que, lida, contiña o nome de Xaquín Queiroas.

Da mesma maneira se quitou outra papeleta da ola das mulleres, que decía Emilia Pértego.

Temos, pois, que a Xaquín e a Emilia tocoulles en sorte vivir namorados.

Hastra estonces non tiveran un pró outro nin pisca de amor; máis é, xamais se botaron esas indireutas que son tan comús antre a mocedad, de: “*¿Si eu fora merecente da súa persoa...!*”

¿Por que?

Pois por ben pouca cousa; porque Xaquín non se cría merecente da persoa de Emilia, i esta da mesma maneira tampouco se cría merecente da persoa daquil.

E tiña súa razón de ser. Xaquín, anque era bo mozo e por tal se tiña, non pasaba dun simple xornaleiro; e sendo Emilia custureira, a cal andaba moi aciquelada, críase aquil moi inferior a esta. Por outro lado Emilia, que era orfa de pai e nai, vivindo namais que dun cativo xornal que gañaba eiquí i alí, onde lle cadraba, nin por asomos faguía mentes fíxase nela súa atención Xaquín, que era, podemos decir, o millor e máis farfantón mozo do lugar.

Polo tanto namais que adiós por adiós se decían algunha que outra vez que, por cuasalidá, se alcontraban.

¿Si sería o trasno que andaba na conta?

II

Na noite daquel mesmo día de Reies, había trullada na casa do tío Martiño.

Pro non coiden que era un extraordinario; non por certo. Tódolos días santos a había, e acudía a ela toda a mocedad do lugar, e tamén aqueles vellos e vellas que inda se crían capaces de romper unhas mangas.

Tocaba a fruta Bastián da Cortiña, i a pandeireta i as cunchas as primeiras raparigas que voluntariamente se prestaban a faguelo, pois pra eso non era mester presentar memorias.

As mozas eran as que primeiro acudían, e tomaban asento á maneira que iban chegando.

A Emilia cadroulle de sentarse nun corruncho.

Un pouco máis tarde comezaron a concurrir os mozos, i a festa, polo tanto, iba cada vez a máis.

Unhas vinte parexas beilaban xa naquil longo sobrado unha moi repinizada muiñeira.

E mesmamente parés que todos estaban pra ela, ou que á porfía iban a quen beilar millor; así era ¡que había cada punto...! inda millor, seica, que si se tratara de gañar un premeo.

Os demais mozos e mozas acupábanse en falar do sorteo que coas papeletas se figuera aquela mesma tarde.

Quen renegaba da parexa que lle tocara, por non ser do seu mastigo.

Quen, pola contra, se legraba da sorte que tivera...

Niste medio tempo entra Xaquín con outros dous mozos, amigos seus.

Dirixe unha visual a todo o arredor, e coma un fío, vaise en dereitura a onde estaba Emilia.

Esta, con disimulo e certa aquela, vía achegarse, eponse a envolver e desenvolver nun dedo as barazas do seu mandil.

E contan que naquil estonces afurmegueáballe o corpo de demoro.

Logo que chegou Xaquín xunto de Emilia, esta córrese un pouco faguéndolle un canto; i ambos entabran esta conversa:

—Con que, xa sabes, Emilia, que por sorte tocounos hoxe ser namorados.

—Si, Xaquín, si; ¡si eu fora merecente da túa persoa... entón!...

—Eu si que non o son da túa... polo demais...

—No, Xaquín, por min non che vai o preito á Cruña.

—Pois por min tampouco, Emilia.

—¿Pro ti fálame de lisonxa?

—Non, muller, inda me coman os lobos.

—¿Logo, quéresme?

—Moito, abofellas.

—Pois eu tamén.

Do demais que falasen, non se deron conta os que ó seu lado escoitaban; pro o certo é que ambos e dous, dende aquíl estonces, seguíronse que-  
rendo moito.

### III

Pro como niste mundo non hai felicidade comprida, preséntaselle ó  
cobo de tres meses un oustáculo, un contratempo, que anubra por com-  
preto os curazós daquiles dous pombos.

Xaquín tiña que marchar a Segovia por un tempo indeterminado.

O doce de abril era o desinado prá marcha.

O día once, á noite, de morte a fóra, habíanse de ver os dous namo-  
rados: asina de antemán o acordaran, sinalando un sitio aporósito.

Efeitivamente; ó seguinte día, dende o escurecer, estaba Emilia  
agardando no sitio conveñido polo anxo da súa consolación.

Pro dan as nove da noite, as dez i as once e Xaquín non parecía.

Aquela muller reloucaba de pena. Nun eido sospechoso... a some-  
llantes horas da noite... sola e ¡co curazón traspasado de angustia...! pónase  
calquera no seu caso.

A lúa, pra pior delor, parece que lle xogaba unha mala pasada a  
Elisa, escondérase antre as nubes; pro non por eso tiña medo, seica Dios lle  
daba ánemos.

I o vento non movía unha palla, tan sereo estaba.

Por eso, alí polas doce, sinteu Elisa aló moi lonxe pasos, i a impa-  
cencia multiplicábaselle.

—Debe selo —decía— ¡María Santísimaña o queira!

Aquiles pasos fóronse sentindo cada vez máis perto, e logo chegou  
xunto dela Xaquín.

Escramaciós... suspiros... bágoas...; nunha palabra, un cuadro dos  
máis esconsoladores alí tivo lugar... ¡¡Despedíanse, cicais pra sempre!!...

E Xaquín, como recordo, entregoulle a Emilia un verdugullo peque-  
rrechiño e un espello redondo da medio real.

Emilia non foi menos: tamén lle entregou a Xaquín unhas cirolas  
brancas de estopa, feitas pola própea man dela.

E soparáronse.

### IV

Xa en Segovia Xaquín, cada vez que puña aquelas cirolas, devecíanse  
as rapazas por el, parecía cousa de xuncras; nin máis nin menos que si Emilia  
tocara con elas o santo máis achegado da súa devoción e lle concedera fose  
feliz con elas quen as puxese.

O caso foi que, seica debido á virtú das tais cirolas, Xaquín casouse  
o millor que quixo; cunha rapaza bonita como un sol e rica, moi rica.

E crendo Xaquín de boa fe que a súa felicidade consistira nas cirolas, non cubizando xa máis, mandoullas a Elvira pra que tamén con elas se fixese feliz, participándolle ó mesmo tempo seu novo estado.

Pro fose porque Elisa non quixese pór as cirolas, cicais por non lle ser dado, ou porque con ela non tivesen a mesma virtú que con Xaquín, o caso foi que non millorou de sorte. Pola contra, tanta foi a melenconía que se apoderou dela coa noticia do casamento de Xaquín, que ó cabo de pouco tempo morreu.

## Martes

Non se sabe si foi en Xube ou en Couso, pois a tradición dos tempos deu lugar a que non se sepia a punto fixo en cál dos dous lugares socedeu, como que naide, penso de min, vive de estonces que poida sacarnos do erro, circunstancia aquela, paresme, que non lle quita miga de importancia ó sucesos que vou arrefirir. O esencial do caso é saber que foi certo; e desto respóndolles cos meus bes habidos e por haber, como diría calisquer dises curiás sabidos en leises.

Pois ben, había nun dos ditos lugares, sola, nun arrabal, unha casa de labradores ben acomodados. Costituía a familia o matrimonio i un fillo único, de sete anos, que andaba na escola.

Era no mes de Maio.

Unha tarde —¡era martes!— dempois de xantar, o home foise ó muíño, levar un pelico de grau pra moer, i a muller segar herba pró gando.

Quedaba, polo tanto, o rapaz soilo na casa, esperando fose hora de ir á escola que seu pai lle deixara moi recomendada, pois, por nada, nin por naide, nunca xamais quixo que a perdese dendes que por primeira vez foi a ela.

Cando lle pareceu, pois, dispúñase a saír prá escola, collendo con tal ouxeto a cartilla dos cristos i o catón pra dar a leución de leutura, i a pizarra co seu correspondente pizarrín pra faguer números, todo como tiña de costume. Xa sabía zarrar por fóra a porta e onde había deixar a chave pra que a alcontrase samente seu pai ou súa nai; pro o trasno, que atenta sempre as criaturas, tróuxolle ás mentes cometer unha golosía: faguer unha sopa na tona do leite que súa nai fora xuntando pra mazar, o cal debía faguer naquela noite arrente ó lume mentras se quentaba a cea.

I o coitado do rapaz non pudo resistir a tentación. Dende a porta, vólvese adrento; escodela un anaco de bica e vaise á cociña, xunto á artesa, riba da cal estaba o xerro do leite. Porque non lle alcanzaba ben pra meter a man drento, colle un tallo pequeno de tres pés, que era onde percisamente se sentaba il ás noites beira do lume, rúbese a il e, co coitado do mundo, quítalle o lenzo branco que tapaba a boca do xerro e dempois a rodela con que iste se había mazar e que xa tiña drento, da cal se vía parte do mango que lle saía fóra por un buraco do lenzo aquíl.

O rapaz tremaba co medo coma un xunco, i o curazón mesmo parés que lle saltaba do seu sitio faguéndolle *trique trique*. Non era estrano; nunca outra tal figura.

Pro asina e todo tivo valor pra meter a códea da bica no xerro e sacala untada na tona do leite.

Ó mesmo tempo que volveu tapar o xerro da mesma maneira que dinantes estaba, comía o rapaz aquela sopa, que lle sabía como naide pode maxinarse.

E volvía botar a porta fóra; pro niste medio tempo arremátaselle a sopa, metía na boca a derradeira migalla e ¡condenaito de trasno! parés que había un non sei qué que aconsellaba o rapaciño a que volvese atrás a tona do

leite; inda sintía entón máis cubiza de faguer a sopa que de pirmeiro, e, entro non entro, ¡non houbo remedio!, o coitadiño volveu ó bezo.

Escodela outro anaquiño de bica; rúbese ó mesmo tallo, que inda non soparara; na man izquerda os libros i a pizarra co pizarrín, que non pousara por aviar máis pronto, amparando coa mesma man o xerro, e na dereita a códea da bica, que, coma dinantes, mollou na tona do leite; pro

—¡Ai, recolmo! —di o rapaz.

Caieulle o pizarrín no xerro, índoselle ó fondo.

Forza era qitalo. Sin il no podía na escola esquirbir os números na pizarra.

Colle a rodela e, remexe que remexe no xerro, ¡vaiche boa!, o diaño do pizarrín nunca rubía engarrado nela.

Alcontrábase o rapaciño nunha forte apurada. Faguíase tarde pra ir á escola, e por outro lado temía chegasen seus pais e o collesen en somellante angueira.

E como aquil que di ¡fóra escrúpolos!, pousa no chan os chirimbolos aquiles da escola e, refucindo o máis que pudo a camisaña, mete o brazo dreto; pro non lle chegaba ó fondo pra arracadar o diaño do pizarrín e, dando un pequeno pulo, consegue tocarlle coa punta dos seus dedeiros; i estonces fai un pequeno esforzo, mais... ¡¡Cataprún!!...

Falsea o tallo en que estaba rubido e, caíndo co peito enriba do xerro, debrócase iste e caille no leite por si abaixo, poñéndoo ¡coitado! coma un San Benito; digo, non, os San Benitos de Palermo píntannos negros, i o rapaz quedara coma si acabara de nevar fortemente por il, pingándolle do seu corpiño os folepos da tona do leite que il tanto cubizara.

E quedou aparvado por un gran anaco; non deu un chío. Por fin dixo:

—¡Ai, mi manciña quirida! ¡Como vou faguer agora!...

Logo o pensou. Asina como estaba, sin coidarse de zarrar a porta, nin de que tiña que ir á escola, bota a fuguir coma un lóstrego antes que chegasen seus pais, en dirección ó regueiro que antes chamaban da Contada, que levaba unha gran corrente.

Chega a il, e, espindo nun sitio que viu aporpósito toda a súa roupiña, consistente nunhas cirigolas de estopa, un chaleque de pana e unha camisa de lenzo crudo, ponse a lavala como Noso Señor lle deu a entender.

¡Pro disgracia fatal! ¡Seica andaba o deño con iste rapaz! Ó estar lavando a derradeira peza, a camisa, márchalle, por arte de xuncras, polo regueiro abaixo, sin que lle poidese valer.

¡Probe rapaz! ¡Canto il se desdichaba!

Por fin, alá antre sospiros e choros, foi colgar as cirigolas i o chaleque nunhos salgueiros que había perto pra que se secasen, pois faguía un sol que escachaba.

Entramentres, esquecendo xa males pasados, foise ós niños tan campante e coma si nada lle socedera, asina, coma súa nai o parira; por un lado porque pode moito a inocencia, e por outro porque naide había por alí que o poidese ver.

Comeza a rexistrar as edras e silveiras das paredes, gabiotoando e mallando cunha cana onde lle parecía, vendo ó cabo de pouco tempo que ó dar unha canotada sai de antre unhos ramallos un melro faguendo *cherro-chocho*.

—Eiquí hai un niño de melros; vou rubir —dí o rapaz a tal ver coa legría que supoñerán vostés.

I efeutivamente; dempois de rexistrar ben,alcontrou un niño con dous melros novos, xa moi criados i a punto de voaren.

Colleu o dito niño e os melros drento e beixouse, non sin esgazar o coiro nas silvas.

E vaise con iles onde tiña colgadas as cirigolas i o chaleque, que, vendo estaban xa secos, visteu e marchouse de cara ó lugar.

Iba o rapás cos seus dous melros no niño camiñando arrente da parede da rapada do señor abade, cavilando na *felpa* que o esperaba en chegando á casa, cando ¡¡churrrrr!!

Un dos melros vooulle pra drento da tapada dita.

O rapaciño, ¡craro!, non tivo labor de máis présa que, collendo o niño por un lado cos dentes, gabear pola alta parede aquela.

¡Mais eiquí foi ela!

Asina que chegou coa cabeza ó cima da parede, mirando pra drento, óiselle berrar:

—¡Déiame o melro! ¡Déiame o melro! ¡Non mo agache! —i o mesmo tempo corría pra drento que nin un galgo.

¿Que era? A iama do abade, sentada no chan debaixo dunha figueira, antre unhos ramallos, estaba... eu non sei qué faguía, adevíñenno vostés; pro o certo é que ó ver o rapaz, moi de súpeto e como si se avergoñara de algo, tapou... non sei qué co seu antes alburuzado zagalexo.

I o rapaz seguía berrando:

—¡Déiame o melro! ¡Déiame o melro!...

—¡Quita de eí, rapaz ou deño! ¡Ti eres o namigo que queres atentar-me!

—¡Pois déiame o merlo...! ¡Ben llo vin dende a parede...! ¡Era negro coma iste...; tiña prumas coma iste...; tíñao pousado no chan onde o colo i está-balle faguendo festas, i ó verme, tapouno correndo co zagalexo...! ¡Ande, déiame o melro...!

—¡Si eres o demo, arrenégote! ¡Gasús que condergado de rapaz!

Como antre os dous armasen unha liorna que tiña xudas, ouciu os berros o señor abade e veu correndo ó sitio.

O rapaz, ó velo, legrouse crendo lle figuese dar o melro á iama.

Mais ista contoulle no sei qué ó ouvido do crego, el riuse e dille ó rapaz que se vaia; que non tiña somellante melro a iama, que aquilo que tapara era... outra cousa.

E cando o rapaz, levado de xudas, se dispuña a marchar sin o melro, iste deu dous chíos riba dun loureiro, saíndo, polo tanto, do erro en que estaba.

Colleuno e marchouse.

Cando chegou á casa, non levou a *felpa* con que contaba por querebar o xerro de leite e ir sin camisa prá casa. Non fora il soilo o das desventuras. Seu pai, estordegou un pé ó vir do muíño e tivérono que levar nun taburete prá casa; e súa nai, cortou un dedo coa fouce ó segar a herba.

¡¡Era martes!!



## A noiteboa dos labregos

Érase o vintecatro de Nadal.

Ergueuse o tío Facundo, como tiña de costume, moi cedo; ó mesmo alberexar o día polos buracos das tellas da súa chouza, botou fóra do leito i escomenzouse a vestir, como que nunca tivo preguiza.

Dúas horas facía que estaba esperto: o seu galo, que acostumaba apoiarse no curuto máis alto dos arcos das pipas que tiña na bodega, batexando as ás, anunciara por dúas ou tres veces que as sombras da noite iban desaparecendo, dando a voz de “alerta” polo xeito dos soldados, ou faguendo as veces dos rilós despertadores que agora usan os podentes.

Non digamos si chovía ou faguía bo tempo. ¿Pra que? O labrego non repara en somellantes andrómenas. Que chove, que neve, que trone, que relampe, que faga sol, arranca pra diante; súas angueiras nunca quedan pra mañán. O labrego desconece aquilo de “si o tempo o premite”, de que non pode prescindir todo prispeuto dises espeutacros que deron en chamarlle... ¡¡festas nacións!., en que é forzoso tinguir o chan con longos regueiros e fondas fochancas de sangue, mescrada, as máis das veces, pra máis befa, ¡a dos animás coa dos nosos somellantes!

.....

.....

O tío Facundo, facendo mentres de aiunar por ser día de vixilia, como bo cristiano, tomou a parva cunha cunha copa de augardente da terra e tres castañas secas.

E xa estaba erguendo o tarabelo da cancela do cortello pra xunguir os bois e levalos á tapada, cando súa muller chama por el e, con sorna, dille:

—¿Ti que dispós, Facundo? ¿Non sabes que hoxe é Noiteboa? ¿Que hai que diferenciala das demais noites!...

—Si, muller, ben o sei.

—¿I entón?

—Entón... colle o galo que fai un mes estás cebando e lévallo ó señor sacretario do auntamento, que sabes hai que telo contento pra que non nos *car-gue* os trabucos como o ano derradeiro; agarra as catro pelás grandes de manteiga que onte á noite fixeche e lévallas ó señor xues *de paz* pra que non nos teña de ollo na execución que polos tres pasos a rédetos presentou contra nós don Bartolo; mándalle ise gueipo de ovos ó señor cura pra que nos mire con consideración na doutrina e nos dea as papeletas do preceuto...

—¡Si acabarás! ¡Ti toleas! ¡Polo que vexo queres acabar coa casa regalando eiquí, regalando aculá...! Perguntábache, non máis, como diferenciamos a Noiteboa, que é hoxe.

—Xa sabes, Úrsula, que pró labrego non hai noite boa nin noite mala, todas son iguás; i o que cómpre é ter contentos a tódolos que nos poden facer algún dño... Pois inda nos falta *contentar* a don Baltasar, o zuruxano... a don Narcisio, o esquirbano... a don...

—¡¡A un xuncras que nunca te leve!!

O tío Facundo, vendo tan relaxada a súa parenta, querbando dos seus dereitos por non armar máis liorna, botou a andar cos bois prá tapada, onde estivo todo o día aguantando a crudeza do tempo. Xiquera quixo ir xantar.

I a tía Úrsula cos cachelos ó lume toda a santa tarde, refaguéndose e poñéndose máis duros que balotes, tampouco quixo xantar sin o seu Facundo. Solasmentes lle soparou unhos cantos a Míngos i Alberte, seus fillos, cada un en seu prato de pau, que xa comezaban a ingurrar a testa coa fame.

Pro escusado é dicir que a muller do tío Facundo, desque iste saíu da casa á mañán, non tivo labor de máis présa que contentar, como aquil lle encargara, o sacretario do autamento, o xues de paz, o cura, o zuruxano, o esquirbano... e non sei si algún máis.

I aquela muller cafanlle as bágoas polas meixelas cada vez que, con tais partixas, vía ir desaparecendo da súa chouza o pouco que nela tiña...

Ó toque das oraciós chega o tío Facundo, mete o gando no cortello dempois de sacarlle as esquilas, e, amoscado aínda polo que pasara á mañán, pide adustamente a colación. ¡Bo estrano! como que o aiuno fora maiúscolo: estaba coa parva das tres castañas secas i a copa de augardente da terra.

Súa muller, afafre coma nunca, e pouco menos que voando, crubiu a mesa e púxolle os cachelos que aínda tiña de mediodía; i ademais, *por diferenciar*, unha gran fonte acugulada de bacallau cocido con grelos, con aceite i allo rustrido, i un gran bolo de pan de millo, entranto que o tío Facundo foi á bodega escurrichar o pipote do *augapé*, do cal aínda lle pudo sacar un xerriño de vergas cheo, coma de tres netos.

E home, muller e fillos cearon... digo, tomaron colación en paz i en gracia de Dios, rezaron o santo rosario, acomodaron a facenda e camiñaron á cama.

Non foron á misa do galo, nin andiveron de gambernia, polas rúas endiante.

Lembrábaselles que de alí a tres días, o vinteseite, don Bartolo, o usureiro, vendíalle en subasta pública os dous millores leiros pra pago dos tres pesos i os rédetos diles, que rubían a moito máis, si non querían vender a disbarate a xunta dos bois, que era seu ollo dourado.

## Un bautismo na Ponte do Burgo

¡Agora vexan vostés por onde o demo as busca!

Alcontrábame no derradeiro sábado, a eso das doce menos carto da noite, asomado a un dos ventanucos da miña chouza, xa descalzo i en mangas de camisa pra irme deitar logo, contemprando as estrelas que as nubes iban deixando atrás, barómetro que os labregos consultamos cando, coma hoxe, se cubiza mudanza de tempo.

Estaba unha noite *de los cielos*: foi a millor, cicais, de hai tres meses esta parte.

Polo tanto a xente iba e viña de arriba abaixo e de abaixo arriba, unha acupada nas súas faianas, outra disfrutando dos encantos con que a Natureza nos brinda neste tempo primaveral.

Dúas persoas páranse mesmamente debaixo de onde eu estaba; fíxome nelas e vexo era o tío Menxengro, meu enxebre amigo, i un notario que anda moito con il.

—*Galiciano*, baixa —dime o tío Menxengra.

—¿A que deños hei baixar estas horas? —lle contesto, tembrándome as canelas co medo, cal si o deño lle puxeran a crus diante, ó ver tan preto de min a un Notario; porque eu á xente da curia mándoaa... compor.

—Baixa prontoño, ande, que vamos ver, paresmo, unha cousa que debe vosté riscar nos papés.

—Baixarei...

Poño as zamancas, visto a chaqueta e salio, levándome aquiles dous condenaitos de cara á ponte do Burgo.

Nin por Xudas me decían a onde me levaban; e unhas me iban i outras me viñan, hasta que por fin díxenlle.

—Pro, vamos craros, ¿seique vou servir de testigo pra levantarlle outra auta ó arredatario Piñeiro?

—Non —contesta o tío Menxegra—, vamos ver si hai bautizos na ponte, hoxe que é o último sábado do mes.

Xustamente, naquíl entonces o riló do Hospital estaba batendo as doce, hora en que aquiles *deben* faguerse.

—Vamos, pois, ós bautizos... —lle repriqueei.

Entramos na ponte. Unha lus vimos logo xunto ó cruceiro que ten no medio, lugar destinado pra esas angueiras, o que dende logo nos demostrou, a xusgar por outras veces, que había bautizo.

Efeutivamente: asina que alí chegamos, vimos que ó pé do dito cruceiro, sentadas naquíl banco de pedra que ten, estaban dúas mulleriñas, unha cun farol na man, que era a lus que deixo nembrado; quen pódose de pé, amostrando ó mesmo tempo unha panza deique a mañán, sin quitar nin pór dinos:

—Siñuritos: ¿cal de vostedes os tres me fai a gracia de servir, agora mesmo, de padriño da criatura que Dios me dea?

I o meu amigo Menxengra, como si xa as vira máis gordas, contesta:

—Eu: ¿que nome quer que lle poña? —ó mesmo tempo que lle descoletaba o xustillo i esbalandaba as... roupaxes, mollándolle dabondo o peito que tiña a escarrola cun grande ramallo de auga bendita, a cal de antemán lle dera nunha cazola a outra mullerçiña.

—Si é home —contesta a *operada*—, Manoel Bernabé; si é muller, María Pilara Bernabé.

A todo esto *O Galiciano* sirvindo de testigo, i o notario dito dando fe.

—¿Pro vosté —di á tal muller o tío Menxengra— non di as palabras?

—Eso... vai en gustos —reprica iste; I añade: —¡Ai! Esa auga que lle sobra, mire que a ten que beber.

—Non, sei que non se bebe.

—Bueno, eso tamén vai en gustos.

E sin máis cirimonias deuse por acabado o bautizo.

I o home da dita muller *operada* ponnos por diante un gran acifate acogulado de cachucha, lacón, chourizos, carne de vaca, pan de millo e viño, apurándonos a que disfrutasemos daquelo, pois non viña pra outra cousa máis que pra comer.

Renunciamos a tomarlle nada e, soilo pra compracelo, probámoslle unha fechiña de viño.

Estando nesto, chegaron alí seis ou oito lapadeiros da vila, e dixeron:

—Vimos tarde.

Os puñesfleros cheiraban larpadela.

¡Ai! Esquecáseme: aquela xentiña do bautismo era de San Xorxe de Sacos.

*O Galiciano.*

## A morte de Xusto

Ó porpoñerme a desquirbir a morte de Xusto, cicais coidedes, compañeiros, que vou tratar dun encumbrado persoaxe dises que en vida tanto relumbran e que cada cando, de boa ou mala gana, saudaraos con moitos *rendibús* en aparencia de grande respecto, i ó cabo da súa morte —porque neso de morrer todos somos iguás— non saben seus herdeiros que faguer pra que a pompa do seu enterro deixe por algún tempo relembrós daquil que, cicais, quixeramos esquencer ben pronto porque foi constante zumezuga do pouco que a costa de duros traballos, privaciós e disgustos podíamos adiquirir.

Si tal credes, pois, estades moi enquivocados: vou referirme a un sempre labrador, cal era Xusto, que non por eso debe estranarvos saia súa morte nos papés.

Vivía en santa paz en compañía da súa muller, chamada Rosaria, e de tres fillos xa gaiotes, tendo outro no servico do rei dende a quinta do ano pasado.

Anque entrado nos cincoenta anos, traballou, en canto pudo, seus pouquichiños bes e coidou das insinificantes facendas sin máis axuda que a que podían prestarlle seus ditos fillos.

Era libre de vicios, hastra non fumaba; soilo unha que outra vez, pra espilir o sono, faguía uso do rapé.

Temos, pois, que Xusto era, como sole dicirse, *de posición homilde*. Morreu dunha frebe; solasmentes estivo acamado once días.

Con razón a véspera de morrer, pola noite, os cadelos dos viciños, e mormentes o da casa, oubeaban que tiñan xudas; i a curuxa berraba enriba do tellado, i hastra se astreveu a entrar por unha ventana e saír por outra do mesmo sobrado onde Xusto sofía con pacencia os rigores das súas doencias, augurios todos ben craros de que moi axiña iba quedar aquela probe i esconsolada familia sin o seu millor amparo, sin o seu úneco agarimo, que tantas bágoas soupo enxugarlle en millores días.

Os grandes coidados i as moitas meiciñas, unhas caseiras i outras vidas da botica, non foron, pois, suficientes a conter aquela frebe que troixo loito e agunías sin conta pra aqueles desherdados da fortuna, e que, si, deixou ben parado o creto dos médicos que o asistiran por esa herba de caixón que teñen de “¡Estaba previsto!” e que nosoutros apoiámos co “¡Estaba de Dios!”.

Deixamos que a viuda, fillos e parentes máis achegados do que en vida foi modelo de maridos, de pais e de honradez se desfagan a choros i escramaciós arredor do leito onde aquel corpiño acababa de dar as derradeiras boqueadas e iba a présa quedando frío como o mármore, xa que tiveron o consolo —¡que non é pequeno!— de habelo visto morrer nos seus mesmos brazos, de asistilo e coidaló co ise cariño entrañable *dos seus*, que fai de nada careza o enfremo, cumpríndolle con gosto canto capricho i entoxo somellantes doencias fan apetecer, todo pola contra do que lle socede ós emigrantes que van ás Amérecas, pois, polo xeito das moscas cando aperta o frío do inverno, morren alí na máis compreta soedá, na máis triste agunía, sin ter quen lles dirixa unha soila palabra de consolo.

.....  
.....  
.....  
Depois que tan triste escena tivo lugar, cando xa unhos e outros se crubiron de resinación, mandou aquela afixida viuda levar ó forno catro sacos de fariña milla pra cocer, e que tres ou catro mulleres fosen á Vila mercar arroz, bacalao, azucre, castañas e sardiñas, todo con abundancia.

Á tardiña baixa xa aquela casa estaba atestada de xente; cuasemente os veciños todos, con especialidá as mulleres, acudiron alí por non deixar mal parada a costume que nos legaron nosos antepasados.

Alí polas oito, e cando o cadavre xa estaba lavado e porparado, de corpo presente na súa correspondente caixa, rezaron todos pola súa ialma; i asina como cousa das nove fóronse os máis diles, quedando a xente da casa, os *chorós* —que eran os que alí merecían máis confianza e correran con tódalas angueiras— i algún que outro amigo da casa.

I ensiguida todos iles, en santo amor e compañía, dempois de quitar o bolo quente do forno, nunha longa mesa i en grandes barreños, comeron, porparado como Dios lles deu a entender, o bacalao con arroz, castañas i azucre, e sardiñas fritas que, como dixen dinantes, se fora mercar á Vila, correndo cada cando as xerras do viño, todo cal si se tratase da [...] da festa do patrón.

Dempois de comer ben e beber millor —levantáronse todos da mesa e, de gionllos, rezaron á beira de Xusto pola súa ialma.

E dispuxéronse a *gardar* o cadavre toda a noite, que é eso que lle chamamos o *velatorio*.

Polo tanto, pra espilir o sono, homes e mulleres, en dúas grandes roldas, puxéronse a xogar ás cartas: nunha ás *narichadas* e noutra ó *burro*.

E mentras tanto, corrían dunha man pra outra botellas de augardente da terra, que se baleiraban coma por encanto; sendo todo motivo pra que hou-bese naquela casa, onde soilo debía haber pranto i angustia, unha algueirada, unha rebumbia de mil demos.

Alá sobre do día foi aquela xente esmorecendo, xa polo sono, xa por-que o viño i a augardente fixeran nos cerebros os seus efeutos; e un que se cai pra alí, outra que se cai pra aculá, amañeceron todos estumballados á larga en montós grandes e pequenos —como cadrara— sin pór mentes na distinción de sexos; non faltando, ¡canto fai a bebida!, unha parexa que, sin saber cómo, foi dar ó cortello dos cochos.

I en tal estado, co teu premissa, leutor, deixarei a todos... hastra que esperten.....  
.....

Serían as nove da mañán —dempois de haber os funerás na eirexa— cando, en medio dun xentío escomunal, saía o enterro da casa mortuoria, da que se abriron a un mesmo tempo tódalas portas e ventanas, botándose tamén fóra canto gando había drento, por aquilo de que a costume fai lei.

Os fillos e mais parentes de Xusto camiñaron detrás da caixa hastra o cimenteiro.

Soilo quedou na casa a afrixida viuda persenciando dende unha das ventanas a saída do cadavre, a grandes berros escramando:

—¡Adiós, meu quiridiño, vaste pra sempre e non me dices nada, tan faladeiro como eras!... ¡Non mo levedes, infames!... ¡Pedras desta casa, chorai polo meu home, que tódolos gustiños me compría niste mundo!... ¡Agora quedo soila como os corvos negros metida [...] caso de min!... ¡Xa os cas e gatos da casa me corren porque faltan os teus respetos!... ¡Quen vai agora cavar as leiras, podar as viñas, segar os centeos i estrumar o cortello, que naide entendía sinón ti!... ¡Di, home, di; a quen deixas encargadas todas estas angueiras!... ¡E quen vai gañar pra pagar os trabucos, as rendas i os consumos!... ¡Ai, desdichada de min; que vou faguer sen ti, Xusto!... ¡Meus filliños, quen vos vai manter, vestir e calzar!... ¡Veñen cartas de tódolos sitios, hastra de Bos Aires e Porto Rico, e dese sitio pra onde ti ves, que está tan preto, non pode vir ningunha túa pra saber si estás ben ou mal!...

Eiqué Rosaria, ó ver que o cadavre se iba aleixando cada vez máis, pertendeu chimparse da ventana embaixo, que houbera feito si tres ou catro comadres non tiveran man dela; e, con voz xa moi ronca, seguiu escramando:

—¡Eu eiqué non quedo; voume contigo, Xusto; quero meterme na cova onde te van meter ises desleigados!... ¡Quero ir dormir contigo os eternos sonos da morte!... ¡Agárdame!... ¡Ti non me fas caso!... ¡Adiós, pois, meu consolo; dálle moitas mamorias a teu compadre Xan, que agora terá por compañeiro nesa terra dos estranos onde estades tantos xuntos sin falar unha palabra!... ¡Dáme unha faliña por despedida, que agora non durmo contigo máis!... ¡Meu santiño San Pedro che abra as portas do ceo pra que cando morra eu i os teus filliños nos rubas por unha man!...

Moito, moitismo máis, escramou a viuda de Xusto, que eu non poden reter na mamoria.

I a todo eso camiñaba o enterro polas tortas e pinas congostras hastra que chegou ó cimenteiro.

Xa estaba a cova aberta; pousouse preto dela no chan a caixa, i o cura botou unhos cantos responsos de *Lázaro* e de *Recorderis*, que os parentes i amigos iban pagando a toca texa, a máis ou menos precio, cicais porque unhos teñan máis merto que os outros.

Desque non houbo máis *paduanos*, cando a caldeira da iauga bendita estaba pouco menos que mediada de *cadelas*, meteuse a caixa drento da cova; e pirmeiro os fillos de Xusto, dempois seus demais parentes, e por último todos cantos hastra alí chegaron, colleron puñados de terra que bicaban e botaban enriba da caixa cos ollos arrasados de bágoas, acabando o enterrador de encher a cova co resto da terra.

¡Aquela misión estaba cumprida!

Pro inda faltaba algo si ó pé da letra habían de ouservarse as costumes que pra tales casos nos impuxeron nosos avós.

Todo aquilo xentío que foi ó enterro, deu volta de seguida en dereitura á casa mortuoria pra dar o *pésame* á viuda; i ó chegar a ela, volveu esta escramar:

—¡Onde mo deixades, desconceñidos!... ¿A que non tivestes o acordo de deixarlle un buracuño na cova pra que poida tomar alento aquí amantiño da miña ialma?... ¿Non vos deu ningún recadiño pra min aquela prenda?...

Si dixo máis a esconsolada viuda, non se me lembra.

I a maneira que iban rubindo ó sobrado, vían que en longa ringuileira de mesas unidas unhas a outras, cubertas con brancos mantés, estaban fume-gando grandes barreños acugulados outra vez de bacalao con arroz, castañas e azucre, e sardiñas fritas.

I en medio dunha gran rebumbia foise sentando toda aquela xente —¡contei-nos ben, eran *cento e vinte!*— que comeron e beberon hastra máis non poder.

Loigo que acabaron, rezaron de novo pola ialma do difuntiño; e cada un foi desfilando prá súa respetiva casíña, menos os *chorós* i algún que outro amigo da casa, que quedaron alí hastra a noite, volvendo cear todos en grande, e rezar... non tan en grande.

E, cal *A morte de Xusto*,  
verás, leutor, as demais  
nas aldeas de Galicia,  
pouco menos, pouco máis.



## O ramo

Si ó ler o derradeiro epígrafe “O ramo” coidades, compañeiros, que vou falar do ramo de palma que unha moza solteira leva —con razón ou sin ela— enriba da caixa cando a conducen antre catro homes ó cimiterio, levades chasco.

Tampouco me porpoño tratar do ramo que a señora Úrsula foi encargar inda antrote á vila con cintas, escapularios i outros ringo-rangos pra levar a bendicir seu subriñiño Bastián á misa maor de Domingo de Ramos, que está á porta.

Nin do *ramo cativo*, nin doutros máis ramos que hai e que, conveño, vos entretería millor súa discreción.

Vou falar simplemente do ramo da miña viña, que, por máis que non sexa de mor interés, hai aquilo de que... inda foi onte. Comezarei, pois.

Sete homes rebustos coma trinquetes e dúas repoludas mulleres deron principio ó mesmo alberexar o día do xueves derradeiro á poda da miña viña, alí onde chaman “O Couso”.

Afortunadamente o tempo non podía ser millor. Mui loigo que os pirmeiros fulgores da mañán faguían espertar e saír de antre as silveiras ós melros e dos altos loureiros ós esturniños, o sol bicaba morosiña e mornamente os rostros daquiles escravos do traballo, parecendo alentalos naquela faena que se vía acometeran cun interés non acostumado, sempre por igoal, hastra que a noite comezaba a crubir co seu negro manto a atmosfra; cando a campá da ermida tocaba as Avemarías e, polo tanto, non se oucía máis que o canto das algueirantas arrás i o dalgunha que outra rouqueña alacrán.

Asina pasaron os dous pirmeiros días, xueves e viernes, sin que ningún daqueles homildes fillos do traballo esmaiasen pouco nin moito, pola contra do que pasa nas demais podas das viñas, que fan unha *doca* de mil demos.

Pro ten a súa espricación. Anque foran axustados *a secas*, tiña o especial coidado de *mollarlles* a gorxa de cando en vez cunha cunquiña daquil chir-lán do ano pasado que inda teño reservado no fondo da pipa, i ademais alargáballe ós homes un cigarrillo de papel i ás mulleres... ¡ás mulleres!..., contáballes historias de cando andiven no servicio do rei i algunha que outra chuscada que eu vía non caía en saco roto.

I agora que botan unha copra, que dempois un aturuxo, adiantaban no traballo que era un milagre.

Mais xa que falei de copras, perdoaime, leutores, vos interrumpa copiando eiquí dúas que unha daquelas mulleres —a máis nova i agraciada— cantou, mirándome con sorna:

Cos teus ollos picareiros  
mírasme moi de soslaio...  
¿Que queres? Sin pecar podó  
secorrerte? Fala craro.  
Unha vez... ¡dúas veces xa!  
con manganchas me inganaron...  
Teño os sentidos espertos  
¡na terceira non che caio!

Non digo que virase de coor cando aquela meiga acabou de botarme as dúas derradeiras copras, pro a verdade sexa dita, non me deixaron ben parado: os lidos en retranqueiras, dempois de *diseminadas*, convirán comigo en que teñen moito *pesqui*.

E, feito iste pequeno parentís, acupareime do terceiro día, de onte, sábado, cando houbo *O ramo*.

Eran as seis da tarde. O sol comezaba a perder as súas forzas e camiñaba a présa pra esconderse, cal decote, nas mainiñas i azuladas augas da nosa ría, escontra Marín, avermellando cada ves máis aquela parte do hourizonte pra convirtirse no máis fermosíño paniorama que, como seica en ningún outro punto, con estraneza contempromos as caídas da tarde.

Aquiles sete homes e dúas mulleres estaban pindurados na parra de xunto a bodega, úneca que faltaba por arrombar, sostidos en cabaletes, en escadas, en táboas que a seu xeito puñan, eu lin, cada un como podía. Naquel estonces tiña eu conta da escada á que estaba rubida percisamente a meiga das copras, porque ademais de ter esmoquenados os pés e, polo tanto, desiguás, estaba toda ela escangallada —arrefrome á escada, ¡jái a meiga...!— que xa acordaba o rei que rabiou...

Collía, pois, fortemente con entrambas mans da escada, cos ollos cravados... no chan, por vírseme ás mentes eso que din que, mirando moi de fite prás herbas, vense medrar; cando, ¡nunca se me esquencerá!, un condergado abellón, que viña zoando e de por forza tolo, ¡zas! zorrégame un zalaspastrazo na testa que me deixou sin sintido, á que axudou a contribuír un: ¡Xiii!... ¡xiii!... ¡tras! ¡tras, tras! ¡tras, tras, tras! de dous foguetes de tres estralos que a un mesmo tempo —coma si estiveran de acordo— preto de alí i escontra o camiño, atroaron o espazo, e ¡¡cataprún!! escada e muller cairon ó chan, aquela feita mil anacos i esta espaturrada antre os mañuzos de vimias de atar as parras.

Pro aquel pequecho contratempo durou pouco, i os homes siguiron traballando seica con máis fe que dinantes, percurando dar axiña remate a aquela angueira, marmurando, si, antre dentes:

—“¡Temos bo amo! ¡Xa sabiamos que non é cicateiro! ¡O seu *ramo* nunca falla!...”

As mulleres tamén caíron na conta: no que quirían dicir aqueles dous foguetes, e, moi afaenadas, comezaron a facer un ramo con arcs vellos de pipote, loureiros, hervedos, laranxas e frores de xunco e pirmaveiras.

E neste chega unha muller, suando gordas pingotas pola testa, cun gran cesto na cabeza, cuberto cun branco mantel, que rescendía seu cheiro a corenta pasos.

Escuso, pois, dicir que os ditos dous foguetes anunciaban, non somentes ós meus xornaleiros, sinón ós viciños todos, que iste labrego sabe respetar tamén as costumes de nosos avós, non pondo reparo, ¡afellas que non!, en facer ise pequeno agasallo a aquilles nove desherdados da fortuna, ¡nove víutemas dos pudentes! que andan de porta en porta, a ventura de Dios, gañando un cativo xornal pra poder vivir, ¡si é certo que eso vivir se chama!

Drento de pouco comeza a anoitecer. As esquilas das vacas soaban cada vez máis anunciando viñan xa estas de retorno prós seus respetivos corcellos.

I aqueles sete homes, coa forza toda dos seus pulmóns, botaron un ¡¡*jabalao!* siguido dun forte aturuxo.

Déraselle, pois, remate a aquela angueira, polo que, coas maores mostras de satisfacción, cravouse o ramo que fixeran as mulleres —por certo con moita maestría— enriba do lumiar da porta da viña.

E de siguida, polo xeito que é levado un santo en andias nunha prociación, asina foi levado á bodega o cesto da *pitanza*.

Alcendeuse o candil, saquei viño na xarra grande de vergas e curbiu a mesa, digo, o cesto co mantel.

¡Aquela xente toleaba de legría!

I entretanto que cortaba grandes rabandas dunha escomunal bola de millo, unha muller baleiraba o pote nun barreñón máis grande... que a gracia de Noso Señor, que disque non pode ser mor.

Eran xurelos guisados con patacas, cun prebe que escantillaba de bo.

¡¡Ah de Dios!! ¡Nai que me pareu! Daba groria, afellas, ver como aquela xente... quitaba os pés das alforxas. Nin que estiveran en aunas —¡quen sabe, poida ser que inda algún estivese!— ¡Que modo de comer! ¡Que ape-tenza!

Pro como soilo foran no cesto dúas cucharas de pau e tres tenedores de cascarilla —aposto que non teño máis na casa—, aquiles que se discuidaron tiveron que facer cucharas provisionás con canas gordas, i outros valéronse de códeas daquela vica, porparadas convenientemente.

E, polo xeito dos frades —asegún din— comían us e outros sin falar palabra.

I a xarra do viño corría a rolda sin cuase parar.

Máis tarde, cando a barriga estaba xa un tanto repreta i os cerebes algo quentes, había cada chuscada, cada discurso que a Dios chamaba de ti.

Loigo, por remate, fun á garrafa da augardente da terra e saquei unha botella chea, bebendo cada un a que quixo. Dempois... ¡dempois era ela! Copras e máis copras, aturuxo sobre aturuxo, aquela xente toleara de vez, non se contiña; i asina saímos da bodega —dempois de faguerlle a cada un a súa contiña— con moita legría, si, pro en paz i en gracia de Dios.

Non había lúa, pro os luceiros alumaban dabondo.

Cando camiñaban, todos xuntos, pola calzada arriba, iban cantando o tradicional *alalá* e co il as seguintes copras:

Iste ano que hoxe tivemos  
que moitismos anos viva,  
si non queda satisfeito  
volverémolle outro día.

¡Vaia un ano farturento!  
nunca o habemos de esquecer  
polo moito que nos deu  
de comer e de beber.

Chámenos ¡por Dios! pró ano,  
que a medio xornal lle vimos;  
ano que tan ben se porta  
meresce ser atendido.

## Lisardo Rodríguez Barreiro

### Datos biobibliográficos

Lisardo Francisco Rodríguez Barreiro naceu na parroquia de San Martiño de Noia, o 7 de xaneiro de 1862, e morreu, viúvo, na parroquia de Santa Baia de Arealonga de Vilagarcía de Arousa, o 14 de maio de 1943. Era fillo de Manuel Rodríguez Filgueira e de Manuela Barreiro Rodríguez. Os seus avós paternos, Francisco e Xosefa, eran veciños da vila de Noia; mentres que os maternos, Xosé e Cristina, eran naturais e veciños de Santa Cristina de Barro, tamén no concello de Noia.

Lisardo Barreiro, como adoitaba asinar os seus escritos, rematou as carreiras de Farmacia no 1886 –pois ese era o desexo de seu pai<sup>307</sup>–, e Medicina no 1894. Foi director de Sanidade Marítima, en Vilagarcía, e Inspector de Emigración.

O 27 de marzo de 1889, con vinteseite anos, casou con Amelia Reigada García, filla de pais asturianos, que só contaba dezaseis anos. Froito do seu matrimonio naceron catro fillas: María Amelia Segunda, Manuela Escravitude, María Carme e Aurora.

Segundo os datos que el mesmo achega no seu libro *Evocaciones*<sup>308</sup>, sabemos que Lisardo foi á Coruña como cronista especial do concello de Compostela, acompañando unha comisión municipal, para obter do rei Afonso XII a concesión do ferrocarril entre ambas cidades.

Daquela traballaba como redactor en *La Voz de Galicia* –nesa mesma época publica na imprenta deste xornal o seu libro de versos bilingüe *Muestras sin valor*–, en *El Clamor del País* e en *El Clamor de Galicia*. Daquela establece unha fonda amizade co poeta Eduardo Pondal.

Tamén daquela, debido a unha enfermidade de Victorino Novo, dirixe temporalmente *El Correo Gallego* de Ferrol. Coñecida a morte de Rosalía de Castro, el mesmo colabora na organización da velada necrolóxica celebrada na Sociedad de Artesanos, que será presidida por Castelar.

Lisardo Barreiro tamén viviu en Madrid, onde ó pouco tempo de chegar á capital estableceu unha calorosa amizade con Curros Enríquez. Xuntos visitaban case diariamente, no seu estudio da rúa Horno de la Mata, ó pintor da Guarda Manuel Ángel. Na casa deste, unha tarde gris, o poeta contoulles cómo escribira a famosa poesía “No xardín unha noite sentada”. Na súa estancia na capital tamén estableceu relacións cordiais con Benito Pérez Galdós, con

---

<sup>307</sup> Información aparecida no seu libro *Evocaciones*, que Xaquín Pesqueira reproduce na súa reseña “El último libro de Lisardo Barreiro” publicada na revista *Finisterre*, Pontevedra, nº 1 (1 de setembro de 1943).

<sup>308</sup> En *Finisterre*, Pontevedra, nº 1 (1 de setembro de 1943).

Emilia Pardo Bazán e, moi especialmente, con Valle Inclán, pois Lisardo era amigo do pai deste, de quen fora colaborador no xornal *El Eco de Arosa*, sendo moi novo.

Politicamente sabemos que militou no Partido Galeguista, do que mesmo foi nomeado representante en Vilagarcía.

En 1939 foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega.

Lisardo Barreiro foi autor de diversos poemarios en galego e en castelán. O volume *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia* viu a luz na Coruña, na imprenta de Andrés Martínez Salazar, no 1890. Uns anos máis tarde publicou *Muestras sin valor. Pasatiempos literarios*, A Coruña, 1884, cunha cartaprólogo de Francisco Romero Blanco. É un libro de poemas bilingüe que inclúe unha narración en prosa castelá titulada “La roca de la muerte”.

Da súa autoría tamén son os folletos “El soldado gallego”<sup>309</sup>, no que se contén un poema do mesmo título, e “Ofrenda”<sup>310</sup>, no que se publica outra composición poética tamén en castelán.

Na cidade de Santiago aparece anos máis tarde publicado o seu libro *Escumas e brétemas. Versos gallegos* (1923). Neste volume recóllense biografías acompañadas de interesantes fotografías e debuxos de varios escritores galegos: Rosalía, Pondal, Curros, Xesús Muruais, Xoán Barcia Caballero, Andrés Muruais, Aurelio Aguirre, Concepción Arenal, Cabanillas e o mesmo autor do libro. Alí dá noticia doutras obras da súa autoría, entre as que se contan o poemario *Froles murchas e Cartas rurales*, este último escrito en prosa. Ademais destas pezas literarias tamén informa doutras obras científicas propias: *El virrey de los metales*, *El mildew*, *La esencia de trementina* e *Riquezas olvidadas*<sup>311</sup>, da súa autoría.

No eido da narrativa en lingua galega, a súa produción resultou máis escasa pero de moi ampla divulgación na prensa periódica, o que proba a boa recepción que obtiveron os seus relatos. O texto “A lenda d’as Burgas”<sup>312</sup> foi o máis divulgado e o primeiro en ser publicado. Tamén de pronta publicación

---

<sup>309</sup> Barcelona, 1897.

<sup>310</sup> As Palmas, 1911.

<sup>311</sup> Na nosa tarefa de investigación localizamos na revista *Finisterre* unha interesante recensión de Xaquín Pesqueira quen, con motivo da morte do poeta, dá testemuña de ter lido os volumes anteriormente citados e achega a noticia do último libro de Lisardo Barreiro titulado *Evocaciones*, que figura inédito.

<sup>312</sup> Aparece case simultaneamente nas revistas: *O Galiciano*, Pontevedra, parola nº 54 (15 de setembro de 1885), pp. 1-2 e en *O Tío Marcos d’a Portela*, Ourense, parrafeo nº 96 (20 de setembro de 1885). Posteriormente reproducese ese mesmo texto en *A Gaita Gallega*, A Habana, Tocata 8ª, ano segundo (28 de febreiro de 1886). E transcorrida unha década o texto aparece novamente reeditado, con numerosas variacións lingüísticas, no *Boletín Bibliográfico de la Librería Gallega*, A Coruña, nº 8 (agosto de 1895).

foron os seus escritos “Unha alborada”<sup>313</sup>, “A ribeirana según Sarasate”<sup>314</sup> e “Unha visita a Rosalía de Castro”<sup>315</sup>.

No *Almanaque de Galicia* de Ferrol, publica unha ducia de contos breves, todos eles recollidos da tradición popular que figuran agrupados baixo o título xenérico de “Doce contos”<sup>316</sup>.

## Comentario dos textos narrativos en galego

A pegada da tradición popular está presente en todos os escritos de Lisardo Barreiro. No seu texto máis divulgado, “A lenda das Burgas”, acode ó esquema clásico da transmisión oral para o seu comezo: “*Contáronma no Ribeiro... preguntoume sorrindo: «¿Ques que cha conte?...» E escomenzou así a lenda:...*”.

O mesmo tema do relato, a lenda que conta a orixe das Burgas na cidade de Ourense, procede tamén da tradición oral. Incluso algúns dos personaxes arquetípicos que nel figuran, como é o caso da taberneira ou o pastor, teñen unha fonda orixe popular.

Dunha maneira moi especial aparece esta pegada da literatura popular na recolleita realizada polo autor dos brevísimos relatos da tradición oral que narran anécdotas chocalleiras, moitas delas protagonizadas por curas, sancristáns, etc. os que o autor reelabora e dota dunha singular carga expresiva.

Esta presenza de trazos populares obsérvase tamén dun xeito moi significativo na lingua, onde se rexistra un elevado índice de fraseoloxía tradicional (ex.: “*coma gato escaldado, morra o conto, quedar sen alento, alegre como unhas páscoas*”) e unha consciente plasmación da diglosia existente na sociedade da época. Especialmente ilustrativo deste aspecto resulta o conto do señorito coruñés, en Madrid, falando co seu paisano.

Pero será especialmente na descrición de ambientes e sentimentos onde este autor acade os seus maiores logros narrativos. Destaca neste aspecto

---

<sup>313</sup> En *O Tío Marcos d’a Portela*, parola 100 (18 de outubro de 1885). Posteriormente reproducido nas revistas: *A Gaita Gallega*, A Habana, Tocata 9ª, ano segundo, (31 de marzo de 1886); *O Galiciano*, parola nº 84 (1 de maio de 1886), pp. 1-2.

<sup>314</sup> Recollido en *Biblioteca Gallega*, pertence ó seu libro *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*, A Coruña, Andrés Martínez Salazar editor, 1890.

<sup>315</sup> En *El Eco de Galicia*, A Habana, 2ª época, nº 150 (31 de maio de 1885), p. 4. Posteriormente figura reproducido na revista luguesa *A Monteira*, nº 56 (25 de outubro de 1890), pp. 1-2; onde se nos indica que é un texto da obra *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*.

<sup>316</sup> En *Almanaque de Galicia*, Ferrol, 1891, pp. 90-94. Estes relatos aparecerán posteriormente reproducidos individualmente no xornal *El Eco de Galicia* da Habana, no ano 1893; na revista *Mi Tierra* de Vilagarcía, no 1897 e no xornal *El Eco de Galicia* de Bos Aires, no 1899. Este primeiro conto da serie aparece reproducido baixo o epígrafe “Contos gallegos” na revista de Vilagarcía *Mi Tierra*, nº 5 (27 de febreiro de 1897), p. 39.

o texto “Unha visita á casa de Rosalía Castro”, no que o autor describe cun fondo lirismo o transcorrer daquela mañá chuviosa no Padrón da poetisa, que evoca a melancolía recollida nos seus versos. Pero tamén o relato “Unha albo-rada”, no que nos transmite, coa alegría propia dun día de festa, o transcorrer desta xornada de xoldra nun porto galego. En ambos textos o autor alcanza un ton interesante.

Concluimos, pois, que ademais dunha idealización da paisaxe rural galega, nas súas descrições, a miúdo, está presente unha identificación coa natureza, de tal xeito que esta se adecúa ós sentimentos que nos tenta transmitir o narrador do relato producíndose unha íntima comunión ou harmonía do home coa paisaxe.



## A lenda das Burgas

Contáronma no Ribeiro... ¡Acórdocheme ben! Sentámonos Sabela e eu na beira do río que se esmorecía xemendo xunto os erguidos brisos, lambendo as follas da lingua de ovella e engarrando brillante nas picoadas silveiras.

A noite era de lúa crarísima; mesmamente semellaba o día, como foi polo tempo do vran, as rans cantaban nas augas paradas, e algún laberco dos que estaban regando a horta aturuxaba dicindo: «¡Viva o Ribeiro, rábea!...».

Destonces, Sabela preguntoume sorrindo: «¿Qué que cha conte?...». E escomenzou así a lenda:

Unha ves era un pai e tiña tres fillos; ó millor diles chamábanlle Pedro, e na casa adourábano polos vivires; os outros irmáns sempre andaban de troula por romaxes e fiadas armándolle ás mozas cal coa gaiola ós melros.

Pedriño, como lle chamaban por toda a redonda era de bon facer; tiña un caráuter moi manífico; xamais berraba encirrándose, daba consellos á todos de virtude, e sabía máis doutrina que o abade, era un sentido.

Unha ves correuse polo lugar, que Pedro fuxira da chousa, porque seu pai non o quería poñer a estudar pra crego...

Dimpois de moitos anos sópouse dil; pro xa non era coma nós: estaba feito un santo.

Acolá enriba, naquela serra onde hai tanto pedragullo houbo unha ermida agachada na creba do monte, pois nela estaba o Pedriño facendo penitencia antre aiúnos e rezo. Soilo coma a fror do toxo que amarga que ten demo, e gomos de viña, polo tempo; beber bebía auga da chuvía. ¡Mal pocadiño, cantos traballos pasaba!

Nunha tarde melancóneca de outono, Pedriño enfermou como se estivera tocado do peito; tiña unha tos de ovella.

Debeu tomar medo, porque, anque santo, era de carne e óso e chamou a un pastor pra que o coidase.

Eiquí na vila, hai unha rúa máis antígoa e vella que o andar a pé, ó cabo dela érguese unha casa que hoxe ten os lenzos das paredes escagallados e da cor da parromeira... Naquela casa hai unha taberna: *A taberna do Cristo*.

Aló na remota idade en que os condes vivían nese castelo que está ó comenzo do pobo de Rivadabia, que o presente óllase desmoroado, sin almenas nin fochancas, donde os homes caían cal si foran lousas, había na taberna en custión unha muller tan bonita como un ouro; non contaba máis de quince anos, súa cara lembraba as das virxes e a súa alma achegábase a mirar por seus ollos negros coma dúas uvas tintas das ribeiras do Avía... ¡Ai, ser era un encanto a tal rapaza! Nomeábana Aurora...

Certa tarde algareírouse a xente da vila, correndo medorenta polas estreitas calexas arrempuxándose e ceibando berros. Alguén dicía que era o desleigado Pedro Madruga que viña fender cacholas e segar pescozos..., por fóra dos muros non se ouvía miga, nin se supoñía nada do que dentro pasaba. O conto é que na empinada costa onde estaba, e aínda se senta, a *Taberna do*

*Cristo*, víase un corpo estirado e sin vida con cen feridas feitas a pedradas polos do pobo, xunto ó morto víase un a modo de vaso de prata...

A Aurora cortexábana os galáns de por eiquí máis apostos e máis acomodados, ela non quería a ninguén... Minto, estaba loucamente namorada dun pastor... do criado do santo da ermida, el ñoraba a querencia de Auroriña.

Por fin, vendo a rula que o cazador non lle facía caso, quixo vengarse.

Esperou aquela tarde en que iría merca-lo viño pro ermitaño, non podendo atura-lo ardente cariño que lle alcendía o peito Aurora díxolle nunhas faliñas coma a derradeira nota dunha arpa:

—Eu estou tola por ti, ¿quéresme?... E ó decilo meteulle sin que el se procatase, unha cousa no peito, que relumbraba...

—¡Non podo, Auroriña; non mo permite meu amo! Díxolle el.

—Xúroche que mas has de pagar caras –repuxo a taberneira-. E ó mesmo punto botouno fóra da tenda e púxose a berrar á porta cramando: «Ah de Dios, que me roubaron unha copa de prata»

As pedras zoaron polos aires, homes, mulleres e nenos agarraron do pastor guindárono no chan morto...

No peto tiña un vaso de prata.

O corpo foi arrastrado, esbandullado e posto nunha esquina fronte á taberna, pra escarmento. Alí púxose dimpois unha crus de pau, e as mulleres devotas alumearon con aceite...

E a tradición alcuñou a casa da Aurora: *A taberna do Cristo*.

O señor Pedro esperou en valde a volta do criado.

Cando lle dixeron o feito a rabecha púxolle cachenas. Chorou e calou, virando os ollos pró ceo cos puños pechados...

Din que o santo viña botar eiquí as augas de ferro, quentes e frías. Pro en venganza do sucedido, arrecadou as limetas onde as gardaba cal a semente, e como gato escaldado, fuxeu pra Ourense.

Xa alí, cacheou un bo corruncho, baldeirou as limetas das augas e cáseque no mesmo istante comenzaron a rebullece-las Burgas, unhas fervendo a cachón, outras fresquiñas e salitrosas cal a néboa nas praias...

Dimpois collendo a súa capiña remendada, estendeuna sobre o Miño, púxose enriba dela e deixouse ir coas mainiñas ondas que o levaron a un remanso do río, moi lonxe. Foi dar a Tui, xa cadavre, pro arrecendían as súas brancas carnes cal as rosas dun xardín de Pontevedra.

Na catedral de Tui, existe aínda un leteiro que di pouco máis ou menos: «Por eiquí nasceu San Pedro González Telmo, i eiquí se enterrou».

Xa cafa moita xiada xunto ó río... Sabela calou.

Entramentres sacudiamo-la terra de estar sentados, un reiseñor cantarexaba na ponla dun olmo...

—Vén tódalas noites de luar cantando ó pé do río, adivirteume Sabela: «Por eiquí din que é a almiña de Aurora encantada polo santo».

## Unha alborada

Morrían as estrelas no ceo cal si fosen ollos que pestanexasen na inmensidade...

A noite arrecadaba seu enloitado e longo pano envolvéndoo alá lonxe nos subidos curutos dos montes, coroados de brétema...

Na braña e nos outeiros ouvíanse marmullos e revolementos que ás veces semellaban falas de xente i outras rozamentos de follas, bulir de regueiro ou calado zoar de abellóns...

O porto repousaba cal un pobo sin veciños, soilo no medio do cha-prado erguíanse catro paus que tiñan na punta un reducio pra soste-  
r unha madama, un serrador e dúas rodas de fogo.

O mar lambía amorosiño as orballadas ribeiras i as ondas estralaban engarrando bicos nas penas que o faro do cabo alumeaba de cando en cando, ó mesmo tempo que algunha dorna varaba coa quilla na deserta praia.

Pouquiño á pouco sintíronse, preto e lonxe, cacarexos dos galos que se espreguizaban batendo as ás, piteirando no poleiro, algunhas portas das chouzas do porto ruxían co abrir e pechar da xente que se erguía pra ir á misa da alba; algúns verdedóns puxéronse a cantar en riba da ponla máis alta dos ameneiros que hai xunto ó río.

Destonces, aló, de antre o mar e o ceo, comenzou á brilar unha fogueira que axiña ceibou labaradas que encheron de cores o mundo.

¡Xa era día!

Estralou un foguete, deixando nos aires catro moxenas que se apagaron, e fume que se espallou co vento.

As campás da igrexa deron unhas badaladas alegres e churrusqueiras, facendo salta-los nenos do leito pra calle que, cuasemente, tiña algunhas tendas abertas e rosquilleiras nos corrunchos.

O adro da igrexa foise enchendo de xente de tódalas castes, había rapaciñas da aldea xeitosas e boniteiras cos mantelos dobrados enriba da cabeza dos alisados cabelos; pequenos, cos dedos cheos de coteladas dos croios do camiño, e coa camisiña branca chea de remendos e sin botón na fita, onde as pulgas lle puxeron dibuxos de pínugas, bellos coas mans no peto da chaqueta de pana cunha xarra no lombo, que se arriscaban enfurruñándose ó falar das pencas das contribucións...

Houbo un anaco de tempo en que todos calaron virando a cabeza cara á porta da sacristía; un xuncras dun rapaciño, torto, de mariñeira e sudeste pegou un brinco en redondo contento coma unhas páscoas; os seus compañeiros seguiron correndo, os homes déronlle a última trompada ós chicotes que esborrallaron do lume meténdose detrás da orella, as rapazas colléronse dos brazos estarricando os paniños nos dedos e sorrindo...

Naquel mesmo punto apareceu o gaitero no adro.

Ceibaron dende o campanario outro foguete que errou... sin estralar, os rapaces berraron de goce formando riola e choutando diante da gaita.

Era o día da festa do porto; o gaitero tocaba unha alborada.

Eu non sei qué encantos ten pra min esa múseca da nosa terra, que tanto me fai sentir.

A alborada é o tenro cantariño, o esmorecente alaio do corazón namorado, a meiciña das fondas coitas.

Ela fálanos das melancónecas brétemas do outono, das anduriñas que foxen, dos irmaus que van pra Amérecas, as notas que repinican no punteiro son como asubíos do melro na carballeira, o soar do ronco, lembra queixas, bágoas e esquecementos.

Ela recórdanos o lar agachado na creba do monte someado por pinos, as noites de luar do turreiro, as romaxes, as fiadas, o chan quirido!

Xamais se me esquererá do pensamento aquela alborada que ouvín no porto polo vran; as notas de aquela gaita engarceinas cal pelras nos meus recordos de neno.

Eran as oito da mañán cando o gaiteiro entrou na última taberna pra remolla-la palleta.

Polas rúas ciscaran feixes de espadañas e fiúncho, que recendía ó día de Corpus, os rapaces xogaban na praza facendo nunús das espadananas pra tocar, namentras non saían os santos da igrexa.

Non sei canto tempo fai desto... pero aquela alborada háseme de acordar sempre.

No mesmo día en que a ouvía souben que fondeara na bahía do porto un barco que viña da Habana. Alí tiña a meu irmán e esperaba carta del... Cando a leín quedei sen alento... Meu irmán morrera do peito e soedades e un amiguiño dábame a nova, dicíndome: «Teu irmanciño morreu da alborada».

Destonces, pra min, a alborada soilo me dá sofrentos e tristuras.

O mar foise picando pouco a pouco, o ceo estaba limpo e crarísimo...

Alá, lonxe, ó cabo do porto inda se ouvía ás veces o deixe da alborada que voaba polos aires en sospiros...

\*\*\*

## A ribeirana por Sarasate

*¡Si me tocaras airiños,  
cando me cadre morrer  
morrería contentiño!*

Foi unha noite...

Aínda nos oídos me zoan cantariños de ángeles, aínda se me bate o corazón degorante, aínda sinto que me rechinan no lombo os respigos docísimos que sentín na pracenteira velada.

Cando vin a Sarasate non sei qué diaño de meiga me fixo pecha-los ollos, e astra coído que soñei: ¿Quen non soña oíndo tocar ó artista da nobre Euskaria, “Airriños da nosa terra”?...

Xa esmorece a lus das candilexas e todo quedou calado...

Velo aí vén, velo aí vén, sereo, xeitoso e circio; non ten a gaita mimosa, nin ferreñas nin pandeiro.

Pero a min antoxouseme o fraque do artista sin comparanza, chaqueta de pardomonte con rabo, as súas guedellas rizosas, repinicada monteira; e o violín, escola de reiseñoles, mesturanza de asubíos e queixumes, fonte de bágoas sacretas, niño de coitas e músecas, louco que ri e que chora...

Nos eidos dos señores na enas que non acogaban, bonitiñas coma ouros, escarramelaban os ollos sospirando, e nos poleiros máis altos houbo un delirio do pobo.

¡Adediós, aprausos que alí estralaron!

Ouvíronse unhas notas churrusqueiras, de encomenzo, que soaban coma vinchas de vidro cheas de armunías que estralasen moi lonxe quedidamente, notas que ás veces facían cóchegas de pracer inespricable e purísimo.

Espallouse pola sala arrecendor de xardín das Mariñas, de veiga de Ribadavia, de espadananas e fiúncho, de aromas da nosa terra...

Estonces tocaba Sarasate a enxebre *Muiñeira* ribeirana, froleada polo xenio.

¡A *Muiñeira*! ¡Tocouna que esmendrellou!

Lembra-las craras noites de lúa con todos os seus feitizos, esas noites de Galicia, amañeceres do ceo; ises marmullos do río que pasa por debaixo da pontella, rebullecendo antre candorcas e texos xunto ó muíño maquieiro; os falares da brisa nos pinales do vilar, e o traquetrastás das castañetas dos mozos, o vagaroso bailar das fidalgas enas, que tecendo e destecendo cos brazos postos en devanadeira, seméllanse ás volvoretas que van e veñen arredor dos rou-sales.

Non podo decir ca pruma o que entonces sentín...

¡Todas as melanconías ciscadas nos nosos vales, os amorosiños ecos que san das nosas ribeiras: bateladas de campás que tocasen lonxe, lonxe; *zongue-zongue* de zanfonas, atruxos esmorecidos, algún piteirar de rula, tremece-mentos de follas que fuxen arremuiñadas!...

¡Ai, aquelas notas mesmamente falaban a nosa alma, buligando cal moxenas no fondo do pensamento, das noites nas eiras, das festas, das fiadas e espadelas, das tardes do outono escuras!...

¿Que sería, si Sarasate nos tocase unha *alborada*?

El, que estivo aquí de neno e veu as nosas auroras, o despertar dos paxaros na carballeira, e poido ouí-lo *alalalá* que cantan xa na sega ou na semente.

Si deprendera a alborada faríanos ouí-los dolces trinos do xílgaro que canta desde o cipreste que hai cabo do cemiterio, coidaríamos contemplar esas mañáns que surrín cando vén vindo o día rachando fumes e brétemas polos picoutos do Ourense, dinantes que o sol tinxa de amarelo e carmín devessas e portos, delourando nos orballados carabeles das hortas; trageríanos á memoria o son falanguero da gaita que vai dun lugar a outro a toca-la misa da alba; lembrariamos as runflas i as cachelas de San Xoán, recordos e costumes que alumiñan nosa alma!

Sarasate é dunha terra que ten algo coa nosa, por eso pode laiarse cos nosos esquecementos e inspiracións, da súa feituqueira caixiña faría saí-lo tesouro de harmonías que teñen os aires de Galicia, axiña que lle chiscase as cordas co seu arco máxico.

Coa alborada tocaría mellor o tarabelo do peito, que soilo para unha ves, o corazón, e mostraríanos millor os tenros entusiasmos, as poétecas baladas, as congoxas do esprito, soidades e agunías...

¿Quizais ese violín se fixo pra adiviña-las cántigas deste chanciño quirido, porque as súas cordas tocan cal sinten as cordas do noso corazón!

¡Sarasate! No fresco ramallo de groria que che crobe no mundo tece-rás este homildiño saúdo que che mando coa monteira quitada, entramentras non poido ceibarche un cubo de foguetes de tres estralos ¡Sarasate! ¡Bendita a nai que te pareu!

\*\*\*

## Unha visita a Rosalía Castro

Foi nun día santo en que había feira en Padrón; deixei esta vila coas súas endrómenas dos domingos, as rúas estreitas cheas de xente que se arremuxa pra facer sitio á garrida moza co manteliño de lan cuberta, que veu a vende-los ovos pra levarlle á súa nai, enferma da febre, un carteirón de zucre e media peza de pantrigo; dixei o engoumado vello de monteira e calzón de boca de cadela, o americano de *ponche* e pariaguas cun puño de óso...

Deixei os mozos xogando dous cartos á roda; ós prateiros vendendo adrezos e cabaciñas douradas a fogo; ós tendeiros cortándose os dedos coa tixeira, medindo a tarazona; e o cego coas súas hestorias no medio da praza, onde hai pequenos á oito, coa boca aberta e o cabelo espallado pola testa...

Toméi polo camiño dereito cara á estación do ferrocarril, deixando á beira da carretera o cimiterio coas súas cruciñas de pau, dos probes, e os grandes alzadeiros de pedra mármora, que semellan hórrios, prós ricos... Alá lonxe víase o souto donde está o mosteiro de Herbón, someado por pinales e carballeiras; á esquerda erguíase a catedral de Iria, e por calisquera veiga, outeiro e camiño, óllanse aldeñas nas cales cada chouza é un tear donde a tezedora traballa e canta, mentra-los nenos xogan ós *santos* das caixas de mistos xunto á porta.

Chovía miúdo e o sol esquencérase de alumear no ceo; solo ás veces dirixía unha ollada rachando nubes, que era cando se vía o arco da vella coas súas faixas de cen cores. Saltando regueiros e montando valos cheguei á casa de Rosalía, polo portal de arriba, eran as doce do día.

Petei á porta cun seixo, ouveou un can dentro da horta... e esperei. Neste mesmo punto chegou por alí un home de gadellas brancas como a neve, e de andar tardo que me dixo: «Non sei si lle abrirán, señor; coido de min que non, porque Doña Rosalía está a probiña moi enferma...». Estonces unha voz coma a dun anxeliño preguntou dendes adentro: «¿Quen está?». E abreuse a porta. Era un fillo de Rosalía, moreniño como si o quentara moito o sol do vran, resalado cal si nacera xunto ó mar, cuns cabelos crechos e inrizados coma os dos anxelotes que hai nas igrexas, e uns olliños da cor do loito, vivos coma dúas charamuscas... ¡E que maneira de falar tan dolciña e tenra, que despezo na lingua!... Vaia mesmo se semellaba a un sabio pequerrecho.

—Pase, pase —malmuraba el— dimpois de dar-me un bico que me soupo a groria, e turrando por min amorosiñamente.

Entrámo-los dous na casa, andando nas puntas dos pés paseniño, paseniño... pra non meter barullo, e funme a sentar ó cuarto de estúdeo do sabido e reuto hestoriador Manuel Murguía, a quen saudei pouco dimpois, co respecto e admiración que desperta o xenio.

A permeira cousa que fixen foi preguntarlle pola súa compañeira de toda a vida, e nunhas e noutras parolamos un longo anaco de tempo, sentíndome eu de abondo contento de estar en tan boa compañía.

Rosalía Castro, a escritora máis querida da nosa terra, estaba ferida de morte... Xa non quería falar con ninguén, xa non quería poñer en rimas aqueles conceutos poéticos e relocentes coma os luceiros das noites craras e sereas.

¡Miña xofña!... Alí estaba no seu leito, cal dorida pomba que se pousou pra sempre, cos filliños xunto de si... Quizais ós seus ollos viñan, estonces, tenras bágoas que escaldan as meixelas e ó seu pensamento recordos doutro tempo, alaios doutras músecas, sonos de gromía, soedades e melanconías! ¡Ela, que ten nas súas canturias, que arrecenden ós pinares e tomillos das nosas montañas, as froles destes xardíns, cal as estrofas de Osían, balsamiño pró peito magoado pola pena, fresco orballo prós beizos mazados e secos que solberon o repouso da vixilia da frábica ou da chouza; cancións cheas de valentes notas pra cantar a libértá da pátreá; ela, a que xuntou as nosas cántegas, a que chorou co pobo, gozou co noso ben, e puxo pelras na lingua da terra de Macías e de Añón... estaba cáseque sin alento!

O cuarto de estúdeo do ilustrado Murguía ten libros á oito, de ciencias, literatura, hestoria, etc. Naquil mesmo cuarto donde parolábamos as bondosas e simpáticas fillas da autora de *Follas Novas* e seu pai; detrás daqueles vidros donde as pingas da chuvia zoaban coma as tocatas dos tímpanos de cartón con que se adivirten os rapaces, escribheu Rosalía os seus versiños, sintindo os rebullecementos do regueiro entre a herba, os asubíos do melro que ten o niño nos loureiros, o toque da oración, o xiro da volvoreta e o murmurar do río que engarra alxofres nas silvas e sauces das beiras, e que lle deron aquelas harmonías, sospiros e esquecementos que adornan as páxinas do libro *Á orelas d'o Sar*.

Rosalía non enfermaba vella, inda que estivere moitos anos con saúde. Cando non lle faltaba esta, traballaba tódalas horas que lle deixaban libres os cuidados da casa. Polos lugares que hai arrente do seu, adourábana e bendecíana coma a unha santa...

Cando salín pra fóra daquel tempo da poesía, demais sabencias e humildade, batíase o corazón no peito e sintín as bagullas nos ollos...! Pouquiño e pouco, como alí se anda, cheguei ó roeiro da aldea.

O ceo seguía triste e ceibando chuvia, e o vento retorcíase entre os arbres desgazando ponlas e bruando cal as ondas dun mar lexano... O pico de Meda estaba cuberto co loito da néboa escura e espesa.

Volvinme pra mesma vila polo camiño empozado polas augas, pensando na muller que nos fai ouvi-lo palrar dos anxeliños, sabe os contos que se din as follas amarelas e secas do outono, e adiviña ¡meiga de bondades e talento! as místicas lendas das tombas de pedra...

¡O ceo a teña cal ouro en pano, á que foi ruliña distes verxeles! –pensei pra min, ó dar a despedida á nosa cantora alí deitadiña no seu niño de ruiñeño, que quedaba esmorecida cal o paxariño que non ten folgos.

E ó chegar xunto as tápeas do camosanto, fonte de inspiración pra Rosalía, non puđen menos de excramar con ela, tremando de tristeza e loitando con roedoras mamorias doutros tempos:

¡Padrón, Padrón!

*Santa María, Lestrove...*

¡Adiós, adiós!

Xunto á realidade da morte, calan as teorías e lerias de Büchner.

\*\*\*



### Doce contos

Confésabase un rapaz da aldea, cando en chegando o sétimo o cura baixou máis a voz e preguntoulle ás escaladas:

—Vaia, conta a verdá ¿ti roubastes algo?...

—Non señor, pero tiña mentes de ir a sacarlle un niño que certou meu curmán, con catro melros xa logrados.

—Pois cuidadiño que o saques, ese é pecado mortal e vas para o inferno. ¿E donde está o niño?

Nas silveiras do adro.

Afautivamente o rapaz non sacou o niño, pero o cura, que era tolo por paxaros, non tuvo labor de máis présa ó acaba-la confesión que ir á silveira e levar prá casa os catro melros que enxaoulou.

Pasou moito tempo, o rapaz fíxose home, e outro día volveuse a confesar co mesmo cura, que xa non se acordaba del... Estando os dous nos apretos, preguntoulle o cura ó penitente:

—¿E ti tes moza?...

—Teño, si señor, ¡e máis boa!

—¿Si, eh?... Pois tes que deixala que é pecado ¿E onde está?

Ó que repuxo o mozo con picardía:

—¡Ouh, señor abade, seique pensa que vai a se-lo conto do niño de melro!...

\*

#### Desconfianza do gallego.<sup>317</sup>

Un señorito da Cruña á quen lle cadrara a lotería, foi a Madrid a cobra-lo premio que inda era unha boa caldeirada de cadelos. Contento e xovial, almorzou en Fornos como un príncipe, despois saleu á calle alegre como unhas pascuas, cando oieu falar a un labrego que de cirolas e monteira se despedía dun sereno... O cruñés parouse de súpeto e sinteu aló como soidades da terra, e un desexo grande de parolar co gallego.

—Escucha, tú, —dixo o señorito.

—¿E logo vosté conóceme? —repicou o gallego con sorna.

—Conozco, tú eres de Galicia.

—¿E vosté porque o di?

—Tú trabajas terrenos de medias...

—¿E vosté seique é o fillo de don Pepito?...

—¿De qué provincia eres?

—¿E por que o pregunta?

—Por si éramos del mismo pueblo, yo soy de La Coruña.

—¡Será!...

---

<sup>317</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 27 (5 de decembro de 1897).

—Vaya, noto que eres en exceso desconfiado, toma estas dos pesetas para vino.

—¿E vosté por que razón mas ha de dare?...

—Porque quero y puedo.

—¡Boh, non faga bulra!

—¿Qué he de hacer burla, hombre? tómalas.

—Pois bóteas no chan, e cólloas.

—¿Eres algún perro, quizás? tómalas en la mano.

—Mire como nas bota; pois si mas quixera dar, botábaas.

—¡Toma!! —dixo o cruñés enrabeado, guindando coa moeda no chan.

—¡Pardiolas! Cando vosté guinda con ela, debe de ser boa!

E despois de pensalo un pouco, mirou pra as dúas pesetas, nunha peza, e colléndoas do chan marmurou entre os dentes:

—Ora a ver...

Cuspeu nelas, fregounas contra os cabelos e volvendo a mira-las dúas pesetas, mascullou entre os dentes:

—¡E máis inda non parén malas!...

\*

Na doutrina:<sup>318</sup>

—¿En donde está Dios, muchacho?

—En toda parte y lugar, etc.

—¿E logo estará aquí?

—Está, si señor.

—¿E estará no tellado da túa casa?

—Está, si señor.

—¿E estará dentro do voso forno?

—Non señor...

—¡¡Collinte, rapaz!!...

—¡Pilleino, señor abade, que a nosa casa non ten forno!

\*

Hestóreco.<sup>319</sup>

É ben sabido que cando á un labrego se lle dá de comer e beber moito, halle de saír do lombo ou algún favor se busca del.

---

<sup>318</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 12 (22 de agosto de 1897).

<sup>319</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 13 (29 de agosto de 1897).

Cando foi polo cólera do ano 85, mandouse que se lle dese ós segadores que se fomegaban en Quereño un bo rancho. Ó repartir este unha tarde, dóuselles tamén ración de viño, cousa que non esperaban os segadores. O premeiro deles á quen se lle presentou a escudilla chea de escumoso tinto, dixo, choscando un ollo con malicia, a quen lle daba o viño:

—¡Ai, señor! ¿E por quen vamos a votar?

\*

Chegou a tomar posesión do curato pra que fora nombrado un cura novo. Tódolos feligreses da parroquia acudirán a esperalo e a ofrecerlle os seus respetos.

O cura, que lle gustaba pedricar pro saco, ó ve-los labregos xuntos, botoulles unha práctica que remataba así:

—... Conque, xa sabes que eu veño probe de todo e hai que regalarme, porque vós sodes labradores ricos e tedes que repartir comigo...

Etonces un labrego que estaba ouindo o espiche do cura, contestoulle con retintín, espreguizándose:

—¡Sr. Abade, abra a boca que palla non lle ha de faltar!

\*

¡Boa chispa!<sup>320</sup>

Entraron nun buchínche a beber dúas comadres, regateiras, e copa vai copa vén puxéronse borrachas como pelexos. Cando saíron á calle, a unha das regateiras caille a roupa e díxolle á outra que lla atase. Atoulla coa trenza do mandil, pero sin precatarse que lle prendía con ela, sin sabelo o brazo dereito. Quixo a muller sonarse, e como tiña o brazo suxeto, andaba en busca del pensando que o perdera; e facendo sss e tartamelando coa filoxera que tiña, díxolle á compañeira ensinándolle o brazo esquerdo:

—Co... co... comadre ¿e donde vai o outro como este?

\*

Un frade foi a predicar a un pobo<sup>321</sup> e hospedouse na casa do abade que amén de virtuoso era un Xan Bragazas.

---

<sup>320</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 20 (17 de outubro de 1897).

<sup>321</sup> Este texto aparece reproducido nas revistas *El Eco de Galicia*, A Habana, nº 566 (28 de abril de 1893), p. 4.; e en *Follas Novas*, A Habana, nº 9 (1 de agosto de 1897).

Quixo reconciliarse co frade, e por casualidade foi a topar co capellán que inda era xoven e non estaba moi caído no oficio. Cando chegou o instante da ausolución, notou o frade con grande asombro que o capellán non soupo deci-la *fórmula*.

Chegou o frade á casa e ó estar tomando o chocolate, díxolle ó cura:

—¡Ai, señor abade! Voulle a decir unha cousa, hoxe fun a reconciliarme co capellán e non soupo decirme a fórmula da ausolución, ten que vosté arreglar eso, porque é unha vergonza...

E o cura coa maior inocencia reprecoulle:

—¡Pero que burro é o meu capellán, oh! ¡Si xa lle teño dito que el confese á xente e despois que ma mande a min, que eu a ausolverei!

\*

Bon latino.<sup>322</sup>

Encargoulle un cura a un maestro de escola que lle dixese palabras de consolo a un feligrés que estaba morrendo, e o escolante díxolle, por máis boas, as palabras da consagración. Cando o abade soupo esto, arrepianteuse do encargo, porque o feligrés morrera e o seu corpo viña a estar consagrado e non se podía enterrar. O cura, pra salva-la súa responsabilidade, acordou consulta-lo caso co obispo, e este contestoulle sin máis:

—*Suspendatur in sacris*.

Xuntáronse o maestro e o cura, quen lle dixo a aquel, traducindo a contestación do Ordinario:

—Mandan que *suspendamos da sacristía* o cadavre...

E contan que o colgaron...

\*

Un crego<sup>323</sup> que fora axudar polo preceuto a confesar nunha parroquia ó sentarse á mesa pra comer, trabou conversación co abade dicíndolle:

—¡Vaia que o primeiro que confesei hoxe era unha *pécora*...

Nesto chegou a ama do abade a servi-la comida, sin que hubese oído nada do crego, e presentándolle a fuente das viandas a este, díxolle:

—¡Vaia, servireino a vosté primeiro, xa que fun a primeira tamén que hoxe confesou.

---

<sup>322</sup> Este texto figura reeditado baixo o epígrafe “Conto gallego” na publicación *El Eco de Galicia*, A Habana, nº 567, (6 de xuño de 1893), p. 5. E posteriormente en *Follas Novas*, A Habana, nº 22 (31 de outubro de 1897).

<sup>323</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 16 (19 de decembro de 1897).

\*

Estáballe un rapaz<sup>324</sup> axudando á misa a un crego nunha igrexa de aldea, con pouca xente porque era día solto, cando o rapaz veu aparece-la cebe-ciña dun rato por un furado de xunto ó altar. Colleu amodiño unha cana do apagaluces e púxose axexando unha ocasión para darlle ó rato na cabeza e matalo. O crego seguía dicindo a misa sin fixarse no rapaz, e o rapaz contestaba por mánica axudando ó crego, mentras o rato ensinaba e agachaba ás carreiras a cabeza polo furado. O rapaz estaba levado de xuncras porque levaba xa un bo anaco cos ollos fixos sin esmoxegar, no furado, e a cana levantada pra darlle ó rato que comenzaba a bota-lo fociño... Naquel instante o crego decía: *Sursum corda*; pero o rapaz embelecado e sin acordarse xa que axudaba á misa atento soilo ó rato, contestoulle ó crego: ¡*Chist!* pra que non lle fuxise aquel: o crego pensando que o rapaz non contestaba porque non ouía, berrou algo máis: *Sursum corda*; pero outra vez o rapaz ripiteu tamén máis forte, sempre cos ollos no furado: ¡*Chist!*... O crego vendo que non lle contestaban, morou pró lado onde estaba o axudante a ver si fuxira, e o axudante sin mirar nin acordarse pra nada da misa nin do crego, estaba cos ollos escarramelados, ausorto, ca cana erguida, cuaseque sin tomar alento, esperando a mata-lo rato... Estonces o crego, enfadado, berrou con máis forza pra que o rapaz entendese: *Sursum corda*... e tal berrou o crego, que o rato fuxeu. O rapaz, enfurecido vendo fuxi-lo rato, volveuse como un lóstrego pró crego e respondeulle, olvidándose do sagrado lugar en que estaba:

—¡*Sursum raios*, que por causa de vosté escapoume o rato!

\*

Un cura moi amigo<sup>325</sup> do prior dun convento, mandoulle de regalo polo criado seu unha empanada de troitas, cousa que lle gustaba moito ó prior.

Chegou á portaría do convento o criado do cura coa empanada, petou, vén o frade e o criado entregoulle de parte do amo a empanada. O frade, anque non era prior, tamén lle gustaba a empanada de troitas e tuvo a debilidade de comer aquela canlándose o conto. Pero houbo un día en que se volveron a topalo prior e o cura, e este preguntoulle a aquel qué tal lle sentara a empanada. O prior, como na recibira, nin noticias tiña, extrañouse moitísimo da pregunta do cura e antre os dous acordaron facer un escarmento e descubri-la allada de esta maneira: Chamou o cura ó seu criado e díxolle:

---

<sup>324</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 2 (13 de xuño de 1897).

<sup>325</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 18 (3 de outubro de 1897).

—¿Ti xuras que lle entregache a empanada a un frade do mosteiro?

—Xuro, si señor.

—¿Xuras, que dixeches que era pró prior?

—¡Así Dios me salve, señor abade!

Entonces fóronse prior, cura e criado ó convento; o prior mandou poñer en roda tódolos frades pra que o criado poidese reconocer ó que lle recollera a empanada.

—¿Ti conoceralo? –preguntoulle o cura ó criado, levándoo pra onde estaban os frades en roda.

—¡Conozo, si señor!

Os frades estaban todos cos seus hábetos, coas mans metidas nas mangas anchísimas e coas cabezas incrinadas ó chan. O criado parouse diante deles, foi mirando un por un ós frades e despois de un bo anaco de examen mirou pró cura e o prior, encolleu os ombros, arrugou o entrecexo e retorceu o fociño dicindo:

—Señor abade ¡todos se parecen!

\*

Tres frades<sup>326</sup> que andaban a questa toparon nun camiño un rapaz, viño como un allo, que estaba coidando dun fato de ovellas. Sin decir Dios te garde, chegaronse os frades xunto do pastor, cousa que o rapaz levou moi a peito, e díxolle un frade:

—Este camiño ¿pra onde vai, muchacho?

—Este camiño nin vai nin vén, estase quedo –contestou o rapaz.

Sorprendidos da resposta, o segundo frade díxolle:

—¿E ti como te chamas, ho?

—Eu non me chamo, chámanme.

Alcendidos en rabecha polo despexo do rapaz, o terceiro frade che-gouse a el e colléndolle unha orella, díxolle:

—¿E que lle fan na túa terra ós fillos da craba?

—Señor, métenos frades.

\*\*\*

---

<sup>326</sup> Texto reproducido en *Follas Novas*, A Habana, nº 4 (27 de xuño de 1897).

## Francisco Romero Blanco

### Datos biobibliográficos

A máis completa biografía que existe sobre Francisco Romero Blanco é a realizada por Aurora Marco<sup>327</sup>, e nela nos baseamos para redactar estas liñas.

Francisco Romero Blanco naceu no lugar do Vilar, parroquia de San Pedro de Tállara, concello de Lousame, o 21 de outubro de 1838, e morreu en Noia o 21 de novembro de 1918. Seus pais, Ramón Romero Malvárez e Dominga Blanco Campos, pertencían a unha familia podente.

Fixo os primeiros estudos na escola pública da parroquia de San Xoán de Lousame co mestre titular de instrución primaria, Andrés Esmít. De 1852 a 1854 seguiu os cursos 1º e 2º de latín cun profesor da vila de Noia, o Preceptor de Latinidade, Antonio Suárez Esparza. Posteriormente, en 1859 fixo os estudos de 2º ensino no Instituto de Santiago, onde obtivo o grao de Bacharel en Artes o 27 de xuño de 1859 coa cualificación de sobresaliente. Aínda que en setembro dese mesmo ano se matriculou no 1º curso de Teoloxía, abandonou estes estudos polos de Medicina, a súa verdadeira vocación. Recibiu o grao de Bacharel en Medicina e Cirurxía o 19 de xuño de 1863, coa cualificación de Sobresaliente, e o de Licenciado o 20 de xuño de 1865, con Premio Extraordinario. Un ano máis tarde, o 12 de xullo de 1866, pasou os exercicios para a obtención do grao de Doutor na Universidade de Madrid, que acadou o 10 de xuño de 1867.

Esta brillante carreira académica xa se iniciara nos seus tempos de estudante na facultade compostelá: no curso 1860-1861, pola “grande aplicación e especial aproveitamento”, a Xunta de Facultade de Medicina outorgoulle un premio consistente na obra *Repertorio médico extranjero*. Ademais debeu ser alumno distinguido en diversas materias (como Patoloxía Xeral, Obstetricia, Patoloxía Médica, Clínicas Médica e Cirúrxica, entre outras) nas que obtivo o denominado “premio ordinario”. Mentres cursaba os estudos de Medicina e durante algúns meses (dende outubro de 1861 a xaneiro de 1862) foi nomeado polo Rector Axudante Interino de Disección. Do mesmo xeito, e previa oposición foi nomeado o 18 de decembro de 1862 alumno interno do Hospital Clínico, cargo que desempeñou ata 1865 cando acadou o grao de licenciado.

Tras acabar a carreira dedicouse á docencia. En 1868 foi nomeado Auxiliar polo Claustro da Facultade de Medicina, con destino á cátedra de

---

<sup>327</sup> Aurora Marco, “Francisco Romero Blanco”, *Alameda* (Sociedade Liceo de Noia. A Coruña), nº 0, maio 2000, pp. 25-30.

Osteoloxía e Disección; o 19 de xaneiro de 1869, o Ministro de Fomento nomeouno Catedrático en comisión de Anatomía Xeral e Descritiva, cátedra á que accedería, en calidade de numerario e previa oposición, o 1 de xuño de 1872.

Mestre de moitas xeracións, Romero Blanco permaneceu na súa cátedra ata 1916, tras solicitar continuar no seu posto de ensinante unha vez chegada a idade da xubilación en 1908.

O seu labor profesional e os profundos coñecementos da materia proxeccións en moitas publicacións, ademais de desempeñar outras ocupacións dentro da carreira profesional. Ocupou o cargo de Rector da Universidade de Santiago en tres ocasións: a primeira dende xuño de 1891 a marzo de 1893<sup>328</sup>; a segunda de febreiro de 1896 a decembro de 1897 e a terceira en 1900. Ademais, o 26 de abril de 1896 foi elixido senador pola Universidade de Santiago.

Alén da intensa dedicación á docencia e á investigación, desenvolveu unha actividade incesante noutros campos. Agochando a identidade baixo o pseudónimo *Franc Robla*, sostivo polémicas filosófico-teolóxicas sobre o pecado orixinal. Foi Socio Corresponsal da Real Academia de Medicina de Madrid, membro da Asociación da Cruz Vermella en Santiago, da Sociedade Protectora dos Intereses de Santiago, da Sociedade Económica de Amigos do País e tamén un dos corenta membros que en 1906 fundaron a Academia Galega.

Nas décadas dos 70 e 80 tivo un protagonismo destacado na vida social compostelá, pronunciando conferencias en diversos foros e impartindo cursos en diversos centros culturais e artísticos. Ademais de artigos científicos sobre a súa especialidade, dedicouse tamén á literatura en castelán e colaborou en numerosas revistas e xornais, como os santiagueses *Fin de Siglo*, *El Alcance*, *El Eco de Santiago*, *El Eco Compostelano*, *Gaceta de Galicia* ou *Luz y Sombra*, con artigos políticos e colaboracións literarias e tamén no ourensán *El Heraldo Gallego*, que dirixía Valentín Lamas Carvajal. Escribiu tamén unha carta-prólogo para o volume *Muestras sin valor: pasatiempos literarios* (1884), de Lisardo Barreiro.

No nº 24 de *Fin de siglo* publicou o conto “Un amor que mata e outro que dá vida”, un texto que malia o seu título en galego está escrito en castelán. O mesmo sucede co relato “No pinal de Soagra”, publicado nun número especial da revista *Luz y sombra* de 1892, onde se inclúe unha nota explicativa que indica que pertence ó libro inédito *Un amor que mata e outro que dá vida*.

Como narrador ocasional en galego, escribiu catro relatos que deu a coñecer nas publicacións da época e que reproducimos neste volume: “O outono”, publicado en *La Cítara* en outubro de 1882 (nºs 22 e 23); “A morte da miña nai. ¡Unha bagulla por ela!”, publicado en *La Cítara* en novembro de

---

<sup>328</sup> Compre citar a relación que debeu existir entre Francisco Romero Blanco e outro dos narradores máis destacados de finais do século XIX, o tamén médico Heradio Pérez Placer, xa que Romero Blanco consta como unha das testemuñas da súa voda, celebrada en outubro de 1891, precisamente cando Romero Blanco era rector.



1882 (nº 27); “Mariquiña i eu”<sup>329</sup>, publicado en *A Gaita Gallega* en outubro de 1886 (Reproducíuse tamén en *O Tío Marcos d’a Portela*; en *O Galiciano*, en *El Regional*, e no xornal bonaerense *El Eco de Galicia*. “A cama do santo (Un conto)”<sup>330</sup>, publicado en *O Tío Marcos d’a Portela* en agosto de 1887 e reproducido en *A Gaita Gallega*, en decembro de 1887, e en *O Novo Galiciano*, en setembro de 1888.

### Comentario dos textos narrativos en galego

“O outono” é un relato costumista sen localización espacial concreta que se presenta estruturado en catro partes numeradas e con título de seu: “O millo a secar”, “Esfollando millo”, “Carrexando millo” e “Comendo as castañas”, precedidas dunha introducción en primeira persoa na que o narrador amosa o seu gusto polo outono e describe as estacións do ano utilizando un paralelismo coas etapas vitais das mulleres. Así, a primavera correspondería cos primeiros anos da adolescencia; o verán coa mocidade, tempo de casamento; mentres que o outono se identifica coa maternidade, co tempo de coller os froitos. As catro partes que seguen recuperan senllas escenas da aldea, dos seus labores e costumes, na liña tradicional da descrición costumista das tarefas propias do agro ó redor do millo e do magosto. Os personaxes preséntanse individualizados con nome pero non posúen caracterización ningunha agás o trazo común que comparten: a pobreza e a participación colectiva nas tarefas e nas festas posteriores a estas. Particularmente interesante é a reprodución da fala do emigrante retornado que aparece na última parte do relato, unha mestura de galego e castelán marcada pola letra cursiva. D. Pascoal, o Amaricano, irrompe na escena do magosto interesándose pola colleita e todos lle fan notar a diferenza económica que existe entre el e o resto da aldea. O emigrante xustifica o seu status económico relatando o seu traballo na emigración e conta tamén que non casa porque recea das mulleres.

De novembro de 1882 é “A morte da miña nai. ¡Unha bagulla por ela!”, un relato elexíaco en recordo da nai morta. Presenta unha estrutura ternaria: unha primeira parte, que inclúe unha apóstrofe dirixida á morta, o corpo da composición e o epílogo, que clausura o conxunto cunha referencia ó tema que dá sentido á narración: a morte da nai. Nesta elexía aparecen todos os motivos e recursos habituais neste tipo de composicións: apóstrofes, invitación

---

<sup>329</sup> *A Gaita Gallega*, Tocata 13ª, 26 de outubro de 1886. *O Tío Marcos d’a Portela*, Parrafeo 158, 12 de decembro de 1886; *O Galiciano*, Parola 114, 23 de decembro de 1886. *El Regional*, 8 de setembro de 1898 e en *El Eco de Galicia*, nº 257, outubro de 1898.

<sup>330</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, Parrafeo 201 da 2ª época, 30 de outubro de 1887. *A Gaita Gallega*, Tocata 17ª, 18 de decembro de 1887 e *O Novo Galiciano*, nº 6, 23 de setembro de 1888.

ó lamento, enumeración das persoas entristecidas pola súa morte – neste caso os fillos e, particularmente, o autor da elexía–, eloxio das virtudes da defunta, oración pola súa alma e expresións recorrentes de dor.

Pero, sen dúbida, o máis coñecido relato deste autor, a xulgar polas súas reproducións e pola mención que del fan tanto Carballo Calero coma Couceiro Freijomil, é “Mariquiña i-eu”. Trátase dun conto de carácter sentimental sobre a lembranza dunha relación infantil cunha rapaza aldeá. O narrador sèrvese deste feito para evocar en primeira persoa a súa infancia a través dos xogos compartidos con Mariquiña, da que co paso do tempo se arredou por motivos sociais. Como é habitual neste tipo de reconstrucións da infancia predomina a idealización dun tempo que se considera feliz e inocente. Co paso dos anos e a perda desa inocencia, o amor desaparece e os amantes afástanse polas convencións sociais. O conto remata cunha copla da rapaza na que esta lle reprocha o abandono.

A última das achegas á narrativa galega de Romero Blanco é o relato “A cama do santo”. Pode considerarse unha lenda haxiográfica sobre os milagres que realiza o santo Sanamede, aínda que rodeado de pasaxes descritivas do lugar no que transcorre a acción e dunha anécdota picaresca sobre a que se sustenta a explicación do milagre. O relato estrutúrase en tres partes e conta cunha modalización en primeira persoa. A primeira delas supón unha longa descrición paisaxística dos lugares nos que o narrador pasou a súa infancia. Presenta pois unha localización espacial precisa (o monte do Confurco) e alusións a topónimos que se corresponden coa realidade extratextual como Vilagarcía, Rianxo, Vilaxoán ou a ría de Arousa. En correspondencia, alude a un tempo pasado que evoca con clara nostalxia a infancia –o mesmo que atopabamos en “Mariquiña i eu”–, os costumes rurais, entre eles, a romaría a Sanamede e a festa arredor dela. A segunda parte céntrase na explicación da porfía que mantiveron as vilas veciñas para ver a quen pertencía o santo. A terceira supón a explicación dos poderes curativos do santo para as dores da barriga, para o que se recorre a unha sorte de lenda cualificada de milagre de contido claramente erótico, na que se relata, dun xeito que quere semellar inxenuo, a historia de dous mozos que teñen un encontro sexual e acoden ó santo para que cure as dores de barriga da rapaza, resultando pouco despois que esta cura e ten un neno.

## O outono

Aquel tempo, cando maduran as uvas, cando brincan os melros dunha noutra figueira peteirando os figos maduros, cando as castañas estoupan no lar; aquel tempo, cando todo está marelo e runxen as follas secas do millo; aquel tempo, o Outono, triste, soio, é o tempo que a min me gusta. ¡Ai! El é como a miña vida, triste tamén, soia, sin as alegrías da primadera, sin a valentía do vran: como o Outono, tamén a miña vida busca o inverno, a vellés do tempo.

¡A *primadera*! Ela é unha rapaza de catorce anos, colorada, alegre e brincadora, de pouco xuicio. Preguntádelle por algo... e de nada sabe decer nada, nen sequera por qué está contenta. Pedídelle algo... e solo vos dará frores.

¡O *vran*! El é unha moza, casada xa, que en pouco tempo engordou moito: non ten fillos, e teraos logo.

¡O *Outono*! É a galiña cos seus pitos, a nai co seu fillo: é o tempo que está parido. Dimpois de chocar, baixa a galiña, non ten a crista verde e canlle as prumas. A muller, cando chega a darlle o peito a un fillo, caille o pelo tamén, e a súa cara non está repoluda. O *outono* é a galiña con pitos, a muller con fillo: é o tempo que está parido, e canlle as prumas, caille o pelo. ¡Que triste é ver como as follas dos arbres can marelas no chan! É triste, pro ¡que alegres son os pitos, que alegre é un picariño nos brazos dunha nai!

Por eso di a copra:  
Traballade polo vran  
Si queredes, rapaciñas,  
No outono coller pan.

## I

### O millo a secar

A anada fora froxa, pouco millo houbera o derradeiro ano. Batalla, o Cachoupo, o Perrecho e algúns máis, todos probes, levaban moito tempo sen que o seu forno cocera boroa. No mes de Maio e San Xoán comeron balocas: ás xeiras, comeron tamén algún bolo de millo, cocido no pote. Dimpois, comeron centeo. Por derradeiro, no mes de Setembre, xa non tiñan balocas nen outra cousa que comer.

Por eso Micaela de Xan Péres, sempre miraba pra as súas leiras do millo, a ver se este maduraba, e aínda máis iba moitas veces ás testas das Nespreiras, dos Aagriños, o Corrucho e Revolta de Boiperro, donde o millos se pon antes marelo: alí, escasulaba unha o máis espigas, a ver se estaban maduras.

Pro no ano este, a anada fora boa, o vran moi quente, e nos derradeiros de Setembre xa os probes comían millo novo. Collían un pé del aquí, outro máis alá, e así escollendo os pés maduros, dimpois de secar o gran e moelo, xa podían comer boroa. ¡Mesmo daba xenio ver na eira de Batalla unha manta con

millo debullado posto ao sol, millo marelo que se pon dourado e máis duro co calor! ¡Tamén nas outras hortas había sabas de millo a secar!

Era miña amiga Pepa de Batalla, e gustáballe máis rechinar comigo que con Estebo da Catuxa. Cando Pepa non tiña pan e as balocas xa se acababan, eu leváballe a Pepa un anaco de boroa: miraba ela pra a el, tornábase un pouco de lado, e mirando sempre pró carolo que eu lle daba, dicíame: —Non cho quero, non teño gana —e dimpois comíao.

A nai de Pepa deixábaa tendo conta do millo, posto a secar na súa eira. Eu, que sempre estaba xunto de Pepa, axudáballe a torna-las galiñas do millo. Pro, unhas veces, faciamos tendas donde un mercaba o pemento de tella que outro lle vendía. Outras veces, como xente da súa casa, arregrábamo-lo xantar: facíamo-lo caldo de verdura nunha coviña feita no chan, e dimpois comíamolo nunhas cuncas pequeniñas, de cunchas de berberecho. Todo aquilo era pra nós unha festa, da que comían as galiñas antes de nenguén: comían o millo, mentras Pepa e eu andabamos naquelas liornas.

A cousa millor pra Pepa, pra min e prás galiñas, era facer unha casa de palla: metíamonos nela Pepa e eu, e mentras, as galiñas comían o millo, sen que nenguén as vise nen as tornase.

O pior era cando a nai de Pepa chegaba: vía o millo comesto, o palleiro da palla desfeito, e cascáballe a Pepa.

Acordábame eu entonces de miña irmán, e a tal ver en Pepa, e midindo as miñas aveas polas alleas, aínda máis me acordaba de min, porque miña avoa deixara a miña irmán no berce pra que eu a arrolara. Mentras choraba Pepa, porque súa nai lle cascara, escoitaba eu a ver se miña irmán choraba; e choraba moito, e choraba moito máis, porque xa estaba xunto dela Farruca do Crego, que subindo por unha esqueira, entrara pola ventana do sobrado pequeno, e cantáballe a aquela picariña, que tanto traballo me daba:

¡Quen che ha de dar a teta!

¡Túa nai vai no moíño,

E teu pai na leña seca!

## II

### **Esfollando o millo**

Era o serán dunha noite de luar. Polo día, os da casa de... colleran o millo dalgunhas leiras, que xuntaron con outro collido antes e posto en calcos. Todo se había de esfollar aquela noite, e pra eso veu de cada casa da aldea un mozo o unha moza, dalgunhas casa unha vella, sin faltar o cego da Pulga. Xa todos xuntos, a esfolla dá comenzo, e con ela moitas cousas máis, que forman alí un revoltixo donde cada un entende solo daquelo que é a súa cobisa. A dona da casa cóidase ben de que lle esfollen o millo todo; as vellas e o cego se acordan das castañas postas a olar, e os rapaces falan cas rapazas, cantan co elas, loitan co elas outras veces, xuntos carrexan millo ao húrreo, dándose moito vagar nesto, e eles e elas pensan beilar dimpois da cea. A noite é fresca, hai algún relente, parés que orballa un pouco, e a xente que non pensa en troulas,

abrígase con pallotes feitos coa primeira palla, que deixan máis libre a xente moza, a que se coida solo de ruar.

Contaban contos as vellas, e gustáballes máis oír os contos do Cego, que lles falaba dos franceses do ano do oito, da guerra co eles, na que perdera a vista dos ollos. Tomasa e Xuana, que non eran vellas nen tampouco mozas, mirábanse con envexa desde o casamento dunha delas. Dimpois de chamarse unha a outra *lacubeira*, *cañona*, *fresca*, *raída* e outras cousas máis, Tomasa, que era moi lercha, díxolle a Xuana, que lle axudaba a erguer un cesto de millo ao Caísta:

—¡Non te escarranches tanto! ¡Todo o mundo é teu!

Pro Xuana, que tamén as tiña debaixo do rabo, volvéndose a Tomasa, díxolle:

—Oi, mira: ¡tes unha lingua que corta como un coitelo!

E Tomasa, ufana polo dito, xa case lle iba a decer a Xuana: —¡Dios che bendiga! —cando esta, tornándose de medio lado, acabou o seu dito, decendo:

—¡Si, como un coitelo...! ¡Con que, mira, cárame este melón!

E sinalou ca man... salva a parte.

Aos mozos lles gustaba máis parolar coas mozas, e cando eles lle dicían a elas baixiño algunha cousa, as mozas, como quen responde a aquilo que non quer oír, cortaban o paliqúe dos mozos cantándolles unha copra. Pro, na aldea *dese lado*, na aldea de Abelendo esfollaban tamén, e cantaban as mozas: botábanlle cántegas ás de Vilar, que non eran menos pra contistar ao máis valente. Armouse entonces unha agarrada boa, que se acabou cantando as da Abelendo:

As mociñas de Vilar  
Teñen moita fantasía;  
Dan comido nunha noite  
O que ganan polo día.

e contistando as de Villar:

Mociña de Abelendo,  
Se queres ser honrada,  
Traballa polo día,  
Durme de noite na cama.

### III

#### Carrexando o millo

Lévano en cestos; lévano os mozos e as mozas, e tamén algunhas mulleres casadas. Estas andaban máis lixeiras, porque ulían, de cada cesto que levaban, as castañas postas a cocer: mesmo chamaba pola xente pra comelas, o ulido do fiuncho que lle botaran ás castañas. Pro as mozas e mozos enredábanse moito no camiño: tiñan algún choio que lles daba moito que facer.

Farruco do Candexo e Rosa da Mestra tiñan unha loita de cada cesto que carrexaban. Eu collinos loitando unha ves. Loitaron ben, e por derradeiro caeu Rosa debaixo.

—¡Ahora cáeste! —díxolle el.

—Si, porque fixeste trampa, cancháste-la perna —lle dixo Rosa.

—Non é así —dixo Farruco— puđen eu máis.

—¡Hee! Fixeste trampa: nen ti podes máis, nen eu me deixo caer debaixo de ti.

Dimpois, Farruco cantaba:

Rapaza, o ben querer  
Vaiche no tirar do caldo...  
Para todos vas ao fondo  
E pra min andas nadando.

E cantaba Rosa:

O ben querer, meu Antón,  
Vaiche no mirar dos ollos,  
Vaiche na risa da boca  
E en ter pola noite soños.

Non andaban máis de présa Pepa de Mato e Antón de Lobagueira. Tamén unha ves os collín, cando Antón lle dicía a Pepa:

—¿Dásme un bico?

—¡Non! ¡Non cho dou! —dicía ela.

—¿Dáme un bico!

—Non quero.

Miráronse un pouco, fite a fite, e dimpois díxolle Antón:

—¡Oi, mira: ténoche unha navalla...! ¡Se a viras! ¡Éche tan bonita...!

¡Ten as cachas de nacra!

—¡A ver! ¡Enséñama! —lle dixo Pepa.

—Non quero.

—¡¡¡Enséñama!!!

—¡Se me das un bico!

—Toma —e Pepa doulle un bico a Antón.

—¡Enséñame agora a navalla!

—¡Non a teño aquí: quedoume na casa!

—¡Baa... ingañásteme!

—Non tal.

—¿Cando ma enseñas?

—Mañán.

—Non te esquezas... que che hei de dar moitos bicos.

Marchando xa os dous pra leira, cantaba Pepa:

O home e maila muller  
Son unha fror amarela:  
Mais a muller é a fror  
E é o home o rabo dela.

E Antón tamén cantaba:

Sin rabo desfaise a fror,  
Xa non sirve para nada...  
Sin o home, é a muller  
Unha fror esbandallada.

Pro, as mozas que non tiñan mozo, contentábanse con cantar xuntas:

Eu heime de casar,  
aunque sea cun ben probe;  
que non é muller,  
a muller que non ten home.

#### IV

#### Comendo as castañas

Era un cesto delas acubulado. Todos arredor do cesto; fumiando as castañas, que non se vían, mitían todos a man por antre o fume: ninguén se coidaba máis que de comer, e non se falaba cousa.

Xa un pouco fartos, os mozos comezan a mirar polo rabo do ollo as mozas, e Marica, unha custureira xa antrega, que non se casara, e por derradeiro fixérase beata, comezou a falar. Mirando as mozas, con máis de envexa que de caridade, díxolles: —¡Vaia, aínda non estades fartos de troula!: ¿xa queredes comezar outra ves?

En esto petaron a porta; abrírona, e entrou o Amaricano.

—*Boenas noites nos dea* Dios —dixo ao entrar.

—Alabado sea el —dixeron todos.

—Con que ¿que tal *estovo* la cosecha *este ano*?

—A Dios gracias, medianiña, D. Pascoal —contistoiille o dono da casa—. ¡Quen coma osté —añadeu— se podera manter sen traballar!

—Yo, para *tenelo, traballé* también. ¡*Cantas* veces, en *Amérec*a, *traballando* sobre mesas *consoladoras de bocaditos*, nos *fomeaba* la cabeza con el *traballo*.

—¿E que son esas mesas de bocadiños?

—Hombre, *non sabedes* nada: son mesas de *moisaco*.

—¡Vamos!

—Era cando *estaba* en guerra o Turco con el Ruso. ¡Entonces si *que el comercio medraba a ollos* vistos!

—¿Sería cando a guerra calrista, dimpois da republicana?

—Non, hombre, no: *cando a guerra* con los principados *Diluvianos*.

—¡Que cousas, por eso! Ostedes fanse ricos coa guerra, e a nós súbenos entonces as pagas.

—¡Ah! Eso sería *cando* lo del general *Novillas*. Esas son cuestiones *de otra indolencia*.

Eramos —porsigue D. Pascoal— una *caravaca de empreados* mal *renumerados* en la casa, todos *dispostos a traballar desde* o momento que *chegaba* la *vagina* de la correspondencia. *Cuentas arriba y abago*, sin poder uno

*aquivocarse en un celemín de más; asetes y endoses de letras, querbantes y portestos... en esto nos ocupabamos aquella macáfila de empregados. Yo traballaba por mi y por otros dos que vían poco: uno era presbítero y outro étíope. Habían estuprado las paredes de la casa, y la vigamia era boena; pero como estaba embalsamado el piso, e yo gastaba camisas de bautista; entomecido de frío, que me chegaba a la férula de los osos, salióme una explotación a la piel, que le obrigó a un médeco de mucha cleantela a darme un entídoto, después de verme los íntomas. En tanto yo traballaba, y facía cada uno lo que podía, el jefe lía nun libro que chaman la Arancana de Arcilla. En fin, que era necesario mucho flemaje para estar na aquella casa, no buscar la libre automanta.*

—O certo é que osté fíxose alí rico.

—Outros se facieron más que yo, que pasean en coche, en belrinas y fatones. Pero cada uno tiene sus víncolos, y sabe palmear sos cosas boas, y vive con sus costumes inventeradas.

—¿E osté por que non se casa, D. Pascoal?

—Hombre, non me desgradaría ter dous rapaces como dos todescos. Pero, francamente, las mogeres nel día, desde que levan colgados de la centura todos los neceseres, para aguas, abanico y outras cosas, me parecen perchas donde todo se pode colgar, y a mi non me gustan adacanes nin andar sempre de bracetete. El mundo nesto es un campo de Bramante, y prefiro vevir solo a la sombra de mis arciprestes: voy vegeteando mentras haiga salú; y mentras podemos escapar de todo mar de hondo, como yo en la carretera me escapo de las señoras hastra meterme en la coneta, que otros se sogeten al manopolio de las mogeres y canten la palidonia; que bastante pupulan las disgracias sin habermos ido en su busca, sino que hayamos de buscarlas en todavía pola mano. Non es que para mi sea toda moger una Muselina, pero... me gusta más el agua corrente que la de algíberes, y boi solto bien se lambe.

—¡Ai, D. Pascoal!, que pouco respecto lle ten ao santo matrimonio

—lle dixo a Beata.

—¡Que quiere osté, cando estoy en una basilisca, miro más para su crápula que para las mogeres, y más me gusta mirarlas por unos tobitos que abrazarme a ellas peito a peito... Pero, hablando de otra cosa ¿cando acaban ostedes de comer? ¡Que gatrólogos!

—Ahora mesmo acabamos —dixo o dono da casa— que este negocio xa está feito e podremos tratar de outro.

—E *afactivamente* ¿cómo está osté sobre la elección de deputado?

—¿Hai elección ahora?

—Si, hombre, si.

—¡Non sabía...! Vaia, acabade —díxolle á xente— que vou dar gracias. ¿Osté quer rezar, D. Pascoal?

—Hombre, no; tengo *présa* y me voy. ¡Vaya, boas noites!

—Descanse osté —lle dixeron.

E foise D. Pascoal, sen saber nada da elección do deputado.



.....

....

Poucos momentos dimpois, fóra xa, a xente moza cantaba:

¡Ai, que noite de luar;  
Ai, que noite querediña,  
De coller e sementar!

E outra xente moza respondía:

¡Ai, que noite de pracer:  
Ai, que noite, querediña.  
De sementar e coller!

E seguiron cantando hastra que, sen outra cousa, o de máis lonxe se meteu, dimpois dos de máis preto, na súa casa, e por derradeiro na súa cama cada un; donde uns e outros, rezando a oración da noite, quedaron durmidos ben axiña.

**A morte de miña nai  
¡Unha bagulla por ela!**

I

¡Xa non me falas, ti, que millor que a ningunha oía-las falas dos teus fillos! ¡Ai! ¡Fecháste-la boca, pra min que che quero tanto... non móve-los labios, nada! ¿En que pensas, ti, que pensabas sempre nos teus fillos... Si, son eu quen che fala? ¡Non me miras! ¡Ai! ¡Pois ti non dormes... si non había sono pra ti cando os teus fillos falaban!... ¡Pro, miña nai, se hastra os teus ollos fuxen de min; se agachan, alá debaixo da testa!... ¿Que tuveste, que tes? Ti choraste... están os teus ollos mazados. ¡Esa narís, esas orellas... ese color de terra; eses brazos fríos, esas pernas tesas, ese peito que non se move; esas cordas tirantes do pescozo, donde non se ven as venas que antes se vían... ti non a es!

¡Ai! ¡Non a es pra os teus fillos, non; non a es, porque morreste!  
¡Quen o dixera, que ti podías morrer vevindo os teus fillos! Poden morrer os paxaros que teñen paxariños que voan. ¡Ti, non podías morrer! ¿Non ves que tamén me dába-lo teu cariño? Os paxariños que voan, poden quedar sen nai... xa non queren a bicada que ela lles dá. ¡Pro eu... eu me mantiña do teu cariño, tamén! ¡Morreste; morreste, si, e eu vou a morrer contigo... sen o cariño que me dabas, eu morro de fame deste cariño!

Todos choran por ti: meu pai chora e miña irmán tamén. Eu non pododo chorar, e teño cheo de bagullas o peito... ¡ai! de cheo, quere romper. ¡Quen poidera chorar, chorar por ti! Non me falas, porque non ousas. Tampouco ao arbore que se seca, lle fala a auga que o rega. Pro as miñas bagullas, como a auga que fai enverde-lo arbore seco, faríanche vevir a ti, que soamente pra os teus fillos vevías. ¡Pro non pododo chorar, facer dos meus ollos regueiros: non pododo chorar, darche a vida, eu, que morro sen ti!

II

¡Que axiña morreste! Se aínda agora, hai un pouquiño me falabas. Eu entendíache mal; mais ¿que fillo non adiviña o que a súa boa nai lle di? E tamén me mirabas, cos teus ollos xa médeo ceerrados, e falábasme dos teus netos, que son fillos meus, da túa patulea. Pro ¡ai! entón morrías; ti mesma mo dixeste: ¡estabas na agonía da morte! Como sempre, aínda entón vivía en ti o amor ós teus fillos, e por eso, con máis dor aínda, decías: ¡Pronto quedarás sen nai! E non querías deixarnos orfos do teu cariño. Cando eu che bicaba, e de delor partida-las cordas do corazón, che decía: ¡Adiós, adiós, miña nai! —creeste que eu me marchaba. ¿A donde vas? me dixeste. Pro non... ¡eras ti quen se marchaba!

¡Canto loitaste ca morte, por non deixa-los teus fillos sen ti! Agora séntame, decías; déitame agora; vólve-me do outro lado, que non aguanto deste; límpame o sudor, que non vexo; dáme de beber, que ardo; vólve-me a cabeza

prós pés do leito, que acoro así —e volta añadías: ¡señal de morte!... séntame outra ves; déixame caer, que me barro sentada... Non podías alentar, non, e decías que non había aire. ¡Que esforzos pra alentar... pro o aire non che pasaba da boca! ¡Que fervenza na túa gorxa! Era a ola que che mataba... ¡Ai! ¡Canto loitaste; canto loitaste ca morte, que nos deixaba sin ti!

### III

¡Morreste! ¡Morreste, si! Pro aínda te vexo, nesa tumba negra; co ese hábito de san Francisco; cas mans levantadas, que teñen como un santo cristo agarrado; co esa cabeza levantada un pouco, como se miraras pro Dios que curcificaron. Pro non, te-los ollos cerrados; encoveirados xa, alá no fondo das súas covas, é xa negros ao redor. Te-la cara como a cera un pouco marela, o corpo frío... e todo todo me di que estás morta, aunque desto só me falan aquí esas dúas velas co seu ulor e chasporroteo. Aínda te vexo, si, e dentro dun pouco xa non che verei máis, nunca máis.

¡Que non che leven! ¡Eu quero verche, aunque morta sea: ve-los teus ollos, aunque non miren, e a túa boca, aunque non fale; palpar a túa cara, aunque esté fría; ...ve-lo teu calabre!

¡Mais xa veñen pra levarche: ouso unha campaiña que toca, gente que reza, e a vos dun crego, que non ten pena. Xa suben uns homes, os que che han de levar; xa cerran a túa caixa; xa a cravan, e eu... eu choro agora; choro con miña irmau; chorámo-los dous, porque máis non che veremos, nunca máis!

¡Adiós, miña nai! Xa che levaron de aquí, e dentro dun pouco xa estarás debaixo da terra, alí, con miña avoa. ¡Ai! ¡Un mesmo lume vos quentou; comestes na mesma cunca, ca mesma culler, e mirastes pola mesma lumieira da casa. ¡Pro aínda vivirés máis xuntas agora, nunha mesma cova enterradas e nunha mesma terra convertida-las dúas!... ¡Dille, dille á miña avoa que nunca dela me esquecín, como de ti, miña nai, non me esquencerei nunca! ¡Adiós, adiós ás dúas! ¡Adiós, miña avoa! ¡Miña nai, adiós!

Junio 1º de 1881

### **Mariquiña i eu**

Eu era un rapás. Era Mariquiña unha nena bonita como un ouro. Os dous naceramos no mes de San Xoán do mesmo ano, nun mesmo rueiro, cara con cara a porta da súa casa i a miña. ¡Cantas cousas non falabamos polo postigo!

Nin eu nin ela falabamos noutra fala que naquela que adprenderamos no berce, arrolados por nosa nai.

Mariquiña queríame polos vivires, i eu a ela tamén. Pola mañán cediño ó albrexar o día, cando os paxariños cantan a alborada, sempre oía a Mariquiña chamarme polo postigo da súa porta:

—¡Farruquiño! ¡Farruco! —i eu folgábame de oíla, e, brincando, fuxía pra xunto dela e dabámonos apretas e bicos.

Dimpois, Mariquiña i eu, fuxiamos de contado: ela da súa casa i eu da miña, como si nelas nos tuveran presos como os ladróns na cadea. E corriamos moito, moito, e cando Mariquiña oía que a súa nai a chamaba: — ¡Marica! ¡Marica!... ¡Ai! ¡Que demo de filla!— Mariquiña i eu agachabámonos detras dun turreiro, i alí, baixiño pra que a nai dela non oíse, cantaruxabamos os dous:

Canta rula na gaiola;  
canta rula, canta rula,  
canta que vou para fóra.

E dimpois tornabamos a correr buscando eiquí ameixas, aló cirigiuelas, peras barburíñas noutro lado, en tódolos corrunchos unha cousa, e maxinabamos por derradeiro como lle furtaríamo-los péxegos da horta ó crego. Me acordo que unha ves Mariquiña, pois era mui pillá, quixo bulrarse del porque non salía da horta, e cantoulle ista cántiga:

O cura da miña aldea  
mentres le o breviario,  
non se cuida das ameixas  
que lle rouban noutro lado.

Pro pagounas ben Mariquiña. Cando naquil ano fumos á doutrina, que ela ben a sabía i ademais era arriscada, ó crego doulle o carneiro. Nestas troulas andabamos Mariquiña i eu, e por unhas non deixabamos outras andainas.

Cando chuvía, por antre a porta dela i a miña corría a xurrada, e faciamos moíños, así como quen quen.

Outras veces metiamonos sub hórreo e pillabamos gorrións con visgo.

Si oíamos cacarexar as galiñas, apurrabamos os cans e corriamos o raposo hastra a bouza, e, dimpois de meter os cans nela colliamos amoras.

O que máis queríamos era andar ós niños. ¡Inda non me esquecencen, unha vez que andabamos a iles, un que vin de pega na pola dunha subreira! Xa tiña paxariños sin tiña, paxariños grandes; eu víalles estirar o pescozo, erguer a súa cabeciña i abrir o peteiro. Mariquiña gateaba mellor que eu e foi ela quen subeu a coller o niño e iso que a curtiza da subreira era nova. Pro ¡ai! ¡Era unha cróbea o que estaba drento do niño!

No tempo das mazáns verdes saltabamos dunha noutra maciñeira, buscando algunha mazán aviñada, das picadas polo verme. Algunhas veces achabamos así todas as dunha pola i era que estaba o verme no pau. Colliamos as mazáns aviñadas e ibámonos pra un corruncho: alí comíamolas e xogabamos ós pelouros.

Cando máis rebuldabamos era no tempo das cereixas. Dimpois de ben fartos delas, colliamos as troias e como si quixeramos estruxalas antre os dedos facíamolas brincar de Mariquiña a min e de min a ela. Unha vez deume cunha carabulla nun ollo, por fóra. Eu choraba e Mariquiña tamén. Achegouse ela entouzas a min: mollou un dedo seu en cuspe e levouno ó sitio magoado, e, como aquilo non era nada, deume, amais, un bico no sitio i eu a ila unha apreta boa.

.....  
Aquil tempo foise... A derradeira ves que vin a Mariquiña, era unha moza xa, unha moza das festas. Pasou preto de min, miroume de lado, e dimpois cantou:

Me olvidas porque son probe,  
e vexo que tes razón...  
amor probe e leña verde  
soilo cando é ocasión.

Non lle fixen caso. Eu, daquela, xa non falaba con Mariquiña.

**A cama do santo**  
**[Un conto]**

I

É un sitio bendito. Así o di a xente.

Está na miña terra, no monte do Confurco, un monte alto onde soilo hai outeiros, toxos e carrouchas, bestas bravas, algunhas vacas e ovellas. Pro ó lonxe vese Rianxo, unha vila pequena con pintas brancas, unha paloma cuase negra: alá, máis lonxe, vese tamén Vilagarcía, unha vila mellor con pintas negras, unha paloma bonita, e vese Vilaxoán, a Arousa toda, o mar da Proba.

Ten o Confurco a forma dunha forcada que mira ó mar; e na galla dereita, no máis alto dela está o santo, o santo Sanamede, e súa cama preto del, unha cama de pedra. Entre os gallos da forcada, hai un sitio lonxe alá abaixo, un sitio fondo, e no fondo del un rego, que non ten de río máis que de home un neno que nace. Alí á beira do río está o camiño de Rianxo e Vilagarcía, o camiño que vén de Noia. Alí houbo noutro tempo unha carballeira, onde os ladrós da gabilla de Tasende, levaron a Albores un veciño meu, dempois de roubalo, e atárono a un carballo, de noite.

A capilla de Sanamede é vella, ninguén sabe cando se fixo. Pro todos saben, porque o di un letreiro que hai enriba da porta, que a compuxo no outro sigro un cura de Tallara, un cura bo da miña parroquia, que fixo moitas cousas nela, e está o corpo santo nunha cova da sancristía.

Sanamede foi rico, porque hai santos ricos tamén, e hoxe é probe, dou en baixeza; pro deu o que tiña, as súas rendas, leiras e monte. Dábanlle tamén moita limosna, trigo, centeo e millo, nebiña e allos, galos e polos, o que levaban pra el, e un pouco do que traían pra vender na romería, e llo daban pra que o santo lle axudase a vender ben. Si os taberneiros non lle daban viño nin as mulleres do polvo<sup>331</sup> un prato de peixe, porque sabían que ó sancristán lle gustaban moito estas lambadas.

¡Canto me acordo desa romería! Eu iba a ela tódolos anos. Pola mañá cediño, ó albrexar o día, iba miña avoa, que levaba as peras orracas pra vender, porque estonces xa non se cantaba:

As cereixas se acabaron,  
a máis froita aínda non veu;  
o mes de Santiago  
é pelado como eu.

Eu iba coas vacas promeiro, e cando o sol xa picaba e as moscas lle facían levantar o rabo ás vacas, levábaas mui contento prá corte, pra irme máis

---

<sup>331</sup> Nota do autor: "Pulpo".

axiña prá romería. Pro algunhas veces picábame a mosca a min promeiro, e eu estonces poñíallo ás vacas; facía eu de abellón e decía: “¡Pica rabela!”

O que eu quería era chegar á misa maior, oír tódolos foguetes, o gaiteiro tocar, cantar os cregos... ¡Que bo era aquilo! Corría, corría moito pra chegar a tempo. O que máis tempo me levaba era a costa de Carantoña: tiña que subir, subir moito, pro ¡que alegría cando xa estaba no alto da costa! Nada vía nin ouzaba hasta alí, pro chegado ó alto, vía detrás dela nun fondo pequeno, a romería, vía a capilla, sobreiras ó redor e xente, moita xente.

O promeiro que facía era ver a miña avoa. Dábame peras, e mollaba a boca con elas. Dempois rezáballe ó santo: dáballe dous ichavos de catro que miña avoa me dera pra el, e traíalle a ela un ramo de mirto bendito, que me eran polo carto. Sin o ramo, maxinaba miña avoa que eu me gardara os catro ichavos pra rosquillas.

Meu pai, que inda hoxe non perde unha runfla, iba tamén á misa maior. Dempois del viña a nai coa cesta do xantar. ¡Que gusto daba! Á sombra dun outeiro, mirando ó mar, comiamos as empanadas; a pescada guisada e fritida, o pantrigo que miña nai trouxera. Nin faltaba o viño, unha bota chea del, que meu pai deixara disposta na bodega, antes de marcharse prá romería.

¡Canta xente todo por alí, entre os outeiros, xantando! Os de Tallara e Lousame, os de Macende e Bialo, Cespón e Boiro... Nin faltaba a xente da vila, a xente de Noia, que ben cediño pasou, enchendo o camiño por diante da nosa porta. Mercaba alí empanadas, polvo e outras cousas, e non deixaba de facer tamén unha festa boa.

O cura da parroquia xantaba na sancristía cos seus amigos. Alí tiñan feixes de mirto non bendito aínda, e guindábano no chan: facían unha cama de mirto, e deitados nela xantaban. O máis contento era o sancristán cando iba buscar viño nun xerro. Tardaba moito e nunca o xerro viña cheo.

Hoxe a romería de Sanamede non val tanto. Din que na Proba hai un Sanamede novo, que lle rouba a xente ó noso santo de decote. ¡Que entrometida é sempre a xente nova!

## II

Todos querían ser donos de Sanamede: o cura de Tállara, que desta parroquia é o santo, o de Lousame e Bialo.

Formouse un preito, e preitearon os tres curas. Pro o de Tállara era máis letrado. ¡Ben me acordo del cando eu era pequeno, e das copras que as rapazas lle cantaban cando el non ouzaba!

Tan rapaz, mozo bonito  
que non se pode casar,  
o noso curiña Raña  
non deixa as mozas bailar.

A capilla está nos terreos de Tállara, pro mui preto tamén dos de Bialo e Lousame. O máis cabezudo era o cura de Bialo, que decía que o santo apareceu nos terreos da súa parroquia, que esto ben o dicía a súa cama de pedra,

A *cama do santo* está na mesma galla do monte que a capilla, máis preto da punta da galla. Entre a capilla e a cama hai a carreiriña dun can.

É unha pedra mui grande, un outeiro bo, de canteira brava. Está partido polo medio, como si con unha machada o fenderan. Os dous anacos, pretiño un do outro, fan unha regaña ancha e fonda. Alí, metido na regaña, din que apareceu o santo, antes de face-la capilla.

Tódolos santos son avogosos de algo: santo Outeiro, da rabia; santa Bárbara, dos tronos, e do sol e chuvia calquer santo. Sanamede é avogoso da barriga. ¡Cantas mulleres i algús homes fregaron a súa contra os dentes da pedra brava, pra saudar os seus doores da barriga! O santo estivo alí noite e día ó recio. Padeceu da barriga, e o que ten doores dela vaise alí, á *cama do santo*, a rezarlle: déitase de barriga sobre unha das pedras, mete a cabeza na rendixa, e rézalle.

¡Cantas xentes, anos e anos, foron alí a rezar, e quen fora pedra pra velo e contalo!

O outeiro, por onde se sube de gatiñas, foise gastando, e gastouse aínda máis o sitio onde a xente se deita e frega a barriga: hoxe hai na pedra un camiño, e no alto dela unha cova, unha cama ben lisa.

Esta é a *cama do santo*, nos terreos de Bialo.

O xuez do preito, eu non sei si foi Mora, pro sei que non foi ningún Xinebra, jera ben espabilado, un Salomón! Díxolle os tres curas, que no mesmo día e á mesma hora saísen os tres en procesión dende a eirexa da súa parroquia, e que o santo sería do cura que chegase promeiro.

Todos tiñan que rubir, que rubir moito, hastra o máis alto da galla dereita do Confurco. Os que menos tiñan que rubir eran os de Bialo. Os de Tállara tiñan que rubir máis, que rubir máis que todos.

Xa saíron das súas eirexas: xa os de Lousame chegan ó Seixido, á casa da Gorriona; pasan por Carantoña os de Tállara, e os de Bialo, pra ter forzas, botan un vaso na Armada. Pro estos, que tiñan xa unha gota, tropezan nas pedras, e dando coteladas máis sinten o delor que chegar tarde. Os de Lousame teñen mal xenio, e perden o tempo berrando us cos outros. Soilo os de Tállara, que son mui devotos e non teñen delor do corpo, corren dereitos e caladiños, e suando, suando e rubindo, rubindo, chegan os pormeiros á capilla do santo.

O xuez fallou o preito a favor dos de Tállara. Esta era a xusticia.

### III

¡Cantos milagres leva feitos o santo! Contarei un dos máis grandes, anque pena me dá contar cousas da mocidade, por aquilo de que a miña xa pasou.



O Drolíño era unha rapaza bonita, unha rapaza das festas, alegre como unhas castañas. Daba xenio a súa cara de cereixa aviñada e aqueles ollos de fror de liño.

Eu non sei que viña buscar ó serau ás brañas de Pascoal, Xan de Berrimes; pro viña tódalas tardes, e non se iba da aldea hasta cantar o galo á media noite, aquel mozo forte como un carballo. O Drolíño agardaba decote por Xan nas brañas, que el viñese a axudarlle a erguer o cesto da herba.

Un serán detuvéronse máis que outras veces. Tiñan moito que falar e palicaron hastra que a lúa xa viña. Xan estaba de pé, coa ligoña metida no rego, e como era ligoña de rabo largo, ligoña de regar, Xan fincaba nela as maus e nas maus o queixo. O Drolíño estaba sentada, sin levantar os ollos: facía nos coa punta do mandil e falaba pouco. Eu, que pasei por alí, maxinei que Xan algo lle pediu ó Drolíño, e que esta non estaba mui dadivosa. Non sei que lle pedía Xan, pro ela falaba do confesor.

Depois de latricar os dous, e como a lúa comenzaba a ensinar un corno, trataron de marcharse. Ergueuse o Drolíño, recolleu a ligoña Xan, e fóronse os dous achegando ó cesto da herba. Quirían erguelo, postos de cara o Drolíño e Xan. Eu non sei o que se dixeron nin que lles pasou estonces, pro sei que ó Drolíño varréuselle a vista e caeu. Non a levantou Xan, que tamén caeu.

Non había auga na braña, pro bastaba o orballo pra facerlle mal ó Drolíño. Nunca ben lle foi dende aquela noite. Mazouse aquela cereixa aviñada, a fror do liño quedou como si caera sobre ela o lóstrego, e triste dende aquela, esta fror sobada xa non foi a fror da aldea.

O pior eran us delores de barriga que non a deixaban. Ofreceuse ó santo Sanamede a levarlle unha barriga de cera e a fregar a súa e a de Xan contra a cama do santo. ¡Santo bendito! Fixo no Drolíño un verdadeiro milagre.

Era esto no comenzo do Outono. Ó facer os nove meses compretos dende que Drolíño se orballara na braña, sanou de todo. Xa estaban casados, e o 10 de Agosto, o Drolíño, Xan e un rapaciño de pouco máis dun mes, que o Drolíño levaba no seu colo, iban pra romaxe, a cumprir a promesa feita. Déronlle ó santo a barriga de cera; foron á cama a rezarlle, fregaron as súas barrigas, alí, contra a pedra, e dempois, a tódalas rapazas que encontraban no camiño da cama do santo, agarradas cos mozos pola mau, lles decía o Drolíño:

Sí querés vivir alegres decote,  
non orballeis a barriga pola noite.

O 10 de Agosto do ano 86, na romaxe, á sombra dun outeiro.



## Galo Salinas Rodríguez

### Datos biobibliográficos

Galo Xosé María do Carme Salinas Rodríguez<sup>332</sup> naceu o 14 de marzo de 1852 na parroquia de San Nicolao da Coruña, onde finou o 30 de setembro de 1926, na rúa Xoana Vega, nº 22. Cando contaba con tan só catorce anos de idade, desprazouse a Montevideo co propósito de facer fortuna no negocio do comercio, pero a pouca sorte, a nostalxia e o chamamento de súa nai motivaron a súa volta no ano 1876. De regreso en Galicia, dedicouse ó comercio, e foi nomeado “administrador de portazgos” ata que estes cesaron. Creou en Pontedeume unha escola, que tivo que abandonar, dedicándose dende ese momento á instrución primaria e a escribir.

Foi un dos membros destacados do Rexionalismo, pois fundou en 1881 na citada vila pontevedresa a Asociación Rexionalista de Galicia, formou parte da Cova Céltica e escribiu *El regionalismo gallego. Estudio social* (1892). Tamén fundou en 1895 a *Revista Gallega* “Semanario de Literatura e Intereses Regionales”, que baixo a súa dirección representou o proxecto máis constante da prensa deste movemento ideolóxico.

De Galo Salinas, cabe salientar o seu labor no ámbito teatral, no que publicou, representou e deixou inéditas un considerable número de pezas teatrais, escritas en galego e en castelán, tanto en verso coma en prosa. Así, de entre as obras que deu ó prelo en lingua galega, podemos citar o primeiro drama histórico na nosa lingua, *A Torre de Peito Burdelo* (1891), galardoadada no certame literario do Liceo Brigantino en setembro de 1890; *¡Filla...!* (1892), premiada nese mesmo ano en Pontevedra no certame da Sociedade Económica de Amigos do País e considerada a súa mellor obra pola crítica actual; e *Bodas de Ouro* (1921). Asemade, tratou teoricamente a problemática teatral en Galicia no estudo *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo* (1896) e participou no proxecto de recuperación da Escola Regional de Declamación, da que asumiu a súa dirección durante o seu curto período de vida, entre xaneiro de 1903 e finais de 1904. A súa produción, reflexión e actividade ó redor do xénero teatral, fixérono merecente do cualificativo de “pai do teatro galego” e a súa consideración como o autor que marca o inicio do teatro galego contemporáneo.

Tamén cultivou a poesía, que se atopa espallada en diversos xornais e revistas e sobre a que os estudiosos non atopan unanimidade á hora de emitir os seus xuízos. Destaca o feito de que polo seu poema “¡Paz e pan!...”<sup>333</sup> foi

---

<sup>332</sup> Para coñecer máis datos deste autor, consultamos “Galo Salinas y Rodríguez”, unha biografía que sobre el fai M. Castro López na revista *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº. 99, 25 xullo 1894, e reeditada en *La Tierra Gallega*, da Habana, nº 39, 14 outubro 1894.

<sup>333</sup> *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 899, 20 outubro 1916.

o primeiro poeta galego galardoado en terras de castelás, concretamente, na Festa da poesía, que se celebrou no Real Sitio do Escorial o 27 de agosto de 1916 e que estivo presidida pola infanta Isabel. En volume, publicou *Galicia. Himno popular regional* (1893), ó que lle puxo música o mestre galego J. Varela Silvari, e *¡Lenda de horrorre! A mitra de ferro ardente* (1894), á que lle segue o poema en tres cantos “Galicia”. Antonio Couceiro Freijomil, infórmanos de que tiña pensado recoller a súa obra poética en dous volumes bilingües: *Horas de vigilia e Horas de huelga*.

Xa comezado o novo século, en 1907, desprazouse a Madrid durante uns anos para ser Chanceler do Consulado Xeral da República Oriental de Uruguai, cargo que lle ofrecera un presidente desta república co que o unía certa amizade dende a súa estancia en Uruguai, á que regresou no ano 1914, segundo se pode ler nunha nota que recolle o poema mecanografado “Entre dous mundos”, que está na Real Academia Galega. A ocupación deste posto na capital española provocou que a *Revista Gallega* se deixara de publicar o 30 de xuño de 1907 e que, se cadra, un mes máis tarde, abandonara as súas obrigas como membro correspondente da Real Academia Galega e primeiro arquiviro-bibliotecario, cargos que ocupaba dende o 4 de setembro de 1905. Durante a estancia madrileña, en xaneiro do ano 1915, desprazouse á cidade herculina para contraer matrimonio con María del Carmen Corsanego Abelenda, que era veciña da parroquia de San Xurxo.

Galo Salinas tamén sobresaíu como xornalista e foron moitas as cabeceiras galegas, españolas, uruguaias e doutros países de alén do Atlántico que acolleron os seus artigos e colaboracións literarias. É nesta actividade xornalística na que rastrexamos os seus textos narrativos e paranarrativos, entre os que destacan as crónicas semanais de actualidade que tiñan a estrutura formal do diálogo e tituladas “Palique(s)”, que publicou na *Revista Gallega*, dende 1896 ata 1907, e que asinou co pseudónimo de “Janiño”, salvo ás veces que o fixo co de “Xan de Morás” (n<sup>os</sup> 489, 491 e 571), “Manecho” (n<sup>os</sup> 492-497) ou “Xaniño” (n<sup>os</sup> 572-634). Cómpre puntualizar que os personaxes que dialogan son sempre Chinto e Mingote, a excepción das entregas 505 e 506, nas que Chinto conversa con Manecho. De igual modo, na revista que dirixiu podemos atopar outros textos de carácter pseudonarrativo que publicou cos títulos de “A quen quer traballos que malos traballos o persigan”<sup>334</sup>, “Os xenios”<sup>335</sup> e “Partida dobre”<sup>336</sup>, e que asinou como “Xan de Morás”. Resultan ser textos ensaísticos e artigos de opinión, que aínda que versen sobre cuestións actuais, presentan certos matices literarios e incluso foron recollidos no apartado “Prosas y verso” da *Revista Gallega*.

---

<sup>334</sup> N<sup>o</sup> 200, 8 xaneiro 1899.

<sup>335</sup> N<sup>o</sup> 201, 15 xaneiro 1899.

<sup>336</sup> N<sup>o</sup> 206, 19 febreiro 1899.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Malia sermos coñecedores da existencia dunha serie de textos da autoría de Galo Salinas que non son alleos á literatura, neste apartado ímonos deter naqueles de carácter narrativo ou que podemos considerar prosa literaturizada escrita por este autor en lingua galega.

O primeiro deles textos apareceu no ano 1893 nas páxinas de *El Eco de Galicia* da Habana co título de “Paréntesis literario. ¡Danza macabra!”<sup>337</sup> e co subtítulo de “Fantasía”. Está dedicado a Waldo Álvarez Insua e, segundo unha nota do autor, que o asina como Galo Salins Rodríguez, xa fora publicado no xornal ourensán *La Defensa de Galicia*, que dirixía Alberto García Ferreiro. Está estruturado en oito capítulos breves e numerados en romano, no primeiro dos cales un narrador testemuña nos pon en situación, presentándonos a un tío Mingos destrozado pola dor provocada pola morte da muller e filla. A seguir, o narrador en primeira persoa cédelle a voz ó personaxe masculino citado, quen, nos sete capítulos restantes, se encarga de relatar o tétrico soño, no que cae derrotado pola dor. Un soño no que realidade e fantasía se mesturan nun ambiente cargado de tenebrismo e elementos propios das supersticións do mundo tradicional galego, no que a luz da esperanza se asoma no seu final. Cómpre sinalar que nas derradeiras liñas do capítulo oitavo o narrador inicial volve retomar a palabra para explicarnos que o poema sinfónico descritivo “¡A danza macabra! ¡Os bailes dos mortos!...”, da autoría de Saint-Seans<sup>338</sup>, foi o que lle inspirou esta “Fantasía”.

No ano 1901, como Galo Salinas Rodríguez. Director de la Revista Gallega, asina o relato “Non hai remedio. Fantasía bíblica” na revista *Santiago*<sup>339</sup>, que sería reproducido ó ano seguinte en *El Eco de Galicia*<sup>340</sup>, de Bos Aires. Un narrador en terceira persoa, ó longo de seis sintéticos fragmentos de certo bucolismo panteísta, amósanos a unha muller e a súa unha filla, que, abandonadas polos seus descendentes e non sendo atentidas as súas queixas, nin polo mesmo Deus, procurarán a súa morte. Sabemos, polas últimas palabras que nos dirixe o narrador, que estamos ante unha recreación figurativa na que nai e filla simbolizan a España e Galicia minguadas polos desamores dos seus fillos. Ó igual que acontecía co primeiro dos relatos analizados, que tamén acollía no seu encabezamento o termo “Fantasía”, o autor sinala que parteu dunha fonte primaria para elaborar este texto de denuncia.

---

<sup>337</sup> N° 600, 23 decembro.

<sup>338</sup> Refírese ó músico francés Camille Saint-Seans, que viviu entre 1835 e 1921 e foi autor de numerosas pezas musicais, entre as que se atopa a *Danse macabre*, da que Galo Salinas partiu para realizar este seu texto narrativo.

<sup>339</sup> N° 1, ano II, 22 xullo, pp. 8-10.

<sup>340</sup> N° 371.

Un relato de carácter amoroso é o que topamos no ano 1902 na revista<sup>341</sup> tutelada por este autor coruñés e que firmou na sección “Prosa y verso” co seu nome e primeiro apelido, Galo Salinas. Foi reproducido por *El Eco de Galicia*<sup>342</sup> no ano 1903 con escasas modificacións na puntuación e, tempo despois, en 1914, no *Almanaque Gallego*, ambas as dúas cabeceiras de Bos Aires. Como o seu título indica, en “Pastorela”, recóllese unha historia de ambiente pastoril que aparece estruturada en catro capítulos de breve extensión e numerados. Nos dous primeiros un narrador omnisciente en terceira persoa fai unha presentación do asunto e dos personaxes, por medio do diálogo dos cales nos dous seguintes capítulos coñecemos o desenvolvemento e o desenlace da trama. Malia que o relato conte con elementos propios do xénero pastoril, como poden ser o pastor, o can, as ovellas ou un contorno bucólico, cómpre advertir que algún destes elementos non segue o marcado polo canon, como é o feito de que sexa a moza a que leve a iniciativa no seu romance co pastor.

Na *Revista Gallega* publica tamén en 1902 “Sabela (Boceto gallego)”, que é un esbozo de novela de carácter costumista e que aquí non trataremos por estar escrita maioritariamente en lingua castelá. A citada revista tamén lle dará cabida no ano 1904 a un pequeno exercicio literario, baixo o título de “¡Adios...!, ¡Adios...!”<sup>343</sup>, asinando unicamente como Galo. Describe un narrador en primeira persoa a súa despedida silenciosa, pero sentida, dunhas persoas coas que o unían fortes lazos afectivos.

---

<sup>341</sup> *Revista Gallega*, nº 405, 21 decembro, pp. 4-5.

<sup>342</sup> Nº 409, pp. 5-6.

<sup>343</sup> Nº 502, 29 outubro, pp. 5-6.

## Paréntesis literario

### ¡Danza macabra!

A Waldo Álvarez Ínsua

### Fantasia (1)<sup>344</sup>

#### I

Cando volví do enterro da coitada doncela alcontrei o probe tío Mingos nun estado de tolaxe tal, que espricalo non podería quen non estivese ó tanto da súa disgracia, quen non entendese seu delor.

Verdadeiramente non había en toda aldea pai máis infiliz que el. No espazo dun mes vira afondar a terra pra da-la última mourada ós dous seres máis quiridos do seu corazón.

Rosa, súa mullerciña, morrera de mal do corpo; Sabela, súa filliña, secumbira dun mal do esprito, i el quedouse orfo de afeuciós.

.....  
Ciprián e Sabela criáranse xuntos; seu amor comenzara no berce. O rapaz non estivera mal de entreses, pro comérallos todos o Fisco, pois antre un preito, antre libralo súa nai de soldado, pagar as contriucióis e outras comenen casi polo istilo, quedáranse cuáseque por portas.

Io mozo quiría casarse con súa Sabeliña, e, acougando o latexar do corazón dicidiu marchar pra isla de Cuba, botar alí media ducia de aniños, e tornar con algunhos miles de reás \* realiza-las ansias de toda súa existencia; ter unha santa ó seu lado, vivir da vida dela.

Os noivos xuráronse un amor eterno: prometéronse esperar; chorando el foise iela se quedou chorando con ese pranto que atrestece e non consola. Cicais un mesmo prisentimento sintían ó sopararse anque non o decrararon.

Ciprián chegou á Habana: a enfermédá reinante na grande isla non o respetou; fixo, polo contrario, présa no namorado, e levouno deste mundo.

Cando Rosa ricibiu a noticia por carta dun compañeiro do seu amigo, perdeu o sentido, caíu no chan, levárona ó seu leito e del condocírona, poucos días despois ó Campo Santo, termo fatal de todo canto existe.

Ó levar o ataúde coa neniña vistida cos hábetos da *Porísima Conceución*, houbo nescesidá de suxetar o velliño que quiría reunirse con aqueles dous anxiños que a morte lle roubara; mais ó fin, canso e sodoroso, desprouse baixo o peso dun accidente e ¡soñou... soñou...!

---

<sup>344</sup> Nota do autor: “ (1) Del periódico orensano *La Defensa de Galicia* que dirige el inspirado poeta Alberto García Ferreiro”.

## II

Soaban as doce badaladas da media noite. O vento bruaba con guirtos de famenta fera. Nubes negras como a concencia dos malvados, e pesadas cal o remordemento, guindaban gotas de auga que, ó espaxotarse no chan, estralaban ó igoal que as muxicas no lar aceso.

De cando en vez rachábase o ceo deixando ver un longo rego de branquizado fogo, ios lóstregos alumeaban de contino a cativa eigrexa o murallón que soparaba a vida da morte io cruceiro onde un home, posto de xionllos, tal vez estaba rezando, cicais estaba xemendo.

Un trebón máis forte que os demais o fixo erguer e chegándose o tal homiño á porta do cimiterio, pegou súa cara contra a reixa e, cos ollos espantados, viu...

## III

Os alcipreses do cimiterio sacodían súas copas cal fixera un lión coas súas guedellas denantes de botarse sobre da víutema que vai sacrificar.

Dos currunchos da fúnebre mansión surxían moitas candelañas de vivo lume que o vento levaba dun pra outro lado; no pronto as candelañas desaparecen; os trebóns se múltiprican, arrecia a chuva; os lóstregos non cesan je as pedras que cobrían as foxas coménzanse a remexer!... ¡E aquel home tremaba... quería fuxir e non podía... unha forza superior á súa voluntá tíñao amarrado á ferroñenta reixa... xa non tiña voz!

## IV

Xiran as lousas con ruído de tréteco rozamento, e polos ocos que deixan, asómanse espeutros de nevado roupaxe... Primeiro sacan a súa calivera que moven pra tódolos lados... despois botan fóra uns brazos que máis parecen as disciplinas dun visonario asceta... logo sai o corpo, e xa de todo libres da pétrea cárcere, íspense dos sodarios, búscanse, se atopan, brincan, troulean, abrázanse en estreita aperta que fai cruxir aquel feixe de *paus do corpo*, enxoiotos, limpos e amarelos que, ó reloucar do vento, asubían con horrible confusión, cal endiañado concerto que dirixira Locifer... ¡Aquel é a orxía da morte!... ¡As portas da eternidade foron forzadas!...

.....  
Nos estremos do camposanto brillan dúas luciñas, fuxen, fenden o aire e veñen a xuntarse perto do fantásteco rueiro, e unha cruz lles serve de asento.

A tempestá fixo un paréntese, e, cansádo-los esqueletos, déitanse sobre da mollada herba, como os soldados despois das fatigas dunha sangueta batalla, ou como os que, en bacanal festexo, réndense ó influxo do viño, da vultuosidade, do vicio en tódalas manifestacións en que fai derroche de vida.



V

As luciñas seguen xuntas porque despois de fuxir pirsiguíndose, acaban por fundirse nunha soila pequerrechiña fogueira de páleda fosforescencia.

Por un deses fenómenos da Natureza a escuridá do firmamento cóbrese de botonciños de ouro que brilan como o cristal frido polos reflexos da luz artificial; témprase o ambiente, anímanse os seres vivintes e ronxe o grilo no seu boraco, canta o cuquiño abaneándose nas poulas dos arbres e pía o ruiseñor con gorxeos de poéteco encantamento.

Aquelas luciñas son, sin duda, as almas de dous namorados que amáronse tanto na terra que, non cabendo en ela tanta pasión, Dios levounas deixándoas seguir seu amor, aló prás célecas alturas, onde as pasiós non aldraxan a poreza, onde o sentimento exprésase por cántigas de adouración.

E as almiñas renovan seus xuramentos, bícanse, gozan con divinal deleite, e acaríciense con marmullos anxélicos e aleteos de branca bolboreta...  
¡Un cachiño de dicha da groria baixada á podrez dun triste cimiterio!

VI

Nubes negras como a concencia dos malvados, pesadas cal o remordemento, volven a guindar no chan gotas que estralan como as moxenas do lar aceso, como as ideas drento do cerebro dos xenios.

Lóstregos de eléutrica craridá rachan o negror do ceo.

Trebóns de infernal fosilería retomban e atronan o espazo.

Os alcipreses incrinan a punteada testa e xemen ó bruar do vento...

¡Io grilo xa non ronxe, nin canta o cuco, nin pía o ruiseñor!...

A calma trócase de novo en borrasca io terror torna a ser o rei que impera na obedente Naturez, rexida por sabias leises...

I o atordido homiño pirsiste cravado no seu sitio con forzas superiores á súa voluntá, e non guirta porque a voz desfáisele na gorxa pola imposición do medo que o domexa.

VII

Espántanse os espeutos: érguense e reúnense outra vez, cóllense das descarnadas mans e bailan, xiran, atropouleándose os uns con os outros, facendo resoar con secos tombos a osamenta espida das sáboas nos que se envolvían, e que xacen amontoadas sobre da parda terra, revoltas e lixadas.

De súpeto descubren as luciñas pousadas na cruz, sinten a embriaguez do delirio e van hácea elas con carreiras de anárquecas impulsións...

Cércanas e pretenden matalas asoprándolles con súas queixadas sin dentes nin alento... ¡coitadiñas!... Pro non o consiguen, e, destonces, estreitan o círculo pra afogalas antre aquel feixe de ósos xa comestos dos vermes.

¡A morte ameaza os espritos que moraban nos corpos que xa levou!...

¡Tampouco o logran! un luceño baixa do ceo con louca rapidez, franquea a porta da eigrexia e sal da santa mourada guiando o ánxel do repouso que fixo descender do seu altar. Entran os dous voando no cimiterio. O loceiriño chégase ó pé das candelíñas aprisoadas polos esqueletos, fainas soparar e fuxen xuntas astra perderse na inmesidá do vacío...

O ánxel sorprende os pantasma que, ó descubri-lo e procatarse, recollen con apresuramento seus roupaxes e con galopar de poltros bravos pricipítanse nos seus sepulcros... e todo volve a quedar en paz, en calma ien silencio pois asta a treboada foise indo a outros sitios onde houbera máis a quen asustar.

¡Aquel loceiriño era a alma de unha nai que nin aínda na outra vida deixa de velar polos seus fillos, que pariu con delores da materia; polos fillos que perdeu con delores do espírito! ¡Binditas sexan as nais!

Io probe do homiño tornou a carón do cruceiro e, parodiando o poeta, con acento cortado polas bágoas, tristemente ripitiu: “*¡Xa nin na paz das sepulturas creo!*”.

## VIII

—¡Sin, señor, sin!..., ¡todo esto vin e sintín no meu soño!

¡Ai!, as candelíñas eran as almas de miña Sabeliña e de Ciprián...

¡A estrela aquela era a alma en pena de miña Rosa, a compañeira da miña vida!... ¿Que outra, sinón, había de ter o poder bastante pra facer baixar os ángeles do seu retablo? ¿Que outra tería tanto valimento pra deixar o ceo e volveuse a el levándose con ela a seus nenínos, aqueles nenínos que por ser tan puros Dio-los quixo pra si?...

¡Ninguén, porque a unha nai no lle nega nada nin Dios, nin a Virxe, nin os santos, nin os ángeles...! ¡Sei que si crama astra polo demo, o demo mesmo lle fai caso, porque o demo está no inferno... por non ter nai!

¡Eran eles, sin, eran eles que me viñeron ver e consolar!

.....

Asina me falou o tío Mingos cando ó volver do enterro da coitada doncela, alcontreino presa da tolaxe, sin concencia dos seus feitos magoado na cabeza e no corazón, doorido do espírito.

.....

*Saint-Saens* debeu maxinar un soño parecido ó do tío Mingos, cando compuxo aquel poema sinfónico descritivo, mezcra de realidade e de ficción, xuntoiro do natural e do romántico que me ispirou esta *Fantasia*, anque sin tradocir, quizais, a idea artística do maestro.

Aquel poema que fai sentir e que, rindidos, hai que ademirar, chámase:

*¡A danza macabra!*

*¡O baile dos mortos!...*

## Non hai remedio

### Fantasia bíblica

\*

.....  
.....  
Daba lástima o ver aquelas dúas mulleriñas camiñando traballosamente, dobradas e vencidas máis polo peso da delor moral que polo dos anos.

E iban collidas das mans sin falar parola, e solasmentres, de tempo en tempo, viraban a testa, e ao se atoparen os seus ollos bágoas, que polo ardentos fumegaban, escorregábanlles polas meixelas.

E o cansacio acabounas de rendir e pra non se deitaren na terra ligáronse nunha forte aperta.

\*\*

.....  
.....  
—¡Non poido máis, Miña Nai...!

—¡Miña Filla, non poido máis...!

—¿Canto faltará pra chegarmos ao remate da nosa pelegrinación onde daremos coa dita e a tranquilidade?

—¡Non o sei! Coido que nos habemos perdido no camiño e que del non sairemos senón pra tirar polo da outra vida.

—¡Non, miña Naiciña, non! É certo que, abandonadas polos nosos fillos, non temos á nosa beira nin un soo que o seu auxilio nos ofreza, pro aquí vemos ao regato que brinca por sobre dos seixos; ao vento que brúa ao pasar polas fragas; ao sol que alumea mandando seus fíos de ouro á terra furando polas follas dos arbres; ao paxaro que fende os ares ledando a Natureza cos seus harmoniosos chíos... falemos co eles, preguntémoslle.

E preguntáronlles, e co eles falaron.

E o paxaro, o sol, o vento e mailo regato non responderon a cantas falas as dúas mulleriñas lles dirixiron.

E soilo contestoulles o desamparo.

\*

\* \*

.....  
.....  
—¡Non hai xa pra nós remedio, miña Filla!

—¡Miña Nai, non hai remedio pra nós!

\*

\* \* \*

E seguiron un pouco máis adiante.

E chegaron a un sitio no cal, onde quer que botábase a ollada non se vía outra cousa que unha linia arredondada e feita pola inmensidade do infinito e o límite sensibre do intranquil Océano.

—¡Xuntémo-las nosas voces e berremos pra que nos ouzan, miña Nai!

—¡Miña Filla, xuntémo-las nosas voces e berremos pra sermos ouvidas!

E xuntaron as súas voces e berraron pidindo socorro, e nin tan siquiera o eco respondeu as súas lamentaciós.

\*\*

\* \* \*

.....  
.....  
—¡Recemos, miña Filla pra que Dios nos atenda e nos salve!

—¡Miña Nai, recemos pra que nos salve e nos atenda Dios!

E rezaron xionlladas no chan que bicaron cos seus labros e co seu pranto mollaron.

E Dios... ¡tampouco delas compadeceuse!

\*\*\*

\* \* \*

.....  
.....  
—¡Nada xa na terra nos líga, miña Filla!

—¡Todo e todos abandonáronnos, miña Nai!

E choraron de novo laiándose das fridas que recibidas tiñan na ialma e no corazón por mor de tantan ingratidade.

—¡Miña Nai! ¿Ques que tiremos polo camiño do Ceo? ¡Xa non hai nin espranzas!

—¡Imos, pois ó Ceo, miña Filla!

—Aló, din que moran as almas boas e puras.

—Fuxamos daquela e deixemos acó aos impíos.

E as dúas mulleriñas encamiñáronse a un petouto que avanzaba por sobre do balboroso mar, e abrazáronse estreitamente, e guindando bágoas como a fel amargas, deixáronse caír no remoiño das escumantes augas que parecían ferver ao pé do curuto de amontoados penedos; ao tempo que, entre queixidos e salaios escramaban as dúas:

—¡Dios vos salve e ampare, fillos que de nós quedades!

.....  
.....  
*E as almas maternás da ESPAÑA e da GALICIA, envoltas en nubes de brétemas, voaron ó Ceo; e das dúas maxestades destronadas e doloridas, soilo quedou unha masa deformada, que os desleigados reducen cada vez*

- Autores coñecidos -

*máis, astra non deixar delas nin soma, que tales son os efectos que produz o desamor dos malos fillos hacia as súas boas nais.*

.....  
.....

E os versículos de onde tirei pra compor esta *Fantasia*, non decían máis que o dito.

Galo Salinas Rodríguez  
Director de la *Revista Gallega*

A Cruña, mes de Santiago do ano 1901

## “Pastorela”

---

### 1

Cando Nelucha iba á fonte, ou levaba o millo pra o muíño, ou andaba polos cómaros lindando o gando, sentía coma que viñan de lonxe uns sons que parecían o asubíar do vento pasando por retorneados canuteiros de cristal, porque eran notas doces, finas, harmoniosas que non solasmentes falábanlle aos ouvidos, se non que chegaban aló ao fondo da alma, e veces había nas que Nelucha tiña vontade de se rir, e outras nas que sentía desexos de chorar, que tal era o feitizo daquel asubío que a domexaba por compreto levando ao seu peito a intranquilidade.

—¿Pro que será, meu Dios? —decía ela—, non, pois eu hei de sabelo, e pra o caso unha tarde ben de cedo chegar hei me ao sitio onde paréceme que debe estar o encanto.

Asín pensaba, pro faltáballe a resolución, porque nos seus catorce anos non tiña o estrevemente necesario pra se arredar moito da súa casa.

O conto está en que aínda que unha nena sexa bunita, —e neste Nelucha era unha rosiña das máis vermellas e recedentes, —non deixa por eso de estar picada de curiosidade, e polo tanto, concebida a idea de descubri-lo segredo, non era cousa de se volver atrás.

### 2

E coma o pensou asina o fixo, e unha será, logo do xantar a toda présa, pretestou ter necesidade dunha roca pra fiar uns cerros, e foise a pedila a unha súa amiga da parroquia viciña.

Andou, andou moito, pro o asubío se non ouvía, e cando desesperanzada e tristeira daba xa volta, chea de ledicia sintiuno perto, moi perto, e hacia aquel lugar emprendeu a carreira como a cervatiña que sinte o balar do seu compañeiro.

Ao dar volta nunha corredoira detívose de pronto e ante a súa vista presentouse un fato de ovellas que trincando na herba brincaban cos años que non paraban nin un momento.

Sentado nun penedo e tendo aos seus pés un deses grandes cas de palleiro, atopábase un rapaz sobre da mesma idade que Nelucha, o que vestía probemente e tiña cruzada sobre do peito a cinta da que dependía un morral.

Nelucha, medoñenta, quedouse mirando pra o agraciado rapaz, que sin reparar nela asopraba nunha rústica frauta, e daquela a curiosa rapaciña comprendeu o orixen das melodías e descubriu o segredo que tanto a impantaba.

3

As miradas de Nelucha, con ese imán invisíbel e esa adiviñación que non se esprica, chamaron polas do mozo, e un e outro quedáronse coma babiolados, cheos de vergonza e sin valor pra se dirixiren a parola.

El quería chamala, ela quería se lle achegar, pro un temor superior á súa vontade lles non permitía cumpli-lo seu gusto.

E así houberan levando moito tempo a non ser polo can que erguéndose e ouveando dirixiuse cabo da nena que deu un grito de espanto.

—¡Aquí, Polis...! —berrou o pastor, indo tras do can, o que, temeroso de apañar un pau, quedouse parado anque rosmando.

—¿El traba? —preguntou Nelucha.

—Non, podes chegarte se ques.

—¿Pro non traba, de verdade?

—A fe de Toniño, que non.

E Toniño collendo ao can polas orellas, o fixo deitar de novo no chan.

Mais reposta Nelucha foi andando pouco a pouco astra se pór a rentes de Toniño.

—¿Como te chamas, mociña?

—Nelucha, e son da casa do Souto Grande.

—¿E que vés buscar por aquí tan lonxe?

—¿Eres ti quen asubiaba?

—Eu son.

—Pois buscábate a ti, Toniño... ¡Asubía se me ques dar o pracer de te volver a ouvir!

4

E o pastor asubiou.

Pasaron as horas, e Toniño asoprando na frauta, que aquela tarde sonaba pra Nelucha máis ispirada que *Il flauto mágico*, do inmortal Mozart.

Como todo ten fin, aquela será tamén o tivo, e ó se sopararen os dous nenos el salaiaba e ela tiña os ollos cheos de bágoas.

—¿Tornarás, Nelucha? —díxolle el.

—¡Tornarei, Toniño! —respondeulle ela.

—¿E cando, cando?

—¿Sabes que día é despois de mañán?

—Non, non o sei; aquí neste monte vivindo antre o fato dos meus anos, das miñas ovelliñas e do meu canciño iñoro os días nos que vivo.

—Pois éche a festa de Noiteboa, que cumpren anos do Nacemento do fillo de Dios.

—Ben ¿e que?

—Que en pago da tía múseca, eu traereite pantrigo, mel, mazás, figos pasos, queixo e unha garrafa de viño, e festexaremos xuntos tan grande festa.

¿Estás conforme?

—Según, ¿e volverás por acá moitas veces?

—Según, tamén che digo; non sei si poderei.

—Pois daquela... ¡non veñas! que a legría que me das coa túa vesita, pagala hei coa túa ausencia... ¡Pro pra festexa-la Noite-boá, ven Nelucha, ven, anque logo chore de pesar!

E ao separarse pensaba ela ¿por que non había de ser mozo da aldea?

—E pensaba el ¿por que non había de ser pastora...?

La Coruña



## ¡Adiós.....!

¡Fóronse!

Na derradeira aperta que dímonos dixémonos un mundo de cousas sin nos falar nin unha sola palabra.

Pro falaron por nós as bágoas que deitamos, os salaios que salían do peito, os brazos que apreixaban os nosos corpos.

Os tres, unidos por un sentimento, o do amor que se desbordaba dos nosos corazóns, non acertabamos a nos separar, e os nosos ollos cheos da auga que nace do manantial da alma, non se apartaban os uns dos outros pra que as nosas imaxes penetrasen fondo, mui fondo, onde se xeneran os querereres, e aló se quedasen esculpidas do mesmo xeito que se fosen imprimidas polo cincel do Eterno.

¡Fóronse...!

O noso estreitismo abrazo que xuntounos na cuberta do trasatlántico foi o derradeiro da nosa vida.

O derradeiro, si, porque teño o presentimento de xa no mundo non nos veremos máis...

¿Por falta de quen?

¡Dio-lo sabe! ¡Eu coído sabelo tamén, e por veces son profeta!

As ditas da terra e as benandanzas do ceo veñan sobre deles, que ben o merecen...

El, o venerable, lévase dentro de si un drama triste e profundo pra o que aínda non atopou desenlace.

O outro, o que comenza a vivir, leva á súa vez lembranzas de infortunios, ilusiós i espranzas: Dios llas cumpra.

I eu, que penetrei o interior de ambos i ensaminei o seu pensamento, a súa conciencia e o seu corazón, quédome atristado e doente da alma, facendo votos pola boa sorte dos dous e pregando ao Poidente Creador do Universo que ampare a un bohemio subrime que non ten máis enemigo que o seu propio talento; que ampare o neno del nasceu pra que sexa dino do seu pai, e que me ampare a min que tamén son un bohemio, se non subrime, polo menos merecedor do quereere dos que amo...



## Francisco Suárez Salgado

### Datos biobibliográficos<sup>345</sup>

O seu nacemento está datado o 13 de febreiro de 1862, na parroquia de San Xillán de Beba, no concello coruñés de Mazaricos. Entre os anos 1879 e 1883 cursou estudos de Humanidades, Filosofía e Teoloxía no Seminario Conciliar de Santiago de Compostela. Non se pechou no mundo relixioso senón que colaborou en xornais de Santiago de Compostela como *La Cruz*, *El Libredón*, *La Gaceta de Galicia*, *El ciclón* e *El pensamiento galaico* –aquí tamén fundou *La verdad*–, en *La Voz de Galicia* da Coruña e mais en *El Siglo futuro*, *El noticiero* e *El imparcial* de Madrid.

En 1884 foi ordenado presbítero e ó ano seguinte marchou para Arxentina. A súa estancia en terras americanas abrangue dende o 30 de xaneiro de 1885 ata o 8 de xuño de 1898, agás un breve período en 1890, nunha viaxe a Galicia. Neste tempo exerceu o sacerdocio na provincia bonaerense, nomeadamente en Quilmes, e colaborou en xornais de Bos Aires –*El Eco de Galicia*, *La Unión*, *El Diario*, *Prensa Católica*, *El Correo Español* e *Almanaque Gallego*– e mais de Quilmes –*El Quilmero* e *La Provincia*.

No ano 1898 regresou definitivamente a Galicia, como representante en Europa do xornal porteño *El Eco de Galicia*, e en 1903 fundou en Santiago de Compostela a publicación relixiosa *Acción Católica*, subtitulada “Revista quincenal de ciencias, literatura y propaganda relixiosa”, que editou 18 números. Cómpre destacar asemade que foi un dos impulsores da subscrición popular para erguer o monumento ós Mártires de Carral.

No que máis destacou, tanto en Galicia como alén mar, foi na súa oratoria, sendo o pioneiro en Arxentina –e dos primeiros en Galicia– que empregou o galego para os discursos, sobresaíndo o dedicado a Rosalía de Castro. Esta alocución publicouse en 1899 en Santiago de Compostela<sup>346</sup>, pero tivera lugar no Prince George’s Hall de Bos Aires. Segundo Carballo Calero<sup>347</sup> foi declamada en galego, mais se nos atemos a Alberto Vilanova<sup>348</sup> foi pronunciada en español.

---

<sup>345</sup> Unha biografía máis detallada deste sacerdote e xornalista pódese consultar no artigo “Francisco Suárez Salgado. (Un Notable orador sagrado)” de Alberto Vilanova Rodríguez en *Los gallegos en la Argentina*, tomo II, Bos Aires: Ediciones Galicia, 1966, pp. 1117-1129.

<sup>346</sup> *Homenaje a Rosalía de Castro. Velada solemne celebrada en el Ateneo León XIII el día 30 de mayo de 1899 en que se puso el Mausoleo de la insigne poetisa la corona de Galicia enviada por los entusiastas gallegos residentes en Buenos Aires*, Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, 1899, pp. 23-28

<sup>347</sup> *Historia da Literatura Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, 3ª ed. pp. 509.

<sup>348</sup> Art. cit., pp. 1123.

A única achega que incluímos de Francisco Suárez Salgado neste volume é a titulada “Conto da terra”, publicada na Coruña en *Revista Gallega*<sup>349</sup>. Tamén é autor doutros textos en español que apareceron na publicación porteña *El Eco de Galicia*, como por exemplo o titulado “¡Lo que puede el miedo!”<sup>350</sup> –no que emprega o galego só na funcionalidade do narrador explícito– ou, en 1902, co artigo de louvanza a Galicia titulado “¡Galicia!”<sup>351</sup>, que fora escrito para celebrar o Día da Patria dese ano.

A súa vida rematou o 20 de agosto de 1910 na parroquia de Santa María dos Ánxeles, no concello coruñés de Brión.

### Comentario dos textos narrativos en galego

“Conto da terra” non presenta valores literarios destacables. Nel descríbese como Sabela vai á vila para vender o leite e mercar cousas para a casa pero esquecese do rapé –tabaco pulverizado para aspirar polo nariz– para o seu avó. Ante isto o avó de Sabela desgústase e, trala pregunta do seu fillo pola causa do seu enfado, realiza un xogo de palabras co verbo fungar.

---

<sup>349</sup> *Revista gallega*, nº 297, 25 de novembro de 1900, asinando co criptónimo F. S. S. e datando o relato en Pontevedra.

<sup>350</sup> *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 288, 20 de outubro de 1899, asinado co seu nome e apelidos e mais coa datación de outubro de 1899 en Bos Aires.

<sup>351</sup> *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 392, 10 de setembro de 1902, e dous meses despois en *Follas novas*, da Habana, nº 283, 2 de novembro de 1902.

### Conto da terra

Sabela fora, como de cotío, á vila a vende-lo leite.

Cos cartos que fixera del mercou as cousas que súa nai lle encargara pra goberna-la casa, pro esqueceuse do rapé<sup>352</sup> pra o tabaqueiro do avó.

Ó chegar á casa atopou na porta o vello que xa a agardaba con ánsea.

—Dáme o rapé —díxolle ó vela.

A rapaza parouse como facendo mamórea, e contestoulle:

—¡Ai, abueliño, esqueceume de mercalo!...

—Malo raxo te nunca parta, —refunfuñou enrabechado, —¿en que demo pensas? Seica tras a cabeza ós paxaros.

Mellor quedaba sin comida que sin rapé; apetecíame tanto o fungado, tiña este vicio tan arraigado en si, que era pra el mellor có máis apetecido com-pango, i escusado é decir o mal que lle sentaría o que a súa neta se esquencera de traerllo.

Inda cando nada lle faltaba, pois tiña o agarimo de todos da casa: do seu fillo, da súa nora e da meniña que tamén el a quería polos ollos de vivir. O caso é que anduvo toda a mañán de mal caletre e rosmando pola cousa máis cativa; astra chegou a cavilar, —no medio da súa desesperación— si xa non lle querían, si estaría de máis neste mundo i outras cousas polo estilo que se lle acurren os vellos que se atopan ben coidados e non teñen en qué distrae-la imaxinación.

Veu o fillo do traballo i aunque pareceulle que seu pai estaba de bo humor, non lle fixo moito caso, pois sabía que tiña rarezas i ás veces sin motivo dáballe por anoxarse.

Puxéronse a xantar, pro como seu pai, contra a costume que tiña non bendecira a comida e falaba como antre dentes, díxolle:

—¡Que demos ten, meu pai!; ¿por que está fungando?

I el reprecoulle desesperado e como querendo desafogar:

—«Fungo, porque non fungo, que si fungara, non fungaba».

A parenta expricoulle dempois o socedido.

---

<sup>352</sup> É un tabaco en po que se aspira polo nariz que acadou un notable éxito a mediados do século XVIII chegando a ser signo de distinción social en boa medida gracias á afección que tiña por este tabaco a raíña María Amalia de Saxonia, esposa de Carlos III.



## Marcial Valladares Núñez

### Datos biobibliográficos

Naceu na Estrada en 1821 e morreu na mesma vila en 1903. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en 1842 e desempeñou distintos cargos na administración do Estado ata o ano 1866 en que se retirou á súa casa de Vilancosta, onde permanecerá ata a súa morte en compañía da súa irmá Avelina. O labor de Marcial Valladares pode dividirse en tres apartados: literario, gramatical e etnográfico. Ricardo Carballo Calero<sup>353</sup> clasifica a súa obra poética en galego, iniciada en 1845 e espaxada na prensa da época, en costumista, lírico-sentimental e epigramática. Entre 1850 e 1855 inicia os seus traballos gramaticais, que deron como froitos principais o *Diccionario gallego-castellano* (1884), e os *Elementos de gramática gallega*, datados en 1892 pero inéditos ata 1970. Polo que respecta ó seu labor etnográfico, hai que destacar as recolleitas de refráns, cantigas, contos populares, etc., que deu ó prelo nas revistas da época. Deixou inédito un *Cantigueiro popular*, datado en 1867 e que foi editado en 1970. O seu fondo coñecemento da literatura popular manifestarase, como veremos, no seu labor literario, que abrangue a poesía e a narración.

### Comentario dos textos narrativos en galego

A obra narrativa de Marcial Valladares componse dunha novela, a coñecida *Maxina, ou a filla espúrea* (1880), e sete relatos aparecidos entre 1886 e 1888 na prensa da época. O primeiro deles, “Contos de rapaces”, foi publicado nos números 7 (28 de xaneiro de 1886) e 8 (28 de febreiro de 1886) de *A Gaita Gallega*<sup>354</sup>; os seis seguintes apareceron ó longo do ano 1888 en *Galiciana Humorística*: “Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios”, no nº I/3 (15 de febreiro de 1888)<sup>355</sup>; “Conto”, no nº I/4 (29 de febreiro de 1888)<sup>356</sup>; “O cazador e o lagarto”, no nº I/7 (15 de abril de 1888)<sup>357</sup>; “Veliños” no nº I/11

---

<sup>353</sup> *Historia da Literatura Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, 3ª ed.

<sup>354</sup> Foi reeditado en *O Tío Marcos d'a Portela*, 122 (4 de abril de 1886) e en *A Monteiro*, 7 (16 de novembro de 1889), 8 (23 de novembro de 1889), 9 (30 de novembro de 1889) co título “Bastián e Crispín”.

<sup>355</sup> Foi reeditado en *O Tío Marcos d'a Portela*, 217 (26 de febreiro de 1888) e en *O Galiciano*, 179 (1 de xullo de 1888).

<sup>356</sup> Foi reeditado en *A Tía Catuxa* (18 (22 de febreiro de 1891) e en *El Eco de Galicia* (Bos Aires), 23 (1892).

<sup>357</sup> Foi reeditado en *O Galiciano*, 175 (3 de xuño de 1888), en *Galiciana Moderna*, 172 (12 de agosto de 1888) e en *El Eco de Galicia* (Bos Aires), 265 (1899).

(15 de xuño de 1888)<sup>358</sup>; “Os tres irmáns”, no nº I/12 (30 de xuño de 1888)<sup>359</sup> e “Un señor e o seu arrendatario”, no nº II/2, (30 de xullo de 1888).<sup>360</sup>

*Maxina* non vai ser incluída nesta edición da narrativa<sup>361</sup> de Marcial Valladares pois xa é abondo coñecida por ter sido obxecto de numerosas edicións. Contrarémonos, pois, nos seus relatos, que constitúen un conxunto de desiguais dimensións aínda que de singular fortuna, vendo as numerosas reedicións de que foron obxecto, e nos que queda ben patente o fondo coñecemento que tiña o autor dos contos populares galegos, considerando os moitos elementos propios destes que aproveita na construción das súas narracións: en primeiro lugar os sete van acompañadas dunha nota final na que se sinala: “Pola recoleución. Marcial Valladares”. Esta aclaración, a habitual na prensa da época para indicar que se trataba dun conto popular<sup>362</sup>, parece indicar que o papel de Marcial Valladares é máis o dun recolector ou transcriptor<sup>363</sup> que dun autor, propiamente dito. Así, coa excepción de “Contos de rapaces”, anterior en dous anos ó resto, os seis relatos aparecidos en *Galicia Humorística* entre febreiro e xullo de 1888 parecen constituír unha serie, ó estilo doutras recompilacións de literatura popular que presentou Marcial Valladares na prensa da época, como a colección de refráns que publicou entre os números 60-65 (1890) de *A Monteira*, baixo o título “Refráns, proverbios e dicires gallegos recollidos pol-o que firma e non contidos na Gramáteca d-o señor Saco Arce”.

Hai outros elementos na construción dos relatos que lembran os contos populares, por exemplo na maneira de empezar e rematar o relato de “Contos de rapaces”: empeza coa fórmula “Había alá non sei onde e en non sei que tempo...” e remata “e acabouse o conto”. Outros relatos empezan simplemente coa fórmula “Era...”: con “Era un lobo...” empeza “Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios”, con “Era unha nai con tres fillas...” empeza “o conto” ou con “Eran tres irmáns moi probiños...” empeza “Os tes irmáns”.

Ademais disto, hai un elemento que indica claramente que Marcial Valladares aproveitou elementos da tradición popular: da maioría destes rela-

---

<sup>358</sup> Foi reeditado en *O Novo Galiciano*, 5 (16 de setembro de 1888), *O Tío Marcos d'a Portela*, 235 (1 de xullo de 1888) e en *A Gaita Gallega* (A Habana), 1 (20 de xullo de 1899).

<sup>359</sup> Foi reeditado en *O Tío Marcos d'a Portela*, 236 (8 de xullo de 1888) e en *O Novo Galiciano*, 15 (25 de novembro de 1888).

<sup>360</sup> Foi reeditado en *O Novo Galiciano*, 12 (4 de novembro de 1888).

<sup>361</sup> A de 1991 en Edicións Xerais de Galicia (con reimpresións en 1995 e 1999), preparada lingüísticamente por Blanca-Ana Roig e Margarita Neira, cun estudo literario introdutorio de Anxo Tarrío é a máis recomendable, pois está baseada no manuscrito pechado e datado en 1870 e descoñecido polos editores anteriores.

<sup>362</sup> En *A Monteira*, por exemplo, a indicación “Pola recoleución” acompaña os contos populares recollidos por A. X. Montenegro Saavedra, M. López Prado ou M. d'a Cabana.

<sup>363</sup> De feito, en “Contos de rapaces” a indicación que aparece en nota é “Pola transcripción”. Na edición deste mesmo relato aparecida en *A Monteira* a nota que aparece é xa “Pola recoleución”.



tos podemos atopar modernamente versións máis ou menos semellantes noutras recoleccións de contos populares galegos; así na “Antoloxía de contos” recompilada por Xosé Manuel Reboredo e Celso Loureiro Lamas que se inclúe no tomo XXVIII: *Antropoloxía: Imaxinario. Literatura popular* (1997) da obra *Galicia* (A Coruña, Hércules de Ediciones), inclúense variantes dalgúns dos relatos que antologamos. Do relato “Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios”, atopamos que o suceso do lobo cos carneiros recóllese co título “O lobo i-os carneiros” e o da porca co título “O lobo e os porquiños sen bautizar”. O “Conto” é idéntico ó recollido co título “Un conto de risa”. O relato “Os tres irmáns” inclúe variantes de “O bobo i-o xigante” (aquí o que morre por abrir a barriga é o xigante non o oso) e de “Non é cuco, que é cuca” (onde o matrimonio que abusa dos criados é unha parella de demos). Do relato “Veliños”, atopamos unha versión moi semellante, “A vella e o fillo parvo”, publicada na recompilación de Lois Carré Alvarellos *Contos populares da Galiza* (Porto, Junta Distrital do Porto, 1968), da que se sinala que foi recollida en San Xíán de Sergude (Carral, A Coruña). Nesta versión trátase dunha nai e dun fillo, non dun matrimonio e varias das equivocacións que comete o fillo son as mesmas que comete Veliños: a das agullas e a do ferro para o arado (neste caso para o carro).

Todos estes elementos parecen indicar que o autor realizou conscientemente, como xa sinala Modesto Hermida<sup>364</sup>, “versións de pezas correspondentes á narrativa oral-popular”. En canto á elaboración efectuada polo autor neste conxunto de relatos, hai que salientar a utilización do bilingüismo na construción dos personaxes, á que xa recorrera en *Maxina*. O autor fai expresarse en castelán a determinados personaxes de elevada extracción social, así o xuíz de “O cazador e o lagarto”, os reis de “Os tres irmáns” e o amo de “Un señor e o seu arrendatario”. En tódolos relatos temos un narrador omnisciente en terceira persoa que cede ó autor implícito frecuentes intromisións na narración para captar a atención do interlocutor, á maneira dunha narración oral. Por último cómpre sinalar que en tódolos relatos é común o recurso ó engano ou á astucia que fan os personaxes para a resolución de problemas, con resultado positivo (Crispín, Veliños ou Pedro) ou negativo (as irmás zarabetas ou a filla do cazador).

En “Contos de rapaces” temos a narración da relación entre dous medio irmáns, Bastián, o fillo lexítimo e rico, e Crispín, o fillo ilexítimo e pobre. Crispín aprovéitase da credulidade de Bastián para, mediante enganos e mentiras, quitarlle os seus cartos e pertenzas ata o punto de acabar coa súa vida. Lonxe de sentir remorsos polas súas accións, Crispín séntese con pleno dereito de gozar do substraído a Bastián.

En “Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios” temos unha nova historia de personaxe crédulo, neste caso un lobo, que se ve enganado polas

---

<sup>364</sup> *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 68.

artimañas urdidas polas súas presas (un mulo, dous carneiros, unha porca cos seus fillos e un rabaño de cabras) para non verse devoradas, e que remata os seus días morto por un cazador.

O “Conto” é unha brevísima historia dos fallidos intentos de tres irmás zarábetas por lles agochar o seu defecto ós seus posibles pretendentes.

En “O cazador e o lagarto”, un lagarto obriga a un cazador, baixo ameaza de morte, a darlle unha das súas fillas en casamento. A filla máis pequena ofrécese voluntaria e o lagarto regálalle en prenda unha cunca máxica que pode dar todo canto se lle pida. Con este obxecto a moza enfeitiza a tres pretendentes pero un deles, sospeitando do sucedido, consegue arrebatarlle a cunca e facerlle confesar quen lla dera. O lagarto recibe morte e o pretendente casa coa rapaza.

“Veliños” presenta os incontables erros do protagonista que lle dá título ó relato, un gaiteiro moi simple que é incapaz de aprender dos seus erros para desesperación da súa muller. Sen embargo, ó final do relato, Veliños amosa unha astucia da que parecía incapaz para lles arrebatat o botín a uns ladróns. Despois deste feito indícasenos que “reformándose logo foi un dos principais homes do país”.

En “Os tres irmáns” temos as aventuras de tres irmáns moi pobres –Alberte, Pedro e Xaniño– para conseguir riqueza. Os dous maiores conseguen os seus obxectivos despois de burlar a un pousadeiro e a unha raíña, pero o máis novo fracasa no seu intento e regresa enganado e maltratado polos amos. Pedro decide vingar o seu irmán e ofrécese de criado ós mesmo que o maltrataran. Agora é el quen os engana e lles arrebatat a facenda.

En “Un señor e os seu arrendatario” temos a historia de Antón García, un arrendatario que non pode pagarlle ó amo os cartos estipulados. O amo ofrécelle pagar o dobre no ano seguinte pero Antón non acepta esa condición, daquela o amo, enfadado, contéstalle que se pretende pagarlle en mentiras. Antón di que ten un fillo que pode facelo e envíalle a un deles. Este cóntalle ó amo unha sucesión de mentiras enguedelladas que provocan a simpatía do amo e o perdón da débeda.

## Contos de rapaces

Había alá non sei onde e en non sei que tempo dous irmáns, Bastián e Crispín; Bastián, de lexítimo matrimonio e rico, pro moi simplote e envidioso por añadidura; Crispín, ilexítimo e pobre, ben que moi espabilado, entreverte e pillo. Casados ambos, vivían, pois, coas súas respectivas mulleres en condicións diferentes. O primeiro, en boa casa e con cartiños moitos que de seus pais herdara. O segundo, nun pequeno chopete e carecendo hasta do máis preciso, tanto que dedicado a vender sardiñas polas aldeas, houbo de empeñarse a fin de mercar un burriquiño que llas porteara.

Logo que se veu cun duro en roda, dixo á súa muller.

—Pepa, meu irmán éche moi envidioso e, tan pronto seipa que teño besta, ha de querer mercarma: mira o que discurrín, pra que ma pague ben. O noso diñeiro é a roda que xa sabes; cámbioa en pesetas, doullas a comer ó burro entre a palla e, asegurando a meu irmán que o animal cisca pesetas, verás o que me dá por el.

—Ti xóga-lo todo polo todo. E ¿se sales mal?

—Déixame a min. Sobre un ovo pon a galiña.

Fixo, en afeuto, que tragara o burro as cinco pesetas e, pasando con el seguidamente por diante a casa de seu irmán, saleulle ó encontro este e exclamou:

—¡Mamá, Crispín! ¿Con que xa tes un burro e eu non!

—Si, empeñándome para mercalo.

—Véndemo e merca outro.

—Sei o que teño e non o vendo. Este animal é a miña fortuna. El non tardará en facerme rico coma ti.

—Pois ¿que milagres obra?

—Cisca pesetas e agora o verás, que vai a gastar.

Gasteou o burro: rexistraron os dous irmáns e, topando ó istante entre o gasto as pesetas que tragara, dixo estonces Bastián:

—Irmanciño, véndeme o burro, que cho pagarei ben.

—E ¿canto me dás por el?

—Dareiche mil réas.

—Menos de dous mil non o deixo e eso por ser pra ti.

—Vaian logo os dous mil réas.

Cobrou Crispín os cartos, deixou o burro en poder de seu irmán e volvéndose á casa, chamou pola muller e díxolle:

—Pepa, esta non saleu mal. Aquí tes dous mil réas que Bastián me dou polo burro. escoita agora o que has de facer cando veña a queixarse de que o engañei. Temos dous coenllos iguais; prendes un cunha cordiña e átalos aí en calquera sitio; o outro, lévoo eu que vou ó monte a cortar toxo e volvo logo. Bastián, de seguro, preguntará por min; ti respondes que non estou na casa, sólta-lo coenlliño atado e mándasme a decir por el que veña axiña. Veremos como te sacudes.

Marchou Crispín pra o monte cun dos coenllos e Pepa quedou en executar ó pe da letra e encargo do seu home.

Bastián, por ben que rexistraba e rexistraba sempre que o burro facía de corpo, nada máis que esterco descubriría e así non tardou en correr á casa de Crispín, por quen chamou moi enfadado. Pepa saleu á porta e, véndoo alí co burro, díxolle sin inmutarse:

—Bos días, Bastián. ¿Que se ofrecía?

—Que aí ténde-lo voso burro e volverme inmediatamente dous mil réas que o teu home me arrancou por el.

—E ¿eso?

—Que desfago o trato, por engaño. Teu home aseguroume que este burro era a súa fortuna, pois tiña a propiedade de ciscar pesetas; merqueillo en tal conceuto e desque no meu poder está, maldito unha me ciscou: conque así, recolle-lo burro e devolverme os cartos.

—Crispín non che está na casa; eu nada teño que ver cos vosos tratos; pro entra, mandareino a buscar e falarás con el.

Entrou Bastián: desata estonces Pepa o coenllo e, dándolle libértá, bota a fuxir pra onde se lle antoxou.

Crispín quedara en vir a almorzar; entrou tamén a pouco co outro coenllo en brazos e preguntou á muller:

—¿Que hai de novo, que este animalíño chegou xunto a min correndo e díxome viñese de contado á casa?

—Hai que teu irmán non quere o burro e pide a devolución dos cartos.

—Si —respondeu Bastián; —mais antes, dime Crispín, ¿é verdá que che levou recado de que viñeses ese animalíño que tras nos brazos?

—¡Pois non ha de ser! Non temos outros criado que somos pobres: se fomos ricos coma ti, xa o teríamos; pro, amigo, non hai con que pagalo.

—Irmanciño, véndeme ese coenllo.

—¡Seique estás tolo! Ti queres acabar comigo. Non cho vendo; é un criado moi fiel e nada nos costa máis que algunha herbiña, con que se mantén.

—Irmanciño, véndemo e perdónoche os cartos que polo burro me lebaché.

—Vendereicho, xa que tanto te empeñas, pro dándome mil réas.

—É moito, Crispín; non vale ese diñeiro.

—Xa verás se o vale e inda máis.

Aprontoulle pois os mil réas e marchou, levando o burro e o coenllo.

Chegado á casa e alucinado co que seu irman lle había dito, fíxolle a conta ós criados, despideunos e manda ó coenllo co gando ó monte; mais o animalíño ó verse libre, fuxeu, como fuxira o compañeiro.

Pepa, moi contenta con tres mil réas que Crispín pescara xa a seu irmán e deseosa de non perdelos, dixo ó home, cando llos amostrou:

—Bastián hache de volver: preciso é armarlle outra.

—Corre da miña conta e ti axúdame.

—¿Que discurre, pois?

—Matamos ese carneiro flaco que está na corte, enchemos de sangue del unha das súas tripas e, cando pete á porta meu irmán, cingúeste a tripa ó pescozo, quéixase el do novo engaño, enfádome eu contigo e botándome a

culpa toda, fago que te mato, dando unha puñalada na tripa; entónces ti quedaste como unha morta; logo, tócoche eu á orella unha gaitiña e vas pouco a pouco avivecendo hasta pórte de pé enfrente a nós. ¿Entendes?

—Si, si, descoida.

Bastián volveu, en afeuto, á noite, queixándose de que novamente se lle enganase. Mandara ó coenllo co gando ó monte e nin arriba nin abaixo parecía. Roclamou, de consiguiente, os mil réas que Crispín maliciosamente lle levara e amenazouno hasta coa xusticia. Crispín contestoulle:

—A malicia, ou engaño, que neste haxa culpa será de Pepa, miña muller, pois ben recordarás que na casa non estaba encando a queixarte viñech polo burro.

—Tan bo es ti como a túa muller.

—Vou a matala, pra que vexas e non digas que trato de enganarte.

—Tanto coma eso, non.

—Si: vai a morrer.

E, tirando de navalla, pínchalle a tripa de carneiro chea de sangue, que posta xa ó pescozo tiña Pepa. Cai esta no chan ó golpe, como se a mataran. Bastián estonces, abalando e arrependido do paso dado, non sabía case que decir; mais Crispín, coa navalla na man, tinxida en sangue, díxolle:

—Xa ves que por causa túa matei a miña muller. ¿Que vai ser de nós agora?

—Crispín, perdóname, respondeu Bastián, abrazándoo. Renuncio ós mil réas; pro ti estás perdido; fíxeche unha morte e de seguro vas prá carzle.

—Non o penses, que teño aí unha gaitiña e, en tocándolla catro ou cinco veces á Pepa, ha de resucitar.

Trouxo Crispín un como pínfano de buxo e, meténdollo case dentro dun oído á muller, empezou tu, tuturutú. Ela, ós primeiros toques, non daba sinal de vida, tampouco ós segundos, nin terceiros. Bastián, fixos os ollos en Pepa, coidaba xa que non volvía en si. Ó cuarto tuturutú empezou a mover un algo o corpo e dixo Bastián:

—Toca, irmanciño, toca que xa rebole.

Dou estonces Crispín quinto titurutú, que foi o máis ripinicado, e levantouse supetamente a finxida morta, deixando a Bastián cun palmo de boca aberta.

Logo que a cerrou e, non escramentado aínda das xogarretas de seu irmán, díxolle con lastimeira fala:

—Crispín, véndeme esa gaitiña.

—Ti queres acabar comigo, quitarme tódolos medios de vivir. Non cha vendo.

—Irmanciño, véndeme esa gaitiña.

—E ¿canto me dás por ela?

—Píde ti que eu bastante fago se me defendo.

—Pois vale dous mil réas e nada menos.

—¿Nada menos, Crispín?

—Nada menos.

Entregoulle Bastián os dous mil réas e foise pra a súa casa coa gaiña.

Un día incomodouse coa muller e, tratando de a castigar, doulle unha puñalada que a deixou realmente morta, sin que, pra resucitala, de nada a gaiña lle sirvise. Anoxado estonces de veras contra Crispín, enterrou, non sin cuantiosos gastos e disgustos á defunta; presentouse logo cun saco grande en casa de seu irmán e díxolle enfurecido.

—Mal irmán, estafador do meu diñeiro, agora si que chegou a túa; vas a morrer afogado, polas moitas veces que me enganache. Métete aquí neste saco.

—Home, ben.

Meteuse Crispín no saco, atouno Bastián seguidamente e, botándose a carga ó lombo, marcha con ela dereito a certo pozo moi fondo, dentrambos conocido. Mais eiquí que, pasando ó pe dunha ermita, tocou alí á misa. Quixo Bastián oíla; pousou sobre unha pedra a carga e, deixándoa así, entro na capilla. Crispín, namentras, non facía senón berrar. ¡Ai de min! ¡Ai de min!

Un arreeiro, que iba ó tanto por aquel camiño, oieu os laios, acercouse ó saco e preguntou ó que dentro del estaba:

—Meu homiño ¿que lle sucede? ¿Pra onde o levan de tan mala sorte?

—¡Ai! Lévanme a casar coa filla do noso Rei e, como eu non quero vou á forza.

—Home, ¡que tonto é! Cambeemos e lévese usté a miña recua e odres de viño que nela van.

—Feito: abra o saco pronto.

Desátalle a baranza, pois; sale da prisión Crispín e, posto o outro no sitio del, ata ben o saco e, dando brincos de alegría, marcha pra a súa casíña coa recua e odres de viño do cuvizoso arreeiro.

Bastián, ó que se acabou a misa, saleu tamén da capilla, bótase outra ves a carga ó lombo e, chegando ó pozo, guindouna nel, afogando, non a seu irmán, e si a quen inda o enriquecía, tanto que ó verse no lugar con recua propia e odres cheos de viño, a muller ría coma unha descosida e aconselláballe fixese de contado un mesón con cuadras grandes pra as bestas; os veciños pasmábanse, chamábanlle xa señor Crispín, e Bastián mesmo noticioso que foi da volta deste, correu a que o enteirase de cómo sucedera aquilo:

—Crispín, ti e-lo díaño, lle decía. ¿Non ibas no meu saco? ¿Quen senón eu te levou ó lombo e no pozo guindou a carga?

—Dese pozo viñeron recua, odres e viño, que ti non maxinabas e machos millores que os que eu trouguen se atopan no seu fondo.

—Irmanciño, volvamos alá os dous, que quero unha recua coma a túa.

—Envidioso fuche sempre; todo queres e todo che sale mal. Mañán, pois, de madrugada irémo-los dous ó pozo e mira que, se desta tampouco sales ben, escusas de virme á porta queixándote de engaño, cal has de oito.

—Irmanciño, faima este favor, que non virei, suceda o que suceda.

O día seguinte, ó raia-lo sol, Crispín preparou a súa recua, monta nun dos machos e, chegando á casa de Bastián, que xa na porta o aguardaba, dille:  
—Sube a calquera destes machos e vamos logo ó pozo.

Montou Bastián no que mellor lle pareceu e, postos a camiño entrambos, non tardaron unha hora en estar ó pé do pozo. Apeáronse alí nun campo, levou Crispín a beber a recua, que na auga do pozo se dibuxaba, e dixo a seu irmán:

—Mira canto macho asoma por aquí.

—Parecen os mesmos teus, contestou Bastián mirando.

—Os meus non están na auga.

—Home, eso é verdá.

—Pois a busca-los, añadeu Crispín.

Guíndase Bastián ó pozo, como un atolondrado e, dando voltas na auga sin saber nadar, afogou ó instante. Crispín estonces sinteu especie de remordemento, de que pouco se coidou; pro falando consigo mesmo dixo: «O envidioso morreu; basta de falcatruadas, fagámo-lo mesón que me aconsella Pepa».

E isto decindo, tornou pra o lugar a pé, fixo o mesón, xuntou riqueza moita e acabouse o conto.

### Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios

Era un lobo: nacéralle entre o pelo da cabeza unha pluma e, tan fantástico se puxo con aquela orixinal novedá, que non cabía en si, coidando que logo lle saírían máis e empezaría a voar. Ilusionado con esta creenza, determinou dar un gran convite ós seus amigos; saeu á caza e, atopando un arrogante mulo, díxolle:

—Estás collido; voute a matar.

—Agarda, ho, contestou o mulo. Xa sei que, se queres, mátasme; pro a vida éche moi estimada e eu quixera conservala hastra morrer de vello.

—Non pode ser. Estou de noraboa e teño determinado un convite en Fornos; ti non entenderás esto de Fornos; enténdoo eu; a ti nada che importa e tornando ó caso, repítoche que non pode ser, porque formando propósito de dar ese convite, mandei se anunciase nos periódicos, e ti, se non sobras, chégasme ben pra el.

—Vei o que fas. A miña carne é dura, desaborida; ademais, estou coxo e sinto que todo o corpo se me vai inficionando coa delor que sufro; de sorte que se me matas, a miña carne, en ves de aproveitar ós teus convidados, faralles mal.

—¡Ohola<sup>365</sup>! Non te me veñas con desculpas. Ti sírvisme e quen non te queira, que te deixe; eu non te deixo e ti non te me escapas. Disponte, que agora mesmo te vou matar.

—Convencido estou, lobo; non quero reprecarche e solo unha cousa che pidirei, que espero non me negarás.

—Pide e pide axiña, porque o tempo foxe e ti detesme.

—Quixera morrer coa menos delor posible. A miña coxeira consísteche nun garrancho que se me clavou nun pé, e tanta delor me dá, que son dúas mortes e, pra non sufrir máis de unha, pídoche que me saques primeiro ese garrancho e logo dempois mátameme.

—Fareino; marca o sitio en que está o garrancho e dime como te vas a pór.

—O sitio éche no pé dereito: eu poreime deitado e ti sácasme cos dentes o garrancho.

—Aí xa.

Deitouse o mulo, e posto o lobo á operación, vaise aquel e sacúdelle catro couces tan ben chantados na moleira, que tumbado deixou ó lobo no chan e sin sentido pra un pouco, como que tuvo lugar o mulo de levantarse e correr á cuadra.

O lobo, apenas volveu en si, foise tamén erguendo e, eiquí caio, alá me sento, triste, chasqueado, mais sin esquecerse do seu convite, que a vanidá

---

<sup>365</sup> En nota ó pé o autor aclara que este ‘h’ representa un son aspirado semellante ó ‘j’ castelán.



Ile aconsella levar adiante, márchase pouco a pouco a ver se caza algo, e, atopándose nun prado con dous carneiros merinos, dilles:

—Collidos estades e ides a morrer.

—Lobo, perdónanos. ¿Que mal che fixemos nós, probes carneiros, pra que así sin máis nin máis nos veñas a matar? ¿Non terás presa millor en que cebarte?

—Hai necesidá de vós, porque proieutado teño un convite e a vosa carne fai ó caso.

—Visto eso non nos perdonas; pro, antes que nos mates, otórganos unha gracia.

—Dicila axiña, que non estou pra contos e o tempo vaise.

—Dicimos, lobo, que, como o encargo se nos dese de medir este prado, non quixéramos morrer sin antes cumprí-lo encargo.

—E ¿que?

—Que si ti quixeras axudarnos a midilo, midiámolo nun instante e logo dempois matábasnos.

—¿Eu que nada entendo de perito?

—Si, lobo. Ti apenas tes que facer; poste aí no medio do prado: nosoutros pómonos nas extremas; de aí saímos correndo escontra ti que estás no medio. Si chegámo-los dous a unha, estonces é proba de que o prado quedou ben midido e mátasnos en seguida.

—Coidei que era outra cousa; eso non é defízle; otorgo a gracia e ala xa.

Púxose no medio do prado o lobo e, postos nas extremas os carneiros, un ó medodía, o outro ó norte, bótanse coma lóstregos dereito ó lobo; cólleno ambos a un tempo entre as astas, e separándose inmediatamente, déixano cair no chan; vivo, si; mais, tan mal parado, que case non resollaba, nin daba a mau, nin perna. Os carneiros, namentres, fuxiron e salváronse.

Coa frescura do prado e orballo de pola noite, o lobo empezou a rexurdir; tratou de levantarse e, anque con traballo moito e tambaleando, púxose por fin en pé; quixo estarricarse e, non podendo, deu un laído; mais encaprichado co seu proieuto, erre que erre en que o había de levar a cabo, fixo forzas de fraqueza e botou a andar, por se atopaba caza.

A poucos pasos atopou xunto a un muíño unha cocha con nove fillos, tan listos e papoitos que daba xenio velos. Reanimouse o lobo e todo engoumado foise achegando á nai pra intimarlle que iba a matala e tamén ós fillos. Intimoullo e dixo a cocha:

—Agarda de aquí a un mes ou quince días siquera, déixame cria-los fillos e cando xa os vexas grandes e a min máis gorda, pra ti seremos.

—Non, non. Naceume unha pluma entre o pelo; espero me nazan outras, e como deseo voar, determinei dar un convite ós amigos en celebridá do nacemento da miña primeira pluma. Con que así non me vir con sécolas, que morrer tendes que morrer.

—Xa o sei, lobo, non me escaseo, cando sea tempo; pro agora ¿que gusto nos habés de achar?

—Estades de bo ano, todos me servides, o día do cunvite acércase e ten que ser á forza.

—¿Con que non nos perdoas? ¿Vasnos a matar?

—Si, que teño presa e cansado estou de andar á caza.

—Pois estonces outro favor, xa que o primeiro non vale.

—Leria, leria.

—Non te enafdes, lobo; eu son quen se debía enfadar contigo e xa ves que non me enfado.

—Cada un sabe o que lle pasa. A ver, a ver ¿que pidís?

—Os meus fillos están todos sin bautizar e non quixera a responsabilidade de que, por culpa miña, morresen sin bautizar. Bauticémolos aquí agora ti e mais eu, e dempois de bautizados, mátanos.

—¿Que entendo eu desas zrimonias?

—Eu chas direi. Ti séntaste no rodicio deste muño, que está parado; eu fago vir a auga ó pé do rodicio, entrégoche os meus fillos un a un, ti agárralos, móllalos na auga e logo, un a un tamén, vasmos devolvendo. Éche cousa dun credo.

—Axiña xa.

E, sentando a cocha ó lobo sobre as penas do rodicio, dálle unha fuciñada ó afiridoiro, corre pola canle toda a auga; e como na moega non había gran, o rodicio esburruxa que esburruxa na auga co lobo enriba das penas, non solo o deixou feito unha sopa, zapateado, mareado e medio morto, sinón que, cal moble inútle, guindouno con veolenza alí ó pé da sartén. A cocha estonces, tratando de xunta-los seus filliños e limpase antes de que o lobo volvese en si, dilles: «corré-corré-corré-corré-co-co-corré moito». Correron todos canto puderon, e chegados xunto a nai de contado preguntáronlle: «¿Que é? ¿Que é, que é?» A nai empuxounos pra diante co fuciño, repetíndolles: «co-co corré moito, non volva o lobo». E, trembando todos eles coas orelliñas baixas, exclamaron:

—¡Vi, vi, vi! ¡Ai, ai, ai!, sin parar hastra que se viron en salvo.

O lobo, en forza de estar ó aire e ó sol bastantes horas, cobrou algún alento e, anque ánimos pra seguir de caza non sentía, tanto a idea do seu convite o preocupaba, que ó fin ergueuse, e pasiño a paso botou a andar. Era xa ben de noite, e como olese preto unha masada de cabras e cabirtos, meteuse nela, sin que nadie se apercibise, nin llo estorbase; pois pastores e cans estaban no primeiro sono. As cabras ó verse alí co lobo, asustáronse de maneira que xa se contaban mortas, mentras que o lobo, alegrándose, contaba segura a caza. Enteirounas, con fanfarrona importancia, do seu proieuto, e intimándolle a rendición, dixo:

—Sodes moitas, algunhas con cabirtos e cabirtas todas gordas, de edades difrentes e podo alarga-la festa presentando varios platos. Conque así non hai escapatoria. A morrer.

—Está ben, lobo, está ben; falas como un libro; pro antes de matarnos axúdanos a canta-lo noso enterro, pois vergonza sería morrer sin el.

—¿Que entendo eu de salmos, nin de requies pra axudarvos? Eso non ten traza. Morrer e nada máis.

—Traza tena, e con pouco que nos axude a túa voz, máis sonora e millor que a nosa, xa verás como te luces e se cantan os funerás.

Lavada así a cara ó lobo e dándolle polo flaco da vanidá, contestou el ó golpe:

—Axiña xa; empecemos.

—Non aínda. Faite ben de cargo primeiro. Nós cantamos diante, ti vasnos seguindo, soltas o chorro todo da túa vos e, como millor cantante, encubres calquera falta que nós teñamos.

—Ala, pois.

E, esto dito, empezan as cabras a cantar, os cabirtos e cabirtas a berrar, sigue o lobo oubea que te oubea tras das unhas e dos outros; alábano as primeiras, estrízano os segundos, brúa el estonces forte que te forte hastra cubri-las voces dos demais cantantes; ármase, en fin, tal algarabía que esper-tando os cans e os pastores, conocen estes a vos do lobo, vanse con garrotes xunto a el, distraído coa variedá das voces e sin sospeitar aquela engañifa; acurrunchano de pronto os cans e leva somanta tan soberana, que en conceuto dos pastores quedou por morto no sitio. Mais como lle restase algunha vida e noite aínda pra largarse da masada, foise escurriendo sin ser notado hasta que se considerou seguro. Ó rompe-lo día, comprendeu que desta última non libraba, entrou a contas consigo mesmo, e cheo de remordementos, lastimándose de que súa ambición de gloria de querer voar, porque unha pluma entre o pelo lle saíra, non era senón vanidá que tantas veces o espuxera a perder a vida, exclamou:

—¿Quen me meteu a min a zuruxano, pra poñerme a cura-la pata a un mulo? ¿Quen a agrimensor, pra medir un prado? ¿Quen a crego, pra bautizar? ¿Quen a salmista, pra requenear? Ben empleado me está canto me sucedeu, canto padezo agora. E loitando coas agonías da morte, uníndose ós seus laídos tronos que espantaban, añadeu desesperado:

—Raio do ceo baixe e pártame en mil anacos.

Un cazador, que esto escoitaba, mételle estonces no corpo cinco balotes e morto deixou ó lobo da pluma, sin lograr este o seu convite, nin caza pra celebralo.

### **Conto**

Era unha nai con tres fillas xa casadeiras, pro tan zarabetas, que apenas se lles comprendía o que falaban; e cando os mozos viñan a visitalas, ou paliquear con elas, conversaba a nai, en lugar das fillas. Certa noite en que esto sucedía, estando todas ó pé do lume, dixo unha das rapazas:

—Féfe-lo pote.

—Zácalle o teto e mete a culefla, contestou outra.

Estonces, a que non falara aínda, agarrou un garabullo do aullar e, pasándollo pola cabeza ás dúas irmáns, falou tamén así:

—¿Non voz dizo namafle que, cando viñeze zente de fófla, non faláfledez que, ze faláfledez, non cazáfledez?

## O cazador e o lagarto

Iba certo cazador de caza e, descubrindo un lagarto arnal moi grande, párase e monta a escopeta; mais ó tempo de arrimala á cara pra tirarlle, ergue a cabeza o lagarto e dille:

—Se me tiras, non me matas e, se non me matas, cómete.

Sorprendeuse o home, baixou de pronto a escopeta e, ó ver que o lagarto se lle achegaba, tomou medo, volveu a arma á cara, tratou de fixar ben a puntería e, conocéndoo o lagarto, díxolle outra vez, alborotado:

—Se me tiras, non me matas e, se non me matas, cómete.

Estonces o cazador baixou de novo a escopeta, perdeu os ánemos e, medio tembrando, dixo tamén ó lagarto:

—Pois ¿que hei de facer pra que non me comas?

—Eu cho direi; escoita. Tes tres fillas; déixame casar con calquera delas e líbraste de que te coma.

—Falareino alá na casa e, se algunha das tres consinte, aquí cha tra-guerei mañán.

—Está ben; pro mira que, si me engañas, xa sabes o que che espera, e da miña boca non te escapas.

Foise o home prá súa casa pesaroso; xuntou nun cuarto as fillas, con-toulles o que pasaba e dixo:

—Sodes tres; algunha ten que casar por forza co lagarto e así vexa-mos cal é a que se arresga.

—¡Ai! Eu non. ¡Fo! ¡Que porquería!, respondeu a máis vella.

—Nin eu tampouco, dixo a que lle seguía.

—Pois eu si, contestou a máis moza.

Marcharon pai e filla dereito ó sitio onde o lagarto aparecera; avis-counos este e, saíndolles ó encontro, dixo ó pai:

—¿Con que esa que vén contigo é a miña novia?

—Si, a máis nova das miñas fillas.

—Paresce lista.

E, dirixíndose a ela, añadeu:

—Acércate, rapaza, non teñas medo, inda non casamos hoxe; pro quero que seas panadeira. Toma esta cunquiña que, con solo que lle digas «cunquiña, pola gracia que Dios che dou; dáme esto, ou aquilo», darache canto lle pidas.

Colleu a moza a cunquiña, volveuse con seu pai á casa, amasou de noite dous pans, coceunos e foise con eles a unha feira que había cerca.

Como era bonita e espabilada, pronto acudiron mozos ó seu lado, tres, sobre todo, que coa aquela de mercarlle pan, metérona en conversa e ousequiárona con rosquillas. Un deles acompañouna, de volta, hastra a casa e, nesta xa, vendo a rapaza que o acompañante non se despedía, bota man á cunquiña do lagarto e di: «cunquiña, pola gracia que Dios che dou, fai que este mozo estea peneirando en fariña toda a noite». E, sin máis nada, por arte de birlique birloque, púxose o mozo a peneirar e peneirando estouvo hastra o día.

Chasqueado así, foise, co rabo entre pernas, onde os outros dous mozos que, deseosos de saber como a rapaza o tratara, preguntáronlle ó instante:

—E ¿que tal, que tal?

—Dígovos que noite máis alegre que a de onte nunca a pasei: a rapaza non é de perda; ide á súa casa e xa verés; pro un primeiro e dempois o outro, que, se ides xuntos, non dá entrada.

O acompañante falaba así pra que chasco se levaran coma el e ningún tuvera de que gabarse.

Sucedeu, pois, que ó escurecer daquel mesmo día vaise alá un dos que se quedaran. Chamou á porta, axexou a rapaza pola pechadura e, vendo que era el, colle a cunquiña e di: «Cunquiña, pola gracia que Dios che dou, fai que este mozo estea abrindo e cerrando toda a noite a porta da nosa casa». E, sin máis nada, por arte de birlique birloque, púxose o mozo a abrir e cerrar na porta e abrindo e cerrando estivo hastra o día.

Foise tamén co rabo entre pernas onde o outro mozo que á casa da rapaza inda non fora, e percurando engañalo, como a entrambos engañara o primeiro, díxolle:

—Chico, véñoche prendado da rapaza. ¡Que atenta! ¡Que cariñosa! Faladeira, como ela sola. Adivirtida, ¡nai que me pareu! Dígoche que, se ti non vas a vela hoxe, eu vólvoche.

—Hoxe tócame a min e teño de ir.

—Vai, pois, e xa verás si minto.

Corre alá o galán terceiro, moi confiado no que xa oíra ós dous primeiros. Chamou á porta, axexou a rapaza pola pechadura e, vendo que era el, colle a cunquiña e di: «Cunquiña, pola gracia que Dios che dou, fai que este mozo coide de que nosos porquiños mamen toda a noite na porca que temos aí no cortello». E, sin máis nada, por arte de birlique birloque, abreuse a porta do cortello, púxose o mozo a chamar nos porquiños e, agarra un deixa outro, fixo que na porca mamaran toda a noite.

Chasqueados os tres mozos e cada un de diferente modo, xuntáronse certo día; tratan de vengarse; de armarlle unha zancadilla á novia do lagarto e demándana ante o xues. Ela, que se ve citada e obrigada a declarar en xuicio, colle a súa cunquiña e marcha dereita ó xusgado. Aberta a audiencia, chama un aguacil pra declarar; pro, antes que o xues a xuramentase e o escribano empeza a escribir prumada, tira de cunquiña con disimulo e di en vos baixa: «Cunquiña, pola gracia que Dios che dou, ai que estes señores se pelexen hastra que os mande eu parar». E, sin máis nin máis, por arte de birlique birloque, pónense xues, escribano e aguacil a bofetadas, de tal maneira que era cousa pra se un morrer de risa, porque non se vían desengarrados e o que menos forza tiña máis bofetadas e trompicóns levaba.

A rapaza ría que partía e, logo que se fartou de rir, berroulles:

—Señores, non sean tolos; asoséguese, ou queren que haxa aquí unha morte?

Cesou estonces a pelexa, ocupou cada un o seu lugar e, acercándose ó xues un dos demandantes, o mozo que peneirando estivera en fariña toda a noite, faloulle ó oído:

—Señor, observando estouven os movementos todos desa rapaza e, ou está encantada, ou trai consigo un encanto. Sírvasse usía mandala volver mañán, e ó tempo de entrar na audiencia, que o aguacil, sin que a rapaza se aperciba, lle tape o bico, mentras eu a rexistro.

—¿Y si nada se consigue?

—Señor ¿quen sabe?

—Lo pensaré.

Saeu o mozo pra fóra e dixo en seguida o xues:

—Se suspende la audiencia de este día; retírese la demandada y mañana a la hora de hoy comparezca de nuevo ante el juzgado.

Pois amigo, ó outro día, apenas se abreu a porta da sala da audiencia e cando a muller iba entrar, bótalle unha man polo lombo o aguacil, tápalle coa outra a boca, bótalle o mozo tamén man á faltiqueira de lenzo que levaba por riba do refaixo,e, vendo dentro unha cunquiña, tanto quixo aperta-la faltiqueira que, como a cunquiña era de barro mal cocido, toda se esfarelou e adios encanto.

Entonces o aguacil tiroulle a man da boca, levouna a decrarar e decrarou a verdá do caso, hastra o sitio en que o lagarto aparecera. Vaise alá o xues, co escribano e aguacís, vanse tamén os demandantes, xúntase alí un fato de moxedá e, postos todos en busca do lagarto, que tomando estaba o sol ó pé dun valo, mátanos en seguida, cólgano alí nun pau e cada un dá volta prá súa casa, menos o mozo que a cunca esfarelara. Este veuse á da rapaza, fala con ela, pídella a seu pai por muller e a novia do lagarto, a máis nova das tres irmáns, casou primeiro que as outras dúas.

## Veliños

Veliños era un gaiteiro, casado cunha taberneira, un tontarrón que non facía cousa ó dereito, tirado do seu oficio. Unha miñán, día primeiro de mes, ou da feira do *Foxo*<sup>366</sup>, díxolle a muller:

—Veliños, xa que vas á feira, mércame un carto de agullas, pra coser, e non as perdas; mércamas non moi grandes, nin moi pequechas e que teñan boa alfiestra.

Mercou Veliños as agullas e traías na man; pro atopando con seu compadre, que viña tamén da feira cun carro de palla, mete entre a palla as agullas, sigue o seu camiño e, chegando á casa, pregúntalle a muller:

—¿Trasme as agullas?

—Logo chas darei; pois, por non traguelas na man, metinas entre a pala do carro de meu compadre que vén atrás.

—¡Xesús, Veliños! ¡Entre a palla, cando debías traelas clavadiñas no chaleque!

—E ¡dismo agora! Dixérasmo cando saín prá feira.

Chegou o carro á porta; saeu Veliños en busca das agullas e, non as atopando entre a palla, dixo ó compadre, dempois de remexerlla toda:

—Vouche a queima-la palla, por ver se na borralla as atopo...

—Non fagas eso; deixa estar a palla, que ben ma remexiche xa e, se por dúas tristes agullas é, mercalas podo eu noutra feira e regalareichas.

Foise Veliños prá casa e outro día de feira díxolle a muller:

—Cómprenos un ferro de arado; mércao nin dos millores, nin dos máis ruíns e vei non che suceda o das agullas.

Mércouno; rachou cunha navalla o forro do chaleque e ó chegar á casa, pregúntalle a muller:

—¿Tráe-lo que che encarguei?

—Trago; aquí o tes.

E, vendo que entre o forro e o pano do chaleque traía o ferro metido, exgramou:

—¡Xesús, Veliños! Dios me dea pacencia contigo. Se habías de levar un bimio e prende-lo ferro por un dos seus buratos, vas e racha-lo chaleque.

—Dixérasmo cando saín pró *Foxo*.

—Vaia, home, vaia. Non sei cando has de facer unha cousa ben.

Outra feira, chamouno a muller e díxolle:

—Quero que compres un porquiño e a ver como o traes, pouquiño a pouco sin faticalo.

Comprou tamén o porco; prendeuno cun bímio polo pescozo, botouno ó lombo, marcha así con ela prá casa, mórrelle no camiño e a muller, ó ver que llo entrega morto, exgrama:

---

<sup>366</sup> En nota ó pé o autor aclara que se trata dunha feira que se celebra nunha das parroquias do concello da Estrada o día primeiro de cada mes.



—¡Xesús, Veliños! moi rudo es, que non deprendes dunha vez prá outra. Se habías de prenderlle unha perna cun cordel e logo cunha xostriña na man decirlle: «Cacha aquí to pra aquí, cacha aquí to pra alí», vas e tráesimo afogado; matácheme o porco e ganas me dan de matarte agora a ti.

—Dixérasmo cando saín da casa.

Outra feira, pois Veliños non perdía unha, díxolle emporeso, a muller:

—Cómpren cuncas e algúns pucheiros. Tes que mercalos; veremos como fas; non sea que haxa que rifarche.

Mercou as unhas e os outros; meteu todo nun saco grande, atouno cunha baraza e, arrastrando o saco polo camiño, pegándolle cunha xostra, saeu da feira decindo: «Cacha aquí to pra aquí, cacha aquí to pra alí». Tal foi que cuncas e pucheiros partiron en cen anacos. Entra Veliños na casa, abre a muller o saco e, achándose con toda aquela estragueira, exclama:

—¡Xesús, Veliños, Xesús! Ti acabasme. Eu e ti somos dous tolos; eu que non escramento e ti, que todo fas ó rivés; pro deixa que de aquí en diante xa quedarás na casa e serei eu quen merque o que faga falla.

Chegado o día do *Foxo* e cando a muller marchaba á feira, díxolle:

—*Veliños, aí te quedas na taberna; ten tino dela e de que nin as cabras, nin a cadeliña entren na horta.*

Marchou a muller a pouco, saeu o home á eira e, vendo na horta as cabras, colle a cadela, préndea polo rabo ó billote dun pipo e, chamándoa logo, como se lla encirrara ás cabras, a fin de escorrentalas, alármase a cadela, turra un lado e outro, arranca o billote e, con el no rabo, foxe de cara á horta, mentras o viño se derrama polo chan.

Veliños vense estonces á casa; entra na cociña e non podendo atravesala sin mollar os pés en viño, guinda nel tres grandes broas, pasa por riba delas, sóbese á parrumeira, colle dous sacos de fariña e espaxoa tamén alí, pra que a cociña se enxugara. Feito esto, dou o home en cavilar e temeroso de que a muller lle sacudise o polvo, ó volver da feira e acharse con aquel derramo, agarrou unha maza, tirouna ó aire e dixo:

«Esta maza me mate». Pro a maza caeu sobre unha galiña que empolaba ovos e matouna. Veliños choeu estonces a porta e púxose el a chocar os ovos. Veu a muller, chama por Veliños e responde el dentro: «Crou, crou, chó-coche os ovos e logo che vou».

—Abre, Veliños, abre. ¿Que é o que fas?

Érguese de sobre os ovos, colle a gaita, métea debaixo dun brazo, toma a porta ó lombo e bota a fuxir hastra que a noite dou en cerrar, mentras a muller quedou chorando e tirándose dos pelos ante os estragos feitos polo seu home.

Soilo este nunha carballeira e, tendo medo ós lobos, sobe con gaita e porta enriba dun carballo e deitado alí sobre a porta mesma, ouservou alá pola media noite que unha gavilla de ladróns facía lume ó pé da arbre en que el estaba: puxo oído atento e comprendeu trataban de cear e repartir entre si diñeiro, pois olor de carne íballe chegando ás ventas e os ladróns disputaban sobre a quen se había de axudicar un maravedí que a maiores resultaba na

repartita. Allos e cebolas saían das súas bocas; Veliños estonces, véndoos así acalorados, guíndalles a porta dende o carballo; asústanse os ladróns e, abandonando diñeiro e cea, apretan a correr. Baixa Veliños do carballo, recolle todo, cea en grande aquela noite e ponse a toca-la gaita de alegría. Un dos ladróns quixo volver ó sitio en que quedaran diñeiro e cea; pro, achándose cun gaiteiro, a quen non conocía, díxolle se o deprendía a toca-la gaita:

—Non hai inconveniente, contestou Veliños; vén pra xunto a min e enseñareite.

Chegouse o ladrón a el e díxolle o gaiteiro ó punto:

—A primeira cousa que tes que facer é bota-la lingua fóra.

Obedeceu; pro Veliños vai e córtalla enseguida; de modo que non pudo dar noticia ós mais ladróns do que pasaba e o gaiteiro, levando á muller os cartos atrapados e reformándose foi logo un dos principais homes do país.

### Os tres irmáns

Eran tres irmáns moi probiños; Alberte o máis vello; Pedro, que lle seguiría; e Xaniño, o máis novo. Digo probiños, porque, solo lles tocara en herencia de seus pais, a Alberte, un galo e unha carreta; a Pedro, unha esqueira e a Xan, un fouciño. Vivían xuntos nunha casoupa que veciño honrado lles proporcionara; estaban os tres solteiros e, véndose con saúde e en boa edá, pois inda o máis vello non cumprira dezanove anos, trataron de irse polo mundo a probar fortuna. Botaron sortes, pra saber quen había de ir primeiro; tocoulle a Alberte; colleu este o galo, púxoo na carreta e, despedíndose un día de seus irmáns, foise anda que te anda e, chegada a noite, sin outro alimento que un pouquiño pan do que no morral metera, entrou nunha pousada onde, ceado que houbo cunca de caldo que alí lle deron de caridá, dixo ó pousadeiro, a tempo que sitio lle señalaban pra deitarse:

—Espertarame cedo, se eu non esperto, que teño que ir a cata-lo día de mañán.

—Ben está.

E deitouse Alberte; mais, ó canta-lo galo dentro da carreta que deixara ó pé, érguese o mozo sin perguiza e, ouservando o pousadeiro que á carreta se dirixía, preguntoulle de repente:

—¿Cata-lo día aí?

—Si que o cato. Aquí o levo.

—¿Canto queres polo galo e pola carreta?

—Dous mil réas.

—Non pides pouco.

—É toda a miña herencia.

—Toma logo os dous mil réas.

Doullos o pousadeiro, quedándose con ambas cousas, e Alberteolveu pra onda seus irmáns, decíndolles, ó que chegou:

—Dous mil réas e canto traio. Ide vós a gana-la vida, que eu da miña pobreza non podo repartir.

Marchou Pedro coa esqueira ó lombo e, pasando por diante o palacio do Rei, asomado a unha ventá, púxose a mirar pra el coma un pasmón. Notouno o Rei e díxolle:

—Tu, el de la escalera, ¿como te llamas?

—Pedro, para servir a Dios e á súa Real Maxestá.

—¿Desempeñas algún oficio?

—Sepa súa Real Maxestá que si; endereito cricas tortas.

—¿Que dice? preguntou o soberán a un personaxe gallego, con quen estaba.

—Que endereza narices tuertas, señor.

—¡Ah! E volvéndose ó da esqueira, continuou:

—Pedro, entra aquí en palacio y *endereitarás la crica* a la Reina, mi mujer, que la tiene *torta*.

—Correndo obedezo á súa Real Maxestá.

Entra Pedro na real morada; deixa a esqueira nun rincón, chega hasta o mesmo Rei, que xa dera orden de que nadie lle puxese impedimento, e dille o monarca ó rapás:

—Desgraciado de ti si no lo haces bien.

—Respondo da operación; pro ten súa Real Maxestá que encerrarnos á Reina e a min nun cuarto tres días con tres noites, darnos de comer por unha reixa, pagarme ademais o meu traballo, que serán oito mil réas, e, pasados os tres días, deixar a Reina sola durante un mes, a fin de que non se lle volva a torce-la crica.

Acetou o Rei as condicións do trato, suxetouse a Reina a elas, botou Pedro tres días de vida moi rogalada e, pasados, chámalo o Rei, cobra o seu porqué e sale de palacio, sin olvida-la esqueira que novamente colle ó lombo. A pouco presentouse a Reina, queixándose enfurecida da burla que fixera dela, pois, se torta tiña a crica, torta seguía téndoa. O Rei pateaba e, véndose os dous burlados, despacha sin dilación un monteiro a cabalo, pra que ó embaucador lle trouxese, ou súa cabeza.

Pedro, que paso a paso iba camiñando dereito á aldea onde seus irmáns quedaran, sinte preto de si un cabalo a escape, arrima estonces a esqueira a un muíño que tiña ó pé, sube a el e ponse a figurar que retella. O xinete, ó velo detúvose e perguntoulle:

—¿Vió V. pasar por aquí a un joven con una escalera al hombro?

—Si, señor; pasoulle hai un instante.

—¿Le alcanzaré por este camino?

—Vexo varios e, quezais, non sea ese o que levase. Quédese usté aquí retellando en meu lugar e poida que o atrape eu.

—Es que no se *retellar*.

—Élle fazle; mire usté pra min; cunha tella partir outra; así.

E parteu algunhas tellas.

—De esa manera non hay inconveniente.

Apeouse logo o melitar, cambea de roupa con Pedro, dálle o armamento que traía e, posto o último a cabalo, bota a galope cara á casupiña, onde chegou decindo a Alberte e a Xan:

—Oito mil réas, este cabalo, esta roupa, esta forniture e estas armas é o que traio. Vaite, Xan, a gana-la vida, que eu da miña pobreza non podó repartir.

Marchou, por fin, Xaniño, o máis novo e pobre dos tres irmans, pois dito queda que a súa lexítima era solo un fouciño e con el su brazo parteu en busca de amo, a quen servir. Topou un; púxolle por condición que non había de comer máis que pan e ovo e, o primeiro día que se enfadara, consentir lle tirasen do lombo a correa de dous dedos. Acetou Xaniño; pro, non resistindo o traballo senón tres días, enfadouse ó cabo deles. Chamouno estonces o amo a un cuarto, fíxolle a conta e tiroulle logo do lombo a correa no axuste estipulada. Xaniño quedou moi lastimado, volveuse choroso á casa e, contando a seus irmáns a desfortuna que no mundo achara, díxolle Pedro ó punto:

—Lévame onda ese teu amo, a quen serviche, que quero ir a servilo eu, por ver se máis afortunado son que fuche ti.

Vanse alá os dous irmáns; axustouse Pedro baixo as condicións mesmas con que o servira Xan e, á primeira comida, presentoulle o amo unha bola e un ovo; mais Pedro con aquel ovo comeuse toda a bola. Á segunda comida, doulle outro ovo e, como miga de pan non tiña xa, tróuxolle tamén segunda bola que comeu de igual maneira. Dous días aguantou o amo esto: o terceiro, díxolle á súa muller:

—Este criado sal caro e hai que armarlle, para despedilo sin enfadar-nos.

—Mándalle traer un carro de leña da máis torta que haxa.

Fíxoo así o home e Pedro tróuxolles un carro de cepas vellas. A muller, vendo que desempeñara o mandado, sin enfadarse, volveu a decir ó home:

—Ahora, mándalle traer outro de leña moi dereita.

Mandoulle tamén así e Pedro tróuxolles inmediatamente un carro de coles.

—¡Tampouco se enfada! ¡Que demoro! exclamou a ama e añadeu: Non sei se lle mandemos sementa-lo trigo.

—Si; agora mesmo, repuxo o home e chamando polo criado, díxolle:

—Pedro, vas a sementa-lo trigo, enche un catro sacos, ponos no carro, leva nel tamén o arado e conta con que antes da noite has de ter concluído este labor.

—Ben está.

Foise con carro, arado e sacos de trigo pra a leira. Almorzou alí, o de costume, durmeu un par de horas, mentras os bois pacían pra onde lles daba a gana; xungueunos logo, abreu un rego na cima da leira, dous no medio e outro no fondo, esparxeu en cada suco un costal de trigo, xantou como almorzara, durmeu outras dúas horas e dou volta pra a casa inda non de noite. Ó velo entrar o amo, díxolle de cachete:

—Pedro, ¿queda sementada a leira?

—Si, señor, e de man de amigo.

—Pois agora tes que ir a vende-los bois.

—Bueno. E ¿en canto os hei de vender?

—No que poidas, asegún vexas ti a feira.

Saleu pra esta cos bois e, ó primeiro comprador que se presenta, píde-lle dous mil réas, colas libres. O comprador, ó que tal oieu, íbase, sin facerlle apenas caso; pro el, mentira abaixo, mentira arriba, pondera que te pondera os bois, arrancoulle os dous mil réas e díxolle, ó cobralos:

—Colas libres, se entende.

—Pscht. En canto a eso, respondeu o comprador, unha ves que os compro pra matar, levaralas.

E cortándollas ós bois, doullas seguidamente ó vendedor.

Satisfeito Pedro da súa venta, torna pra a casa cos cartos na faltiqueira e na man os rabos, espeta os últimos nunha tremesiña, deixando as serdas fóra e, continuando a marcha, encara a pouco co amo que lle preguntou:

—¿Vendiche, Pedro?

—Non, señor; pois, pasando pola braña, empeñáronse en beber os bois e alí quedaron enterrados.

—Paréceme que eso non é verdá.

—Se non o quere crer, non o crea, ou veña a velo por seus ollos.

Corren os dous ó pé da braña e alí, agarrando ó amo por un brazo, díxolle:

—¿Ve usted as puntas daquelas colas?

—Vexo.

—Pois sonlle as dos seus bois. Faga, se gusta, a proba de turrar por elas, a ver se os desentona, que eu a tanto non me estrevo.

—Nin eu tampouco, contestou o amo.

E volvéronse pra a casa entrambos; Pedro, interiormente moi alegre; seu amo mordendo os beizos, reprimindo a cólera que demostrar non lle convia.

—É un pillastre e non podemos desfacernos del, dixo logo despois a muller.

—Cala, replicou el. Hémolos de mandar con mitá da avenza, xunta o oso.

Mandárono tamén alá; mais Pedro e o oso fixéronse de pronto amigos e o segundo dixo ó primeiro un día:

—Axúdame a levar este caldeiro de auga.

—Basto eu solo, contestou Pedro.

—Pra outro tanto son eu, replicou o oso, e levou o caldeiro el solo.

—Ahora, volveu a decir aquel, mudaremos esta trabe, se che parece.

—Basto eu solo, repiteu Pedro.

—Non me asusta, añadeu o oso, e solo levou igualmente a trabe.

—Pois a ver agora quen tira pedras máis lonxe.

Pedro colleu un paxaro e meteuno na faltiqueira. Tira unha pedra o oso e, como caíse preto, solta Pedro o seu paxaro e marcha hasta non souperon onde.

—Ahora, Pedro, vamos a reconece-la avenza e ver cales son as ovelas túas e cales son as miñas.

—As miñas, repuxo Pedro, teñen debaixo do rabo un buxeiro.

—Logo ¿son todas túas?

—Se teñen ese seña, si.

E, como o buxeiro a ningunha lle faltase, resultaron todas de Pedro. Seguidamente, preguntoulle este:

—¿Que vamos a facer agora, meu oso?

—Ahora vamos a facer un pote de papas e comelas, cunca a cunca, hasta ver quen come máis.

Fixeron o pote de papas e, sentados a comelas, o oso iba, cunca por cunca, botándoas na barriga, mentras Pedro, cunca tamén por cunca, botábas

todas nun fol, posto debaixo da camisa. Dado fin as papas, sin que ningún ganase, propuxo o oso:

—A ver agora quen corre máis.

Apreta Pedro a correr, encara cunhas mozas que lavaban nun regueiro e dilles:

—Prestádeme unha navalla, se a tendes.

Prestáronlla e pinchando con ela o fol das papas que sobre si levaba, deron en cair estas polo chan e el corría a cada paso máis lixeiro. Chega de alí a pouco o oso e pregunta ás lavandeiras:

—¿Vistes pasar a un home por aquí correndo?

—Si; e por certo que iba ciscando papas, pois furouse aí a barriga cunha navalla que nos pideu prestada.

—Prestádeme tamén a min esa navalla, que vou a face-lo mesmo, por se corro máis.

Prestáronlla igualmente e, meténdoa o oso con toda a súa forza na barriga, caeu morto ó pé das lavandeiras.

Pedro volveu logo atrás, doulle ó oso morto unha patada, puxo en seguro a avenza e foi á casa de seu amo que lle preguntou, ó velo:

—¿Aumentouche a avenza?

—Si, señor, un dobre; de modo que agora é miña toda.

A ama, ó saber tal, trinaba e, chamando á parte ó home, dixo:

—Faille a conta a Pedro. El veu a servirnos cando cantaba o cuco: vou a cantar eu nun arbore, remedándoo, e estonces dislle ti: «Pedro, ano tes concluído, que xa canta o cuco».

Armada desta sorte a trampa, faise o que a muller propón; ve o criado no arbore á ama e, respondendo ó amo -«Nunca en xaneiro cantou o cuco», agarra unha carabina, apunta, dispara e morto caeu no chan o falso cuco.

Enfadado, moi enfadado o amo, bótase estonces sobre Pedro e bérralle:

—Pícaro, ¿que fixeche?

Pedro contestou con toda calma:

—Xa que é osté o que primeiro se enfada, vamos a facer contas ó cuarto, que eu tamén desexo irme; pro tirou do lombo de meu irmán unha correa de dous dedos e de catro agora vou eu a tirarlle a usté.

Dito e feito: axustadas contas, Pedro tiroulle do lombo catro dedos de correa e marchou ó punto pra onda Alberte e Xan cos dous mil réas dos bois vendidos e as ovellas todas de seu amo que inda hoxe non morreron.

### Un señor e o seu arrendatario

Vivía en certo lugar un señor rico e, como a súa riqueza consistía en terras que lle era imposible traballar, arrendou as que millor lle pareceu e, as inmediatas ó caseirío en que moraba, as que el deixaba pra seu recreo, traballábanllas criados e xornaleiros, dirixidos por el mesmo. Estipulou a renda en centeo e cada arrendatario aprontaba, ou tiña que apronta-la súa en todo o mes de setembro, houbese boa, ou mala colleita de graus. Sucedeu que un ano escaso Antón García, o máis pobre dos arrendatarios, non achando modo de paga-la que lle correspondía, acudeu ó señor e díxolle:

—Señor, este ano eu non podo pagarlle a renda, porque xa sabe que foi escaso.

—Bueno; me la pagarás para el entrante.

—E ¿asegúrame usted boa colleita pra estonces? Estalle en papo alleo e así teña compasión de min, perdóneme a que lle debo polas almas dos seus defuntos.

—¡Vaya, hombre; lo que me pides! Y ¿no podrás pagarla, aunque sea en mentiras?

—Señor, non sei contalas; pro teño un fillo que poida, poida, que lle dea traza.

—Mándame al punto acá.

Volveuse o home á casa, chamou alí polo fillo máis agudo e minteiro, cóntalle o sucedido e mándao inmediatamente xunta o señor que xantando estaba cando o rapás chegou. Fíxoo subir ó cuarto e díxolle de cachete:

—¿Eres tú quien viene a pagar la renta de Antón García?

—Sí, señor; son seu fillo.

—Pues entonces ve midiendo.

—Faga usted pois tamén a gracia de atender, que empezo xa. Meu pai tiña unha leira de millo e, antoxándoselle un día contar as pallas, por se algunhas lle roubaban, non pudo darlles conto; volveu atrás e, posto a contar os graus das espigas, soilo un grau atopou de falta e ese caído na mesma leira con dous corvos ó lado, pelexando por comelo. Tiroulles unha sacha que levaba ó lombo e, como a sacha, ó tempo de caír e escapar os corvos, fíxese lume nun croio, o lume prendeu tamén a sacha e soilo quedou o rabo; colleuno de entre a borralla e foise a un ferreiro que llo amasou e fixo del dous ancelos; gardounos na faltriqueira do chaleque e, camiñando a un salgueiral tallou unha variña verde, estonouna e fixo das tonas unha sedela, encaboulle os dous ancelos, cebounos con miñocas que no salgueiral buscou e, índose a pescar ó río Ulla, tirou escalos tantos que en media hora tiña pra cargar tres bestas; botou de novo a sedela ó río e noutra media hora sacou troitas e anguías pra outras tantas bestas; aparellou as seis e, dirixíndose a Santiago con toda aquela pesca, vendeuna alí en corenta pesos e con estes cartos comprou no mercado unha vaca preñada que a pouco de estar na casa, vai e párelle cinco becerriños.

Ó chegar aquí, preguntoulle o señor:



—Y ¿que hacía uno de los *becerriños*, mientras los demás mamaban, pues las vacas no tienen sinó cuatro mamas?

—Ese miraba, como eu miro agora pra usté que esta xantando.

Comprende o señor a indireuta e díxolle:

—Pue siéntate y *xantarás*, mientras te extiende el recibo.

Sentouse, xantou e, cando o recibo lle puxo o amo nas maus, dixo o rapás:

—Gracias, meu señor; que Dios lle aumente os días da vida e de hoxe en vinte anos cobre así a renda.

—Así no, muchacho; porque eso de cobrarla como este año ni a tu padre, ni a mi nos conviene.

Botouse o rapaz a rir, despideuse logo cortesmente e, marchando as carreiriñas pra a casa, entrega o recibo ó pai que dixo ó fillo:

—Agora, boca pechada, a nadie fales de cómo o señor nos cobrou a renda.



AUTORES DESCONHECIDOS  
OU PSEUDÓNIMOS  
NON IDENTIFICADOS



Λ.Λ.

Con esta sinatura aparece en *Galicia Moderna*<sup>1</sup> o relato “De volta da feira”. Non sabemos a quen poden corresponder estas iniciais, que xa se utilizaran previamente na mesma publicación acompañando a unha moi breve anécdota en castelán: “Fábula moral-recuerdo” (nº 2 do 10 de maio de 1885). O relato foi reproducido en dúas ocasións en *O Galiciano*: nos números 126 (1 de maio de 1887) e 225 (2 de xuño de 1889). Na primeira reprodución non se indica a súa procedencia, cousa que si ocorre na segunda, onde se di que está tomado de *Galicia Moderna*. Isto pode deberse a que a primeira publicación en *O Galiciano* e a de *Galicia Moderna* se produciron con moi pouca diferenza de tempo (cinco semanas), polo que a publicación en *Galicia Moderna* puido pasar desapercibida ós responsables de *O Galiciano* (cousa que xa non lles ocorreu cando o reproduciron dous anos máis tarde).

En “De volta da feira” estamos diante dun relato humorístico no que un narrador onisciente presenta as confusións que o alcohol lles provoca a dous compadres –Xan e Farruco- que regresan a Esgos desde a feira de Maceda. O seu avanzado estado etílico failles crer que perderon un dos dous burros que levaban consigo e, aínda que un viaxeiro co que se cruzan intenta convencelos do contrario, eles tardan en darse conta do seu erro e enrédanse nunha discusión inútil (que ocupa as tres cuartas partes do relato) sobre o número de patas dos animais que os acompañan. No inicio do relato, o narrador proporciona varios detalles biográficos dos protagonistas (como o dato de que residen no concello ourensán de Esgos) para dotalo dunha maior verosimilitude.

---

<sup>1</sup> Nº 100, 27 de marzo de 1887, p. 3.

## De volta da feira

Xan e Farruco eran dous compadres, que si non tiñan vacas a medias, levávanse ben dabondo pra viviren como da familia.

Os días vinte de cada mes iban xuntos a Maceda pra feirar. Iban con dous burros cargados de viño e volvían con eles cargados de castañas e galiñas.

Cando facían boa feira, atracábanse de pulpo, viño e pantrigo hastra enchérense. Das enchentas que colleron non touparon pola misericordia de Dios. Esto proba que os negocios lle saían a xeito.

Dunha vez lograron a fortuna de venderen por trinta pesos unha xuvenca que mercaran en Esgos por dazasete. A maores de botar a robla, beberon entre os dous dazaseis netos no xantar. Lamberon ademais unha fonte de pulpo, que posta no peso do rei, xuncras leve si non pesaba trinta libras, piques arriba, piques abaixo. Ó decir deles, daquela puxéronse como calóndrigos. Como si os calóndrigos comesen como bestas.

O viño rubíraselles á chola. pidiron a conta, pagaron, foron polos burros ó pendello e puxéronse ó viaxe de volta.

Non lle rexían as pernas ó compadre Farruco, e alá como poido, sentouse de acanchaperna no seu burro. O compadre Xan levaba o seu polo ronزال.

Po moito que andaban non adiantaban no camiño. Parábase cuáseque sempre onde medraban as herbas o burro do compadre Farruco.

A noite viña, o compadre Xan renegaba de présa por chegar á casa; e dempois<sup>2</sup> de parolaren a berros, acordaron camiñar os dous a pé e atar un burro a outro.

Fixérono como o dixeron.

Dios sabe como chegaron a Esgos. Ó compadre Xan metéraselle na cabeza que camiñaba escontra Maceda. O compadre Farruco non as tiña todas consigo; parecíalle que el se alcontraba quedo e que o camiño real andaba. Pra se agarraren a algo por non caír colleron ambos o ronزال do burro de diante.

De alí a pouco un deles lembrouse do seu burro.

—¿Seica perdíche-lo burro, Xan?

—Lévocho ben collido polo ronزال.

—Perdoa e dispensa. O que levas collido é o meu burro, e lévalo porque cho deixo pra que non caias, porque vas bébedo.

—A min non me veñas con adndrómenas, compadre. Sain de Maceda co burro, e dende estonces non o soltei das maus. Ti que montache no teu, esculca si che quedou atrás.

—Teñámo-la festa en paz; non sea que teñamos que nos lembrar pra cousa mala da feira de Maceda.

—¡Solta o ronزال, Farruco!

—Denantes de soltalo tesme que comer os fígados.

---

<sup>2</sup> No orixinal 'dompois', pero nas reedicións 'dempois'.

—¡Ora! ¿Por que non te volves a buscar o teu burro?

—Eso faralo tí, que fuches quen o perdiche.

Estaban nesta disputa cando pasou arrente deles outro feirante, dacadalo dunha besta.

—¿Osté viu si queda atrás algún burro? —preguntáronlle-. Porque nós, que somos dous, traguíamos pra cada un o seu, e agora resulta que un se nos perdeu.

—Pois aí van dous.

—Eso non llo pasamos; pra nos chamar burros báixese do cabalo, que dempois xa nos veremos.

—Teño dito e volvo a decir, van dous e deso ninguén me apea.

—¿E logo como non temos máis que un ronzal?

—Porque o levan enganchado ós aparellos do outro; polo demais van dous, pois así Dios me salve como estou vendo oito patas.

—¡Ai mala centella! ¿Eu non o dixen? ¡Chámannos burros, compadre!

—¡Compadre, chámannos burros!

—¡Oito patas, oito patas!

—Sí, compadre, sí; oito patas: catro as do burro, e catro as nosas.

—Eso digo eu; catro de cada un dos burros e catro de cada un de nós.

—Seica non veñen bos da cabeza.

—¿Inda pra máis eso?

—Compadre, acantacémolo.

—Non, agarda: denantes de lle esfachicar os fuciños, vexamos si leva razón.

—Oia, compañeiro, e dispense. Dixo vostede que eiquí vamos dous burros.

—Dixen que van dous.

—¡Dous... dous... dous...! Eses somos nós.

—Son os burros.

—¡Pro si non vén máis que un!

—Veñen dous: abonda verlle as patas, que son oito.

—¡Volta e dálle! Xa sabemos que veñen oito patas: catro do burro e catro nosas.

—Oito dos burros.

—Pero señor, ¿onde están esas oito patas de burros?

—Abran os ollos e veranas.

—¡Seica quere atentarnos! ¿Como ha de haber oito patas non indo máis que un burro?

—¡Arrenégote! ¿Non lles dixen que van dous burros?

—¿E logo como non temos máis que un ronzal?

—Non estou pra lerias. Si queren<sup>3</sup> saír do erro, monten e cairán do burro embaixo. Vaia, entramentres.

---

<sup>3</sup> No orixinal 'queiren', pero nas reedicións 'queren'.

O feirante que non viña chispo, doulle espuela á besta e deixou atrás ós compadres, que seguiron falando:

—¿Montamos?

—Montemos.

—Pois vai montando ti.

—Eu non monto hastra que te vexa montado.

—Vaia logo.

O compadre Xan montou e díxolle ó compadre Farruco: «móntate eiquí». Os burros comenzaron a ornear.

—¡Cala! ¿Parés que ornean dous burros?

—É o meu.

—E o meu tamén ornea, que o conozo<sup>4</sup> pola voz.

—¡Como me fagas baixar, o dito saiche caro!

—Xuro e perxuro que ornea o meu burro.

—¡Non me atentes a pacencia! Non ornea máis que o meu.

—Orneámo-los dous.

—Eso non cho consinto, compadre.

—Compadre, ten tino do que falas, que senón déixote en terra.

—Pois faino

—¡Pra o traballo que me custa!

—¿A que non o fas?

—Quen, ¿eu? Valo a ver agora mesmo.

O outro compadre montou<sup>5</sup>, e quedou montado no seu burro.

—¿Ti montache?

—¡Que si montei! Vouche dacabalo sobre dos aparellos como un príncipe.

—Eu tamén vou dacabalo.

—Si, acabalo das túas pernas.

—Acabalo do meu burro.

—Pois eu, que malos lobos me non coman si non vou no meu.

—¡Parés cousa de bruxería! ¿Logo van os dous burros?

O meu polo menos vaiche.

Pois o meu tiñacho arresponsado a San Antonio e non fallaba.

—Eu coido que estou soñando. Tangue o teu burro pra diante.

—¡Arre burroooo!

—Agora caio na conta de que van os dous, pero van engarrados como os vagós do ferro-carril.

—Tiña razón o outro feirante en que iban os dous burros.

—Porque lle vira as oito patas.

—Si dixara que iban doce patas, oito dos burros e catro nosas, aforrábamos a disputa.

---

<sup>4</sup> Nas reedicións ‘conezo’.

<sup>5</sup> No orixinal ‘montuo’, pero nas reedicións ‘montou’.



- *Autores descoñecidos* -

Os dous compadres entraron na vila dempois de caíren na conta de que se alcontraban chispos, e de caíren do burro por faceren o viaxe daquela disposición.



## Cecilio Navarro

Nada sabemos da biografía deste autor, que asina en *O Tío Marcos d'a Portela* o relato “A moeda”<sup>6</sup>. É a única mostra coñecida da súa produción literaria, xa que non se volve atopar nesta revista nin noutras publicacións da época a súa sinatura. Este feito, sumado á coidada elaboración do relato conservado, fainos sospeitar que quizais ‘Cecilio Navarro’ sexa un pseudónimo ocasional e non un ortónimo. En todo caso, como non podemos proporcionar máis datos nunha ou noutra dirección, deixamos aquí apuntada esta posibilidade.

O que si sabemos, sen embargo, é que Cecilio Navarro foi traductor das seguintes obras: *Historia de Felipe Segundo*, de H. Forneron (Barcelona, Montaner y Simón, 1884); *La Mesiada*, de Friedrich G. Klopstock (Barcelona, Jaime Jepús, 1887), con notas da Baronesa de Carlowitz; e *El Teatro del Siglo XIX por dentro*, de M. J. Moynet (Barcelona, Biblioteca de Maravillas, 1885), edición da que existe unha reprodución facsimilar da Asociación de Directores de Escena de España, no ano 1999.

“A moeda” constitúe un relato moi longo publicado en catro entregas que se corresponden case exactamente coas cinco partes en que se estrutura: “Orixen dunha tentación que se leva na faltriqueira”, “Continuemos nos profundos infernos”, “Onde se verá que Satanás non é home dos que se afogan en pouca nin en moita auga”, “Onde dou un baile de mil demos” e “Onde adianto o meu rilós dous ou tres mil anos” (estas dúas últimas partes están na cuarta e última entrega).

O argumento desta historia xira ó redor da invención da moeda por parte de Satanás como o medio máis efectivo para captar a vontade do ser humano e conseguir así máis almas para o Inferno. Un narrador omnisciente en primeira persoa, que se presenta como “O cronista desta endiañada historia” e que adopta en todo momento un ton humorístico e cómico diante dos feitos narrados, sitúa o momento da invención nun pasado lonxano (anterior ó Diluvio Universal) en que o Inferno non recibía tódalas almas que o Señor dos Infernos consideraba necesarias e no que os procedementos utilizados ata o momento para atraer pecadores fallaban estrepitosamente. Buscando un método infalible de captación de almas, Satanás inventa as moedas (de ouro e prata) como un instrumento para desenvolver a codicia dos homes e así conseguilos para o Inferno. O invento revélase case infalible e aumenta considerablemente o número de almas que se perden para o Ceo. O cronista remata o relato presentando unha proba infalible da veracidade da súa historia: unha carta enviada desde o Inferno por un pecador a un amigo aínda non falecido e na que se lle recomenda a este que persevere no seu modo de vida (é un prestamista) como o mellor para chegar á disfrutar da vida do Inferno. A carta vai

---

<sup>6</sup> Nos 39 (10 de agosto de 1884), 40 (16 de agosto de 1884), 41 (24 de agosto de 1884) e 42 (31 de agosto de 1884).

acompañada dun certificado de autenticidade ratificado polos notarios de Lucifer.

O máis destacable do relato é a creación dun narrador irónico e humorístico, moi distinto ós que se atopan na maioría das narracións desta época, xa que apela constantemente á colaboración do lector e á súa complicidade.

## A moeda

### I

#### Orixen dunha tentación que se leva na faltriqueira

Moitos sabidos deses que ollan os profundos da cencia, e esculcan hastra os máis esquecidos corrunchos da historia, devanaron os meolos pra descubrir o orixen da moeda, mais por moto que discurriron, ningún home sabido supo dar no *quid* nin topar co inventor.

O cronista desta endiañada historia tivo, e sigue tendo, a honra de tratalo, anque pareza anacronismo, alcontrándose polo mesmo en autitude de enteirar con datos que non teñen volta o hastra hoxe enrevesado punto numismático.

Non entrarei en longas disertacións centíficas, abondándome ó propósito facer un pequeno viaxe ó teatro dos feitos, e pra que non haxa dúbidas, rógo-lle ós meus amantes leutores e leutoras teñan a ben chegarse por un pouco na miña compañía ós profundos infernos, onde quedarán satisfeitos na súa xusta curiosidade.

Era unha noite... non, noite non era: era un día... tampouco; nin era día: era un tempo indefinible, día sin sol, noite sin estrelas. A tempestade bruaba con estrondo de cen mil cañonazos xuntos no ceo, ou no que fose da afumada coberteira do inferno; raios e centellas de xofre fendían as tréboas, enchendo aquela atmósfera dun cheiro tan malo que esturnoaran os mesmísimos demos a non tapa-las narices con brasas.

Un espírito fumegante e un pouco lúcido polo xeito das luciérnagas, surxiu do cálido seo daquel medorento mundo (cuase tan cativo como este), aparecendo á vez no seu zénit un arco da vella de pólvora inframada.

O espírito botou unha maldición que exordeceu o bruar da tormenta; firiu logo a terra co seu cetro, férreo, tridente, roxo e chisporrotante cal un tizón azoutado polo vento; e deixando ó descuberto por enorme burato a fogueira do inferno, quedaron pregadas as tréboas como un cortinaxe da porta dunha sala.

O espírito pasouse a mau polos cornos, atou o rabo á cintura con moita sal (e pementa), colleu unha postura interesante, e cuspiendo polo colmillo, dixo con voz tan amorosiña que fixo tremr aquel mundo.

—¡Eiquéi estou eu!

Ou o que vén a ser o mesmo:

—¡Eu son o demo!

Ó prenciar o seu melodioso nome, asmouse por entre o fogo un millón de cabezas mui feas, anque as máis delas eran de mulleres, cabezas que, botando fóras lingoas de fogo longas como trabes, cuspiron polo señor demo outro millón de carbós acesos, proba de cortesía e respecto, dada según a etiqueta do inferno ó autócrata de todas aquelas Rusias.

O demo, que non por selo é desatento e mal criado, devolveulles o saúdo cuspidolles con piroténica gracia outro millón de sapos e cobras.

Depois desta cirimonia púxose acarón da caldeira, e contando os condenados por cabezas, como reses de gando menor, rechinou os dentes con terrible noxo e berrou:

—¡Voto a...! (e botouno redondo) ¡Un millón nada máis!

E volvendo a espalda dun xenio enrrabechado, deulle un couce á caldeira, que resoou como un trono gordo multiplicado por cen mil gorxas tamén.

A tal estrondo, acodiron tódalas diañesas, e pra que a súa condenada maxestá acoubase, colleron os seus instrumentos e encheron de ledas harmonías os aires do inferno.

Nin por esas asosegou o demo; pero ispirándose coa endiañada música, que como a tono tiña na crave as súas xustas iras, saíu cantando por alto este *solo* (con acompañamento):

Demiños présagos  
da miña cólera,  
malditos súditos  
¡chegande eiquí!  
¡Máis lume ó cóncavo  
e todos rápidos  
armas sin número  
facei prá lid!

A este conxuro, condensouse en diaños o negro fume da infernal caldeira, que revoando ó redor de Satanás, cantaban tamén en espantosa xuntanza de voces graves, berronas, agudas, tonantes:

De coraxe beodos  
eiquí estamos todos  
sumisos ó príncepe  
por malo o millor:  
o lume aticemos,  
rabiosos, blasfemos,  
e chegue hastra os ángeles  
fume e máis calor.

E tal dicindo enviaron pola gorxa o aire daquela quente e encinsada atmósfera, e depois, espremendo con forza o bandullo, fórono erutando a ráfagas tan fortes como fedechosas, hastra que o lume da fogueira chegou a chamuscar o ceo do inferno.

Estonces agarrou cada diaño un tizón da feitura dunha cobra e pón-dose en desorden de batalla, agardaron a voz do xeneral en xefe dos infernos.

A súa condenada maxestá ordeoulles que trouxesen outro millón de almas xiquera pró seu imperio, dándolles un día de término, que non sei como habían de medilo, non habendo máis que tizós por astronomía, nin máis que noite por tempo no calendario do inferno.

Os demos pormetéronas felices, e coa venia de Satanás e cos seus tizós botáronse a voar, espaxándose ós trinta e dous ventos por tódolos ámpitos da terra.

O rei quedou no seu pazo entretido coas díañesas en xugar a xogos prohibidos, e que aló pasan por lícitos, e como aínda non saímos coa nosa, porque polo de agora non sabemos o orixen da tentación que levamos na faltriqueira, vosoutros, meus leutores e leutoras, quedarédesvos agardando comigo un momentíño máis no dichoso pazo, onde non faltará que nos faga os honores da casa.

## II

### Continuemos nos profundos infernos

Namentres pasou o día, a noite, ou o que fora do prazo fixado ós demos pra traer ó Santo Oficio de Satanás outro millón de almas, o príncipe negro asoumou pra velas vir, e outras tantas tivo que se arretirar fosco e cada vez máis noxado.

—¡Voto a...! (redondo, xa se sabe). ¡Non cai un alma! -exclamou o demo con certa gracia. E no seu coraxe mordíase a lingua, o rabo e os cornos, baténdose na testa cos puños tan crispados que lle saían as uñas polo rivés da mau.

¡Demiños de seis en libra! -decía con bulrona e sarcástica sourrisa. Nin tampouco sirven pra ánxeles. ¡Que non poideran enlarafuzar xiquera tres ou catro centas mil almas levando tantos tizós! Pero xa lles axustarei as contast.

Namentres o tempo fuxía, e Satanás desesperábase agardando, anque por eso non se deixaba de entreter a tempadas atizando o lume e escumando a caldeira.

Ó fin o rilós da Porta do Sol do inferno deu as doce do día, que tamén pioderan ser as da noite; e ó soar esta hora, en que morría o prazo, asentou as pousadeiras no seu trono incandescente a súa condanada maxestá (de quen Dios os garde) vestido como de costume coa infernal púrpura, ou sexa con púrpura negra.

Por taborete das súas prantas tíñase a el en presoa, é decir, á serpente do Paraíso; por dosel un morcego enorme, que pousado nun dos seus cornos, batía as súas aas de sombra sobre da maxestá do príncipe das tréboas.

O aire moveuse logo estendéndose en oleadas de ráfagas, como si cen mil forxas de ferreiro soprasen a un<sup>7</sup> tempo: eran as aas dos demos que viñan de facer as súas cos tizós apagados, as orellas guichas e o rabo entre as pernas.

E enchegando, axuntáronse todos en ordeado desorden ó redor do trono.

—Daime conta das vosas fazañas, díxolles Satanás, mandando a seu ministro da Facenda que tomase razón.

—Señor, eu traio dez almas.

—Eu catro, señor.

---

<sup>7</sup> 'ón' no orixinal.

—Eu tres,

—Eu dúas.

—Eu unha.

Así foron dicindo os máis valentes demos, e os demais fixéronse os suecos, inda que por aquela non os houbera no mundo.

—Total, salvo engano na suma, dixo o sacretario-ministro, vinte almas.

—¡Vinte almas! berro Satanás botando sapos e cobras pola boca, e raios e centellas polos ollos. ¡E pra eso armáchedesvos de tales e de tantos tizós! Vinte almas cóllense á gaiola cun polvo de cinsa. ¡Pero vivo eu! demións de tres ó carto, que mas habendes pagar.

E deixando a súa negra púrpura no trono, agarrouse do rabo, e con moita aquela arremeteu de tal xeito contra os diaños menores, que nin un solo deixou de lamber o seu zurriagazo.

De puro canso, que non de satisfeito, volveu o príncipe ó seu trono, onde ó cabo tivo a ben escoitar as disculpas dos seus malos servidores.

—*Suprebísimo* señor príncipe das tréboas, exclamou o demo máis sabido falando a nome de todos, traballamos no aire pra encher de almas o inferno, namentres non se nos dean máis e mellores chirimbolos de caza; os tizós, *horribilísimo* señor, non abundan de seu pró logro dos teus propósetos, que son os nosos principios de conduta, tendo en conta a nosa obediencia, adhesión e disciplina.

—Non negaremos nosoutros, protodemo e señor noso, que o lume desta honrada poubea é un elemento de tentación, arrimado a unha concencia; pero na nosa non pasa de ser un tóneco que surte poucos efectos.

—Agora ben, señor de tódolos diaños, ¿cal é ese algo que por selo todo, fainos tanta falta pra traballar con honra e proveito?

—A resolución deste probrema áchase reservada na cencia do ben e do mal á crari-escura sabidencia da túa infernal maxestá.

—Teño dito.

—Hastra agora, meus e mui amados demos, contestou agasalleiro o príncipe da soberba, non me fixei nesas trécolas do infernal servicio, entretido coas venturanzas desta vila e corte; e xuzgando en concencia, estou no caso de condenar, e de feito e direiro condeno á miña mesma maxestá nas costas, ou sexa nas almas que perdín, quero decir, que non gañei.

—Pero nunca é tarde pra vir ó inferno. Acupémonos neste nagocio de Estado, traballando todos con antusiamo en ben do servicio púbrico. Meus conselleiros sondes tamén: alumeade, pois, o meu entendemento cos piores consellos do voso, contando pra todo e sempre coas ígneas liberalidás da miña infernal munificencia.

¿Cal será o medio máis fixo de tentación?

E foron contestándolle os demos:

—Eu teño deprendido, dito sexa respetando o mellor acordo da vosa intelixencia, que a primeira causa de tentación é o viño.

—Eu creo, coas mesmas salvedás, que é o pan.



—Eu penso que é a carne, e moito máis sendo fresca.

—Eu digo que é todo aquilo que precisan os homes.

—Eu pola contra sosteño que é todo aquilo que lle sobra.

—Pois eu vou a compoñer as diferencias: según entendo évos todo o xénero de lícito ou ilícito comercio; porque o mesmo se caza a un home famento cunha codela, que a unha muller con relocentes zaramalladas.

—Adírome, dixo Satanás, ó parecer da súa señoría.

—Pois veñan municións, berraron tódolos demos aderíndose tamén. ¡Moitas provisións!

—Eso fora o de menos, demiños meus: o outro é o demáis, quero decir, o de máis revoltas, revoltas que se lle acurren ó máis boiro. Decíndeme, conselleiros e soldados, si vandes cargados con todos esos xéneros lícitos e ilícitos, e cos tizós a maiores, ¿como xuncras habendes andar lixeiros na tentación, indo como bestas de arrieiro?

—Eso si que non ten volta, sabedísimo señor, e por eso hai que espremer os meolos dinantes de poñerse no allo do negocio.

—Discurramos pois.

E socedeu un pouco de sosega, trubada soamentres polo estalar da lume, polo ferver da caldeira e polas maldicións dos condenados.

Despois de crebar os cornos, ou o que ben a ser o mesmo, de discurrir os demos, ouviuse unha carxaxada que a xeito de trono gordo estrondou, e foi espallándose por tódolos ámpitos do inferno.

Era a risa de Satanás, satisfeito porque dera ó cabo co *quid* da custión.

E o bo do príncipe (Dios nolo dea millor) ergueuse ispirado nas tréboas como unha fulminación entre as nubes da noite, botando centellas polos ollos, raios polas narices e raios e centellas e salamántigas e demos pola boca.

—Ouvinde, berrou con voz de mil ánxeles malos, falándolle ós que non eran bos (non despreciando), ouvinde arrodillados a palabra da miña infernal sabidencia.

—Eiquí tendes a gran invención, a groriosa invención que ha de carrexar máis almas pró inferno que areas hai no leito de tódolos mares, ríos e regatos, porque ben a ser a idea máis mala, quero decir, máis boa, que xamais reboliu en cabeza endiañada.

—Non é cousa de andar con arrangallos de lícito e ilícito comercio mercando almas na feira do mundo; fagamos unha mercancía que valla por todas e que sexa levadeira, que podea meterse na faltrica, pra que en tódalas partes e casos podea surtir, non solo as satisfucións necesarias, sinón tódolos gustos e vanidás dos homes.

—Esa validosa mercancía é, bondoso e garrido señor, a gran necesidade que sentimos tódolos teus bos demiños, pra poder traballar a concencia: pero non caíamos nin caemos aínda na conta.

—A idea téñoa eiquí xa, dixo e demo maor dándose un crocazo de tridente entre os cornos.

E añadeu con melosiña voz e graciosa sourrisa:

—¡Lume á caldeira!

Os demos obedeceron a un<sup>8</sup> tempo, soprando a borralla e atizando tanto o lume, que de alí a pouco deitaba fervendo a cachón a dichosa caldeira, na que berraban fritas como roxós, as cabezas dos condenados (e condenadas).

Estonces Satanás deu outro crocazo co trudente, non entre os cornos, sinón na caldeira, facéndolle un burato polo que saíu chisporrotando un río de metal derretido, que foi correndo por entre os incombustibles pés de tódolos demos.

E rei das tréboas botou o seu cetro á corrente e o río detívose cualándose de súpito.

—¡Fabricai, meus demos, a espada invencible, a trunfante arma de tódalas loitas, o talismán de tódolos imposibles, o sello de tódalas tentaciós, o escudo real do meu infernal imperio! ¡Fabricande a moeda!

—¿E como a faremos?

—Ansí.

E o demo enterrou unha das súas corvas uñas naquela masa tenra aínda, e collendo un anaco daquel vil metal precioso, amasouno entre os dedos, dándolle unha feitura aprastada e redonda.

Depois mirouse na súa obra e deixou impresa no rivés a súa infernal imaxe, cos cornos, uñas, rabo e demais meudencias, imprimindo de camiño no dereito as meudencias dos demos, que se miraban nesta cara, que ben a ser a cruz do demo.

—Esta é a miña gran obra, dixo Satanás amostrándoa en alto con natural compracencia e lexítimo orgullo.

Os demos escomenzaron a bater as maus en sinal de xúbilo.

—Adorai a xigantesca obra do voso rei, añadeu con retesía o que o era.

Tódolos diaños foron aconchegándose andando en querquenas, e co maor respecto foron bicando a ... (non quero lembrala). ¡Maldita sexa a moeda!

—¡Ea! facei moeda, mandou xa Satanás con imperio.

E tódolos diaños fincaron as uñas na masa, quedando en pouco tempo o río de metal feito moeda, según a receta do maestro.

—Agora ben, añadeo o mesmo: fillos das tréboas, inimigos dos espritus do ben, enxendros dos espritu do mal, executores das miñas compracencias e mandatos, soldados do inferno, armaivos con esas armas pra saír sempre vencedores na loita, e saínde a conquistar as tres coartas partes do mundo, sementando no fondo de tódalas concencias esa semente de amargo e dulce froito, dulce pra nosoutros, amargo pra todos e pra tódalas que se deixen querer (que serán todos cantos naceron e nazan, si Dios quere).

Provistaivos a satisfacción de moeda e espaxeivos na terra por onde nace, morre e promedia o sol: eu solo irei por onde non faga sol, pois cobizo a gloria, é decir, o onferno desta relembrada empresa.

—¡Ala que xa!

---

<sup>8</sup> ‘ôn’ no orixinal.

III

**Onde se verá que Satanás non é home dos que se afogan en pouca  
nin en moita auga**

—¡Ala que xa!

E os demos foron cargados de diñeiro e de longos tizós, (a meu ver de pau santo) camiño dos tres ventos, deixándolle o carto libre ó demo maior.

O príncipe das tréboas non emprende o viaxe sin despedirse, pois algo ten de bo pai e compracente marido, das súas fillas e mulleres as diañesas, coas que ceou con fartura mau a mau unha sopa de brasas, un cocido de bugallos, un asado de cornos, un frito de condanados, un postre de borralla en dulce, outro de cabelo de ánxel (caído) e media dúcea de botellas de recendente pitróleo. ¡Apíparo xantar!

Logo que acabou a cea, tomou un polvo de xofre da caixa da diañesa maior, e emprende o viaxe. Mais na súa codicia de almas, tanto encheu as faltriqueras de diñeiro, que ó saír do inferno pró aire libre, non poido voar; e como tampouco quería deixar a validosa carga, tivo que afeitugar, con desdouro da súa infernal maxestá, facendo o viaxe *pedibus andando*.

Viuse logo detido por un brazo, non de ladrón sinón de mar, pero como Satanás non é daqueles que se paran en barras seguiu o seu camiño resoltamente, meténdose na auga hastra os cadrís, deitou a cabeza na aa esquerda, e poñendo a dereita polo xeito dunha vela de barco, proseguiu o seu viaxe vento en popa.

Depois de poñer o seu diñeiro a un pequeno medro, como queira que Satanás é Satanás, pero non foi nunca prestamista, e depois de que insinou ós homes a facer moeda polos mesmos moldes, volveuse pró seu pazo de vrau, onde agardou ós demos, que non tardaron en vir satisfeitos da súa por demais relumbrada camiñata.

Pidiulles conta de tan importante servicio, e díronllas polos dedos. Pero inda non acabaran a súa relación de méretos, cando ouviron chover a cántaros, e temeron, non sin razón, que viñera abaixo o tellado do inferno.

Por orde do seu amo saíu un demiño fóra, á dilixencia de inquirir que mil diaños era aquilo, e non volveu sinón feito unha sopa o anxeliño negro.

—¡Aleluia! señor, dixo achegándose ó lume pra enxuga-las aas.  
¡Aleluia!

—Vaia logo, contestou o demo facéndolle unha garatuxa. Boas han ser as novas que me tras cando tan ledo volves.

—¡Que si son! Ouveinde. De tal sorte prende o mundo a semente que sementamos, que según me dixo Noé, hastra Dios se arrepeniu da creación da especie humana, e mui logo nola mandará eiquí abaixo.

—¡Polos meus cornos! ¿Ti sábe-lo que dis?

—Seino. E digo que se abriron as cataratas do ceo, e que a terra se inundou. As augas xa chegan ós picoutos dos montes, derradeiro agarimo dos homes, e de eiquí a pouco soilo unha familia e un macho e unha femia de cada especie de animales quedará a salvo da inundación drento dunha barca, que xa vai navegando á ventura nas augas do universal diluvio.

—Pois vai voando a esa barca, dixo Satanás dando probas da súa prudencia e previsión, vai e deixa nela outro par de animais, macho e femia, pra que non se perda a caste e creza dempois do diluvio a súa preciosa especie.

E tal dicindo, entregoulle dúas moedas que lle quedarán na faltriqueira, unha de prata e outra de ouro.

O súdito diaño obedeceu ó pé da letra as ordes do seu príncipe, quen seguiu parrafeando cos demais demos, tan cariñoso e francote como si fora un de tantos.

De alí a pouco escomenzou a chover dentro do mesmo inferno; pero chovían almas, máis espesas que as pingas do mesmo diluvio.

#### IV

### Onde dou un baile de mil demos

E Satanás saiu beilando churrusqueiro e ledó, polas boas novas que recibira, sin que fora dabondo pra contelo a consideración debida ós seus cornos, coroa real que nin pra dormir tira da cabeza o etiqueteiro príncipe.

E ó son dos asubíos e do bater de maus de tódolos demos, púxose a beilar coa gracia e voloutosidade dun *paso de gabota*.

Logo que cumpriu a necesidá de espaxer o seu contentamento, necesidá natural en tódolos homes e mulleres, dende o demo hastra David, dende David hastra Herodías e dende Herodías hastra a Nena, parou no seu ledó exercicio, e caíndose de canso, sentou as pousadeiras no seu trono; pero cobizoso inda de festa, pois o motivo do seu contentamento medraba lonxe de ir a menos, fixo vir á trullada de tódolos demos en autivo, felós de tódalas castes, sin esquecerse das mulleres, que ó compás enordecedor de tódolos barullos do inferno, beilaron hastra que se lles caíron as ligas ás madamas e o rabos ós cabaleiros.

Dempois do baile, unhos vestigros de tres cabezas, traxe dos servidores da casa, sirviron un refresco de metal derretido, que con fartura beberon tódolos aficionados daquel *pandemonio*.

—Brindai, dixo tambaleándose coa pítima o príncipe das tréboas.

Entón as diañesas verteron ouro derretido en copas de dous netos, e fóronllas ofrecer ós demos con retesía.

Un dos agasallados, o maor, o que entre os demais tiña soña de que lle sopraba a musa, ergueu a súa copa hastra poñela acarón dos seus cornos, e dixo:

Hoxe as copas dos praceres  
biquemos e a unha cantando,  
brindemos polas mulleres  
a bebida de ouro honrando.

Un aprauso de faldras resoou en todo o inferno, namentras que os diaños refrescaban coa supradita naranxada.

Sin teren tempo de folgar estes señores, invitaron ás señoras a que brindasen, e vertendo nas copas prata derretida, ofrecéronllas, non facéndose elas de rogar, pois colléronas con mil amores.

A princesa infernal que, dito sexa de pasada, vestía con moita aquela un traxe de coiros vivos, ergueu tamén a súa copa á mesma altura que o outro, e dixo con voz melosiña e churrasqueira:

Brindemos compañeiras  
con gusto e santa paz,  
e prata derretida  
bebamos sin folgar.  
Brindemos pola prata,  
manífico metal  
que ha de facer que os homes  
veñan eiquí a parar.

Outro aprauso, pero de calzós agora, estralou na sala, ó mesmo tempo que tódalas diañesas empinaban os codos a beber daquela orchata.

Por remate de festa, ergueuse o demo, e pidíndolle a un<sup>9</sup> xentil-home, ou máis ben dito xentil-demo, un vaso do tinto, ou sexa de cobre tamén derretido, pronunciou este brindis:

A miña presoa ingrata  
non é nin pra un metal pobre,  
sí tamén co cobre rindo,  
brindo  
polo ouro e pola prata  
o mesmo que polo cobre.

Un estrondoso aprauso de calzós e de faldras resoou estonces, e cando parou a tormenta, volveu Satanás a botar un trago, tres: de ouro, de prata e de cobre, brindando de novo:

Almas feitas pavesas  
son as probas que temos  
de que inventei o lindo,  
brindo  
por tódalas diañesas  
e por tódolos demos.

Outro aprauso xeneral volveu a resoar, pero foi tan estrondoso, tan condanadamnete enrabeado, que se veu abaixo o trono e levárono tódolos diaños.

---

<sup>9</sup> 'ôn' no orixinal.

V

**Onde adianto o meu rilós dous ou tres mil anos**

Neste momento histórico a terra volveu a pobrarse de seres, multiplicados prodixiosamente pola parexa de animais, macho e femia, que de cada caste salváronse do diluvio na arca de marras, ou sexa de Noé. Non hai pra que decir que aquel par de de moedas de ouro e prata, que tamén se salvaron do diluvio, foron multiplicándose en diñeiro, como da parexa da súa caste se multiplicaron os sapos, as cobras, e outras curiosas sabandixas.

E como polo mesmo, non se afogara no diluvio a causa dos nosos males, femia que non necesita moito pra surtir efectos, nin xiquera se fala de que, en proporción do diñeiro, siguiu a chuvia de almas na caldeira do inferno.

En xusta relembranza do feito, contan que Satanás estableceu a costume de dar un baile tódolos sábados, día do Señor, no que gastándose no mundo máis diñeiro, chovían como é craro máis almas nos profundos.

Esta costume da etiqueta do inferno pasouse dempois ó domingo e demais días colendos, por unha razón semellante.

E si estonces había razón pra tantos e tan endiañados festexos, non habendo alá moitos cartos que digamos, ¿que será hoxe en día en que tanto abondan no mercado?

Prra arrematar este capítulo, poñéndolle o ramo á endiañada historia, vou a dar a conecer unha curiosa carta (algo luxada xa), carta fechada no inferno e escrita por un condanado a certo amigo seu, que tivo a defrenxia de emprestarma a razón de tanto por cento, e que di ó pé da letra:

«Meu querido amigo e compañeiro: Escriboche cun tizón por non ter outra pruma máis a mau, e fágoo pra aconsellarte en confianza, que non te degores, cal eu me degoraba nese cativo mundo por atesourar diñeiro alleo. Ven pra acó, que é outro mundo, e poderás como todos nosoutros andar a sulago nun río de ouro e prata, metal do que sómo-los únicos herdeiros.

Pra chegar a esta riqueza, non tes que facer outros méretos, pois en xusticia, amigo e compañeiro, abóndache co noventa por cen que levas polo diñeiro que dás a medo.

Dillo así ós teus amigos e demais presoas achegadas, e non deixes de me avisar o día da túa chegada pra lle falar a tempo á súa infernal maxestá, coa que teño moito metemento.

Xa verás polos teus ollos o ben que te reciben, pois é por acó vella costume ter unha beilotada tódolos días de festa pra honrar ós que veñen.

É certo que a nosoutros non se nos consinte saír da caldeira; pero podemos ve-los touros de lonxe en amor e compañía da xente de máis perendengues que houbo no mundo.

Eiquí están as almas de tódolos traficantes e traficantas, de tódolos tahures e ladrós, de tódolos ourólatras nunha palabra.

Con que ánemo e mórrete axiña, e perde coidado que xa terás por estas terras metal e compañía.

Sin máis por hoxe; memorias ós ingleses, e xa que por acó non podemos decir adios, direiche ó demo.

Teu amigo e compañeiro, *Ladrón de Güevara*.

—Caldeira de Abaixo, 24 de Febreiro de 1876.»

(Polo que se ve, a tinta inda está fresquiña).

Non deixarei de poñer a maores unha posdata, non xa do condanado, pero si doutras prumas máis autorizadas.

Velei vai a posdata, ou legalización, falando no linguaxe da curia:

«Os *infrascritos (sic)* notarios rivalizados neste reino, damos fe e verdadeiro testimonio de que o condanado prestamista señor Ladrón de Güevara é tal e como se *intitula*, e que a letra e firma coas que seu nome está *suscripto*, é do seu mesmo puño salvo erro por falta de gafas.

E pra que coste, firmamos e non signamos por non haber cruz na vila e corte dos profundos infernos. —Fecha *ut retro*. —*Inocencio Santafé*.

Siguen as firmas de novecientos noventa e nove mil novecientos noventa e nove notarios.»

E neste con cruie a historia, que se lembrou endiañada xustamente, por canto a moeda é filla do demo e nai dos sete pecados capitales.





## Domingo Lago

Non podemos precisar se a sinatura que compaña a “O chaleque do crego”<sup>10</sup> corresponde a un nome real ou a un pseudónimo literario. O único que se pode afirmar deste autor, á vista da detallada descrición xeográfica e dos comentarios incluídos no seu relato, é que se trata de alguén cun profundo coñecemento do concello de Vilagarcía de Arousa. Non sería estraño, mesmo, que fose natural desta vila da ría da Arousa porque ‘Lago’ é o nome dunha aldea de Cea, parroquia situada a pouca distancia da capital municipal.

En “O chaleque do crego” temos un narrador en primeira persoa que nos transmite unha anécdota da súa infancia e da que el foi un dos protagonistas: súa nai, desexosa de que fose cura, colocouno de asistente do párroco da aldea, Don Benito. Este advertiuno de que o día de San Xosé celebraría misa ás seis da mañá e de que se encargase de ter todo listo para esa hora; sen embargo foi o propio cura o que non se presentou á súa hora e o rapaz foino buscar á casa. Saiu o cura moi apesurado e, cando se cambiaba para officiar, o rapaz puido comprobar que o cura traía posta a roupa interior dunha muller. Contado este suceso á nai, decidiu esta que prefería un fillo labrego e honrado e non un cura que se vise neses trances.

A primeira característica que fai salientable este relato é a súa minuciosa localización espacial: os feitos narrados acontecen na aldea natal do autor situada no camiño que une as vilas de Carril e Vilagarcía. Non debe sorprenden que fale delas como concellos distintos xa que ata 1919 Carril foi un concello independente de Vilagarcía de Arousa, sendo hoxe en día unha das súas parroquias. Tampouco debe sorprenden o feito de que presente Vilagarcía como un “[pobo] vello [...] e cada día con menos ánemo” e a Carril como un “[pobo] novo [...] cada vez máis garrido e feiticeiro”. Independentemente de que Vilagarcía fose fundada en 1461 e Carril ó redor de 1500, ó longo do século XIX o porto de Carril gozou de considerable importancia polo seu movemento económico: desde 1814 era porto autorizado de embarque e desembarque de mercadorías no comercio con Europa e América e durante toda a segunda metade do século foi un dos portos principais de embarque da carne de vacún galego con destino a Portugal e Inglaterra. Este feito motivou que a primeira liña férrea galega (inaugurada en 1873) fose a de Santiago-Carril.

Non nos proporciona o narrador o nome desa aldea a medio camiño entre Carril e Vilagarcía, pero pode tratarse de calquera das que pertencen ós veciños termos parroquiais de Santiago de Carril e de Santa Baía de Arealonga.

Unha segunda característica é a súa perfecta estrutura climática, na que a combinación entre o humor e a ironía fai que o relato non decaia na súa tensión narrativa ata o final: á primeira parte, na que o autor nos sitúa espacial

---

<sup>10</sup> *O Galiciano*, 180 (8 de agosto de 1888).

e temporalmente no lugar dos feitos, séguelle unha central, na que se nos relatan as circunstancias en que se propiciaron os sucesos do día de San Xosé e na que o inexplicable retraso do cura propicia o aumento da tensión narrativa; finaliza o relato coa precipitada chegada do cura á igrexa e co descubrimento da súa vestimenta interior, o que provoca o clímax humorístico do relato. A modo de anticlímax, finaliza este coa conversación entre nai e fillo na que o rapaz é eximido pola súa nai de seguir a carreira eclesiástica.

Relacionado co anterior, unha última característica que nos parece digna de mención é a considerable mestría amosada na construción do ritmo do relato: este empeza cunha primeira parte moi demorada e case lírica na descrición da paisaxe natal, séguelle unha parte central máis rápida na narración e na que o ton humorístico vai collendo forza e finaliza cunha última parte de ritmo rapidísimo na que humor deixa paso sutilmente á ironía.

## O chaleque do crego (conto)

O Carril, está nunha punta, coa súa cara de pocos amigos, e o valente muelle de pedra que atrevido adianta, cal si se tratara de desafiar as ondas que de cote brincan darredor seu; e na outra, a sourrente Vilagarcía, coas súas casañas sempre brancas, agarimada por longas veigas, que verdexan e relocen enriba do amarelo areal onde morren con mermullo brando as azules ondas, que reflexan como un espello, esta terra que non ten no mundo semellanza.

A vereda que xunta estes dous pobos irmaus, vello un deles e cada día con menos ánemo, e novo o outro cada vez máis garrido e feiticeiro, fai unha longa volta e está sombreada por altos ameneiros. Pretiño dela e escondida entre espesos piñeirales, hai unha aldea que coas súas brancas e apertadas casañas, asoméllase a unha bandada de pombas que viñesen a picar nos piñós que dabondo deixan no chau os miúdos pinos que a rodean; como xefe e señora daquelas homildes chouzas, onde o labrego busca ealcontra descanso ó seu traballo que non lle loce, e que tan soilo sirve pra engordar a polítecos, levántase atrevida a escura e vella torre dunha eirexa sobre da aldea, que descoidada dorme ós seus pés, contenta ó parecer coa súa probeza.

Eiquí nacín e crieime eu, e miña nai que tiña por sono dourado o que eu chegase a ser crego, inda ben non soupen soletrear un pouco e escribir o meu nome en letras grandes como puños, quitoume da escola, dicindo que pra escomenzar a carreira de crego, sabía dabondo.

Cicais pra que me fose poñendo ó tanto, falou con D. Benito, que era o cura da parroquia (Dios o teña en descanso, que boas orelladas me ten dado) e dacordo os dous puxéronme de monecillo, emprego que me veu como pedrada en ollo de boticario, pois unhas veces esgurrichando as vinaxeiras, outras apañando algunha que outra peza vella por axudar ás misas, de vez en cando alixeirando o peso da bandexa das ánemas, e de cote metido entre mulles, paresme que non dirá ninguén que minto, si afirmo que eu era cobizado por cantos rapaces había no lugar.

D. Benito era un home como dus corenta e seis ou cincuenta anos, alto, gordo e colorado, cunha cara de viño tinto, e por adorno nela, grande e redonda papada que lle descansaba enriba do alzacuello e das solapas dun sobretodo de lustrina cheo de manchas, que de cote traguía posto; un vello sombreiro de copa con pelo de rato e que xa lle quedara tan pequeno que cuasque lle crubía tan soilo o solideo; us anchos calzós rebeteados de barbilla por baixo, e us roxos zapatos que asomellaban lanchas pincheiras, compretaban a vestimenta daquel nada limpo pai de almas.

O bon do noso crego decía a súa cotidiana misa ás sete da mañá, e tiñame dito que anque el non estivese na eirexa, que tocase a campana, pois como vivía preto, era o bastante que el a oubise pra que axiña se presentase a comprir coa súa obrigación, como así sempre socedía.

Chegou o víspera de San Xosé, patrón da aldea e día de gran festa, na que non escaseaban os foguetes nin o gaiteiro; e como no inverno as mañás on pequenas, cicais por deixar tempo dabondo prá festa, dixo dende o altar, que o

día do santo patrón celebraríaa ás seis da mañá, e a min encargoume baixo pena de orellada que coidadiño que faltase de tocar á misa á hora que el dixerá.

Como tiña que madrugar, deiteime cedo e encargueille á miña nai que me despertase en tempo pra que a falta non fose miña, e tamén por medo ás orelladas que o señor abade me prometera; con efeuto, inda non había asomos de día, xa estaba eu na eirexa arregrando e limpando todo, e antes das seis xa tocara prá misa por pirmeira vez.

Escomenzou a chegar a xente, e así que pasou un pouco de tempo sin que o señor cura aparecesse, toquei a asegunda, e sainme pró adro, pra en canto o vise aparecer pola corredoira que dende a súa casa viña á eirexa, tocar a terceira; pero farteime de esperar, de lle tirar pedras ós gorriós, que como xa escomenzaba a crarexar o día, andaban brincando por enriba das sepolturas, e o crego non parecía; estonces toquei a última, e toquei de forte pra ver si deste modo oubía, pero ¿que si queres? A calada por remposta; e pasou outro anaco de tempo, sin que ó díaño do abade se lle vise o pelo.

A xente xa escomenzaba a perder a pacencia de esperar tanto; estonces eu botei a correr cara a súa casa, cheguei medio afogado, collín un coio e petei de forte... -¿Quen está aí? -respondeume unha voz que reconecin ser a do señor cura. -Son eu, D. Benito, xa toquei as tres veces prá misa, a eirexa está chea de xente, vosté ¿vén ou non vén?...- Oubinlle fungar non sei que palabras, e andar de présa e descalzo, dándome a entender que se estaba vistindo namentres me decía: -Vaite correndo, muchacho, pon o libro no altar e alcende as velas, que agora mesmo vou eu.

Cheguei correndo á eirexa, fixen o que me el mandara, e fume prá sacristía a esperar que viñese pra o axudar a vestir; pero cáseque ó mesmo tempo, apareceu el moi apurado, e namentres que eu lle daba os bos días, e a el se lle abría a boca dun palmo, desabotonou o sobre todo e quitouno dun golpe, eu arrimeime a el pra llo recoller, pro de repente quedamos os dous admirados e coas bocas abertas mirando un pró outro... ¿Cal era a causa do pasmo que de súpito nos collera?... Era que o señor cura, en vez de chaleque, traguía posto o xustillo dunha muller.

Sen decir unha palabra soila, puxo enriba daquela prenda a ialba e a casulla,e como sempre, dixo a súa misa; pro namentres que durou aquela, e cada vez que os seus ollos se alcontraban cos meus, púñaselle a cara máis colorada do que de cote a tiña.

Eu en canto saín da eirexa, conteille o paso á miña nai, e díxome: - Meu filliño, pra que non teñas eses aquívocos, quero mellor que seas un labrego honrado e traballador- e dende aquel día deixei de ser monecillo e aforcei a carreira.

## G. SUS

Baixo esta sinatura agóchase Jesús María de Caula, un autor de biografía descoñecida que publicou en 1893 nas páxinas de *El Eco de Galicia* da Habana un relato titulado “A mellor parexa”<sup>11</sup>.

Ademais deste relato, Jesús María de Caula é autor da narración en castelán “Escenas y excesos de por acá”, publicado en *La Correspondencia* de Cuba en 1887.

Co pseudónimo G. Sus asina a narración titulada “A mellor parexa”. Esta sinxela mostra narrativa preséntase estruturada en cinco brevísimas partes numeradas, nas que con trazos meramente descritivos, a xeito das pinceladas dun pintor, preséntase o conflito que xorde entre Xuana e Roque ó se interpoñer entre eles outra muller. A sinxeleza estrutural e expresiva ten o seu correlato así mesmo na escasa caracterización dos personaxes. De feito o narrador, en terceira persoa e con intromisións en primeira persoa, só nos dá deles os seus nomes e recorre a cualificativos como xeitosa, amable ou garrido para describilos e non existe ningún tipo de deseño psicolóxico. A conclusión do relato, redactada en castelán, supón a explicación a estas notas, xa que nela se aclara que a narración é o froito da contemplación interpretativa que realiza o narrador ante un cadro do pintor Sebastián Gelabert, autor á súa vez dun relato de gran fortuna, a vulgar polas súas repetidas reimpresións, que leva por título “O que dura a lúa de mel”.

---

<sup>11</sup> N° 589, 8 de outubro de 1893.

## A mellor parexa

### I

Xuana a de Cabaleiro e Roque o de Landrove sentían algo así como os que se queren e non se o dicen.

Ela era xeitosa. El amable e garrido.

De Arteixo a Oleiros non se sentía falar máis que de Xuaniña e Roque.

Tiñan boa fama de bailadores, e máis de catro mozas e oito mozos lles tiñan envexa.

### II

Aló pola cañota que de Oleiros vai a Pastoriza, sei que se atoparon un día Xuana e Roque.

O que se dixeron eu non o sei pro, si sei que desde aquilo día Xuaniña se ruberizaba cando Roque a miraba, e Roque... ¡Ai...!

E ó Roque lle brillaban os ollos e sonreía como si soupera algún secreto da Xuana.

### III

Marica, a da Ponte, touvera, noutros tempos, non sei qué raio co demo do Roque e desde entón non facía máis que lle seguir os pasos e marmurar del sempre.

E o Roque, cando tal cousa lle decían, encollíase de ombros e se facía o lerdo.

### IV

O demo que non as pensa, axuntou un día, na feira de Santa Eulalia, ós nosos tres amigos, e a Marica, que xa non lle cabía o pan no corpo escomezou a correr voces de que ela era a máis garrida bailadora e que non había mozo que con ela quixese bailar, por medo de quedar mal.

O Roque picouse do vivo, e dixo pra seu coletó:

O demo me leve si non baixo os fumes... é... aí tedes ó Roque bailando que se descose, e a Marica, a da Ponte, que poñen entrambos todo o seu esmero, o xenio todo, en respunpear cos pés e garbear co corpo.

O gaitero, sin deixar de inflar o seu fol, marca coa texta os repique-teos do tamborileiro.

Os vellos da parroquia pensaban pra dar o seu veredicto; os mozos admiran, as mozas aplauden.

E... aló, no fondo da dreita, Xuana, co xesto despreciativo, mira, de reollo, ós que foron amante e rival.

¡É a millor parexa! se escoita por todos lados.  
E a Xuana diz, pro seu dengue: son dous e eu... ¡son unha!

V

Eu supoño que, deste lío, o resultado fora unha voda.  
Así mo dixeron.

Todo esto lo soñó Sebastián Gelabert un día que estaba de buen humor.

Tendió un lienzo, y tal como os lo cuento yo, lo pintó él.

Si quereis comprobarlo id a O'Reilly, frente a Vidal Graña y C<sup>a</sup> y contemplareis un cuadro hermoso, típico, que debiera figurar en lugar preferente en cualquiera de nuestras sociedades regionales.

Y yo extraño que no figure.

¡Es tan genuinamente gallego!

¡Y vale tanto...!

En fin, vayan a verlo.





## Gelabert

Baixo este pseudónimo agóchase o descoñecido autor dun único relato titulado “O que dura a lúa de mel”, que foi publicado orixinalmente en *A Gaita Gallega*<sup>12</sup>, pero que coñeceu logo as reproducións de *O Galiciano*<sup>13</sup>, *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>14</sup> e *Follas Novas*<sup>15</sup>. Modesto Hermida<sup>16</sup> lembra que esta sinatura corresponde a Sebastián Gelabert, autor dun cadro que motivou o conto “A mellor parexa”, de Jesús María de Caula, pero nada máis puidemos saber de ambos autores. Este relato que, como vimos de sinalar, conta con abondosas reproducións, recolle unha visión moi retranqueira sobre a vida matrimonial. Está protagonizado por unha parella, Frorinda e Marcelo, que malia levaren uns anos casados din seguir na súa lúa de mel. O narrador, dende unha pretendida posición de testemuña, describe detalladamente a situación da parella na que ela, facéndose constantemente a enferma, mantén o interese e a preocupación do seu marido. Tamén se fai ver a visión social de tal relación coa crítica feroz das veciñas que visitan á parella e que, entre a envexa e a rabia, critican a Frorinda polos seus finximentos e nugalla.

---

<sup>12</sup> Ano 2, Tocata 13, do 26 de outubro de 1886, pp. 5-6.

<sup>13</sup> Ano III, Parola 112, do 8 de decembro de 1886, pp. 1-2.

<sup>14</sup> Parrafeo 159, 19 de decembro de 1886, pp. 1-2.

<sup>15</sup> Ano 2, nº 56, do 26 de xuño de 1898, pp. 2-3.

<sup>16</sup> *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995, p. 125.

## O que dura a lúa de mel

Fará como cousa de dous anos casouse un individuo<sup>17</sup>, que tal vez non o conozan<sup>18</sup> vostedes, chamado Marcelo *que sei eu cantos*, pois non me acordo do seu<sup>19</sup> apellido; ia crer<sup>20</sup> o que decote ripite<sup>21</sup> Frorinda, a súa muller, aínda *lles dura a eles a lúa de mel*, manténdose en tal conceuto entrambos como se foran *dous ruliños*.

Sin que trate eu de desmentila, pois non sería ben, limitareime a consinar con toda verdá algús pasaxes da vida dos susodichos casados<sup>22</sup>, e vostedes<sup>23</sup> sacarán deles o que o seu entendemento lles dite.

Hai que adevertir, desde logo, que este é un matrimonio probe; que na casa non hai máis criados<sup>24</sup> que unha rapaza de oito anos, que a nai a puxo alí pra que a *enseñen*; e que Marcelo, polo tanto, fai de todo o que hai que facer, pois é bon, moi<sup>25</sup> bon, e quere moito a Frorinda, quen, pra non darlle o máis pequeno disgusto, *déixase querer*; pro dunha maneira tal, que Marcelo ten que estar sempre ideando o modo de darlle novas probas de cariño e de facerlle outros tantos agasallos, posto que cada día ten que querela baixo un aspeuto distinto ien maior<sup>26</sup> escaleira que a quixo antes.

Tamén teño que adevertir que teñen un neno de seis meses, que é o primeiro fillo, do que Marcelo é o *manexador*, principalmente pola noite, pois a criada é tan pequena que non pode con *Minguiños*, que xa pesa; ademais que tampouco se desperta ela nin a tres tiros, unha vez que prega<sup>27</sup> no sono.

Con estos<sup>28</sup> antecedentes xa poderán vostedes ir vendo si será bon home o que se ergue de madrugada a face-lo lume, a ferve-la leite, a varrer ia canto máis se ofrece; non facendo tamén o almorzo, porque lle<sup>29</sup> guisan fóra por ben pouca cousa, o que basta pra supoñer que tal será o *conto*.

---

<sup>17</sup> individuo, en *Follas Novas*.

<sup>18</sup> conezan, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*; conozcan, en *Follas Novas*.

<sup>19</sup> sou, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>20</sup> ceer, en *Follas Novas*.

<sup>21</sup> repite, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>22</sup> dos xa ditos casados, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>23</sup> vostés, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>24</sup> criada, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>25</sup> miu, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>26</sup> maor, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>27</sup> pega, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>28</sup> estes, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>29</sup> lles, en *O Galiciano, O Tío Marcos d'a Portela e Follas Novas*.

Mentras tanto, Frorinda, istirada<sup>30</sup> tan longa é na cama, goza ás súas anchas dun sono moi<sup>31</sup> fondo, astra as oito, hora en que despertándose o pequeno, desperta a ela tamén cos seus repetidos berros<sup>32</sup>. Non se move, sin embargo, do leito, sinón que chama a Marcelo, pra que o *colla*, si el non veu xa ó escoitar os choros do pequeno, acaso por que naquel istante está pra ferver a leite posta ó lume, e non pode separarse da lareira. Cando o pai, ó fin, quita o fillo do berce e lle canta, io baila, io pasea nas maus, e logo lle pon a mamadeira, ou sea unha botella con un<sup>33</sup> teto de goma, Frorinda a todas estas, disfruta dese pracer de que fala Xavier de Maistre, que consiste en sintirse dormixar; ou cando mais, cambia algunhas parolas co seu home referente ó neno, que moitas veces resulta ser a indicación<sup>34</sup> de que leve Minguíños a un lado calqueira donde mellor poda entreteñelo<sup>35</sup>, o que quere dicir, pra que cale e non o<sup>36</sup> amosque nin a moleste, mentras que está deitada no seu leito.

As nove da mañá ten que irse a traballar Marcelo, iestonces érguese Frorinda, sempre queixándose da cabeza, e prántase nunha *butaca* a agardar a volta do seu home, que volve, case sempre ás catro ou ás cinco<sup>37</sup> da tarde, durante ese tempo, deitado *Minguíños* nunha esteira, berra, chora, arrólase<sup>38</sup> e fai alí canto poden vostedes imaxinarse<sup>39</sup>. A nai, como si tal cousa, contemplo desde<sup>40</sup> a *butaca*, facendo solo que a criada Andrea se poña a carón de *Minguíños*, e que lle de<sup>41</sup> a este a leite cando seña<sup>42</sup> mester.

Cando volve á casa Marcelo, encontra á Frorinda con unha<sup>43</sup> cara tan desencaixada, con us<sup>44</sup> ollos tan amortaxados<sup>45</sup> e un carís tan desconsolador<sup>46</sup>,

---

<sup>30</sup> estirada, en *O Galiciano*.

<sup>31</sup> mui, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>32</sup> desperta a ela cos seus repetidos berros, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*; ripitados berros, en *Follas Novas*.

<sup>33</sup> cun, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>34</sup> sinal, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>35</sup> outro lado calquera onde millor podia entreteño, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>36</sup> a, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>37</sup> ás catro ou cinco, en *O Galiciano*.

<sup>38</sup> arrólase, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>39</sup> maxinarsen, en *O Galiciano*; maxinar, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>40</sup> contémprao dende, en *O Galiciano*; contémprao dendesde, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>41</sup> dea, en *O Galiciano*.

<sup>42</sup> teña, en *O Galiciano*; sexa, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>43</sup> cunha, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>44</sup> cunhos, en *O Galiciano*; cus, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>45</sup> amortecidos, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>46</sup> tristeiro, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

que se pon tramante<sup>47</sup> e melancóneco<sup>48</sup> e pensa que a probe vai a dar xa o derredeiro suspiro<sup>49</sup>.

– ¿Como te sintes, miña xioa? –pergúntalle, pulsándoa e poñéndolle a man na testa.

– Moi<sup>50</sup> mal, morréndome de debilidá. Ves tan tarde... Logo o choro do neno atorémntame dunha maneira tal, que a cabeza se me creba<sup>51</sup>. Mírame que oxerosa estou... Teño os pés como neve, us delores en todo o corpo iun<sup>52</sup> desfallecemento tan grande, que non vexo, que me entran us sudores fríos e *todas as carnes* me treman...

Supoñan vostedes como se poñerá Marcelo, io que se intresará pra sanar a Frorinda, que se deixa *apaxear*<sup>53</sup> e ponse o máis melosa do mundo.

Acostuman a visitala dúas veciñas, que van alí a facer ouservaciós, pra marcharse logo a *comentar* canto ven e canto oien, en estas<sup>54</sup> ou parecidas<sup>55</sup> parolas:

– ¿Que me dice<sup>56</sup> vosté, tía Marica, da veciña de enfrente, como lle ten acabada a vida ó burro do seu home cos finximentos ios milindres<sup>57</sup>?

– ¡Ai, doña Eusebia; que lástema<sup>58</sup> de fungueiro! Eu lle quitaría a ela os delores do estómago<sup>59</sup> ios desmaios finxidos, con unha<sup>60</sup> man de lavadeiro que a fixera sudar ben. ¡Sin vergonza que se enche mentras o *larpacodas*<sup>61</sup> está fóra, e logo faille crer, cando vén, que se está morrendo de debilidá, sin que poda<sup>62</sup> comer bocado!

---

<sup>47</sup> tremante, en *O Galiciano*, *O Tío Marcos d'a Portela* e en *Follas Novas*.

<sup>48</sup> melancónico, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>49</sup> derradeiro suspiro, en *O Tío Marcos d'a Portela* e en *Follas Novas*.

<sup>50</sup> mui, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>51</sup> o choro do neno afrixeme dunha maneira tal, que se me creba a cabeza, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>52</sup> e un, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>53</sup> *apreixar*, en *Follas Novas*.

<sup>54</sup> nestas, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>55</sup> nestas ou parecidas, en *O Galiciano*.

<sup>56</sup> di, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>57</sup> milindres, en *Follas Novas*.

<sup>58</sup> lástima, en *Follas Novas*.

<sup>59</sup> estámago, en *O Galiciano*.

<sup>60</sup> cunha, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>61</sup> *larpacodeas*, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>62</sup> de debilidá, sin que poida, en *O Galiciano*; de dibilidá, sin que podia, en *O Tío Marcos d'a Portela*; de dibilidá, sin que poda, en *Follas Novas*.

– Ten atrevimento<sup>63</sup> de falar dalgús homes, añade a tía Marica, ríndose con moita aquela; como<sup>64</sup> si todos non estiveran tallados pola mesma<sup>65</sup> tixeira. Dan con unha<sup>66</sup> muller boa, traballadora, que se desfai por eles, ia esta trátana coa punta do pé, acabando por poñerlle unha quirida. Pola contra, a muller sáilles<sup>67</sup> folgazana, vividora, sin rafa de vergonza, como esa *daí*, e xa os ten vosté que non saben que fagan pra contentala...

– Pois é craro, contesta doña Eusebia; pra vivir unha ben neste mundo, non hai como botarse a ialma atrais<sup>68</sup>. ¿Vosté no me ve a min? Sacrafiqueime<sup>69</sup> polos diferentes<sup>70</sup> noivos que tive<sup>71</sup>, e todos me deixaron *prantada*. Si soupera estonces o que sei agora, outro galo me cantara, e hoxe estaría feita unha señora, con un<sup>72</sup> home que se rompese a ialma traballando pra min, mientras eu tiría<sup>73</sup> unha vida de *príncipe*, digo, de princesa, como esa Frorinda sin vergonza, dicindo sempre que está pouco menos que morrendo.

– O *mocoso* que teñen por fillo, é o que paga os testos, ouserva a ioutra. ¡Que chorar de muchacho<sup>74</sup> e que modo de berrar, virxen do Carmelo! Xa se ve, a súa nai non se *move* en todo o día da condenada *butaca*<sup>75</sup>, anque el se desgorxe. Astra que o pai vén, non se cala o moi<sup>76</sup> *chorón* e ié por que estonces o acalenta o D. Marcelo, e ponse a zarandealo astra que ó fin o dorme. ¡É moito conto o demo da muller esa!

---

<sup>63</sup> estrevemento, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>64</sup> cal, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>65</sup> mesma, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>66</sup> cunha, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>67</sup> sailles, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>68</sup> atrás, en *O Galiciano, O Tío Marcos d'a Portela* e en *Follas Novas*.

<sup>69</sup> Sacrifiqueime, en *O Tío Marcos d'a Portela* e en *Follas Novas*.

<sup>70</sup> difrentes, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>71</sup> tiven, en *O Galiciano, O Tío Marcos d'a Portela* e en *Follas Novas*.

<sup>72</sup> cun, en *O Galiciano e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>73</sup> mientras eu tería, en *O Galiciano*; namentras eu tería, en *O Tío Marcos d'a Portela*; mentras eu tiría, en *Follas Novas*.

<sup>74</sup> rapaz, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>75</sup> condenada da *butaca*, en *O Galiciano*; condanada *butaca*, en *O Tío Marcos d'a Portela*; condanada da *butaca*, en *Follas Novas*.

<sup>76</sup> mui, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

– Eu tan infirmiza<sup>77</sup>, tan dilicada, que non podo valerme, teño a fortuna de que non solo me atende el a min, sinón que manexa e acalenta o pequeno *¡con unha*<sup>78</sup> *gracia!* que eu mesma<sup>79</sup> non podería facelo mellor<sup>80</sup>.

– ¿Pro vosté está enferma, Frorinda? –pérgúntanlle– en verdá se diga non o parece, con *esas carnes*; i esos<sup>81</sup> colores<sup>82</sup>...

– E pra que vexa, eiquí donde<sup>83</sup> vosté me mira, non teño un día bon<sup>84</sup>: que o diga Marcelo.

– Si, miña xoia, ten pouca saúde, é moi nerviosa, moi impresionable<sup>85</sup> –contesta el.

– A non ser polo que o meu home *me axuda*, estaría xa no cemiteiro<sup>86</sup> –añade Frorinda.

– Se coñece que Marcelo, non ten precio, que é un home dos mellores<sup>87</sup> –dice unha das que visitan, amostrando a Marcelo.

– ¡Que, si ten un xenio!... É os *meus pés ias miñas mans* –insiste Frorinda, mirando feiticeiramente pró seu home.

Logo, cando se quedan solos, Marcelo págalle tantas celebracións e tantas chufas<sup>88</sup>, con novos agarimos e novas caricias. Ela quéixase de algo estonces, e iel, axiña ferve, ponse afrixido, porque quixera curala do mal que a mata coa lixeirez do pensamento.

Polo exposto<sup>89</sup>, penso de min que vostedes han comprendido<sup>90</sup> o que quere dicir Frorinda, cando, rifiríndose<sup>91</sup> a Marcelo, decrara que a *entrambos lles dura aínda* a lúa de mel.

---

<sup>77</sup> infirmiza, en *O Galiciano*; enfermiza, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>78</sup> *cunha*, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>79</sup> mesma, en *O Galiciano*.

<sup>80</sup> que eu mesma non o faría millor, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>81</sup> ieses, en *O Galiciano*.

<sup>82</sup> abofellas, non o parece *con esas carnes* ieses coores..., en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>83</sup> onde, en *O Galiciano*; onde vosté me ve, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>84</sup> bo, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>85</sup> mui nerviosa, mui impresionable, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>86</sup> cimenterio, en *O Tío Marcos d'a Portela*; cimenteiro, en *Follas Novas*.

<sup>87</sup> millores, en *O Galiciano*; Conécese que Marcelo non ten precio, que é un home dos millores, di unha, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>88</sup> agabaciós e chungas, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>89</sup> espoto, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>90</sup> comprenderon, en *O Galiciano* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>91</sup> referíndose, en *O Tío Marcos d'a Portela*; refiríndose, en *Follas Novas*.

## Inocente Filgueira

Nada sabemos da biografía deste escritor, só nos consta o seu nome —quer como Inocente Filgueira quer co seu criptónimo I. F.— nas achegas que fixo en variadas publicacións de aquí e alén mar entre 1888 e 1901. Asemade, os topónimos coruñeses —Santiago de Compostela e Ponte da Rocha— que aparecen nestes textos poden estar relacionados coa súa nacencia.

No ano 1897 publicou tres brevísimos contos en galego, en dúas entregas, na revista pontevedresa *Galicia Moderna*, asinados como I. F. A primeira entrega nesta revista é o conto “Cregos, frades, escribanos e gitanos”<sup>92</sup> —subtitulado “Conto popular”—, mentres que a segunda delas, titulada xenericamente “Contiños”<sup>93</sup>, consta de dous contos curtos, “A crus do zapateiro” e “O encargo do propio”.

O texto máis longo —aínda así breve— é o titulado “Unha confesión”. Este relato presenta no seu remate a indicación “Traducción de Inocente Filgueira”, que ben puido ser unha traducción dende un orixinal escrito por Inocente Filgueira en español. Este relato reproducéase numerosas veces dende 1888 ata 1901, feito que nos amosa que Inocente Filgueira debeu acadar unha notable fortuna ou moita publicidade naquela altura. Nun primeiro intre aparece en *Galicia Humorística*<sup>94</sup>, e despois en *O Tío Marcos d’a Portela*<sup>95</sup>, *O Novo Galiciano*<sup>96</sup>, *A Gaita Gallega*<sup>97</sup>, *El Eco de Galicia* de Bos Aires<sup>98</sup> e, finalmente, en *Revista Gallega* no ano 1901<sup>99</sup>. Todas estas reproducións son idénticas agás a de *A Gaita Gallega* que presenta algunhas variantes gráficas e léxicas.

Os tres textos breves publicados en *Galicia Moderna* e que reproducimos neste volume son contos populares que se alicerzan en estereotipos, en xeneralidades e na súa sinxeleza. “Cregos, frades, escribanos e gitanos” é un diálogo entre Deus e cregos, frades, escribáns e xitanos que remata coa tónica relación entre cregos e diñeiro, frades e paciencia, escribáns e enredos e mais entre xitanos e roubo. Os outros dous contos presentan un ton máis humorístico. “A crus do zapateiro” amosa cómo un zapateiro, á hora de erguer a cruz para a beizón dun misioneiro, alza á súa muller. Mentres, “O encargo do pro-

---

<sup>92</sup> *Galicia Moderna*, de Pontevedra, nº 1, 1 de maio de 1897.

<sup>93</sup> *Galicia Moderna*, de Pontevedra, nº 9, 1 de setembro de 1897.

<sup>94</sup> *Galicia humorística*, nº 2, 30 de xaneiro de 1888.

<sup>95</sup> *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 215, 12 de febreiro de 1888.

<sup>96</sup> *O Novo Galiciano*, nº 7, 29 de setembro de 1888.

<sup>97</sup> *A Gaita Gallega*, ruada 2ª, tocata 3ª, 30 de setembro de 1889.

<sup>98</sup> *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 264, 20 de febreiro de 1899.

<sup>99</sup> *Revista Gallega*, nº 320, 5 de maio de 1901.

pio” segue cos trazos cómicos e narra cómo un estudante devece por recibir cartos da súa casa pero o que recibe son “mamorias de toda a familia”.

“Unha confesión” é máis longo cós anteriores pero segue coas mesmas características. Agora estamos perante un inxenuo conto humorístico no que unha nena vai confesar o seu pecado onda un crego vello. No remate sábese que o erro da rapaza fora o de aloumiñar un gato.



## Cregos, frades, escribanos e gitanos

### Conto popular

Cando Dios Noso Señor andaba polo mundo, foron a velo os cregos.

—¿Que queres?, preguntoulles Noso Señor.

—¡Diñeiro!, dixeron os cregos.

—Boeno. Terédelo, respondeulles

Dempois chegaron os frades, e tamén preguntoulles:

—¿Que queres?

—Diñeiro, Señor.

—Chegades tarde, pois xa o levaron os cregos.

—¡Que se lle ha de facer! ¡Teremos pacencia!

—Pacencia teredes.

Logo viñeron os escribanos.

—¿Que queredes?

—¡Diñeiro!

—Non pode ser: xa o levaron os cregos.

—Pois... pacencia.

—Levárona os frades.

—¡Vaia un enredo!

—Eso teredes: enredos.

De seguida presentáronse os gitanos.

—¿Que queredes? Díxolles Noso Señor.

—Querémoslle, diñeiro.

—¡Tarde piache! Levárono os cregos.

—Entón, pacencia.

—Esa, xa lla din ós frades.

—¡E bo enredo ese!

—Os enredos dinllos ós escribanos.

—¡Vaia un roubo!

—Pois... deso viviredes, que é o úneco que queda.

E dende entón, o diñeiro é dos cregos, a pacencia dos frades, os escribanos viven dos enredos i os xitanos do roubo.

## Contiños

A crus do zapateiro

Houbo en Caldas unha misión; i o perdicador ó terminar a plática, mandou ós fieles que erguesen en alto tódalas cruces que tivesen, con ouxeto de bendicilas.

Entón, un zapateiro colleu á súa parenta por baixo dos brazos i erguéndoa canto pudo, berrou como un desesperado, dirixíndose ó misionero:

—¡Señor: pola súa vida, bendígame esta crus, que é a úneca que eu teño!.

## O encargo do propio

A un pataqueiro que estaba estudeando en Santiago, mandáballe a familia tódalas somanas, cartos, chourizos, ovos, xamóns i outras piperetadas.

Os martes pola mañán, que era cando viña o Propio do seu pobo, esperábao decote no camiño, co afán de saber o que lle traguía.

Un martes, en que o noso estudeante, mais tornado que unha arpa vella, contaba con recibir cartos da súa casa, foi a esprar ó Propio astra o Ponte da Rocha e, cando o viu aparecer alá lonxe poñéndose enriba do petril berroulle:

—¡Xaaan, Xaniiiño! ¿Tragues algo?

—¡Traaigo! ¡Traigo!

O estudeante saltou na carretera i escomenzou a bailar coa legría.

—¿E que tragues? —volveu a perguntar eisí que o Propio chegou xunta el.

—Pois... ¡traígonlle mamorias de toda a familia!

## Unha confesión

Era de noite. Os últimos reflexos do morebundo sol, crebábanse nos pintados vidrios, i a calada suidade reinaba na eigrexa do Señor.

Unha nena, bonita como a estrela da mañán, lixeira como o aire, branca como as folepas da neve, adiantábase, quedo moi quedo, polas solitarias naves, cos seus ollíños, que cobizarían os luceiros, cravados no chan.

Dirixeuse aquel ánxel misterioso ó tribunal da penitencia, donde un crego vello, moi vello, sentado antre as escuras táboas do confesionario, mascullaba médeo adormentado non sei qué enrevesados latinorios.

Arrodíllase a penitente ó pé do confesor e reza as oracións preparatorias, con vós tembrona como o marmurio dos pinos.

Empeza dempois desembuchando a *pecata menuta* e deixando pró fin as culpas máis gordas; tales como darlle de coscorróns ó seu irmán, facer arrenegar a súa avoa, e roubarlle as mazáns ó fillo do curandeiro.

De pronto, tembra, baixa os ollos e cala.

—Vaia, miña filla —dille o vello confesor— segue, non teñas vergonza, e desembucha o que che falta.

—Señor cura, —respondeulle a tembrona nena— non me atrevo.

Dáballe alentos o crego, pró a rapaza agachando a cabeza antre as maus, rompiu a chorar, e as súas bugullas corrían e corrían, como un arró de pelras.

—Vamos, non chores, que a misericordia de Dios noso señor todo o perdona. ¿Blasfemache do seu santo nome?

—¡Ai; se non fora máis que eso!

—¿Chamade ó demo?

—Non señor.

—¿Riécheste na misa?

—Ai señor; eso non é nada a comparanza...

Calou como un rato o confesor, ardendo como o lume e máis asustado xa que a penitente mesma. Tampouco sabía que reviravoltas dese, nin que preguntas facerlle á rapaza polo medo de abri-los ollos a aquela virxe, dispersando nela inorados pensamentos.

O pecado era moi grande polo visto, i o confesor pensou se habría no médeo algún nacente amorío.

Pouco tardou a penitente en sacalo daquela dúbida.

—Señor cura —dixolle— ó fin vou a confesarllo todo. Dios me de forzas pra contalo. É a úneca, a primeira vez da miña vida que así me vexo, e non sabía, coitadiña de min, cando o fixen, os remordementos que me había de costar. Pero, señor cura, tentoume o demo. ¡Era tan bonito e tiña un modo de mirar tan fervellasverzas!

O crego tembrou co susto, e dixo prós seus botóns. —Estás ti boa *fervellasverzas*.

—¡Tan doce, tan amorosiño! —dixo a nena.

O crego xa sudaba como un pito.

—¡Queríame tanto! —contenuou a penitente.

I o confesor frunciu as cexas.

E dempois... que andaba atrás min como un can.

¡Era a sombra do meu corpo!

—O mesmo son todos —marmurou o vello antre dentes; pro a rapaza sin oírle sigueu falando.

—Unha noite, unha maldecida noite, entrou no meu cuarto.

—¡Asús! ¿Pero non houbo máis? —dixo o confesor sudando a gota gorda.

—¡Ai, señor cura! —dixo a nena— ¡eiquí empeza o meu crime...!

—Sigue pra diante —repicou o velliño confesor facendo a sinal da crus.

—Aquela noite estivo máis amorosiño que nunca: e tanto me acariño que eu ¡pecadora de min!, caín na tentación...

—Pro ven acá miña filla, ¿como a túa nai non tivo máis cuidado de ti e che deixaba esposta a somellante peligro?

—Pois, aí ten vostede... como nunca me quitou de que acariñase ós gatos...

—¡Acabáramos de parir! ¡Esa xa é fariña doutro muíño! Conque, ¿foi o gato o que entrou no teu cuarto?

—Si señor: un gato, gordo, bonito, ben feito, branco como a neve, que lle roubei ó meu tío Xan.

—*In nómine patris et filii et espíritu santo, ego te absolvo*; dixo entón o velliño confesor, resposto xa do susto.

## J.D.S.

J.D.S. é a sinatura que aparece nos textos que constitúen a sección ‘Cousas d’alá’, publicada na revista cubana *La Tierra Gallega*, dirixida por Manuel Curros Enríquez. A serie está constituída por 24 entregas, todas elas redactadas integramente en galego, e das que tan só unha non pertence ó xénero narrativo.

Os textos dos que falamos son os seguintes: “A minsión”, nº 99, 8 de decembro de 1895, p. 2; “Conto sen contar”, nº 63, 31 de marzo de 1895, pp. 2-3; “O descomougado”, nº 91, 13 de outubro de 1895, p. 2; “O Habanero”, nº 40, 21 de outubro de 1894, pp. 1-2; “O pazo da saúde”, nº 53, 20 de xaneiro de 1895, p. 2; “O sermón (al Sr. D. Manuel Carballido)”, nº 69, 12 de maio de 1895, pp. 2-3; “Os tempos de rapaz (elexía)”<sup>100</sup>, nº 43, 11 de novembro de 1894, p. 2; “Non hai xusticia na terra”, nº 38, 7 de outubro de 1894, p. 2; “Cousas d’alá”<sup>101</sup>, nº 42, 4 de novembro de 1894, pp. 1-2; “A patacada”, nº 74, 16 de xuño de 1895, pp. 4-5; e “Un día de festa na Habana”, nº 96, 17 de novembro de 1895, pp. 2-3.

A esta mesma sección tamén pertence a serie “As pláticas do vinculeiro”, que consta de oito entregas, publicadas entre o nº 51 e o 71 do mesmo semanario; e coa curiosidade de que, se cadra por erro, a entrega quinta, aparecida no número 64, figura asinada como F.D.S.

Consideramos que é o mesmo autor o que asina as seguintes colaboracións: “A Replública”, nº 46, 2 de decembro de 1894, pp. 1-2. e “As eleucións”, nº 49, 23 de decembro de 1894, pp. 2-3, e como Julio Sotelo, outra titulada “O boi de palla”, aparecida no nº 37, 30 de setembro de 1894, pp. 1-2.

A mesma consideración temos sobre o pseudónimo *Alberte Piruleiro*, que se responsabiliza da autoría do texto publicado no número 58 do semanario (24 de febreiro de 1895), onde se transcribe a “Carta qu’Alberte Piruleiro de San Manuel da Bacoia entrega á TERRA GALLEGA para qu’a dirixa á Antón Corredoira dándolle conta do concerto que dou n’Habana o Orfión «Ecos de Galicia»”, que está asinada na cidade da Habana o 18 de febreiro de 1895.

E nesta mesma sección tamén figura unha colaboración sen asinar, no número 36, titulada “A quinta” que consideramos pertencente ó mesmo autor.

Todos estes escritos –agás a elexía a don Isidro Castro, publicada no número 43– están en prosa, presentan un estilo moi uniforme e unha finalidade única satirizar determinados aspectos da sociedade galega coma o caciquismo,

---

<sup>100</sup> A composición poética, dirixida a D. Isidro Castro, é unha evocación da cidade da Coruña e dos tempos de rapaz compartido no ano 1854.

<sup>101</sup> Carta dirixida a D. Florencio Vicente, presidente do Centro Galego da Habana loando as virtudes da institución. O texto correspondente á carta figura asinado por *Antón Corredoira*, aínda que como responsable da sección aparece J.D.S.

o servilismo, a fachenda dos emigrantes, o amaño nas eleccións, etc. Tamén os personaxes coinciden: o abade, o alcalde, o secretario, o vinculeiro, o labrego afundido polos impostos e o traballo, son algúns dos que máis se repiten.

Advertimos ó lector que aínda que só o texto correspondente a *Alterte Piruleiro* figura asinado na cidade da Habana, rexístranse outros dous escritos directamente relacionados coa mesma cidade: “O Habaneiro” e “Un día de festa na Habana”. Estes feitos, xunto co mesmo nome da sección, “Cousas d’alá”, fainos pensar que as narracións corresponden todas elas a un único autor nado en Galicia e emigrado á illa caribeña nos anos en que se editou o semanario *La Tierra Gallega*, como testemuña tamén a carta ó suposto amigo Antón Corredoira, na que lle conta o fermoso concerto que ofreceu na capital cubana o orfeón Ecos de Galicia.

Todos estes detalles ós que facemos referencia, as deducións baseadas na lectura dos textos e na modalidade de publicación, fan pensar nun autor único responsable desta sección “Cousas d’alá”, que puidera ser Julio Sotelo, autor do que non temos outra noticia, de non ser este mesmo outro pseudónimo ou heterónimo dun autor que temos por descubrir.

O elevado número de textos fai que tamén sexa diferente a estrutura narrativa utilizada, así temos constancia da utilización do narrador en terceira persoa co emprego do esquema do conto tradicional recollido, por exemplo, no texto “Non hai xusticia na terra” (*De seguro coñecíchedes a...*), observamos tamén casos nos que o narrador protagonista nos conta en primeira persoa os feitos sucedidos, por exemplo nos relatos “A Quinta”, “O boi de palla”, “O descomougado” ou “A Replública”. Pero tamén está presente na estrutura dos textos o diálogo que é predominante na serie “As pláticas do vinculeiro”, onde os personaxes, en ocasións, aparecen presentados por un narrador omnisciente, pero outras son eles mesmos os que actúan de narradores ou introdutores do diálogo.

A temática de todos os relatos que constitúen a sección ‘Cousas d’alá’ xira ó redor dunha fonda preocupación social, que tenta denunciar a opresión das clases máis baixas por parte dos que ostentan o poder dun xeito corrupto e dunha igrexa inmisericorde e castrante.

Entre os textos nos que o asunto central é a inxustiza social contamos: “A quinta”, “O boi de palla” e “Non hai xustiza na terra”; noutros denúnciase o deshonesto poder político no que impera a corrupción e os intereses persoais como se narra, por exemplo na entrega titulada “As eleucións”. Pero fronte a esa visión demoledora da política vixente, ofrécese unha opción de talante máis positivo que reflicte a ideoloxía republicana do autor, recoñecida abertamente no texto “A replública”, onde se nos presenta un orador que fai apoloxía das ideas liberais, propón a abolición dos impostos excesivos, critica o terrible gasto que supoñen as Deputacións, avoga por unha autoxestión dos nosos recursos feita dende os concellos dependentes dun goberno rexional galego, deixándolle a Madrid só o poder central indirecto, reivindica a identidade cultural diferenciada de Galicia... E todo este discurso posto en boca dun político que emprega o idioma propio para se dirixir ó auditorio. Neste relato comen-

tado, así como no titulado “O boi de palla”, aparece tamén apuntada a idea de que a solución desta problemática situación social virá de man dos nosos fillos, a quen hai que adoutrinar “para que estes non sintan que fagan con eles o mesmo que fixeran cos seus pais”, como di o personaxe do texto; é dicir, eles son os portadores da renovación.

O poder opresor da igrexa aparece reflectido nos textos: “A minisión”, “O sermón” e “O descomougado”. Neles figura unha crítica ó poder avalasador desta institución (o poder aparece manifestado pola súa posición á beira do poder político establecido, polo interese persoal do cura ou, mesmo, polo emprego da lingua do poder, a lingua allea, o castelán), a carencia en moitos casos dunha crenza firme nos fregueses (en ocasións acoden á igrexa por medo ás represalias se non o fan, ou van alí para murmurar en vez de rezar...), etc.

O tema da emigración figura tratado dende diferentes puntos de vista: dunha banda relata o enorme esforzo e penurias padecidas por moitos emigrados, contadas nos textos “O habaneiro” (onde o retornado lembra as enfermidades, a falta de descanso, a explotación á que foi sometido, etc.); e “Conto sin contar” (onde se narra o custe emocional da emigración, a perda dos seres queridos...). Sen embargo, tamén aparecen apuntadas as bondades da emigración. A máis loada destas figuras no escrito titulado “O pazo de saúde”, no que se expón unha reflexión sobre o inmenso traballo realizado pola emigración galega en terras americanas, subliñando fundamentalmente o labor social aquí representado nas casas de saúde e a solidariedade manifestada na creación de sociedades de beneficencia, en colectas para realizar accións sociais necesarias, etc. Especial mención recibe a este respecto o texto titulado “Carta que Alberte Piruleiro...”, texto no que este personaxe informa, dende A Habana, da noite de festa vivida no Centro Galego daquela cidade coa actuación do Orfeón ‘Ecos de Galicia’, baixo a dirección do mestre Chané e no que se evidencia cómo a información viaxa a unha e outra beira do océano, mantendo unha fonda unión a pesares da longa distancia.

No referente ós personaxes, advertimos a presenza dalgúns en máis dunha entrega da sección; este feito contribúe a dar cohesión á mesma e reafirma a nosa tese de que os textos pertencen a un único autor, a pesar da variedade de sinaturas. Así, o vello labrego Antón, o compadre, Gorecho, entre outros, figuran en máis dunha entrega. Pero será na serie ‘As pláticas do vinculeiro’ onde o narrador reúna estes personaxes (o vello labrego Antón, o señorito de Pedrouzos, Pepe do Regueiro, Farruco...) na casa do vello vinculeiro D. Vítaro Figueroa, onde se celebra os domingos pola tarde un parladoiro no que abranguen temas moi variados. Posto que D. Vítaro é un ávido lector e bo coñecedor da historia de Galicia, a maioría dos temas xiran ó redor da historia propia transcorrida dende comezos do século dezanove ata os seus días. O vinculeiro relátalles ós seus contertulios cómo os habitantes de Ferrol lle fixeron fronte ós ingleses, a batalla dada ós franceses, etc., Pero tamén lembra figuras da importancia do Padre Sotelo ou Concepción Arenal. En definitiva, os textos tentan dar a coñecer ós galegos que non a saiban a gloriosa historia propia e as figuras galegas que deben honrar por seren as portadoras da cultura autóctona.

A este respecto tamén temos de chamar a atención sobre un feito moi significativo na caracterización dos personaxes, aqueles que teñen un perfil positivo figuran nos textos co nome propio: Antón (o labrego), Don Vítaro (o vinculeiro), etc., fronte ó Sacretario, o Médeco, o Xuíz, o Cura, etc., todos eles caracterizados con trazos negativos. Este feito resulta especialmente significativo na “plática” onde xorde o debate sobre a oportunidade da erección dunha estatua para homenaxear “un deputado” ou “Concepción Arenal”.

O aspecto lingüístico ten un destacado interese, pois observamos que o autor dos escritos ten un amplo coñecemento do galego, da súa riqueza en fraseoloxía e recursos propios da lingua oral, pero tamén é consciente da problemática lingüística que padece o país. Nos textos non só figura reflectido o estado de diglosia senón tamén a evidencia da suprema dificultade que supón un cambio de actitude na xeralidade da cidadanía. O autor fai unha reivindicación clara da nosa lingua cando decide que o señorito de Pedrouzos, o pai de D. Vítaro e o mesmo D. Vítaro, que actúan coma os representantes lexítimos da clase alta da vila, falen o galego, fronte ós novos ricos ou ós que ostentan o poder “de prestado” tras unhas eleccións amañadas e os que tentan impoñer poder mediante a utilización doutros mecanismos, entre eles a lingua.



## A quinta

Pois, Señor, non sei si volo dixer; meteron ó meu fillo en quintas e xa sabedes o que é servir ó rei nestas terras e o que costa fuxir de somellante alcabala.

Vendín todo o maíno que tiña no hórreo e un par de becerros (¡eran garridos! ¡Así Dios me salve!) empeñeime en mil douscentos trinta réas que me emprestou o capellán do Congostro a rial por peso ó mes; e gracias ó Secretario e ó Médeco tirei pra diante co meu fillo. Algo cariño sal ¡demonche! pro xa non o perderei; tendrei quen me axude, que boa falla me fai, e non escoitarei as lamentaciós da súa nai que me comía a figura porque non xuntaba preto os cartos.

Cando o Secretario veu a decirme que o choio estaba feito, brinquee coma un carneiro. Chamei á parenta, berreille ó rapaz, que estaba collendo herba pra o gando no prado e que chegou cun feixe dela ás costas; e despois de dar conta do que pasaba, collín o chapeo, arrecadei un pau e acaroado co meu herdeiro boteime, cásiqe a rolo, pola corredoira do Outeiro, magoando as silvas co pau e sacando lóstregos dos seixos cos cravos dos zapatos. Todas as veciñas saían á porta, os homes estaban no traballo.

—¡Antón! —berraban—, ¿libertaches ó fillo?

—¡Si, carasto! Vou a botar un neto.

—¡Ben podes!

Un pouquiño máis adiante vin á señora Benita acurrunchada debaixo do balado do adro, choraba coma unha Madalena.

—¿Que hai, señora Benita?

—¡Ah! Ladrós, non tedes concencia. Roubades os fillosós probes pra que morran de fame. Estadés ardendo nos infernos.

Trembáballe a vos coma as follas dos castaños pola mañanciña; rompía as cordas da ialma. Non repuxen, baixei a cabeza e seguín meu camiño.

Cando un é felís maxina que todo o mundo o é, e si se decata das penas alleas sínteas cásiqe tanto como si foran súas, pro dura pouco e volve un a remexerse nas súas suaces. Falou Benita e doínme, pro logo pensei e díxeme:

—Si! Ten razón! Róubanlle o fillo! Queda soliña no mundo, sin nadie que lle traballe a leira, e lle apaste o gando, e lle recolla a herba, e lle malle o pan, pro eu, ¿que culpa teño? O lobo defende a súa camada, eu defendo a miña. Os que non teñen maíno, nin becerros, din o que queren destas cousas. Eu penso que non son tan malas; quizais no lugar deles falaría o mesmo, pro polo de agora non teño queixa e vamos vivindo. Sempre foi coma hoxe: o que ten, val máis que o que non ten. Si as cousas andiveran doutra maneira ¿como podrían vivi-lo sacretario, o médeco, o vinculeiro e os señores de Ourense? E eiquí na Cruña, e en Pontevedra, e en Lugo gastan pano igual ó noso, e polo tanto ratíficome no dito.

Mentras pensaba nesto, tragaba o camiño. No medio da carreira atopei ó señor abade que viña polos arredores. Cando me veu parouse, sacou a tabaqueira, sacudeuna e tomou un polvo.

–¿Que hai, Antón? Librou o rapaz ¿eh?

–Librou, ¡carasto! –contestei poñendo o pau entre as pernas e botando man ó cañoteiro.

–¡Concho! –dixo o abade–, si non é o médeco, lévanche ó pícaro.

–Demos gracias a Dios, señor abade, e a vosté, e máis ó Secretario que amañou ben o expediente. Cando eu creía que tiña que ir á Deputación pra que o puxesen por enútil, alcontrei que o rapaz estaba tiseco do peito. Pois, señor, eu, xa me entende, deixo que falen porque si os demais non fan o que eu, é porque non poden.

–É certo.

–E o que pode fuxir, fuxe.

–Tamén é certo.

–Pois, entón...

–Fixeches ben... Desta feita o secretario e o médeco enchen a ucha.

–Seique si. É unha sola vez no ano. Teñen que vivir. Si non o fan eles o fan os daló. Déixeos, señor abade; tamén vosté si non hai funcións nin enteiros, non vive. Costa moito manterse.

–Así é.

–¡Vaia!...

–Pois adiós, Antón.

–*Á la obediencia de osté.*

E non parei astra chegar á taberna do Roxo. Alí estaban Farruco e meu compadre, xa o sabían todo. Convídeinos e acetaron. O Roxo encetou un pelexo do Ribeiro, eu tiven o xerro, e meu fillo, Farruco e o compadre estaban á derradeira, regañando os dentes coma a burra que venta enchente. Abofellas que o viño era bo! Botei catro vasos pra empuxar un cacho de queixo e casi que medio molete, o rapaz fartouse; Farruco bebeu coma un abade. Despois xogamos á brisca, eu estaba de boas, víñanme todos os trunfos, e meu fillo e o compadre arrabeaban; mateilles á piolla tres ou catro veces.

A eso das nove salín da taberna. Na porta estaba a señora Benita sin pano na cabeza, nin zapatos nos pés, parecía unha estadea, collínlle medo.

–¡Bebe!... ¡Bebe!... e devírtete, mentras esta probe vella queda solíña sin pan que levar á boca! Malditos sean os que cometen estes pecados. ¡O día do xuicio xa falaredes e daredes conta de todo!

Non quixen oír máis. Dinlle seboós pés, levando a meu pícaro diante, e caladiños, caladiños, chegamos á casa. Púxome a parenta diante a cunca chea de caldo. Non sei si polo comido ou polo da tía Benita non poden pasa-la primeira cucharada. Meu fillo comeu coma un carreteiro. Non dormín, tiven á tía Benita na cabeza toda a noite, e... vamos!... ¿por que non o hei de decir? Cando me levantei andaba dun lado pra outro marmulando:

–¡Ten razón!... ¡E mais ten razón!... ¡Si, señor, ten razón!

\*\*\*

## O boi de palla

Dispoñíame a saír para a taberna do Roxo cando petaron á porta.

–¿Quen chama?

–¡Ou, Antón! –berraron de fóra.

–Éche o ministro, –dixo a dona.

–Non trai cousa boa. Ábrelle.

Era o Pelouro. Traguía nas maus un fato de papés e na boca un cigarro enceso, do botón da chaqueta colgáballe un pau torto de carballo.

Xa concedes a Pelouro. Limpa e garda o untamento; arregla a fonte, fai as notificaciós, embarga ós veciños, bota os foguetes, vocea os polos e os ovos das Ánimas. É criado do crego, do alcalde, do xuez, do secretario, do recaudador, do notario, do sancristán, do maiestro, do taberneiro, e de todo o que lle pague ou lle poida servir.

–¿Que che trai por acó, Pelouro?

–Cuasimente non é de moito valor. O aviso do tercio que vence pra semana.

–¿Cartos?... ¡caráspita!... ¡sempre cartos!... Non se pode vivir.

–E si non os dades tampouco se pode vivir.

¡Boteille unha ollada!... Agarrei a papaleta, dinlle vinte voltas, leína ben: *Antonio Corredoira, 27 pesetas 40 céntimos.*

–¿Canto é corenta céntimos?

–Oito cadelas.

–Cinco pesos, dúas pesetas e oito cadelas. Por vida de!... E non haberá un tiro pra eses galopís!... ¡ladrós!... ¡larpeiros!

Pelouro encolleu os ombros astra as orellas. Pideu lume e vendo que eu calaba foi á lareira e colleu unha brasa.

–Voume, –dixo–; teño moito que andar, e mostrábame o feixe de papaletas.

–Vaite con Dios.

E entre dentes marmulaba: ¡E non volvas!

Saleu e eu salín detrás, tomando o camiño da taberna do Roxo, fuxindo de Pelouro como do deño.

Cando entrei xa estaban o compadre, Farruco e o curmán do legüeiro, no medio da mesa o xerro e a baraxa. Senteime. Debía ter cara de poucos amigos porque todos a unha preguntáronme:

–¿Que tes, Antón?

–¿Que hei de ter?... Esto xa non se pode aturar. Teño gardados dous pesos e veñen a levarme cinco, dúas pesetas e oito cadelas polo tercio.

–¡Bah! –dixo o compadre–, ¿e faste de novas?... Nosoutros viñemos ó mundo pra pagar... e temos que calarnos. Si cando dan as primeiras azoutes cala un, hai que aguanta-las demais; e xa temos moitas levadas. Hai que calar ou sínón... xa me entendes, pro nin ti, nin eu, nin niguén da parroquia ten peito pra o que debemos facer, porque estamos moi asoballados, porque nos criaron

así. A miseria non dá coraxeós que (...) <sup>102</sup> e os que viven de nosoutros saben ben o que fan, ¡déixaos!... ¡Quen sabe si nosos fillos verán as cousas de outra maneira e alcanzarán mellor sorte! Temos que meterlles na cabeza todo o que padecemos pra que vaian deprendendo e busquen o remedio. Eu predicolles todos os días e... ¡Vamos!... Sei que consigo algo, porque eles xa non pensan como eu, nin baixan a cabeza como eu, nin calan como eu, nin son tan carneiros como eu... Eu lles fago esta conta: traballamos todo o ano como negros ó sol, á chuva, de día, de noite; collemos boas colleitas, non gastamos un carto, nin temos vicios; comemos broa e caldo de unto; us calzós e unha camisa de estopa nos duran vinte anos; e despois de tanto traballar e de tantas privaciós chega o fin de ano e non hai trigo na paneira, nin maíno no hórreo, nin patacas no sobrado, nin fabas na ucha, nin temos roupa, nin hai na casa nada que valla dous cartos. ¿Cartos?... ¡Dio-los vexa! ¿Por onde se vai o que ganamos?... ¿Quen o come?... Chega agosto e o amo reclama a renda, vén o recaudador e hai que pagarlle a contribución; logo o untamento pide a cota do consumo; chama o das cédulas e leva tamén; o alcalde remacha o cravo coa derrama do déficit; sempre fan os cochos algunha falcatrúa e o xuez encárgase de remediala, cobrando; e pra que non teñamos de qué queixarnos, a fin de ano, Pedro, Xan ou o demo do inferno pídeche o que emprestou a real e medio ó mes por peso, facéndote moito favor, según eles. Non podes con tanto e vén denche as leiras, o gando, a casa, a mesa, os tallos e as sábenas, si as tes. Quedas por portas e despois de haber traballado como unha besta e afameado toda a vida, salesós camiños pedindo unha limosnaós que che deixaron en coiros. Vente pasar, non che dan un bocado de pan, nin unha sedada de augua, e din: ¡Aí vai un perdido, tiña un lugar varil e perdeuno por folgazán e abandonado!

Farruco levantouse botando chispas polos ollos.

—¡Recontre!... ¿e esto non terá remedio?

—¡Pode ser! pero non por nosoutros. Dálles a teus fillos a ensinanza que lles dan as gatasós seus: que saquen as uñas e que mordan. Entón falaremos, si vivimos, que creo de min que nosoutros non veremos tanto ben de Dios. Nosoutros... sempre me acordo do pai de meu amo, que Dios teña na gloria: doíame eu desto que vos falo e el sempre decía:

—O boi de palla non sinte as bulras nin os paus.

—¿Que nos chamaba bois de palla?

—¡Xa o creo!... e mirádeo ben... ¿si ou non?

—Sí, —dixen eu—, ¡bois de palla!

\*\*\*

---

<sup>102</sup> Texto ilexible no orixinal.

### Non hai xusticia na terra

De seguro conocíchedes a Xan Codeso, o do pelo crecho, que tiña unha velida nun ollo e andaba polas feiras vendendo amánicos de tumba e dalle e paraguas de moda para as mulleres. Un día, xa fai tempo, ó saír da misa encontréino no adro; estaba máis fraco que un garabullo e tan esgumiado que parecía a figura da morte. Desde o antroído non puxera os pés na parroquia. As mozas o rodearon e el dáballes lería con unha voz que calquera se maxinaba que viña do outro mundo.

–¡Ou, Xan! –díxenlle– ¿estiveches enfermo?

–¿Enfermo?... ¡Estiven á morte!

–¿Que che pasou?

–É largo de contar... xa lle direi.

–¡Bueno, home, bueno! virás a botar un vaso comigo.

–Non hai inconveniente.

A xente foi marchando pouco a pouco e quedamos solos. Xan empezou a recolle-lo seu lote con bastante traballo; non podía alentar; tiven que axudarlle e doído do seu estado botei ó lombo a cesta e leveilla á taberna do Roxo. Sentámonos co xerro diante.

–Vamos, Xan, hai que ter ánimo. Bota un sorbo.

–¡Ánimo!... ¡Si estou morrendo!... O menciñeiro de Fragoso díxome que tiña furado o pulmón e era caso de morte; que me preparase porque si non é hoxe, será mañá.

–¡Que me contas!...

–Eu non podo terme en pé. Estou malo, moi malo; pro hai que comer, e botando a ialma pola boca ando polos camiños, caendo acó e levantándome alá.

–¿Pro como foi eso?

–Direille. Vosté conoce á Taresa, a sobriña do crego de San Lourenzo de abaixo.

–¡Conezo!... A nai valeu moito; hoxe é un trogallo.

–Pois ben, da filla dese trogallo namoreime coma unha besta. Púxenlle os puntos, ela decatouse logo, e... o de sempre... xa me entende. Pro o demo que anda sempre revoltado nestas cousas, fíxome saber que Pepe, o fillo do muiñeiro, anda polo detrás da rapaza. Ó principio non fixen caso, pro tanto dixeron e dixeron que merquei un trabuco na vila que me custou dazaseis réas e xa preparado non tiven medo. Vosté xa sabe que os que teñen que ganarse a vida como eu, andan solíños por esos camiños expostos a que lles rouben e aínda máis o día menos pensado; polo tanto o trabuco non sobra. Un anoitido, despois de camiñar catro leguas, cheguei á taberna da Granadera. Alí estaban catro mozos, entre eles o fillo do muiñeiro. Senteime, pedín un neto, déronmo, púxenme de pé e estando bebendo sentín unha picada no costado dereito; volvinme e vin a Pepe que fuxía, ós outros mozos que tremaban e á taberneira que se chegaba a min, berrando ¡sangre!... ¡sangre! Mirei; sangraba coma un becerro.

—Matoume, dixen.

—Matouche, meu filliño, dixo a taberneira. Ide chama-lo médeco.

Eu tiven que sentarme; perdía as forzas e perdín o sentido. Cando despertei estaba deitado no leito da Granadeira. O médeco, o xuez e outro, de pé, mirábanme.

—É ferida mortal por necesidá, decía o médeco.

—¡Demonte! decía o xuez, boa lotaría lle caeu ó muiñeiro.

—Non hai Dios que o salve, decía o outro. Preguntáronme non sei cántas cousas; amostráronme unha faca chea de sangue, e eu contestei que non tiña ganas de leria; que quen me había ferido era Pepe do muiño, como viron os que estaban na taberna, e que me desen de beber porque tiña a boca seca como un pau.

O outro escoitaba e escribía. Deixáronme ó fin, e de entón coidoume a taberneira coma se fora seu fillo. O médeco viña tódolos días a curarme os cáusticos, poñerme outros, e remexer na ferida con un pincho facéndome ve-las estrelas. Sempre saía decindo: «Estamos mal, estamos mal; xa lle quero un recado a Pepe».

—¿E Pepe? pregunteille un día.

—Non se sabe del. Escapou. Bon peixe está.

Unha mañán atopábame mal, tiña febre, non alcontraba postura a dereitas, doíame a ferida como si tivera fogo nela. Entrou o médeco co xuez e o outro.

—¡Ola! ¿Que tal? —dixo o médeco—, vamos adiantando, tes boa cara.

—Moi mal, señor; esto dóeme moito, mátame a sede. Eu morro.

—¡Quen fala de morrer! Xa non tes nada. A ver... o dito: «*Lo podemos dar de alta*».

O xuez fixo que si coa cabeza, o outro escribeu e marcháronse decíndome o médeco que non tiña máis que seguir un bo réxime, que estaba curado. Eu o escoitaba coa boca aberta.

A taberneira saleu gritando:

—¡Malos demos os leven, asasinos, bribós!

Botou por aquela boca canto quixo, e logo cansada de berrar sentouse nun tallo preto de min e baixando a voz, dixo:

—Mañán fai oito días.

—¡Ben!... ¿E que? Déixate de contos e dame un goto de auga.

—¡Malpocado!... ¡Bobiño!... ¿Non sabes o que é? Danche por curado antes dos oito días, desa maneira Pepe volve á súa casa; hai un xuício de faltas, o médeco e os outros gardan os cartos; e a ti, de Dios che veña a salvación.

Non podía maxinarme tanta maldade nos homes. Decateime ó cabo.

—¡Pero eu non podoo crer eso! ¿Como hei de estar curado sin non podoo coa miña alma? Si a ferida está aberta e botando coma unha fonte?

—¡Pois xa o ves! Xuicio de faltas e nada máis. Trátante coma un cocho. Hai que chamar ó manciñeiro.

Veu o manciñeiro, mirou a ferida; virou os ollos e a boca, foi á cociña e a pouco volveu cunha presa de herbas machacadas que me puxo; queimaban

coma demos. Non deixou de vir un sólo día; e cando poiden andare e comía ben, despídeuse.

—Xan, dixo; a *mojadita* é boa, touche o pulmón; poderás vivire máis ou menos tempo pro non tes salvación; cóidate ben e si me necesitas conta comigo.

A Granadera choraba; é mui boa muller. E aquí me ten, tío Antón, rompéndome a ialma por eses camiños e esperando a morte dun día pra outro.

—Pero, ¡cáspita! ¿e así o deixas?

—¿E osté que quer que lle faga? Os peixes grandes tráganseós pequenos, o raposo come as galiñas e o lobo mantense das ovellas. Pra eso vimos ó mundo; pra tragar ou que nos traguen. Pepe poido máis que eu; xa alcontrará outro que poida máis que el.

Estivemos calados moito tempo. ¡Víñanseme tantas cousa á cabeza!

\*

Catro somanas despois morría Xan no sobrado de Benito que o había recollido por caridade. O mesmo día que o enterraron, que era domingo, o fillo do muiñeiro bailaba no soto o agarradiño con Taresa e o médeco e o xuez desfacíanse de risa vendo loitar á rapacería.

E eu, cando o souben, preguntábame: —¿Hai xusticia na terra?

\*\*\*

## O habanero

Xa sabedes que Pepe, o fillo de Manuel do Regueiro foi á Habana en busca dos cartos que non había na casa. Despois de vinte e dous anos volveu á aldea. Non volveu mal. Trouxo trescentos sesenta e catro pesos, sete camisas, unha ducia de almillas, nove pañuelos, tres pantalós, tres tubinas e outros tantos chaleques, un sombreiro de japijapi, dúas sortixas, un reló de prata coa súa cadea e unha chea de graus pola cara e todo o corpo, que parecía un nazareno. Os pais quedaron lelos cando se lles presentou o fillo con aquela vestimenta e aqueles cartos. Pasáronse os primeiros días coma os pasan tódolos que chegan de América; e despois de que Pepe comprou unha vaca e unha parexa de bois e reforzou un pouco a casa que se viña abaixo por vella e por falta de reás; despois que recibeu á xente da aldea, e as mozas casadeiras lle fixeron a rosca do galo e os mozos dixeron del mil perrerías, veu unha tarde a verme. Acababa eu de limpa-lo prado e de segar herba, puxen o fouciño a un lado, senteime no chan, saquei o canuto, fixen un cigarro, e en paz e en gracia de Dios puxémos-nos a falar.

–Vaia, Pepe, –lle dixen– estarás contento. Ós trinta anos alcóntraste de volta con us miles de reás que asegurarán a vellés de teus pais e faranche felís. Agora sólo che falta casarte cunha moza que teña algo e dar gracias a Dios por haberche dado tanta felicidade.

–¿Felicidade? Non a vexo, tío Antón.

–¿Como? ¿Non fuches máis felís que teus pais, traballando sempre pra non saír do día?

–¿Vosté cre que eu folgazaneei?

–¡Home!... Pro non traballache como se traballa aquí.

–¡Está vosté enganado, compadre! ¡Traballei un pouquiño máis! É verdá que meus pais viviron sempre coma azacás que non tódolos días tiveron broa que rillar nin caldo que sorber; pero acostumbrados a elo non lles caeu de novo, nin se maxinaron que poderían vivir dunha maneira mellor. Eu... eu conocín outra vida, outras necesidás; vivín entre xente que se trataba ben e me trataba mal; os goces dos demais facíanme rabear de cobiza, soñei con ser home libre e nunca saín de escravo; quería deprender e non tiña tempo para dormir; e despois de vinte e dous anos de campaña, ós trinta e seis de idá, enfermo, rendido polo traballo, sin esperanza de mellorar fortuna, veño a caer na cabana onde viven morrendo meus pais pra vivir morrendo coma eles. ¡Bote a conta, tío Antón; bote a conta a este mozo tan rico! Trescentos sesenta e catro pesos trouxen en prata que con sesenta que gastei no viaxe fan catrocentos vinte e catro; estiven na Habana vinte e dous anos, de modo que sale cada ano a vinte pesos. ¿Cre vosté, tío Antón, que vivir encerrado durante cincuenta e sete días no sollado dun bergantín vello, prensado coma a sardiña, comendo bacallau e fabas, bebendo augua cheirenta e tratado con menos miramento que a cebola que lovaban na bodega e non nos deixaba respirar, non val máis de vinte pesos ó ano? Pois agarde un pouco que aínda non empecei. Cheguei alá cheo de saúde e ás dúas somanas doume o gómito, lováronme ó hospital e sal-



vei, porque si; puxéronme na calle como se escorrenta a un can alleo e andiven vinte días queimándome os miolos en busca de acomodo. Colocáronme nunha tenda de víveres. Levantábame ou facíanme levantar ás tres da mañá; abría as portas, barría todo, recollía os catres, iba polo café, e despois... pescozón por aquí, puntapé por alá, pasaba todo o día reventando o corpo con pesos que me escangallaban e con faenas que non eran de nenos. Nin á hora de xantar tiña descanso; e alá, ás once da noite, cos ollos pechados e as pernas como dous tembleques deixábanme tirar no catre, que teño mollado con máis bágoas que pelos hai na miña testa. Así vivín seis anos; ¿Cre vosté, tío Antón, que cada un destes non val máis de vinte pesos?... Pois vaia escoitando. Saín de aprendiz e entrei de dependiente; vinte pesos billetes ó mes e pitanza. Xa non me pegaban, pero o amo dábame máis golpes coa lingua dos que me dera cun pau. Nos tiñan encerrados sempre sin máis compañía que o traballo, deixáronme saír un domingo ó mes. A primeira ves que salín perdinme nas calles da Habana, despois considerábame obrigado a desquitarme a costa do meu bolsillo e da miña saúde, da servidume en que vivía, e perdíame doutra maneira. Estaba famento de libertá, de familia, de cariño, de amigos, e a liberdade, o cariño, os amigos e a familia nunca se me achegaron. Vivía sólo entre tanta xente, maldecindo a vida e chorando polo medio ferrado de terra que rodea a choza onde nacín. Acordábame da miña nai –¡probe nai! ¡sí soupera as que pasei!–, dos irmás, dos parentes, das mozas, dos amigos, dos xogos de rapaz, das foliadas, do gaitero, da misa, da malla, da desfolia, da festa da parroquia, do día de difuntos, da noite boa, do antroido, de todo; e pedía a Dios que me dese mil traballos neste anaco de terra en medio do meu e dos meus, antes que aquela vida que non era vida nin cousa que se lle parecera. Mandáballe algo a meus pais, o que podía –e non era moito– e ó fin, decatado de que non adiantaba máis, veño a colle-lo sacho que non debín deixar *en ghamás de los ghamases*.

–¡Ben!... pero... o conto é que ides alá e volvedes ricos.

–¡Ricos!... ¿Cantos hai por acó?... Don Xoaquín, que trouxo vinte mil pesos; o xenro do señor Tomás, que reuneu cinco mil e o Larpeiro que fíxo dous mil. Son tres ricos e pare vosté de contar. Agora fágame a conta dos que foron con esos e sin esos e alá deixaron os ósos, dando gracias a Dios por libretalos da miseria. Vosté conta o un que volve ¿por que non conta os miles que morreron alá sin ter quen lles cerrase os ollos, quizais no campo, queimados polo sol, sin unha gota de augua que lle temperase a sede?

–¡Home!... ¡¡Home!... ¡¡¡Home!!!

–¡Nin máis, nin menos! E como empeza a xiar vamos, tío Antón, a toma-la perrita, que o corpo lla pide.

–¡Vamos! –dixen lovantándome–. ¡Ére-lo demo!... De modo que...

–De modo que para semellante viaxe val máis quedarse na casa.

\*\*\*

## A Replública

Non sei si vos dixeran que o ano 73 andábamnos revoltos coa pulítica. Puxeron a Replública e todos éramos replubicáns menos o crego, o notario, o recaudador e o vinculeiro; o maiestro non era carne nin peixe, decía que el era liberal, pro que tanto lle amocaban os us coma os outros; que lle debían vinte meses e que non tiña cañotos pra roer. Nosoutros riámonos porque a verdá era que coa Replública nos iba ben. Non pagábamos o consumo, os que nos atoaban achantáranse e todo o mundo tiña voto e era home, estábamos tolos. ¡Pouco durou! Abofé que aquilo era bon, tiñamos alcalde ó noso gusto, o xuez non se aproveitaba, porque era home de ben, e cando o Gobernador ou o Adeministrador podían máis da conta, collíamos as fouces, berrábamos no auntamento e conto calado. No prosupuesto non se poñían mil quinientos réas pra plumas, e catro mil pra escobas, e sete mil pra compoñe-la fonte do prado, que nunca estaba composta, nin collía o notario o que lle daban, non sei por qué, nin o vinculeiro reclamaba indemnizaciós de terreos que nunca tivo nin lle expropiaron. Aquelo era un alabar a Dios. O crego bufaba porque non lle pagaba súas soldadas, e polo matrimonio civil, e pola libertá de ser un mouro ou xudío, da mesma maneira que podíamos ser cristianos.

Por aquel tempo nos trouxeron unha carta de Ourense, do Comité da replública, decíndonos que o presidente iba a vir pradicándonos a libertá. Preparamos todo pra o domingo á saída da misa. Con us caixós e unha colcha fixemos o púlpeto. O crego dixo que nos iba bota-las pauliñas, pero nosoutros tesos que tesos. Fumos ó encontro do Presidente con foguetes, gaita e botas de viño. Cando chegou, quedamos roncós de tanto berrar; era un garrido mozo con traxe de señorito, que nos falou na fala de nosos país. Levámolo ó lombo astra o púlpeto. O púlpeto puxémolo no souto de arriba, á sombra do castiñeiro, onde se senta o gaiteiro, a colcha tiña fleque e era de Gorecho; os caixós e as táboas as emprestou o señor Gerónemo, o carpinteiro. As mozas acudían vestidas de festa, as vellas rosmaban. Non fago mentes de outro día coma aquel na parroquia.

O Presidente pideu augua e trouxéronlle un xerro; nosoutros queríamos darlle viño, pro el negouse. Sorbeu un trago, subeu ó púlpeto, quitouse o sombreiro, toseu e así falou:

—«Fágovos esta visita porque é preciso que sepades que desque derrumbamos a monarquía sodes libres, e, como a pesar de selo non o sodes, porque non vos deixan selo, veño a decirvos que é preciso que seades libres.

Vosoutros sodes escravos de todo o mundo Debiades ser libres coma o páxaro e tedes máis cadeas que os cativos de Arxel. O goberno arrapíñavos canto ganades, o Señor vos leva a renda, o auntamento cóbravos polo que non comedes, a Diputación cobra tamén por beneficios que non vedes, o xuez enrédavos en preitos pra sacarvos os cartos, o recaudador vos afoxa con apremios, e o cacique lévavos diante, como fato de carneiros, trasquílavos, fêiravos; el sobe, e vosoutros afociñades. E como traballades e traballades, e non ganades pra tantos, vén o usureiro, empréstavos a douscentos por cento, e ó cabo de

dous anos quédase con canto tedes e non se queda con vosoutros porque non lle valedes pra nada.

Agora ben, o goberno non vos compón a carreteira, o auntamento come catro mil pesos ó ano, e nin paga ó maestro, nin arregla a fonte, nin repara o camiño, nin fai nada, pero gasta catro mil pesos sin que sepades en qué; a Diputación chupa outros catro mil pra manter a unha chea de folgazás; o amo non perdoa un ichavo da renda; e o recaudador e o xuez vos soltan embargos cando vos demorades na paga dos tercios ou das costas.

Galicia paga douscentos millós de réas ó ano polos tributos, aduanas, tabaco, papel sellado e outras zarandaxas. Non conto o que arrapiñan os empregados. As diputacións cóstanlle máis de vinte e sete millós, os aumontamentos, maxino que os catrocentos que hai, gastan trinta millós; e con tantos millós que asustan, non temos ferrocarrís, nin camiños, nin portos, nin faros, nin escolas, nin nada que nos faga a vida levadeira. Róubanos os cartos e calades, róubanos os fillos e calades, róubanos a libértá e calades. ¿Falaredes algunha vez?... E contade que si seguides calados nunca saldredes desto.

Polo dito comprenderedes que con tanto diñeiro administrado ben, non tiñamos necesidá de ninguén pra ter de todo con sobras. Hai algús que sosteñen que temos que mandar a paseo a Madrí, porque nosoutros non somos godos, nin temos a fala de Castela, nin nosas costumes son as súas, nin se lle semella nosa terra, noso ceo e noso caráuter. Quizais teñan razón, pro deixemos iso pra máis adiante. Polo de agora, si ás boas podemos goberna-la nosa casa, debemos pedilo e traballalo. E a eso veño.

Nosoutros queremos que os aumontamentos sean libres, dentro da Rexión libre, co seu goberno gallego, composto de gallegos. A Castela si lle queren deixa-lo poder central, que llo deixen; pero que os nosos tributos que tantos sudores e congoxas nos costan, queden en Galicia; que os nosos fillos non sean levados ás terras lonxes pra servir como mánicas ou escravos; e que nos deixen dar ou tomar ós estranxeiros o que nos sobre e nos faga falla; que pra facer valentes nosos dereitos no nos forcen á escribire en papel sellado; e que non haxa consumos, que son a ruína do probe, nin cédula, que é a marca do servo.

Coa territorial, o subsidio e as aduanas, temos abondo. Das aduanas podemos sacar cun arancel liberal, douscentos millós de réas. Suprimamos as Diputacións e fagamos aumontamentos de 60.000 almas; que os alcaldes se xunten tódolos anos en calquera parte de Galicia, e sean eles as cortes, que o farán millor que esos ganapás estranxeiros que nos dan por diputados, sin saber ónde está Galicia. Seique así estaríamos ben.

E todo isto é necesario. Reducindo os aumontamentos a cincuenta ou sesenta, e suprimindo as Diputacións aforraremos máis de sesenta millós; ben val a besta unha cabezada nova. Pra conseguir isto, nacesitamos xente nova. Non contedes coa vella; deprendeu na escola dos tiranos e non entra polo bon camiño, porque se lle acabaría a manducatoria. Coidade que os diputados fan ó ministro, o ministro fai ó gobernador, o gobernador fai as diputacións, a diputación fai o auntamento e ó alcalde; e como, según a Constitución, o pobo elixe

todos eses lacazás, arreglaron as cousas de maneira que un solo manexe ó pobo e cando cheguen as eleucións salla diputado o que queira o goberno e dé á roda as voltas que vos acabo de decire. Pra eso inventaron os caciques. ¡Fogo de Dios neles! El o fai todo, non hai máis poder na terra que o seu, é a fonte que verte sobre nosoutros tódolos males que contén o mundo. O gobernador, que sempre é un estranxeiro, dálle carta branca pra facer o que lle pete. O cacique nombra o alcalde, o secretario, o alguacil, o médico, o xuez, o recaudador, o diputado provincial e o diputado a cortes; non paga contribucións, nin consumo, nin reparto; escota os cartos do auntamento, compóñenlle o camiño, faise coa devesa e os bés do Cabildo por tres ichavos; ten nun puño ós veciños que adoecen de medo diante del. ¡Fogo de Dios no cacique, que é a causa de vosa miseria e de vosos males! Desfacédevos del e viviredes tranquilos. Mirade que nacedes en coiros, sin unha peseta e morredes en coiros debendo moitas despois de haber feito ricos a unha chea de galopís. Matade o lobo e non vos roubará máis ovellas. Pra matar ós caciques cómpre botar abaixo seu niño, as diputaciós, alí xúntanse eses gabilás pra xogar ós deputados e asoballar e desfolar ós probes aldeás. ¡E si non custaran! pero ¡ai! as catro diputaciós de Galicia comen tódolos anos cerca de trinta millós de réas! ¡Aforrómoslos! ¡Fóra as diputaciós!

Cada un sabe o que ten na súa casa e cómo ten que gobernala. Cando veñan as eleucións non vos deixedes lovar como carneiros. Escollede de vosoutros os millores, os máis honrados e facede un auntamento que non coma e que governe ben, buscade pra deputados ós que non fagan oficio nin feira do cargo; e cando un gobernador ou outro calquera queira o que non mande a LEY, decídelle coa lei na mao: «Non é de lei, e non o fago». E si todos tedes conciencia do que é un ciudadano, e conocedes e vos amparades de vosos dereitos, ninguén vos comerá os ollos, e por sempre ghamás amén cairán pra non erguerse, por *secula seculorum*, tódolos bribós que folgan agora á vosa custa».

Calou.

Mentres falaba mirabámonos us ós outros e facíamos que si coa cabeza.

¡Cantas cousas aprendimos co aquel, mozo!... porque era un mozo. Paréceme que aínda o estou oíndo, non se me esquece nin unha palabra. Quedaron na mamoria de todos e cando nos vemos apreixados pola crueldá dos que nos gobernan, parece que hachamos consolo no recordo daqueles consellos que son verdadeiramente agora máis que entón o remedio de noso adoito.

Caeu a República e tornamos ó de sempre. ¡O que naceu pra ichavo non chega a carto!

\*\*\*

## As eleucións

*Al Sr. D. Manuel Carballido*

Chegou a orden das eleucións, a trouxo Gorecho dentro da bolsa de badana. Cando a lieu o sacretario virou o fociño. A cousa non era pra menos. Estábamos coma os mozos das parroquias de Vidueiro e Lamelas, que andaban a paus en tódalas foliadas.

O crego, o xuez municipal e o notario traballaban polo vinculeiro do Penedo, e o alcalde, o sacretario, o maestro e mais o recaudador eran do goberno. Non estou ben certo do que querían os dous bandos, porque nisto de pulítica non son mui forte, pro coído que todos querían atrapar tallada, e anque eu non tiña isa intención, obrigado estaba a servir ó sacretario por haberme libertado o fillo da quinta.

Todo estaba ben amañado. O reparto aliviou a moitos e fixo brincar ós affillados do crego e do notario; ó vinculeiro reclamáronselle vinte anos de atrasos do compartu de consumos, ó xuez denuncióuselle por estar comendo unha devesa que non era súa, e ó notario metéronlle unha multa porque alcontraron diante da súa porta dous cochos deitados. O Sr. Alcalde, que era Míngos da Fonte, recorreu todo o distrito, lugar por lugar, pradicando máis que un misioneiro, o sacretario falaba ás orellas de todos, e o recaudador deixábase caer de cando en cando coa nova dos apremios, pero...

Pero eles non durmían. O Sr. abade na plática dos domingos coidaba de adevertire que estaban condenados os que votasen ó amigo do alcalde, o xuez vomitaba citaciós e preparaba papel sellado pra envolver a todos os veciños, o notario axudáballe e apretaba o cobro dos préstamos, e o vinculeiro iba e viña tódolos días á vila a falar co diputado e o cometé conservador. Nadia folgaba, pro todo andaba tan revoltu que non se podía averiguar si ganaría eles ou ganáramos nosoutros.

En estes traxís, o sacretario pilloume un día no bimbieiro.

—Hai que amarrar a isa xente. Móvase. Temos as rendas na mao e non convén empreguízarse.

Movínme. Ó outro día deixei disposto o traballo, arreei a besta e boteime ó camiño en busca dos levadores das miñas leiras. ¡Caía un sol de xusticia! ¡Esmechaba! Aínda me acordo daquelas troiladas que tantos cartos me custaron e tantas desazós me deron. Vin a Cristobo, a Silvestre, a Antón da Rapa, a Pritolo, a Xan dos grelos... ¡Eu que sei os que vin! Todos calabán e abaneaban a cabeza, estaban polo crego. Eu falei, xurei, amenacei, convidei á augardente, prometín esperar pola renta: ¡nada! Non dixeron que non, pro tam-pouco dixeron que si. Marcheime. O choio presentábase mal. Din co Sacretario na porta do auntamento.

—¿Que hai de bo?

—Nada, don Matías... Seique perdemos.

Rieuse o Sacretario coa súa risa de coello. Conteille o conto. Doume unha pescozada e díxome:

—Mañán, amañecendo, ireino buscar.

Así foi. Pola mañán cedo xa estaba chamando á porta. Fumos buscar ó alcalde que era o presidente da mesa e ós sacretarios, metímonos na taberna e tomámola mañán, pagou o Sacretario. Despois ó colege, que era unha cabana sin tellas nin ventás. Trouxeron unha mesa coxa dun pé, catro tallos, unha cadeira, un tinteiro de corno e unha chea de papés; a urna era un caixón de figos. O Sacretario manipulou a porta pechada; levaba un feixe de boletas que doblamos e metimos no caixón, púxoselle a tapa con unha regandixa no medio e logo abreu a porta. A xente xa estaba fóra agardando. O primeiro que pasou foi o xenro da señora Micaíela: viña fero.

—¿Emprencipió la eleución?

—Pode V. votar cuando ghuste, señor eleutor, —dixo o alcalde coa maior finura.

—Pues altonces, ahí va mi papeleta.

—D. Nicolás Fernández... apunten ostedes... ¡votó!

E así foron votando us cantos. Astra as dúas da tarde pasouse o día tranquilamente. O sacretario arreglou os relós e dispoñíase xa a cerra-la porta e face-lo escrutino cando o ruído de moitas voces e pisadas de cabalos afogadas a ratos por fortes aturuxos, deixáronnos suspensos e sin aución pra facer o determinado e sin darnos tempo a acoitarnos derramáronse súpeto no colege máis xentes das que comprían: eran os do crego e do notario; o vinculeiro estaba á derradeira. As nosas forzas consistían en oito mozos de fígados que andaban dentro e fóra do colege. O notario berraba con gran arroallo:

—¡A votar!

Achegouse un.

—¿Cómo se llama V.? —preguntou o presidente que era home de peito.

—Narciso da Fonte, pra servir a osté.

Os sacretarios deron volta tres veces ós papés que tiñan diante, e dixeron:

—¡Xa votou!

—¡Como! —exclamou o notario.

—Xa votou, —dixo o presidente. Outro.

—¿Y yo? —dixo o vinculeiro abríndose paso e poñendo as maus na mesa.

—¿Quen é osté?

—Pues qué ¿no me conoces?

—Está osté hablando con el señor alcalde, presidente de la mesa. Yo, aquí, no coñezo a nadia.

—D. José de la Puente Carreira.

—¡Xa votou! —dixeron os sacretarios despois de face-la operación de antes.

—¡Cómo!... ¡Yo!... ¡Yo!... ¡Ya voté!... Esto no se puede sufrir. Señor notario, levante V. acta.

—E dese présa, porque van a da-las cinco —dixo o alcalde, tan doce-mente como si asubiara un merlo gaiolo.

Todos levantaron os ollos ós relós, sería meigada, pro ás dúas da tarde señalaba as cinco menos sete minutos. Eu non sei o que pasou altonces: tremaban as paredes da cabana. O notario quería escribire, pro como se lle achegaron catro mozos con fungueiros nas maus cobrou medo e gardou o tinteiro, o crego xuraba que iba facer i acontecer, o vinculeiro imitáballe, e a xente que viña con eles berraba coma un reximento de demos. O sacretario, coa risiña de sempre, cucou o ollo ó presidente que se puxo de pé.

—¿Falta alguno por votare? —preguntou—. Va a da-la ihora. Señores eleutores, a votare.

Aquelo foi o día do xuício. Armouse unha de paus como outra non vin na miña vida; parcí que nos achábamnos debaixo dunha robleda e que íbamos a deixar todos o pelexo alí. Eu tamén peleei e chanteille a un mozo un pau nos cadrís que o deixou medio esquerquenado. Como o lugar era cativoiro, a xente moita e o entusiasmo pouco, e estábamnos tan pretos que non podíamos remexernos, resultou todo moito ruído e poucas nocés. Entraron os civís chamados polo alcalde, arrearon us cantos culatazos, fuxeu o notario coma alma que leva o demo, o crego montou a cabalo e botouse pola carballeira abaixo, ó vinculeiro comeuno a terra, e os demais, sin vos que os guiase, nin aguillón que os animase, escorrentáronse como lebres, deixándonos donos daquel cotarro.

Empezou o escrutino e fixose con toda lei. Extendeuse e firmouse a auta, e vou a copear en castillán o resume pra que vexades cómo se fan estes milagres nas aldeas:

Número de electores en el distrito	243
Número de votantes	239
Obtuvieron votos:	
D. Antonio da Pena, ministerial	231
D. J. de la P. Carreira, conservador	7
Papeletas en blanco	1 239

O alcalde bruou.

—¿Estamos ben? —preguntou.

—¡Estamos! —dixo o Sacretario—. Auta limpa e sin protesta.

\*\*\*

## O pazo da saúde

Mal ano se presenta. A colleita foi cativa; maínzo hai pouco, fabas tamén, as patacas perdéronse, o pan non dá para a renda. Alá van vinte e sete bocas que non podían encherse acó, que asegún Pepe do Regueiro van a morrer de fame e si oídes a seus pais tornarán máis ricos que o vinculeiro do Penedo. ¡Dio-lo faga! Os probiños van cheos de ilusíons, ¡si son us nenos! Non levan medo ó gómito ¿que han de levar, probes inocentes, si teñen nos beizos aínda a sabore do leite da nai? ¡Malpocadiños! Quen os verá no vapore revoltos no chau coas ansias do mareo, clamar pola nai que astra dormindo espaxaría sobre eles o seu cariño! Si podés valeleos, valédeos; vos impón esa obrigación Galicia e hai que comprila.

De paso que fago a recomendación, contareivos o que me pasou o outro día, que si non é cousa nova, pódevos servir de espora que os arrufe pra achegar ó que xa tedes maxinado.

O lus fun a vender á vila us cantos repolos e alcontrei no mercado ó compadre que esbarafundaba como un condenado porque lle habían lovado na porta dazanove cartos por unha presa de tirabeques. Non se pode vivire, é certo. O compadre ten xenio e logo se arrupía, pro o mal non ten xeito e hai que achantarse. Escoiteino e así que foi amoecendo e xa vendidas as picotadas que lovábamos, fumos a tomar un bocado á pousada onde tiñamos as bestas. Comimos ben; unha cunca de caldo, seis sardiñas fritidas, un cacho de queixo, pan de molete e viño; vamos, que non hai queixa. Pagamos o gasto, contámo-los cartos e estabamos facendo un cigarro pra acendelo e toma-lo camiño, cando empezou a pingar e a pouco rato chovía si Dios da ágoa. A rúa parcia unha braña en tempo de inverno.

—Hai que agardar, dixo o compadre.

—Esperemos a que espaxese, dixen eu e senteime.

Acendimos os cigarros e parolamos do tempo, da colleita, das sementes, dos veciños, do ganado, de todo. De súpeto o compadre, que ten arroutadas á oito, arrimouse e díxome:

—¿Conque dis que son vintasete?

—Si, dixen eu, volvendo de pronto ó recordo dos rapaces que se van.

—¡Malpocado! Por ese camiño imos a quedar sin xente que cultive as terras.

—Coido que chegará ese tempo. Todos queren amigrar, ¡a probeza é moita!

—Si, a probeza abonda e val máis morrer que tela por adoito.

—Alá van a eso, a morrer.

—¡A modo ho! algús volverán.

—Non serán moitos. ¿Non viches a Pepe o outro día? De mil, novecentos quedan debaixo dunha terra que non é gallega, e os que volven non son brazos que alixeiren e axuden noso traballo; veñen rendidos polas penalidades daquela vida.

Eu calei. Entre min dáballo a razón.



—Teñen alá moitos enemigos, prosigueu o compadre, o sol, o gómito, a morriña. Salvan dunha e fáilles presa outra.

—Si, si... o conozo... pro...

—O máis peor é que enferman, fálalles a nai, os ricunchos e o cheiro da terra, todo o que os arrodeaba cando naceron e os formou. Si alá estiveran siquera ben cuidadiños nos hospitás.

—Alí non van ós hospitás. Ti o sabes. Alí van ás casas de saúde que teñen moi ben dispostas e non carecen de nada. Xa viches a Pepe, e endemais, teñen pensado agranda-la que mercaron, pro necesitan sesenta mil pesos.

—Parece moito diñeiro.

—Pra nosoutros que fameamos é moito; pra eles xa non é tanto, o xuntarán e sinón farán un empréstamo.

—¿Empréstamo?... ¡Nunca!... Acórdate do que che pasou co capellán do Congostro; estiveches afogado unha chea de anos. Non, empréstamo, non. Que den todos; si é preciso da-la camisa, dala; o sacrificio é pra ben de todos; un ochavo, un carto, un patacón. ¡Ai! Si eu poidera mandaría-lles medio peso. ¿Ti sabes o que significa eso? É o traballo da formiga, que nada se fixa nela e faise dona dun carballo. E eles farán ese traballo.

Levantouse e púxose a andar con zancadas de lobo, mentras camiñaba, falaba, en nengures o vin tan arrichado.

—¿Dixeches empréstamo?... ¡Non!... Eles saben o que eso é polo que acó nos pasa. O empréstamo trai os réditos e os réditos a perda do eido. Eu ben sei que eles conecen o que fan e que teñen pra responder, pro é millor, moito millor facelo cos cartos propios. Hastra de agora fixeron milagres, que fagan un máis. Que suban a cota. ¿Quen se negará a pagala? Ou que fagan o empréstamo entre eles con rédito cativoiro, e a pagar cando se poida.

E calou, dou tres voltas pola cuadra e de súpeto parouse. Tiña o cigarro nunha mao e maneaba a outra como un pradicador.

—¡Eses, eses son fillos de beizos, fillos lexítimos dunha nai probe e esmorecida, que non se esquence deles nunca e que soilo lles pide que deixen ben posto seu nome nas terras lonxes, onde os levan nosos doores; e eles fan máis, o escriben con letras de ouro no ceo dos trópicos pra que o vexamos nosoutros cando o sol que dá lus pra todos, alumie nosas cabezas, nosas cabanas e nosas veigas! Xa verás si corresponden. De seguro que pensan como eu. Ti que tes coñecementos na Habana, escribe, dilles que se deixen de contos e abran a recolleita, poño o pescozo a que non deixará de dar un, e si dan todos ¡Dios me valla! xuntarán pra merca-la Habana enteira. E cando acaben de face-lo que se propoñen, dirémolle desde eiquí:

Así, meus fillos, así se ergue a pátreá. Facedes máis vosoutros con vosa unión e vosa esmola que eiquí nosoutros loitando vinte anos. Dades exemplo, infundides coraxe, sodes a insiñanza nosa, facedes homes ós servos e pouco a pouco vamos lovantando a cabeza e entendéndonos. De vosoutros vén todo o bo e mañán —quizais eu non o vexa— a deseitada redención da pátreá será obra soilamente vosa.

\*\*\*

**Carta que Alberte Peruleiro de San Manuel da Bacoia entrega á Terra Gallega para que a dirixa a Antón Corredoira dándolle conta do concerto que dou na Habana o Orfión «Ecos de Galicia»**

Sr. Antón Corredoira

Alegrareime que ó recibo desta se atope coa saúde que eu pra min desexo; a miña boa, gracias a Dios, pra o que vosté seia gustante mandar, que heino de obedecer con moito gusto e fina vontade.

Eu son aquel fillo de seu veciño Fuco das Pallas, que vive cabo da congostra de Hermedelo, á man dereita, e preto do rego dos Fiunchos, indo pra o Penedo. Aquel rapaz que tanto o fixo arrabear e que agora arrabea na Habana pra gana-lo codelo de cada día. ¿Acórdase daquela vez que trepei pola figueira que ten no curruncho da súa horta e rachei unha pola cargada de figos, quedando guindado polos pés coma un cocho?... Saín ben daquíl apuro; costoume unha labazada e nada soubo meu pai. Vosté é un home de ben, señor Antón; Dios llo pague que eu polo camiño que levan as cousas, non poderei.

Xa vexo que anda por eses arrabaldes Pepe do Regueiro, contándolle cousas de acó. ¡Que ben fixo en tomar soleta! Estamos todos langreando, e si Dios non o romedia teremos que sachar no aire e manernos de cañotos. Isto é unha perdición. Non se fala máis que de azúcar, de eleccións e de que non hai cartos; traballo, tampouco; conque axúdeme a sentir... Non quero falar disto porque... non quero, e porque si lle hei de falar franco, non escribo pra eso, sinón pra decirlle que entre tantas amarguras que da o *estrofe lafe*, como di a oito meu amo, e que seique senifica ‘loita da vida’, como somos mozos e as pernas non fan moita parada en nosoutros, adivertímonos como poidemos, que non é sempre, levando de cote por diante o amore á pátea, e contribuindo, aunque sexa un pouquiño, ó traballo da súa rexeneración. Pra non ser menos que vostedes, temos un Orfión como o da Cruña, o de Lugo e o de Ourense: diríxelo Chané; está dito todo. E o Presidente D. Juan José Domínguez, gallego quentre e enxebre que sempre está bulindo, e en canto ole a terra, fêrvelle a sangue no corpo, como a auga nas burgas da vida. Non descansa, atende a todo. Propúxose que noso nome soase dos primeiros e o que el non fai, non o fai o demo. Todos arrímanlle o lombo e aquí escomenza o conto.

Diunos un concerto en Payret que é un teatro cásiqe tan grande como o da Cruña, e que estaba acugulado de xente. Dígalle a Pepe que había cada rapaza!... Alí estaba todo o Reino de Galicia, os altos e os baixos; os que cangan co ouro e os que afamean, e en frente, no escenario, unha compañía de nenos que fixeron nosa delicia; e logo o Orfión, con seu estandarte no medio, e Chané de fraqueira e o carabullo na mau, arrincando melodías das gorxas de corenta homes e facéndonos esmendrella-las maus, á forza de aplaudire. Aqueles cantares saídos das veigas e dos pinares da terra, chegaban á nosoutros con os cheiros, as brétemas, os feitizos e as membranzas da pátea, e produxonos o delirio, como din por acó. I é que non hai múseca máis doce, máis melancónica, nin máis poética que a nosa. Isto non é meu, leíno non sei ónde,

pro como estaba en letras de molde, debe ser certo; e si non é certo, podo decir que os gallegos que nos achábamos no teatro, cando cantou o Orfión a “Alborada” e unha neniña de oito anos a “Despedida de Mariquiñas” e “Unha noite na eira do trigo” lagremexábamos e dábamos desfogo a ese sentemento que nada abriga como nosoutros, mantendo un continuo trono ó remate de cada cántiga.

E en medio disto, cando o Orfión estaba quedo oíndo as palmadas e nosoutros non podíamos berrar porque tínhamos na gorxa non sei qué, que nos afogaba, amóstrase na ascena o Presidente lovando da mao á súa filla, Elvirriña, unha mociña lixeira coma unha anduriña, feiticeira coma a rula e máis vizosa que unha muradana. Traguía un estandarte novo, branco e morado, bordado con ouro por súas máns miúdas, e por ela ofrecido ó Orfión, que tan ben habíase portado naquela noite. Non podía esperar maior galardón, ben pagado quedaba co regalo da garrida rapariga que puxo no seu traballo todas as delicadezas e os primores dunha artista.

¿Que lle parece, señor Antón? Léalle a Pepe esta carta; pro non, non lla lea que pode facerlle denteira. Eu non sei cómo somos os homes; acó choro arreo membrándome da terra e nela cando volva, si os meus traballos mo permiten, chorarei arreo pola Habana, paraíso que nos deparou a sorte ós que furtamos o corpo á miseria e á servidume. Cando vosté sexa alcalde, que chegará a selo, que méretos ten abondo, faga un Orfión cos mozos da parroquia, si quedan algús, e xa verá o que é bo. De director, pode poñer ó sacristán, que o que é por berrar, berra ben, ó menos, nos meus tempos de petís, facía tremar á Igrexa nos enterros e na festa do patrono. E moito mellor será que se xunten pra canta-lo “alalá” ou o “Zúmballe que es buena” que andar a trompadas, a tiros e a fungueirazos nas horas de vagar.

E sin máis por hoxe, con mamorias á súa parenta e recadiños ó seu rapaz, que non se esquecerá do croiazo que lle zosquei nunha perna a noite de San Xuan, co respecto que hai gardamos ós maiores, queda á obediencia de osté o seu servidor.

Habana, 18 de febreiro de 1895.

\*\*\*

### Conto sin contar

«Adiós, Ferrol y La Graña,  
Mugaros y la badía;  
adiós, los cuatro rincones  
onde yo me adivertía»

Así, desta maneira, sin letra máis, nin letra menos, cantaba polo baixo un mariñeiro de primeira, subindo pola rúa da Muralla coa pucha sobre da orella, un habano alcendido na boca e sete copas de coñaque no corpo. Chamábase Mingos Lamigueiro Formoso, e era fillo de Xan e Marica, natural de Ferrol, comprindo a súa primeira campaña no Cañoneiro X... de apostadeiro na Habana.

Camiñaba Mingos como si lle pagaran o viaxe, cando ó chegar á rúa de Aguacate un carretón atravesado interrompeu súa marcha e súa cantiga. Botou Mingos un terno dirixíndose ó carretoneiro, mozo fornido que de pé no carro e coa boca aberta parcíala soazarse mirando con ollos churrusqueiros. Era dobre e forte coma un castaño, tiña a barba moura e iba en camiseta amostando unhas formas de Hércules. E cando todos creían que Mingos iba a comer ó carretoneiro e que o carretoneiro iba a comer a Mingos viron que o mariñeiro con unha cara de pascuas, sacando o tabaco da boca e rindo, exclamou:

—¡Así Dios me salve!...

—Que che salve ou non, contestou o carretoneiro brincando ó chan, vouche a dar unha estricada como pra ti soilo.

E abrazáronse.

—¿Mingos!

—¡Gorecho!

—¿Cando chegaches, ladrón?

—¿E ti por onde andas?

—¿Que me contas de alá?

—¿Onde se asconde meu curmán?

E houberan estado perguntándose un ano enteiro sin contestarse, si un guardia monicipal non os viñese a sacar de seu arroubo, facendo dar ó carretón a posición conveniente, pra non interrumpi-lo tránsito. Axudou o mariñeiro á operación e logo de rematada volveron as preguntas de antes.

—¡Mingos!

—¡Gorecho!

—¿Pro cando viñeches?

—Chegamos antonte. Tempo duro, moita faena, dazaseis días, o comandante unha fera.

—¿De onde é?

—¡Eu que sei de que inferno saleu!... ¡Voto va!... e botouno, sin esquinas.

—¿Que xente vén de alá?

—Cásique todos. O fillo do señor Andrés vén de contramestre.

—¿Que tal é?

—Non o teñen pior os mouros.

—¿Vamos a bota-la mañán?

—Xa a botei sete veces. Hoxe estou ceibo, e si chego peneque a bordo mandaránme a reza-lo rosario á cofa.

—¡Non, sin un chisquiño non te solto!

—¿E a besta?

—¡Déixaa! Está ben ensiñada.

—Vamos, logo.

Chantáronse no café veciño. Mesas de mármore, mostrador do mesmo, o alzadoiro cheo de botellas; na parede a vista da Cruña e de Santiago, e polos arredores os escudos de tódalas vilas gallegas. Achegouse un mozo, alegre como unhas castañas, moi ben peinadiño e moi ben aquelado.

—¿Que queren súas señorías? —preguntou.

Mingos levantou a cabeza pra mirar ó mozo, rebulíronlle os ollos, maxinou se que o conocía; examinouno, non había duda, era paisano.

—¿Non o coñeces? —preguntou Gorecho, é o fillo de Pepa a *Anduriña*.

—Re...! ¡Estamos na terra! —berrou Mingos, tirando a gorra... Trai a perrita, e despois falaremos.

—Así me gustan os homes —dixo Gorecho.

Tróugolles coñaque. Mingos fixo sentar a seu lado ó fillo de Pepa, e entre os tres comenzaron a revista de Mugar dos, o Seixo, a Graña, San Felipe, o Castillo e Ferrol, e non se coidaron dos demais pobos, porque consideraron que o mundo somentes se compoñía daquelas xurisdicións. Non quedou moza solteira, nin muller casada, nin conto de comadres, nin sucedido, nin faladuría de que non se dera conta esauta co luxo de detalles que eran do caso e os comentarios que facían os contos máis interesantes. O alcalde, o crego, o xuez, o secretario, o escribano, o sancristán, o menistro, o estanqueiro, o cabo de mar, o de carabiñeiros, todas as autoridades foron tratadas coa maor imparcialidade e desenfado. Non lles quedou un óso sano. Nada iñoraba o triunvirato, nin deixou a nadia no tinteiro, e si os interesados escoitasen aqueles pintorescos e atrevidos xuicios, entrarían a paus cos autores e magoariánlles os corpos con máis gusto que si recolleran as rendas de un condesado. O pícaro de Pepa, a *Anduriña*, cortaba cada saio que nin o famoso Utrilla. Dáballe á lingua máis velocidade que as hélices do destructor; e fendendo acó, raxendo alá e troncando aculá, deixou teso e sin fala a Mingos, coa seguinte pregunta:

—¿E Namesia?...

A pregunta era ben inocente, pro debía ter moito miallón, porque os carrillos de Mingos infláronse e púxoselle a cara como un tomate. Foi aquilo o inesperado, unha bomba caendo e estalando no medio da mesa. Gorecho axe-xaba co rabo do ollo; o fillo de Pepa apartou a silla con disimulo pra poñerse a bon reparo, e Mingos cos ollos baixos mantúvose calado medio minuto, e ó fin resoplando como unha foca, chantouse a gorra astra as cexas e,

—¡Mala centella a coma! —bruou.

Gorecho abreu a boca.

–Xa sei o que vas a perguntar –dixo Mingos máis sosegado–. É a neta do Sr. Roque dos Fiós... o do Peteiro.

Cerrou a boca Gorecho, e con un movemento de cabeza manifestou quedar enterado.

–Ti queres saber máis.

Segundo movemento de cabeza de Gorecho.

–Pois ben, direiche, foi meu cortexo.

–¿E agora?

–Agora ten outro, un *terrestre*.

–Un «papulito» apuntou quedamente ó fillo de Pepa.

–¿Si, un papulito! –bramou Mingos con vos de roncón e lostregándolle os ollos.

Gorecho xugou necesario botar un grolo de coñaque e fixoo a conciencia.

Mingos despois de cavilar un pouco, encarouse co fillo de Pepa.

–¿Cando viñeches? –preguntoulle.

–Fai ano e medio.

–Si, dixo Mingos, entón poñíalle eu os puntos.

–¿Pero, vamos! –saltou Gorecho, so (...) <sup>103</sup> do con finura, cási que con medo, (...) d'augoa –¿contas ou non contas? Por que hai veinte horas que estás falando de Namesia e aínda non sei qué raio che pasou co ela.

–¿Ti non a coñeces?

–¿Como a hei de coñecer si cando vin pra acá tendería ela catro ou cinco anos. Do tío Roque, acórdome. Unha vez démoslle ó chinchorro e da primeira (...) <sup>104</sup> fumos parar ás peñas do Bispón. Ugenio iba de patrón. ¡Boa a fixemos!

–Eu era do rol –dixo Mingos– e costoume unha palerma de patente.

Quedaron calados por un momento.

–¿E logo...? Botaremos outro chisco –dixo Gorecho–, a quen polo visto non lle daban vagar as tragadeiras.

–¿Non, concho...! Xa metín catorce a bordo.

–¿Bah! Acrecentou Gorecho, un día pasadí e; endexamais, eu te levarei a bordo; Grandal emprestaranos o guadaño... ¡Vaia! Veña o chisco... con neve. E ti, Mingos, acaba o conto.

Mingos, por toda contesta, botouse de bruzas na mesa, e sobre os brazos deitou a cabeza. Gorecho sacudeuno.

–¿Vamos, ho...! ¡Conta!

---

<sup>103</sup> Texto ilexible no orixinal. O parágrafo atópase dañado en diversas liñas debido ó deterioro deste exemplar do semanario.

<sup>104</sup> Texto ilexible no orixinal.

Mingos contaba, pro era pra drento, como a mediodía o can durmindo no palleiro. Gorecho mirou ó fillo de Pepa.

–¡Total! –dixo cásiq ue chorando, farteime de oírvos falar de Namesia e... quédome en aúnas.

–¡Eu cho contarei...! Seino tan ben coma el.

–¡Sabes unha búsera! –mascullou Mingos erguendo a cabeza... ¡Eres un larchán!

Calaron os dous, o fillo de Pepa chuscou o ollo, e Gorecho saleu a poñelos no carretón e na mula. Logo volveu.

–¿Que facemos? –preguntou– non o vou a deixar eiq uí.

–¡Non... o millor é que o leves a pasear en coche astra que despexe.

–Anque eres pequerrecho, sabes moito. ¡Ala! Axuda a cargar... Anoitecido e descargo na Machina.

Sin cirimonia tumbaron á Mingos no carro. Subeu Gorecho.

–Chama a Grandal –aconselloulle o fillo de Pepa.

–Chamarei!... Pero o conto é que me vou sin saber...

–¡Arre, salerosa! –berrou o mozo empuxando a mula que arrancou con brío, arrastrando o carretón pola rúa da Muralla.

\*\*\*

## O sermón

(Al Sr. D. Manuel Carballido)

### I

#### ANTES

A igrexa achábase acugulada de xente. No altare maior a virxe con seu manto de pana fina, a coroa de ouro na cabeza, os pendentes nas orellas e as relucentes sortixas nas maos, cruzadas sobre do peito. Nas beiras e por diante, arrodeadas de floreiros, as velas marelas acendidas, arrincando lóstregos cando a luz espallábase lambendo as alhaxas da imaxe.

Diante e preto do altare, as mulleres, á derradeira e no coro os homes; elas, as rapazas, asentadas no chan, moi peinadiñas, fruncindo o bico e volvendo a cabeza a cada instante pra falar con súas nais ou veciñas, aproveitando a ocasión pra botar unha ollada ós mozos que, calados e espetados no coro axexaban todos o movementos das raparigas. Detrás as nais, cos mantelos sobre a cabeza, falando á orela, mentras os ollos, dirixidos fixamente a un sitio, expricaban ben de quen se trataba. Na igrexa rematábase a marmulación da somana: alí dábaselle o último toque. O crego aínda tardaría en saír; había que aproveita-lo tempo. Endemais, precisaban poñerse ó tanto do que ocurría na parro-

quia pra que non lles collese de novas. O señor Xan habíalle chantado nas costas á súa parenta unha ducia de paus, a filla de Pepa Cereixo estivera falando ás nove da noite con Calros o do Souto no cruceiro do Breixo; Pedro das Cobas había tomado empréstados dazaseis pesos sobre a leira do rego, e a ama do señor abade queixábase de que as ofrendas este ano eran cativeiras.

Non era cousa de deixar pasar sin comentarios asuntos tan interesantes. Propoñía unha custión a veciña, corría de orella en orella como os valdes de ágoa na cadea que se fai cando se queima unha casa; daba cada unha súa opinión que volvía polo mesmo camiño que a pregunta, e anque as maneiras de aprecia-los feitos non foran iguás, tiñan o méreto de ser mandadas e acolli-das con unha unión que xa a quixera o crego pra seus sermós. Todo esto feito en silencio, sin movementos, sin máis denuncia do caso que o bisbiseo soave do que fala ó oído, marcando ben as palabras.

As rapazas non se cuidaban tanto deste trafego. Coidábanse máis das súas persoas, arreglaban os panos, apalpaban o lazo do pescozo, pasaban a man polos fenuxos, revolvían os ollos, apertaban os fociños e, sobre todo, volvíanse pra falar con súas nais ou as que tuvesen detrás: esto era o principal.

Os mozos, de pé no coro, adiantaban as cabezas como podían pra acenar e abesulla-lo que lles pasaba a elas. Estaban calados; de cando en cando, un deles soltaba unha chuscada; recollíana todos, e todas aquelas bocas abríanse, deixando ve-los dentes brancos e sanos e os ollos botando lume de contentos. Cando unha delas volvía a cabeza, cen ollos tomaban auta anque non houbese máis dun par a quen interesase aquilo. O favorecido inflábase e os demais arrabeaban por conseguire outro tanto.

Os homes casados e vellos, rencostados nos pilares ou de pé no medio, tesos como canas de millo, agardaban a saída do crego. Nas súas caras nada se leía: a mocidade había pasado para eles e non vivían máis que nas penas e traballos. Acudían alí porque si, e porque non querían contos con o crego. Cando no coro o mozerío deixaba oír unha risa contida polo respecto, lovantaban os ollos e sonríanse; tamén eles habían rido, e frecuentado o coro, e gozado dos vinte anos, pero aquela sonrisa duraba pouco e volvían á seriedade do home que ten abondo coas penalidás da vida.

Ás veces, toda aquela xente, alí apiñotada, lovantaba un ruído, o feito por tantas bocas falando quedamente a un tempo cando entraba algunha que sin miramento furaba aquela muralla humana pra porse en primeira fila, arreconchegando a os homes e facendo que rosomasen as mulleres, donas do cacho de chan que lles viña a disputa-la que chegaba tardeira.

Otras veces estalaba entre todos un tosido coma un cañonazo e no auto, como si asperaran esta sinal, reventaba unha estrepetosa tormenta de toses que duraba cinco ou seis minutos, e de toda aquela masa que se apiñaba nun lugar, sin un burato por onde entrase o aire, saía un vapor, mistura de mil cheiros, burruallo que enchía a igrexa e rescendía fóra, facendo brila-las pin-gas de sudor nas frentes de todos.

O sancristán saleu con súa sotana e súa sobrepeliz. Mirou dende as escaleiras do altare maor o espectáculo aquel, pareceu satisfacerlle, e sin moi-



tas cerimoniais e co menor respeto posible despabilou unha vela, logo outra e así que acabou de arreglalas todas, subeu ó púlpeto, examinou o pano e baixou pra dar unha pescozada ós rapaces que estaban preto da virxe pra alampala cera que se escurría; aforrábanlle o traballo de recollela co que el non estaba de acordos. Berraron os pequenos e fuxiron, reíronse as mozas, e as vellas, interesadas máis directamente por aqueles inocentes, despelexaron coa lingua ó sancristán nun santiámén e algunhas sentaron no colo ós perseguidos inxustamente.

O sancristán houbose de decatar da marmulación de que era obxecto, porque meteuse entre elas como nun patacal, pisando a unhas e atropellando a outras, pra vir a poñerse no medio; e alí, fero, erguido e con unha maou nos cadrís, esperou. Nadia alentou e, asegurada súa autoridade, volveuse da mesma maneira que viñera e entrou na sancristía, volvendo antes a cabeza como si dixera: ¡Coidado!

Pouco despois asomou a cabeza o crego que saleu con paso reposado, enterouse con unha mirada fixa e dura de que a parroquia acudía enteira, e axoellándose ante o altare, rezou coa cabeza baixa e os brazos abertos.

As mulleres levantáronse e puxéronse de rodillas, oíuse un murmullo como o da onda do mar que se desfai xemendo no areal, e despois unha tempestade de tosidós, como preparación pra garda-lo silencio con que debía escoitarse a palabra divina. Logo, érguese o crego lentamente, santiguouse e subeu ó púlpeto.

## II

### DESPOIS.

O adro, arrodeado dun valado, tiña dúas saídas; unha cerrada por unha cancela de paus de toxo que daba á corredoira; a outra era un pasadoiro con tres lousas embutidas no valado que daba ó agro das Xestas. Ó cabo do pasadoiro, un carballo vello e torto escagallaba polos arredores unhas pólas máis gordas que un ameneiro, e daba sombriza con súas follas a un bon cacho de terreo, e na traseira da igrexa, outros dous carballos gardaban do sol aquela parte do adro e do camiño que pasaba lambéndoo.

Cando acabou o sermón o señor abade, era xa de noite. O nordés chegaba xemendo ó montouto, sobre do que se erguía a igrexa, traendo tódolos ruidos que recollía na veiga e nos pinares veciños; sentíase fresco. Os primeiros, que encheron de rires e de loitadas o adro, espaxándose por el de présa, foron os mozos, que se puxeron en dúas ringleiras á beira da porta, despois, os homes feitos, amostráronse cachazudos e calados, indo pouco a pouco ó rincuncho, onde formaban corro, sacaban os cigarros de a carto, arreglaban o papel, que suxetaban pola esquiniña nos beizos, abrían a navalla, picaban o tabaco, liábano e gardando sempre o mesmo compás, acendían os cigarros no lume que arrincaban dos esqueiros de corno. Pola seriedade con que facían

esto, falando do tempo, da sementeira, da contribución e do recaudador, poi-dérase crer que se atopaba un entre medias do Senado Romano.

As mulleres saíron da igrexa cási que á escuras, porque o sancristán era moi económico e cando se retirou o crego, botouse sobre as velas, dando cada soplido que fixo abanea-lo manto da virxe; e o cheiro dos pábilos naquela atmosfera, donde xa non se podía respirar, afogaba e servía de espóra pra vacía-la igrexa a paso de can. Botábanse todas afora, con máis coraxe que si as pincharan, arrempujando e chiando cando sentían as apalpadas dos atrevidos, e os mozos remexíanse con olladas e churrusqueiradas que soilo criticaban as vellas solteiras, porque o que é as rapazas relambíanse de gusto, e as nais... as nais teñen obrigación de ser xordas e cegas, tratándose destas cousas.

Cando toda a familia estivo no adro, armouse unha algarabía de mil demos. Chamábanse us a outros, rían as rapazas non se sabe porqué; eles botaban indireutas, contestaban elas, as nais axuntaban os seus, andaban os pequenos de recadeiros, os homes contestaban gravemente e adiantaban, e xa disposto todo o mundo pra emprende-lo viaxe de volta, co mocerío diante e a xente formal detrás, franqueou toda aquela tropa a cancela do adro e partíndose en dous regueiros, un pra abaixo e outro pra arriba, encheron a corredoira escura, como boca de lobo, animándoa con cántegas cheas de pemento e con risas e retozos de rapacería.

Camiñaban a modo, como quen quer facer duradeira a festa, e a cachos despedíanse os que tiñan a chouza a carón do camiño e os que tomaban polos carreiros pra iren ás súas. ¡Ai, tempos mozos! Gozaban eles, gozaban seus pais, véndoos contentos, e as muchachas, sinón pedían a Dios, desexaban que houbera sermón tódalas noites.

Chegaron a un anaco, o máis oscuro da congostra, partido por un regueiro. Houbo un momento de silencio, esperando que os de diante botasen seixos na ágoa e fosen pasando un a un, no medio deste silencio, estalou un bico que deixou sin fala e coa boca aberta a todos. Un mozo arbolou o pau, fendeu as silvas con el, e dando un aturuxo, que retumbou como un trono, berrou: —¡Reconcho!... ¡Viva a Mariña!

Contestoulle unha tempestá de aturuxos, asubíos e berros, medio afogados pola risa dos que coa cabeza quente e a sangue fervendo, tiñan a misión de manter duradeiro o fogo da vida.

\*\*\*

## A patacada

### I

O día vinte de xaneiro do ano mil oitocentos sasenta, chegaba eu a pé á tasca que está a rentes da ponte de Monelos con máis sede que un can doente. Iba á Coruña a acomodarme, recomendado a uns señores a quen meus pais pagaban de foro tódolos anos cento vinte réas, seis galiñas, un cento de repolos e media ducia de madeixas de cerros. Tiña eu vinte anos e escusado é decire que entraba na Cruña lovando na miña cachola as fantesías máis ricas e astra o título de Condes, ganado en menos tempo que o necesario pra dar un pinchacarneiro.

Botei medio neto, encetei un cigarro e seguíu meu camiño por Santa Lucía e Garás, entrando na Cruña pola porta da Torre de abaixo. Enxamais me olvidarei do efecto que me fixeron a mar, os barcos, os foxos, a ponte con cadeas e os soldados que gardaban a porta. Inquirindo de todos, fun polos cantós a dar na calle Real, onde vivían meus amos. Recibíronme moi ben. Fíxéronme sentar, que ben o necesitaba, colléronme o lote onde lovaba toda a miña riqueza dos días de festa e despois de atracarme con un par de ovos fritos, un toro de pescada e unha roda de queixo, entrou o señorito que me mirou, conoceume e sentouse a meu lado con moita llaneza.

Era o señorito un escachapedras mimado por seus pais, dos meus anos, alto, garrido, bon mozo, con dentes brancos coma a neve e unhas guedellas roxas e rizadas como as do santo Neno da miña parroquia. Alumiábanlle os ollos como dous tizós, estaba sempre rebulindo e facía cada trasnada que tocaba a groria.

Preguntoume por todas as rapazas da parroquia, como si as conocera de vello. Dinlle noticia abondo e polo visto agradoulle a puntualidá con que o fixen, porque púxome a man no lombo, decíndome:

–Bartolo, voute a facer meu edecán.

Eu conformeime, anque non comprendín o que quixo decirme.

Logo chamou á criada.

–Trai café pra Bartolo.

–Esa é bebida de señoritos e eu nunca a probei.

–¡Mellor! Saberache a groria.

Trouxeron o café, o señorito proparóuno, o deixou enfriare, e doume a taza decindo:

–Bebe dun golpe.

Bebino, pro ó acabar sentín na boca e no estómago tal amargura que creín que botaba os fígados.

–¿E esta é a groria? –preguntei cusbindo coma unha fonte.

O señorito riase coma un condanado, do intento non había botado sucre. Era milagre que non fixese unha das súas. Caín nas mas de bon maies-tro, e léveme o demo si ó cabo dun ano non estaba máis espabilado que as velas do manumento de xueves santo.

Limpáballe a roupa, lustráballe as botas, leváballe as cartas ás señoritas que cortexaba, fumáballe os cigarros, gastáballe a roupa que deixaba e cando non tiña cartos pedíallos e dábamos, porque non era cicateiro. El púxome en camiño de moitas aventuras e si algunha ves sucedeu que a froita que eu quería pillar, a cobizaba el, facíame o sueco e buscaba o consolo en outra parte.

## II

Tiña o meu señorito us amoríos con unha señorita, cásique unha nena, de ollos negros como mouras, pelo crecho e abundoso, guapa ¡así Dios me salve! A esta non lle esquirbía cartas, nin lle facía picardías; paseáballe a porta con moita formalidade, que non amostraba máis que naquel caso, porque nos demais o demo me leve si non era o trasno maor de toda a vila. Non había entre os dous, non sei si por cortedá del ou por querenza dela, máis intelixenza que a dos ollos. O conto é que facían boa parexa.

Estábamos nas vísperas do antroido e non se falaba máis que de bailes. Preparaban as señoritas seus traxes, pedían frores, xasmís e camelias e en moitas casas facían exercicio de pernas con o que ter tertulia.

O señorito colleume un día polo brazo e díxome:

—Pregunta a qué bailes vai a señorita Laura. Si o averiguas, lévoche á Patacada.

Vin o ceo aberto. Ir á Patacada, a un baile, a darme pisto coas mozas que me traguían revoltos os sesos! Non tuven labor de máis présa que dar cumprimento ó mandado. Costoume traballo. A criada da señorita tiña relación con un cabo da artillería e non se dignaba falar con nadiá. Busqueille as beiras. Valinme do cabo, costoume o café e catro cigarros de a catro. Os tres días cheguei coa contestación ó señorito.

—Vai ó teatro o xueves de comadres e leva un vestido de *tantarantán*, color de rosa. Vai tamén o domingo de carnaval e o de Piñata. Creo de min que...

Non me dou tempo pra máis, meteu a man no bolsillo e largoume medio peso e sete cartos.

Era canto tiña.

## III

Chegou o lus de antroido. O prêmeo maor da lotería non se espera con máis ansia que eu esperei este día. O señorito cumpreu súa palabra. Pola mañán, coa dozura que empleiaba cando iba a facer unha xudiada, doume unha lavita, un sombreiro de copa e us guantes.

—Este é o traxe pra o baile, hai que ir decente. ¿Queres cartos?

—¡Ei!... dixen movendo o corpo, non veñen mal.

—Toma trinta reás pra a entrada e a convidada. Non te corras moito, canto máis lles des, menos cobrarás.

Nunca me olvidarei destes consellos; ele era novo, pro sabía moito.

As irmás do señorito cando me viron en traxe de baile parcíaa que querían rir, pro non pasou dalí; estiráronme a lavita, fixéronme o lazo da corbata, dixéronme como había de poñe-lo sombreiro e saíron á ventá a ve-la figura que facía na calle; coído que entón riron a oito; non as vin rir, pro sentín algo que me facía porcatar.

Cando entrei no teatro, todos puxeron os ollos na miña persoa. Ríanse como demos, con convulsións de ramo cativo, e os señoritos, que eran moitos e bulían por todas partes, viñeron a saudarme, reconócéronme a chisteira, a lavita e os guantes; dixen de quen eran e armouse unha troilada tan ruidosa que toda a xente arreuneuse en torno noso. Un chantoume un burro con eso no lombo, outro meteume o sombreiro polas orellas abaixo, outro guindouse das faldras da lavita. ¡Nunca Díos me dera! Dendes que entrei astra que saín non me deron vagar eles nin elas, naquel inferno que eu maxinara un paraíso.

Nun palco estaba a señorita Laura, moi ben posta e calada, no medio doutras señoritas que falaban como cotorras e ríanse como coellos, vendo as barbaridás da xente moza; porque todo aquilo que facía rir a mozos e vellos vin a decatarme máis adiante de que eran barbaridás que non tiñan disculpa nin na miña aldea.

Como o recebemento non me agradou nin mialla, e eu non tiña ganas de leria, dispoñíame a contestar a mascadas a todos aqueles papulitos cando distinguín a meu señorito que acababa de chegar. Entrou no salón como un raio collendo do pescozo a unha moza que estaba na porta. A señorita Laura apercibouse de contado e botoulle unhas olladas que valían máis que vinte cartas, pro non se rieu, mentres que as súas amigas esmendrellaban a carcaxadas.

Coa súa moza meteuse o señorito entres da xente. Logo o arrodearon un fato deles tan boas pezas como el; todos tiñan as chisteiras magoadas e lovaban guantes. Veume e chamoume:

-¿Que fas aí como un papo sorodio?... Hai que espabilarse.

Ademais do recebemento que me habían feito aqueles lacazás, estaba aturrido. Era a primeira ves que me atopaba nun salón tan grande, cheo de xente que paseaba, ría, berraba, brincaba como si fora aquilo unha xaula de tolos; co chan tremando como si estivera pra esgazarse e nos fose a come-la terra; cos ollos doídos pola lumiada que derramaba a araña guindada do teito; e nos pés, e nas orellas, e na ialma a polveira que poñían a dansita e o valse-polka tocados por unha múseca que somellaba un coro de anxos. Eu non me daba nin me din conta de todo aquilo, astra moito despois de saír das mas daqueles xudíos.

Da xente, a maoría eran criadas de servicio que os señoritos osequiaban dunha maneira rara. Bailaban con elas, us botándolle os brazos ó pescozo e afogándoas, outros collidos dunha man, estes aferrados ás orellas, aqueles levándoas á carreira, e deixándoas caer ó millor, e todas discurrindo mil xudíadas que celebraban os mirós do salón e dos palcos. Non era aquilo pra animarse, pro o señorito que non se paraba en barras e conecía ben o xogo que traguía entre as mas, díxome:

–Aspera, que vamos a bailar *os alanceados*. Teste que ir impoñendo.

Toda aquela tropa aprobou o dito, falaron quedo, fóronse polo salón e volveron con rapazas novas, moi satisfeitas e alegres. Oíronse tres golpes de bombo e ó pouco tempo meu señorito, dous bribós máis e eu, cada un con súa muller, estabamos colocados como pra xogar ás catro esquinas.

Era *os alanceados* un baile de que enxamáis poden comprende-la gracia. Había que facer solo, no medio de todos, puntos de fandango, poñerse con unha perna no aire e a lingua de fóra, axoellarse astra deitarse. As muchachas atopaban ben aquilo, de min sei que non me gustou. E por remate e para que a festa fixese as delicias da señorita Laura e das súas amigas, cando obedecendo a meu señorito acababa de deitarme, botou sobre miñas costas á súa parexa, e logo outra, e todas, deixándome no chan con aquel peso enriba, afogado, feito unha sardiña escanchada e oíndo un palmoteo que enxordou todo o teatro. Os pícaros habían feito conmigo e as rapazas un palleiro de carne que rebuleu pra desfacerse unha chea de tempo e que ó fin o conseguen. Cando me puxen de pé, todo avergoñado, boteime pola porta afora, deixando no salón o sombreiro e unha falda da lavita.

Xa na casa, non poden menos de decirlle cando me mandou retirar:

–¡Boa ma dou, Señorito!

–Así deprenderás, contestou tan fresco como a augoa de Santa Margarita, e meteuse no leito.

\*\*\*

## O descomougado

Alá polo ano de corenta e seis –tiña eu trece– os cregos eran os nosos donos. Nada se facía sin seu consentemento, nin nada se estrevía a levarlles a contra cando viraban o fociño.

O que vos conto oíno, cando era mozo, a meus pais e á Sra. Ramona. Eu, non vin máis que unha cousa que xa vos direi, que me quedou tan cravada na mamoria que aínda hoxe a estou vendo.

Casi que ó pé da nosa casa, ó outro lado do souto de Espernoca, está a casa do Sr. José de Santiso. Era un labrador mui traballador, moi honrado, de moita labia e moi rico. Cando venderon os bés da Nación, el puxo os ollos nunha leira de cinco ferrados e medio, de primeira calidad, que lindaba con súa horta e que como do Iglesias sementaba o crego de patacas, cebolas, repolos e chícharos, que lle daban un bon escote. Sacárona a remate. Bufou o crego e dixo que estaba condanado o que a mercase; pero o Sr. José que había servido ó Rei e chegado a sarxento de granaderos da Corona, e había visto moito, corrido moitas terras, matado moitos fauciosos e aprendido moito, rieuse do crego, foi á subasta e fíxose coa finca por uns cantos miles de réas.

O crego –Dio-lo haxa perdonado– non tivo labor de máis présa que botarlle as pauliñas na plática do domingo. Dixo que Dios había feito a Igrexa e que para mantela lle había dado aqueles bes, que o que roubaba esos bes roubaba a Dios, e que José de Santiso quedaba fóra da Igrexa como xudío e ladrón, e chamou sobre el todas as plagas da terra e do inferno.

Alborotouse a parroquia e por un tempo houbo algús –moitos– que non se estrevían a falar co Sr. José; pero ó fin vendo que non lle salía rabo, nin o comía ningún demo, nin morría cheo de vermes, e a finca si producía en mas do crego, daba máis co traballo do Sr. José, fóronse esquencendo da pauliña e cando eu o conocín o Sr. José era a primeira persoa da parroquia. Tiña tres fillos máis pequenos que eu e a súa muller era mui boa muller. Cando eu pasaba por diante da súa casa de volta á miña levando a vaca marela da corda:

–Antonsiño –decía–, vaime por unha cuarta de aceite.

Outras veces:

–Antón, tráeme un ichavo de pemento.

Entón non había cadelas, nin cás.

Eu iba. Á volta poñíame a corda na man, quitábame a pucha e enchíaa de pexegos, cereixas, figos ou mazás según o tempo.

Pois ben, este Sr. José púxose enfermo; quixo confesarse; foi o crego a elo e díxolle que non lle daba a absolución si non devolvía a peza que había roubado á Igrexa. O Sr. José dixo que non había roubado nada, que a peza lle había costado os cartos, que si estaba queixoso reclamara do Goberno e que o deixara morrer en paz e en gracia de Dios. Alborotouse o crego e marchouse. Chamaron a outros e ningún quixo vir. Morreu o Sr. José e o crego negouse a enterralo en sagrado. O Alcalde, que era un malpocado e tiña máis medo ó crego que a unha serpente, puxo un oficio ó Gobernador, o Gobernador puxo outro ó Obispo, o Obispo contestou que estaba ben feito, o Gobernador díxo-

Ile ó Alcalde o mesmo e o Alcalde doulle conoecemento do choio á Sra. Ramona. A todo esto habían pasado nove días. O Sr. José estaba deitado entre catro blandós, nunha caixa negra reviteada de estirilla douro e fedía a oito leguas, tiña os ollos cerrados e a boca medio aberta; habíanlle posto un hábito branco con bolras e nas más un crucifixo. Desde a porta víase todo ben; nunca o olvidarei. Os rapaces íbamos por alí de cando en cando, porque xa sabedes que cando hai morto péscase algo; e con Pepiño, o fillo maior do Sr. José, faciamos os mandados, que sempre hai moitos en esos casos.

Vaia ¿que non vos decatades onde enterraron ó morto?... Pois na mesma peza que o crego decía que lle roubara. No medio dela cavarón a sepultura. Todo era faladurías, pero todos os veciños acudiron ó enterro. Cargarón o morto o pai de Gorecho, Pepe o *Chusco* e dous veciños do Regueiro. Todos morreron vellos; Dio-los teña no Ceo, a tapa a levaban catro mozos solteiros. Detrás iba a Sra. Ramona con seus fillos collidos das más; despois os homes descubertos; mulleres, había poucas: tiñanlle medo ó crego; os rapaces andá-bamos escangallados por todos lados.

Chegamos á leira e puxeron a caixa no medio, algo soparada da cova. Arrodiouse a Sra. Ramona e todos nos axeollamos en redor. Ela dixo o rosario; tiña na man un rosario de contas negras máis gordas que noces. Non choraba, de cando en cando, miraba ós lados e baixaba os ollos que ás veces par-cía que lostregaban. Despois da latanía e dos Padrenuestros pola ialma do difunto, a Sra. Ramona ergueu a cabeza e mandou:

—Un Padrenuestro pra que el Señor perdona a nosos enemigos.

Oeuse durante un rato un ruído como si fungara o vento, despois:

—José!... ¿oícheme? —dixo a Sra. Ramona.

E Pepiño —que estaba de rodillas en frente, na cabeceira do morto— chorando e con vos afogada como dun home, contestou:

—Si.

A todos se nos puxeron os pelos tesos. ¡Pareceunos que era o morto o que había falado!

Entón a Sra. Ramona levantouse, fixo a señal da cruz na frente do morto, puxeron a tapa ben cravada, arrimaron a caixa á cova e a baixaron con us adibales. A Sra. Ramona coulleu unha presada de terra, rociouna con agua bendita —que un veciño había traguido de San Xulián nun pucheiro— deixouna caer sobre a caixa e, dereita, enteira, apregando os puños e erguendo os ollos ó ceo:

—¿Esto —clamou— é a relixión de Cristo?

Todos choraban, non sei si de door ou de carraxe.

\*\*\*



## A minsión

O señor abade no refertorio da misa parroquial díxonos que nosos pecados eran moitos, pro que a misericordia divina era maor e que, coidándose de nosoutros como ovellas súas que éramos, que o mellor modo de poñernos no camiño do ceo é conseguí-la absolución de nosos pecados, era traer us minsioneiros que sabían moito e que moito ben nos farián; polo que tiña determinado pedirlle ó Sr. bispo que nos fixera aquela gracia, que non todos os pobos podían alcanzar; e como estaba seguro de conseguila, que nos preparásemos pra recibir como correspondía ós minsioneiros.

Como é de consiguiente, axuntámonos no adro e falamos do conto. Nesto achegouse o compadre.

–Vámos a ter minsio, lle dixen.

–¡Minsio! non temos mala minsio todo o ano, bota-los figados pola boca.

–Non fagades caso do que dixo o meu compadre, porque en toda a parroquia e nos arredores téñeno por algo xudío. Razón, si se vai a ver, haina; nunca estivo mui conforme co crego, nin nunca dou un carto pra as funciós nas confradías; el di que o necesita pra comer, que o crego xa ten abondo e máis que a el, e ós santos non lles falta nada no ceo; e cando chega o preceuto a muller o leva a rastro coma a un can que non se deixa amarrar. Pro fóra desto, é o home máis de ben de toda Galicia; súa palabra é unha escritura; non fai mal a ninguén, anque o firan con unha aguillada, e ningún probe chega á súa porta sin que saia con un codelo nas mans.

O conto é que chegaron os minsioneiros –eran dous– e que se proprou todo ben pra que non se marchasen queixosos. O día fixado, saleu a minsión da igrexa pra o souto. Iba primeiro o pendón, que o vento barallaba facendo abanear a *Pelouro*, que camiñaba baixo o agarimo dunhas cantas copiañas, logo o sancristán, coa cruz de prata, e despois os minsioneiros, o Sr. alci-preste, co crego da nosa parroquia, os de Vidueiros, Lamelas, Tranqueiro, Mourente, o capelán do Congostro e o coxutor de Peirallo, todos de sobrepelices rizadas e máis brancas que a neve; de zaga toda a xente da parroquia e das veciñas. Nadia faltou, todas as portas quedaron pechadas e era moita a familia que entrou no souto. Fumos cantando a latanía, e según íbamos chegando nos acomodábamos diante do púlpeto que estaba debaixo do castiñeiro alto. As mulleres sentáronse no chan, coas mantelas na cabeza, os homes de pé detrás delas, coas puchas na man. As rosquilleiras estaban con seus telderetes nunha beira da corredeira, á entrada do souto, e o *Roxo* enfrente, con un pelexo de viño e as cuncas de barro vidrado nun carro.

O minsioneiro era un frade alto e ben mantido, estranxeiro, sei que de Viscaia, pradicaba con coraxe e nos expricou o que era o inferno. O compadre ó oílo doume unha codada.

–Polo visto foi veciño del, dixo quedamente.

–Cala e escoita, que estas cousas non as entendemos nosoutros.

–Así é, pro, si non as averiguamos, sempre estaremos o mesmo.

—¡Quen sabe!

Sigueu o frade predicando e meneando os brazos como unha roda de muíño. Falounos de Noso Señor, do que padecera por nosoutros e do mal que lle pagabamos. Berraba moito pra que o oíran todos; afogábase e non se lle entendía. El creeu quizais que non o escoitaban e esforzouse máis. O bon do compadre quentábame ás veces a orella con churruscadas; eu, calado. A vosoutros podo amostarvos as cousas con franqueza, porque xa víchedes máis mundo e gozáchedes nesas terras de máis libertá que nosoutros; pro eiquí nestas argalladas hai que mirar ben o que se parola, pois por unha faladuría pérdese un home.

Volviendo ó conto, direivos que o minsioneiro estirouse máis da conta, e como estamos fartos de sermós —e esto non vos custará traballo crelo, porque os das nosas parentas abastan— un primeiro, outro logo e outros despois, foron caladamente soparándose e arrodando o carro do *Roxo* e as mesas das rosquilleiras pra botar un cigarro, ou un vaso, ou tomar unha rosquilla con unha copa de resolio.

O Sr. alcipreste, que non é lerdo e axexaba, decatouse de contado e mandounos ó coxutor.

—¿Que facedes aí? ¡Canastos! —(Non dixo canastos, pro eu ben sei o que escribo).

—Xa o ve, remollamos a gorxa.

—Eh!... cásiqúe tedes razón... A ver, *Roxo*.

Limpouse os beizos coa manga, e:

—Este non sabe predicar —dixo. Pra sermón o do capelán do Congostro o día de san Antón, pro... Vaia, señores, que van a saca-lo Cristo e temos que estar todos; acabade logo. ¡Ea!... pra diante.

E todos botamos a andare.

Chegamos a tempo. O minsioneiro sacou o Cristo e nolo presentou dicindo:

—¡*Aquí lo teneis!*

Daquela, as mulleres, como si as movea unha máquina, axeonlláronse e puxéronse a chorar con us alaridos que somellaban aturuxos; os homes abaixamos as cabezas.

O minsioneiro entón arrancounos a promesa de que nos enmendariamos e procurariamos pola salvación das nosas almas e a Minsión volveu á igrexa polo mesmo camiño; solo iban as mulleres e os rapaces tras dela. Era unha desfeita. Despois...

Despois continuamos traballando, comendo, bebendo e durmindo, como antes, os que estaban afeitos ás picardías, seguiron fecéndoas, os que deron palabra de ser bos si non a cumpriron tampouco se membraron do predicante, e da minsión non quedou máis recordo que unha crus negra, mui grande, con un letreiro, que espetou non souto o señor abade.

\*\*\*

## As pláticas do vinculeiro I

Antonte púxenme o traxe de festa, metín nun cestiño media ducia de queixos, dous lacós e unha pola e ás dez da mañán, sin dar-me présa, dirixinme á casa do Sr. D. Vítaro Figueroa, o maiorazgo de Santa Mariña. Iba a pagarlle tres réas e dazasete maravedís que lle pago de pensión pola peza Candonga que testa polo nordés co cómaro da leira de Palla-torta. Petei á porta e logo veu a abrir unha das rapazas cos pelos arrupados e un sacho na man.

–¿Que hai, Taresa? ¿Están os amos?

–Sí, señor Antón; entre. Vou avisar.

–¡Ben! agardarei.

–Non, veña comigo, que a señora ama está na cociña.

–¡Carasto! ¡Que guapa estás! próbache o servizo.

–Hai bon trato, boas talladas e bon viño; xa ve! Na miña casa caldo con unto, unha berza, catro fabas, dúas patacas e broa de oito días; todo lévedo e non sempre a xeito.

–¡Si!... é a lei do probe: ganarás o pan co sudor do teu rostro, e cando non poidas sudar... morrerás de fame.

–Señora ama, aquí está o señor Antón –dixo Taresa, entrando na cociña.

Daba groria ver aquela cociña, maor có meu salido, con espeteiras cheas de cazolas negras, brancas e douradas; no lar, guindado da gramalleira, un pote de ferro máis grande que o grobo da festa do patrón, e arredor do lume non sei cántos pucheiros e tarteiras de barro vidrado.

–¿Que hai Antón? ¿Que che trai por aquí? ¿Como están a parenta e o fillo?

Así falou miña ama, achegándose a min coa ferrada na man dereita e un xerro na outra.

–Todos bos, gracias a Dios, pra servir a vosté... Viña a saudar a meus amos e a pagarlle a pensión; e de paso a que recollan esta picotada, dixen alargando o cestiño, do que retirei o pano branco, que o cubría.

–¡Ghasús! ¡Que tolos! Volo estou decindo tódolos días... e nada! Ben sabe Dios que o agradezo, pro non debedes facer estas cousas, os tempos están malos.

–Sí, miña ama. O maínzo con tanta augua empodrece e si non hai maínzo non hai qué levar á boca, pro a obrigación é primeiro que a devoción.

–Non tanto, Antón. ¡Vamos! Son as once, non xantaches, ¿é verdá?

–Non, señora; é moi cedo.

–Pois séntate... séntate.

–E non poderei falar co Sr. D. Vítaro?

–Sí, home. Ti, Taresa, chama a Manoel.

Berrou Taresa e compareceu Manoel; é un vello con máis anos que Matusalén, el di que xa se esqueceu do día en que nacera, botádelle noventa anos.

Levoume Manoel ó salón onde estaba don Vítaro; e eiquí teño que determe pra darvos unha idea deste señor que é, mellorando o presente, o fillo de Galicia que, tendo unha boa fortuna, menos lle pide e máis fai por ela. É home que está ben. Seu pai deixoulle moi saneado o vínculo que tiña, composto de tres ou catro casas na Cruña e Santiago, e nos arredores de seu petrucio, e nas parroquias veciñas unha chea de leiras, foros e lugares; cuasimente ó pé da fraga de Pedrouzos, indo pola cortiña do Rego, ten un lugar que lle dá cento vinte ferrados, e o caseiro que o leva non o arrea a tiros, porque nunca lle sobe a renda; tampouco lla sobe ós demais, vén o ano malo e non apura ou non cobra; saca de apretos a todos: é un bon señor. ¡Oghalá houbera moitos coma el!

A súa muller xa a víchedes, é unha guapa señora, un pouco máis nova que el, de pelo branco, ollos negros rebuldeiros e máis rufa e arrichada que unha moza solteira. Sempre está bulindo, non ten unha mala palabra pra nadia, faise dela o que se quer, e si lle falan de seus fillos, un coronel de artillería en Madrí ca fembra casada na Cruña, despois de da-la camisa e capas de arrincarse o pelexo.

Xa sabedes quen son meus amos, e volvendo ó conto, direivos que na sala onde D. Vítaro está todo o día hai carregados de libros postos en alzadeiros coma os da tenda da tía Ramona; tenos enriba da mesa e das sillas, tenos polo chan, eu non sei pra qué díaño quer tanto libro. ¡Como ten moitos cartos non sabe en qué empregalos!... Sempre está lendo.

—¡Antón! ti por eiquí.

—Santos e bos días nos dea Dios, Sr. D. Vítaro.

—¡Bos días, home! ¡Bos días!... Vamos, séntate e cóntame algo. E pola casa ¿comen todos do pote?

—Si, señor; D. Vítaro, e polo de agora non falla; así poida contalo na vellés.

—Bueno, ho, bueno.

—E vosté, ¿leendo como decote?

—Si, estou repasando unhas notas dos acontecementos de Galicia neste sigro, que me recordan os tempos de rapaz e que son o cumprimento dunha palabra dada ó médeco.

—Debe de ser cousa de moito intrés.

—¡Xa o creio! É a relación da nosa vida dende que viñeron os franceses astra agora.

—¡Carámbola! De boa gana a escoitaría.

—Non é dificil. Non tes a casa tan lonxe que non poidas vi-los domingos pola tarde, e astra si queres tragner compañía, podes, que lugar e un vaso de viño hai pra toda a parroquia na casa.

—¿E non estorbaremos?

—Déixate de cortesias, e si non te chama a foliada ou a taberna e queres vir, vés con toda a xente dos arredores. Veredes ó médeco, ó sacretario, ó señorito de Pedrouzos e, outros máis. O médeco e eu predicaremos, e como a cousa ha de ser larga, teredes pra us cantos domingos.

—Así Dios me salve, Sr. D. Vítaro que non poido dar-me maor pracer do que me dá, e si me concede o favor de traer ó compadre, a Farruco e a Pepe do Regueiro, a gracia será como de vosté, e o recoñecemento andará parello.

—Si, home, si; o que queiras, xa cho dixer.

Aprenderedes algo. O home vén ó mundo pra traballar e deprender, e ten obrigación de dar ós demais os coñecementos que adiquira; si non o fai así, rouba a todos. Polo mesmo, eu, que cosechei algo, quero que o meu capital, anque sexa probe, se espaxe entre os nosos, regalarei todo o que teño e como nada pode dar máis do que ten, dándoo todo, nada poderá pedir máis.

—Así é, Sr. D. Vítaro.

—E xa que a mesa está posta, e nos chaman, vamos a facer pola vida, que unha cousa non quita a outra.

Fumos xantar. Eu sentei-me na esquina da mesa, e ataquei de pan a cunca do caldo que rescendía a cousas boas. D. Vítaro falaba, e cando tiña que contestarlle e me collía coa boca chea facía un esforzo coa gorxa e trababa de un golpe, dunha vez creín que afogaba; púxenme máis verde que o alcacén.

Trouxeron nunha fonte coma un goxo o cocido, logo pescada con aceite e vinagre e despois queixo da montaña e us repinaldos; todo o empuxei con sete vasos de viño. Cando arrematamos debían escintilarme os ollos, non se enche a andorxa así tódolos días.

Despedi-me D. Vítaro e me dixo:

—Astra o domingo.

A señora ama colleume o pano branco con que había traguido cuberto meu regalo, e volveume o cestiño ben tapado e ríndose.

Marchei. Cando salín do portalón levantei a cubrición e réinme tamén. Había nel metido miña ama un pano de seda que daba a gloria e un pantalón cási-que novo, que de seguro faría brincar de alegría a meu rapaz.

\*\*\*

## As pláticas do vinculeiro II

Chegou o domingo. Meu rapaz fixo de veredeiro e arrecadou ó compadre, a Farruco e a Pepe do Regueiro, e xuntos fomos á casa de D. Vítaro. Alí atopábase o médeco, o sacretario, o señorito de Pedrouzos e o mordomo de Soandres: eramos nove. Esperá-bannos, e cando chegamos nos recibiron moi ben, nosoutros nos comportamos como cómpre cando se trata co señorío.

Non sei si vos dixer —e si non o dixer, direino agora— que o despacho de D. Vítaro é coma unha aira, ten tres ventás que dan á horta e pola do medio entran as polas dun limoeiro prantado a rentes da casa. Diante desa ventá e en roda puxémonos todos, apegado á vidreira D. Vítaro, logo o sacretario, despois eu, en frete o médeco e D. Ricardo, o señorito de Pedrouzos, e

os demais cubrindo o espazo valdeiro, soo D. Vítaro tiña posto o gorro, era de pana bordado de ouro.

O médeco alcendo o cigarro e seguindo a fala co secretario:

–¿Non lle dé voltas, –decía–, mentras os catelás e andaluces leven tódolos oficios de Galicia non pode esto andar ben, a proba tena en que cando nosoutros pudemos goberna-la nosa casa, todo saleu coma unha seda.

–Pro doctor, ¿que máis dá ser de Castela ou Extremadura pra cumprir ben e servir ó país?

–¡Dá! Porque nin coñecen nosas costumes, nin entenden nosa fala e veñen a apricar leises feitas pra Castela que a nosoutros nos escuadrillan. Non hai que ser tan centralista, podemos ser españoes, pro ser antes de nada e sempre gallegos.

–Así é, dixo D. Vítaro, e non me custaría traballo probalo; pro esta xente vén por outra cousa que o que vostés barallan, e ben será deixar esas custións, pra outro día e que comence eu miña tarefa.

–Si, D. Vítaro, dixo ó médeco, pro no ben entendido de que temos que tratar este conto, que é o máis importante pra todo bon gallego, e como eu considero ó secretario amante da súa terra e quero levalo por bon camiño, tomo auto do ofrecido e deixo que vosté empece a súa plática:

–Empezarei, pro antes de meterme nas enfunduras do meu empeño, supoño que me deixarán alembra dos meus primeiros anos, fraquezas de vellos que non fan dano a nadia e que si non son necesarias pra coñecemento do asunto, pode que máis adiante sirvan de explicación a moitas cousas que teño que contar.

–Por descontado, dixo o médeco.

–Esas explicacións folgan, Sr. D. Vítaro, añadeu o señorito de Pedrouzos. Vosté ha de face-lo gasto e nosoutros non hemos de medilo.

–Pois darei comenzo:

Meu pai era vinculeiro de tódolos bens que poseio, e rompendo a costume de estonces solicitou unha chalreiteira, que por intercesión do célebre Godoy concedulle seu socio o señor D. Carlos IV. Cando o 2 de maio era capitán da guardia real provincial e non avíndose cos franceses veuse fuxido a Galicia, onde, despois de botar unha ollada a seu vínculo, foi á Cruña, alí déronlle a compañía de cazadores de Navarra. Estouno vendo co sombreiro apuntado medio de través, a casaca de peto marelo abrochada e entalado no corbatín que lle subía astra as orellas. Era alto e delgado, falaba pouco e obraba moito. Casouse o ano 18 e eu nacín o 19.

–¡Canastros! ¡D. Vítaro, ten 75 anos!

–Si, meus fillos, día por día.

–Os leva ben ¡ogallá nosoutros cheguemos a eles!

–Así sea. Meus recordos non pasan do ano 25. Viviamos en Santiago entón, mandaba Eguía coa axuda de Badía, Asorey e o cabildo, e meu pai, que asegún soupen despois era dos sospechosos e fora *purificado*...

–¿Purificado, D. Vítaro?.. ¿E iso que é?

—Direivos. Cando veu de Francia Fernando persigueu a tódolos que se escornaron pra conservarlle o trono, e os liberás pra liberarse das poutas dos satélites daquel tirano tiveron que acreditar que non habían sido liberás e botaron mao dun recurso que inventaron os absolutistas pra colle-los cartos ós que non guindaban da forza. Pro, si a cada palabra miña ides a pedir explicación temos conto pra lonxe.

—O que ñora todo, todo o pregunta, e si non pregunta ñorará sempre.

—¡É verdá! ¡Tedes razón, vamos pra diante. Meu pai, purificado, estaba *indefinido* e tódolos meses o día primeiro, chantábase o uniforme e iba ó Consistorio á praza do Hospital pasar revista de comisario, non a cobra-la paga, que Fernando era mui económico e non pagaba a nada, sinón a mostrarse, cumprindo as ordes do xeneral. Os tempos eran malos. Meus anos non me deixaban comprendelo, pro cando cheguei a mozo e meu pai contábame a súa vida, vin craro e enchinme de coraxe por todo aquilo que xa pasou pra non tornar máis.

\*\*\*

### As pláticas do vinculeiro III

Un día, pola mañán cedo, miña nai lavoume e púxome o traxe dos días de traballo; doume unha chea de bicos, pintoume as diversións que tendría na escola á que iban tódolos nenos cantando e bailando, e chamou a meu pai. Mostrouse ca su levita abrochada, sombreiro de copa enfundado en hule negro, que brillaba coma as botas, e na mao unha cana de Indias, con puño dourado. Colleume da man, e botou a andar, eu berraba coma un condanado, saleu miña nai á escaleira a animarme, e o meu pai dixo:

–¡Chist!

Calei. Levoume collido sempre da man desde a Rúa do Vilar, onde vivíamos, á Raíña. Eu acompañaba a camiñata co hipo do choro contido polo respecto, e as bágoas que dende os ollos viñan como dous regueiros á sumirse na miña boca. Diante dunha casa terrea coa ventá medio aberta e un portal pisado de terra e máis negro que a leñeira da miña casa, paráronme. Escoitábase un ruído coma o que facíamos no comedor, anoitecido, cando miña nai rezaba o rosario, arrodada de todos que axoellados e abrindo a boca a cada *Ave María* lle contestábamos; e despois, cun rempuxón, entrei no portal, pasei da porta e vinme de súpeto entre vinte ou trinta rapaces que abrían os ollos como noces contemplando a meu pai que de pé, cuberto e apoiado no bastón, estaba na porta. Eu suspendín o choro pra recorrer cunha mirada todo aquilo, envolto nunha obscuridade coma a das igrexas, e ocupado neste, ouín unha voz que decía:

–Beso á V. S. la mano, Sr. D. Ugenio.

Volvínme, o que vin causoume tal terror que me arreconcheguei e apreitei ás pernas do meu pai. Estaba alí un home pequeno, de cara abafada, cun gorro negro puntiagudo na cabeza, as cangallas na punta da narís e unhas correas na man.

–Trágoille o rapaz –dixo meu pai–. Entón todos en Galicia falaban o gallego menos os estranxeiros. –Trátemo ben, e nada de diferencias.

–Está ben, Sr. D. Ugenio; será V. S. compracido.

–Virán a traguelo e a buscalo. Xa me dará conta do que adiante.

–¡O mesmo que fixeron con nosoutros! –dixo o compadre–. Sr. D. Vítaro, corren os tempos e fiamos hoxe coma antonte...

–Non, home, non, dixo D. Vítaro; parece que son iguais e non é así; sempre traen algo novo, que mellora o pasado, os que veñen detrás teñen outros alentos e remendan o quealcontran, pra que se cumpra a lei do progreso; e nunha cousa tan pequena coma esta tedes a proba: antes matábannos cas correas e as palmetas, e agora o máis que fan é tocarlles un croque ou arrearlles unha zafañada. Conviñemos todos e sigueu D. Vítaro.

–Marchou meu pai e deixoume entre tanto rillote coma alí había; recibíronme ben, logo fumos amigos e, cando veu Manoel a buscarme pra ir a xantar, xa non me pareceu tan mal volver a estar entre eles. Os tres primeiros días ben, dende o cuarto empecei a padecer; puxéronme o *Christus* na man: aqueles garapatos negros bailaban diante dos meus ollos unha danza de demos;



gustábanme máis os cantos con que entrábamos e saíamos da escola, cantos que logo dependín e que repetía miña nai con gran contentamento dela. Así foi pasando o tempo astra que entrei en proceso.

—¡Cáspita! exclamei eu, cando me puxeron a proceso doume meu pai catro cartos.

—Pois a min non me dou nada, dixo don Vítaro, e alégrome de que chos dean, pro ben podías estar calado e non estripa-lo conto.

—O *Dómine*, que así lle chamaban entón ós maestros, moíanos a azoutes e inda hoxe, despois de tantos anos pasados, paréceme que sinto as mans e o traseiro esqueimados. Os rapaces cativos traguíamos o calzón aberto por atrás, e pola regaña saía a faldra da camisa semellando o rabo dunha pola: esto facilitaba o castigo que o *dómine* non aforraba, berrando sempre:

—¡Eu cho direi! despois que nos había posto o cu como unha mapola.

Un día andiben a trompadas co fillo dun tendeiro do Preguntoiro; cando nos sopararon, marchouse berrando: *¡Fillo de negro!* Eu non sei qué sintín con aquelas palabras, que me soaron coma a inxuria maor do mundo; cheguei chorando á casa, saleu meu pai e preguntoume qué tiña.

—Chamáronme fillo de negro e vosté non é negro.

Miroume meu pai, e coa vos repousada dixo:

—Fillo de negro eres e negro serás, e non digas nada; ti eres máis ca eles.

Andando o tempo cheguei a saber qué era *negro* e expriqueime as palabras do meu pai; pro nos días a que me refiro non me cabía na cabeza que me chamasen fillo de negro e en que mo chamase o fillo dun tendeiro.

O ano 33, cando morreu Fernando VII, xa sabía ben o que era ser negro, dábame pasantía de latín un estudante de Teoloxía e andaba a pedradas no campo de Santa Susana cos de San Lourenzo e outros arrabaldes. Logo vestín o manteu e o tricornio e empecei a ser home. Entón empezou pra min unha vida deferente da que lovábamos. Marchou Eguia e Morillo, por terceira vez capitán xeneral de Galicia, volveu á Cruña as autoridades e oficinas que o outro habíalles lovado en odio ás ideas liberás daquela vila. Meu pai dou orden de aparexar pra irnos a Santa Mariña. Facía non sei cántos anos que non habíamos posto os pés nela, entón soupen que Eguia non deixaba saír a meu pai de Santiago. Daquela empezou pra nosoutros unha vida chea de axitaciós e disgustos. Viñeron os fauciosos; nos sete anos que seguiron, meu pai andaba dun lado pra outro mandando un reximento e na maior parte do ano estudiando en Santiago onde rematei a carreira. Dounos Espartero o termo da guerra civil e unha paz á que non estabamos afeitos, e entón meu pai retirouse e meteuse en Santa Mariña: tiña sasenta anos e aínda lle quedou folgo pra xuntarse a Solís no 46 e face-lo que poido pra sacar a esta probe terra da servidume en que a teñen os homes. Morreu o ano 54. ¡Dio-lo teña na súa santa gloria! O que vos vou a contar é a hestoria do que pasou en Galicia no que vai de sigro: contoume el e estudieina eu, e si no meu relato hai algún cabuco, a culpa será miña, por falla de memoria e de disposición pra o caso.

—¡Que cousas terá que contar Sr. D. Vítaro!

—Un pouquiño... Pro non se pode relatar todo dunha tirada. Deixémolo pra outro día, que lle daremos un avance.

\*\*\*

#### As pláticas do vinculeiro IV

O señorito de Pedrouzos e o sacretario, entraron na sala barallando como dúas larchas.

—É un deputado, —decía o sacretario.

—É un home coma vosté e como eu, —repoñía o señorito de Pedrouzos.

—Fixo moitos favores ó destrito.

—Pola súa comenencia, que a nosa impórtalle pouco.

—É unha persoa notable.

—Feita por nosoutros. Notables como el hai moitos centos de que nada se cioda.

—É un deber mostrar agredecemento.

—¡Pouco a pouco! berrou o señorito de Pedrouzos; vosté troca os papés. Quen debe estar agradecido ¿é o que recibe o beneficio ou o que o fai? ¿Sin nosoutros serían algo *eses* que arrincamos da obscuridade e dámoslles con nova representación nome, honores, autoridade e riquezas? ¿Non han de facer nada polo pobo que os elixe? O que fan non é polo pobo sinón por conservalo beneficio. O sistema constitucional, en resumen, é ¡o que non chora non mama!, nombramos ós deputados pra que non choren e nos deixen mamar, e resulta que os que maman son eles e nós os que choramos. ¿Quen debe se-lo agradecido?

—Pro, vamos a ver, dixo D. Vítaro, terceando na conversa, ¿de que se fala?

—Quéixome eu, dixo moi arrufado o Señorito, de que pra facer unha estatua á doña Concha Arenal andamos esmoleando por todos os rincós e non se recolle o que se precisa; e pola contra, hai estatuas e monumentos pra os deputados que non se coidan máis que de atrapar pra si e os seus parentes.

—Vede aí ¿e si non lles levantan estatuas agora, quen se acorda deles despois de mortos?

O Señorito de Pedrouzos caeu na silla escangallado coa risa, o sacretario de pé miraba a D. Vítaro, e logo o Señorito engruñaba o fociño e rascábase a cabeza. Era visto que non lle agradaba a caída; pro D. Vítaro acodeu ó remedio, decindo:

—E sobre todo que vullan ou non ¿podemos nosoutros ser xueces imparciás? Si o merecen os que veñan detrás de nosoutros os respetarán e gardarán súa mamoria, e si non, nadie fará caso deses menumentos que se derrubarán como si foran de area. Pro hai nestas cousas algo que nos rebaixa.

—Non algo, moito, interrompeu o médeco, limpando con arroallo as antiparras coa falda da lavita.

—Falo dos meus e dóeme tratalos con dureza... Si en todo eso hai algo que nos rebaixa, resabios de cinco sigros de servidume, de señores trocámonos en pedichós. Sobre desto hai moito qué decir que eu calo porque todos vostedes o conocen abondo. E un mal que tardará moito en curarse, porque os que se aproveitan del teñen bon coidado en mantelo, pro nosoutros debemos traballar pra que desapareza. Todos os meus sermós virán a probalo, porque todo o que nos pasou neste sigro vén a demostrar que non queremos ser homes e que cando o somos non hai nada que nos gane no goberno da terra. E vou a comen-

zar.

Sigueuse un silencio no que se oiría o voar dunha mosca.

—Non quero falar, —dixo D. Vítaro— do estado de España nos comenzos de sigro, cando os adiantos tan traballosamente procurados por Carlos III perdíanse nos areás inmensos do reinado de seu fillo. Ganas de rir darían a maor parte das súas aventuras, si con elas non aparelhasen a perda do creto e da seriedade españolas, o descalabro do seu poder marítimo e os sacrificios feitos sin medida nin proveito. ¡Probe Carlos IV! Por fantesía dun favorito acometía a Portugal, en favor de Francia, que traballaba á cabeza de seu parente, despois de habela combatido, declaraba a guerra ós ingleses, abría as portas de España e de nosas fortalezas ás lexiós francesas e entregáballes a armada española pra que a asolagasen nas ágoas de Trafalgar. Despois... el, Manoel, María Loísa, seu fillo xoguetes do aventureiro Napoleón, asqueado de tanta baixeza, dono da forza e dominando tanta miseria coa ambición e o xogo da perfidia. A decadenza contida por Carlos III marcouse ás craras nas boqueadas do sigro XVIII: a paso de lobo camiñabamos ó discreto. O poderío español, feudo de morte pola dinastía austriaca, ven a morrer nas mans do máis malpocado dos homes e no máis incapacitado dos reises. Aquelo non era goberno, nin cousa que lle parecera. Por todas partes dábanlle sofíos e aproveitábanse do desorden que reinaba.

Os ingleses bótanse enriba de canto atoparon e caeron sobre do Ferrol, famentos daquel arsenal que nas súas mans prometía ser baluarte fortísimo e factoría importante.

—Sr. D. Vítaro, ¿e qué conta tiña ós ingleses facerse donos do Ferrol?

—¿Que conta?... Ferrol era entón o primeiro dos arsenás do mundo. Donos do Ferrol e Xibraltar, eran donos de España: nada podía navegar nos seus mares e o contrabando facía riquísimos ós mercaderes da isla. Os ingleses non fan nada á fume de pallas, eles gobernarían e esmagarían a España como o facían e aínda fan hoxe en Portugal.

—Entendo, Sr. D. Vítaro, e dispense.

—Pois ben, Warren, o almirante, saleu de Inglaterra disposto a facer presa no Ferrol ou destruílo polo ferro e o fogo. Chegou ó seo bergantiñán cando o Ferrol, completamente esquecido dos homes de goberno de España, non tiñan nin guarnición, nin cañóns, nin defensas, nin recursos pra estrelouza-la acometida. Warren botou non areal de Doniños a xente da súa escuadra e súpeto lanzouna coa artillería sobre do Ferrol. Melgarexo, que mandaba a praza, facendo das tripas corazón, reuniu a mestranza, as tripulaciós e os veci-

ños, mandou avisos á Cruña e con mil oitocentos homes, fixolle cara ó inglés nos curutos da Graña e a remetida foi tan forte que os ingleses tiveron que fuxir. ¡A nada se lle ocorreu astra agora eternizar ese recordo do valor gallego!

–Pro, interrompeu o médeco, hai landás que no presente levantan estatuas a xentes que desaparecen sin deixar memoria da súa existencia.

–Sobre deso xa falaremos, rosmou o Sacretario.

–Xa falamos abondo, e o dito por don Vítaro, abasta.

–¡Ben! –dixo don Vítaro, reserven eso pra despois, e déixeme remata-lo conto.

–Si, Sr. don Vítaro, –exclamou o compadre, pro, ¿non poderei facer unha pregunta?

–Di, ho.

–¿Como con tan pouca xente conseguiron os ferrolanos escorrer os ingleses?

–Pois ese é o méreto da cousa. Botaron man do que atoparon –que non era moito– suplirono co valor de que nunca está baleiro o peito gallego, e apoiados no fogo dos poucos barcos que había na badía, e dos cañóns da praza, infundiron tal temor ó enemigo, que se retiraron despois de confesa-lo Lord que os mandaba, que non esperaba atopar aquela resistencia nos ferroláns.

O capitán xeneral de Galicia cando soubo a chegada dos ingleses, mandou a Ferrol a columna de granadeiros do Conde de Donadío e o reximento de Saboya; lovaban orde de ir a toda présa ó embarque dos ingleses, pro chegaron tarde; o almirante inglés vendo o coraxe dos ferroláns e que os temporás do noroés, que brúan decote naquela costa, arreciaban e obrigaríanlle a deixar abandonada a xente, da que darían boa conta os gallegos, recolleuna logo e librouse de boa; pois as tropas mandadas da Cruña, chegaron a paso de can, pra velos facerse á vela. Todos fixeron leguas do valor dos gallegos; e Carlos IV reparteu gracias entre os defensores, pro a cousa non pasou de eiquí e pra que vexades o deixados que somos na estimación da pátreas, hoxe –xa non digo os gallegos– non todos os ferroláns saben que en 1800 rechazaron seus pais, carecendo de todo, un tremendo ataque dos ingleses.

–E mais ten razón, –dixen eu– porque eu non sabía unha palota deso.

–Nin eu, –confesou o compadre.

–Nin eu, –dixo Farruco.

–Eu tampouco, asecurou Pepe.

–Nin eu, –dixo o sacretario, como con vergonza.

–Pois menos saberán o que vou a contar.

Declarada a guerra ó inglés, os portos gallegos gomitaron corsarios que facían moito danos ós ingleses. E non vaiades a creer que empreaban fragatas e buques de alto bordo, non señor; servíanse de trincados e quechamarís e con eles facían presas de moitos miles de pesos. Cando eu estiben na Cruña, o ano 37, un señor comerciante, xa de anos, e moi entendido, contábame que a Cruña naquel tempo tiña dez ou doce corsarios e que nunha ocasión saleu nun trincado con cincuenta homes a explora-lo mar, e pola noite meteuse no medio dun convoi custodiado por tres fragatas de guerra. Botaron o ollo ó

demais bulto e cabucáronse, porque a fragata que escolleron non era mercante, era de guerra! Metéronse pola popa vinte homes dentro do barco e cando viron berrar ó centinela e acudir ós soldados coa súa vestimenta roxa, dixeron todos: ¡Nos amocamos! pro puxéronse ó pé do pau do maior, sacaron as pistolas e os sabres e comenzaron a festa. O comandante cando se decatou do choio, ademirouse, mandou para-la loita e pideulles que se entregasen. Eles vendo imposible a defensa renderonse e os fixeron prisioneiros da guerra. Os que estaban no trincado, vendo que de nada servían, picaron chicote, e ¿sabedes o que fixeron?... arrechegáronse a unha fragata do convoi, que viña da India e traguía bon cargamento, apoderáronse dela e a o outro día entraban no porto da Cruña lovando cada unha fortuna ben ganada e ben merecida.

—¡Viva Galicia!... ¡Recontre! —gritou Pepe do Regueiro, con máis folgo que un touro—. ¡Esa val por todas!

Eu tireille da chaqueta.

—Mira que estás entre señores, —apunteille quedamente.

—Señor Antón, —contestou en voz desaforada—, vosté non é gallego, nin serve pra facer gallegos. Delle a todos o estusiasmo que eu sinto, e verá si se rin de nosoutros os que nos manexan como carneiros.

—Ben falado, —dixo don Vítaro—. O suceso que eu contei val mil berros a Galicia. O que cale nada sinte, está feito pra servidume. O que louquea coas grorias da terra, ten algo no peito, e ese *algo* pouco a pouco hanos de lovar ó logro dos nosos desexos. Nosoutros fumos criados no temor de todos; nosos fillos van por outro camiño máis llano, deixalos, xa chegarán.

Podería entretervos con outras cousas que son interesantes, porque refirese ó estado de Galicia naquel tempo, pro as votaremos a un lado polo de agora pra coidarnos dos feitos principás da loita contra os franceses, o despotismo e a faución, que tamén nos visitou, anque non tivo a importancia que en outras rexións, porque os gallegos por máis que digan, aguantaremos calados o despotismo, pro nos nosos peitos alumea sempre o sagrado fogo da liberdade.

\*\*\*

## As pláticas do vinculeiro V

Repantigouse D. Vítaro no sillón, mirounos, engruñando os ollos e despois dun pouco de reflexión, dixo:

—O que vou contar non é da miña colleita, son as relacións dun testigo, meu pai, e os informes do Conde de Toreno, autor principal no levantamento do ano oito, e de don Modesto Lafuente, que dá conta na súa *Historia de España* daqueles feitos. Voume concretar á nosa terra, que é o que primeiro debemos comprender, e polo tanto direivos que despois do dous de maio, e vista a perfidia dos franceses, Asturias érguese e declarou a guerra a Napoleón (24 de maio). A Cruña entrementras andaba revolta. Había chegado a ela un oficial francés chamado Mongat, comisionado por Murat pra tomar razón das armas, artillería, tropa e recursos da terra. Foi ben recibido polo xeneral

Biedma, afrancesado, que mandaba entrementes, pro na vila correu a vos de que Mogat había feito fabricar na mestranza miles de grilletes pra contar ós mozos que había de levar de soldados a Francia, e como é consiguiente non se falaba doutra cousa e andaba a xente alborotada. Estando neste trafego, chegou un mandadeiro de Asturias coas noticias do que pasaba, o Rexente da Audencia fixoo retirar axiña a Mondoñedo creendo botar terra ó asunto; pro acabouse, porque traslucouse o feito e cando menos se esperaba entrou polas portas da Cruña e atravesou súas rúas un mozo garrido, montado a cabalo e alborotando con seus berros ós veciños que saían ás portas e ventás a averigua-lo que acontecía. Prendeu o Rexente ó mozo, pra que non falase, pro, como ó seguinte día 30 –San Fernando– notouse que non habían largado a bandeira española nos fortes e pazos públicos, como era de costume, estalou o movemento, axudado polo pobo, a tropa e as persoas de máis viso da vila. Abreu a marcha Sinforiano López, fillo do pobo, gran patriota, de oficio silleiro, de moita labia e imperio sobre os artesanos. Foise con súa xente á praza da Fariña, onde estaba a Capitania Xeneral, gardada por infantería e artillería, e botando diante us cantos nenos con panos guindados da punta dus paus, fixolles berrar: «¡Viva Fernando VII!» «¡Morra Murat!». E coma os soldados se risen, foise achegando Sinforiano cos seus, entrou no Pazo e alí xa convertidos en señores, pediron que enarbolase a bandeira española, que volvese á Cruña o Reximento de Navarra, e outra, e outra, e tantas cousas que Filanxieri, á sazón Capitán Xeneral, veulle a cara ó lobo e furtou o corpo ó choio meténdose no convento de Santo Domingo. A Biedma houbolle de estar cara a saída, e ó Coronel Fabro déronlle unha paliza diante de seus granadeiros, que non se tomaron o traballo de defendelo. Fóronse logo ó Parque e colleron 40.000 fusís, que distribuíron, por certo que no Parque estaba o Comisario Varela, a quen as linguas facían gardador dos grilletes de que falei, e a xente indignada quixo arrastralo. Sinforiano, que era home de recursos, botou man a un retrato de Fernando, fixo alcender fáchós e coa súa labia arrecadou a todos e levounos pola Pescadería, libertando do apreto a Varela.

Nombrouse de contado unha Xunta presidida polo Capitán Xeneral, pro como este poder debía te-la forza e creto que os tempos demandaban, procedeuse logo ó nombramento da *Xunta Suprema do Reino de Galicia*, que cada seis anos xuntábase na Cruña e compoñíase de sete deputados, un por cada provincia das sete que contaba Galicia: Betanzos, Cruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui. Os Aumentamentos reuníronse e nombraron os deputados. A Xunta asociou ó bispo de Ourense, ó de Tui e a Andrés García, confesor da difunta princesa de Asturias. Non tardaron moito os demais pobos en responder á Cruña. O Ferrol, a pesar da oposición do Conde de Cartoajal e do marino Obregón, entrou no concerto xeneral; Lugo, Vigo, Ourense, todos corresponderon como bons. Houbo seus tropezos, que o folgo da Xunta venceu. O arcebispo Muzquiz, estranxeiro, partidario de Godoy, de malísimas costumes, censurables nun calqueira pra ser criminás nun ministro de Dios, queixoso de que non lle desen o primeiro lugar no goberno de Galicia, traballou pra desfácelo e desacreditalo e valéndose da vella rivalidade entre a Cruña e

Santiago, ofreceu, pra despertala, un donativo de tres millós de réas si a Xunta fixaba seu asento en Santiago. A Xunta puxo oídos de mercader e procedeu a modo; o arcebispo atemorizouse e buscou o agarimo do bispo de Ourense.

Como os acontecementos o demandaban, non se durmeu a Xunta Soberana. Concedeu a contribución de millós (tributo de entón); mandou elixilo deputado que había de representar a Galicia na Diputación dos Reinos; decretou o armamento da terra, creou Rexementos, organizou o célebre *Batallón literario*; e a pouco tempo, con un exército de corenta mil homes, esperou o momento de facer ver do que é capás Galicia cando ela soila se goberna.

—E eso demostrouno en todas as ocasións que houbo de camiñar soila, —dixo o médeco.

—Así é, —contestou D. Vítaro. Eso proba que o sistema que temos solo aproveita ós que nos agañotan. Galicia astra os Reises Católicos foi mandada por seus fillos e como sabían a quen mandaban, e o que mandaban, non podían facelo tan mal coma os que hoxe dispoñen de nosoutros, sin sabe-lo que somos nin dónde está nosa terra. Entre o feudalismo do sigro XV e o feudalismo de hoxe, eu prefiro o outro. Si alguén nos atafegaba, eran gallegos, e tiñamos o dereito de tronzarlles a ialma cando nos estricaban. E hoxe a esmola que nos dan os castelás, despois de moitas humillaciós e traballos, parece feita por outras terras, cando a nosoutros nos arrincan a millós o produto de noso traballo e do traballo de nosos pais. ¡E temos que mostrarnos agradecidos!

—¡Contribuímos ás cargas do Estado! —exclamou o secretario, e eso en todo país ben rexido, endemais de ser preciso é unha obrigación, imposta polo ben xeneral.

—As cargas deben repartirse en proporción dos productos do país; e recibi-lo beneficio na mesma proporción. Eiquí págase moito e recíbese pouco.

—Hai que atender a outros servizos.

—Co que eu pague, primeiro é miña casa, dixo o señorito de Pedrouzos.

—Todo eso, —dixo D. Vítaro—, vén a se-lo resultado do sistema, e do que tratamos agora é da súa maldade. Ten razón o doutor, sempre que Galicia fiou seu goberno a seus fillos, saleu ben do apreto; e que esto é unha verdade, e que non é nova, o temos en que todos os que sobre Galicia escribiron, quíxanse do mal.

Eso proba endemais que os que chamamos rexionalistas hoxe non son novos; húbóos desde que os Reis Católicos nos roubaron a significación que tiñamos. Vostedes conocerán ó Padre Sotelo.

—Leíno, —dixo o señorito de Pedrouzos.

—Teño oído falar del —repuxo o médeco.

—E nosoutros non sabemos quén é, —exclamou o compadre.

—Foi, —dixo D. Vítaro—, un crego que naceu na Limia en 1707, e que peleou como bon gallego polo seu país. Entón fai dous sigros, decía el que era imposible comarca máis abondosa, máis sufrida, nin máis feita á escasez ou miseria. Sostiña que cando os Señores de forza e caldeira roubaban, o roubo

quedaba na casa; e no eido se gastaba; eran malos, pro o sudor do probe tornaba a caer sobre del pra darlle nova forza e aumenta-la produción; as samisugas de agora nada deixan, todo o arramplan pra escondelo nas covas do estranxeiro. Esto que decía o P. Sotelo é o que decimos nosoutros, e que decirán nosos fillos, é o eco do queixido de vinte xeneraciós que lexos de atopar alivio, cando se viron libres dos tiranos caseiros, sentiron agravadas súas doenzas nas más mescenarias e cobizosas que fixeron presa en Galicia.

–Si, –gritou o señorito de Pedrouzos–, a queixa non é de agora, coma algúns supoñen, e si vosté, D. Vítaro, me dá permiso, e os demais consinten en escoitarme, eu repetirei pouco máis ou menos o que sobre deste particular di o Padre Sotelo.

–Fale todo canto goste, que o escoitamos con moito agrado.

–Pouco direi, porque non demanda moitas palabras. queixábase o Padre Sotelo dos tributos que se pagaban no seu tempo, dos gastos dos rendeiros e das rendas que cobraban as catedrás, os cabildos, as igrexas, os mosteiros, os príncipes e os señores; e por maor mal que este, –que era abondo, pois lambía toda a riqueza de Galicia–, tiña como perdición e causa del o ser gobernada e asoballada desde 1500, no temporal e no espiritual, por reindocios ou estranxeiros, us a título de militares, de menistros da xusticia, outros, de administradores do rei e de príncipes da igrexa, os demais e todos malfadados e con mala ventura levándose os míseros tesouros dos sudores e traballos dos gallegos pra enriquecer súas casas e botar sobre do país que os facía ricos a fama de probe, porco e bárbaro! O Padre Sotelo creía que os da casa entendían mellor que os estranxeiros as costumes e inclinaciós de seus paisanos e propoñía que todos os oficios de calquera clas que foran se deran a fillos da terra. Era un home moi sano e discurría ben. El decía: «O gallego polo amor que enxendra á pátreia, coida mellor dela sin permitir cousa que ceda no seu perxuicio; e os estranxeiros percuran polo contrario arroubala pra enriquecer seus parentes nin darlles pena o dano que fan». Membrémonos con cariño sempre dese bon crego.

–Si, valía moito; –dixo D. Vítaro–. ¡Ogallá foran todos coma el! E vou a dar remate por hoxe á miña plática con unha cousa en que deben fixarse todos os bos gallegos, como insiñanza do que pode un pobo libre, levado por bon camiño.

A Xunta, dando á Rexión que representaba e a seu poder a extensión que merecía nombrou *Embaixador cerca do goberno inglés* a D. Francisco Sangro, rico vinculeiro da Cruña. Atopouse Sangro en Londres coa embaixada dos asturianos que lovaban adiantada a súa misión e tiñan palabra do goberno inglés de seren auxiliados, pro que faltos de novas da terra andaban coa ansiedade que é natural; así que, a chegada de Sangro alegrounos, facéndolles ve-lo ceo aberto e facilitándolles o pronto desempeño de seu cargo. Sangro foi honrado e cumprimentado. Por el mandaron libres á Cruña os prisioneiros españoles que tiñan nos pontós, e ó diplomático Sir Carlos Stuart, como presidente do goberno inglés na Xunta de Galicia. A Xunta agasallouno, e do seu proceder



- Autores descoñecidos -

non poido queixarse unha nación, que a verdá sea dita, cumpriu naquel entón os compromisos que adquirira.

F.D.S.<sup>105</sup>

\*\*\*

---

<sup>105</sup> Esta é a única sinatura na que figura F. como primeira abreviatura, coidamos que se trata dun erro tipográfico pois en todos os casos figura: J.D.S.

## As pláticas do vinculeiro VI

—Don Vítaro, agora que vai a habere eleucións, ¿porque non ha de ser vosté deputado provincial? Anímese e o facemos nosoutros nun santiamén, todos arrimaremos o lombo e enxamais de los xamases estaremos mellor atendidos.

Así decía o médeco, deixando sobre unha silla o bastón e sentándose enfrente de don Vítaro que o escoitaba sorrindo.

—Gracias! Non me costaría traballo co esforzo de vostedes; pro vexo as cousas doutra maneira. Eu entendo que as diputacións son inútiles, caras, e perxudiciás, que débense suprimir e deixar ós Aumentamentos os servizos que prestan elas; e como as diputacións serviron astra o presente pra ampara-las iniquidads dos caciques grandes ou pequenos, caeu tan en descreto o cargo, que non é posible que un home de ben teña peito pra aguantar coa auta os xuicios, acusacións e fama que bota sobre de todos a malquerencia do país.

—O home honrado...

—O home honrado máchase coa sospeita. Cando se limpia unha chaminea a feluxe cai sobre do que a limpa.

—¿E a conciencia? —preguntou o compadre.

—¡Déixate de contos! A conciencia déixanos tranquilos cando as faladurías non nos enrolan, e da calumnia nin ti nin nada se liberta.

Vostés xa saben quen foi Napoleón; haberán oído falar del a seus pais ou avós que si non o viron pelearon con seus soldados cando invadiron España coa intención de facer rei a José Bonaparte. As cousas non andaban moi ben pra os franceses e Napoleón, que non se dormía nas pallas, entrou en España atravesando o Bidasoa e foi a Madrid facendo cachizas polo camiño. Desfixo Burgos, o exército de Extremadura, saqueou a vila e impuxo tributo a toda a terra. Mostrouse tirano nos decretos que dou e encomendando a seus capitás a desfeita dos exércitos españoles arreconchegados nas provincias do norte, así que soubo que os había escorrentado meteuse por Somosierra e vencendo a resistencia que lle fixeron, apareceu diante de Madrid poñendo en fuga á Xunta e en apreto a vila. Dono de todo e falto de tempo porque o chamaban a outras terras os negocios que o traguían enredado, non quixo deixar a España sin facer trizas ós ingleses, nosos aliados, que tantos sofíos lle habían dado en Portugal. Encomendou a empresa a Soult e foi con el astra Astorga pra dirixilo movemento.

Achábase en Salamanca o xeneral inglés Moore e xuntándose con Baird que estaba en Astorga e co Marqués da Romana que se acuartelaba en León, reunen 23.000 peós e 2.300 cabalos, que se dirixiron a Galicia por dous puntos. Isto foi a perdición deles. O xeneral Marqués Romana, propuxo dar caza ós franceses na divisoria do Bierzo; Moore encontrou millor arrimarse á costa ó achego da escuadra da súa nación e o 31 do mes de nadal dou comenzo polo camiño de Galicia a recuada máis desastrosa que rexistra a historia daquela loita. A Romana foise polo Manzanal, sin a artillería que os ingresos zafaron e desdeixaron pra aproveita-las bestas, roubando ós nosos unha axuda

que non tiña prezo. Crawford a unha légoa de Astorga tomou mesmo rumbo que a Romana, facéndolle máis penosa a camiñata.

Moore, a prêsa, e coa xente revolta siguiu súa marcha vendo cómo cometían as maiores tropelías nos pobos do tránsito sobre todo en Bemibre, onde aínda hoxe recórdase con coraxe as barbaridás daqueles homes. Foron ben castigados os que as fixeron: quedaron rezagados e os franceses que viñan detrás deles fartáronse de matar ingleses.

As forzas perseguidoras que enviou Napoleón dende Astorga eran 25.000 infantés e 4.200 cabalos, mandados por Soult; á derradeira del camiñaban as divisiós de Loison e Hendelet. Moore non levaba máis que 10.000 homes por haberen tomado 3.000 á volta de Vigo. Foron os franceses atacándolles astra Cacabelos. En Villafranca os ingleses cometeron as mesmas falcatrúas que en Bemibre, procurou Moore reprimilas, pro como iba acosado e conviña andar de prêsa desfíxose de canto o estorbaba; foi ciscando polo camiño o vestuario e as armas que levaba pra a Romana; cento vinte mil pesos foron botados a un despeñadeiro e os enfermos, os feridos, os cañós, as munições e o gando deixado onde ofrecía traballo movelos. Chegou ó pé de Lugo sostendo diarias escaramuzas e dou descanso á súa xente presentándose logo en batalla astra o día oito que aproveitándose dun temporal desfeito de chuvia e vento, levantou caladamente o campo pola noite e tomou camiño da Cruña. Chegaron a Betanzos na tarde do 9 despois de mil penalidás e novas demasías e por fin o 11 víronse diante da Cruña. Os ingleses levaban a idea de embarcarse nos navíos da súa nación, fondeados na badía e pra evitar ou retarda-lo ataque dos franceses cortaron a ponte do Burgo, dándolles lugar namentras ós franceses o compuxeron e pasaron, a embarca-los feridos, os enfermos, o material e a artillería.

Tiña Moore o pensamento de embarca-la xente o día 16, cando ás dúas da tarde un movemento de Soult obrigouno a aceta-la aución. Arremeteron como feras os franceses a Peñasquedo, Montouto preto da Cruña, onde os asperaba Moore, e botaron ós ingleses de alí, pro logo os ingleses cobraron o perdido e escorrentaron ós franceses. A loita fíxose dura en toda a línea e saíron feridos de morte os xenerás Moore e Baird. Vendo os franceses que non podían desface-la dereita dos ingleses trataron de envolverla pro Lord Paget adiantouse coa reserva e si non se houbera botado a noite encima quizais Soult sería derrotado porque xa lle faltaban as munições. O xeneral Hoppe que quedou de xefe creu necesario lovar a cabo a resolución de Moore e entrada a noite meteu toda a xente nos barcos. Pola mañán os franceses achantáronse ás alturas de San Diego e fixéronlles fogo, pro a Cruña conducíndose nobremente, non abreu súas portas hasta que a escuadra ingresa púxose lonxe dos ataques dos franceses.

Namentras enterrou ó xeneral Moore no xardín de San Carlos e alí o tedes inda agora, entre frores e arbres que fan daquil baluarte dos tempos vellos un feiticeiro paseo.

Logo que os outros déronse á vela, coma a praza non tiña recursos pra defenderse, capitulou. O francés estableceuse nela e logo marchou sobre o

Ferrol, que tomou tamén. Foi aquilo un golpe mui rudo pra Galicia. Decaeron os ánimos, a Xunta do Reino de Galicia achantuose, e pra que todo saíra mal comenzaba o movemento da insurrección na nosa terra sin armas, sin recursos e sin autoridás. Pouco a pouco fóronse facendo as xentes á loita e os labercos máis feitos ó sacho que ó fusil logo o souperon manexar e centos de partidas escangalláronse pola terra facendo anacos ós franceses e dándolles máis perda ás caladas que en vinte batallas campás. Formalizouse ó fin a resistencia e pra outro día queda conta-la conquista de Vigo e a batalla que demos en San Paio. ¡Que follas máis hermosas pra unha historia!

\*\*\*

### As pláticas do vinculeiro VII

Cando entramos Pepe, Farruco, meu compadre e eu na sala de D. Vítaro xa estaban alí os demais. Manoel limpaba a mesa de papés e poñía sillas ó redor; D. Vítaro falaba co Scretario e o médico, o señorito de Pedrouzos, aproveitando a raiola que entraba pola ventá, enchendo de alegría o aposento. Dimos as boas tardes, e todos se nos achegaron.

—¿Que hai de bon? —preguntaba o médico, dándonos coa man no lombo.

—De bon, nada; de malo a feixe, como decote; xa o sabe D. Rosendo.

—Hoxe non o vin no adro á saída da misa.

—Cuasimente doíame esta perna, con perdón de vosté, e non tiña ganas de camiñar; pro xa parou.

—¿Terei que facerlle unha visita? —preguntou o médico rindo.

—Polo de agora, non —dixo Pepe, rindo tamén; é doca...

Achegouse o señorito de Pedrouzos e logo o scretario.

—Señor Antón —dixo o señorito— ¿que deño vou facer pra conserva-los castaños do Petouto, que todos morren?

—¡Eu que sei! —rosmou o compadre.

—Secáronseme os vinte que tiña no Regueiro e dez máis fóra da horta, son trinta. Hai que cortalos. Tiñamos poucas e veunos esta.

—Malo é —dixo o Scretario— e sinto que teña esa perda; pro nin o arruína, nin hai máis razón pra queixarse que a nosa condición, que nos fai chorar sempre.

—Engánase, D. Matías —repuxo o compadre— ó asegurar que a perda dos castaños non é motivo pra chorar. Si tuvéramos un goberno que coidara destas cousas e acudira ó remedio, poidera tomarse con calma; pro como non temos esa dicha e o mal é grave, moi grave, véndonos eivos e ermados, déixenos desfogar lagrimexando, xa que vosté non quererá que desfoguemos a tiros. Eu non sei o que pasa na casa allea; da miña, podo decire que eses trinta castaños dábanme nove ou dez pesos ó ano, leña de esquilmo e folla pra o cortello e estrume, si vosté me cobre esos nove pesos, dareille as gracias, e si non,

con decir que sempre estamos chorando, nin acude ó remedio nin me convince.

–O que lle pase a vosté esa disgracia non é pra facela xeneral.

–Repito que non meto o fociño na casa allea, pro na miña vexo o que pasa. Temos ben contados, na parroquia, setecentos castaños; máis da metá morreron, oio queixarse do mesmo ós das parroquias veciñas; ¿a que chama vosté mal xeneral?

–Don Matías –dixo o señorito de Pedrouzos–, é coma un personaxe dunha novela de Voltaire: todo o atopa bon neste mundo e as maores calamidades as ademitían como necesarias e convenientes.

–Véñase agora con Voltaire, que era un xudío –exclamou enfurruñado o Sacretario–, e que ten que ver cos castaños coma eu cos zocos da tia Marica.

–Voltaire non ten nada que ver cos castaños, vosté é quen ten que ver pola semellanza co personaxe de Voltaire. E dígoallo, porque sin máis cavilacións que seus cartapacios, chegou a crer, á forza de dar partes ó gobernador de que o orden e a saúde públicas *siguen inalterables*, que non é posible, nin por milagro, que cheguen á alterarse. Vosté, cando o nombraron Sacretario, viu a Bras Cañotas non comparto con cincoenta pesetas; e a pesar de haber corrido moitos anos e cambeado de moitas mans os bés de Cañotas, Bras Cañotas continúa figurando no comparto con cincoenta pesetas. É menester que se fixe máis nas realidades da vida. Por disgracia, os castaños adoecen non sólo nesta parroquia sinón en toda Galicia, e por disgracia tamén, non se dá co rimedio. Moitas comisións, moitos inxenheiros, moitos espedentes, moitos informes, e cando digan algo non será de proveito e xa teremos derrubados todos os castaños que representan unha riqueza respectable.

–¡Por Dios, D. Valentín! –berrou o Sacretario– eso de decir que os castaños representan unha riqueza, respectable cóntello á súa avoa, que eu nacín moito despois e amostráronme o camiño.

–¡Pois non foi moito...! Vosté teña en conta que Galicia é unha terra de máis de mil trescentas légoas cuadradas e máxítese o número de árbores que nela haberá; e como esto non é conto de díxome, díxome, sinón que atesto con xente coñecida e sabidora, lea a Vereas de Aguiar, no discurso preliminar, páxena 94 da súa *Historia de Galicia* e verá que no ano trinta e tantos calculaba que había en Galicia *cinco millós de réas ó ano*.

–¡Ave María, purísima! –exclamou o Sacretario, levantando as mans ó ceo.

–Sin pecado concebida –contestou entrando na sala D<sup>a</sup> Ugenia, seguida de Taresa que lovaba unha bandexa chea de copas e botellas.

–Señora ama –díxenlle eu, levantándome e ofrecéndolle a silla.

–Séntate, Antón, que non hei de permanecer eiquí moito tempo; nin bebo, nin fumo, nin son alterqueira e pra perde-lo tempo sobrades vosoutros.

–Vosté sempre atrafegada; parece que lle falta o pan pra manterse.

–Non, pro fáltalle a outros e hai que atendelos.

–Así alcanzará o reino dos ceos.

Sonrieuse dona Ugenia e aínda hoxe non poiden averiguar si lle daba moito prezo a meu desexo ou o recibía coma unha tontería.

Namentras, o Scretario, badoallaba co conto dos castaños, e D. Vítaro mascaba a punta do puro e esgarraba a destra e sinistra. Remexíase na silla como si o asento estivera cheo de vermes que lle furasen o coiro, e de cando en cando rosmaba coma o can que venta xente forasteira. Ó cabo, estalou.

—Doémonos—dixo, zafrando a cabecha pola ventá— de que os que nos gobernan non conozan nin estudien a Galicia e vimos a parar en que nosoutros, seus fillos, nin a coñecemos, nin nos coidamos de coñecela. Que eso pase entre estas xentes —sinalándonos a nós— nada pra o traballo e condenadas a non saír do currunchu en que nasceron e a non saber máis que o que lles depende o traballo, ten desculpa; pro que vosté e moitos miles como vosté, chamados polo seu berce, pola vida que fan, a sociedade que teñen e os coñecementos que adquiren, a servir de maestros, iñoren o que nos ataíne e durman tranquilos como si a dicha fose nosa compañeira; eso, non ten perdón de Dios. ¿Como quere que Galicia con máis de mil trescentas légoas cadradas —tanto como Bélxica— non teña cinco millós de castaños, si este arbore é propio dela, fillo da súa terra, de seu clima? E si cada castaño produce unha peseta e se perden todos os castaños, ¿non se perden vinte millós de réas? E vinte millós de réas ¿son gras de sabugueiros, ciscados nas corredoiras, pra que os rapaces e os animais non fagan caso deles? ¡Nada sinifican nun país esgurrichado como o noso!... ¡Vaia, don Matías... seique ten razón don Valentín; vosté vive no limbo e felicítoo... Pro, deixemos esto por hoxe, e falemos un cacho de onte.

Dono Sault de Galicia deixou a Ney encargado dela, e encamiñouse por Santiago e Pontevedra a Oporto, matando xente, queimando chouzas, roubando gando, gran e diñeiro; e facendo enemiga toda a terra. Estableceu en Pontevedra un centro de oparaciós, os destacamentos que gomitaba, saían a rouba-lo pouco que había deixado. Enfurecéronse os paisanos se erguéronse nas xurisdicións de Roio, Cotobade, Caldevergazo, Monte a Xeve. Ocupounas militarmente o comandante francés, e entón, levantáronse os paisanos de Quiroga, Cuntis, Campo, Fraga, Caldas de Reis, Cambados, Vilagarcía, San Xenxo, Cangas, Marín e toda a península do Morrazo. Reuníronse o dazanove de febreiro e con escopetas, fouces, bisarmas, paus e o que colleron a man, mandados polos Martínez, chamados os Hilarios, acometeron e renderon un destacamento francés que se aloxaba na cas do crego de S. Xosé de Sacos; atacaron logo a outros destacamentos e fiando as represalías a venganza dos demais franceses, non deixaron un con vida. Dous, que puideron fuxir, lovaron a nova a Pontevedra. Seguíronse varios encontros e os paisanos chegaron a presentarse diante de Pontevedra sin poder reducila e perdendo ó seu xefe o valente D. Xacobo Varela. Fixeron os franceses unha saída e todos os prisioneiros que colleron matáronos en venganza do de Sacos.

Como sucede nestes casos, cometíanse mil tropelías por xente desal-mada. Foi preciso nombrar unha Xunta, o presidente D. Benito Varela, reglamentou as forzas; nombrou seu segundo a D. Xosé Porrás Guerrero, sarxento

do exército e moveuse contra as tropas de Soult que pasaban a Portugal, causándolle moitas baixas e dándolle moitos sustos. En estas diversións, o cadete de Literarios, D. Benito Godoy, con uns poucos campesinos dou a cara na ponte de Varosa ás tropas francesas, detúvoas unha chea de tempo e retirouse cando veu que o trataban de envolver, despois de facerlles máis de trinta mortos.

Crían os franceses adiantar coa crueldade e saleulles pior. Entraron a tiros e queimaron a Caldas de Cuntis e aínda ardían as casas cando os mesmos veciños embestiron ós franceses en Arcos da Condesa, destrozándoos e rendían un destacamento en Padrón embarcando os prisioneiros na fragata inglesa *Lively*. Porque entón sucedía que os ingleses axudábanos, e seus barcos andaban polas nosas costas repartindo armas e dando ós *brigantes* –como os franceses os chamaban– máis coraxe do que tiñan, que non era pouco.

Fixéronse os franceses fortes en Pontevedra. Fortificaron o convento de Santo Domingo e de alí acudían á persecución das partidas e ó merodeo dos arredores. Propuxéronse os gallegos botalos daqueles termos e reunidos os da provincia con don Juan Gago, D. Manuel Alarcón, os García, os Hilarios e Cordeiro á cabeza, deron unha arremetida ós franchutes, que os puxo en apuro. Por fin, e despois de moito bourar foron rechazados os paisanos e os franceses portáronse como decote, non deixando con vida nin ós enfermos que atoparon nas chouzas veciñas!

\*\*\*

### As pláticas do vinculeiro VIII

Ocorréuselles ós guerrilleiros gallegos daquela acometer a Vigo ocupado polos franceses, ben provisto e artillado, e defendido por mil catrocentos homes que mandaba Charlot. Achábase o porto bloqueado polos ingleses e a vila polas partidas de labregos que non deixaban vagar ós franceses cando saían a arrecadar vituallas e recursos, cometendo mil tropelías e facendo brincar de noxo as vítimas de seu despotismo.

Tanto os da vila como os de fóra, deseaban un golpe de man aproveitando as circunstancias ditas, que eran favorables e a chegada de D. Pablo Morillo, sarxento de marina graduado de oficial e comisionado pola Xunta Central de Sevilla, dou máis forza ó deseo e máis esperanza de realizalo. Era o intento de Morillo xuntar todas as partidas, organizalas e instruílas pra facer verdadeiros soldados daquela xente. Iban con el algús aldeás de Redondela e Soutomaior; uníronse despois os de Cotovade, Caldevergazo, Taboadela, Fustanes, Touron, Mourente, Marcos, Santa Comba e Vilaboa; acuden do Ribeiro D. Bernardo González, *Cachamuíña*, cunha boa partida, e con estes e as do abade de Valladares, D. Caietano de Limia, Tenreiro e o portugués Almeida, determinaron sitiar e acometer a Vigo.

E alá foron. Estableceron ó bloqueiro e víronse tan apretados os franceses que o 15 de marzo, facendo unha saída en busca de víveres tiveron que

volver á praza sin conseguir nada e desfeitos. Nos días que seguiron pasou o mesmo. Os franceses mandaban súas expedicións a Bouzas, Travesas, Ponte Novo e Teis, e de todas viñan con perda de xente e sin forraxe, nin vituallas. Intimóuselle a rendición a Charlot; vía esta craramente a situación, pro a esperanza de ser socorrido polos seus e o puntillo de honra militar que lle facía mirar con desprezo a aquelas turbas de aldeás, obrigáronmo a negarse, mentras non fose un militar o que o pedise. Acudeuse ó remedio, facendo coronel a Morillo, que acababa de chegar de volta da Ponte de San Paio, que viña de fortificar; previsión que xustificou ó xuízo que todos habían formado dos dotes militares daquel home. Posto Morillo ó frente dos nosos coa nova categoría, esixeu a entrega da praza, amenazando non dar cuartel si se viru obrigado a tomala por asalto. Pídeu Charlot vinte e catro horas pra decidirse; e como se comprendeu que trataba de gañar tempo pra que chegase de Tui o xeneral Lamartinière, con reforzos, douse orden de comenza-lo asalto. Comenzou o ataque ás dez da noite. Dando exemplo chegouse *Cachamuiña* con un machado á porta da Gamboa, e dou o primeiro hachazo, seguironlle outros, era dos máis bravos un vello mariñeiro que caeu ós primeiros golpes ferido de morte; *Cachamuiña* tamén saleu ferido e tiveron que retiralo, pro xa a xente habíase queitado e era visto que lograrían seu empeño.

Vendo Charlot que a cousa iba de veras, anunciou a Morillo ás once da noite que se entregaría si lle concedían os honores da guerra, os equipaxes e o embarque pra Francia nos buques ingleses. Concedéuselles. Ó seguinte día 28, ás sete da mañán, ratificouse a capitulación, e 1250 homes foron embarcados nas fragatas *Lively* e *Venus* e levados como prisioneiros a Inglaterra, pois os ingleses non quixeron reconece-lo convenio.

Deste feito notable di Toreno: “En la reconquista de Vigo no hubo ingenieros, ni cañones, fue ganada sólo a impulsos del patriotismo gallego”.

Ten razón; alí non había máis que labregos, sin cañós, nin fusís, sin municións, sin cartos, sin disciplina, sin conecementos militares, sin máis direución que a dun homilde subalterno do exército e o seu valor supleu todo o que faltaba e fixéronse donos dunha praza forte.

A toma de Vigo tuvo un feliz remate. De Tui saíron forzas das que mandaba Lamartinière en socorro de Charlot, e no camiño foron derrotados seiscentos franceses.

A Rexencia do Reino e logo Fernando VII concederon a Vigo o título de *Ciudad fiel, leal y valerosa*.

Pensouse daquela seriamente en organizar á multitude de homes que andaban escangallados e sin orden por toda Galicia. Formáronse reximentos, a península do Morrazo dou un batallón con seu nome que mandou D. Joaquín Guijarro. Os de Cotovade, Montes, Peñaflor e Caldevergazo, compuxeron o reximento da Unión, con D. Pablo Morillo por coronel. Todas estas forzas e as de don Martín de la Carrera, obrigaron á guarnición francesa de Pontevedra a recuar a Santiago. Achantouse La Carrera co millor da súa división e nos arredores daquela vila atopou ó xeneral Mancune esperándoo. Botouse sobre el La Carrera no Campo da Estrela, e despois dunha loita fera na que perdeu



Mancune seiscentos homes e varios cañós, véndose forzado a retirar a paso de lobo, entrou La Carrera en Santiago a tempo pra rescata-la plata labrada que habían pillado nas igrejas aqueles fillos do demo, que parcian te-lo oficio de bandidos.

Retirouse Mancune ó agarimo da Cruña. O sol das victorias non alumea en Galicia pra os franceses; estaba deitándose e dentro de pouco deixaría de dar luz ós que tantas desgracias derramaron sobre esta terra.

Todo o que vostedes viron, foi feito sin armas, sin recursos, sin goberno, sin apoio da Xunta Central, nin da de Galicia, que desde a vinda dos franceses quedou orfa de autoridás e goberno. Non tiñamos un soldado, os que había eran gavachos, os tributos non eran pra nosoutros, que recollíamos o que boamente nos daban; armas, as que collíamos ós franceses e algunhas que nos regalaba Inglaterra; vestuario, usábase o que cada un podía apañar fóra dos calzós e zaloiras, que eran os do país; e xefes, o máis encumbrado, Morillo, era sarxento. Con estos elementos, Galicia, invadida por ochenta mil homes, mandados por Sault e Ney, os principás guerreiros de Napoleón, viamos ó cabo dun ano fuxir como lebres reducida á terceira parte, perseguidos por aqueles paisanos que non levaban máis armas que unha fouce ou un pau e que altonces formaban reximentos tan ben organizados e disciplinados como si levaran anos no servicio militar. E nadie cantou nosas grorias; fixemos o milagro e quedamos calados. ¡E aínda os castelás tiveron peito pra chamarnos cobardes! ¡¡Cobardes... eles!!

Ao tempo de estenderse por Galicia os franceses, víronse perdidos; non eran donos de máis terra que a que pisaban. Mantuvéronse nas prazas fortes onde a defensa era segura, pro nos campos e nas vilas abertas, tódolos días contaban perdas de homes que mermaban seu exército, reducíndoo a un número tan pequeno, que, cando Ney decidiuse a deixar Galicia, porque non podía sosterse nela, mirou cheo de tristura os campos onde deixaba enterrados millares de soldados, os máis valentes, mortos a man enemiga, sin groria nin proveito. As mortes, o fogo, o roubo, a pillaxe, fixéronos odiosos. Entón poido el comprender que ó gallego non se lle gana pola forza, nin pola maldade, e no seu fracaso terá visto o castigo da súa conducta. Pro desto falaremos outro día; hoxe é tarde e vamos a dar unha volta pola horta, onde lles amostrarei un pexegueiro que está cargadiño e pedindo que o alivie do peso.



## L. de G.

Asinado como *L. de G.* apareceu en *O Galiciano* o relato “O Fidalguiño da Pinhóa”<sup>106</sup>, do que se indica que é unha tradución do portugués. En *A Gaita Gallega*, onde se reeditou, e tamén en *O Tío Marcos da Portela* Manuel LUGRÍS FREIRE utilizaba o pseudónimo L.U.Gris, moi semellante a este. Non podemos afirmar con seguridade que o noso relato sexa da súa autoría, posto que non presenta moita relación coas outras pezas narrativas deste autor<sup>107</sup>, e limitámonos a deixar aquí constancia desta posibilidade.

Nesta peza narrativa un narrador omnisciente, que se apoia no seu coñecemento da historia e nos testemuños das xentes de Pinhóa, presenta as circunstancias dun desgraciado triángulo amoroso: o formado por un maduro prior rural, a súa xove criada e Alberte, o fillo duns marqueses lisboetas con propiedades en Pinhóa, polo que é coñecido como o Fidalguiño da Pinhóa. Enteirado o prior de que a súa criada, coa que mantén unha relación amorosa, ten outra paralela co fidalgo, decide asasinalo. Obriga á rapaza a que lle diga o lugar onde se encontra con Alberte e espérao alí agochado; aínda que a criada intenta avisalo non consegue salvalo do seu desgraciado destino: morrer asasinado a mans do cura.

---

<sup>106</sup> N° 62 (15 de novembro de 1885). Reed. en *A Gaita Gallega*, 7 (28 de xaneiro de 1886).

<sup>107</sup> Como puidemos comprobar na edición da narrativa galega deste autor: *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS FREIRE*, por Xabier Campos Villar, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2000.

### O fidalguiño da Pinhóa

¡Que linda rapariga era a ama do prior! ¡Tiña unha carne tan fresca, tan branquiña que afellas daba gana de fincarlle os dentes! ¡E ademais, que brazos: gordiños, rosados, ben feitos! ¡A tal rapariga era mesmo unha tentación de deño! Cabelo espeso, ollos de acebache, e unha dentamía que parecía de máis puro marfil... Moi desembarazada, tiña sempre pronta remposta ós piropos dos mozos do lugar. Por estas e por outras cousas decían as malas linguas que o señor prior... puntos suspensivos.

Pasemos adiante.

A verdá, o prior non tiña nada de santo.

E o caso é que se contaban moitas hestoretas, non sei si inventadas polo despeito dos mozos, ou pola envexa das raparigas, pro que non deixaban por eso de ter seus visos de verdá.

O prior non era home pra bromas; corpulento e forzado, podía medir súas forzas co mozo máis forte do lugar. Por medo á súa pesada man, as malas linguas non comentaban as relacións da ama co prior sinón con moito sacreto, ó lado da lareira, dempois de acabado o traballo. E aínda asina...

\*\*\*

Unha mañán de abril chegaron os marqueses ó seu bello pazo provinciano. Aristócratas de *vieills roche*, cheos de tradicións, tódolos anos ó encomezo da primavera retirábanse á súa propiedade da Pinhóa, onde os acompañaba esta vez seu fillo Alberte, rapaz esvelto e ben parecido, por quen se decía morría de amores unha feiticeira rapariga de Lisboa. O fidalguiño de Pinhóa, como lle chamaban as xentes do campo, o primeiro día que foi á misa, acostumado ás mulleres da corte, prantas de estafa, impresionouse co aspecto alpestre e vistoso da ama do *padre*. Naquil domingo non ouciu a misa con devoción. O deño da carne tentábao.

\*\*\*

¡Bonita espingarda era a que tiña o prior anque non fose máis que pola época antiga que representaba! Había morto media ducia de franceses, e dempois destas fechurías retirouse pra pasar súa vellez tranquila. Acostumada a vivir retirada no fondo dunha arca, estrañaba hoxe verse limpa e relocente á luz do sol dunha encantadora mañán de maio. ¡Que sensacións ela non sinteu cando o prior lle enfiou a baqueta polo cañón abaixo, despertando gozos, moito facía non sentidos! A pólvora e a bala producíanlle sacudidas nerviosas. ¡Maxínome ver saíndo polo seu cañón, vello e cascado, o antigo fulgor da súa mocidade, en que sorprendía coa morte idilios de galiña, amores de lebres e conversacións de franceses!

A iama estrañara aquela fregadura repentina e dixera ó prior:

—¿Que vai facer, padre? ¿Dempois de vello vai ir á caza?

—Vou ó conexo, rapaza.

E seguía coa mesma tarefa, mirando revesadamente de cando en vez pró lado en que a rapariga traballaba nas súas anqueiras da casa. Dempois, de repente, como atacado dun vértigo, dirixeuse á rapariga, e colléndoa polos cabelos e amenazándoa coa morte si berraba:

—¡Ingrata! ¿Por que me engañas?

E ó mesmo tempo tiráballe do cabelo asegurando coa outra man a espingarda.

—¡Eu ben sei teus amoríos co fidalgo da Pinhóa, pro il mas pagará! Dime onde o ves esta noite, sinón...

E ó decir eso apuntaba a espingarda ó redondeado peito da linda rapariga.

Ela, que ó principio protestaba da súa inocencia, pro que lle tiña máis cariño á súa vida que á do seu amante, dixo por último que na carballeira se encontraría aquela noite ás nove con Albertiño da Pinhóa.

—Si avisas ó rapas, conta que che levanto a tapa dos sesos, escramou o prior.

\*\*\*

Nesa noite, antes da hora da cita camiñaba a toda présa, camiño da Pinhóa, a iama do prior. Quería ver si aínda salvava a seu amante. O dito prior adiviñando súas intencións, saleulle ó paso e obrigouna a entrar na carballeira.

Oucíuse lonxe un alegre silbido que se iba aumentando pouquiño a pouco, e de súbito apareceu á entrada da carballeira o esvelto fidalguiño.

—¡Escapa!... —gritoulle a rapariga.

Nesto un tiro soou de serra a serra, faguendo fuxir cheos de medo ós paxaros que se acollían nos carballos.

\*\*\*

Na mañán do seguinte día as xentes do campo que iban pra o traballo, alcontraron empapado de sangue, o cadavre do lindo fidalguiño da Pinhóa.



## Manoel da Cabana

Publicados na revista luguesa *A Monteiro* coa sinatura de Manoel da Cabana recollemos tres relatos: “Os homes compangueiros”<sup>108</sup>, “Choros dalgunhas mulleres”<sup>109</sup> (agosto 1890) e “Un soldado listo”<sup>110</sup>.

Ademais é autor de tres artigos humorísticos, a modo de crónica, remitidos dende Madrid á revista *A Monteiro* baixo o título “Dend’a corte”.

Os relatos compilados, segundo aparece ó pé dos mesmos, pertencen á recolleita popular que realizou o autor. Trátase de tres anécdotas humorísticas protagonizadas por personaxes populares.

Tanto en “Os homes compangueiros” coma en “Choros dalgunhas mulleres” o humor é o recurso utilizado para acadar un efecto aleccionador. O primeiro deles consiste nunha fábula narrada en terceira persoa e sen localización espacial, que critica o gusto polos preitos do tío Xan de Trala Chousa e, a través del, o comportamento dos homes sen criterio. Este vicio fai que se vexa metido continuamente en leas ata que ten un encontro cun raposo burleiro que, na sentenza final, advirte ós homes da imposibilidade de contentar a todo o mundo. En “Choros dalgunhas mulleres”, un relato costumista e con toques de certa misoxinia, criticase o comportamento hipócrita dunha muller que se recupera con rapidez da morte do seu último home. A escena humorística, que constitúe o centro do relato, está protagonizada por un gato e pola viúva, a tía Xuana da Retorta, unha muller de certa sona polas súas habelencias botando as cartas, como curandeira de certos males e, sobre todo, pola pouca sorte que tiña cos homes cos que casaba porque lle morrían todos. O narrador en terceira persoa entrométese no relato para facer algunha consideración sobre a moralidade da muller que retrata. Finalmente en “Un soldado listo” relátase por medio da narración omnisciente unha anécdota protagonizada por un soldado galego, quen durante o seu servizo ó rei de Zaragoza, amosa agudeza ó se burlar dun castelán que leva un burro cargado de louza que acaba escachando completamente. A alternancia do galego e o castelán é a base que sustenta o humorismo do relato, e mesmo ó final parece haber unha xustificación irónica relacionada co emprego do galego: “Pues mi Coronel con un burro no se puede hablar en gallego”.

---

<sup>108</sup> N<sup>o</sup> 29, 19 de abril de 1890.

<sup>109</sup> N<sup>os</sup> 47 e 48, 23 e 30 de agosto de 1890.

<sup>110</sup> N<sup>os</sup> 59 e 64, 15 de novembro e 20 de decembro de 1890.

## Os homes compangueiros

O tío Xan de Trala Chousa, home preiteando si os hai i amigo de saír sempre co que se lle metía na chola, chegou polas súas malas mañás a verse encausado, e polo tanto envolto en xerga de oficio, como el dice.

Pro non por perde-las costumes vellas, aló se arregrou como puido co esquirbano i o conto foi que apareceu con que non tiña responsabridá, sendo así que custaba a tódolos viciños e muitos que non o eran, que tiña bastante por donde rustrir, sintindo algunhos que non o apertasen ben coas costas, a ver si dependía dunha vez pra sempre.

Así é que, pra cumprir como era do caso co bon do esquirbano, soparara das pitas e galos que tiña as millares, co ouxeto de cebalos e levarlle pró tempo us capós, como non se habían de persentar outros na feira do Monte.

A muller do tío Xan zuaba cando vía que o home iba á ucha do millo pra lle botar graus ós animalíños do señor esquirbano, como xa el lles chamaba, dicíndolle mil e catrocentas e botándolle en cara as falcatrúas que tiña feitas i as que lle empidían á boa da muller comer pan polo ano adiante.

—Cala, muller, cala, que si teño este defeuto inda non che é dos máis malos: ó fin i o cabo inda dou de comer a máis de catro; pior fora si fixese como o viciño, que sempre está tundindo na muller, que non sei como xa non a botou pró outro mundo.

—Non, pois ti —dicía toda acongoxada a tía Sabela— camiño de alá me levas coa fame que me fas pasar pra ter algús cartos forros e saír logo con ben das maus en que andas metido.

Estas conversas i outras polo xeito tíñanas case tódolos días home e muller, dende que as galiñas e galos probaban os graniños que dilixente lles botaba o tío Xan.

Pro non era esto o máis malo; o pior foi o que máis adiante sucedeu.

Un día pola mañá cedo, cando inda non lumbrigara o día, despertou o tío Xan todo fóra de si co barullo que facían as pitas i o can do palleiro.

—¡San Antón me valla si non anda o raposo na bodega a voltas coas galiñas! —dixo o tío Xan botándose a présa da cama.

Meu dito e meu feito; cando o home foi ó sito donde durmían as pitas, viu o raposo que iba, fuxindo polo médeo do vilar, tan ledo e contento como amocado deixaba o dono delas.

Tanta foi a coraxe que tomou ó ver mortos os animás que xa logo habían de ir prá capoeira, que botou a correr canto puido tralo raposo pra matalo e vengarse da estragueira tan grande que lle fixera.

Ó pasar por médeo do lugar chamou a un seu compadre, pra que fose co el, pois nin por canto quería deixar perde-la acasión de darlle morte ó raposo.

Grande carreira lles fixo botar e houbéranos atrapado, si non fora por que o animal, véndose xa nas apuradas, meteuse nunha carballeira, onde había algús homes xuntando na folla, e todo trembandando díxolles:



—Pola mai que vos pareu tende compaseón de min que estou case a punto de morrer: si vós non sodes, logo me matan, soilo porque quixen curala fame nas galiñas do tío Xan de Trala Chousa.

Os homes, non polo raposo, sinón por que tiñan de ollo ó tal tío, deixárono agachar i aínda pra acubillalo millor, botáronlle enriba xestas e mais folla.

Ventando que o habían de ver, chegaron os compadres preguntándolles si viran pasa-lo raposo, pois parecéralles que entrara por un dos boqueiros do valado.

Os homes que andaban na carballeira, botaron de conta que o raposo non os vía, porque o tapaba a folla, e querendo quedar ben cos que iban tras del, diciánlles berrando: “por aquí non vimos pasar ningún raposo”, pro ó mesmo tempo asinalándolles coa mau, como quen di: alí o tedes. Coa présa e co queimada que levaban a sangre os compadres, non arroparon na sinal que lles fixeron os outros e deron volta contra o monte por se atopaban de camiño ó raposo.

En canto se sopararon bastante, saíu o zorro de debaixo da folla trembando polo apuro en que se vira, i estonces, os que o axudaran a tapar, vendéndolle o favor, como fan moitos, dixéronlle:

—Ben nolo podes agradecer; si non houberamos sido nós as ganas que che traguían non che deixan cinasco do teu lixeiro corpo.

Pro o raposo, que por entre as follas vira o sinal que eles fixeran, como xa dixemos, contestoulles:

—Valer valéstesme; pro o sinal que faciades coa mau nunca se me ha de esquencer. Quixéstedes quedar a ben comigo pra que non vos pegase coas galiñas, e tamén polo medo que lle tedes ó tío Xan aceábadeslle coa mau pra que me collesen; non se pode compangar con todos i a vosa auceón tarde se me esquencerá.

Sin embargo, polo agora non se soupo que o raposo se vangase deles, pois hastra a fecha ningún se queixou.

Ó menos a min.

## Choros dalgunhas mulleres Conto

Vivía aló contra a terra de Parga, o ano si que foi imposible averigualo, porque non se puido dar coa partida de nacemento nin de morte, unha muller que chamou bastante a atención, polo ben que sabía leva-las penas da vida e pola pacencia que todos lle notaban anque lle caese a casa.

No que non están conformes tódolos que se lembran dela e que oíron falar das súas mañas, cal era o seu modo de vivir mentras estaba casada e viúda.

Us din que botaba as cartas e co esto non solasmentres tiña os rapaces, i algús que non o eran nun puño, sinón que tamén vivía mui prefeutamente co que aqueles collían da casa ás furtadelas.

Outros aseguraban que non había tal cousa, o que si, que tiña mui boa mau pra desconta-las lombrices i os tirizós e que en levanta-la paletilla estaba tamén mui enterada. Anque polos seus bos servicios nunca pedía nada por adiantado nin axustaba, o certo é que na súa casa sempre había un cacho de pan e touciño que roer, pois tódolos que se tiñan visto nalgún aperto e se valeran dela, sempre lle iban dando algo pra tela a ben polo que puidese acurrir.

El fose dunha maneira ou da outra, pois xa se ve que as opinións non están conformes, o que se pode asegurar é que non soilo polo país dela era conecida, sinón que tamén se falaba por sitios ben lexos da súa terra, poño por caso Monte Louro ou S. Andrés de Teixido.

Pro non se tiña conecemento da tía Xuana da Retorta, que así me xuraron se chamaba, por estas ou polas outras mañas, que ó fin i o cabo inda eran algo porveitosas, sinón pola pouca sorte que tiña cos homes con quen casou, e polo de contado con quen se atopaba pra volverse a casar.

Como ela coas habilidades que tiña sacaba de sobra pra ir vivindo, nunca lle faltaba un rapaz ou vello con quen poder pasar catro días da vida; así é que según din os máis lidos na hestoria da tía Xuana chegou a ter hastra sete homes. Eu neste non me meto, nin a verdá me importa pizca, porque como non os mantiven por min xa poden ser sete como sete ducias, i outro tanto supoño lles pasou a outros ó dicir que tivo tantos.

O que si, aquelas mulleres que teñen no país por máis marmuladoras i amigas de se meter na vida dos viciños dicían polo baixo cousas que non tiñan nada de boas.

A maior parte delas ou millor dito todas dicían que tan boa vida se levaba a tía Xuana como fame lles facía pasar ós homes, que na casa non se facía ningunha cousa sinón o que a ela lle petaba a gana, que era un xenio tan levado do demo que algunhas veces viran a vareos dos homes que tivera, ir pró traballo coa cara sinalada das eslarduxaduras que lles había feito coas gadoupas.

Fose ou non fose certo todo canto da boa da tía Xuana dicían, el o certo é que, polo que parecía ó vela e tratala ninguén tiña que lle poñer un defeuto.

Sempre estaba disposta ó que lle pidían, nunca se negou pra nada do que ela podía facer polo seu muito saber, i ás veces inda se metía en algo máis do que sabía e do que lle estaba primitido, pro sempre din que saliu ben do paso.

Había algús que hasta lle tiñan certo respeito polo ben que conecía o mundo i as presonas, alí onde poñía o ollo a tía Xuana, xa era sabido, tiña que ser boa cousa, e polo rivés xente a quen abafaba xa non valía nada.

Pro como na vida non hai cousa que moito dure sinón é verdadeira, o mesmo lle pasou á tía Xuana coa súa fama e co bon conceuto que dela tiñan feito<sup>109</sup>.

Con motivo da morte do último dos homes que tivo a vella da Retorta, púxose toda esconsolada e fôra de si. Todos eran a aloumiñar nela pro pra ela non había consolo posibre. Os veciños non a deixaban, sempre lle iban facer compañía pra que non sintise tanto a pena, en fin que non salían de cabo dela. Algunhos levábanlle unha lambuzadiña por que lle oían dicir que tiña unha cousa na gorxa que non lle deixaba pasa-la comida i outros puñíanse a contar contos pra distraela algo.

Inda non pasaron dous ou tres días deste traxín e cando a boa da muller xa parecía algo máis resinada, deulle por facer unhos torrezmos e comelos pra poder beber unha pinguiña de viño de Amandi que lle regalara un dos viciños.

Amañounos como puido, i aínda hai quen di que estaban bos a xuzgar polo ben que ulían, e íbase a poñer a comelos con toda cachaza i a probalo viño, cando nesto entra unha das viciñas que máis a apreciaban a pasar un pouco o tempo con ela fiando na roca.

A tía Xuana ó sentir corre-lo tarabelo da porta da currada, non tivo máis présa que mete-los torrezmos que amañara, entre as carqueixas que tiña no allar, poñer por riba da cabeza o mantelo e garda-la bota co viño debaixo del.

Ó chega-la viciña atopouna lagrimexando e doéndose toda da soledá en que viñera a quedar coa morte do home. A viciña percuraba consolala, e dicíalle que se resinase que non lle había de faltar pra máis adiante home con quen casarse; pois tiña ela un curmao que xa falara da comenencia que era a tía Xuana da Retorta.

Esta non se daba por consolada porque un gato que tiña máis malo que a sénéca meteuse entre as carqueixas i encomezou a quitar nos torrezmos. O ver tal dicía a vella con voz dorida:

—¡Ai mundo, mundo, como mos vas levando un a un!

I a viciña facíalle a consideración de que si alcontrara tantos homes inda non lle había de faltar outro pra máis adiante.

A tía Xuana, seica pra consolarse da perda dos torrezmos, chegou o bico da bota ó seu e tirándolle canto puido trasegou nun istante case medio neto de viño, dicindo ó mesmo tempo toda compunxida:

—¡Ai que tragos estos!

A compañeira que inda non se desporcatara do caso non sabía que lle fixese pra que calase, e xa lle poñía por exempro o muito que padeceran algunchos santos ou o pior que sería si deixara familia e non tivera con que mantela, pro dicíalle, unha muller sola e das súas mañas logo atopa achego.

Pro o condenado do gato non perdía a acasión, i en canto espabilou o pirmeiro torrezmo volveu ó bezo e largou con outro; así é que deste xeito a muller que amañara a merenda e que a deixaba sin ela o gato queixábase dicindo:

—¡Ai mundo mundo como nos vas levando un a un!

Por disgracia non lle había que facer: o mico aporveitábase dos torrezmos i a vella xa non lle quedaba máis remedio que darlle outro tento á bota e colando un trago fixolle escramar:

—¡Ai que tragos estos!

A viciña non sabía qué lle había de facer, aloumiñaba nela como nun nenño pequeno, contáballe contos pra que non pensase na morte do home, i hastra lle deran tentaciós de cantar pro pareceulle que non era cousa pró caso.

A pesar da falta das talladas, co calor do remol e coa virtú do viño foise quedando a tía Xuana durmida. Estonces vai boa, sin querer, abriu os brazos e caeulle a bota no chan; o gato que levaba un torrezmo na boca creu que a bota era outro e botouse riba dela.

Así que tal viu a viciña comprendeu as penas da vella i acacheando entre as carqueixas viu a tixela que inda tiña dous torrezmos.

Non quixo ver máis, anque por ser tan pouco curiosa inda lle reñiron algunhas compañeiras, e deixou a tía Xuana durmindo pra que non sintise as malas falas do mundo e pra repoñerse dos tragos que pola súa voluntá había pasado.

## Un soldado listo (Conto)

Aló polo ano de mil oitocentos e non sei cantos máis, tocoulle ir ó servicio do Rei a Míngos do Porto, rapaz listo coma poucos e que non había vello nin novo na parroquia que non lle debese algún favor, polo atravesado e sabido que era e sobre todo polo ben que puñía unha carta.

Tocar tocáralle un número inda ben alto; pro como o pai era probe e lle gustaban as cousas legais, non se quixo entender co que andaba gobernando nos negocios do Auntamento, e por favorece-lo fillo dun concexal, o bon de Míngos do Porto non tivo máis vivo remedio que cargar co fusil ó lombo.

Como o pai non tiña coñecementos de quen valerse, non puido conseguir que o fillo quedase nalgún dos batallós que había en Galicia, así foi que alá o botaron prá terra de Aragón con outros compañeiros, que coma a el lles faltaba poder.

Sen embargo, non tardou Míngos en facer migas con quintos doutras terras i aínda con soldados vellos, porque era un rapaz tan axeitado que servía pra calquer cousa que se lle mandase.

Un dos soldados que se fixo máis compinche del foi Xerónimo Pérez, vello xa, que fixera váreas campañas e que tamén estivo presente ó feito que sigue, polo que foi coñecido Míngos desde entonces unecamente co nome de Gallego.

Iban unha tarde de paseo Xerónimo e Míngos pola prencipal rúa de Zaragoza i ó pasar por diante dunha tenda onde se vendía viño i augardente, viu un castellano cun burro todo cargado de loza fina.

—Ai, compañeiro —lle dixo Míngos— si pagas unha copa fãgoche pasar unha farta de risa, que xa verás.

—Home, si non é máis que eso, ¡quen por unha cadela pequena deixa de pasar un bon rato!

Entraron na tenda e non solo botaron a copa de compromiso, sinón que inda lles deu por recuncar e beber algo máis do convenido.

E cando acabaron de beber foise Míngos cara ó castellano e con moita finura saludouno. O castellano logo entrou en conversación co gallego i este por fin e remate díxolle:

—Home, por miña nai, que na grórea esté, si tivera a ben facerme un favor estimaríallo muito, i ademais a vostede nada lle costa.

—Hombre, en virtud que nada me cuesta, y a V. le es tan beneficioso diga sin recelo que yo estoy dispuesto a servirlo en todo lo que pueda, porque también me parece V. buena persona.

—Pois meu bon home, non lle consiste nin máis nin menos que en que me deixe contarlle un contíño ó seu burro.

—¿No es más que eso? Pues cuéntele V. aunque sean cien cuentos, que bravo me importa que se ponga en conversación con mi burro.

—Ai amiguiño non sabe canto lle agradezo este favor que tivo a ben facerme. Vou logo a contarlle o conto ó seu compañeiro.

Vaise o bon de Mingos e quitou do peto do chaleque unhos cantos mistos de cartón, encendeunos con muito desemulo e facendo que lle falaba á orella ó burro metellos dentro dela. O animalíño, como era mui natural, tirouse no chan i aquí foi o belén, toda a loza se puxo en cinascos.

O castillano ó ver tal estragueira, encomezou a berrar, e chorar coma si fora un pequeno.

—Allá va todo mi caudal. Pobre de mi, como me las arreglo ahora — estes i outros polo xeito eran os berros que daba.

Os soldados fóronse escapando como puideron, i a xente que se xuntou cabo do castillano aconselloulle que dese parte ó Sr. Coronel do Reximento pra que castigase ó soldado que fixera tal falcatuada.

Meu dito e meu feito: non tivo o castillano cousa de máis présa que irse ó cuartel e poñe-lo feito en conocemento do xefe do Reximento. O Coronel mandou chamar o xefe de Guardia i encargoulle a este que polo sargento de vixilancia fixese por saber cál fora o soldado que lle había feito dano a un paisano.

Pregunta dun lado e pregunta do outro chegaron a saber que fora Mingos; chamárono pra diante do Coronel e non por eso se aturdiu. Iba máis campante que si fora pra unha ruada.

—Vamos a ver, ¿qué le ha hecho V. a este paisano?

—Mi coronel, a ese paisano no le hice nada, absolutamente nada, eso es poner una mancha en el sol como dicen en mi tierra. ¿No es verdad paisano que a V. no le hice dano alguno?

—A mi no, pero al burro sí.

—Ah, eso ya varía de especie —replicou Mingos.

—¿Qué diablos le hizo V. al burro? —perguntou o Coronel.

—Pues mi Coronel le voy a contar la pura verdad. Iba por la calle en compañía del sargento Pérez, vi a este paisano, le pregunté si me dejaba contarle un cuento al burro y me contestó, aunque sean cien ¿No fue así paisano?

—Así mismo —contestou todo triste o castillano.

—Sigamos —dixo o coronel.

—Como el Sr. me concedió permiso, me aproximé al burro y le dije: sabrás que se ha muerto tu padre, tu madre y tus hermanitos y que te han dejado de herencia cuatro mil fanegas de cebada. Quien tal le dijo, se puso tan alegre que dio en saltar y revolcarse en el suelo. ¿Tuve yo la culpa de esto, mi Coronel?

—¿Y V. se lo dijo así en castellano?

—Pues mi Coronel con un burro no se puede hablar en gallego.

Tanto lle chocaron ó Coronel as dúas salidas do soldado que non se podía ter á risa e pola lástima que lle deu o probe do castillano largoulle catro pesos pra axuda de mercar loza con que poder sigui-lo trato.

## Manuel López Prado

Descoñecemos de ónde era oriúndo este autor, como descoñecemos calquera outro dato biográfico, pois resultaron improductivas as nosas investigacións. Debido á súa escasa obra e á carencia de datos xeográficos nos textos que nos orienten, non podemos encamiñar de modo productivo a busca.

O texto máis antigo que lle coñecemos, “Cartiñas ó Tío Marcos”<sup>111</sup>, aparece asinado como L. P. e figura publicado na revista ourensá *O Tío Marcos d’a Portela*. Trátase dunha carta dirixida a Lamas Carvajal na que o autor lle solicita ser “subscriber perpetuo” da publicación e a súa amizade. Pola mesma sabemos que se trata dun home de orixe galega que se atopa vivindo en Madrid: “... o grande afán de ve-la miña querida terra por estar queimado d’o carácter d’ista xente de Madril...”.

O segundo texto da súa autoría, “E mais non ll’o digo”<sup>112</sup>, aparece publicado na mesma revista ourensá. Esta longa composición poética figura estruturada en catro partes e relata o encontro amoroso dunha parella de mozos labregos no transcurso dunha malla. Desta volta, o autor non só asina o texto coas iniciais completas do seu nome (M.L.P.), senón que indica onde foi escrito e cando (Mondoñedo, 23 de agosto de 1884). Este feito puidera contradicir a coherencia dos datos que indicamos arriba sobre a orixe do autor, pero tamén se puidera tratar dunha viaxe ocasional á súa vila natal como unha estancia vacacional.

Pero coa mesma sinatura, e tamén na cidade luguessa, foi escrita a composición costumista “Tal pra cal”<sup>113</sup>. A temática e o estilo coinciden cos da anterior colaboración. Tamén a sinatura (M.L. y P.). O data a 4 de setembro de 1884 fainos pensar que posiblemente as súas colaboracións corresponden no tempo cunha estancia vacacional na terra natal, pois non se rexistran novas colaboracións da súa autoría que leven data en diversos meses do ano e coa localización mindoniense.

Anos máis tarde aparecen na revista luguessa *A Monteiro* tres relatos en prosa, asinados por M. López Prado. Un deles asinado en xaneiro de 1890 e outro en xullo de 1890. Novamente coinciden as datas con posibles períodos de vacacións. Pero non se nos indica ónde foron escritos aínda que en dous deles se apunta que teñen a súa orixe na tradición (Pol-a recoleución).

Podemos concluír tralo exposto que Manuel López Prado, posiblemente lugués, tal vez de Mondoñedo, viviu algún tempo en Madrid, aínda que sentía morriña da terra natal á que adoitaba volver sempre que podía.

---

<sup>111</sup> En *O Tío Marcos d’a Portela*, Ourense, parrafeo, nº 45 (13 de maio de 1877).

<sup>112</sup> En *O Tío Marcos d’a Portela*, Ourense, parrafeo nº 44 (14 de setembro de 1884).

<sup>113</sup> En *O Tío Marcos d’a Portela*, Ourense, parrafeo nº 51 (2 de novembro de 1884).

O seu labor literario en lingua galega figura espaxado nas publicacións periódicas de finais de século. Na revista ourensá *O Tío Marcos d'a Portela* aparecen os textos xa mencionados, “Cartiñas ó tío Marcos”<sup>114</sup> –asinado por L.P.–, “E mais non l'lo digo”<sup>115</sup> e “Tal pra cal”<sup>116</sup> asinados por M.L. i P. que deducimos corresponden a este mesmo autor.

Co seu nome completo aparecen asinadas as catro colaboracións recollidas na revista luguesa *A Monteira*: “O lobo cacique”<sup>117</sup>, “A volta do mariñeiro”<sup>118</sup> e “Dous emigrantes”<sup>119</sup>, publicado éste en dúas entregas. O primeiro dos textos consiste nunha fábula na que se recolle o atávico terror ó lobo, aínda que transcende, como metadiscursivo, o desexo de triunfo das xentes do común sobre os caciques, no relato interpretado polo lobo que resulta burlado. “A volta do mariñeiro” constitúe unha estampa mariñeira ateigada de tópicos na que o autor describe con estética costumista e melancólica unha posta de sol na ría de Muros, coa chegada dos mariñeiros á praia agardados polas súas donas e un fato de cativos. Non exenta tampouco de incidencia social –alusión á miseria e dureza da vida dos mariñeiros–. No conto titulado “Os dous emigrantes” aparece novamente o lobo como personaxe. Na fábula transcende o rexeitamento da lacra social da emigración, exemplificada, desta volta, nun lobo que emigra do Cebreiro a Extremadura.

Tamén na *Monteira* figura o cadro de costumes titulado “Os caiceños”<sup>120</sup>, no que se conta o retorno á súa terra de dous emigrantes galegos que foran traballar a Cádiz e á súa volta actúan de xeito fachendoso cos seus paisanos, desprezan a terra natal e mesmo renegan da que fora a súa lingua materna.

Neste relato, publicado parcialmente, anúnciase a súa continuación ó final da entrega, pero non se continuou ó longo de ningún número posterior desta revista. Aínda que figura asinado por M.L.P., trátase, en realidade, da versión galega das dúas primeiras páxinas do artigo de Rosalía de Castro “El cadiceño”, publicado vinte e catro anos antes, na cidade de Lugo, no *Almanaque de Galicia* de 1866. Este feito ocasionou unha coñecida polémica da que xa nos advertira o profesor Xesús Alonso Montero na súa presentación do facsimile da revista *A Monteira*<sup>121</sup>:

---

<sup>114</sup> En *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, parrafeo nº 45 (13 de maio de 1877).

<sup>115</sup> En *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, parrafeo nº 44 (14 de setembro de 1884).

<sup>116</sup> En *O Tío Marcos d'a Portela*, Ourense, parrafeo nº 51 (2 de novembro de 1884).

<sup>117</sup> En *A Monteira*, Lugo, nº 15 (11 de febreiro de 1889), pp. 114-115.

<sup>118</sup> En *A Monteira*, Lugo, nº 18 (1 de febreiro de 1889), pp. 140-141.

<sup>119</sup> En *A Monteira*, Lugo, nº 45 (9 de agosto de 1889), pp. 356-357 e nº 46 (16 de agosto de 1889), pp. 363-364.

<sup>120</sup> En *A Monteira*, Lugo, nº 55 (18 de outubro de 1890), pp. 18-19.

<sup>121</sup> “*A Monteira*: de re literaria”, en *A Monteira*, da edición, facsimilar de 1989, p. XXXIX.



Vai ser no nº 57 (1 de novembro de 1890) A(mador) M(ontenegro) S(aavedra), o director do semanario, quen recoñeza a piratería literaria perpetrada polo «señor López Prado» aproveitándose da boa fe da Redacción da *Monteira*, que –aclara– non pode ter «persente canto en trinta ou corenta anos se esquirbe nunha rexión». Neste artigo, «Unha satisfacción», Montenegro dóese de que Manuel Amor Meilán, «colaborador que foi da *Monteira* hastra o número pasado», denunciase a piratería no xornal *El Regional*, de Lugo do día 21. Amor Meilán nesta denuncia non só desaproba a apropiación indebida de López Prado («hubo un famoso criminal que se chamou así») senón que censura, moi severamente, a «ignorancia» non disculpable da Dirección da *Monteira*...

Na revista cubana *Galicia Moderna* figura reproducido un dos seus textos, “A volta do mariñeiro”<sup>122</sup>, tan só un mes despois da súa publicación na revista luguesa *A Monteira*.

Os tres textos narrativos da súa autoría podemos situalos na liña de raizame popular característica de moitos dos escritos en galego de finais do século XIX. Así se podería explicar, por exemplo, a presenza do lobo como o protagonista de dous relatos, os temas da dureza da vida do mar, o caciquismo, a emigración a castela, etc.

Os relatos adoitan ser transmitidos por un narrador que nos conta a historia dende o punto de vista dun observador externo, salvo nas referencias á paisaxe que se nos describe sempre dun xeito idealizado e, polo tanto, subxectivo; especialmente no caso do relato “A volta do mariñeiro”.

A estrutura dos textos é moi sinxela, pois responde á secuencia da formulación, nó e desenlace.

Os temas dos seus relatos, entre os que se conta a denuncia do caciquismo, a emigración, a miseria das xentes do mar, etc. aparecen tratados dun xeito irónico.

Ademais dos personaxes de fábula, tamén destacaríamos a presenza de personaxes tipo, fundamentalmente no elenco de personaxes secundarios que figuran nos seus textos. Destacaríamos, por exemplo, a figura do castelán que despreza ós galegos. Así, D. Triffón Tostado, o dono das terras estremeñas para o que traballan os lobos do relato “Dous emigrantes” manifesta: «Chiquillo sabes que nunca había tenido a los de Galicia por tan listos».

Os espazos narrativos predominantes nos seus escritos son sempre exteriores ou abertos. As historias teñen lugar no monte, na beira do mar, etc. Cabe destacar deste aspecto o tratamento idealizado que recibe nas súas descricións a paisaxe galega (tanto as terras do Caurel ou os Picos dos Ancares coma a ría de Muros).

---

<sup>122</sup> En *Galicia Moderna*, A Habana, nº 5 (29 de marzo de 1890), pp. 4-5.

## O lobo cacique

No monte de Roqueira que se alcontraba nos términos do Caurel e nunha preciosa mañá do mes de maio, cando xa lumbrigara o día levantándose o lobo da cama que tiña entre unhas uces, estirouse, levantou a cola e dixo: «Boas cousas que comer venta o meu traseiro».

Siguiu por entre as matas, i ó chegar a un campo donde andaba pacendo un macho, díxolle:

–Voute a comer.

–Si que me comerás, –lle contestou o macho con moita finura– pro antes de que fagas tal cousa pídoche un favor.

–¿E cal é?

–Que leas o meu nome.

–¿E donde?

–Cando meu pai e miña nai tiveron á ben morrerse, eu aínda era mui pequeniño, tiña poucos días e, polo mesmo non sabía ler e tampouco nunca letra ningunha me adprenderan; pro meu pai ó morrer, nunha das cráusulas do testamento, según dixeron os cumpridores, deixou espricado que na pata do lado esquerdo, tivera a ocorrencia de esquirbi-lo meu nome, e por esto suprí-coche que mo leas, pois non quixera morrer sin saber como me chamo.

–Non, o que é por eso non hai ningún inconveniente.

Púxose o lobo tras do macho, i este pegoulle somellante couce que sin tempo á deixarlle ler nada, fíxoo ir a reboladas polo campo abaixo.

O lobo quedou compretamente atontado por un pouco tempo, e cando despois de volver en si levantouse, dixo: ben empregado me estivo a min; ¿quen me mandou meterme en tales fonduras, si nunca letra conocín nin se soupo que a conoscién tódolos meus antepasados?

O bon do lobo siguiu o seu camiño hastra o fin do monte prúusimo ó río que vai vota-las súas augas á Quiroga, en donde atopou un prado, e nel unha cocha cos seus fillos que estaban todos xuntos ruando mui cheos de legría e mui afoutos de que ningunha fera malina estivese votando a conta de que iba a xantar con eles.

–Porque, –diciá o lobo– xa non me engano, boas viandas venta o meu traseiro. Non hai moitos momentos perdín unha boa, ben o sintín, pro en cámb-beo agora outra muito millor me apareceu.

Sin dicir bos días nin boas tardes, como si xa fora cousa própea, che-gouse a mai dos cochiños e díxolle mui cheo de vanidá:

–Vouche come-los teus filliños. Están gordos e ben criados, e polo mesmo vounos xantar de contadiño.

A cocha contestoulle con muita humildá:

–Comeralos, non cho podo privar; ti eres forte i-eu debre e mais mal me iría si me apuxese, porque irritaría o teu mal xenio e comeríasmе a min tamén; pro antes de que os xantes temos que facer unha cousa.

–Por min non hai inconveniente, dirás qué cousa é.

–Pois hai que bautizalos.

–E ¿como se fai eso?

–Mui facilmente. Lévanse ó río que preto de aquí está, e con lles botar unha pouca de auga pola cachola abaixo xa basta.

–Pois vamos aló, que así tamén han de saberme muito millor.

Votáronse a andar e polo camiño iba o lobo botando as contas, tantos hei comer agora porque teño grande fame, tantos hei deixar pra mañá, porque os escondo na caxigueira que teño a carón da cama, i-así teño boa comida asegurada por dous días. Convenme saír poucas veces i-aquelas aporveitarme, que así fai a xente que ten ispiréncia, poucas falcatrudas, pro boas, e a verdadeira máxima do cacique coma min.

Chegaron á beira do río i-a cocha mandoulle ó lobo que collese a auga co cu dun pucheiro que alcontraran polo camiño.

Ó ir face-lo lobo o que lle pidiran, posto que estaba xunto ó mesmo lado da auga, deulle a cocha tan grande fuciñazo que o tirou á corrente do río i-o lobo marchou con ela por el abaixo, e foi a parar á cal dun muíño.

Cando se viu fóra da auga e reconecendo o ben que o bulraran, dixo con aire de malenconía:

–O que me pasou foi un castigo mui merecido, porque naide me mandou meter a min en cousas coma a de bautizar. Meus pais comeron sempre a carne como a alcontraban, i eu si os seguira neso non me pasaría o que me pasou. Pero ós novos parécenos que o que facían os vellos estaba mal feito, i así levámo-lo pago.

Cavilando sobre desto e doéndose de que a pesar da súa forza e do seu poder non lle saían as cousas como pensaba, pois nos que menos o creía eran os que máis o chafugaban foi andando como puido polo camiño adiante, hastra chegar ós términos da aldea de Marcurín.

Nun cacho de campaa que alí había, estaban pacendo dous carneiros merinos, mui fortes, que facían escapar a tódolos rapaces do lugar polo ben que turraban neles.

Ben libres se hachaban de que un lobo os miraba e mui ledo dicía:

–Non é tonto o meu traseiro en anunciar-me boas i-escollidas cousas que comer. Por ser eu mui burro escapouseme a outra: pro o que é esta non hai quen ma quite. Á terceira vai a vencida. Puidéronse bulrar de min antes, pro agora espavileime tanto que xa non hai naide que mas meta.

Como quen tiña a viutoria conquerida, chegouse mui teso e mui orgulloso a xunto donde se alcontraban os carneiros e sin outros requilorios nin outras formas, díxolles:

–Vouvos a comer.

–Comerasnos –responderon os carneiros–, xa sabemos que ningún remédeo temos, e que cando se vos antoxa unha cousa por mui ó revés que sexa, habedes de saír con ela, que é o que fan tódolos caciques coma vós, pro antes vas a axudarnos a deslincar unha custión que temos entre os dous.

–Por eso non hai nada, axudareivos á deslincar tódalas que se vos ofrezan, que pra eso teño forza de abondo.

—Entre meu compañeiro i-eu temos unha rivingueita. Eu digo que o meu tarreo chega hastra máis alá de donde estamos agora, i-el di que non é nada máis que hastra aquí. Nós queremos que quede resolto o asunto antes de morrer, pois non somos daqueles pais que por ir eles saíndo do apuro, déixanlles ós fillos que carguen cos preitos que ocasionan as falcatrudas que fixeron. Ti poste aquí, e nosoutros vámonos ós cabos do tarreo i ó que primeiro chegue a xunto de ti, daquel será o tarreo.

—Parezme mui xusta e posta en razón a marcha que lle dades ó voso negocio. Nada de irvos á curia, que todo o espreme, menos a xustícea; resolvelo por vós mesmos que aforrades diñeiro. Ídevos ó fin do tarreo, que eu estarei quedo, non me moverei do sitio en que me deixades.

Fóronse os carneiros por lado contráreo un do outro i á unha botaron a correr, e tomaron tal forza, que collendo ó lobo no médeo, estruxárono deixándoo tan estropeado, que tardou un día cuase pra volver en sí.

Ó fin, mal como puido, foise levantando, e maldicindo a súa sorte que tantas ocasiós lle persentara pra comer ben i as botara a perder por seu estrevelo e por se meter en cousas pra as que non nacera, dixo cheo de coraxe:

—¡Xúpiter! ¿como non me castigas por tantas barbaridades como levo feitas? Son un animal que non merezo perdón ningún polas moitas que fixen.

Nesto chegou un home que iba á repola-lo castiro, baixo do que estaba o lobo, e mirándoo deixoulle cae-lo machado sobre do lombo, e dixo o lobo:

—Raio! Qué reuto eres e qué reuto me castigaches.

\*\*\*

## A volta do mariñeiro

É unha tarde do caloroso mes de agosto i o sol cansado xa de estende-los seus ardentes raios polo mundo, acúltase, satisfeito de ver dunha ollada os seus dominios sin fin, tras dos picos das feras montañas que hai na cordilleira do Monte Louro, alumeando cos seus derradeiros raios as ribeiras da costa do nacente da ría de Muros.

Parezme que non hai cousa ningunha que se poida comparar co encanto e coa ilusión que se sente naquela hora apacibre, ante a vista que presenta a ría mirada dende a bonita ensenada de Muros. De maneira que se vai aprouximando a noite, a praia, na que todo é vida i animación durante o día, vai quedando case sin xente, notándose tan soilo, co lixeiro remor do oleaxe, o ruxido que á unha fan ó caer na auga os remos das embarcacións pescadoras, que despois de haber pasado tempo e tempo loitando muitas veces co mar forte e bravo, dirixense ó porto.

Cando xa se vai sintindo pouco á pouco a voz dos mariñeiros i estes se achegan á praia, vense aparecer por difrentes puntos dela mulleres, que cos seus fillos nos brazos e seguidas dos que non son tan pequeniños, van agardar á ribeira a volta dos pescadores.

Cada unha daquelas probes mulleres leva un pequeno cesto pra recolle-la pesca, que a forza de tantos traballos i a maor parte das veces expoñendo a vida, puideron colle-los valentes mariñeiros. De entre o grupo das mulleres, saí unha co seu filliño no colo, achegándose chea de xúbilo e satisfacción á orella da mar, á que se aprouxima naquel istante unha dorna, dirixida por tan soilo un mariñeiro.

En canto este houbo conocido a muller que o esperaba, chamouna con alegría polo seu nome, facéndose mil preguntas e pidíndose notíneas que amosan o intrés máis dilicado, entabrándose con esto unha conversación dende a dorna á ribeira e da ribeira á dorna, con esa caída tan graciosa con que se fala o idioma gallego en case tódolos puntos das rías baixas, e que tantos encantos gardan pra aqueles que, sin privinción ouservan as sinxelas costumes dos nosos mariñeiros.

A quilla da dorna toca por fin na area, i aquel probe pescador, tostado polo sopro das tempestás, que tan a miúdo ten que sufrir pra ganar con qué manterse el e soste-la súa familia, bótase á auga e despois de haber amarrado o seu pequeno barquiño, corre a abraza-la súa muller i os seus fillos, dando mostras do cariño máis entrañable e do muito que quere á compañeira das súas amarguras e dos seus traballos, i os pobres neniños, que non poden sentir tódolos días as tenras caricias de seu pai.

Naquel mesmo istante o toque das campás da eirexa parroquial veñen a recorda-la oración da tarde, i o mariñeiro, descubrindo a súa cabeza chea de canas, sinón polos anos, polos contratempos da súa penosa vida e tendo no colo ó fillo e coa cara volta ó mar, dirixe os seus ollos cheos de bágoas ó ceo á donde eleva o seu puro pensamento i-a súa fervente oración.

A noite estende por compreto as súas negras sombras, todo queda como si non houbera xente no pobo, porque todos van buscar no descanso as forzas i o valor con que soste novas campañas no día que vén, co outro líquido elemento que tan cara fai paga-la rica presa que solta.

A praia, polo tanto, queda compretamente deserta. Xa non se ven outros ouxetos nela mais que as embarcacións que homildes coroan a orela do mar e cuias sombras se descubren ó largo da ribeira, como pantasma que gardan o seu posto.

Non se sente ningún outro ruxido máis que o lixeiro remor das ondas, sinón de bo tempo e de calma, acompañado de cando en cando polo pouco agradabre *gra gra* das aves do mar, e soílo unha que outra vez acostuma a xuntarse a estos acentos da soledá a voz crara soave e melancónica dunha xoven pescadora, que sentada sobre da area espera a chegada do seu amante compañeiro e canta con tono doce e tristeiro:

«Vente, ventiño do mar,  
vente, ventiño mareiro;  
non me fagas esperar,  
e traime ó meu compañeiro»

Xaneiro de 1890.

\*\*\*

## Dous emigrantes

Non hai muito tempo, cando xa a manía de marchar pra outras bandas iba facendo que as xentes deixasen a terra en que naceron e viviron, pensando en alcontrar montes e moreas de diñeiro, tamén lle deu por deixa-las Picos de Ancares a un lobo, ó que polo visto non lle iba muito ben con tanta neve como din que alá cae.

El o conto foi que mal como puido, e sin ter necesidá de pidir diñeiro emprestado pro viaxe e muito menos de lle rouba-lo peto a ningún probe, chegou aló a Extremadura baixa coa boa intención de poñerse a calquer cousa que lle dese un bocado de pan para ir pasando catro días da vida, anque fose con traballo.

Aínda non lle deberon ventar malas disposicións, pois non tardou muito tempo en chegar a ser pastor do rebaño de carneiros merinos que tiña un rico ganadeiro da vila Pedrosillo de Bos Aires.

Boas noticias debeu mandar á casa, porque decontado se correu por todo o país a boa sorte que tivera, o ben que se alcontraba i astra muitos tamén chegaron a adiviñar que había de ter algunhos cartiños forros pra poder pasala súa vellez sin ningún traballo.

Esta noticia, polo que parez, inda se estendeu bastante i a muitos se lles fixo auga na boca, porque o certo foi que un zorro probe e famento que vivía no Cebreiro escribiulle unha carta ó lobo toda chea de lástimas.

Nela expoñíalle a súa mala situación, e facíalle ve-la miseria en que se atopaba case todo o ano, xa polas grandes nevadas que durante o inverno caían, xa polas muitas chuvias e fríos que se vía obrigado a sufrir e xa tamén porque os caciques desta terra iban deixando todo de tal sorte, que os probes paisanos cada vez tiñan menos con que poder manter ós zorros.

Pidíalle con muita humildá tivese acordo del cando houbese algunha colocación que fose xeitosa anque non dese muita utilidá, pois botaba de conta que mal por mal había millorar de fortuna.

O lobo ó fin como se trataba dun da terra, aínda tivo compasión e buscoulle un amo, causa pola que lle contestou bastante satisfeito dicindo que xa tiña colocación buscada pra el, e que cando quixese podía poñerse en marcha, pois sería tamén pastor e gardando como el un rebaño de carneiros merinos no monte chamado de Lasca.

O zorro non quixo saber máis, enseguidiña tomou o camiño de Extremadura, botándose a andar sin pedir pasaporte nin bagaxes, pois confiaba máis nas súas mañas que non en toda a proteución que lle podían da-los gobernadores e alcaldes dos pobos e vilas por onde lle tocase pasar. Así foi que ó cabo de dous días de camiño xa podía dar razón do sabor que tiñan as galiñas de Castilla, i algún asegura que lle oíu dicir que tiñan pior sustáncia que as da súa terra, polo visto non eran de sangue tan sustanciosa.

Fose dun xeito ou doutro, o certo é que ó fin chegou a xunto do lobo, e que en canto se viron déronse unha aperta como si foran dous hirmaus que había anos non se ollaran. Falaron algo do xiringada que tiña o goberno a

Galicia e da muitas falcatrúas que pola terra se ven, i en canto o zorro descansou algo do seu viaxe, encamiñouno o lobo pra xunta do amo a quen lle tiña falado, que era D. Trifón Tostado, co ouxeto de que se axustasen nas condicións en que o había de servir, porque despois xuntando os rebaños no mesmo monte xa se verían tódolos días.

Chegou o zorro e gustoulle a D. Trifón a pinta do novo pastor que iba a ter. Sin muitas voltas fixeron trato e quedaron en que o amo non lle daría máis soldada que a mitá dos carneiros que aumentase polas súas axencias. Ó día seguinte levou xa o rebaño ó monte onde se achaba o lobo, xuntouno co deste, e dende entonces xa quedaron por compañeiros.

O lobo tiña no monte unha choza onde facía de comer i a que lle servía tamén pra durmir muitas noites, i entre os dous pastores conviñeron, como bos amigos, que cada un deles faría de comer seu día, i o outro gardaba a facenda, e desa maneira i á sinal de que este podía ir a xantar era cando o que facía a comida tocase a bocía.

O primeiro día dispuxo o lobo que a fíxese o seu compañeiro, pro chegou ó médeo día i a fame que sentía o lobo era mui condenada e non oía toca-la bocía, así é que ventando que algo lle pasara ó amigo, foise pra a choza i en vez de alcontra-la comida feita, atopouse co lume morto e perucho mui espanchigado na cama.

Pro compañeiro, –díxolle o lobo– qué modo é ese de te-lo xantar proparado.

–¿Que queres, home? –contestou o zorro– Non che puiden facer nada porque che me deu un dor de barriga tan grande que pensei xa non era máis zorro. Agora xa me foi pasando algo, pro non aínda de todo.

Ó ver tal cousa, o lobo tratou de amañar algunha comida e deulle a ola ó zorro pra que fose por auga.

Colleu a ola e foise pra fonte, mais en lugar de face-lo que tiña que facer, votouse a toma-lo sol tan largo era. Cansado o lobo de agardar foise en busca do amigo i ó alcontralo daquel xeito díxolle:

–¿Pro non estarás farto de dormir toda a mañá?

–Non durmo, home, non durmo, estou botando as contas de cómo vamos a facer pra leva-la fonte á cociña i aforrar desta maneira o traballo de vir aquí pola auga.

Colleu o lobo a ola, encheuna e mandoulle ó zorro fose por estelas ó pinar que estaba a carón mesmo.

Alá foi pro volveuse a tumbar no chan, i o lobo vendo que nin iba nin parecía e que o tempo lle chegaba de sobra, pois non tiña máis que collela da que os amos xa xuntaran, volveuno a buscar i atopándoo mui deitado, botou mil pestes, chamándolle as que viñan ó caso polo seu modo de proceder.

O zorro contestoulle mui satisfeito, que estaba cavilando no modo de leva-lo pinar pra choza, pois desa maneira non tiñan máis que corta-la leña e queimala, sin necesidá de cargar con ela ás costas.



Ó lobo que xa non lle iba ben con tantos proieutos, cargou coas este-las e pidiulle ó zorro que saltase drento da horta por unhas poucas berzas en canto que el facía ferve-la auga.

O Perucho, como fixera antes, así que chegou á horta deitouse a toma-lo sol prendendo logo no sono, e craro, a auga fervía pro as berzas non tiñan trazas de parecer i o lobo cunha fame levada de xuncras, saltou na horta poñendo como novo ó zorro polas súas mañas.

O zorro respondeulle, boa gana che teño de quedarme durmido. Estaba cabilando, e xa logo me doi a cabeza de pensar no plano que estou facendo pra leva-la horta a cucuña, en virtú que estando alí anque chova non temos pra que mollarnos.

–Vaite ó demo ti i os teus plás, non quero contigo xa máis compañía, pra ser bon xa che puñeron por alcume *Perucho das malas mañas*. Estou com-pretamente convencido de que todo canto a xente di de ti é certo. Polo tanto dende este momento soparámonos pra sempre e dividiremos a facenda.

–Por min non hai ningún inconveniente. Ti estás afeito a vivir pola antiga e non queres millorar de posición habendo posibres pra facelo, pois non che teño a culpa.

–Vamos logo a ver ¿Que sinais teñen os meus carneiros? –lle pre-guntou o lobo.

–A verdá, os teus carneiros sonche dunha casta mui boa, dos millores que che vin eu por todo o país. Téñenche catro cornos.

O lobo que tanto non roparara aínda, conformouse coa regra que lle daba seu compañeiro pra distinguilos e non tivo cousa de máis présa que botar tódolos carneiros na currada, tal era a gana que tiña de desfacerse da compañía do zorro.

Así foi, o zorro mui dilixente púxose a face-la escolleita. Este car-neiro ten catro cornos i é teu; este ten dous i é do meu rebaño, de contadiño os foi soparando sin que o lobo ventase a derradeira xugada que na súa compañía lle estaba facendo o compañeiro, pois era mui cativo o número dos merinos que tiñan catro cornos.

O zorro ventando xa a queima que lle agardaba, e que sería case imposible lle perdonasen tantas como fixera, en canto deixou o rebaño pacendo no monte escapouse a toda présa, pro antes quitoulle o bandullo a un dos carneiros ó que acomodou i escondeu perfectamente debaixo da camisa.

Ó bota-lo lobo á mañá cediño os carneiros pró monte fixose cargo e notou o engaño que fixera Perucho, de levarlle case ou sin case, a metá dos car-neiros do seu rebaño.

Non lle coceu o corpo a falsedá tan com-preta, e tomando o camiño que levava o zorro botouse tras del pra lle cobrar a que lle había feito. Non podía sufri-la ingratitú dun compañeiro por quen tanto traballara i ó que tantos favores lle fixera, hastra percurarlle un modo de vivir mui decente, calquera cousa podía pasar menos unhas señales de menosprecio tan malinas. Sacalo de entre as neves i os fríos do Cebreiro i aínda pagarlle daquela maneira tan pícara, non tiña perdón de naide.

Dicindo todas estas verdás i-outras, e xurando coma un carreteiro, chegou á casa de D. Trifón preguntando polo pastor do seu rebaño. D. Trifón díxolle que non parecera en toda a noite, que polo visto como estaba o tempo quente deixara os carneiros no monte pra que se fartasen millor.

Contoulle o lobo a D. Trifón canto lle pasara co pícaro do zorro e chocoulle tanto que non puido por menos de dicir: «Chiquillo sabes que nunca había tenido a los de Galicia por tan listos».

–Vaia si non –lle dixo o lobo– haillos tan listos coma en calquera sitio, sonlle fillos de Dios coma os mais.

Vendo que D. Trifón non lle daba noticia do zorro encamiñouse ó monte a ver si alí o alcontraba, pro deu unha volta por todo o redor e tan soilo viu os carneiros. ¡O pastor iba boa, quen o collía!

Deixou o monte e tomou o camiño cara a unha campa onde estaban xugando un fato de rapaces *a la una andaba la mula*.

Chegouse a eles e preguntoulles si viran pasar pola corredoira un zorro destas e das outras señas.

Os rapaces contáronlle que chegara correndo como unha exhalación, e que pra correr inda máis lixeiro, sacara do peto unha navalla e raxara a barriga pra feito de que o peso das tripas non lle impedise correr millor.

Estonces o lobo que astra daquela nunca lle fixera caso ós proieutos do que fora seu compañeiro tentouno o demo –que cousa boa non foi–, a que-relo imitar e dixo: «Eu tamén vou a face-lo mesmo astra o de aquí sempre fixen bulra das súas mañas e das cousas que pró noso ben se lle metían na chola, pro o que é agora pola gana que teño de axustarlle as contas hei face-lo mesmo que din os rapaces fixo el».

Sin máis andrómenas, e sin quita-la roupa, pra non perder tempo, meu dito e meu feito, saca de coitelo e zas... dá unha forte raxadura na barriga, e coa présa que levaba caeu morto tan largo era.

Xulio de 1890.

\*\*\*

## Os caiceños

Aló lonxe, polo camiño de ferradura que branquea entre os viñedos i as prantaciós de millo, vexo aparecer cal cabaleiros de fortes lanzas, armados de paraguas cuase tan grandes coma eles, dous homes, dándose tanto aire e movéndose con tanto aquel, que parez que veñen dicindo: «Aquí entramos ¿quen hai pra nós?»

I afellas que non soupen nun príncipeo si deixar ou non a ventana en que mealcontraba polo temor a un desafío. Ben pronto comprendín que os tales non eran máis que dous caiceños, dous deles que volven da terra de *María Zantísima* feitos unhos sabios e tan *avisaos*, que non me chamaría a atención que con soilo mirarme á cara comprendesen que me fixaba neles co ouxeto de facer logo o seu ritrato, mal como poidese.

¡E xa se pode estrever calquer fillo de veciño que non teño a miña pouca aprensión pra presentar ó proximo, siquera seña a pasar, as grandes narices e non pequenas orellas con que os dotou a natureza, por certo sin perda ningunha!

Comprendo perfectamente que é moi exposto tal oficeo nestes tempos, en que todos temos dreito de reprimir e non nos falta que rascar, así é que siría non milagre que os das grandes orellas e compañeiras narices lle respondesen a un dicíndolle:

—Vou desfacerlle a cara sin deixarlle óso sano, que eu non son nin me parezo como a ese pantasma que acaba de facer. Vosté quixo facer un ritrato e saíu unha caricatura.

E logo, si o pintor é medoñento, ten que colle-los pincés e reforma-la nariz i as orellas.

Mais eu, Dios por diante, non penso pararme en tan pouca cousa por soilo facer caso ó capricho dun home, e por ir co seu xenio non hei faltar á verdá sin deixar de dici-las cousas como son, porque hai tempo que teño drependido que o artista débese á verdá i ó arte.

Queiran pois ou non queiran os que cuspen polo colarillo, non hei de deixar de cumpri-lo encargo que me fixeron, anque é máis difícil do que parez á primeira vista. E se hai xentes que marmulen, tendo persente que este mundo é unha cadea moi longa e que todos cometémo-los nosos pecadiños e que o que estes ringuilós esquirbe sabe ben non ha faltar polo mundo quen faga a súa caricatura.

E volvamos ós dous caiceños.

Os dous veñen de Caiz ou dalgunha vila cercana, que pro caso vén se-lo mesmo.

Dous burros cargados case astra reventar con dous baúles de cravos dourados e tea moi branca pra que se vexan ben van diante. Os dos paraguas, ademais deste muebre, i a pesar de se-lo máis quente do ano, levan ás costas largas capas castañas con bandas máis roxas que o sangue dun touro i unhas botas mui *aforráas* e *cumpriás*, cando a calor convidaba a andar descalzos polo médeo da herba.

Ó chegar ás portas da ciudá máis próuxima, ó lugar, xeneralmente os caiceños preguntan a cantos atopan, por unha *posaa de la boenas y de securiá*, recorrendo logo, pra que todos os vexan, as rúas do pobo, fumando un bon puro habano, falando a berros o andaluz máis chapurrado que ouíu criatura nacida, e cunha desvergonza e desparpaxo que adimira. Si a alguén lle dicen que non son de Galicia, haillelo que crer.

—Tenemos de mentres volver a marchar y solo vimos a traguerle a nuestra guente las boenas cosas mercadas con lo que janamos; non nos bastaban entovía catro baiules ben atracaos e tivemos que deixar en cas dun compañero váreos efeutos que nos ha mandar por el primer embarque que haia de proporción.

Tales cousas suelen decir.

—Eso é ben sabido, contéstalles ó millor a patrona surrindo, ninguén vai a fóra que non veña cos petos cheos de diñeiro e sobre todo si vén da terra de Caiz.

(*Continarase*).

## Pepe Reimúndez

Pepe Reimúndez ou Raimúndez foi un pseudónimo utilizado en *A Monteira* no verán de 1890 por “un amigo [...] tan modesto como inspirado poeta”, segundo consta en nota na primeira das colaboracións que apareceron así asinadas: o poema “A volta da primavera” (Nº 36, 7 de xuño de 1890). A este hai que engadir os poemas “A miña anduriña” (Nº 40, 5 de agosto de 1890), “A Galicia e ós seus Orfeós” (Nº 52, 27 de setembro de 1890), “Tradución libre do salmo CXXXVI” (Nº 57, 1 de novembro de 1890) e o relato “As dúas santiñas” (Nº 61, 29 de novembro de 1890), dedicado a Roque Pesqueira Crespo. A estas colaboracións literarias hai que engadir o artigo en prosa “Un proyeuto” (Nº 46, 16 de agosto de 1890), onde se reclamaba a creación dunha Academia galega que dotase dunha norma á lingua galega. Este artigo foi contestado, uníndose á súa reclamación, por Roque Pesqueira Crespo en “¡Adiante! (A Pepe Raimúndez)” (Nº 52, 27 de setembro de 1890).

Presentada como lenda popular, “As dúas santiñas” é unha pequena peza alegórica sobre o encontro casual da *Vergonza* e da *Nebra* (néboa), adoptando a figura de dúas viaxeiras, nunha pequena taberna rural. No xantar que comparten e no camiño que fan xuntas dialogan sobre os seus respectivos poderes e capacidades no seu peregrinar polo mundo.

## As dúas santiñas. Lenda popular do distrito da Folla

Ó sr. Pesqueira Crespo

Unha mañá calurosa do mes da sega alcontráronse por casualidá dúas mulleres á porta dun mesón. O traxe, a fala, e certo aire misterioso que se deixaba ver nas súas presoas, chamaron vivamente a atención da honrada taberneira, a coal, ventando de seguro notabre ganancia, díxolles, sorrindo amablemente: «teñan a bondade de entrar nesta súa casa, nobres señoras, e descansen un pouquiño á sombra, que o calor que fai derrete as mesmas pedras. Despois poden pedir o que gusten, que han de ser servidas con limpeza, abundancia e baratura.»

Non se fixeron moi rogadas as desconocidas, entraron no mesón, se sentáronse nun escano máis vello que os camiños.

Pidiu cada unha un vaso de auga, mescrada con azucre, foilles servido inmediatamente e logo escondérono entre peito e espalda. Con esto fóronse animando pouquiña pouco as fatigadas viaxeiras, e desexando cambeir con máis liberdade as súas respetivas impresiós, díxéronlle á taberneira:

—¿Ten algunha cousiña de fresco que amañar a istas dúas amigas?

—Teño dúas libras de angueas, leitugas en abundancia, pan de trigo e viño do Ribeiro.

—¡Alabado sexa Dios! Pois poña axiña a tixola ó lume; frita ó punto as angueñas, sin que lle esquenza ningunha na tarteira, e isa guapa rapaciña que tan graciosamente está repartindo berzas ós coñexiños, vaia porparando dúas bocadas de leitugas. Axiña e ben, que quen pagan son as motas.

Ó oír isto a taberneira, foise voando prá cociña, babándose de gozo, porque xa lle parecía estar vendo nas súas maus moitas e soantes caras de rei.

Mentres estouraban na tixela as deventuradas angueas, e os conexiños andaban correndo uns tras dos outros pra come-lo último canoto, a máis entrada en idade das nosa señoriñas (que era alta, pálida e un tanto vaporosa no seu corpiño e maneiras), díxolle á súa compañeira (que era, ó parecer, moito máis nova e, por añadidura, colorada como unha ginda):

—Cando nos tropezamos cabo deste mesón, como viñamos tan fatigadas, apenas fixemos máis que darnos os bos días. ¿Podería saber eu, amabre neniña, coal é a súa gracia?

—Chámome a *Vergonza*, contestou suavemente a máis nova, baixando os ollos.

—¡Bendito sexa Dios! reprecou estusiamada a máis vella. ¡Canto me tardaba tropezar contigo pra poder abrazar a tan preciosa e famosa doncela!

Que esto, levantouse e deulle dous bicos e tres apertas.

—E vosté, ¿como se chama? dixo a *Vergonza*, levantando con temidés seus feiticeiros olliños.

—Eu son a *Nebra*, ise velo, isa sabá inmensa, que tan a miúdo envolve o mundo á voz de Dios.

—¡Bendito sexa il! Téñoa visto moitas veces coma si fora un toldo sin fin que está abrigando a terra, ou un mar de leite sin límites co que a divina Providencia está alimentando canto vive neste praneta, e tan subprime espeutá-culo faciame verter bágoas de admiración. Filla do Onipotente, moi alta e moi dina da divina Bondade debe de ser a misión de vostede sobre da terra...

—Así é , queridiña. Pro a mísera humanidade que casque de todo brasfema, porque casque nada sabe, mírame con malos ollos, a min que son unha das obras máis admirabres da Creación.

—Iso mesmo digo eu. Pro neste pícaro mundo haille moita ingratitude; mais logo chegará o día da luz, da verdá e da xusticia. Nese día os xucios dos ingratos serán confundidos e Dios será grorificado. ¡Bendito sea!

Nesto chegouse a taberneira, e coas palabras máis tenras que puido alcontrar, chamou ás nosas piadosas viaxeiras, e levounas a un pequeno cuarto, onde comeron e beberon o que lles foi sano e bon.

Concuída a comida e dadas as gracias a Dios, pagaron relixiosamente á taberneira o que lles servira, deron unha peseta de porpina á nena dos conexos, despedíronse cortesmente de xente tan honrada e botáronse a andar.

Mais poida que inda non andivese un cuarto de légoa, cando chegaron a unha encruzalada e entonzas, sumamente conmovida a Nebra, díxolle á Vergonza:

—Miña queridiña, aquí temos que separarnos. ¡Canto o sinto! Pro tal é a voluntá do Señor. Queira Il que a nosa separación seña por poucos días. Por de pronto, heime subir a cada paso ás nubes, pra non te perder de vista. Tanto é o que che quero. Mais dime, miña vidiña: si por desgracia te perdo, ¿Por onde te hei buscar?

—¡Ai, señora! (respondeu chorando a Vergonza) Si me perde, non gaste o tempo en buscarme, *porque nunca me alcontrará*. E dígame: e eu si a perdo a vosté, ¿donde hei de buscala?

—Escoita, vidiña: sinal infalibre. Polo bon tempo, búscame nos baixos; polo malo, búscame polo curuto dos montes.

—¡Adios!

—¡Adios!





## R. C.

Baixo as siglas de R. C. agóchase a autoría do primeiro texto narrativo galego, coñecido ata o momento, do século XIX e, polo tanto, do Rexurdimento. Estas iniciais teñen suscitado o interese de moitos estudiosos que tentaron desvelar a verdadeira identidade do seu autor e que, dende 1923, se lle vén atribuíndo a Rosalía de Castro. Malia que se considerou ata hai ben pouco que este texto vira a luz por primeira vez no *Almanaque Gallego*<sup>123</sup> de Bos Aires da man de Manuel Castro e López, quen na primeira páxina explica as vicisitudes que o manuscrito, que el di de Rosalía de Castro, pasou ata chegar ás súas mans e cómo decide publicalo, agora sabemos que non se trata na altura dun texto inédito, senón que xa fora publicado en 1864 nun folletín do xornal *El Avisador*<sup>124</sup> da Coruña, pero co título de *Contos da miña terra*. Desta publicación dera conta Antonio Couceiro Freijomil no seu *Diccionario bibliográfico de escritores*, quen sen embargo se contradí ó lle atribuír a autoría destas iniciais a dous autores diferentes: por un lado a Ricardo Camino, de quen non se coñece nada, e polo outro a Ricardo Caruncho Crosa.

Partindo da edición do *Almanaque Gallego*, ocupáronse de divulgar este conto autores como Fermín Bouza-Brey<sup>125</sup> ou Ricardo Carballo Calero<sup>126</sup> e coñeceu unha reedición en Edicións Castrelos de Vigo en 1970 que viu a luz baixo o título “Os dous amigos e a viúda”<sup>127</sup>.

Foi a profesora M<sup>a</sup> do Carme Ríos Panisse quen no número 126 da revista *Grial* desvela a verdadeira relación entre os *Contos da miña terra* e o “Conto gallego” atribuído a Rosalía de Castro: trátase do mesmo texto. Das posibles identidades que se agochan detrás de R. C., Ríos Panisse desbota a autoría de Ricardo Caruncho Crosa, posto que este autor nacera poucos anos antes da súa publicación en 1864, á vez que analiza pormenorizadamente as posibilidades de que fora Rosalía de Castro quen se agochara detrás da sinatura e os motivos que propiciaron que nin ela nin Murguía reivindicaran nunca tal autoría. Sen embargo, malia os atrancos que presenta parece inclinarse a crer que podería ter sido a padronesa a autora deste conto, opinión coa que Modesto Hermida non parece estar de acordo polas dúbidas que rodean esta

---

<sup>123</sup> Tomo 26, pp. 95-104.

<sup>124</sup> Aparece reproducido entre a páxina 1 e a 27 deste folletín que se encabeza co título “Folletín do Avisador”, *Contos da miña terra* por R. C., Coruña: Tipografía Galaica, Acevedo, 21, A. 1864.

<sup>125</sup> “Miscelánea. Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro, VI. Conto gallego”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1946, tomo II, pp. 281 .

<sup>126</sup> *Historia da literatura galega contemporánea*, p. 227.

<sup>127</sup> Incluído no volume *Contos do pobo*, de Rosalía de Castro, 1970, no que se remite á considerada edición orixinal ata entón do *Almanaque Gallego* e tamén á de Bouza Brey.

suposta autoría, agardando que se descubra a identidade de Ricardo Camino ou que apareza o manuscrito citado por Manuel Castro López<sup>128</sup>.

Centrándonos no texto, estamos ante un relato longo, con predominio de diálogos, que ten un marcado carácter popular co que se buscaba a risa e que hoxe sería considerado misóxino, pero moi acorde co sentir tradicionalista do momento no que foi publicado. Está protagonizado por Lourenzo e Xan, dous amigos que van de viaxe e que manteñen opinións contrapostas sobre a condición das mulleres. Ante a porfía que cada un mantén da súa postura, fan unha aposta a ver cál deles ten razón, na que está en xogo a mula que Xan herdou de seu pai. Lourenzo, moi desconfiado das mulleres, asegúralle a Xan que será capaz de conseguir palabra de casamento, antes de que remate o día, dunha moza viúva dun vello do lugar polo que pasan e no que se atopan co cortexo fúnebre. Adoptando a identidade dun suposto sobriño do defunto, utilizará todo tipo de artimañas para lograr o seu obxectivo e gañar a aposta. En canto á lingua, destaca a riqueza do galego empregado, no que se atopan xiros populares pero tamén elementos da tradición culta, ademais de trazos dialectais como o seseo ou as formas verbais apocopadas, características da zona de Rosalía de Castro e un dos argumentos que Ríos Panisse achega como máis significativos para estear a autoría da padronesa.

---

<sup>128</sup> En Anxo Tarrío Varela (coord.), *Os Séculos Escuros: o século XIX*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. XXXI, 2000, p. 434.

## Contos da miña terra

### I

Un día de inverno ó caer da tarde, dous amigos que eran amigos desde a escola, e que contaban de anos, ó maldito número de *tres veces dez*, camiñaban a bon paso, un sobre unha mula branca, gorda e de redondas ancas, ioutro enriba<sup>129</sup> dos seus pés que non parecían asañarse das pasadas lixeiras que lles facía dar seu dono.

O de a pé, corría tanto como o dacabalo, que vendo o sudor que lle corría ó seu compañeiro pola fronte i as puntas dos cabelos, díxolle:

– ¿E ti, Lourenzo, por que non mercas un come-toxos que te leve e te traia por estes camiños de Dios? que esto de andar leguas a pé por montes e areales é bo prós cas.

– ¡Come-toxos! Anda, e que os monten aqueles pra quen se fixéron que non é Lourenzo. *Cabalo grande, ande ou non ande*, e xa que grande non podo ter, sin el me quedo e sívome dos meus pés que nin comen, nin beben, nin lle fan menester arreos.

– Verdade é que o teu modo de camiñar é máis barato que ningún, –¡negro de min! que ora teño que pagar o portasgo solo por que vou en besta, e non coma tí, nestes pés que Dios me dou. Pro... así como así, gusto dá<sup>130</sup> andar as xornadas en pernas alleas pra que as dun non cansen, e xa o dixen; debías mercar un farroupeiro pró teu descanso. Mais ti fas como o outro, hoxe o gano, hoxe o como, que mañán Dios dirá. Nin tes arrello nin cousa que o valla; gústanche os virvirichos i as virviricheiras, o viño do Ribeiro e as ostras do Carril. ¡Lourenzo! debías casarte que ó fin o tempo vai andando, os anos corren, e un probe dun home faise vello e cróbese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar pra unha ocasión; e esto, Lourenzo, non se fai sin muller que teña man da casa e garde o diñeiro que un gana.

– Boi solto, ben se lambe.

– ¡O vento! esas sonche faladurías. ¿O derradeiro, pra que os homes naceron, si non é pra axuntarse cas mulleres, fillo da túa nai? (*Lourenzo tuse*). Seica te costipaches co resío da serán, malo de tí. (*Lourenzo volve a tusir*). Léveme Dios si non é certo, e tanto non tusiras si ora viñeras á carrancha perna, enriba dun farroupeiro.

– ¡Costipado eu! Non estiven na miña vida, e penso que ora tampouco. Pro... sempre que se me fala de casar, dame unha tos que ... ¡hem!... ¡hem!...! e seica esto, non é boa sinal<sup>131</sup>. ¿Non cho parece, Xan?

– O que me parés é que eres rabudo como as uvas de cacho, e eso venche xa da nacenza, que non polo ben que te estimo deixo de conocer que

---

<sup>129</sup> encima, no *Almanaque Gallego*.

<sup>130</sup> de andar, no *Almanaque Gallego*.

<sup>131</sup> sinal, no *Almanaque Gallego*

eres atravesado como os cangrexos. Nin podo adiviñare por que falas mal das mulleres, que tan ben te queren, e que te arrolan nas fiadas e nas festas, como a fillo de rei, e sabendo que túa nai foi muller, e que si túa nai non fora ti non viñeras ó mundo coma cada un de tantos.

– Nin moito se perdera anque nunca acá chegara. Que mellor que sudando polos camiños pra ganar o pan da boca, e mellor que rechinar nas festas e non nas festas con meniñas que caras se venden sin valer un chavo, enganando<sup>132</sup> os homes, estaría aló na mente de Dios.

– ¡Diancre de home! que mesmo ás veces penso se eres daqueles que saúdan o crego solo por que non digan. E pois si es dono de decir canto queiras, pro eu tamén che digo que me fai falla<sup>133</sup> un acheguño, e que me vou casare antes da festa, así Dios me de saúde.

– E premita el Señore que non sudes moito, Xan, anque<sup>134</sup> ora é inverno, que entonces si que inda tusirás máis que eu, cando de casar me falan. E adivírtoche que teñas tino de non matar carneiros na festa, que é mal encomenzo pra un casado, por aquilo dos cornos retortos que se guindan ó pé da porta, e xa se sabe que un mal tira por outro. ¡Dios nos libre!

– ¡E ti ques saber que xa me van parecendo contos de vella, todo eso que se fala de cornos, e da maldade das mulleres? pois cando nesta nosa terra se dá en decir que un can rabiou, sea certo ou non sea<sup>135</sup>, corre a bóla e mátase ó can. Mais eu por min che aseguro que non atopei nunca muller solteira que non se fíxese mui rogada, nin casada que ó seu home comigo faltase<sup>136</sup>, e paréseme que aínda non fago tan mal rapaz, anque o decilo sea fachenda.

– E que eso vai no axeitarse, e ti seica non acertache, Xan; que o demais, como un home queira, non queda can tras palleiro. Eu cho digo, non hai neste mundo máis muller boa prós homes, que aquela que os pariu, i así arrenega delas coma do demo, Xan, que a muller demo é, según di non sei que santo moi sabido; i o demo, astra cruz lle fai ós cornos de lonxe.

– Volta cos cornos.

– E ten sabido que si tanto che fai anomealos, é<sup>137</sup> por que xa che dan sombra dende o tellado da que ha de ser túa muller.

– ¡Seica me queres aqueloutrare! Pouco a pouco, Lourenzo, que nin debes falar así de quen non conoces, nin tódalas mulleres han de ter o ollo alegre, que de moitas eu sei por quen se poidera poñer, non unha, si non cen vidas.

---

<sup>132</sup> engañando, no *Almanaque Gallego*.

<sup>133</sup> falta, no *Almanaque Gallego*.

<sup>134</sup> aunque, no *Almanaque Gallego*.

<sup>135</sup> sea certo ou non sea certo, no *Almanaque Gallego*.

<sup>136</sup> fálase, no *Almanaque Gallego*.

<sup>137</sup> ei, no *Almanaque Gallego*.

– O dito, dito queda, que cando eu falo é con conciencia; e repítoche que sendo muller, non quedo por ningunha, anque sea condesa ou de sangue nobre, como solen decir, que unhas e outras foron feitas dunha mesma masa e coxean do mesmo pé. Dios che mas libre do meu lar, que ora no lar alleo aínda non as cuspo.

– ¡Ah! ladrón da honra allea, léveche o deño se eu quixera que cuspiñases<sup>138</sup> na do meu, que o pensamento de que quixais terei que manter muller pra un rabudo coma ti, faime pór os cabelos dreitos, e o intendimento pensatible. Pro... falemos craros, Lourenzo, coma bos compañeiros que somos. Ti es mas listo que eu, ben o vexo, e por donde andes sábeste amañar que admirira, mentras que eu me quedo ó pé do lume, vendo como o pote ferve e cantan os grilos. O conto vai no amaño<sup>139</sup>... pro esto de que as has de botar todas nunha manada, sin deixar unha pra min, vállanme tódolos santos que me fai suare. ¡Vaia! Dime que aínda viches mulleres boas, e que non todas lle saben poñer a un home honrado os cornos na testa.

– Todas, Xan... todas, e prós Xans, aínda máis; que mesmo parés que o nome as tenta.

– ¡Condenicado de min, que seique é certo! Pro meu pai e miña nai casáronse, e ieu tamén me quero casare, que mesmo se me van os ollos cando vexo ó anoitecido un matrimonio que fala paseniño sentado á porta da eira, mentras corren os meniños á luz do luar por embaixo das figueiras.

– ¡O aire, o aire! e déixate de faladurías! paseniño, que paseniño tamén se dan veliscos e rabuñadas, e paseniño se fan<sup>140</sup> as figas.

– En verdade, malo me vai parecendo o casoiro, pro moito me temo que a afición non me faga prevaricare; mais sempre que me case, casareime cunha do meu tempo, cheña de carnes<sup>141</sup>, con xuicio e facendosa, que poida que neso non haxa tanto mal...– ¿Que me dis?

– Que es terco coma unha burra. Ti te-lo deño, Xan, i ora estache facendo as cóchegas co casoiro. Pro ten entendido que non hai volta si non que Dios o mande, que tratándose daquelo da fraqueza<sup>142</sup> das mulleres, todas deitan coma cestas, e can coma si non tivesen pés.

Así falando Xan e Lourenzo, iban chegando a cerca dun lugar; e como xa de lonxe empezasen a sentir berros e choros, depois de subirse a un alto<sup>143</sup>, por saber o que aló pasaba, viron que era un enterro, e a un rapaz que viña polo camiño preguntáronlle polo morto, e respondeulles que era un home

---

<sup>138</sup> cospiras, no *Almanaque Gallego*.

<sup>139</sup> Se conto, conto vai no amaño, no *Almanaque Gallego*.

<sup>140</sup> dan, no *Almanaque Gallego*.

<sup>141</sup> carne, no *Almanaque Gallego*.

<sup>142</sup> franqueza, no *Almanaque Gallego*.

<sup>143</sup> despois a un algo, no *Almanaque Gallego*.

dunha muller que inda moza quedaba viúda e sin fillos, que nunca tivera, e que o morto non era nativo daquela aldea, pro que tiña noutra hardeiros.

Foise o rapaz, e Lourenzo chegándose a Xan díxolle estonces<sup>144</sup>:

– ¿E ti ques, Xan, que che faga ver o que son as mulleres, que ora a ocasión é boa?

– ¿E pois como?

Facendo que esa viúda, que non sei quen é, nin vin na miña vida, me de nesta mesma noite palabra de casamento pra de aquí a un mes.

– ¿E ti estás cordo, Lourenzo?

– Mais que ti, Xan; ¿ques ou non ques?

– E pois ben, tolo. Vamos a apostare, e si ganas, perdo a miña mula branca que herdei de meu pai logo fará un ano, e que a estimo por isto, e por ser boa, como as niñas dos ollos. Curareime entonces do mal de casoiro: pro si ti perdes, tes que mercar un parroufeiro<sup>145</sup> e non volver a falar mal das mulleres, miñas xoias, que aínda as quero máis que a miña muliña branca.

– Apostado. Báixate, pois, da mula, e fai desde agora todo o que che eu diga sin chiar<sup>146</sup>, e astra mañán pola fresca, nin ti es Xan, nin eu Lourenzo, si non que ti es meu criado, i eu son teu amo. Agora ven tras min tendo conta da mula, que eu irei diante, e di a todo *amén*.

Meu dito, meu feito.

Lourenzo tirou diante, e Xan botouse<sup>147</sup> a pé, indo detrás, ca mula polas bridas que eran novas<sup>148</sup> así como os demais arreos, e metían moita pantalla.

Ó mesmo tempo que eles iñan chegando ó Campo Santo, iña chegando tamén o enterro, rompendo a marcha o estandarte negro e algo furado da parroquia, o crego i as mulleres que lle facían o pranto, turrando<sup>149</sup> polos pelos como si fosen cousa allea, berrando astra enroucare, e agarrándose á tomba de tal maneira que non deixaban andar ós que a levaban.

–¡Ai, Antón! ¡Antón! desía<sup>150</sup> unha poñéndose coma a Madanela<sup>151</sup> cas mans<sup>152</sup> encruzadas enriba da cabeza. Antón, meu amigo que sempre me decías: –¡Adiós, Mariquiña! cando me atopabas no camiño. ¡Adiós, Antón, que xa non te verei máis!

---

<sup>144</sup> entonces, no *Almanaque Gallego*.

<sup>145</sup> parroupeiro, no *Almanaque Gallego*.

<sup>146</sup> chistar, no *Almanaque Gallego*.

<sup>147</sup> botou, no *Almanaque Gallego*.

<sup>148</sup> monas, no *Almanaque Gallego*.

<sup>149</sup> turrando turrando, no *Almanaque Gallego*.

<sup>150</sup> decía, no *Almanaque Gallego*.

<sup>151</sup> Madalena, no *Almanaque Gallego*.

<sup>152</sup> mas, no *Almanaque Gallego*.

I outra indo arrastro detrás<sup>153</sup> da caixa, e pegando en si, desía tamén:  
– ¿En donde estás, Antón, que xa non me falas? Antón, malpocadiño, que che fixeron as miñas mas uns calzôs de lenzo cruo e nos puxestes, Antón;  
– ¿quen ha de pór agora a túa chaqueta nova i os teus calzôs, Antón?

I a viúda, e unhas sobriñas da viúda, todas cubertas de bágoas, vestidas de loito, e os periquitos desfeitos de tanto turrar por eles, e os panos desatados, berraban aínda máis; sobre todo a viúda, que indo de cando en cando a meterse debaixo da mesma<sup>154</sup> tomba, de donde a tiñan que arrincar<sup>155</sup> por forza, decía:

– ¡Ai meu tío!<sup>156</sup> –¡Ai meu tío, bonito como unha prata, e roxiño como un ouro, que cedo che vai come-la terra as túas carniñas de manteiga! ¡E ti vaste, meu tío! ¿Ti vaste? –¿E quen será agora o meu acheguiño, e quen me dirá como me decías ti, meu ben: –Come, Margaridiña, come pra engordare, que o que teu é meu, Margarida<sup>157</sup>, e si ti coxeas, tamén a min me parece<sup>158</sup> que estou coxo? ¡Adiós, meu tío, que xa nunca máis durmiremos xuntiños nun leito! ¡Quen me dera ir contigo na tomba, Antón, meu tío, que ó fin contigo, miña xoíña, entérrase o meu corazón!

Así a viudiña se desdichaba seguindo ó morto, cando de repente, meténdose Lourenzo antre<sup>159</sup> as mulleres cubertos os ollos cun pano, e saloucando como si lle saise da ialma, escramou berrando aínda máis que as do pranto.

– ¡Ai, meu tío! ¡ai, meu tío, que ora vexo ir mortíño nesa tomba! Nunca eu aquí viñera pra non te atopar vivo, e non é polo testamento que fixeches en favor meu, deixándome por hardeiro de canto tes, polo que eu tanto te choro, que sempre te quixen coma a pai<sup>160</sup>, e esto de que me habías de chamar para despedirte de min e que tei de ver xa morto, párteme as cordas do corazón. ¡Ai! ¡meu tío! ¡ai! ¡meu tío! que mesmo me morro ca pena.

Cando esto oíron tódalas do pranto, puñeron a redor de Lourenzo<sup>161</sup>, que mesmo se desfacia a uña de tanta<sup>162</sup> dor como parecía ter.

---

<sup>153</sup> atrás, no *Almanaque Gallego*.

<sup>154</sup> mesma, no *Almanaque Gallego*.

<sup>155</sup> arrancar, no *Almanaque Gallego*.

<sup>156</sup> Nota do autor: “Nalgunhas aldeas de Galicia solen a mulleres chamar tíos ós maridos”, nota que aparece corrixida no *Almanaque Gallego* no que pon: “Nalgunhas aldeas de Galicia solen as mulleres chamar tíos ós maridos”.

<sup>157</sup> Margaridiña, no *Almanaque Gallego*.

<sup>158</sup> parece, no *Almanaque Gallego*.

<sup>159</sup> entre, no *Almanaque Gallego*.

<sup>160</sup> deixándome por ardeiro, que sempre te quixen coma a pai, no *Almanaque Gallego*.

<sup>161</sup> puñéronse arredor Lourenzo, no *Almanaque Gallego*.

<sup>162</sup> tanto, no *Almanaque Gallego*.

– ¿E logo ti como te chamas, meu fillo? lle preguntaron moi compadecidas dele<sup>163</sup>.

– Eu chámome Andruco, e son sobriño do meu tío, que me deixou por hardeiro e me mandou chamare por unha carta pra se despedir de min antes de morrer; pro como tiven que andar moita terra, xa solo o podo ver na tomba. ¡Ai, ¡meu tío! ¡Ai, ¡meu tío!

– ¿E ti de onde es, moso<sup>164</sup>?

–Eu son da terra do meu tío, volveu a desir Lourenzo, saloucando astra cortárselle<sup>165</sup> a fala.

– ¿E teu tío de onde era?

– Meu tío era da miña terra.

E sin que o poideran quitar deste, Lourenzo, proseguindo co pranto, foise achegando á viudiña, que aínda pro antre as bágoas que a curbían poido atisvare aquel moso<sup>166</sup> garrido que tanto choraba polo seu tío. Dempois<sup>167</sup> que se viron xuntos; logo lle dixo Lourenzo que era o hardeiro do difunto, i ela mirouno con moi bos ollos, e acabado o enterro, díxolle que tiña que ir co ela á súa casa, que non era xusto parase noutra o sobriño do seu home, e que así chorarían xuntos a súa disgracia<sup>168</sup>.

– Disgracia moita. ¡Ai! ¡meu tío! –dixo Lourenzo; pro... consoládevos que co que el me deixou conto facerlle decir moitas misas pola ialma, pra que el descanse e poidamos ter nós tamén maior consolo acá na terra, que ó fin, ña tía, Dios mándanos ter pacencia cos traballos, e... que queiras que non queiras, coma dixo o ioutro, a terriña cai enriba dos corpiños mortos, e..., –¿que hai que facer?... nós tamén temos que ir, que así é o mundo.

Así falando e chorando, tornaron camiño da casa da viúda, e Xan que iba detrás coa mula, e que nun principio<sup>169</sup> non entendera nin chisca do que quería facer Lourenzo, comenzou a enxergare<sup>170</sup>, e pasoulle así polas carnes unha especie de escalofrío, pensando en se iría a perder a súa muliña branca. Anque a ver o dor e as bágoas da viudiña, que non lle deixaban de correr a fio pola cara afrixida, volveu a ter confianza<sup>171</sup> en Dios e nas mulleres a quen tan ben<sup>172</sup> quería.

---

<sup>163</sup> del, no *Almanaque Gallego*.

<sup>164</sup> mozo, no *Almanaque Gallego*.

<sup>165</sup> asta cortárselle, no *Almanaque Gallego*.

<sup>166</sup> mozo, no *Almanaque Gallego*.

<sup>167</sup> Despois, no *Almanaque Gallego*.

<sup>168</sup> disgracia, no *Almanaque Gallego*.

<sup>169</sup> principio, no *Almanaque Gallego*.

<sup>170</sup> enxergare, no *Almanaque Gallego*.

<sup>171</sup> confianza, no *Almanaque Gallego*.

<sup>172</sup> también, no *Almanaque Gallego*.



– E vós, ña tía, ¿terés un sitiño pra meter esta mula io meu criado, que un e outro de tanto camiñare veñen cansados coma raposos?

– Todo terei pra vós, sobriño do meu tío, que mesmo con vervos paréceme que o estou vendo, e sérveme de moito consolo.

– Dencho ca viudiña, os consolos que atopa; marmurou Xan pra si metendo a mula no presebe<sup>173</sup>. Pro de isto a casare<sup>174</sup>,añadeu contento de si mesmo, aínda hai la mare.

E co esta espransa púxose<sup>175</sup> a comer con moitas ganas un bo anaco de lacón, que a viúda lle dou mollándoo cunha cunca de viño do Ribeiro que ardía nun candil, e que lle alegrou a pestana, mentras tía e sobriño estaban aló enriba no sobrado, falando da herencia<sup>176</sup> e do morto, cos que os acompañaban.

Desta maneira pasouse o día, e chegou a noite, e quedaron soios<sup>177</sup> na casa a viúda, Lourenzo e Xan, que des que viu cerrar as portas estivo á axexa, co corasón posto na muliña branca, a ialma en Lourenzo, e a espransa<sup>178</sup> en Dios, que non era pra menos. E non sin pena veu coma a viúda<sup>179</sup> e Lourenzo foron ceando, antre as bágoas, uns bocados de porco e de vaca que puñan medo ós cristianos, e uns xarros de viño, que foran capaces de dar ánimos ó peito mas<sup>180</sup> angustiado. Pro ó mesmo tempo nada se falaba do particulare, e Xan non podía adiviñare como se axeitaría Lourenzo, pra ganar a aposta que vía por súa.

Ó fin trataron de se deitar, e a Xan puxéronnelle<sup>181</sup> os cabelos dreitos, cando veu que en toda a casa non había máis que unha cama do matrimonio, e que a viúda<sup>182</sup> tanto petelexou<sup>183</sup> pra que Lourenzo se deitase nela, que aquel tivo que obedecer, inda ela, envolta nun mantelo, a meterse detrás dun taboado<sup>184</sup> que no sobrado había.

Xan, ca ialma nun fío, viu desde o faiado, donde lle botaron unhas pallas, coma viúda<sup>185</sup> matou o candil e todo quedou ás escuras.

---

<sup>173</sup> pesebre, no *Almanaque Gallego*.

<sup>174</sup> casarse, no *Almanaque Gallego*.

<sup>175</sup> E co esta espranza púxose, no *Almanaque Gallego*.

<sup>176</sup> herencia, no *Almanaque Gallego*.

<sup>177</sup> solos, no *Almanaque Gallego*.

<sup>178</sup> espranza, no *Almanaque Gallego*.

<sup>179</sup> viudiña, no *Almanaque Gallego*.

<sup>180</sup> máis, no *Almanaque Gallego*.

<sup>181</sup> puxéronlle, no *Almanaque Gallego*.

<sup>182</sup> viudiña, no *Almanaque Gallego*.

<sup>183</sup> petelescou, no *Almanaque Gallego*.

<sup>184</sup> tabrado, no *Almanaque Gallego*.

<sup>185</sup> coma a viudiña, no *Almanaque Gallego*.

– Seica quedarás comigo, miña muliña branca, i abofé que te vin perdida, escramou estonces<sup>186</sup>, ó fin as mulleres foron feitas dunha nosa costilla<sup>187</sup> e algo han de ter de bo. Sálvame, viudiña, sálvame deste apreto, que inda serei capás<sup>188</sup> de me casar contigo.

Deste modo falaba Xan pra si, anque<sup>189</sup> ó mesmo tempo non podía cerrar ollo, que a cada paso lle parecía que runxían<sup>190</sup> as pallas.

Así pasou unha hora longa, en que Xan, contento, xa iba dormir descoidado<sup>191</sup>, cando de pronto oieu, pirmeiro<sup>192</sup> un suspiro e despois outro, cal se aqueles suspiros fosen de alma doutro mundo; estremeceuse Xan, e ergueuse pra escoitar mellore.

– ¡Ai! ¡meu tío, meu tío! –dixo entonces a viudiña; ¡que fría estou neste taboado, pro máis frío estás ti, meu tío, nesa terriña que te vai comere!

– ¡Ai! ¡meu tío, meu tío! –escramou Lourenzo da outra banda, como si falase consigo mesmo; canto me acordo de ti, que eu estou no quente, e ti no Campo-Santo, nun leito de terra donde xa non tes compañía.

– ¡Ai! ¡Antonciño! –volveu a decir<sup>193</sup> a viúda, ¡que será de ti naquel burato, meu quiridiño<sup>194</sup>, cando eu que estou baixo cuberto, bu! bu! bu!... ¡que frío vai! ¡tembro coma si tuvese a perlesía! bu! bu! bu!...

– ¡Miña tía!

– ¿E seica non dormes, meu sobriño?

– E seica vós tampouco<sup>195</sup>, ña tía, que vos sento tembrare como unha vara verde.

– ¿Como ques ti que durma, acordándome nesta noite de xiada do teu tío, que ora dorme no Campo-Santo, frío coma a neve, cando se el vivira durmiriamos ambos quentiños nese leito donde ti estás?

– ¿E non podíades vós poñervos aquí nun ladiño, anque fora envolta no mantelo coma estades, que antre tía e sobriño é o mesmo que antre nai e fillo, e aínda máis habendo necesidade<sup>196</sup> coma agora, xa que non querés que

---

<sup>186</sup> entonces, no *Almanaque Gallego*.

<sup>187</sup> costela, no *Almanaque Gallego*.

<sup>188</sup> capaz, no *Almanaque Gallego*.

<sup>189</sup> aunque, no *Almanaque Gallego*.

<sup>190</sup> ruxían, no *Almanaque Gallego*.

<sup>191</sup> descuidado, no *Almanaque Gallego*.

<sup>192</sup> primeiro, no *Almanaque Gallego*.

<sup>193</sup> decir, no *Almanaque Gallego*.

<sup>194</sup> queridiño, no *Almanaque Gallego*.

<sup>195</sup> tampoco, no *Almanaque Gallego*.

<sup>196</sup> necesidade, no *Almanaque Gallego*.

eu vaia durmir<sup>197</sup> ó chan, que mesmo é capás de darvos<sup>198</sup> un frato co dor e co frío, i é pecado, ña tía, tentar contra a saúde?

– Deixa, meu fillo, deixa, que anque<sup>199</sup> penso que mal non houbera en que eu me deitase ó lado dun sobriño coma<sup>200</sup> ti, envolta no mantelo e por riba da roupa, estando coma estou tembrando, bu! bu! bu!... quérome ir afa-cendo, que moitas destas noites han de vir pra min no mondo, que se antes fun rica e casada, agora son viúda e probe; e canto tiven meu, agora teu é, que a min non me queda máis que o ceo i a terra.

– E... pois, miña tía... Aquí pra entre dous pecadores, e sin que naide nos oia máis que Dios, vouvos a decire, que eu sei dun home rico e da sangue do voso difuntoño, que si vós quixerades, tomaríavos por muller.

– Cala, sobriño, e no me fales doutro home... que inda parés que o que tiven está vivo.

– Deixá, miña tía, que así non perderedes nin casa, nin leito, nin facenda, que é moito perder dunha ves<sup>201</sup>; sin contar co meu tío, a quen lle hei de decir tantas<sup>202</sup> misas coma días ten o ano pra que descanse e non vos veña a chamar nas noites de inverno. Así el estará aló ben, e vós aquí; e se el vivira, non outra cousa vos aconsellara, si non que tomarades outra ves home da súa sangue, xa que a xente da súa sangue<sup>203</sup> lle deixou o que el e vós coméchedes xuntos na súa vida.

– E seica tes razón<sup>204</sup>, meu sobriño, pro...–¿se este era o teu pensa-mento, Antón, meu tío!, por qué non me<sup>205</sup> dixeches antes de morrer, que estonces, eu o fixera anque fora contra vontade, solo por te servire?

– Pola miña conta, ña tía, que si meu tío nada vos dixo, foi porque se lle esqueceu<sup>206</sup> co conto das agonías, e non vos estrañe que a calquera lle pasara outro tanto.

– Tes razón<sup>207</sup>, tes, a morte é moi negra, e naquela hora se esquence. ¡Ai! ¡meu tío, meu tío! ¿que non fixera eu por che dar gusto? bu! bu! bu! ¡que frío vai!

– Vinde pra aquí, que si non vos asañas, direivos que eu son o que vos quer por muller.

---

<sup>197</sup> dormir, no *Almanaque Gallego*.

<sup>198</sup> que mesmo de darvos, no *Almanaque Gallego*.

<sup>199</sup> aunque, no *Almanaque Gallego*.

<sup>200</sup> como, no *Almanaque Gallego*.

<sup>201</sup> vez, no *Almanaque Gallego*.

<sup>202</sup> moitas, no *Almanaque Gallego*.

<sup>203</sup> sinón que tomarades outra ves home da súa sangue, lle deixou o que el e vos..., no *Almanaque Gallego*.

<sup>204</sup> razón, no *Almanaque Gallego*.

<sup>205</sup> non mo, no *Almanaque Gallego*.

<sup>206</sup> esqueceu, no *Almanaque Gallego*.

<sup>207</sup> razón, no *Almanaque Gallego*.

– ¿Ti que me dis, home? pro a ver que o adiviñei logo, que solo un sobriño do meu tío lle quixera cumprir así a vontade...

– Pro a ser, tiña que ser de aquí a un mes, que despois teño que ir a Cais, en busca doutra harenca<sup>208</sup>, e quixera que antes quedáredes outra vez<sup>209</sup> dona do que foi voso. O que ha de ser, sea logo, que ó fin meu tío haio de estar deseando desde a tomba.

– ¡Ai! meu tío, meu tío! que sobriño che dou Dios, que mesmo de oílo paréceme que te estou oíndo; pro... meu fillo... é aínda moi cedo, e anque ti e mais eu nos volveramos a casar coa entención de lle facer honra e recordar o difunto, o mundo murmura... e...

– Deixavos do mundo, que casaremos en secreto e nadie o saberá.

– E pois ben, meu sobriño, e solo pró que es da sangre do meu tío, e xa que me dis que se ha de alegrar na tomba de vernos xuntos... co<sup>210</sup> demais... ¡ai! Dios me valla... ¡eu queríalle moito a meu tío! bu! bu! bu! bu!... ¡como xía!

– Vinde pra onda<sup>211</sup> min envolta no mantelo, que non é pecado, xa que habés de ser miña muller.

– Pro aínda non a son, meniño, e teño remorsos... bu! bu! bu! que frato me dá pola cabeza e polo corazón<sup>212</sup>.

– Ña tía, vinde, e deixavos de atentar contra a saúde, qu se algo pecásedes<sup>213</sup> antes de casar, temónos que confesare.

–Irei, logo... irei, que necesito un pouco de caloríño.

Estonces sintíronse pasadas, ruxiron as pallas, e a viúda escramou con moita dolore:

– ¡Ai! ¡miña virxe do Carne<sup>214</sup>, que axiña te ofendo!

– ¡Ai! ¡miña muliña branca, que axiña te perdo! marmurou estonces<sup>215</sup> Xan, con sentimento e con coraxe. E chegándose en seguida á porta do sobrado, berrou con forza:

– Meu amo, ¡a casa arde!

– Non arde, home, non, que é rescoldo.

– Pois recoldo ou lúa, se agora non vindes voume ca mula

E Lourenzo, saltando dun golpe ó chan, dixo: –Aguardá, logo. –¡Esperaime, ña tía, que logo volvo!

E hai cen anos que foi esto, e aínda hoxe espera a viudiña polo sobriño do seu tío.

---

<sup>208</sup> herencia, no *Almanaque Gallego*.

<sup>209</sup> quedáredes outra vez, no *Almanaque Gallego*.

<sup>210</sup> que ó, no *Almanaque Gallego*.

<sup>211</sup> ponda, no *Almanaque Gallego*.

<sup>212</sup> corazón, no *Almanaque Gallego*.

<sup>213</sup> que se al pecásedes, no *Almanaque Gallego*.

<sup>214</sup> virxen do Carmen, no *Almanaque Gallego*.

<sup>215</sup> entonces, no *Almanaque Gallego*.

S. Cora

Recollemos deste autor o relato titulado “Un verdadeiro amor”<sup>216</sup>, publicado en *A Gaita Gallega*, o 30 de setembro de 1889.

Trátase dunha historia na que se recorre ó tópico da morte por amor. Tras unha introducción na que se cualifica o relato como unha historia trágica, reproducécese integramente a carta que Rosiña dirixiu a Mauro comunicándolle que ambos debían acabar coa súa vida. A causa da súa desgraciada situación vén motivada pola obrigada separación dos amantes a causa do pai de Mauro, quen permanece no cárcere por ladrón, e os comentarios das xentes da aldea. A ameaza das murmuracións, a falta de cartos e a separación rematan coas forzas de Rosiña, que non ve outra solución que a morte. O relato conclúe describindo a morte trágica, ó cabo de tres meses, de dous mozos afogados no río.

---

<sup>216</sup> Ruada 2ª, Tocata 3ª, 30 de setembro de 1889.

## Un verdadeiro amor

A Xan Manuel Espada

A última carta que Rosiña escribeo ó seu cortexo, anunciándolle que debían cortar o fio da súa vida, é mellor historia que podía facerse dese amor tan grande como desgraciado. Falar outra palabra máis, aumentar un solo berbe, sempre sería unha cansada repetición que non ten razón de ser. As dori-das queixas da probe namorada, queixas escritas con sangue do corazón, porque do corazón saliron, pintan con toda verdade e colorido o melancónico estado daquela ialma enferma e desgaxada pola furia dunha louca pasión.

Vaia, pois, esa carta, sin quitarlle nin poñerlle unha coma.

Querido Mauro, anaco da miña vida.

Esta debe ser a última carta que che escribo, e se as demostracións do teu cariño son certas, se non resultan mentidos os teus xuramentos de amor, as coitas da túa ialma, que tantas veces escorrentaron do meu lado as penas, e outras tantas me fixeron pensar nunha eterna felicidade, debes cumprir os meus desantos, satisfacer as miñas ansias, que me mandan morrer.

Non che cause milagro a miña maneira de pensar. Estudiei, cal debe estudiarse a nosa desgraciada situación, e solo vexo que a nosa felicidade non se encontrará máis que no fondo dunha cova. Intentar vivir máis tempo, sería aumentar os nosos sufrimentos. Algún día as esperanzas calmaban algo o meu delor. Hoxe non teño esas esperanzas porque foron morrendo unhas tras outras, cal morren as charetas dun incendio; e polo mesmo o mundo pra min é un cementerio... sinto que me pesa a vida cal si fora unha maldecida culpa.

Tres meses fai que te separache de min con intencións de ver si lexos deste pobo podías ganar algo con que puideramos face-la nosa vida, a xuntanza das nosas almas que tanto sufren e choran, e neses tres meses, perdín as poucas carnes que tiña, non como, nin durmo... sempre en ti pensando, sempre por ti sufrindo... a frebe foi poñéndome como unha folla seca e de nada serve que o médeco recete medeciñas; o meu mal xa non ten cura.

Ti dirás que como agardamos catro anos, podemos agardar outros tantos. Non, non pode ser. Pasarán catro, outros catro e outros catro, e sempre será o mesmo. Teu pai botou canto tiña, morreu encerrado nunha cárcel, e por máis que ti non tes culpa dos feitos de teu pai, o mundo, este maldecido mundo que non se compadece dos que caien, ha de terte sempre por fillo dun ladrón, e terás que cargar con culpas e pecados que certamente non che corresponden. ¿Olvidareime de ti? ¡Non podo...! Vivir sin ti non sei. Dinche os bicos do meu primeiro amor, e quero gardache os derredeiros suspiros da miña vida.

Non penses tampouco en casarnos probes como estamos, pois si ben me acharía contenta con solo vivir ó teu lado, hai que pensar que mañá teriamos fillos e esos filliños, anacos da nosa ialma, morrerían de fame, mentras ti e mais eu morriamos de pesar. ¡Non, Mauro querido! Busquemos outro camiño, o camiño da morte: que diga o mundo o que queira de nosoutros; vale

máis que nos aborrezza sempre, que que nos desprece unha vez; maldicirá a nosa cova, pro non pisará a honra da nosa probeza.

Si Dios nos trouxo ó mundo, non sei por qué razón, pra querernos e non xuntarnos nunca, alí donde nos conocemos a primeira vez, donde xurache quererme mentras viviras, e chorando prometín non olvidarte nunca máis, alí na beira daquel río que foi o testigo do noso primeiro cariño, debemos volver a vernos pronto pra xuntar as nosas almas que non poden nin deben estar separadas, e deixar sobre a escondida corrente daquel río que foi a causa do noso desgraciado amor, o peso dos nosos corpos i as derredeiras queixas da nosa vida...

Pasaron tres meses, e unha mañá ben cedo, un home que iba pescar troitas, descubreo que no fondo dun pozo que facía o río, había dous corpos abrazados. Foi enseguida dar parte ó pobo e despois que a xusticia sacou os cadavres do río, resultaron ser os de Rosa e Mauro, que morreron amándose; atáronse pola cintura cunha corda, e logo arrastrados polo peso dun pelouro, foron ó fondo do río.

¡Probes, nin pra morrer foron felices!





## Xan de Bentraces

Con este pseudónimo aparece asinado en *O Tío Marcos d'a Portela* o relato “¡Quen tal fixo... que tal pague!”, en novembro de 1889.

Sobre o tema do patriotismo asinou tamén o texto “Patria pequena e patria grande” no xornal da Habana *El Eco de Galicia* o 2 de setembro de 1923.

Modesto Hermida sinala que o pseudónimo Xan de Bentraces é un homónimo do personaxe do poema de Curros, “A Virxe do Cristal”, e que corresponde máis co mencionado personaxe ca con calquera autor identificable. Apunta que por asinar abondosos textos en *O Tío Marcos d'a Portela*, podería tratarse de Valentín Lamas Carvajal.

“¡Quen tal fixo... que tal pague!”<sup>217</sup>, asinado por Xan de Bentraces, é un relato de marcada intención moralizante no que un narrador omnisciente desenvolve unha historia de paixón e desamor. Recorrendo ó tópico das diferencias sociais entre os mozos protagonistas, a historia devala cara á traxedia coa morte da rapaza da aldea, que sofre os abusos amorosos e o engano consciente dun señorito da cidade que vai pasar o verán ó lugar. O título adquire a súa significación ó final do relato e dá conta da vinganza que leva a cabo o pai da rapaza cando, preso da loucura, sorprende o señorito coa súa muller –da mesma clase social ca el- no mesmo lugar que serviu de escenario ás promesas de amor que lle fixo á súa filla. A sinxela estrutura do relato conduce ó clímax da traxedia a través da temporalización. Así, tras dunha introducción descritiva da paisaxe que rodea a unha vila galega no tempo do verán e das escenas de amor entre Luís e Delores, que teñen lugar no muíño do vento, recórrese a un salto temporal de cinco meses para relatar a morte de Delores ó dar a luz un neno, ante a sorpresa de seus pais. O tío Manoel queda só ó coitado do seu neto e tras dunha eclipse de seis anos, atopa a ocasión de levar a cabo a vinganza.

---

<sup>217</sup> *O Tío Marcos d'a Portela*, Parrafeo 299, 3 de novembro de 1889.

**¡Quen tal fixo... que tal pague...!**

Ó meu bo amigo Ánxel Gómez Cora

I

Nunha pequena cume circundada por un frondoso val, érguese un pobo moi concurrido no vrao polos convalescentes, que buscan nos frescos e sanos aires das aldeas o ousíxeno que nonalcontran na vila. É un pobo como son todos en Galicia. A natureza non é cativa en ningún rincón da nosa terriña, pois en calquer currunchio dela se ven fondos e verdes vals onde serpentean en tódalas direuciós cobras de prata, como chaman os poetas ós regatos; altas cumes coroadas de verdura; canadas nas que a follaxe impide penetrar as raiolas do sol; caudalosos ríos que parecen longas serpentes verdosas que se deslizan mainas dun a outro hourizonte, temendo quizais turbar ese concerto subríme e inespricabre que a natureza entoa ó Creador, e do cal Rossini, nin Donizetti, nin ningún dos grandes maestros poido darnos unha mostra.

.....  
.....

Era unha tarde do mes de agosto; unha desas tardes en que o sol deixa caír de prano as súas raiolas sobre a terra, somellándose a unha regadeira de labaredas.

O pobo parecía abandonado, pois como era a hora en que o calor é abafexante, naide se estrevía a saír da súa chouza: calquera diría pola soledá que alí reinaba que era unha das moitas aldeas de Galicia en que a febre da emigración se apoderara dos seus habitantes.

Dunha casa maor que as outras do lugar e que debía ser polas trazas o paradeiro dos que viñan a pasar a tempada de vrau ó pobo, saíu un mozo de varoniles formas: coor moreno, ollos mouros e rasgados, boca pequena, sombreada por un cuase imperceutibre bozo e que vestía con elegancia e correución, polo que se adiviñaba dende logo que era un dos moitos calaveras da vila que dempois de perder a saúde en francachelas onde a crápula ten o seu trono, iban ó campo, como eles din, a repoñerse dos estrozos que no seu corpo fai o desenfrenado culto a Venus i a Baco.

Colleu un camiño que seguía hastra un ribazo próximo sobre o cal se asentaba unha branca e pequena casiña. Chegou á porta e esperou, anque pouco foi, pois non tardou en saír unha churrusqueira moza que pola legría que se debuxou no seu cariz, adiviñábase que o corazón da preciosa nena pertencíalle enteiramente ó filiz rapaz. E digo filiz, porque non podía menos de selo o que tiña a sorte de que o quixese unha muller como aquela; a penas contaba dezasete abriles; o seu corpo doméabase pola sinxela cintura como un vimbio; ollos azúes como o ceo da nosa terriña; cabelos finos como a seda e do coor do ouro; boca pequeneira e de beizos vermellos e tan delgados que cuase transparentaban unha dentadura branca, igual e diminuta que parecía un adrezo de pelras drento dun estuche forrado de granate.

—Boas tardes, Delores —díxolle o mozo.

—Felices, Luís —contestou a fermosa nena.

—¿Dormen a sesta teus pais?

—Si así non fose, ¿era posibre que poidese saír arestora?

—Moito me dá que cavilar esa inesperada desconfianza de teus pais.

—Non poden remedialo, pois dicen que ti nunca te casarás coa filla dunhos probes labregos.

—¡Que nunca casarei contigo! ¿E ti pensas como eles cando non inoras o amor que afervoa no meu curazón?

—Non o vexo tan dificultoso coma meus pais... pero a veces dubido que queiras descender a unha probe moza da aldea a quen xa fixeche desgraciada. Disgraciada, si, porque xa non podrei xamais ser tan dichosa como era antes de conocerte; agora soilo alcontro a felicidade cando estou á túa beira, cando ouzo as túas promesas... que me fan louquear...; pro cando non te vexo, parece que me falta todo o necesario pra poder vivir e a cotío teño presentimentos de que o meu porvir non ha de ser tan de coor de rosa como pintas nas túas amorosas conversas.

—¿A que veñen tales dúbidas si sabes que eu non podoo, non debo querer sinón a ti, que, cal ánxel de salvación interpuxéchete no meu camiño pra desviarme do sendeiro do vicio, pois bastou unha sola das túas caricias pra faceres un home honrado e feliz do que antes vivía entre o lodo das pasiós?

—Será certo o que dis pro mañá volves prá vila i a vista daquelas fermosas mulleres de que tanto me falabas antes, fará que te esquezas da probe Delores, que xa non volverá a ser filiz, porque a túa imaxen non se soparará do meu pensamento i o recordo do noso amor fará que o resto da miña existencia sexa un inferno...

—¡Cala, Delores, porque cando así falas parésceme que non é certo que me queres! ¿Por que te atromentas e me atromentas con pensamentos tan tristes que non teñen fundamento algún? ¿Dinche, quizais, motivo pra que así penses?... Mais... teus pais logo deben erguerse e non é conveniente que nos sorprendan de conversa. ¿Queres que vaíamos ó Muíño do vento, onde naide e menos arestora podrá estorbarnos?

Cun movemento de cabeza deu a entender a nena que podían facelo así, e xuntos se encamiñaron por un sendeiro entre os sementados de centeo, non tardando en chegar a unha chouza case escondida entre as hedras que rubían cal enredadeiras polas cuatro ruinosas paredes. A carón da porta corría un regato de cristalinas augas, que ó chocar en contra algunha pedra esmenuzábanse con estrépeto formando mil burbuxas de branca espuma que parecían o encaixo daquela poéteca casiña revestida de hedra. Non era posibre alcontrar niño máis encantador, máis solitario en todo o contorno do pobo, onde non podían esconfiar que naquela chouza se escondesen dous seres xóvenes e namorados.

Sentáronse ambos nunha lumieira que algún día estivera sobre a porta e que o tempo se encargara de botar ó chau, i estonces o mozo escomezou a falar de novo:

—¿Sigues pensando como fai un pouco? Quero sabelo, porque se así fose non habería xa pra min filicidá no mundo. É certo que mañá volto prá vila pro ¡si viras que cambeado! ¡O pasado está como suprimido pra min! Os meus cálculos, os meus proieutos, as miñas ilusiós, as miñas faltas e o mintreiro mundo en que vivín demasiado, todo esto esfarelouse co vento do teu cariño.

—Si souperas, meu Luís, que ben me fan as túas dolces palabras: parecen o bálsamo que esparrama sobre a miña dorida alma a tranquilidá que xa escomenzaba a faltarlle. ¿Serás sempre como dis?

—¡Que si serei como digo! —contostou Luís cinguíndose entre os seus brazos— ¿Podía esperar, quizais, outro ben maor que o de ser amado por un ánxel como ti?

Ela non respondeu, pro no seus ollos adiviñábase o que naqueles momentos sentía o seu corazón...

Cesou a conversa e non se ouviu máis que o chasquido de frenéticos e repetidos bicos.

.....  
O vento empezou a bruar con forza, pois o hourizonte poucos momentos antes despexado, cubriuse supetamente de negras nubes preñadas de eleutricidá; os paxariños deixaron de choutar tan alegremente polo campo, cicais presentindo a tronada; as homildes violetas dobregaron o seu tallo has-tra o chao i as augas do regato alodáronse de pronto.  
.....  
.....

## II

Pasaron cinco meses dende que Luís volveu prá vila e Delores non volveu saber del.

Os pais da esconsolada nena estaban atontecidos, pois dende pouco tempo acá, a súa filliña devecía sen que soupesen cal era a causa, i a súa enfermédá era de tal natureza que os médecos non poideran acertar cál que era e menos coa meicina prá súa segura.

Os esconxuros tampouco fixeron ningún milagre... e namentras a Delores seguía doente e perdera por compreto aquel coor das súas meixelas que asomellaban a unha cunca de leite mezcrada con caracoles...

Pro non tardaron moito tempo en convencerse de que non iba desca-minado nos seus presentimentos o pai de Delores, os que sempre rechazaba indinada a tía Xerónima, pois non creía que a súa filla fose capaz de caír en tal falta.

Aló pola primadeira diu a luz Delores entre horribles sufrimentos un robusto neno ó que lle puxo por nome Luís... asegún os desexos de súa nai.

Entonces os pais da disgraciada nena comprendérono todo e xa tam-pouco foi pra eles un misterio o autor daquela disgracia, pois Delores, non podendo sobrevivir á súa deshonra expirou ás poucas horas do parto, non sin que denantes lle confesase ós escosolados pais quen era o causonante da súa

morte, cuio nome non deixou de pronunciar hastra que deu as últimas boqueadas.

Os delores tanto físicos como morales, pro máis os segundos que os primeiros, cortaron o fío da vida daquela inocente nena que parecía haber vido ó mundo pra ser o encanto dos seus pais i a felicidade do úneco home a quen quixo hastra os últimos momentos.

A tía Xerónima non tardou en seguila á cova, polo que o tío Manoel, que así se chamaba o pai de Delores, quedou solo ó coidado do seu netiño, asegún lle prometera denantes de morrer á súa adourada filla.

### III

Dende a morte de Delores pasaron seis anos.

Volveu o vrao e co el a afruencia dos cataprasmas da vila.

Entre os forasteiros que aquel ano eran en maor número chamaba a atención dos veciños do pobo un xoven matrimonio, tanto pola fermosura da muller i a xentileza do home, como polo luxo que despregaban entrambos. Por moitos días foi o tema de tódalas conversas entre as vellas da aldea que cobizaban a xuventú e as gracias da muller; entre os vellos, que non envexaban menos a gallardía do home; i entre tódolos veciños, en fin, que vían con ollos degorantes a riqueza daquel matrimonio filiz, porque pra aquelas sinxelas xentes non podía menos de ser filiz o que tiña a fortúa de ter xuventú, fermosura, saúde e... diñeiro.

Un día que o señor Manoel saía da misa, xuntouse a un fato de curiosos que había no adro i os cales se pararan alí pra ver pasar máis de cerca ó laudado matrimonio que tamén saía da misa naquel estonces, mais ¡nunca tal fixera! Porque tan pronto viu a envexada parexa botouse a tremar, as pernas brangueáronse, a sangue parecía querer saltarlle das meixelas e tivo que arrimarse a un valado pra non caír ó chau.

Acababa de reconecer naquel señorito que lle daba o brazo á súa muller a Luís, o causonante de tódalas disgracias que o acoraban.

O promeiro que lle veu ás mentres foi esnaquizalo alí mesmo inda que fose a lufiadas pro refreusionando un pouco contívose.

O odio pra Luís que tan soilo durmía no fondo do seu corazón, despertou máis feroz, máis degorante de venganza, si cabe, que cando lle socederan as disgracias que o motivaron; así foi que dende aquel momento non pensou máis que en sacialo, inda que pra elo tivese que botar mau dos medios máis rúis...

Co este fin formou un proieuto que logo se lle presentou ocasión de poñer en práctica.

A tarde daquel mesmo día e cando volvía prá súa chouza, dempois de facer a rega nun horto da súa propiedá, pareceulle ouvir como marmullo de voces; temendo quizais que fosen algús pillabás do pobo que esperaban o seu regreso pra ir á arrasadeira dos fatós, achegouse ó Muíño do vento, pois alí era

onde falaban; apartou as hedras que tapaban un buraco aberto e viu... a Luís e á súa muller que falaban alegremente.

Mirou ó redor pra asegurarse de non había naide e dun salto meteuse drento, ergueu a peta e deixouna caír con rábecha sobre a cabeza de Luís que quedou euxánime, ó mesmo tempo que a súa compañeira caía sin sentido; o tío Manoel, lembrándose cicais de que non era unha disgracia sola a que choraba, volveu a erguer a peta i enterrouna nos miolos da infortunada muller, i estonces, louco, rindo con históricas carcaxadas, seguiu mallando... mallando... has-tra deixar convertidos nunha masa informe dous corpos que poucos segundos antes rebordaban a felicidadá.

Cando de mallar naquel montón de carne e sangue, escramou ó tempo que saía:

—Eiquí foi deshonrada a miña filla. Xusto é ¡¡¡que quen tal fixo... que tal pague!!!...

Non dixo máis e sempre rindo, botou a correr hastra chegar ó río, entre cuías alborotadas augas se precipitou...

Outono do 89

## Xan de Codesal

Con este nome apareceu asinado “Por casualidá”<sup>218</sup>, un pequeno relato aparecido na revista ourensá *As Burgas*. Case con toda seguridade se trata dun pseudónimo do que non sabemos a quen pode corresponder.

Nesta pequena peza narrativa, dividida en dúas partes, un narrador en primeira persoa ofrece un “conto” que demostra a superioridade da astucia sobre a intelixencia. O argumento xira ó redor das disputas entre dúas comunidades relixiosas por ver cál tiña os frades máis listos; para resolver a cuestión, acordan un enfrontamento entre representantes de cada convento, coa condición de que neste debate só se podería utilizar a mímica. Antes do debate chega a un dos conventos un soldado de fortuna e os frades convéceno para que se disfrace e os represente, xa que confían máis nos recursos picarescos do soldado que na súa propia intelixencia. O soldado sae vencedor no desafío pero cando o Superior do convento vencedor pide que lle conten o sucedido, a versión dos frades e a do soldado difiren considerablemente: os xestos que os frades interpretaron como debates teolóxicos eran en realidade simples xestos obscenos do soldado. Diante do desconcerto dos frades, o superior conclúe: “a metá dos homes pasan por sabios, sendo unhos ignorantes e a outra metá cala porque aínda son máis, sólo que ás veces, a frauta sona por casualidá...”

---

<sup>218</sup> N° 2, 30 de decembro de 1894.

## Por casualidá

### I

Non me cabe dúbida que debeu ser aló no tempo en que falaban os animais, por máis que hoxe, si non falan tódolos burros, sono moitos dos que falan.

Pero o conto foi o seguinte:

Entre as comunidades de dous conventos veciños, andaban a retesía de cales eran os frades máis listos, e xá porque fosen de poucas palabras ou por aquilo de que «a millor palabra é a que está sin decir», «e en boca cerrada non entran moscas» e «nin besta de moita herba nin home de moita verba», o caso foi que trataron en como a disputa había de ser por mímica e non se había de falar nada.

Os contrarios, anque sorprendidos pola novidade, aceptaron anque non fose máis que polo ben parecer, e por aquilo de que «o que fai un home outro o pode facer», pero empreso andaban cavilosos e cismantes, cando chegou a pedir hospitalidá un soldado escurriado.

Tratárono a corpo de rei, e como visen que era falador e chiscarreiro, lembráronse que «un soldado sabe máis que sete letrados» e por aquilo de que «ven máis catro ollos que dous» contáronlle a retesía en que andabane o apuro en que se atopaban.

Botouse a rir o militar e díxolle que non valía nada a cousa, que el polo menos, si se vira nese caso, estaba seguro de ganar, e «unha cereixa saca a outra» e «tras de unha palabra outra vén», e así foi que tanto falaron e tan ben se entenderon, que decidiuse que o soldado se vestiría de frade e sería o encargado do desafío.

E anque a el non lle faguía moita gracia pór aqueles hábetos, por aquilo de que «crego feito muller é» e «de crego a frade sólo hai votos» aceptou, pois sólo era por tempo pouco e sin compromisos, e ademais que «nunca chove como trona» nin «nunca choveu que non escampase».

### II

Chegou o día da aposta e alá marchou unha comisión do convento, co soldado tan ben vestido que si non fora por aquilo de que «o hábeto non fai ó monxe» díxérase que era un crego de verdá.

Metéronos nunha sala donde había unha chea de ouxetos e posto enfrente do representante da outra banda, comenzou a mímica.

Ensinoulle o frade un dedo.

O soldado ensinoulle dous.

O frade ensinoulle tres.

O soldado púxolle o puño.

Agarrou o frade unha naranxa.

E o soldado ameazouno cun molete.

Co cal os frades déronse por vencidos e entre xúbilo voltaron os outros pró convento escismando de que modo agasallar ó talentoso militar que tan ben contestara e ganara a aposta.



Chegaron ó convento e en tanto o soldado foi á cociña a botar un neto, quedaron contando o caso e tratando de como sería unha ventaxa grande o conseguir que se quedase pra sempre a comunidade un home de tal validencia.

—Pero vamos a ver —preguntou o superior aos que presenciaran a aposta- como foi eso.

—Pois así: o frade, noso contrario, púxolle un dedo dicindo «hai una Dios» e o soldado díxolle:

—Pai e fillo.

—Entonces o frade dixo: -son tres, pai, fillo e espírito santo.

—E entón o soldado mostroulle o puño como quen di: todos tres son un Dios sólo.

—O frade mostroulle unha naranxa como significando Dios ten o mundo na mau.

—E o soldado mostroulle un panecillo significando que nos deu seu corpo.

—Con que xa ve V. si contestou ben e demostrou sabidencia.

Ficou calado o superior, pero pareceulle moi estremo e sobrenatural o que un home rústeco poidese interpretar así aqueles signos, que o mesmo podían significar unha cousa que outra, vendo ó soldado que entraba, díxolle:

—Señor soldado, ¿e como ganou a aposta e cales foron as preguntas e respostas?

—Toma, toma; a cousa está crara: díxome que metese un dedo na... boca e eu contesteille que metese el os dous.

—Volveume a decir que metese os tres e eu díxenlle que metese o puño.

—Ameazoume con tirarme unha naranxa e eu díxenlle que lle batía co molete nos dentes, con que xa V. ve.

Quedouse corrida a comunidade en tanto o soldado salía fachendoso e vendo o superior que quedaran abatidos, murmurou riseiro e bondadoso:

—Non vos colla de novo, así pasa nas cousas de este mundo; a metá dos homes pasan por sabios, sendo unhos ignorantes e a outra metá cala porque aínda son máis, sólo que ás veces, a fruta sona por casualidad...



## Xan Rodríguez Banante

Recollemos deste autor “As sopas en viño”, subtítulo “Recordos da mocedad”, e publicado en dúas entregas en *A Monteira*, nos números 40 e 41 correspondentes ó mes de xullo de 1890.

Trátase dun longo relato de carácter moralizante centrado na influencia das malas compañías na felicidade familiar. Conta cunha localización espacial precisa, en Monforte de Lemos, un bo desenvolvemento narrativo, malia os insólitos nomes dos personaxes, e unha modalización narrativa caracterizada polas continuas intromisións do narrador, implicándose no relato con alusións persoais, entre as que destacan as referidas ó seu pai e á súa propia persoa. As referencias literarias utilizadas no relato fan que semelle un autor culto. Así alude á súa admiración por celebridades galegas como “o noso nunca ben chorado Rodríguez Casares”, Pardo Bazán –á que cualifica de “fecunda” e “laboreosa”–, ó enxeño de Picón, Stendhal ou Teófilo Gautier e cita a Alfred de Musset e unha frase de *Os amantes de Teruel*.

A narración comeza cunha introducción xustificativa, redactada en primeira persoa na que sitúa a historia nos tempos da súa mocidade. A seguir comeza o relato propiamente dito protagonizado por un zarralleiro de orixe italiana chamado Xenaro e alcumado Chifote-Chafote e unha rapaza de nome Faba Gafa. Observando as virtudes da moza casa con ela aceptando a única condición da muller: o abandono das saídas nocturnas cos amigos e do viño. Tras algúns anos de felicidade, o home volve ó costume da troula cos amigos. É así como se fragua o escarmento do protagonista co fin de manter a felicidade familiar.

### As sopas en viño Recordos da mocedad

Tódolos pobos contan coas súas notabridás e cos tan significativos alias; mais tendo en conta o número de viciños, poucos penso que haxa como Monforte de Lemos, antes vila i hoxe cibdá.

Se eu dispuxera en cada vintecatro horas de oito pra traballar, oito para durmir e oito pra recreo ou o estudio, libres os domingos e festas de gardar, como con máis ou menos razón pretenden os xornaleiros de Europa, e tivera tranquilidá cunha miaxiña de inxenio pra manexa-las vintecatro letras do noso abecedario, como teñen Picón, Shendal, o insine estilista Teófilo Gautier ou a nosa tan fecunda como laboreosa Pardo Bazán, “pois salú non me falta e boa voluntá tampouco”, serviríame de gran consolo prá miña azarosa e xa longa vida acuparme na descriución doutra cras de notabridás, algunhas xa ben conecidas, sobre todo noso nunca ben chorado Rodríguez Casares, dándolles así honra á rexión gallega e dándolle tamén o debido renome ó meu quirido pobo, no que dito sea de paso, tanta falla fai un xenio agrícola, pra facer máis produtiva a súa tan fermosa e fértil campiña, cal eu tanto desexo; pro agora soilo me vou a entreter en relatar un suceso acurrido na dita vila ou cibdá, entre xente de pouco pelo, cando eu era máis rapaz, pois penso que ten a súa moralex.

Ben quixera que a *salsa* fose tan boa como o peixe ou millor, conforme o gusto do día, pro velo aí vai sin máis exordio nin disquisicións filosóficas, tal como puíden *guisar*.

*In illo tempore* había na vila ou cibdá de Monforte dous zarralleiros, un dos que se chamaba Sabas Ambrosio e vivía na calle da Falaqueira, vulgo barrio dos xudíos, denominado así porque antano, según tradición, arrincoaron alí ós xudíos i aínda se alcontran restos dunha sinagoga na casa chamada do Costa, que está á entrada de dita calle. O outro zarralleiro era conocido por *Chifote-Chafote*, e de nome, si mal non me acordo, Xenaro, de orixen napolitano: este vivía no barrio de Carude.

En xeneral tiña máis fama o primeiro, pro prifirían ó segundo pra estañar cazos e chicutateiras e co tempo foi adquirindo parroquia. Ademais do que lle producía a súa industria e que lle daba pra vivir, era home de ben e tiñano por de regular conduta, a pesar de que, por non dexenerar da casta, facía as súas visitiñas ó tempo de Baco e como estaba solteiro, supoñían que aínda tería forros algú cartiños. Xunto á súa casa ou na mesma, pois non o recordo ben, vivía unha rapaza chamada *Faba Gafa*: era pequena, trigueña, moi aguda, traballadora e de boa moral e tódalas mañás viña á vila a vender o leite i os ovos que lle sobaban do pequeno gasto da súa casa. Era a tal rapaza moi alabada, non pola súa bunitura, pois nada deso tiña, sinón porque, como levo dito, era moi facendosa i aforradora mais como o apastadeiro non lle chegaba pra mante-la súa familia, aumentada cunha marrá que cos seus aforros mercara na feira de Sober, tiña a probiña que ir a coller ás vilas chicóreas i outras herbas a propóseto.

O *Chifote Chafote* oíu contar que un viciño a pretendía, i anque moitas veces facía chacota da rapaza, alá prós seus adrentos non pensaba así. Naide millor que el sabía a conduta que ela ouservaba. A casaña, o horto, o lameiro, as galiñas, a vaca, que xa tiña unha becerriña i a porca con cinco marraíños, non entraban por pouco nos proieutos; tratou, pois, de facerlle as ñánaras á rapaza; pro ela non lle facía caso porque dicía ela, non quiría casarse, como xa lle respondera a un tío seu cando lle indicara que a pretendía o seu viciño.

Despois de varios incidentes e non poucos mixiricos, a rapaza ditiuse ó *sacrificio*, elexindo ó que tiña máis cerca da casa anque sabía que o novio pasaba as máis das noites dos domingos na compañía do Xan Pequeno, Perna Seca, Vinde nenos, Campa na calle, etc; todos eles ben conocidos polas súas bacanales.

Unha das cráusulas do trato era que non había volver a xuntarse cos referidos *cofrades* ó que acedeu gustoso Xenaro dicindo que despois de casado xa tiña boa compañía con quen botar unha pinga máis os domingos, sin pasar tan malas noites, chegando a casa moitas delas mollado como un pito, do que resulta priguiza pró día seguinte.

Conviñeron en chamar pra padriños ó seu viciño Pepe Gorrón i a unha tía da novia, os que aceturaron, e feitos os acostumbrados preparativos, fíxose o casamento i a festa con pouca pompa pro con moita alegría, regalándose cunha empanada das célebres *papuxas*, algunhos *dulces*, dúas fontes de arroz con azucre, leite e canela, unha torta dos incomparabres bizcoitos do tío Mingos Ledo e viño enxebre de Vilachá, que fixo o efeuto do néctar nas vodas de Cupido e Psiquis.

Despois do ano de mel, que en honor da verdá, así debe con moita razón chamarse, porque entre eles houbo grande armonía, o zarralleiro chegou a conocer con gran satisfacción que logo chegaría a ser pai e todo lle parecía pouco pra contentar a súa muller, levándolle sempre algunha fineza.

Unha das veces, que máis preocupado iba, atopoumo no camiño o seu compadre, e vendo que levaba un pano cheo, díxolle:

—¿Que levas aí, compadre?

—Unhos bizcoitiños —respóndelle o perguntado—, e *un maletíño caliente que se le antoja a la mía Fabela Gafa*, contestaceón que fixo rir pois amostraba o seu antuseasmo.

Chegou o seu tempo e Xenaro alcontrouse cunha filla arrecastada, co que estaba enchochado. Foron padriños os mesmos do casamento. ¡Cantos dos que se chaman ricos quixeran aquela relativa felicidade! Ben sabido é, anque non tan ben apreciado, que as riquezas solas i os títulos nobiliarios non alcanzan a tanto neste *trato social*.

Tan satisfeito estaba o italiano da súa modesta posición, que máis dunha vez parodiaba aló no seu *chapurrado* idioma, unha das célebres frases de Alfredo Mosset “*ser admirado es poca cosa, lo que importa es ser amado*”. Se o noso home houbera vido *Os Amantes de Teruel*, con moita razón tamén podía repetir con eles a tan sinificativa escramación.

Sua vita e mia vita,  
Suo amor il mio amor

Xenaro deixara por bastante tempo de visitar os seus antigos camaradas; fuxía deles como do lume, hastra que un día alcontrou fronte a fronte na calle do Cardenal a Xan Pequeno i o Perna Seca, que lle dixeron:

—Ai, Xenaro, canto tempo hai que non nos vimos, home. ¿E nós que mal che fixemos?

—Mirade —contestoulles Xenaro—, dendes que me casei non vos saio da miña casa sinón pra buscar a vida i estouvos moi ben contento coa compañía da miña muller e da miña filliña, como lle pormetín á pirmeira antes que me dese palabra de casamento.

—Vaia, vaia —dixeron os amigos—, polo visto eres dos que pegan o millo mouro. Este ano poida que te nombremos, cabezoleiro.

—Facede o que queirades —responden Xenaro—, eu alcóntrocheme ben coa miña nova vida, vós siguide coa vosa e deixádeme en paz, e dando unha virivolta siguiu o camiño de Carude.

Cando chegou a casa contoulle á muller a *heirocidá* que fixera i ela, anque con moi satisfeita, mostrándoselle algo conformada, díxolle:

—Todo esto siría certo; mais eu conózoche nos ollos que ti, ó menos, empinache o codo na súa compañía.

—Mira, muller, cando chos alcontrei xa che botara médeo neto na taberna do Cacharelo e chegárame ben.

Esta era a pura verdá e tamén o creu así a *Faba Gafa*, porque sabía por referéncia que, como ó seu home lle gustaba o viño, iba de vez en cando el solo á taberna.

Siguiu máis de dous anos ven avido mostrándose o italiano consecuente no seu propósito, hastra que un día, o quince de agosto, baixando de asistir á funceón relixiosa que tódolos anos se celebra na parróquia de S. Vicente á Nosa Señora de Monserrat, festa que hoxe está en decadéncia<sup>219</sup>, encontrou moi estarriado ó seu compañeiro *Campa na calle*, con quen siguiu en moita parola hastra cerca da casa donde a poucos pasos i á mau esquerda, estaba a taberna do Lousado, na que adoitaba ter bo viño do país e de Amandi, i aporveitando a acasión o dito *Campa na calle*, invitou o compañeiro pra botar un trago. Fixose algo de rogar o Xenaro; pro fose que tivese sede ou que a sedutora labia do amigo o suxestionase, entraron ó fin naquel tempo de Baco,

---

<sup>219</sup> Nota do autor: “Cando vou a Monforte sempre lle fago algunha visita á nosa Patrona e miña especial protetora. Tamén, si non que máis non poida, vou tódolos anos por aquel día a asistir a aquela función, de tan doces y antigos recordos e certo día lamentei naquela vila a indifréncia i hastra punibre desdén de que tanto algús alardean hacia os autos da nosa relixión. “Sonche esas cousas pasadas de moda”, dicíame un amigo, ó que eu, que non me mordo a lingua, contestei: eso dicídelo vós; nosoutros os probes de esprito entendemos doutro xeito as cousas, nada che perdemos”.

compraron dúas empanadiñas das que chaman cartillas, as que teñen máis cebola e pimento que carne de carneiro, e co elas botaron ó cinto dous netos. Iste foi o primeiro paso pra que o *Chifote-Chafote* baixase do ceo ó inferno, porque ademais do tropezo dito, o trapalán *Campa na calle*, despois de pagalo gasto, invitouno pra asistir aquela mesma noite a unha das antigas franquachelas, invitación que Xenaro non quixo aceptar dicindo que aquela noite non podía faltar da casa, o que consentiu *Campa na calle* coa condición de que o día seguinte, que tamén era de festa, pasaría co eles parte da noite.

Todo se cumpriu ó pé da letra; máis nada lle dixo Xenaro á súa muller, coa que foi comer de campo, levando no colo a súa neniña, a xunto a presa de Cobas, que é un dos puntos máis deliciosos que ten Monforte. Alí estiveron hastra desaparece-lo sol, que volveron prá casa.

Ó día seguinte foron á misa da *Compañía*, logo volveron prá casa e moi satisfeitos en amor e compañía estiveron hastra o toque de oración en que Xenaro dixo á súa muller que iba dar unha volta pola vila, non volvendo hastra as dez da noite, co que ela deprocatouse de algo; pro soilo lle dixo:

—¡Ai Xenaro! ¡Éche boa hora, seica volvemos ás malas mañás!

—Mira muller —respondeu el— a verdá, convidóucheme o Antón do Xudas, que anque o teñen por un bo menxengro, xa sabes que non é como os outros; comémosche unhos peixiños e botámosche unha pinga do de Valdeorras, que parecía de *Lacrima Cristi*; pro xa ves que non veño bebido. Despois deste coloquio deitáronse e durmiron en paz.

Pasaron outra temporada na súa vida patriarcal, e cal era de esperar polos xa ditos precedentes, non tardaron moito en volver ás andadas: casi tódalas noites dos domingos viña a casa bastante tarde e moi alegre, pois hai que advertir, que anque era tido por borracho, poucas veces chegaba a ese estado. Si fora rico non o nomearían así, e tan solo dirían que era moi bebedor, e que solo ás veces se poñía alegre, porque según o novo Diucionario:

Cando se emborracha un probe

Todos din: ¡que borrachón!

Cando se emborracha un rico

¡Que gracioso está o señor!

A pesar das consiguientes reiertas, nunca lle puxo as maos á súa muller, como casi sempre sucede en casos tales, tan solo lle daba a mona por cantar e non deixaba dormir a xente. Desconfiaba si un veciño, parente da muller, lle levaba *contos* a casa, porque algún día pareceulle que o vixilaba, e indilgáballe entre as súas canticas o estribillo seguinte:

—Mais quixera ver un toxo

no medio da miña horta,

que ter un malo veciño

alredor da miña porta.

Lamentándose a pobre muller do que lle sucedía, queixóuselle ó seu compadre Gorrión, quen lle prometeu buscar un medio de separalo de tales costumes; pro que sin falta debía avisalo a primeira noite que faltase da casa, e que *cerrase o pico...*

Pouco se fixo esperar tal ocasión, porque o noso protagonista volveo á súa tertulia o domingo seguinte.

Avisaron o Gorrión e resolveo cubrirse con unha sábana de pés a cabeza, e cunha linterna na mao, irse ó cementerio, que está á entrada de Carude e ben cerca da súa casa, por donde precisamente tiña que pasar o compadre. Alí estábao acechando hastra que o viu chegar tamboleándose; montou na tapia, sacou a linterna, que xa tiña alcendida debaixo da sábana, encarouna ó seu suxeto, dándolle algunha virivolta para deslumbralo de vez en cando, e cando o tivo bastante cerca, berroulle:

—¡Xenaro! Véñoche da parte de Dios e de S. Pedro a requirirche que deixes os teos vicios, cos que che dei tan mal exemplo, e por eso che están penando moito no Purgatorio.

—¿E vosté quen é? —preguntou Xenaro.

—Son o teu pai —dixo o pantasma.

—¡Vaiche boa que morreu meu pai! —volveu dicir Xenaro.

—Si, pois desde estonces estou onde che dixen e si te reformas logo salirei deste penar.

—Pois mire, meu pai —falou o borracho— gardara millor a condutiña que eu gardo e non tiría agora eses traballos, o que as fixo que as pague. E botou a andar cara á casa, namentras o pantasma marchaba de alí co rabo entre as pernas.

Chegou Xenaro a casa e nada lle dixo á muller, nin ela se deu por entendida, conforme o que lle adivirtira o compadre. Meteose na cama e púxose a cantar as súas acostumbradas e amenas seguidillas, con este alusivo estrebillo:

Eu ben vin esta-lo moucho  
Dacabalo dun penedo,  
non me sacáche-los ollos  
moucho non che teño medo.

—Cala, home, cala —tan solo lle dixo á muller—, déixame dormir a min i ós veciños. ¡Aínda Dios te ha de castigar!

Ó día seguinte foi a *Faba-Gafa* vender á vila o leiteño, e de volta subiu á casa do Gorrión, referiulle o que lle pasara aquela noite na casa, i o Gorrión tamén lle dixo o chasco que se levara no seu proxecto.

Insistiron en poñerlle medo; e pra conseguilo valéronse do seu veciño Lepín, que era home moi agudo e facía de demo na “Hestórea da Creación do Mundo” que naquel tempo se representaba polas tan celebradas festas do Apóstol. Unha das noites consabidas avisaron a Lepín, puxo o seu correspondente traxe e saíulle ó encontro xunto á casa das escolas. Era unha noite moi escura e facía niebra, foille desde alí facéndolle as súas garatuxas, prás que se pintaba solo, hastra chegar á tapia do cementerio, donde o emborquillou, e montando nel déulle unhas boas sacudidas, despois das que desapareceu como un raio entre a brétema. Esto prodúxelle máis medo que o pantasma; pro así e todo aínda siguiu nas súas bacanales, anque sempre se retiraba máis cedo, e, como era por natureza filarmóneco, “pois os italianos, según din, casi todos



nacen cantando”, nunca deixaba de cantar, si ben o facía por algo máis baixo tono.

Vendo que todo o dito fora de pouco proveito, queixóuselle ó Señor Alcalde, que naquil ano era D. Xusé Baamonde, moi amigo de meo pai, que tamén pertencía ó Auntamento. Chamaron a pobriña da muller e conveniron no plan seguinte.

Cando o creron oportuno, apostaron en Carude, cerca daquela casa a dous ministros, agora alguaciles, e tan pronto como oíron que o Xenaro entonaba a súa múseca, chamaron á porta: ó segundo golpe baixou a muller, abríulles e subiron; fixeron levantar o italiano, que pouco había se metera na cama e dixéronlle que, de orden do Alcalde, tiñan que levalo á carce.

—¡E que delito cometín! —perguntaba el.

—¿Paréceche pouco o escándalo que causas no pobo, ademais de non deixar dormir ós teus veciños?

Tan comovido se viu o home que casi choraba. Niste momento púxose de rodillas a muller, pidíndolles que por Dios non levasen ó seo homiño á carce; e según todo o que estaba convencido, deixárono na casa, coa condición de que despois de encerrado nunha pequena habitación en que metían as patacas i a carne, tiña tan solo que pasar cunha taza de caldo, un pouco de pan e canta auga quixese, e si quería, alí podía traballar. Conformouse o deliciente con esta *sentencia*, i os ministros cerraron aquela porta con chave, pra dar parte á autoridá do obrado.

Pasaron algunhos días co este *método curativo*, despois dos que, pidiulle á muller por Dios e pola Virxen que lle desen unha pinga, anque tivese que quitar unha tabla do faiado, pro ela contestoulle que lle deran orden que de ningún modo fixese eso, porque entón iban os dous a *chirona*.

Cando a *Faba-Gafa* veo á vila, contoulle a meo pai todo o que pasaba, quen lle dixo podía darlle algunha sopa en viño con pan centeo, pro sin que deixase escurrir unha gota, principiando por pouca cantidá os primeiros días, despois que llas podía dar en abundancia. Así o fíxo durante sete días, ó cabo dos que xa lle repunaban ó encarcerado e recramaba o viño enxebre; pro non llo deron, seguindo, pois no mesmo método outros tres días, ó cabo dos que xa non quería comer a sopa nin reclamaba o viño. Sabido esto por meo pai, que non tiña pelo de tonto (perdóneme a modestia), comunicoulle ó seu amigo Baamonde, a quen convenceo de que xa se podía soltar o paxaro. Ó seguinte día deron orde ós ministros de poñelo en libertá, pro advertíndolle que si volvíaa ás andadas non tiñan máis remedeo que poñelo á sombra.

Tan bo efecto surtiu a medicina, que o Xenaro de tal modo aborreco o viño, que nin siquera podía olelo. (Iste remedeo vin que con moito encomeo o publicaba un periódico no ano pasado, e, como eu xa sabía o conto, chocoume a novidade). E o tal xusto consolábase con beber auga da fontíña da Pinguela con algún azucre e unhas gotas de augardente, anque esta non lle gustaba antes.

A pesar de habérselle aumentado a prole, seguía en tal estado vivindo en paz aquela familia cando a morte do boticáreo desta vila invitaron o dito meo pai para trasladarse a ela, o que, despois de varios consellos, acetou con

dolor do seo corazón, por que en Monforte nacera i a pesar de ser pobre que-  
ríano ben. Ós poucos anos de vir pra aquí morreu. Eu xa traía concluída a  
segunda ensinanza e non soupen máis nada da sobredita familia, porque no  
mismo ano que Dios chamou a si ó meu querido pai funme a Madril, adonde  
despois de seis anos, con moi pequenos recursos, largos desvelos e moita sorte,  
alcancei o milagro, gracias a Dios i á Virxen, de ultimar a miña carreira pra  
meterme nesta carce (vulgo botica), achantado e con moitos traballos  
ganando un pedazo de pan pra miña familia, pra min e prós meos probiños.

V. P.

Baixo estas descoñecidas siglas está o autor de “Un conto”, publicado orixinalmente no número 1 da revista *Galicia*<sup>220</sup> de Ferrol en 1885, lugar no que aparece asinado este relato. Tamén coñeceu reproducións nese mesmo ano en *A Gaita Gallega*<sup>221</sup>, en *O Tío Marcos d'a Portela*<sup>222</sup> e en *O Galiciano*<sup>223</sup>. Malia as pescudas realizadas entre os autores coñecidos desta zona de Galicia<sup>224</sup>, nada puidemos saber sobre a verdadeira identidade que se agocha detrás destas siglas. O relato amoroso, carente de moito valor literario, presenta unha forma dialogada, na que dous mozos se fan as beiras e posteriormente deciden casar, coa intercesión, como era costume, dos pais de ámbolos contraentes.

---

<sup>220</sup> 10 maio 1885.

<sup>221</sup> Primeira Tocata, 5 de xullo de 1885, pp. 2-3.

<sup>222</sup> Parrafeo 90, 9 agosto 1885, pp. 4-5.

<sup>223</sup> Parola 60, 1 de novembro de 1885.

<sup>224</sup> Tanto na bibliografía xeral coma noutra máis específica: Guillermo Llorca Freire, *Ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, Biblioteca de Ferrolterra, 1996 ou *Cadernos do Ateneo Ferrolán. Xentes de Ferrolterra*, ano 12, nº 10, 1994, non atopamos quen poidera ser o nome do autor VP.

## Un conto

– Pois, señor, alá vai.

Había aló nun lugar, onde todo era paz e gracia de Dios, un honrado labrador do seu e non do alleo, pai dun rapaz arriscado e valente como<sup>225</sup> poucos, bon mozo, ¡Dios me valla!, bailador como a luz nos ollos do bébedo, ia máis disto<sup>226</sup>, tan namorado, que Cupido está con el que tira pedras.

Socedeu que Culasa<sup>227</sup>, rapariga de dazanove san Xoás, metéuselle no fondiño máis fondo do corazón<sup>228</sup>, ó coitado de Leonardo das Leiras, que así<sup>229</sup> se chama o falcatrúas<sup>230</sup> do rapaz<sup>231</sup> do noso conto. O mesmo foi vela aló un día nunha tasca, e crava-los ollos nela, que pampeou como<sup>232</sup> si vira a pantasma que corre por riba dos eidos e brinca os valados sin pór pé nin siquera<sup>233</sup> nunha herba. ¡Xa se ve! Unha nena bonita como o alabar ó noso Señor<sup>234</sup>, cuns<sup>235</sup> ollíños que cando miran feros consolan, e cando doces, síntese así como<sup>236</sup> algo da groria<sup>237</sup> que nos ten prometido o noso Pai do Ceo.

É o caso que o seguinte domingo atopáronse no adro ó saír da misa... mais ben, fíxose Leonardo o atopado, ientón díxolle el<sup>238</sup>:

– ¡Alabado sia<sup>239</sup> Dios que me dou vista nestes<sup>240</sup> ollos! Bendita a santa Lociá que ten conta deses<sup>241</sup>, gardándoos de corvos e pezoñas; que poi-dera ser moi ben, tan solasmente<sup>242</sup> por cobiza, acabar con eles! Bendita a nai que vida che dou, io pai que pra ti gana pan, prediña<sup>243</sup>!

---

<sup>225</sup> coma, en *O Galiciano*

<sup>226</sup> desto, en *Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>227</sup> que a Culasa, *Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>228</sup> curazón, en *O Galiciano*

<sup>229</sup> que asina, en *O Galiciano*

<sup>230</sup> falcatrúa, en *A Gaita Gallega, O Tío Marcos d'a Portela e O Galiciano*.

<sup>231</sup> rapás, en *O Galiciano*.

<sup>232</sup> coma, en *O Galiciano*.

<sup>233</sup> xiquera, en *O Tío Marcos d'a Portela e O Galiciano*.

<sup>234</sup> como ó alabar a noso Señor, en *O Galiciano*.

<sup>235</sup> cus, en *O Tío Marcos d'a Portela*; unhos, en *O Galiciano*.

<sup>236</sup> síntese asina... coma, en *O Galiciano*.

<sup>237</sup> gloria, en *A Gaita Gallega*

<sup>238</sup> il, en *O Galiciano*.

<sup>239</sup> sea, en *O Tío Marcos d'a Portela*; xea, en *O Galiciano*.

<sup>240</sup> nistes, en *O Galiciano*.

<sup>241</sup> dises, en *O Galiciano*.

<sup>242</sup> solamente, *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>243</sup> prediña, en *A Gaita Gallega, O Tío Marcos d'a Portela e en O Galiciano*.

– Velo, velo, –dixo ela, póndose roiba<sup>244</sup> como as froliñas<sup>245</sup> que medran su da fonte<sup>246</sup> do lugar– ¿E que can che<sup>247</sup> trabou ou que cobra che<sup>248</sup> picou pra que veñas hoxe a dirme<sup>249</sup> tanta cousa bonita?... Anda, landán, anda, que pouco ten que facer<sup>250</sup> a probe que che dá creto.

– Mira, Culasña, –díxolle el<sup>251</sup>–; ti sabes ben, ieu non o nego, que son un pouco apegado ás trouleadas, que me gustan moito as nenas do lugar; pro heiche de contar un conto, ié que se houbera que facer<sup>252</sup> unha reina entre vós todas, ¿vaia que non te decatas a quen eu facería reina, a ver se ela facíame a min rei<sup>253</sup>?

– ¡Home, si ti no diz<sup>254</sup>!...–contestoulle ela, estemorecéndose<sup>255</sup> como a follia no álboro, cando a empuxa o nordés.

– ¿Quen había de ser, pombiña sin fel, quen había de ser, non sendo ti?...

– Vaia, vaia, –díxolle ela, acurtando o andar–; déixame en paz, que levo moita présa.

– Non te hei deixar, non, garridiña, namentras non me digas se das creto a<sup>256</sup> meu conto.

– ¡Velo!... Pro home, xa falaremos diso<sup>257</sup>... Eu non che digo que si... ¡Dios me aparte!... Tampouco che direi... que non... Pro xa ves, o señor<sup>258</sup> pai está diante todo o mundo, de sorte que xa falaremos de todo iste<sup>259</sup> enguedello.

---

<sup>244</sup> roxa, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>245</sup> froliñas en *A Gaita Gallega* e en *O Galiciano*.

<sup>246</sup> veira da fonte, en *O Galiciano*.

<sup>247</sup> te, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>248</sup> te, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>249</sup> decerme, en *O Galiciano*.

<sup>250</sup> faguer, en *O Galiciano*.

<sup>251</sup> il, en *O Galiciano*.

<sup>252</sup> faguer, en *O Galiciano*.

<sup>253</sup> ¿vaia que non te procatas a quen eu faguería reina, a ver si ela me faguía a min rei?, en *O Galiciano*.

<sup>254</sup> se ti non o dis, en *O Tío Marcos d'a Portela*; dis, en *O Galiciano*.

<sup>255</sup> esmorecéndose, en *O Galiciano*.

<sup>256</sup> ó, en *A Gaita Gallega*, *O Tío Marcos d'a Portela* e en *O Galiciano*.

<sup>257</sup> deso, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>258</sup> señor, en *O Galiciano*.

<sup>259</sup> este, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

– ¡Ai miña prendaña!, –díxolle el–; este<sup>260</sup> enguedello hai que desenguedellalo presto<sup>261</sup>, sinón seica morro de malenconía...

\*  
\* \*

Pasou un ano entre<sup>262</sup> arrulos e namoríos, astra que o bon de Leonardo dixo a seu pai nunha ocasión:

– Ñor pai, ñor pai<sup>263</sup>, teño que falar con vostede dun conto que me trai todo escanabeirado fai algún tempo.

– Fala, meu fillo, fala. Xa sabes, –díxolle o pai– que eu pra ti son, máis que pai, un bo amigo, e sempre che hei topar algún consolo.

– Pois, ñor pai<sup>264</sup>, socede que estou namoriscado que dá medo, de Culasa, a filla do tío Sidro da Pedregalla<sup>265</sup>. Xa disto vai<sup>266</sup> un ano, e de entón acó nada temos que botarnos na cara entrambos a dous. De modo e maneira, ñor pai, heille pedir, se estima do seu aprobamento este<sup>267</sup> xuntoiro, vaia cabo do tío Sidro, e lle pida seu consentimento<sup>268</sup>.

– Home, ben... Sidro é moito meu amigo, e fólgame que así<sup>269</sup> vos queirades<sup>270</sup> Culasa e máis ti. Coido que Sidro non atopará falla en ti nin na túa xente, que sempre cumpriu<sup>271</sup> cos seus deberes pra con todo o mundo; pro de calquera<sup>272</sup> maneira é mester veñas comigo, e iremos falar con el<sup>273</sup>.

O seguinte día feirado foron pai e fillo cas<sup>274</sup> do tío Sidro, que (falando aquí<sup>275</sup> pra contra nós) xa sabía algo do conto, por mor de que ela, como boa filla, dixéralle algo; a maneira que cando os veu chegar dixo el contra o seu chaleque<sup>276</sup>:

---

<sup>260</sup> iste, en *O Galiciano*.

<sup>261</sup> pronto, en *O Galiciano*.

<sup>262</sup> antre, en *O Galiciano*.

<sup>263</sup> Señor pai, señor pai, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>264</sup> Pois Señor pai, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>265</sup> Pedragalla, en *A Gaita Gallega* e en *O Galiciano*.

<sup>266</sup> desto vai, en *O Tío Marcos d'a Portela*; disto hai, en *O Galiciano*.

<sup>267</sup> iste, en *O Galiciano*.

<sup>268</sup> consentimento, en *A Gaita Gallega*; consentemento, en *O Galiciano*.

<sup>269</sup> asina, en *O Galiciano*.

<sup>270</sup> queirandes, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>271</sup> compriu, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>272</sup> calqueira, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>273</sup> il, en *O Galiciano*.

<sup>274</sup> casa, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>275</sup> eiquí, en *O Tío Marcos d'a Portela* e *O Galiciano*.

<sup>276</sup> a meneira que cando os viu chegar, dixo escontra o seu chaleque, en *O Galiciano*.

– Véigavos<sup>277</sup> o deño, casi vis pro<sup>278</sup> meu encanto, o meu agari-miño... Probe de min que me vas deixar orfíño dela.

Las bágoas saían, como<sup>279</sup> do cano dunha fonte, dos seus olliños cansos. Por iso<sup>280</sup>, brilaron dempois un pouco co vivo relumear do lóstrego, e falou diste xeito:

– Dios noso Señor sabe o que fai. ¡Que a súa misericordia os faga tan afortunados como o fun eu!...

Nesto chegaban pai e fillo; io primeiro<sup>281</sup>, dirixíndose ó sobrado dixo, berrando un<sup>282</sup> pouco pra ser ouido<sup>283</sup>:

– E logo ¿hai lecenia<sup>284</sup>?

– Adiante a boa xente, respondeu o tío Sidro.

Deixémolos saudarse e falar das súas cousas, e vamos a ver qué era da boa de Culasa namentras.

\*

\* \*

Estaba a probe sentada na pedra do lar ó tempo que fervía nun caldeiro a encaldada pró gado<sup>285</sup>, e fixos os ollos no lume, pensaba dista sorte:

–¡Casarse<sup>286</sup>, meu Dios! ¿E valerei eu pra iste<sup>287</sup> fregado? Miña nai Santisimiña<sup>288</sup> das Neves me axude e me alumee. Que sexa tan boa casadiña como a miña probiña nai, que Dios a teña na gloria. ¡Ai meu curazón<sup>289</sup>, case que me bules<sup>290</sup> drento do peitiño!

Baixou<sup>291</sup> a catar lume pró cigarro o pai de Leonardo, pois esqueceralle o esqueiro<sup>292</sup>, e como vise á rapaza que miraba sempre pra un mesmo

---

<sup>277</sup> Válgavos, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>278</sup> polo, en *O Galiciano*.

<sup>279</sup> coma, en *O Galiciano*.

<sup>280</sup> eso, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>281</sup> primeiro, en *A Gaita Gallega e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>282</sup> non, en *A Gaita Gallega e en O Galiciano*.

<sup>283</sup> ouvido, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>284</sup> licencia, en *O Tío Marcos d'a Portelae O Galiciano*.

<sup>285</sup> gando, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>286</sup> ¡Casarme, en *O Galiciano*.

<sup>287</sup> este, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>288</sup> Santisimiña en *A Gaita Gallega, O Tío Marcos d'a Portelae O Galiciano*.

<sup>289</sup> corazón en *A Gaita Gallega e O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>290</sup> bule, en *A Gaita Gallega, O Tío Marcos d'a Portelae O Galiciano*.

<sup>291</sup> Beixou, en *O Galiciano*.

<sup>292</sup> isqueiro, en *O Galiciano*.

lugar e cos beiciños apertados como<sup>293</sup> quen vai subiar, coidou que afellas asubiaba<sup>294</sup> quedíño a nena. Eisi<sup>295</sup> foi que pondo teimada a monteira e chuscando<sup>296</sup> o ollo esquerdo:

– ¡Ai rapariga, –díxolle–; seica asubías!... Non, pois como sía<sup>297</sup> certo o que dicen aí<sup>298</sup> drento, hache custar caro o asubiamento... Ejem, ejem...

\*

\* \*

Aquí morreu o conto. A nena xa sabe hoxe se o asubiamento costoulle ou non, pois vai pra un ano que isto<sup>299</sup> socedeu<sup>300</sup>... e pode xurar que estaba eu diante min cando o conto contáronme<sup>301</sup>.

No Ferrol, a primeiro de Maio 1885.

---

<sup>293</sup> coma, en *O Galiciano*.

<sup>294</sup> subiaba, en *O Galiciano*.

<sup>295</sup> Ansi, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>296</sup> Asina foi que, pondo teimada a monteira e chuscando, en *O Galiciano*.

<sup>297</sup> sea, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>298</sup> pois como sea certo o que din aí, en *O Galiciano*.

<sup>299</sup> esto, en *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>300</sup> sucedeu en *A Gaita Gallega* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

<sup>301</sup> Eiquéi morreu o conto. A nena xa sabe si o asubiamento costoulle ou non, pois via pra un ano que isto socedeu... e pode xurar que estaba eu diante cando o conto me contaron, en *O Galiciano*.



## Bibliografía



## Bibliografía

**Álvarez García**, Isabel, *O libro galego, onte e hoxe*, Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia, 1994.

**Ansedo Estraviz**, Alberte e Cesáreo **Sánchez Iglesias** (dirs.), *Historia da literatura galega*, vol. 1-5, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996-1997.

**Bouza Brei**, Fermín, “Manuel Barros, escritor emigrado, amigo de Rosalía, y los orígenes del libro *En las orillas del Sar*”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XVI, fasc. 49, Santiago de Compostela: CSIC/Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1961, p. 233.

**Cabaleiro Carro**, Alexandra (ed.), *As noites no fogar e outros textos. Angel Vázquez Taboada*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2001.

**Cabano Vázquez**, José Ignacio (dir. e ed.), *A imprenta en Galicia. Século XIX. Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia, I-II*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Bibliofilia de Galicia, nº 18, 2002.

**Carballo Calero**, Ricardo, *Historia da Literatura Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, 3ª ed.

**Campos Villar**, Xabier (ed.), *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2000.

\_\_\_\_\_, *Estudios e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1989.

**Carré Aldao**, Eugenio, *Catálogo de obras escritas en gallego*, A Coruña, 1898.

\_\_\_\_\_, *Literatura Gallega*, Barcelona: ed. Maucci, 1911.

**Casal Lois**, José, *Colección de Cantares Gallegos*, edición, introducción, notas e glosario por Domingo Blanco, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua/Museo de Pontevedra, 2000.

**Castro López**, M., “Galo Salinas y Rodríguez”, *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, nº 99, 25 xullo 1894. (Reeditada en *La Tierra Gallega*, da Habana, nº 39, 14 outubro 1894).

**Couceiro Freijomil**, Antonio, *El idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*, Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, 1935.

\_\_\_\_\_, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951-54.

**Cuadriello**, Jorge Domingo, *Los españoles en las letras cubanas durante el s. XX*, Sevilla: Editorial Renacimiento, 2002.

**Fernández del Riego**, Francisco, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Editorial Galaxia, 5ª ed., 1951.

\_\_\_\_\_, *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2ª ed., 1992.

**Freixanes**, Víctor, *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia, 1976.

**Fuentes Alende**, José, “Unha figura esquecida dos estudos etnográficos: o médico pontevedrés Casal y Lois”, *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Santiago de Compostela: CSIC/Xunta de Galicia, 1997, p. 38.

**Gómez Sánchez**, Anxo, **M. Lourenzo González**, **Luís Obelleiro** e **Laura Tato Fontaiña** (eds.), *A prosa do primeiro Rexurdimento. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, 1996.

**Gran Enciclopedia Gallega**, Santiago-Xixón: Silverio Cañada Editor, 1974-1987.

**Hermida**, Modesto, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1995.

\_\_\_\_\_, “A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento” de Modesto Hermida en Anxo Tarrío Varela (coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXXI, 2000, pp. 411-463.

**Lanza Álvarez**, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*, Bos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

**Ledo Cabido**, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, Vigo: Ir Indo, 1999.

**López Fernández**, *Poemas á nai*, Santiago de Compostela: autor-editor Xesús López Fernández, 1999.

**Lourenzo**, M. e **F. Pillado**, *O teatro galego*, Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 1979.

**Llorca Freire**, Guillermo, *Ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, Biblioteca de Ferrolterra, 1996.

**Marco**, Aurora, *Teatro ignorado*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1991.

\_\_\_\_\_, “Francisco Romero Blanco”, *Alameda* (Sociedade Liceo de Noia. A Coruña), nº 0, maio 2000, pp. 25-30.

**Molina**, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989.

**Neira Vilas**, Xosé, *Índice da revista “El eco de Galicia”*. (A Habana, 1878-1901), Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1988.

**Peña Saavedra**, Vicente (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.

**Rabunhal**, Henrique, *Textos e contextos do teatro galego 1671-1937*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1994.

**Rielo Carballo**, Nicanor, *El libro lucense (1495-1936)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982.

**Santos Gayoso**, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, tomo I, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1990.

\_\_\_\_\_, *Historia de la prensa gallega (1800-1993)*, tomo II, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1995.

\_\_\_\_\_, *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos*, edición de autor, 2003.

**Tarrío Varela**, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.

\_\_\_\_\_, “A literatura galega na Galicia exterior/La literatura en la Galicia exterior”, en VV. AA., *Galicia terra única. A Galicia exterior*, Vigo: Xunta de Galicia, 1997, pp. 44-65.

\_\_\_\_\_, “A literatura galega hai cen anos”, en VV. AA., *Galicia nos tempos do 98*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 9, 1998, pp. 107-119.

\_\_\_\_\_,(coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXXI, 2000.

**Tato Fontaiña**, Laura, *Teatro e nacionalismo. Ferrol, 1915-1936*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1995.

\_\_\_\_\_, *Teatro galego 1951-1931*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1997.

**Valcárcel**, Marcos, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, 1987.

**Valín Fernández**, Alberto, *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, Sada, A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos, 2ª ed, corr. e aum., 1991.

**Varela Jácome**, Benito, *Historia da literatura galega*, Santiago de Compostela: Porto e Cía, 1951.

**Vázquez**, Armando, “Luis Otero Pimentel, un escritor olvidado de la Tierra de Carbia”, *La Voz de Galicia*, “Deza-Tabeirós”, 23 outubro 1994, p. 41.

**Viana Martínez**, Víctor, *Periódicos y periodistas de Vilagarcía*, [Vilagarcía de Arousa], Asociación de Padres de Familia de la Parroquia de Vilagarcía, 1988.

**Viana Martínez**, Víctor e Xosé Lois **Vila Fariña**, *Diccionario biográfico de la Comarca de O Salnés*, Pontevedra, Deputación Provincial, 2001.

**Vieites**, Manuel F., *Manual e escolma de Literatura dramática galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.

\_\_\_\_\_, “Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega. A brevidade como imposición e como elección”, en *Grial*, 131, 1996, pp. 361-378

**Vilanova Rodríguez**, Alberto, *Los gallegos en la Argentina*, Bos Aires: Ediciones Galicia, 1966.

**Vilavedra**, Dolores (coord.), *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo: Editorial Galaxia, 1995.

\_\_\_\_\_, *Diccionario da Literatura Galega II. Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia, 1997.

\_\_\_\_\_, *Historia da literatura galega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Manuais, 1999.

## Índice de autores coñecidos





	Páx.
Xulio Alonso Sánchez .....	17
Justo Eliseo Areal Barros .....	25
José Barral Campos .....	31
Leopoldo Basa Villadefrancos .....	37
Luis Bouza Trillo .....	41
Emilio Canda .....	49
Manuel Castro López .....	57
Juan Cuveiro Piñol .....	65
Alfredo Fernández .....	75
Benito Fernández Alonso .....	97
Juan Fernández Merino ( <i>Fernán Minero</i> ) .....	111
Remigio Garrido Bouzas .....	115
Fernando García Acuña .....	131
Laureano Guitián Rubinos .....	137
Antonio María de la Iglesia González .....	145
Francisco María de la Iglesia González .....	163
Máximo Leyes Posse .....	171
Baldomero Lois Pérez .....	183
José López Otero .....	189
Ildefonso López Saavedra .....	201
Francisco Lourido Sánchez .....	207
Jenaro Mariñas González .....	217
Hipólita Moíño de Landrove .....	233
Adolfo Mosquera Castro .....	245
Xan Neira González .....	249
Manuel Nóvoa Costoya .....	257
Manuel Núñez González ( <i>Ma-Nu-Gón</i> ) .....	267
Eduardo Núñez Sarmiento .....	273
Luis Otero Pimentel .....	283
Xan Manuel Paz .....	307
Xan Pla e Zubiri (Juan Pla Zubiri) .....	313
Carlos Pol Caamaño .....	317
Francisco Portela Pérez .....	345
Rufino Ribera Losada .....	365
Lisardo Rodríguez Barreiro .....	399
Francisco Romero Blanco .....	417
Galo Salinas Rodríguez .....	437
Francisco Suárez Salgado .....	453
Marcial Valladares .....	457



## Índice de autores desconocidos



	Páx.
A.A. ....	487
Cecilio Navarro .....	493
Domingo Lago .....	507
G. Sus .....	511
Gelabert .....	515
Inocente Filgueira .....	521
J.D.S. ....	527
L. de G. ....	589
Manoel da Cabana .....	593
Manuel López Prado .....	601
Pepe Reimúndez .....	616
R. C. ....	619
S. Cora .....	631
Xan de Bentraces .....	635
Xan de Codesal .....	641
Xan Rodríguez Banante .....	645
V. P. ....	653



## Índice de relatos





	Páx.
A ambición non é boa .....	356
A cama do santo .....	432
A caridade .....	340
A carón da silveira .....	300
A coca .....	254
A cruz do carballo .....	204
A ermida de San Roque .....	337
A festa do San Ramón .....	99
A Lama dos Preitos .....	293
A lenda das Burgas .....	403
A maldición da ovella .....	167
A mellor parexa .....	512
A minsión .....	563
A moda .....	30
A moeda .....	495
A morte de miña nai. ¡Unha bagulla por ela! .....	428
A morte de Xusto .....	391
A noiteboa dos labregos .....	387
A patacada .....	557
A peneda negra .....	84
A quinta .....	531
A Replública .....	540
A rexuba de San Lourenzo .....	150
A ribeirana por Sarasate .....	407
A virxe das ribeiras .....	209
A volta do mariñeiro .....	607
Acarón da silveira .....	300
¡Añoranzas! .....	238
As campás de Duxame .....	302
As cartas .....	329
A cruz do carballo .....	204
As desgracias de Pedriño .....	278
As dúas santiñas .....	616
As eleucióis .....	543
As pláticas do vinculeiro .....	565
As sopas en viño .....	646
A tola das ondas .....	212

	Páx.
As vísporas .....	275
Carta que Alberte Peruleiro de San Manuel da Bacoia .....	548
¡Cereixas, boas cereixas! .....	289
Contiños .....	524
Conto da terra .....	455
Conto que parece hestorea .....	323
Conto sin contar .....	550
Conto vello .....	82
Conto .....	116
Conto .....	470
Contos da miña terra .....	621
Contos da terriña .....	236
Contos de rapaces .....	461
Contos do meu avó .....	165
Cousas do demo .....	228
Cregos, frades, escribanos e gitanos .....	523
Choros dalgunhas mulleres .....	596
De Dios queren vir as cousas .....	155
De volta da feira .....	488
Dendes da terriña .....	240
¡Derrepica! .....	29
Doce contos .....	411
Don pesperellas .....	280
Dous emigrantes .....	609
E siga o conto .....	332
E vaia de conto .....	321
En busca dos cartos .....	230
Entre ratos .....	108
¿Fixo ben? .....	39
Froles e espiñas .....	291
Fungando .....	360
Historia, Conto, Sainete ou como queira chamarse da ama dun señor abade .....	123
José Vázquez (a) O Chiquito .....	132
Máis agudezas dos gallegos .....	71
Mariquiña i eu .....	430
Martes .....	383

	Páx.
Maruxa e Mingos .....	309
Na represa .....	246
Non hai remedio, Pastorela, ¡Adiós....! .....	445
Non hai xusticia na terra .....	535
O amigo de S. Pedro .....	32
O boi de palla .....	533
O cazador e o lagarto .....	471
O conto da lebre .....	376
O convite do raposo .....	147
O chaleque do crego .....	509
O chufón .....	19
O descomougado .....	561
O dito dun parvo .....	27
O encargo do propio .....	524
O fidalguiño da Pinhóa .....	590
O galo i o zorro .....	364
O habanero .....	538
O lobo cacique .....	604
O maio .....	354
O muíño dos tíos mariquiñas .....	269
O novo home das patacas .....	120
O outono .....	421
O pai dun axusticiado .....	92
O pazo da saúde .....	546
O pé da lareira .....	361
O polisón .....	46
O que dura a lúa de mel .....	516
O que garda sempre ten .....	314
O que son os casamentos pola nova .....	373
O ramo .....	395
O régulo do Pico Sagro .....	165
O San Benito .....	104
O señor Pedro .....	53
O sermón .....	553
O vento .....	231
O Zorro e a merla .....	168
Olla .....	51

	Páx.
Os aparecidos .....	157
Os caiceños .....	613
Os homes compangueiros .....	594
Os misterios dunha empanada .....	68
Os tres irmáns .....	477
Parbaxoladas .....	73
Paréntesis literario. ¡Danza Macabra! .....	441
Penlas e burras .....	251
Pobre Xuana .....	187
Polo fogo .....	59
Por casualidá .....	642
Quen mal anda .....	351
¡Quen tal fixo... que tal pague...! .....	636
Recordos da feira de san Martiño .....	261
¡¡¡Reerguervos!!!, Fala un labrego da Cruña! .....	113
Refreusión .....	191
Sabe máis o portugués .....	34
Sacar o ariel .....	173
Sursum Corda .....	358
Truada de rapaces .....	287
Un bautismo na Ponte do Burgo .....	389
Un bico .....	349
Un conto .....	654
Un home san que pide meiciña .....	63
Un lobo obrigado a desempeñar varios oficios .....	466
Un que foi por lan .....	371
Un señor e o seu arrendatario .....	482
Un soldado listo .....	599
Un sono .....	342
Un verdadeiro amor .....	632
Un viaxe .....	193
Unha alborada .....	405
Unha voda .....	22
Unha confesión .....	525
Unha corrida de arroaces .....	69
Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo .....	140
Unha romaxe na miña terra .....	185

	Páx.
Unha visita a Rosalía Castro .....	409
Unhas cirolas de merto .....	379
Vacaciós de sogra .....	242
Vamos seguindo coa múseca .....	335
Veliños .....	474
Vítima do progreso .....	83
Volubilidá da muller .....	61
Xan Canitrote .....	43
Xavier .....	88

